PUBLICACIÓNS DO CENTRO
DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS
RAMÓN PIÑEIRO

Resol

GALICIA (1932-1936)
BOS AIRES (1937-1938)
GALICIA (1990)

EDICIÓN FACSÍMILE

XUNTA DE GALICIA

TÍTULOS PUBLICADOS:

1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: Catro discursos*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica (Edición facsímile, Ferrol 1952-1960)*
3. *A Filosofía Krausista en Galicia*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*
5. *Guía de alimentación*
6. *Refraneiro galego da vaca*
7. *O Padre Feixoo, escolástico*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (Edición facsímile, A Coruña, 1948 - Vigo, 1956)*
9. *Posío, (Edición facsímile, Ourense 1945-1946)*
10. *Hamlet e a realidade cunqueirana*
11. *Repertorio Bibliográfico da Lingüística Galega*
12. *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Edición facsímile, Santiago de Compostela, 1945-1946)*
13. *Plumas e Letras en "La Noche" (1946-1949)*
14. *Informe de Literatura 1995*
15. *Terra, Mar e Lume*
16. *Castelao, humorista*
17. *Posío, Arte y Letras (Edición facsímile, Ourense, 1951-1954)*
18. *Poética da Novela de Autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico*
19. *Lírica profana Galego-Portuguesa*
20. *La Noche "Suplemento del Sábado" (Santiago de Compostela 1949-1950)*
21. *A Cruz do Salgueiro. Narrativa Recuperada*
22. *EUROMOSAIC. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*

RESOL

HOJILLA VOLANDERA DEL PUEBLO

FOLLA VOANDEIRA DO POBO

GALICIA (1932-1936)
BOS AIRES (1937-1938)
GALICIA (1990)

EDICIÓN FACSÍMILE

RESOL

HOJILLA VOLANDERA DEL PUEBLO

FOLLA VOANDEIRA DO POBO

GALICIA (1932-1936)
BOS AIRES (1937-1938)
GALICIA (1990)

EDICIÓN FACSÍMILE

Director do Proxecto
Luís Alonso Girgado

Colaboradores
Xoán Carlos Domínguez Alberte
Begoña Eguizábal Gándara
Amelia Rodrigues Esteves

AGRADECEMENTOS

A presente edición facsímile de Resol *quere ser unha homenaxe a Ánxel Fole no Día das Letras do presente ano 1997, pero tamén a Luís Seoane e Arturo Cuadrado, directores que foron daquela revista. Agradecemos á Fundación Penzol de Vigo, á Bilbioteca da Deputación Provincial de Ourense e tamén a Isaac Díaz Pardo, Xosé Luís Axeitos e Modesto Hermida a súa xenerosa colaboración.*

Edita
Xunta de Galicia
Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro

Coordinador Científico
Constantino García

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Realización
Difux

ISBN 84 - 453 - 1984 - 1

Depósito Legal C - 1099 - 97

ÍNDICE XERAL

I. INTRODUCCIÓN 11

1. *Resol*: características externas. As etapas. 13

2. Primeira etapa: 19
   2.1. Tres directores e un editor: Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole e Ánxel Casal. 19
   2.2. Os números. 26
   2.3. Colaboradores e escritores representados. Ilustradores. 34
   2.4. A lírica galega: fontes textuais. 36
   2.5. Resol, barraca de feira, selo editorial e librería. 44

3. Etapa arxentina (1937-1938). 47
   3.1. A poesía na guerra civil 47
   3.2. República e guerra civil na plástica galega. 49
   3.3. Achegamento a *Resol* (Bos Aires, 1937-1938). 60
      1. Luís Seoane: 1936-1938. 60
      2. As colaboracións literarias. 62
      3. Os ilustradores. 64

4. *Resol*, número de homenaxe (1990) 67

5. Inventario de notas, referencias, artigos e estudios sobre *Resol*. 69

6. Referencias biobibliográficas de colaboradores representados en *Resol*. 81

II. FACSÍMILE 179

III. APÉNDICES 247

1. Presencia de Ánxel Fole en *Resol* e noutras revistas culturais e literarias, por Armando Requeixo. 249

2. Panorámica das revistas literario-culturais coetáneas de *Resol*: galegas, españolas, portuguesas e hispanoamericanas. 263

IV. BIBLIOGRAFÍA 329

V. ÍNDICES 335

"Un faitor de eistraordinaria importanza para o coñecimento da nova poesía galega son as revistas e xornais. En todas as follas de literatura galega dos derradeiros anos estivo presente a xente nova, sendo a súa colaborazón aportazón de primordial interés. Quen queira coñecer a obra dos novos poetas galegos ten que lêr as revistas literarias, en cuyas páxinas gárdanse os seus máis belos froitos: NÓS, «Rexurdimento», «Céltiga», «Galaxia», «A Nosa Terra», «Libredón», «Ronsel», «Yunque», «Terra», «Galiza», «Resol», etc."

Augusto Mª Casas

"No homaxe que se lle rindiu en Lugo, cun banquete no Méndez Núñez, a Alfonso Castelao, os rapaces universitarios de Santiago venderon o número extra de Resol ós concurrentes ó convivio...

Eu pre min penso que se deberan reproducir en facsímil moitas pubricaciós máis ou menos antergas. Moitas diste sigro. Poñamos por caso: algús números de Nós; da revista España, pubricada polo dazaseis e dazaoito, dalgún número do diario El Sol."

Ánxel Fole

INTRODUCCIÓN

1. *Resol*: características externas. As etapas

Na panorámica das revistas literarias galegas dos anos da II República aparece, en 1932, unha nova publicación, *Resol*, que se define sinxelamente como "Hojilla volandera del pueblo". O seu primeiro número está datado no mes de maio de 1932 e non é outra cousa que un prego solto de catro páxinas e dun formato tipo folio de 32x22 cm. O formato mantívose sen variación ó longo dos dez números que constituíron a xeira galega daquela "Folla voandeirado do pobo" (co subtítulo en galego unicamente no seu nº 10, 1936) de vocación sinaladamente popular.

Cada entrega leva data e número. Carece, pola contra, de sumario e non rexistra o nome do director ou responsables da publicación, que xurdiu en Santiago de Compostela, tirada do prelo da Tipografía Paredes, aínda que con posterioridade habería de experimentar neste senso máis dunha modificación. *Resol* non deu entrada á publicidade e os seus pregos eran de diferentes cores. Dos exemplares que puidemos reunir dos seus distintos números dedúcese que a cor dos pregos de cada número non era a mesma: variaba dun número a outro e aínda entre exemplares do mesmo número. Así acontece tamén co número de homenaxe publicado en 1990. As súas habituais catro páxinas víronse incrementadas por follas ou pregos suplementarios nos números 2, 4 e 6, que constan de cinco, oito e seis páxinas respectivamente. Por diferentes fontes textuais e orais sabemos que *Resol* foi iniciativa persoal de Arturo Cuadrado e sabemos tamén, con seguridade, que o seu labor de dirección contou dende primeira hora coa colaboración de Luís Seoane e, posteriormente, de Ánxel Fole. No seguinte cadro pódese visualizar a cronoloxía, números, páxinas e alteracións do prelo e o lugar onde se confeccionou a revista:

Número	Data	Lugar	Prelo	Páxinas
1	Maio de 1932	Santiago de Compostela	Paredes	4
2	Xuño de 1932	Santiago de Compostela	Paredes/ Nós	4+1
3	Xullo de 1932	Santiago de Compostela	Paredes	4
4	Xullo de 1932	Santiago de Compostela	Paredes	8
5	Outubro de 1932	Santiago de Compostela	Paredes	4
6	Decembro de 1932	Santiago de Compostela	Nós	6
7	Abril de 1933	Santiago de Compostela	Nós	4
8	25 de Xullo de 1933	Santiago de Compostela	Nós	8
9	Febreiro de 1935	Santiago de Compostela	Nós	4
10	25 Xullo de 1935	Lugo	Villamarín	4

É doado observar que a periodicidade mensual está xa interrompida dende o nº 4. Máis da metade do total dos dez números aparecen en 1932. Só dous puideron saír en 1933 e ningún en 1934, ano que foi especialmente problemático na vida de Arturo Cuadrado. Por encargo deste, foi o seu amigo e colaborador Ánxel Fole quen asumiu a responsabilidade de sacar o nº 10, derradeiro da etapa galega, cando estoupaba a guerra civil. Este é o único número lugués de *Resol* que, como a súa compañeira *Galiza*, de Mondoñedo, amosou particular atención á histórica data do 25 de xullo.

Estamos, ó cento por cento, diante dunhas follas literarias nas que salientan, con moita diferencia, as colaboracións poéticas. Na lembranza de Arturo Cuadrado[1], "Era

[1] Vx. *Resol* número de homenaxe (25 de xullo de 1990).

la Poesía, corazón y colores, la que anunciaba a Compostela capital de Europa". E aínda que Ánxel Fole[2] fixera referencia a unha "hoja literaria" non deixou de precisar que a intención fundamental da mesma era "regalar versos al pueblo". Na mesma liña, Modesto Hermida[3] anota que "o máis destacable nas súas páxinas, tanto cuantitativa como cualitativamente, é a poesía lírica". En fin, en idéntica liña móvese César A. Molina[4] ó caracterizar *Resol* como "un prego literario de divulgación poética".

De feito, as estatísticas evidencian a primacía da lírica na revista. Se non contamos mal, no conxunto dos dez números temos 135 poemas, dos que 59 están escritos en galego. Son 19 os fragmentos de prosa, nos que predomina a narración sobre o teatro. Dese conxunto hai 11 colaboracións en galego e o escritor máis representado é Castelao. Rafael Dieste e Vicente Risco só están presentes cunha única colaboración.

Aínda que nalgunha ocasión Álvaro Cunqueiro[5] declarase que nas revistas daqueles anos o emprego do galego ou do castelán non estaba calculado, en *Resol* observamos ó respecto un equilibrado bilingüismo. A presencia do galego supera con moito, por exemplo, á que advertimos na veciña pontevedresa *Cristal* (1932-1933), pero está moi por baixo da mindoniense *Galiza* (1930-1932), case integramente na nosa lingua. Fóra dese bilingüismo só podemos ter en conta o nº 7, "adicado a Portugal" e escrito na totalidade na lingua daquel país. As colaboracións doutros escritores estranxeiros están traducidas[6] e só no nº 5 se reproduce un poema en francés, "Condamné", de Philippe Soupault.

As etapas: Santiago de Compostela, Lugo, Bos Aires, Sada-A Coruña

Ata hai relativamente pouco as notas e comentarios sobre *Resol* falaban dunha revista de dez números que, iniciada en 1932 coa II República, remataba en 1936, en Lugo, co comezo da guerra civil. Como escribe Rodríguez Fer,

> Coa guerra desapareceu toda a prensa existente en galego (*A Nosa Terra*, na Coruña; *Guieiro* e *Nós*, en Ourense; *Logos* en Pontevedra), así como moita da que se mostraba aberta a dita lingua (como *Resol*, en Compostela e Lugo, ou o *Boletín de la Real Academia Gallega*, na Coruña, que non reapareceu ata 1942). Así mesmo, deixaron practicamente de dar acollida ao galego os periódicos reconvertidos polo novo réxime (como *El Pueblo Gallego*, de Vigo). Cómpre ter en conta, ademais, que moitos xornalistas en galego foron sacrificados en 1936, á parte de constituír un bo número os que tiveron que exiliarse.
> Dado que a interrupción da prensa periódica en galego foi inmediata, sorprende a existencia dunha publicación —o número 10 da revista

[2] Ánxel Fole, "*Resol*: su alegre verdad", *Yunque*, nº 6, Outono de 1932.

[3] Modesto Hermida García, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1987, p. 79.

[4] César Antonio Molina, *Prensa Literaria en Galicia* (1920-1960), Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1989, p. 439.

[5] Referido por Modesto Hermida op. cit., pp. 13-14.

[6] Estas achegas son: no nº 1, o poema de R. M. Rilke, "Bailarina española", traducido por Abelardo Moralejo; no nº 3 o poema de R. Radiguet, "Elexía", traducido por R. Carballo Calero; e no nº 9, o poema de Ch. Baudelaire, "A Ivonne Pen-Moor", traducido por R. Otero Pedrayo.

Resol, escrito integramente en dita lingua— datado en Lugo o Día da Terra de 1936, ou sexa, sete días despois do 18 de xullo.[7]

Pero xa Modesto Hermida[8] se queixaba da falta de orixinais en bibliotecas, hemerotecas e arquivos de Galicia; da carencia dun material tan feble e fuxidío como foi, o daquelas revistas que en gran medida desapareceron, queimadas ou destruídas, durante a guerra civil, seguramente porque os seus propietarios ou os encargados da súa custodia tiveron medo ás represalias, circunstancia que se deu en non poucas ocasións.

Unha primeira noticia da continuidade da publicación, dunha posible segunda etapa —xa no exilio— da mesma, ofrécea Modesto Hermida no seu libro, cando anota que nunha conversa con Arturo Cuadrado este lle advirte[9] que "*Resol* tivera continuidade no alén mar", para sinalar despois que foi en París, no exilio, onde tivo unha nova etapa. Nunha posterior conversa, Cuadrado afirmou que fora en Bos Aires onde a publicación tivera unha segunda e nova andaina, xuntamente cunha colección de poesía que levaba a mesma cabeceira. A existencia real dunha segunda etapa de *Resol* tivo confirmación —anunciada polo mesmo Modesto Hermida nun posterior artigo[10]— cando na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense ingresaron os fondos da biblioteca particular de Eduardo Blanco Amor. Ánxeles Fernández Pérez, a bibliotecaria da Deputación, e Marcos Valcárcel López, investigador rigoroso da prensa ourensá, contribuíron á descuberta daquela outra *Resol* exiliada, galega na Arxentina, que foi da exclusiva responsabilidade de Luís Seoane.

Velaquí a segunda andaina de *Resol*, tamén "Hojilla volandera del pueblo", agora como publicación "de Galicia en Buenos Aires", pero de idéntica tipografía na cabeceira. Tivo só dous números: o nº 1, de decembro de 1937, de novo un prego de catro páxinas, con enderezo editorial en r/ Moreno, 1442. Bos Aires. O nº 2, datado en xaneiro de 1938, consta tamén de catro páxinas. A fundamental novidade é que ambos números —os únicos dos que temos constancia— levan unha folla complementaria, un "Suplemento popular de *Resol* en dibujos" titulado "El Bululú"[11] e ilustrado por Carybé (nº 1) e Seoane (nº 2).

Pero non conclúe no exilio arxentino, nos anos da guerra civil española, a singular e esforzada ruta de *Resol*. Pois o día 25 de xullo de 1990 aparece un novo número cunha nota de rexistro editorial ó pé: "Ediciós do Castro, do grupo Sargadelos, en homaxe a Luís Seoane e a Arturo Cuadrado, tira hoxe do prelo, no verán de 1990, esta folliña volandeira do povo". Trátase, xa que logo, dun agarimoso epílogo, absolutamente respectuoso co formato, deseño e cores que sempre tivo a publicación. Máis adiante deterémonos polo miúdo neste número de homenaxe.

---

[7] Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais, 1994, p. 19.

[8] Modesto Hermida, op. cit,. p. 10.

[9] Referido en Modesto Hermida, op. cit., p. 35.

[10] Modesto Hermida, "Noticia sobre *Resol*", *Grial*, nº 108, Vigo, outubro-novembro-decembro 1990, pp. 535-539.

[11] Paradoxicamente, "El Bulubú" (nº 2); trátase seguramente dunha gralla. *Bululú* designaba, no século XVI, a un tipo de cómico que ía de lugar en lugar, representando, el só, un entremés, unha loa ou unha comedia. Vx. Demetrio Estébanez Calderón, *Diccionario de términos literarios*, Madrid: Alianza Editorial, col. Alianza Diccionarios, 1996, p. 107.

O seguinte cadro rexistra o periplo delongado daquela "folla voandeira" de poesía:

1ª xeira	Santiago-Lugo	10 números	1932-1936
2ª xeira	Bos Aires	2 números	1937-1938
3ª xeira	Sada-A Coruña	1 número	1990

Non figura en ningunha parte o prezo da publicación pois *Resol* se distribuía gratuitamente á xente polas rúas e prazas de Compostela. Descoñecemos posibles fontes de financiación, que dende logo tivo que saír —como acontecía en tantos outros casos coas publicacións literarias— do peto dos seus directores ou dalgún colaborador. Aínda que carecemos de noticias precisas ó respecto, debeu ser Arturo Cuadrado (e quizais tamén o seu socio Xohán Xesús González), como propietario da Librería Niké, o que tiña algunha disponibilidade económica para custear o prego de *Resol*. Dende logo, con pouco ou nada puideron contribuír Seoane e moito menos Fole ou Cunqueiro, daquela estudiantes na Universidade e faltos de cartos, sobre todo os dous últimos. Lembremos, como curiosidade, que os primeiros números de *Cristal* custaban 15 cts. e os dous números finais chegaron ós 40 cts. No que respecta a *Yunque*, o seu prezo pasou de 10 cts. no seu nº 1 a unha peseta no nº 6. Gratuíta tivo que ser *Galiza*, pois en ningún dos cinco números que coñecemos figura prezo ningún. Como acontece con *Resol* e outras máis, *Galiza* non introducía publicidade, circunstancia que noutros casos (*Cristal* é un deles) podía contribuír á súa financiación. Pero os impulsores de *Galiza* quixeron deixar ben claro de ónde sacaban os cartos que sostiñan a publicación e no número de xullo de 1933 insertan (p. 2) o seguinte solto: "Esta folla a paga o diñeiro limpo e xeneroso dun feixe de mozos galegos que traballan polo ben da sua Patria". E, coa mesma belixerancia crítica e denunciadora que caracteriza moitas das páxinas daquela publicación nacionalista, engaden: "Non sabemos que diñeiro porco e luxado paga as campañas dos que trafican co honor e a libertá de Galiza". A veciña e coetánea *Vallibria* (Mondoñedo, 1930), que dirixía José Trapero, vendíase a 10 cts. o exemplar e a subscrición trimestral ascendía a 1,50 pts. En fin, a prestixiosa *Nós*, mensual, marcaba os 50 cts do exemplar (que nos anos trinta pasou a 70 cts.) e a subscrición anual custaba 6 pts. A procura de subscritores era unha habitual forma de financiación das revistas da época.

No que atinxe á difusión, ademais de Santiago de Compostela debía chegar a outras cidades e vilas galegas. Fole[12] recordaba que no xantar de homenaxe a Castelao no Hotel Méndez Núñez de Lugo "os rapaces universitarios de Santiago venderon o número extra de *Resol* ós concurrentes ó convivio". Pero o de "vender" debeu ser un desliz verbal, pois con posterioridade e nunha referencia ó mesmo acto, di que aquel número "repartiuse en Lugo".

En calquera caso, o prego poético que foi *Resol* supuña un desembolso económico que os seus patrocinadores non asumiron sen problemas. Foron seguramente circunstancias económicas as que impediron que xa a partir do nº 4 deixara paso a saídas totalmente irregulares. Máis grave foi a desaparición ó longo de todo o ano 1934, motivada esta vez polo feito de que Arturo Cuadrado ingresara no cárcere por razóns de tipo político.

[12] Ánxel Fole, "Recanto. Lembranza de *Resol*, revista da mocedade", *El Progreso*, Lugo, 10-V-1970.

Á hora de valorar *Resol* convén non esquecer que non estamos diante dunha revista (aínda que nós mesmos empreguemos abusivamente o termo) literaria, senón diante dun prego de difusión da poesía feito de forma altruísta por mozos universitarios de inequívoca filiación galeguista que entenderon que había que levar a cultura ó pobo, e non á inversa. A atmosfera intelectual era propicia e o desexo de facer patria galega, indubidable e fondo. Pero as circunstancias políticas, económicas e ata persoais de cada quen non deixaron de pasar factura.

2. Primeira etapa

2.1. Tres directores e un impresor: Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole e Ánxel Casal (*)

Arturo Cuadrado

Arturo Cuadrado semella ter sido o principal promotor de *Resol*. Nacido en Denia (Alacante), en 1904, de nai galega, trasladouse ós poucos anos a Carballo. A súa actividade xornalística foi verdadeiramente temperá e desenvolveuse en Galicia (*El Pueblo Gallego, El País Gallego, Guión, Yunque*), Madrid (*El Sol, Política, Nueva Galicia*), Barcelona (*La Vanguardia, Nova Galiza*), Valencia (*El Mercantil*) e tamén no exilio, en Bos Aires (*Correo Literario, Galicia Emigrante*).

Santiago anos 30: Arturo Cuadrado (sexto pola esquerda) con Valle-Inclán e outros amigos

Cuadrado chegou a Santiago de Compostela en 1920, procedente de Carballo. Desenvolveu unha intensa tarefa política como militante de Esquerda Republicana e mais da O.R.G.A. Tomou parte na campaña de propaganda do Estatuto galego (con Xosé P. Romero e Laureano Santiso Girón) en calidade de segundo secretario e viaxou a Madrid coa comisión que presentou ó Goberno da República os resultados do plebiscito. Vencellado a Casares Quiroga, estivo no cárcere durante o chamado "bienio negro" (1933-1934) xunto con Álvaro de las Casas —creador dos grupos Ultreya— e Ramón Suárez Picallo. Durante a guerra civil foi comisario de Corpo do Exército.

En Compostela desenvolveu labores de carácter protocolario no Concello, ó tempo que traballaba para diversas axencias de noticias. Foi tamén un dos principais animadores do Comité de Cooperación Intelectual de Santiago de Compostela, que, ó igual que os de Vigo, Lugo e Pontevedra, promoveu representacións teatrais, ciclos de cine, conferencias, recitais musicais e poéticos, etc. Dirixiu a revista humorística *Don Claro*[13]. Despois promociona *Resol*, a carón de Luís Seoane, aínda que non colabora nas súas páxinas. Sempre en castelán, escribe artigos nas publicacións luguesas *Guión* (1931) e *Yunque* (1932), nas que salienta o papel xogado por Ánxel Fole. Comparece tamén nas páxinas de *El Pueblo Gallego*. Impulsa, de novo xuntamente con Seoane, a Barraca de Feira Resol e asóciase con Xohán Xesús González na Librería Niké, que abría as súas portas ós lectores, desinteresadamente[14], na rúa Calderería 18 de

(*) Segundo recentes afirmacións de Francisco Fernández del Riego, Luís Manteiga sería outro dos colaboradores en labores de dirección de *Resol* pero como non existe constancia documental de tal feito preferimos non facer máis comentarios ó respecto.

[13] *Don Claro* foi un semanario de carácter satírico-humorístico que apareceu en Santiago de Compostela no ano 1898. Imprentado por V. Abad na Coruña, tiraba catro páxinas de gran formato en dobre folio. Xa que logo, Arturo Cuadrado non foi o fundador desta cabeceira que, sen embargo, seguramente el continuou ó chegar a Santiago.

[14] Da peculiar forma de "pago" (segundo a vontade do cliente) dos libros naquela librería temos o testemuño do propio Arturo Cuadrado na entrevista de César Jiménez, "Castelao quería en 1936 que Vigo fuese la capital de Galicia", *Atlántico Diario*, Vigo, 26-VII-1995, p. 6, e xa con anterioridade se reproduce este curioso dato no artigo de Alfonso Magariños "Prensa galega (1931-1936) *Resol e Ser*", *Teima*, Santiago de Compostela, xaneiro de 1977, pp. 30-31.

Santiago de Compostela. Ademais de librería na que se vendía calquera clase de libro, pero que estaba especializada en textos marxistas, Niké era unha especie de axencia literaria na que se distribuían e editaban libros.

Compartiu Arturo Cuadrado cos artistas e escritores mozos as tertulias santiaguesas. No Derby e no Español fai amizade con Luís Manteiga, Ánxel Fole, Colmeiro, Arturo Souto, Carballo Calero, Cunqueiro, García-Sabell, Fernández del Riego ou Ánxel Casal entre outros. Por suposto, por alí anda Luís Seoane. Co selo de *Resol* impulsa a publicación de *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), de Cunqueiro. Co selo de Niké publica obras de Rafael Dieste, Fuentes Jorge e Antonio Ramos.

A etapa compostelá de Arturo Cuadrado desenvólvese nun triple eixe: o seu activo compromiso político na esquerda galeguista; o labor xornalístico que comezara de rapaz e que tivo ós seus mestres en Azorín e Blasco Ibáñez (tiña o carné de xornalista concedido polo Goberno da República) e, finalmente, as iniciativas culturais relacionadas co ámbito do libro, das revistas e da difusión da literatura e da arte entre as clases populares.

Exiliado en Bos Aires despois da guerra civil, Cuadrado contacta co galeguismo trasterrado e colaborará novamente con Luís Seoane en múltiples e diversas empresas editoriais e literarias.

LUÍS SEOANE

Seoane, por Fernández Mazas

Os anos de *Resol* coincidiron, en parte, coa etapa de estudios universitarios —Dereito e Ciencias Sociais— de Seoane en Santiago de Compostela, cidade á que sempre se sentiu fondamente vencellado. De feito, Seoane ingresaba xa en 1920 no Instituto de Segundo Ensino —o Instituto Xelmírez— onde faría o Bacharelato. Despois, entre 1927 e 1932 viviría os seus anos universitarios.

Seoane estivo en primeira liña da loita política galeguista e universitaria. Participou na folga de comezos de 1931 como membro da F.U.E. de Santiago de Compostela e, como resultado, foi un dos enviados a casa, "por revoltoso", de acordo co sistema de deportacións posto en práctica por Felipe Gil Casares —alcalde e catedrático de Dereito Civil— para rematar a folga. Tamén está noutros episodios máis ou menos revolucionarios e cotiás: incidentes coa forza pública, estoupidos de pequenas bombas caseiras, vexacións ó rector, algaradas durante os apagóns, distribución de follas de propaganda política, manifestacións subversivas, etc. Loitou para galeguizar a F.U.E. e sumouse á petición de cátedras referidas a Galicia no ensino público, así como á solicitude da obrigatoriedade do galego e a súa cooficialidade co castelán no ensino universitario. Pertenceu Seoane á Agrupación Nazonalista de Santiago de Compostela que presidía Xohán X. González e, posteriormente, á Unión Socialista Galega. Dentro da F.U.E., para a que fixo carteis propagandísticos, militou na agrupa-

ción Estudiantes Marxistas, a carón de Santiso Girón e Carballo Calero. Xa en 1933 ingresou no Partido Galeguista.

Os seus comezos como artista plástico están vencellados ós anos universitarios, nos que asiste, durante uns meses, ás clases de Tito Vázquez na Sociedade Económica e na Escola de Belas Artes. Os seus debuxos pasaban de man en man entre estudiantes e amigos ata que en 1929 fixo a súa primeira exposición na santiaguesa sala "Amigos del Arte", presentando un feixe de debuxos e caricaturas de amigos e personaxes da vida compostelá. Interesado polo expresionismo alemán, por Picasso e Kandinsky, por Paul Klee, Grosz, Franz Roh, Otto Dix e polo surrealismo e o dadaísmo, Seoane visitaba —acompañado por Maside— a feira dos xoves e a fachada das Praterías da catedral de Santiago, mesturando así tradición e vangarda, vida e arte, o foráneo e o propio. Comprende de seguido que a obra de arte, a tarefa dos artistas, precisa en Galicia dunha ampla e rápida difusión que divulgue as novas ideas, a nova estética. Unha axeitada canle para conseguilo será o gravado en carteis e a ilustración de libros e revistas.

En 1930 realiza a súa segunda exposición, esta vez no local do Café Español, no que se xuntaban artistas, escritores e estudiantes. Por alí pasou Castelao. Tamén Seoane asistía a aquela tertulia, con Cuadrado, Maside, o escultor Eiroa, o arquitecto Gandeira, Ricardo García Suárez e moitos escritores. Decisiva foi para Seoane, en 1931, a chegada a Santiago de Compostela do editor e impresor Ánxel Casal, que non só levou a moitos escritores mozos ás páxinas de *Nós*, a revista que imprimía no seu pequeno obradoiro, senón que soubo espertar a afección de Seoane polo mundo da imprenta e do libro. Mentres frecuentaba as tertulias do Derby e do Español, Seoane iniciábase na ilustración de libros dos seus amigos: *Huellas* (1932), de Feliciano Rolán; *Corazón ao vento* (1933), de Iglesia Alvariño; *Mar ao norde* (1932), *Poemas do sí e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), de Álvaro Cunqueiro.

Pero, ademais dos libros, Seoane ilustrou numerosas revistas e aínda dirixiu algunhas delas. Tal é o caso de *Resol*, onde axudou na dirección a Arturo Cuadrado. Pobre en ilustracións, *Resol* contou unicamente cun debuxo de Seoane, no nº 6 (1932), que ilustra a páxina na que aparece o poema "Illa", de Álvaro Cunqueiro. A preocupación política e o compromiso galeguista levaron a Seoane a colaborar en publicacións nas que política e literatura ían xuntas. Así, a carón de Fole, témolo no "Almanaque Compostelano" que o escritor lugués dirixía en *¡Ahora!* (1930) e logo en *Guión* (1930). Tampouco faltan as súas ilustracións en *Yunque* (1932). Ilustra ademais as páxinas de *El Pueblo Gallego*, onde escribían tamén Fole e Arturo Cuadrado. No ano 1933 colabora con artigos no xornal santiagués *Claridad*, "Semanario de izquierdas", (do que foi cofundador e codirector) contra a inxustiza social e os abusos da política. E non faltou nas páxinas de *Universitarios* (1932), órgano de expresión da F.U.E. Estivo tamén presente en *Alento* (1934), un boletín de estudios políticos de inspiración nacionalista dirixido por Álvaro de las Casas, e así mesmo en *Ser* (1934), que dende A Coruña dirixía Ramón Suárez Picallo. En *Nós* colaborou co debuxo "A síntese do crime" (nº 121, 1934) e cun retrato de Eduardo Pondal (nº 129-134, 1935). En fin, participou tamén Seoane nas actividades do Comité de Cooperación Intelectual, que trouxo a Santiago de Compostela a intelectuais, escritores e artistas como Gerardo Diego, Federico García Lorca, Ramón Gómez de la Serna, Regino Sáinz de la Maza e aínda ó capitan ferrolán Francisco Iglesias Brage, entre outros, para pronunciar conferencias.

Seoane licenciouse na Facultade de Dereito en 1932 e dous anos despois instalábase na Coruña, onde exerceu a avogacía. Da curta etapa coruñesa, rematada para Seoane co comezo da guerra civil e a marcha ó exilio no mesmo ano 1936, temos as tertulias no Café Galicia con Antón Vilar Ponte, Plácido R. Castro, Caridad Mateos, Luis Vidal e Rey Pedreira. E tamén a xa referida colaboración en *Ser.*

Andando o tempo, Seoane ía lembrar a significación dos anos da década de 1930, os tempos da República e a súa fonda dimensión renovadora para a vida intelectual, artística e política de Galicia. Sempre estivo orgulloso da súa participación naqueles tempos de loitas, inquietudes e entusiasmo:

> Coa xeneración de Castelao, Asorey e Risco a partir de 1920, a situación pareceu cambiar en Galicia, aínda que artistas i escritores viviron non do seu arte, senón dos empregos púbricos ou cátedras ganadas en oposicións, ou de facer imáxenes industriáis. O verdadeiro renacimento pode sinalárese en 1930, cando unha xuventude vigorosa irrumpíu na vida intelectual con auténtico afán renovador, e a clase media galega comenzóu a dar mostras de verdadeira conciencia da súa responsabilidade. Maside, Souto, Colmeiro, Fernández Maza, entre outros en pintura; Eiroa, en escultura, e un fato moi numeroso de escritores fixeron posible este afán renacentista e non foron alleos ao movimento renovador os estudantes universitarios desa data, que serviron de motor i eixo. O "Art Nouveau" en Galicia tiña estado representado máis ou menos tímidamente por Castelao, Corredoira, Bello Piñeiro, Camilo Díaz, un gran escultor malogrado, Bonome, e algúns dibuxantes como o mesmo Castelao, Cebreiro, Bujados, Ribas e Máximo Ramos.[15]

Ánxel Fole

Serodiamente, Ánxel Fole chega a *Resol* en xullo de 1936. E chega para sacar á luz o décimo e derradeiro número da súa primeira etapa, dedicado ós escritores da terra luguesa, e autoseleccionarse para aquela pequena escolma de autores en boa parte lugueses que é o número. De feito nel tivo Fole, por encargo de Arturo Cuadrado, a responsabilidade da dirección, selección de textos e publicación.

Ata 1936 non tivo Fole relación directa con *Resol*, pero si cos seus directores e impulsores —Seoane e Cuadrado—, con moitos dos seus colaboradores, con publicacións coetáneas como *Yunque* (1932), "Períodico de vangarda política" que el dirixiu, e máis co ambiente político-cultural de Santiago de Compostela e Lugo, coas súas numerosas tertulias e asistentes ás mesmas.

Fole chega a Santiago de Compostela en 1929, procedente das universidades de Valladolid e Madrid nas que non rematara os estudios de Dereito e Filosofía e Letras. Tampouco o fixo en Santiago de Compostela entre os anos 1929-1933 da súa terceira e derradeira etapa de estudiante, de mal estudiante, desinteresado e pouco traballador, afeccionado ás tertulias, paseos cos amigos e lecturas. En Santiago coincide con Cunqueiro na pensión da rúa da Enseñanza, 11, á que tamén acudía en conversas noc-

[15] Luís Seoane, *Comunicacións mesturadas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1973, p. 109.

turnas Arturo Cuadrado. A Cunqueiro coñecérao Fole de rapaz nas aulas do Instituto de Lugo. Ademais de Cunqueiro, os mellores amigos de Fole en Santiago de Compostela foron Seoane, Luís Manteiga e Arturo Cuadrado. Con Luís Seoane coincidiu nas ringleiras da F.U.E. (Federación Universitaria Escolar), na que estaban tamén García-Sabell e Carballo Calero.

Fole, por Seoane

No mesmo Santiago de Compostela, en 1933, Fole asistía á tertulia do Café Suízo, á que eran asiduos Seoane e Cuadrado, pero tamén Luís Manteiga e García-Sabell. Por ela pasou Ramón Gómez de la Serna. Tamén ía polas tertulias do Español (de ambiente predominantemente artístico-literario; concurrían a ela artesáns, empregados, estudiantes, etc.) e do Derby (ás que acudían sobre todo galeguistas universitarios), das que eran máis ou menos habituais Carlos Maside, Francisco Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Xesús Bal y Gay, Xosé Eiroa, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo García Suárez, Rafael Dieste, Luís Manteiga, Ánxel Fole, Ricardo Carballo Calero, Carlos Martínez Barbeito, Fuentes Jorge, Emilio Mosteiro, Casal Aboy, Ramos Varela, o Doutor Devesa, Santiso Girón, Ramón Martínez López, Sánchez Harguindey, Domingo García-Sabell, Felipe Fernández Armesto, Cándido Fernández Mazas, Colmeiro, Xohán Xesús González (socio de Arturo Cuadrado na librería editorial Niké), etc. Por aquelas tertulias pasaran tamén Manuel Antonio e Amado Carballo e, ás veces, ía por alí Valle-Inclán.

Fole compartiu as páxinas da revista *Nós* con Cunqueiro, Iglesia Alvariño, Luís Seoane, Euxenio Montes ou Luís Pimentel, entre outros. Tamén colaboraba —entre 1935 e 1936— en *El Pueblo Gallego*, no que escribían Cunqueiro, Euxenio Montes, Evaristo Correa Calderón, Felipe Fernández Armesto, Arturo Cuadrado, etc.

Pero Fole vivía un pouco entre Santiago de Compostela e Lugo e á súa cidade natal retornará en 1933 sen rematar os estudios universitarios. En Lugo tivo unha tertulia, en 1930, na súa casa do Carril dos Loureiros, que era a sede do chamado "Clan dos lunáticos". Na sección "Almanaque Compostelano" que levaba Fole no semanario *¡Ahora!* (despois *Guión*) atopamos, entre 1930-1931, colaboracións de Arturo Cuadrado e debuxos de Luís Seoane. Tamén en *Yunque* (1932) andan xuntos Fole, Seoane e Cuadrado a carón de compañeiros de tertulias compostelás como Cunqueiro, Arturo Souto, Luís Manteiga, Aquilino Iglesia Alvariño, Laureano Santiso Girón e outros.

E en Lugo, despois da tentativa fundadora do Instituto da Cultura Galega (1931), Fole asiste á homenaxe a Castelao (1932) e á conferencia de Federico García Lorca sobre María Blanchard. A raíz desta conferencia terá oportunidade de falar co poeta granadino na reunión que tivo lugar na casa de Ramón Martínez López e, nas páxinas de *Yunque,* publicará por vez primeira un dos *Seis poemas galegos*, o "Madrigal a la ciudad de Santiago" (sic.). Episodios da súa participación na vida política luguesa son a súa entrada en 1932 no Partido Republicano Radical Socialista, do que chegou a ser vicepresidente local, e representante do comité de propaganda do Estatuto galego formado na Deputación luguesa en 1933. Afastado daquel partido, entrou no Partido Galeguista en 1935, levado por Ramón Piñeiro, e foi nomeado secretario provincial en Lugo.

Xa ó comezo da guerra civil, Fole non conseguiu ver impreso o que ía ser o seu primeiro libro de relatos en galego, *Auga lizgaira* que, ademais de se interromper en plena impresión, desapareceu definitivamente pola perda do orixinal. Pola contra, como xa anotamos, Fole foi quen de levar adiante o derradeiro número de *Resol.*

En síntese, o quinquenio 1931-1936 significou a revelación de Fole en diferentes xornais galegos e a súa importante intervención (dende posicionamentos da esquerda revolucionaria vencellados ó marxismo e dende o nacionalismo) en diferentes revistas que el promoveu ou nas que colaborou. Pero destas iniciativas déixase constancia no estudio de Armando Requeixo incluído nesta edición facsímile de *Resol.*

Ánxel Casal

Poucas iniciativas relacionadas co libro galego e os ámbitos da súa edición, publicación e ilustración durante a segunda e terceira décadas do século XX poden prescindir da fundamental referencia a un home que marcou un fito —polo seu traballo, entusiasmo e galeguismo afervoado— neses eidos: Ánxel Casal. Xa en 1924, e a carón de Leandro Carré Alvarellos, Casal fundaba na Coruña a Editorial Lar, que en 1925 se facía cargo da edición da revista *Nós.* En 1927 certas diverxencias entre os dous socios provocan a separación e Casal crea as Edicións Nós, en tanto que Carré prosegue o seu labor en Lar. Nesa situación chega Casal en 1931 a Santiago de Compostela. Establece a súa pequena empresa editorial primeiro no nº 20 da rúa Hortas e máis tarde no 15 da rúa do Vilar. Alí continúa a editar a revista *Nós* dende o seu nº 84 ata o derradeiro, 139-144 (xullo-nadal de 1935). Nesta etapa figuraba Casal como administrador.

Ánxel Casal, por Maside

Do prelo de Nós, "Pubricacións galegas e imprenta" saíron[16], ademais da revista homónima, publicacións como *Ser, Máis!, Universitarios, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* e ata *A Nosa Terra* por un tempo. *Resol* foi impresa por Nós dende o seu nº 6 ata o 9, aínda que xa tirara o suplemento do nº 2. Arredor de 150 libros levan o seu selo editorial, entre eles *O galo* (1928), de Amado Carballo; *Cousas* (segundo libro) (1928), *Os dous de sempre* (1934) e *Retrincos* (1934), de Castelao; *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio; *Os camiños da vida* (1928), *A lagarada* (1928), *Arredor de si* (1930), *Contos do camiño e da rúa* (1932) e *Devalar* (1935), de Otero Pedrayo; *O porco de pé* (1928), de Vicente Risco; *O Mariscal* (1929), de Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte; *Vieiros* (1931) e *O silenzo axionllado* (1934), de Carballo Calero; *O vento segrel* (1932), de Augusto María Casas; *Mar ao norde* (1932) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), de Álvaro Cunqueiro; *Fírgoas* (1933), de Manuel Luis Acuña; *Nao senlleira* (1933), de Fermín Bouza Brey; *Bebedeira* (1934), de Florencio Delgado Gurriarán; *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca (cun prólogo de Eduardo Blanco Amor), e un longo etcétera.

[16] O catálogo completo das publicacións de Nós figura reproducido en Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego,* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983, pp. 211-226.

Dos artistas e escritores mozos que protagonizaron a etapa de plenitude galeguista dos anos 1931-1936 en Santiago de Compostela, poucos son os que non deben moito a Ánxel Casal. Álvaro Cunqueiro coñéceo na tertulia do Café Español e de seguido frecuenta o seu modesto obradoiro. Casal fixo a xestión oportuna para que Cunqueiro tivese abertas as páxinas da revista *Nós*, a máis importante publicación cultural galega daquela. Este feito foi emocionante e significativo para Cunqueiro, que viu cómo o editor e impresor traballaba na composición do seu primeiro poemario galego, *Mar ao norde* (1932), libro para o que Luís Seoane facía a portada e catro ilustracións no interior. Pouco despois, *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) sairá da mesma Imprenta Nós, pero agora co selo de Ediciones Resol que dirixía Arturo Cuadrado. Armesto Faginas, ó dar noticia dos anos mozos de Cunqueiro en Santiago de Compostela, salienta a presencia e traballo de Ánxel Casal:

> Casal dedicáballe á imprensa horas e máis horas. E malia ó esforzo, os ingresos eran moi cativos. Unicamente a vocación facía que el non afrouxase na teima de sacar adiante aquel taller, contando coa axuda da súa dona que traballaba de modista e que aportaba o diñeiro suficiente —ás veces nin unha peseta máis— para levar adiante a casa e mais salda-los compromisos da imprensa. Sinala Fernández del Riego, que entre os amigos de Casal era comentado que o déficit ocasionado polos traballos de Nós resultaba compensado coa agulla da muller do impresor, María Miramontes.[17]

Luís Seoane, como Cunqueiro, Pimentel, Manuel Antonio ou Euxenio Montes, colaborou no comezo da década dos anos trinta nas páxinas de *Nós*. Pero, ademais, no obradoiro de Ánxel Casal espertou a súa forte afección á ilustración e impresión de libros. Subliña Andrés Trapiello que

> Seoane empezou na impreta de Ánxel Casal, primeiro na rúa das Hortas e logo na rúa do Vilar, de Compostela. Ilustrou os libros de Cunqueiro, como se dixo, e algún de Feliciano Rolán e Aquilino Iglesia Alvariño, nos talleres da editorial Nós. Segundo confesión propia, Seoane coñecía xa daquela as ilustracións de Picasso, Paul Klee, Grosz e Otto Dix.[18]

Nese papel fundamental da imprenta de Ánxel Casal nos comezos do Seoane ilustrador, nos contactos con escritores e artistas do galeguismo da época da República repara así mesmo Mª Luisa Sobrino

> Seoane preséntasenos coma ponte xeneracional entre os principais representantes da Xeración Nós, os compoñentes da dos Novos, como Rafael Dieste —con quen consolidará unha amizade no exilio—, Carlos Maside e Eiroa, e a dos novos camaradas de estudios ou tertulias, como Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero, Fernández del Riego ou Arturo Cuadrado.

---

[17] Xosé F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: unha biografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1987, p. 75.

[18] Andrés Trapiello, "Os prelos de Alén Mar", en *Luís Seoane. Mostra Antolóxica*, A Coruña: Consellería de Cultura e Deportes/Concello da Coruña, 1989, p. 64.

> A súa relación cos primeiros prodúcese sobre todo a través daqueles colaboradores da Revista *Nós* que frecuentaban a imprenta de Ánxel Casal, na cal realizou os seus primeiros traballos como artista gráfico. Alí coincide con Castelao e Camilo Díaz Baliño, cos que, aída en distinto plano ideolóxico e plástico —o seu máis radical e preocupado pola estética de vangarda—, Seoane coincide na mesma idea de necesidade dunha arte que intervira na vida social e tivera como obxectivo principal a comunicación e o compromiso.[19]

Concepción Otero, no seu percorrido polos anos composteláns dun Seoane "estudiante, tuno e revoltoso político", lembra como este foi configurando o seu pensamento político e a súa formación artística en contacto cos seus compañeiros colaboradores da revista *Nós*.

> En aquella oficina que precedía a la imprenta de Ánxel Casal (...) donde se reunían por las tardes para hablar de política, de arte, de libros y de hacer proyectos de revistas (...) El contacto de Seoane con la imprenta compostelana editora de la revista *Nós*, despierta su afición por la artesanía gráfica y el editorialismo. Desde estas iniciales experiencias en Santiago, hasta sus brillantes actuaciones en las editoriales argentinas, el mundo de la tipografía y de la ilustración le seducirán siempre".[20]

Había naqueles anos unha vontade firme de espallar a cultura galega, vontade que levou a algúns artistas —Seoane en particular— a superar a precariedade de medios e perfeccionar e fermosear o traballo de edición coidando a calidade do papel, a diagramación, a ilustración e a tipografía. Nese labor —engade Concepción Otero— "cooperarán activamente Castelao y el editor Ángel Casal"[21].

Foi Ánxel Casal —como Víctor Casas, Luis Huici, Xaime Quintanilla, Xohán Xesús González[22] ou Roberto Blanco Torres— víctima da irracional violencia da guerra civil. O seu labor, sen embargo, foi recoñecido en todo o ámbito do galeguismo e o propio Castelao exaltou o seu extraordinario traballo a prol da cultura galega e de Galicia.

2.2. Os números

Nº 1: Baixo o signo da diversidade. De Amado Carballo a García Lorca

O nº 1 de *Resol* sorprende pola diversidade de textos, autores e estilos. É notable a ausencia de autores galegos (Amado Carballo é a excepción) e, pola contra, a forte presencia de estranxeiros (sete en total). A nota "arqueolóxica" vén dada pola inusitada aparición dunha *serranilla* do Marqués de Santillana, sen dúbida a máis popular e antolo-

[19] Mª Luisa Sobrino, "Na mocidade, Compostela", en *Luís Seoane. Mostra Antolóxica*, op. cit., p. 76.

[20] Concepción Otero Vázquez, *Luís Seoane*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1991, pp. 7-11.

[21] Op. cit., p. 11.

[22] Borobó, "O proteico Xoán Xesús González, facedor de partidos", en *Os mártires do 36*, Vigo: A Nosa Terra, col. A Nosa História, nº 7, 1996, pp. 10-11.

gada das súas. Coñecido tamén é o poema[23] de Paul Verlaine, unha das grandes figuras do simbolismo francés. Dunha aceda ironía, dun raro humor, entre a frialdade estatística, resulta o interesante poema de Erich Kästner, unha das máis gratas sorpresas deste número da revista. En fin, o xogo vangardista e visionario do inicio do poema de Ivan Goll alcanza un remate expresivo da dor existencial do home. De fasquía vangardista son tamén o romance lírico de Mauricio Bacarisse e o soneto de António Nobre en castelán.

O poema "Noivos", de Amado Carballo, pertence ó seu poemario *O galo* (1928). Amado Carballo adiantou moitos dos seus poemas[24] en *La Concordia* e *A Nosa Terra*. Outros da súa autoría apareceron (case sempre postumamente) en revistas e xornais como *Galicia, El Pueblo Gallego, Progreso, Diario de Pontevedra, Cristal, Galiza, Nós, Vida Céltiga*, etc. Cómpre lembrar que en 1932 están vixentes tanto o neotrobadorismo (Cunqueiro, Bouza Brey) como o imaxinismo amadocarballista, este último a través dos moitos seguidores do autor de *Proel*.

En primeira páxina temos, xunto ó poema de Bacarisse, "La monja gitana" de Federico García Lorca, romance incluído no *Romancero Gitano* (1928) do poeta granadino que, segundo testemuño de Carlos Martínez Barbeito, tivo nas súas mans este primeiro número de *Resol* na súa visita a Compostela o día 5 de maio de 1932[25]. Na década de 1930, froito das estancias de Lorca en Vigo[26], A Coruña, Lugo[27], Santiago de Compostela[28], Pontevedra[29] e Vilagarcía[30], varias revistas galegas (*Resol, Cristal* e *Yunque)* publicaron poemas seus. Nestas visitas a Galicia Lorca coñeceu e tratou a Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Ánxel Fole, Carlos Martínez Barbeito, Luís Manteiga, Ramón Martínez López, Álvaro Ruibal, Carlos Maside, Domingo García-Sabell, Álvaro Cunqueiro, Antonio Díaz Herrera, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Laureano Santiso Girón, Feliciano Rolán e moitos outros profesores, escritores e artistas daqueles anos. Mención especial merecen as numerosas actuacións de La Barraca, agrupación artística de estudiantes de diversas facultades da Universidad Central, que, con Lorca á cabeza, actuou entre 1932 e 1934 na Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Ribadeo. Representaban entremeses de Cervantes e comedias de Lope de Vega.

A presencia de Juan Ramón Jiménez non deixa de ser practicamente unha obriga nunha revista poética. O seu romance lírico —"Rosas de septiembre"— debe moito á sensorialidade modernista. "Bailarina española" de Rainer Mª Rilke, en traducción directa do alemán de Abelardo Moralejo, circulou por varias revistas aínda na posguerra. Por fin, o fragmento de *El estupendo cornudo*, de Fernand Crommelynck, léva-

---

[23] "Il pleure dans mon coeur" é un dos poemas iniciais de *Romances sans paroles* (1874) e está precedido dun verso de A. Rimbaud.

[24] Para as referencias ós poemas de Amado Carballo en revistas e xornais, vx. Luís Amado Carballo, *Poesía galega completa*, edición de Luís Alonso Girgado, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1994.

[25] Carlos Martínez-Barbeito, "García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía", *Grial*, nº 43, Vigo, 1974, p. 91. Segundo estiman Landeira Yrago e Franco Grande a citada visita produciuse o día 10 de maio, e foi precedida dunha anterior o día 7 do mesmo mes. Lorca, que viña da Coruña, marchou para Madrid o día 12. As viaxes de Lorca a Galicia, con moitos e moi puntuais datos das mesmas, están rexistradas por Landeira Yrago e Franco Grande en "Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos", *Grial*, nº 45 , Vigo, 1974, pp. 280-307. E sobre todo, no libro de Landeira Yrago, *Federico García Lorca y Galicia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1986.

[26] Vx. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 8-V-1932.

[27] Juan Soto, "Lorca en Lugo", *El Progreso*, Lugo, novembro de 1970.

[28] Vx. *El Eco de Santiago*, 7, 10 e 12 de maio de 1932.

[29] Luciano del Río, "García Lorca en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, 12-VIII-1973. Vx. tamén as notas do *Faro de Vigo* de 13 e 22 de novembro de 1932.

[30] Vx. *Faro de Vigo*, Vigo, 31-VIII-1932.

nos a unha obra representada en España con éxito xa nos anos vinte. Dela fixo unha moi positiva crítica Enrique Díez-Canedo nas páxinas de *Índice*[31].

Nº 2: Nunha liña de continuidade. Castelao

Temos de novo neste número algo moi semellante ó que comentabamos anteriormente: diversidade, mestura de tradición e vangarda, de poesía rimada e versolibrismo, de converxencia de poetas galegos, españois e estranxeiros. O lugar de Amado Carballo está agora ocupado polo seu estricto coetáneo —tamén prematuramente morto— Manuel Antonio, máis audazmente vangardista. O teatro expresionista alemán, representado no nº 1 por Ivan Goll, posúe agora un expoñente de máis relevancia aínda: Georg Kaiser.

A publicación en *Resol* de poemas ou fragmentos teatrais dos expresionistas alemáns débese, sen dúbida, a Luís Seoane que tanto nos seus escritos como na súa obra (dende as caricaturas dos seus santiagueses) estivo interesado no expresionismo, polo que tiña de burla antimilitarista, achegamento á existencia do pobo e linguaxe primaria e distorsionadora. Seoane coñecía de primeira man a obra de Otto Dix e Georg Grosz, así como as caricaturas da revista crítico-humorística alemá *Simplicissimus*.

E a "arqueoloxía" medieval xorde de novo, aumentada, nos poemas de Manrique e Juan de Mena; presencia, a deste último, non pouco insólita. A vangarda ten os seus nomes propios en Manuel Antonio, Rafael Alberti, Jorge Guillén e Walter Schirmeier. Ildefonso Pereda —primeira presencia hispanoamericana en *Resol*— contribúe cun poema no que recrea a mitoloxía relixiosa do mundo negro americano. María Scgiahghinian[32] discorre polo vieiro dun sensual erotismo.

Este nº 2 de *Resol* presenta un "Suplemento popular"que non é senón unha homenaxe a Castelao[33], escritor e artista xa daquela ben coñecido e figura do galeguismo, que algunha vez frecuentara as tertulias compostelás dos directores e colaboradores da publicación. Como xa anotamos nesta introducción, este Suplemento foi repartido en Lugo co gallo da homenaxe ofrecida ó ilustre rianxeiro no Hotel Méndez Núñez, acontecemento evocado por Ánxel Fole.

Doutra banda, por vez primeira unha folla de *Resol* leva o pé de imprenta de Nós, que xa dirixía Ánxel Casal na rúa Hortas (logo íase instalar na do Vilar) de Santiago de Compostela: Castelao é un dos autores galegos máis representados nas páxinas da revista.

Nº 3: As letras galegas na conmemoración dunha data histórica

Pouco ten que ver, no que se refire á lingua, autores e configuración xeral das páxinas, este nº 3 (xullo de 1932) cos dous anteriores. Agora estamos diante dunha breve

---

[31] Enrique Díez-Canedo, "Teatro nuevo", *Índice*, nº 1, Madrid, 1921, p. 12.

[32] Carecemos de calquera referencia ó seu labor literario, así como ó de José González Ubieta, Sonnia Dubnova e Walter Schirmeier.

[33] Tanto o texto como a ilustración están tomados do segundo libro de *Cousas* (1929).

escolma de literatura galega na que só botamos en falla algún fragmento de teatro (xénero que, sen embargo, non está ausente nos dous números anteriores). Como escolma que é, este número ofrece un pouco de case todo: trobadores medievais (Airas Nunes, Pero Meogo) que nos levan ó pasado remoto das cantigas; figuras senlleiras do Rexurdimento (Rosalía, Pondal, Curros) dabondo coñecidas; vangardistas representantes de diferentes tendencias (Amado Carballo, Manuel Antonio, Xulio Sigüenza, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Euxenio Montes, Emilio Mosteiro) entre as que son evidentes o imaxinismo amadocarballista e notas ou trazos do creacionismo, ultraísmo ou cubismo; mostras de poesía popular; relevantes prosistas da xeración Nós (Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao); escritores mozos na década de 1930 (Bal y Gay, Rafael Dieste, Ricardo Carballo Calero) e autores consagrados como Ramón Cabanillas. Carballo Calero traduce ó galego o único poema dun autor estranxeiro, a "Elexía" de Raymond Radiguet, representante dunha literatura francesa que semellaba interesar moito naqueles anos.

Velaquí o primeiro monográfico ou especial de *Resol* dedicado de forma practicamente exclusiva e xenérica ás nosas letras[34]. Despois, os responsables da revista non seguiron na mesma medida por ese vieiro aberto, que podería ter potenciado o galeguismo daquelas páxinas. Máis que pecharse no propio preferiron unha multiple apertura ó foráneo non sempre ben xustificada se atendemos á calidade e oportunidade dos textos e aínda dos autores.

Nº 4: Patria galega e infancia

Unha rareza na periodicidade de *Resol* é a aparición de dous números (3 e 4) no mes de xullo de 1932. O nº 4 constitúe, en certa medida, unha prolongación do anterior baixo o signo, agora si, dun lirismo patriótico de exaltación a Galicia. Poesía de loita, de acento social e político ou de referencias folclóricas (o gaiteiro, a muiñeira) e históricas (lembranza do celtismo) nun dobre eixe de raíz culta ou popular. As composicións poéticas de Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Xoán Manuel Pintos, Manuel Lugrís Freire, Alfredo Brañas ou Manuel López da Vega enchen as dúas primeiras páxinas —totalmente galegas e en galego— desta entrega de *Resol*.

Como unha homenaxe á infancia, ó neno, interpretamos as seguintes catro páxinas, agora en castelán, de autores tan diferentes como Xulio Sigüenza, o arxentino Álvaro Yunque (pseudónimo de Arístides Gandolfi Herrero) e Dostoievski. Polo que ó contido se refire, temos dende unha canción de berce ("Canción de madre", de Álvaro Yunque) ata o lirismo tinguido de tenrura (e non exento de melodramatismo e patetismo) do fragmento da célebre novela de Dostoievski, *Los hermanos Karamazov*, que describe o enterro dunha nena.

As dúas páxinas finais deste número, que polas súas oito páxinas podemos cualificar de extraordinario, prolongan ás dúas primeiras e completan o prego exterior desta entrega. Agora son Rosalía, Ramón Cabanillas, Álvaro de las Casas e Leiras Pulpeiro os que entonan, nun ton épico e belixerante, o seu canto de loita, defensa e afirmación galeguista.

[34] O segundo e derradeiro é o nº 10 (xullo de 1936).

Nº 5: A diversidade: a muller, Irlanda e Maiakovsky

Caracteriza a este número a ausencia de textos en galego. A lingua dominante é o castelán coa excepción —única nos dez números desta etapa de *Resol*— dun texto en francés, "Condamné", de Philippe Soupault. Lembremos a presencia, en anteriores entregas, de autores franceses como Paul Verlaine, Raymond Radiguet, o franco-belga Fernand Crommelynck e aínda o xudeo-alemán Ivan Goll, de expresión francesa nalgunhas das súas obras.

A muller posúe agora unha presencia de certo relevo. Así o acredita a súa aparición como motivo poético nos poemas de Fray Luis de León, Santa Teresa, James Stephens, Jacobo Fijman ou León Frobenius.

O poema de Maiakovski, "Oda a la revolución" é perfectamente lóxico nunha publicación que nace no ambiente universitario galego (e concretamente no sector galeguista) dos anos trinta. Daquela a Unión Soviética estaba de moda, interesaba o marxismo e a revolución rusa era admirada. Seoane pertencía ó grupo de Estudiantes Marxistas. Fole, moi radicalizado, revolucionario e anarquizante, incluía textos de Maiakovski nas publicacións que dirixía dende Lugo. Interesaba o cine ruso, as películas de Eisenstein (sobre todo *O acoirazado Potenkim*), Pudovkin e Korzhenko. Unha parte da mocidade galeguista simpatizaba co comunismo e algúns deles (Lorenzo Varela, por exemplo) afiliáronse ó Partido Comunista antes de 1936.

No que atinxe ó fermoso poema "Deirdre", do irlandés James Stephens, sitúase no ámbito do interese suscitado nos escritores galegos por Irlanda. Luís Seoane estivo nos anos de *Resol* interesado polos poetas irlandeses[35].

O poema de Nietzsche, unha solidaria invitación á felicidade, non pasa de moi discreto. A composición de Valle-Inclán, un soneto de xinea modernista e tema americano, lembra algún poema similar de Rubén Darío. O poema de Anna Ajmatova é unha chamada á revolución do pobo ruso. Whitmann afirma ó home e a súa existencia. Frobenius pon a nota exótica cunha lenda en prosa do mundo africano. A poesía tradicional castelá —como a galega en anteriores e posteriores números— está aquí representada por partida dobre ("Canción popular" e "Villancicos viejos"). En síntese, a pluralidade, a diversidade impón aquí a súa lei, mais a estructura xeral do número e algunha das súas liñas de sentido enlazan perfectamente coa xeira da revista dende os seus comezos.

Nº 6: Lirismo popular. Santiago de Compostela, Lorca e Cunqueiro

Un texto de Castelao (que amplía o xa ofrecido no Suplemento do nº 2) abre este número. Romances, cantigas, cantares e adiviñas recollidas da tradición popular, da literatura de transmisión oral, ocupan boa parte das páxinas desta entrega. Esta liña poética semella atendida nun *Resol* de vocación tamén popular e temos mostras dela nos números 3 e 5. En castelán ofrécese o "Romance de Delgadina", que circulaba en versión galega noutras revistas[36] da época.

---

[35] Sobre a temática das relacións galego-irlandesas, vx. Elizabeth Frances Keating, *Afinidades culturais entre Galicia e Irlanda*, Vigo: Editorial Galaxia, 1990.

[36] Vx. "Delgadiña", *Galiza*, nº 4, Mondoñedo, As San Lucas, 1932.

Santiago de Compostela ocupa un lugar destacado nesta entrega de *Resol*, cousa ben lóxica entre outras razóns porque se facía e publicaba alí. Ademais de dous romances do ciclo compostelán temos un fermoso soneto[37] de Gerardo Diego, "Ante las torres de Compostela", e un novo poema de García Lorca, o "Madrigal, a la ciudad de Santiago" (paradoxicamente co título en castelán) que, por certo, aparecera como absoluta novidade nas páxinas do *Yunque* de Ánxel Fole (nº 6, otoño de 1932). Foi este o único dos *Seis poemas galegos* que Lorca adiantou antes de que en 1935 Ánxel Casal publicara, no obradoiro compostelán de Nós, o conxunto lírico lorquiano en galego con prólogo de Eduardo Blanco Amor.

Por fin, a alternancia do popular e do culto, de tradición e de vangarda, que amosa esta entrega do prego poético compostelán, remata con "Illa", unha serie de nove poemas de raíz vangardista de Álvaro Cunqueiro, colaborador directo de *Resol* e un dos poetas mozos mellor representados nas súas páxinas.

Aproveitemos para sinalar, esta vez como feliz excepción, que estamos diante do número máis e mellor ilustrado, segundo constatamos polas colaboracións de Castelao, Maside[38] e Seoane[39]. Mágoa que os responsables da publicación non atenderan con máis frecuencia á faceta plástica, á estética das páxinas que, en máis ocasións das desexables, manifestan nese aspecto unha notable pobreza.

Nº 7: Homenaxe á lírica portuguesa

No percorrido que facemos sobre as revistas portuguesas dos anos trinta teremos ocasión de falar da presencia de escritores portugueses (poetas en particular) en publicacións galegas como *Nós, A Nosa Terra, Cristal* e algunha outra. Agora *Resol* tira o seu "número portugués" a xeito de escolma xeral. Trobadores medievais (Lourenço, Dom Diniz), clásicos (Gil Vicente, Camões), románticos (Almeida Garret, Antero de Quental), parnasianos e simbolistas (Eugenio de Castro), saudosistas (Teixeira de Pascoais), realistas (Martha Mesquita da Câmara) e aínda outros de difícil clasificación pero sen dúbida simbólicos expoñentes da poesía portuguesa como Guerra Junqueiro enchen este nº 7. O ámbito popular ten a súa representación nun feixe de "quadras". Curiosamente, os responsables do número pecháronno co poema "Fala do sol" de Teixeira de Pascoais, o mesmo que abre o nº 1 de *Nós* (30-X-1920).

Vista en conxunto, esta escolma mira cara ó pasado e privilexia ós poetas do século XIX. Bótase a faltar sequera unha mostra minimamente digna de poetas do século XX, e iso, malia o feito de que algúns deles circulaban por revistas portuguesas coñecidas en Galicia ás que prestaban atención as páxinas de *Nós* na sección "Os homes, os feitos, as verbas". En suma, o meritorio da intención divulgadora de parte moi variada da mellor lírica portuguesa, está contrarrestado polo baleiro do contemporáneo, sen dúbida de grande interese.

---

[37] Publicado por vez primeira na revista *Azor* (1-XI-1929) .

[38] A súa ilustración, co título "Peixeira", aparecerá xa en *El Pueblo Gallego*, Vigo, 1932.

[39] A ilustración figura en *Mar ao norde* (1932), de Álvaro Cunqueiro.

Nº 8: Retorno á infancia

En pasadas entregas (nº 6 e, sobre todo, nº 4) xa deixara constancia *Resol* da atención ó neno, á infancia. Agora esa atención vese incrementada neste primeiro (e único) número de 1933 no Día de Galicia, que, paradoxicamente, publica máis textos en castelán que en galego.

Nesta visión múltiple da infancia (as dimensións do lúdico e do infantil son frecuentes nas vangardas) hai un pouco de todo: fragmentos do Evanxeo, un texto (anónimo) propagandístico da Colonia Escolar do Rebullón de Vigo, un romance lírico de Juan Ramón Jiménez ou dúas narracións breves de Castelao e Tagore. O neno-fillo, vencellado á figura da nai, aparece en poemas de Juana de Ibarbourou e Francis Jammes. E no que á lingua se refire, o texto de Castelao é a única contribución en galego. Castelao[40] e Maside[41] colaboran con ilustracións sobre o tema da infancia.

Entre os nomes que xa vimos temos a Maiakovski nun poema no que invita á xuventude á revolución, identificadas ambas co comunismo.

Con seguridade, esta breve escolma do neno na literatura é unha aposta de futuro que se inscribe no conxunto de iniciativas en defensa da infancia levadas a cabo naqueles anos polo goberno da República (escolarización, viaxes, lecer, protección xurídica ó menor) e que estaban xa na órbita dos postulados da Institución Libre de Enseñanza, da que foi figura senlleira don Francisco Giner de los Ríos.

Nº 9: Os poetas de Hispanoamérica

Aínda que non poidamos cualificalo de monográfico[42], este nº 9 de *Resol* caracterízase pola notable presencia de poetas (algúns deles máis coñecidos como narradores) de Hispanoamérica. Xa en números anteriores de *Resol* tiñamos achegas de Ildefonso Pereda Valdés, Álvaro Yunque, Juana de Ibarbourou ou Jacobo Fijman. Agora atopamos novamente ó segundo dos citados e, ó seu carón, a Fernán Silva Valdés, Luis Cané, Esther de Cáceres, Antonio Arráiz, Juvenal Ortiz Saralegui, Pedro Leandro Ipuche, Luis Cané e Cayetano Córdova Iturburu. Coa excepción do venezolano Antonio Arráiz, o resto deles integran o grupo arxentino-uruguaio que chegou a *Resol* posiblemente por diferentes vías.

Unha deles puido ser o uruguaio Julio J. Casal, director de *Alfar* na Coruña ata 1927. Outra, o arxentino Jacobo Fijman, que lembra Ánxel Fole como asistente ás tertulias dos cafés de Compostela dos anos trinta. En fin, algunhas colaboracións chegarían posiblemente polo intermedio de Esther de Cáceres, que visitou Galicia en varias oca-

---

[40] A súa ilustración está tomada de *Cousas* (1926).

[41] A figura da nai co fillo no colo xa se publicara en *El Pueblo Gallego* en 1932. Tanto esta ilustración como a que figura no nº 6 de *Resol* están reproducidas, xunto coa meirande parte das que Maside publicara en *El Pueblo Gallego*, no libro de María Ester Rodríguez Losada, *A época da IIª República vista por Carlos Maside*, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1989. O primeiro modelo desta ilustración apareceu no *Faro de Vigo*, Vigo, 10-II-1924.

[42] Da aparición deste número deu conta *Alento*, "Boletín de estudos políticos", no seu nº 9 (marzal 1935), na sección "Informazóns": "Novamente aparez RESOL, nº 9, con versos de A. Machado, Ubieta, Valery, Dieste, Baudelaire, Iglesia Alvariño, Rolán, Acuña, Iturburu, e outros. Boa e leda antoloxía que enleva no corazón a espranza".

sións e colaboraba nas iniciativas culturais dos galegos de Uruguai. Ou quizais a través de Norberto A. Frontini, que en 1932 e 1935 viaxou a Santiago de Compostela. Polo demais, algúns destes poetas e outros hispanoamericanos —dende Borges ata César Vallejo— colaboraron nas revisras literarias españolas dos anos vinte e trinta.

Na meirande parte dos casos, trátase de escritores que cultivaron unha literatura popular, proletaria, de compromiso social e intencionalidade política; algún deles andou vencellado ó célebre grupo bonaerense da rúa Boedo, enfrontado ó elitismo e vangardismo do grupo de Florida. Os escritores de Boedo, revolucionarios e anarquizantes, situábanse nas coordenadas ideolóxicas do socialismo ou do marxismo.

Unicamente Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Otero Pedrayo e Manuel Luis Acuña poñen acento galego, no que toca á lingua, neste número, no que volve a literatura francesa en poemas de Paul Valéry e Charles Baudelaire (traducido ó galego por Otero Pedrayo). Novidades son agora as presencias de Rafael Dieste (en verso) e de Feliciano Rolán. Por fin, Antonio Machado —xa poeta ben coñecido —cun poema do seu primeiro libro, poema que Carballo Calero ía relacionar cunha composición de Rosalía de Castro.

Nº 10: Os escritores de Lugo

Por moitos motivos é este décimo e derradeiro número da etapa galega de *Resol* excepcional. A tipografía da cabeceira é distinta á dos números anteriores. O subtítulo "Folla voandeira do pobo" aparece por primeira e única vez en galego. A elaboración e dirección foi da responsabilidade de Ánxel Fole por encargo de Arturo Cuadrado. Foi o único número do ano 1936 e apareceu de forma practicamente simultánea ó estoupido da guerra civil, pois leva data unha semana posterior ó inicio da mesma (día da Terra, 1936).

Por último, está integramente en galego. Prosa e verso manteñen perfecto equilibrio. No verso, Fole —poeta en castelán— apostou polas novas voces (Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Xesús Bal y Gay) que eran amigos seus e aínda contertulios dos cafés de Lugo e Santiago de Compostela. As achegas da prosa tratan temas moi do gusto de Fole: o teatro galego (sobre o que se manifestou con frecuencia) e a lingua. E o mesmo Fole está presente cunha estampa do Lugo urbano, un territorio que el explorou en numerosos artigos, poemas e narracións, tanto en galego como en castelán.

Algunhas valoracións

Á vista dos dez números de *Resol* podemos facer algunhas valoración no que á literatura que gardan as súas páxinas se refire. As literaturas que teñen representación de certa entidade son, por esta orde, a galega, a española, a portuguesa, a hispanoamericana e a francesa. E, en menor grao, a alemana e a rusa. No eido das correntes ou tendencias adquiren notable dimensión: a) o expresionismo alemán; b) a literatura de contido social, popular e proletaria, crítica e revolucionaria, que observamos nas achegas de escritores rusos e hispanoamericanos; c) o imaxinismo de Amado Carballo e outras manifestacións das vangardas nas voces de Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño e outros.

Polo que afecta á temática, Galicia é, dende perspectivas diferentes, o motivo literario máis tratado. Temos tamén numerosas composicións que inciden na visión da muller, da infancia, da revolución proletaria, dos problemas sociais, da solidariedade e da existencia. Doutra banda, o interese da lírica é moi superior ó da prosa, sexa esta teatral ou narrativa. As traduccións son escasas, ó galego ou ó castelán, con ou sen referencia ó traductor. A literatura de orixe e tradición popular ocupa en *Resol* un espacio propio. O poema rimado é moito máis habitual que o manifestado en verso libre. En panorámica, esta etapa primeira de *Resol* constitúe unha escolma xeral e múltiple que se realiza, sobre todo, no particular terreo da lírica, sexa galega, castelá ou portuguesa. Non estamos diante, nin moito menos, dunha publicación con orientación definida de época, estilo, tendencia ideolóxica ou estética dominantes. Non representa voz individual ou de grupo. As achegas orixinais son poucas e contadas. Xorde *Resol* nun ambiente de inquedanzas galeguistas, de entusiastas (e case sempre efémeras) iniciativas culturais, de fervenza ideolóxica revolucionaria, progresista e contestataria, comprometida e renovadora.

2.3. Colaboradores e escritores representados. Ilustradores

Nas referencias habituais ás sinaturas que comparecen nunha publicación literaria ou cultural adóitase facer un emprego abusivo do termo colaborador; un uso pouco ou nada respectuoso coa dimensión de participación activa que a voz conleva. No caso de *Resol* podemos asegurar, pola índole de escolma ou antoloxía do xa publicado que posúe, que os colaboradores foron poucos, aínda que sexan moitos os escritores representados.

Contra o que acostuma acontecer, neste caso a presencia dos directores ou impulsores —Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Ánxel Fole— non se traduciu en achegas concretas, en colaboracións (literarias ou plásticas) ó seu prego poético. Moi pouco temos aquí do Seoane ilustrador, nada de Arturo Cuadrado (que, sen embargo, estivo presente en *Yunque*) e unha única contribución de Ánxel Fole, xa no nº 10, que pecha a primeira etapa.

Case ausentes, pois, daquel prego que puñan por rúas e prazas, Arturo Cuadrado e Luís Seoane aproveitaban as tertulias compostelás (en particular a do Café Español e por veces algunha reunión na Librería Niké) para conseguir colaboradores, artellar as sucesivas entregas das páxinas e seleccionar os textos de escritores de prestixio (Rosalía, Curros, Camões, Guerra Junqueiro, Manrique, Alberti, Juan Ramón Jiménez, Valle-Inclán, Tagore, Maiakovski, Dostoievski, etc.) ós que só coñecían polos textos, por referencias. Non poucos deles —clásicos antigos ou modernos— xa morreran.

Descoñecemos a mecánica da solicitude, chegada e elección dos textos. Podemos pensar en Cunqueiro, Carballo Calero, Otero Pedrayo, Castelao, Aquilino Iglesia Alvariño, Lorca, Bouza Brey, Risco, Euxenio Montes, Jacobo Fijman ou R. Dieste como colaboradores que ofrecían as súas achegas ou ben eran invitados a colaborar. Os contertulios seguramente informaban de posibles candidatos entre os escritores que coñecían, que estimaban asequibles ou que colaboraban xa noutras publicacións daqueles anos, pois non temos ningún colaborador exclusivo de *Resol*. Os xa mencionados (xunto co trío de directores) andaban a cotío polas páxinas de *Nós, A Nosa Terra, Cristal, Yunque, Galiza, Papel de Color*, etc. E non resulta infrecuente ver reiterado un

mesmo poema en dúas ou incluso máis revistas. Pero, en definitiva, a suma de colaboradores e escritores representados en *Resol* ofrece a panorámica seguinte.

Suman 42 os escritores de orixe galega, aínda que non todos se manifestan en galego. Deles, os máis representados son Castelao e Cunqueiro, con catro colaboracións cada un; logo temos a Iglesia Alvariño e Noriega Varela con tres e, xa con dúas, a Amado Carballo, Manuel Antonio, Ramón Cabanillas, Xulio Sigüenza, Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Rafael Dieste, Manuel Leiras Pulpeiro, Xesús Bal y Gay, Ramón Otero Pedrayo, Ricardo Carballo Calero e Xoán Vidal Martínez.

Entre españois e hispanoamericanos temos 29 en total. Con dúas colaboracións figuran García Lorca, Juan Ramón Jiménez e Álvaro Yunque. Os hispanoamericanos son doce e deles dez integran o grupo arxentino-uruguaio. Os dous restantes son o chileno Vicente Huidobro e o venezolano Antonio Arráiz.

Dos colaboradores españoles, un pequeno grupo representa ós poetas do 27: Rafael Alberti, García Lorca, Gerardo Diego e Jorge Guillén. Da xeración do 98 contamos a Antonio Machado e Valle-Inclán, iniciados no modernismo. Da xeración de 1914 figuran Juan Ramón Jiménez e Ramón Pérez de Ayala.

O grupo uruguaio ten a súa máis recoñecida representante en Juana de Ibarbourou (asidua en moitas revistas galegas); ó seu carón, Pedro L. Ipuche, Ildefonso Pereda Valdés, Esther de Cáceres e Ortiz Saralegui.

A lírica galego-portuguesa das cantigas conta coa presencia de Lourenço, Airas Nunes, Pero Meogo e Dom Diniz. Dos catorce escritores portugueses salientamos, pola súa importancia e universalidade, a Camões, Gil Vicente, Teixeira de Pascoais e Guerra Junqueiro. O século XIX é o mellor representado no conxunto das letras lusas.

De entre os 109 escritores que aparecen en *Resol*, só temos sete mulleres: Rosalía de Castro, Juana de Ibarbourou, Esther de Cáceres, Anna Ajmátova, Martha Mesquita da Câmara, Sonia Dubnova e María Scgiahghinian.

Autores doutras literaturas temos 23. Deles destacan os franceses (Paul Verlaine, Philippe Soupault, Raymond Radiguet, Paul Valéry, Francis James e Charles Baudelaire). Figuran en traducción ó castelán, ó galego (por Otero Pedrayo ou Carballo Calero) ou na súa lingua orixinal. Outro grupo con peso específico propio é o dos escritores rusos: Anna Ajmátova, Fedor Dostoievski, Vladimir V. Maiakovski e Sonnia Dubnova. Tamén posúen entidade os escritores alemáns, moitos deles vencellados ó expresionismo: Eric Kastner, León Frobenius, Rainer Mª Rilke, Gerog Kaiser, Ivan Goll, W. Schirmaier e F. Nietzsche.

Son tres as linguas fundamentais en *Resol*: galego, castelán e portugués. En galego temos aproximadamente un cincuenta por cento do total das colaboración. Concretamente, 59 poemas e 11 textos en prosa. Entre os prosistas Castelao é o de máis presencia, pero figuran tamén textos de Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Vicente Risco, Marino Dónega, Dieste, Antón Villar Ponte e Lois Porteiro Garea. A lírica popular, anónima, está representada en diversas ocasións con cantigas, adiviñas, tríadas e romances. A distribución das colaboracións en galego é sumamente irregular ó

longo dos dez números desta etapa de *Resol*. Neste senso, os números de máis entidade son sen dúbida o 3 e o 10, pero tamén o 4 e o 6. O castelán é lingua dominante nos números 1, 2, 5, 8 e 9. O portugués é exclusivo no nº 7. Podemos considerar residual a publicación, en francés, do poema de Philippe Soupault.

A elección lingüística non semella arbitraria nin moito menos. Resulta dende logo ben consciente e intencionada nos números 3, 7 e 10, así como no 5 e no 8. No resto, observamos un bilingüismo desequilibrado ás veces a favor do castelán. Tanto na selección de escritores como na representación de certos ámbitos literarios ou na elección lingüística tiveron que operar diversos factores. Lémbrese ó respecto que Arturo Cuadrado é escritor sempre en castelán. Factores ideolóxicos, de ambiente e de época, determinaron o interese pola literatura rusa, polo expresionismo alemán, polos escritores que cultivaban o realismo social e polos que predicaban a revolución do proletariado dende Rusia ata Hispanoamérica. Téñase en conta tamén a condición popular dos destinatarios ós que a "folla voandeira" ía dirixida e a militancia galeguista dos seus impulsores e colaboradores máis directos.

Os ilustradores

Pouco podemos dicir de *Resol* en materia de ilustracións. Con seguridade a sinxeleza, a elementalidade material daquel prego poético, que aspirou fundamentelmente a divulgar a poesía, motivou unha evidente limitación estética polo que a ilustracións se refire. Limitación que non deixa de ter algo de paradóxico, tendo en conta a moi directa colaboración de Luís Seoane e a vecindade de Carlos Maside. Tamén, a relación con Castelao. Cando en 1932 comeza a xeira de *Resol* xa Seoane fixera dúas exposicións en Santiago de Compostela e frecuentaba o obradoiro de Ánxel Casal. Castelao era o mestre, seguido moi de preto por artistas mozos interesados na pintura galega e a súa renovación. En fin, Maside, amigo de Seoane e de Fole e contertulio así mesmo nas reunións no Derby e no Español, xa colaboraba no *Faro de Vigo, El Pueblo Gallego* e na revista madrileña *Nueva España*. Tiña participado en exposicións celebradas en Madrid e Barcelona e, en 1930, fixera a súa primeira comparecencia en solitario na Sociedade de Amigos da Arte de Santiago de Compostela. En 1932 fixo a segunda, esta vez en Vigo.

Pois ben, Castelao, Maside e Seoane son os tres únicos ilustradores de *Resol*. Nas súas poucas mostras naquelas páxinas só advertimos debuxos con dous motivos complementarios: os nenos e a muller. Estas ilustracións, cinco en total, están concentradas nos números 6 e 8. Outras publicacións da época como *Yunque, Universitarios, Galiza, Cristal, Ser, Nós, A Nosa Terra*, etc., contaron cos tres ilustradores de *Resol*, aínda que en distinta medida.

2.4. A lírica galega: fontes textuais

O primeiro poema galego que aparece en *Resol* (nº 1) é "Noivos", de Luís Amado Carballo. Este poema, incluído tamén no suplemento do mes de setembro de 1932 da revista *Nós*, pertence ó seu poemario *O galo* (1928). Do mesmo poeta é a composición "O galo", que inicia o libro, incorporada asemade ó número 3 de *Resol*.

Representado este poeta noutras revistas máis ou menos próximas a *Resol* polos anos trinta, no nº 1 de *Galiza*, de 1930, aparece "As cantigas do berce" e, un ano máis tarde, no nº 2, "A nosa bandeira". Na mesma revista, "co gallo do quinto anal da sua morte", no nº 4, reprodúcense catro composicións de *Proel* (1927): "Saudade", "Epifanía", "Mariñeiro" e "O que morreu no mar".

Na tamén pontevedresa *Cristal*, ademais de colaboracións prosísticas en galego e poemas en castelán, aparecen os seus poemas "Alalás" (nº 1), "Carón do Atlántico" (nº 3) e "¿Verdade?"—traducción dun poema de Alfonsina Storni—(nº 5), no segundo semestre de 1932. Por estas datas, en concreto no número publicado no Día da Patria de 1932, tamén se reproduce o poema seu "Sol-por" no xornal ourensán *Heraldo de Galicia*.

Outro dos poetas da Xeración de 1925 incorporado á nómina de colaboradores de *Resol* é Manuel Antonio. Tamén dous son os textos incluídos na revista. O primeiro deles é "O cartafol d'o vento" (nº 2), pertencente ó seu libro *De catro a catro* (1928). Polo que se refire ó segundo, "O noivo e mail-a noiva", xa aparece no nº 1 de *Ronsel*, do ano 1924 e, con posterioridade, no volume *Poesías*, preparado por D. García-Sabell, onde non consta o título do poema.

De Johán Vicente Viqueira só se rexistra a composición "Cantar do berce" (nº 3), que xa en 1924 fora publicada no nº 2 de *Ronsel*, datado e asinado en maio de 1924. Neste mesmo nº 2 aparece tamén, baixo o epígrafe "Poemas", o soneto "Anuncia o merlo no souto alegremente...", o poema "O meu lar" e "Cantar do berce".

A poesía de Ramón Cabanillas está representada, nos números 3 e 4, con senllos poemas: "Romance da frebe" e "Galicia", respectivamente. Dos tres "Romances da febre" publicados no nº 91 de *Nós* (25 de xullo de1931), só o terceiro, que comeza "Nos labrados do Obradoiro", aparece en *Resol*. Con posterioridade foi recollido na edición que Xesús Alonso Montero preparou da *Obra completa* (1979) do poeta, incorporado na sección "Poemas soltos (Datados)", entre os anos 1907-1959. Polo que respecta a "Galicia", este poema está tomado do libro *Vento mareiro* (1915), con mínimas variantes ortográficas, do tipo "abrillanta" por "abrilanta", "soyo" por "soio", "todas-as" por "tódalas" ou "barrulleiro" por "baruleiro" a respecto da devandita edición de 1979.

No nº 2 da etapa arxentina de *Resol*, do mes de xaneiro de 1938, rexístrase tamén o "Romance de loita" deste mesmo autor. Incluído no referido apartado "Poemas soltos (Datados)", xa aparecera en varias publicacións galegas da etapa da guerra civil: en *El Miliciano Gallego* (nº 16, 30-IV-1937), na sección "Do poeta da raza" de *Nueva Galicia* (nº 2, 23-V-1937) e en *Nova Galiza* (nº 4 —do mesmo xeito que no caso anterior, dedicado ós loitadores galegos— e 12) sen variantes dignas de ter en consideración.

De Euxenio Montes aparece o poema "Río" (nº 3), pertencente ó apartado "Biografía do liño" do libro *Versos a tres cás o neto*, editado no obradoiro coruñes de Nós en 1930 e dedicado ó artista e escritor ourensán Cándido Fernández Mazas. Ese mesmo ano, no nº 1 de *Galiza* tamén se contén tal poema, conxuntamente co titulado "Margarida que vas pro muiño".

Tamén no nº 3 de *Resol* se advirte a presencia Xulio Sigüenza co poemiña vangardista "Tennis". A composición figura xa, precedida da titulada "Football", en *Nós* (nº 54, 15-VI-1928) e está datada en Montevideo neste mesmo ano.

"Elexía" é o título da traducción que Ricardo Carballo Calero realiza do francés Raymond Radiguet no nº 3 de *Resol*. Neste mesmo número aparece tamén a súa composición "Romance de noite e mar". No mes de xullo de 1932, data do referido número da revista, Carballo Calero xa tiña publicado o seu libro de poesía *Vieiros* (1931) e algún tempo despois daría ó prelo *O silenzo axionllado* (1934), ambos saídos dos obradoiros da Editorial Nós, pero non se rexistra esta composición en ningún deles. Tampouco figura nas sucesivas colectáneas que da súa obra poética foron aparecendo: *Pretérito imperfeito (1927-1961)*, *Futuro Condicional (1961-1980)*, *Reticências... (1986-1989)* nin na edición preparada por Pilar Pallarés so o título *Fillo de Eva*. Este dato confírmao Modesto Hermida[43] ó tempo que reproduce a versión do poema.

De Rosalía de Castro foi escolmada a súa célebre composición "Negra sombra" (nº 3), incluída en *Follas Novas* (1880) e á que lle puxo música o mestre Xoán Montes. No nº 4, co título de "Castilla", insólito nas edicións máis coidadas da lírica rosaliana, figura o poema que comeza "Castellanos de Castilla", pertencente a *Cantares gallegos* (1863). Este poema volverá aparecer no mes de xullo do ano seguinte (1933) no nº 1 da revista *Máis!*, correspondente ó Día de Galicia.

De Eduardo Pondal reprodúcese no nº 3 de *Resol* a segunda estrofa do poema "Que barba non cuidada", quinto do seu libro *Queixumes dos pinos* (1886). Un estudio das variantes métricas, léxicas e das edicións do poemario ó que pertence pódese consultar na edición que sobre o poeta de Ponteceso realizou Manuel Ferreiro[44]. O poema pondaliano[45] que abre o nº 4 de *Resol* co título "Himno galego" correspóndese co poema *Os pinos*, difundido e oficializado en 1907, froito da actividade de Xosé Fontenla Leal no Centro Galego da Habana, mais carente de recoñecemento institucional a todos os efectos ata 1984. O papel xogado por este personaxe, o músico Pascual Veiga e o propio Eduardo Pondal na xestación definitiva do referido himno, como tamén as diferentes versións do mesmo e documentación relativa á súa orixe, foi tamén estudiado por Manuel Ferreiro[46]. Co mesmo título ca en *Resol* tiña aparecido xa unha versión no nº 2 da revista *Galiza*, datada en Mondoñedo e Santiago en 1931. O "Himno Galego" tamén se reproduce no nº 1 de *Máis!*, editado pola Vanguarda Nazonalista Galega no obradoiro da Editorial Nós.

A composición "¡Ai...!", incorporada no nº 3 de *Resol*, está seguida doutra, "Encomenda" (nº 4), tamén da autoría de Manuel Curros Enríquez. Ambas están tomadas do libro *Aires da miña terra* (1880) e figuran xa na primeira edición. Tan só é digna de mención no verso 13 a variante "lixeiras" por "douradas" do texto da revista a respecto da edición saída na Tipografía de A. Otero de Ourense.

Do máis universal dos escritores mindonienses, Álvaro Cunqueiro, amigo de Arturo Cuadrado e Luís Seoane, aparecen os textos "Oco" (nº 3), "Illa" (nº 6), e mais dúas composicións co mesmo título, "Cantiga" (nº 10). "Illa", configurado en nove partes, pertence ó apartado "Mar outa" do seu libro *Mar ao norde*, imprentado na compostelá Editorial

---

[43] Modesto Hermida García, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, op. cit., p. 86.

[44] *Eduardo Pondal. Poesía Galega Completa I Queixumes dos Pinos*, Barcelona: Eds. Sotelo Blanco, col. Clásicos Galegos, 1995, pp. 200-202.

[45] Incluído no apartado "Poemas soltos" da edición realizada por Manuel Forcadela de Eduardo Pondal, *Poesía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, 1989, pp. 170-172.

[46] Vx. ó respecto, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, Santiago de Compostela: Eds. Laiovento, col. Ensaio, 1996.

Nós en 1932 e publicado nese mesmo ano tamén na revista *Resol*, cunha ilustración de Luís Seoane. As dúas composicións tituladas "Cantiga" (nº 10) son "No peteiro do luar" e "No niño novo do vento", poemas 9 e 12, respectivamente, do seu libro de poemas *Cantiga nova que se chama riveira*, publicado en Ediciós Resol en 1933. Finalmente, no número de homenaxe (1990), Magariños Negreira reproduce de xeito manuscrito o poema "Amor de ágoa lixeira", que encabeza o devandito libro.

Non resulta difícil a lembranza do mundo das cantigas medievais a partir do título "Tenzón con malvís amigo", da composición de Fermín Bouza Brey que aparece no nº 3 de *Resol*. Noveno poema do libro *Nao senlleira*, editado no obradoiro de Ánxel Casal en 1933, fora xa reproducido no nº 66 da revista *Nós* (15-VII-1929), onde Bouza Brey publicou un total de dezaseis composicións líricas. Na edición feita da súa *Obra literaria completa* (1980) este poema aparece datado, coma na edición orixinal, en 1929.

Johán Vidal Martínez está representado con "Nouturnio" (nº 3), un dos seus poucos poemas galegos. Esta mesma composición aparece xa nas páxinas do nº 91 da revista *Nós*, datado no Día de Galicia de 1931, un ano antes de ter aparecido publicado en *Resol*. En castelán é autor do poemiña titulado "San Fiz" (nº 9), pertencente ó apartado "Los senderos inútiles" do poemario *Alcor* (1927).

Idéntica procedencia é a de "Mariñeira do vento" (nº 3), de Johán Carballeira, tamén rexistrable no nº 91 de *Nós*, neste caso dedicado "A Fulana de Tal, muiñada de mares e pantasías". A versión de *Resol* carece ademais de boa parte dos versos, xa que só contén os trece primeiros dos vintesete de que consta a primeira versión. Esta, en cambio, reproduciuse integramente na edición da súa obra poética, *Cartafol de Poesía* (1996).

O poema "Cartón" (nº 3), do poeta, musicólogo e ensaísta Xesús Bal y Gay, integrante da chamada Xeración de Ronsel, coincide na data de publicación coa versión aparecida na sección "Poesía galega contemporánea" que, con motivo do Día de Galicia, se publicou no xornal ourensán *Heraldo de Galicia* nese mesmo mes de xullo de 1932. Esta composición volverá aparecer no nº 10 de *Resol*. Anteriormente xa tiña sido incluída na *Antología de la Lírica Gallega* (1928), que constitúe o volume I da Biblioteca de Estudios Gallegos que dirixía Álvaro de las Casas.

O tamén mindoniense Antonio Noriega Varela frecuentou as revistas galegas dos anos trinta. En *Resol* figura representado coa peciña "E unha breve pucharquiña" (nº 3), que reaparece —co engadido final dos dous versos a xeito de estribillo— no nº 10. As dúas versións deste poema, que fora composto durante a estadía do autor en Trasalba, en conxunto coa composición "As froliñas dos toxos" (nº 10) —rexistrable asemade no nº 90 do *Heraldo de Galicia*, do 25 de xullo de 1932—, pertencen ó libro *Do ermo* (1920), que, dende que saíu *Montañesas* (1904), se habería de ir transformando ata acadar a edición definitiva en 1982. Neste último dos textos citados pódese comprobar que na versión de 1936 faltan dous versos, os que fan os números 7 e 8 —"¡Oh do ermo o preciado tesouro!: / as froliñas dos toxos son douro."— da edición aparecida en libro[47]. O ano antes de que saíra a súa primeira colaboración en *Resol*, colaborou na revista mindoniense *Galiza*, en concreto no nº 2, de xullo de 1931, coa composición "¡Heroica mocedade!". De interese resulta tamén unha observación do nº 7 de *Resol*, dedicado a

[47] Para cotexo textual seguimos a edición realizada por Francisco Fernández del Riego que leva por título: A. Noriega Varela, *Poesía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 22, 1991, p. 92.

Portugal, onde, entre outros, se rexistran composicións do poeta saudosista Teixeira de Pascoaes, con quen Noriega mantivo relación. A segunda delas, titulada "Fala do sol", significativamente dedicada "Aos jovens poetas galegos".

Victoriano Taibo é autor do breve texto titulado "Cantar" (nº 3). En data coincidente tamén se pode rexistrar o seu quefacer poético no número do ourensán *Heraldo de Galicia* saído o Día de Galicia de 1932, en concreto a composición "As mozas van de ruada". Mais polo que respecta ó texto da revista compostelá, hai que sinalar que xa aparecera no seu libro *Da vella roseira. Cántigas Orixinás* (1926), dedicado a Ramón Cabanillas. As cantigas que se conteñen neste libriño conqueriron os primeiros premios nos certames dispostos pola Asociación de Mestres Católicos de Galicia e a revista pontevedresa *La Provincia.*

O poeta vangardista Emilio Mosteiro está representado en *Resol* cos "Alalás do mar", pero só se reproduce o primeiro do conxunto de catro que xa apareceran nas páxinas de *Nós* (Ourense, 15-III-1928) antes que nos *Poemas sincopados* (1929).

Xoán Manuel Pintos é o autor da composición "A Galicia" (nº 4). Este texto fora extraído da Foliada 1ª do seu libro *A Gaita Gallega* (1853) e formou parte tamén da sección titulada "Á Galicia" que se inclúe no *Album de Caridad*, publicado con motivo da celebración dos Xogos Florais da Coruña en 1861.

No mesmo nº 4 de *Resol* aparece a composición "Himno", da autoría de Alfredo Brañas. Inserto no volume colectivo *Folletos*, propiedade de Armando Cotarelo Valledor, que se conserva na Fundación Penzol de Vigo, aparece de xeito illado e conta con notación musical, da autoría de L. Taibo. Como título ten o da lenda irmandiña "Deus fratresque Gallaecia" e non se aprecian diferencias de importancia, como non sexan algunhas de escisión en dous versos dos que na revista constitúen un só.

"A un gaiteiro" é o poema de Manuel Lugrís Freire aparecido no nº 4 de *Resol.* Esta versión é practicamente coincidente coa que aparecera en 1928 nunha antoloxía de poesía galega realizada na Biblioteca de Estudios Gallegos en Madrid[48]. Pero este poema xa tiña sido incluído en dous libros do autor con anterioridade a esta data. O primeiro deles é *Noitebras. Poesías* (1901), editado na Coruña pola Libreiría Rexional de Uxío Carré. Tamén na segunda parte do libro *Ardencias* (1927)[49], titulada "Da Mariña", na cal se atopa a única variante de importancia con respecto á versión da revista, que é a que se dá no penúltimo verso, "Dos fillos da Celtia", no canto de "dos fillos da Suevia", respectivamente.

"Ruada" é unha composición de Evaristo Martelo Paumán incorporada no nº 4 de *Resol.* Correspondente ó seu libro *Líricas Gallegas* (1894) e datada nas Torres de Vimianzo en 1886, volvería ser incluído noutro libro do autor, en concreto *Landras e bayas. Versos...*[50]. Tan só indicamos a omisión da consoante final de "Canta be" no primeiro verso da versión do poema aparecido en xullo de 1932, que debería ser "ben", tal como figura en senllas versións en libro.

---

[48] Vx. Álvaro de las Casas, *Antología de la Lírica Gallega* —prólogo de Basilio Álvarez—, Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, Biblioteca de Estudios Gallegos, vol. I, 1928, pp. 141-142.

[49] Manuel Lugrís Freire, *Ardencias*, A Cruña: Imprenta Zincke Hermanos, 1927, pp. 56-57.

[50] A Cruña: Tipografía de *El Noroeste*, ¡Terra a Nosa!, vol. 15, 1919, pp. 6-7.

Xosé López da Vega pouco escribiu no terreo poético, pero son da súa autoría os poemas en galego "Coitadiña", "Velando á miña nai" e "A Galicia". Con esta última composición, coa que figura entre os poetas do *Album de la Caridad* (1862), aparece representado no nº 4 de *Resol*, un soneto de ton exaltado no que o poeta canta á terra.

Manuel Leiras Pulpeiro é autor dunhas breves composicións nas páxinas de *Resol*. A primeira delas está incorporada no nº 4 co título "Desque lla peta botaron", presente tamén no nº 2 da revista mindoniense *Galiza*. As cinco restantes, englobadas baixo o epígrafe "Cantares", figuran no nº 10. Todas as composicións pertencen ó seu libro *Cantares Gallegos* (1911) e están incluídas no primeiro apartado das súas *Obras Completas*[51], das que xa saíra un primerio volume de poesías, na Editorial Nós en 1930, da responsabilidade de Antón Villar Ponte. Polo que se refire á composición que aparece no nº 4, correspóndese coas que levan a numeración "241 a", "241 b" e "241 c" da referida edición ó coidado de Xesús Alonso Montero. As diferencias máis notorias rexístranse nos versos 4, 7, 8, 10 e 12 do texto de *Resol* con respecto ós correspondentes do libro de 1911. Así, temos, respectivamente: "pedras" por "penas"; "gotas de sangue ciscadas" por "bágoas de sangue calladas"; "por entremedio das pedras." por "no bico das carrasqueiras."; "amargamente" por "caladamente" e "vengarse" por "cobrarse". No que atangue ás composicións incluídas no nº 10 co título de "Cantares", constitúen, respectivamente, na edición dos *Cantares Gallegos* da mentada *Obras Completas*, as que levan os números 136, 92, 29, 39 e 151.

Álvaro de las Casas, quen fora fundador e colaborador de numerosas revistas galegas nos anos 30, é autor da composición "Alento, meu amigo", que aparece no nº 4 de *Resol*, ó mesmo tempo que "Ondas do mar da miña pátrea" se inclúe no número especial do Día de Galicia do xornal *Heraldo de Galicia*. A versión por nós manexada coincide coa que, pertencente ó apartado "Alalás", se contén no seu libro *Sulco e Vento*, publicado na editorial ourensá Alauda en 1931.

Federico García Lorca, amais do poema "La monja gitana" (nº 1), é autor do "Madrigal, a la ciudad de Santiago" (nº 6). Aínda que o título apareza en castelán, este poema, que ten por título orixinario o de "Madrigal â cibdá de Santiago", aparece xa en galego incorporado na revista compostelá no número correspondente a decembro de 1932. Constitúe o primeiro dos *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca, que, prologado por Eduardo Blanco Amor, constitúe o volume LXXIII do catálogo de publicacións da Editorial Nós. Este poema publícase, no inverno de 1932, de xeito simultáneo en *Resol*, na revista *Yunque* de Lugo e mais no diario madrileño *El Sol*. O 8 de decembro de 1932 reprodúcese en *El Pueblo Gallego* e dáse conta da súa procedencia da revista que dirixía en Lugo Ánxel Fole[52]. Na versión do xornal vigués aparece corrixido "Laio" en vez de "Ceio", no verso 10. Esta última palabra é a que figura na versión de *Resol*, se ben na edición do poemario de 1935 aparece a forma corrixida, a respecto da cal se dá algunha outra variante.

---

[51] Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas* —estudio, edición e notas de Xesús Alonso Montero—, Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, col. Biblioteca de Autores Gallegos, 1983.

[52] Estes e outros aspectos están estudiados por José Landeira Yrago no seu libro *Viaje al sueño del agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia, 1986.

De Aquilino Iglesia Alvariño recóllense no nº 10 de *Resol* dous poemas, "A noiva branca da lua" e "Mes de xaneiro", pero xa no nº 9 figura un breve poemiña titulado "Pandeireta". Os dous primeiros proceden do apartado "Reiseñores luarentos" do libro *Corazón ao vento* (1933). Polo que se refire a "Pandeireta", xa aparecera publicado en *Galiza* (nº 4, 1932) a carón doutra composición que comeza "Pol-a bufarda da buhardilla..." do mesmo poeta. Ó ano seguinte da súa publicación na revista de Mondoñedo o autor inclúe "Pandeireta" como intermedio dun bloque de tres poemiñas que, baixo o título xenérico de "Tres estampas", aparece no primeiro apartado do xa citado *Corazón ao vento*. Cómpre subliñar que as versións do poemiña, tanto en *Galiza* coma en *Resol*, están incompletas. Fáltalles o encabezamento, composto de tres versos: "Pandeireta, / abelaíña de prata de cèn alas, / sobre as roseiras da risa nunca queda". Doutra banda, a única variante entre a versión das revistas e a do libro está no verso antepenúltimo, "muiño" por "moíño".

Manuel Luís Acuña aparece no nº 9 de *Resol* coa composición que comeza "O vento arrola luceiros". Pertencente ó libro *Fírgoas* (1930), constitúe a segunda parte do poema "O neno", que dedica a Xohán Luís Ramos Colemán e, tan só se rexistra a variante "mundo" por "mar" na última palabra do poema dunha a outra versión, tal como se indica na edición por nós consultada[53].

Dous poemas galegos de Luís Pimentel publica —da man de Ánxel Fole— *Resol* no nº 10. Trátase de "Paisaxe sin historia" e "A Rosalía". Este último —conxuntamente con "Outra vez Rosalía", que dedica a Ramón Otero Pedrayo e "Marcha fúnebre pra Rosalía"— é un dos tres poemas que o poeta lugués escribe sobre a poetisa de Padrón en *Sombra do aire na erba* (1949) e neste mesmo libro aparece tamén o primeiro dos citados. *Resol*, neste caso, adianta poemas que só despois apareceron incorporados nun libro. Hai que advertir, sen embargo, que "Paisaxe sin historia" está en *Nós* (nº 137/138), correspondente ós meses de maio-xuño de 1935, e que, por tanto, foi adiantado pola coñecida e prestixiosa revista ourensá. As versións de ambas revistas son coincidentes, o mesmo que acontece coas do libro de 1959, entre as que só se aprezan pequenas variantes de orde gramatical.

Levada tamén por Ánxel Fole aparece unha composición de Aureliano Xosé Pereira. Baixo o epígrafe "Teus quince anos" (nº 10) advírtense en realidade tres partes distintas: "Pol-o camiño que ti agora subes", "Pechando os ollos e sorrindo on tempo" e "As follas que verdes foron". Este poema é un dos cincuenta e tres que integran *Cousas da aldea* (1891). Segundo apunta Mª. José Rodríguez Valcárcel[54] na análise temática que fai do libro, "Teus quince anos" é unha das composicións que N. Correal y Freire de Andrade, no volume *Aureliano J. Pereira. Estudio literario* (1908), clasifica dentro dos poemas dedicados á muller.

De Abel de Acebedo, pseudónimo do escritor lucense Avelino López Otero, morto ó pouco de comezar a guerra civil, quen colabora no nº 10 de *Resol* co poema "Muiñada", non se ten constancia que fora incorporado noutras publicacións galegas. Entre os inéditos deixados por quen en 1930 fora director do semanario republicano lucense *¡Ahora!*,

[53] Vx. Manuel Luís Acuña, *Fírgoas* —edición de Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás—, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 31, 1992, p. 100.

[54] Mª José Rodríguez Valcárcel, *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento galego*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 10º Premio Literario Ánxel Fole, 1996, p. 61.

figura tamén en galego, o soneto "Miño lugués". Baixo o devandito pseudónimo compuxo poesías, en galego e en castelán, en *¡Ahora!* ou *A Nosa Terra*, se ben ocultou tamén a súa identidade baixo outros pseudónimos como Yo de aquí, en *¡Ahora!* e *Guión*.

Xosé Díaz Xácome é autor dunha "Cantiga" (nº 10), que nese mesmo ano 1936 apareceu no seu libro *Primeiras cantigas do AMOR*[55]. Sinalada esta obra, e o conxunto da súa poesía, como primeiro exemplo de poesía trobadoresca en segundo grao[56], nela está presente o modelo da poesía de Álvaro Cunqueiro, en especial o de *Cantiga nova que se chama riveira* (1933). Trátase da mesma versión en ambos casos.

No que respecta ó poema de Xosé Luís Méndez Ferrín aparecido no número homenaxe de *Resol* saído o Día da Patria Galega de 1990 baixo o encabezamento "Con pólvora y magnolias", hai que dicir que estes son os primeiros versos do seu libro *Con pólvora e magnolias* (1976), reproducidos sen ningún tipo de modificación digna de ter en conta.

De Rafael Dieste rexístrase unha mostra poética en galego no número de homenaxe de 1990, que vén ser un fragmento da primeira parte do poema "¡Ai, romaxe aquela!... (Lembranza de Castelao)". En concreto trátase das catro primeiras estrofas do poema que xa tiña aparecido en 1978 incluído na *Antoloxía da poesía galega actual*, preparada pola revista de poesía e crítica *Nordés*. Tamén sería recolleito por Xesús Alonso Montero na *Coroa poética para Castelao (187 poemas: de 1911 a 1987)*. Do autor de *Rojo farol amante* tamén se rexistra unha composición poética, en castelán neste caso, titulada "Teatro inmóvil de rocas:" (nº 9), absolutamente inédita e, polos datos que posuímos, non consignada en ningún repertorio bibliográfico sobre o autor.

O poema "Epidemia", de Lino Braxe, aparecido no número de homenaxe saído en 1990 pertence á antoloxía poética *De amor e desamor II* (1985) e no mesmo ano 1990 foi incorporado ó seu libro *Banquete*, que constitúe o nº 22 da colección Leliadoura de poesía. Hai que dicir que o texto incorporado en *Resol* é unha parte do da antoloxía de 1985 e do volume individual de 1990, xa que só representa o que son as seis primeiras estrofas dun poema abondo máis extenso.

A composición "Lenda de Ith", da autoría de Uxío Novoneyra, incorporada no número de homenaxe de *Resol* (1990) aparece datada no 14 de nadal de 1988. Esta mesma data é a que aparece noutra versión do poema correspondente a unha recente colectánea da súa obra poética[57]. Amais do propio título, escrito de forma caligráfica, na primeira das versións tamén aparece entre os versos iniciais "Ith fillo de Breogán", ausente na edición de 1996. En troques, na revista faltan os versos "non son nebras branquísimas á lúa non o laz navegando fríos mares. / Ith baixou da torre sól-en partir. Non se sabe se fuxe / ou vai levada da certeza sola cara o Norte boreal da noite.", presentes na versión da referida escolma poética.

Polo derradeiro, denantes de dar por finalizado este repaso da producción galega que acollen as páxinas da revista que nos ocupa, é mester, cando menos, referir os

[55] Xosé Díaz Jácome, *Primeiras cantigas do AMOR*, Mondoñedo: Editorial Un, 1936.

[56] Teresa López, *O neotrobadorismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997, pp. 196-199.

[57] Vx. Uxío Novoneyra, *Do Courel ó Monte Branco. Escolma poética*, Ponteceso-A Coruña: Asociación Cultural Monte Branco, 1996, p. 20.

variados textos de literatura popular rexistrables no nº 6. Baixo o epígrafe de "Romances do ciclo compostelán" un deles, "Gaiferos de Mormaltán", é o mesmo que enceta a serie "Romances populares" contida na *Antología de la Lírica Gallega* (1928), de Álvaro de las Casas. Do mesmo xeito que neste libro hai unha extensa sección de "Cantares populares", un abondoso número de cantigas populares tamén se incorporan no devandito número da revista.

Hai que ter en conta, finalmente, as traduccións de poemas ó galego, coma a que Otero Pedrayo realiza do poema "A Ivonne Pen-Moor", de Charles Beaudelaire; a feita por Xosé Neira Vilas de "Deprende a tirar soldado", de Nicolás Guillén, ou mesmo a do poema de May Swenson titulada "Práctica nocturna", as dúas últimas no número de homenaxe de 1990.

2.5. Resol: barraca de feira, selo editorial e librería

Seguramente, foi a incansable e fructífera actividade —no ámbito da cultura en xeral e nos terreos da arte e da literatura en particular— de Arturo Cuadrado e de Luís Seoane o feito determinante para que *Resol* resultara algo máis que a cabeceira dun fuxidío prego literario-poético.

En efecto, no ano 1933, polas festas do Apóstolo, cando aquel prego tiña xa cuberta unha parte da súa primeira andaina, xorde unha nova iniciativa (así mesmo de signo divulgador e popularizante) de Arturo Cuadrado á que de seguido se vencella Seoane: unha exposición de obras de arte que non se limitaba a unha simple mostra de cadros ou obras escultóricas e que os seus animadores chamaron Barraca de Feira Resol. Esta barraca estaba formada por varios toldos instalados na carballeira de Santa Susana. Os cadros e demais obxectos de exposición eran contemplados por feirantes e campesiños, pero a pintura exhibida era vangardista[58], non popular. Isaac Díaz Pardo, aínda neno, fixo algúns rótulos para esta barraca que probablemente naceu dos contactos dos seus impulsores con García Lorca e da presencia de "La Barraca" lorquiana en Santiago de Compostela. Foi tamén relacionada coas itinerantes Misións Pedagóxicas. Luís Seoane deixou máis dun testemuño escrito daquela iniciativa, daquela barraca

> con obras de Eiroa, Maside, Colmeiro, Souto y mías, algunas de las cuales si eran incomprensibles para los nutridos intelectualmente de las colaboraciones de *Blanco y Negro*, eran vistas al menos sin sorpresa aparente por los campesinos que acudían a la feria.[59]

Máis afervoada e descritiva é a lembranza de Arturo Cuadrado. A exposición estaba patrocinada polo Estado e desprazábase de acordo coas peticións ou solicitudes dun lugar a outro. Como as vellas Barracas de Arte que ían ata os máis afastados currunchos, así saía a Barraca de Resol para visitar, ademais de Santiago de Compostela, Negreira, A Coruña, Ferrol, Padrón ou Vigo, levando

> sus cuadros, sus esculturas, sus libros, sus flores, sus conferenciantes a todos los pueblos donde lo soliciten, a donde quiera. En la Barraca van

[58] María Esther Rodríguez Losada, *Carlos Maside*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1993, pp. 121-125.

[59] Luís Seoane. *Textos inéditos*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1991, p. 43.

> cuadros de Maside, Souto, Torres, Seoane y esculturas de Eiroa.
> Se habían encontrado todos los colores de "Resol" y así nació la pintura.[60]

Tamén en Compostela, na rúa Calderería nº 18, abría as portas naquel tempo a Librería Editorial Niké, fundada e dirixida por Arturo Cuadrado. Nesta ocasión Cuadrado contou coa axuda do xornalista e avogado pontevedrés Xohán Xesús González, que nos seus anos de estudiante de Dereito en Santiago de Compostela desenvolveu unha sobresaínte actividade cultural e política. Integrante do grupo teatral Universidade, fundou en 1931 o partido Unión Socialista Gallega. Publicou numerosos artigos de temática política, social e económico-laboral en *El Compostelano* e *El Pueblo Gallego*. Tamén escribiu un libro poético —*Agarimos* (1921)— e publicou nas páxinas de Lar dúas novelas, *Ana María* e *A filla da patrona* (ambas en 1926), e posteriormente deu ó prelo *A modelo de Paco Asorey* (1933). Foi fusilado nos primeiros días da guerra civil e parte da súa obra non se conserva. Arturo Cuadrado ten falado daquel insólito establecemento que tivo un orixinal e dende logo nada interesado sistema de compravenda:

> Es el único caso en el mundo. Fue en 1931. Teníamos en la librería a los mejores autores, a Ortega, Unamuno, Azorín... y cada cual cogía el libro que quería y dejaba en un cepillo en la puerta lo que quería, o en muchos casos lo que podía, porque esta librería lo que pretendía era difundir la cultura, y los más necesitados eran los que iban a ella a por unos libros que en circunstancias normales no podían adquirir.[61]

Aquela nova iniciativa rematou mal para un Arturo Cuadrado que —escribe Costa Clavell[62]— "andou sempre encerellado en negocios editoriais", pois o seu local foi queimado polos franquistas.

En Santiago de Compostela tiña Ánxel Casal, como xa dixemos, a imprenta na que se tiraba a revista *Nós*. Alí realizou Seoane os seus primeiros traballos como artista gráfico ilustrando libros poéticos de Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro ou Feliciano Rolán. Pois ben, co selo da Editorial Resol Arturo Cuadrado editou por vez primeira *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) do seu amigo Álvaro Cunqueiro, quen na segunda edición do seu libro (Edicións Monterrey, 1957) engadiría ó mesmo cinco novas cantigas. Por certo que aquela primeira edición, malia levar o selo editorial de *Resol* foi impresa no prelo de Nós, do aludido Ánxel Casal.

Un dos libros do que temos noticia, publicado pola Editorial Niké, é *Viaje y fin de don Frontán* (1930), de Rafael Dieste. O libro levaba unha cuberta ilustrada por Colmeiro e del tiráronse cincocentos exemplares. Ó prezo de 3, 50 pts. exemplar, Arturo Cuadrado liquidou a Dieste unha cantidade inferior ás 370 en concepto de dereitos de autor. A carta que contén os referidos datos, da que deu noticia Xosé L. Axeitos[63], amosa non só unha total honestidade do editor, senón un tipo de relación co autor de absoluta modernidade, relación baseada nun exacto rendemento de contas que aínda hoxe non todas as editoriais practican.

---

[60] Arturo Cuadrado, "La Barraca de Feria "Resol", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25-VII-1933.

[61] César Jiménez, "Castelao quería en 1936 que Vigo fuese la capital de Galicia", *Atlántico Diario*, Vigo, 26-VII-1995, p. 6.

[62] Xavier Costa Clavell, "O mito Arturo Cuadrado", *O Correo Galego*, Santiago de Compostela, 1-VIII-1995, p. 4.

[63] Xosé L. Axeitos, *"Viaxe e fin de d. Frontán.* Datos para unha posta en escena" en Rafael Dieste, *Viaxe e fin de don Frontán*, versión galega de Manuel Guede Oliva, Santiago de Compostela: IGAEM, col. Centro Dramático Galego, 1995, pp. 78-79.

Co mesmo selo editorial aparecía unha singular e ata escandalosa novela sobre a que de seguido caeu o silencio: *Salomé de Sar* (1931), de Manuel Fuentes Jorge. Nado en Santiago de Compostela en 1899, poeta, novelista e dramaturgo en castelán, Fuentes Jorge marchou á emigración, por presións familiares, tempo despois de publicar a súa novela. As alusións ós estamentos eclesiástico e burgués da sociedade compostelana, a visión da corrupción moral dos mesmos fixo provocadora aquela novela de fondo naturalista na que por veces ecoa estilisticamente Valle-Inclán. *Salomé de Sar* proxecta unha interesantísima visión da vida santiaguesa e semella digna de ser recuperada.

No percorrido biobibliográfico que Luís Seoane[64] fixo de Cuadrado, afirma que este publicou tamén co selo de Niké a obra *Un suceso en los arrabales. Estampa dramática en un acto* (1933) de Antonio Ramos Varela[65].

---

[64] "Cuadrado Moure, Arturo", e*n Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago/Gijón: Silverio Cañada editor, vol. 8, 1974, pp. 69-70.

[65] Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1953, vol. III, p. 160.

3. Etapa arxentina (1937-1938)

3.1. A poesía na guerra civil

O *Resol* arxentino, no exilio, pódese interpretar como unha antoloxía breve (gráfica e literaria) da guerra civil, acontecemento que suscitou, en galego e castelán, unha producción poética da que ofrecemos a continuación unha síntese, unha panorámica breve que non é senón o contexto no que xorde *Resol*. Esta panorámica refírese, exclusivamente, á producción poética que se sitúa no bando favorable á República dende diversas perspectivas e posicionamentos ideolóxicos ou de partido. Esta producción trata unicamente o tema bélico.

Pois ben, en España, durante o trienio da guerra, temos arredor de 3.400 autores que publican polo menos un poema, sexa en xornais, revistas ou libros. Máis do noventa por cento deles maniféstanse, sen embargo, en xornais, boletíns, caderniños, follas soltas ou revistas. Na prensa partidaria da República publícanse arredor de 8.500 poemas, a metade deles —aproximadamente— na prensa militar, que contou con case 500 publicacións fronte ás arredor de 800 da prensa civil da retagarda[66].

Só un oito por cento da producción poética se rexistra en libro. Neste senso, apareceron (en España e en castelán) sesenta poemarios, dos que só once conteñen composicións inéditas. Os restantes recompilan poemas xa publicados en prensa (xornais e revistas). A producción poética inspirada na guerra é creación popular. A poesía era considerada un dereito, unha conquista revolucionaria, unha manifestación de liberdade. A inmensa maioría dos autores non son escritores habituais: só un dous por cento deles publican máis de cinco poemas. Dos 3.400 autores só cen foron mulleres.

Dos milleiros de poemas do *corpus* lírico republicano da guerra o apartado máis amplo e característico é o Romanceiro, que abrangue máis da metade do total da creación lírica. O romance, co popular verso octosílabo, alcanza un evidente valor simbólico. O Romanceiro, integrado por series de romanceiros ideolóxicos (marxista, socialista, comunista, anarcosindicalista) ou de partido ou sindicato (P.C.E., C.N.T., F.U.E, U.G.T., P.O.U.M., F.A.J., J.R., etc.) constitúe unha epopea que exalta o heroísmo e transmuta o obxectivo histórico para instaurar unha orde baseada nunha concepción do home e da sociedade que representa os esforzos e a loita democrática e antifascista.

O Romanceiro da guerra civil española, como epopea que é, divide o mundo en bos e malos e identifica ó individuo coa comunidade á que pertence. O heroe é a comunidade. Pero como esta epopea está fundamentada nun ideario de signo social, exalta ós sectores máis fráxiles ou desfavorecidos: os pobres e humildes, os obreiros e campesiños, os nenos.

Versión persoal e humanizada das teorías e idearios políticos, o Romanceiro ten na terra o seu máis fundamental tema. Hai romances heroicos, satírico-burlescos ou líricos. Hainos de heroes e de batallas, da muller e do neno e da familia, de ataque ás forzas do mal e de canto ó valor exemplarizante. Distanciado en gran medida da realidade obxectiva, o Romanceiro non constitúe unha crónica puntual do acontecer da gue-

[66] Vx. ó respecto, Serge Salaün, *La poesía de la guerra de España*, Madrid: Ed. Castalia, 1985.

rra. Malia todo, rexistra en certo modo o curso dos acontecementos: á etapa inicial de entusiasmo e ímpetu sucede outra de nostalxia e conciencia da fin, da derrota.

Entre o amplo abano de romanceiros, o de máis entidade é, sen dúbida, o *Romancero General de la Guerra de España* (1937), preparado por Antonio Rodríguez Moniño. Anotemos tamén o *Romancero de la guerra civil* (1936) promovido polo Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, e o *Romancero de los voluntarios de la libertad* (s.d.) do Comisariado de Guerra das Brigadas Internacionais. Outras representativas compilacións poéticas nas que os romances son elemento esencial son: *Poesía en las trincheras* (1937), do Comisariado Xeral de Guerra; *Poetas de la España leal* (1937) e *Poesía de la guerra* (s.d.) das Edicións do 5º Rexemento. Entre as últimas compilacións cómpre anotar as de Francisco Caudet, *Romacero de la guerra civil* (1978), Antonio Ramón Gascón, *Romancero del ejército popular* (1978) e Serge Salaün, *Romancero de la guerra de España* (1982).

A estas escolmas ou recompilacións hai que engadir algúns memorables poemarios de guerra de poetas españois e hispanoamericanos. Aquí é obrigada a mención polo menos de *La rosa blindada* (1936) e *La muerte en Madrid* (1939), de Raúl González Tuñón; *De un momento a otro* (1937), de Rafael Alberti; *España, poema en cuatro angustias y una esperanza* (1937), de Nicolás Guillén; *Viento del pueblo* (1937), de Miguel Hernández; *España en el corazón* (1937), de Pablo Neruda; *Llanto en la sangre (Romances, 1933-1936)* (1937) e *Cancionero menor para combatientes* (1938), de Emilio Prados; *Héroes del sur* (1938), de Pedro Garfias; *Guerra viva* (1938), de José Herrera Petere, e *España, aparta de mi este cáliz* (1940), de César Vallejo.

Por condicionamentos moi diferentes, a lírica galega inspirada na guerra civil[67] non constitúe un capítulo de particular riqueza nas nosas letras. As publicacións promovidas por galegos (ou nas que teñen influencia) están fóra de Galicia. Así acontece con *Nova Galiza* (Barcelona, 1937), a máis xenerosa no emprego do galego, baixo a dirección de Castelao e Rafael Dieste; *Nueva Galicia* (Madrid, 1937), *El Miliciano Gallego* (Madrid, 1937), *Milicia Popular* (Madrid, 1936), *Galicia Libre* (Madrid-Valencia, 1937), *Acero* (Madrid, 1937), *Breogán* (Madrid, 1937) ou *El Socialista Gallego* (Madrid, 1938) e algunha máis. O único poeta de relevo que publica orixinais de poesía bélica é Ramón Cabanillas. As citadas publicacións reproducen poemas galegos de Alfredo Brañas, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Francisco Añón, Amador Montenegro Saavedra, etc.

A situación non varía moito nas publicacións galegas de Hispanoamérica entre 1936 e 1939. En Cuba, en *Cultura Gallega* (1936-1940) atopamos poemas —non sempre bélicos— de Isidro Guede, Couceiro Freijomil, Vázquez Rábade, Barros Pinto, Fuco G. Gómez e reproducción de poemas de Aureliano Pereira, Rosalía, Leiras Pulpeiro, Lamas Carvajal ou Cabanillas.

Na Arxentina, *Correo de Galicia* (1936), de Bos Aires, limítase a reproducir composicións de A. Villar Ponte, Castelao, Valle-Inclán, Manuel Lugrís ou Álvaro de las Casas. En *Galicia*, nos números correspondentes á etapa da guerra, temos algo sobre esa temática en poemas de Emilio Pita, Ramón Rey Baltar, A. Zapata García ou Ramón

[67] O ámbito da lírica galega da guerra civil foi percorrido polo miúdo por Claudio Rodríguez Fer en *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1994.

Camaño. Neste contexto hai que salientar a temperá e importante contribución de Luís Seoane (obra gráfica ou prosa) en publicacións como *Crítica* (1937), *Galicia Libre* (1937) ou *Resol* (1937-1938), pero tamén en *Trece estampas de la traición* (1937) ou *La Galice sous la botte de Franco* (1938).

Como poemario bélico en galego rexistramos, excepcionalmente, *A gaita a falare. Lembranzas e maldicións* (1939), de Ramón Rey Baltar. Temos aquí un total de quince poemas da guerra que, doutra banda, xa apareceran en *Nova Galiza* (Barcelona) ou *Galiza* (Bos Aires). Cómpre subliñar que o libro está ilustrado con debuxos de Castelao, Colmeiro e Luís Seoane.

Pero o coñecemento que ata agora se tiña da nosa lírica da guerra viuse recentemente incrementado co achádego, polo profesor Alonso Montero, dunha fotocopia —entregada por Ramón Martínez López á biblioteca da Fundación Fermín Penzol— do *Cancioneiro da loita galega*[68] que, por iniciativa do Partido Galeguista e moi posiblemente baixo a responsabilidade editorial de Florencio Delgado Gurriarán, aparecía en México en 1943.

A nova edición deste *Cancioneiro*, máis de medio século despois da súa publicación, está acompañada dun estudio introductorio —"As musas belixerantes do exterior"— do propio Alonso Montero, que indaga na publicación e datación orixinaria dos poemas (procedentes de xornais e revistas como *El Miliciano Gallego, Nova Galiza, Galicia* ou *Nueva Galicia*) incorporados anos despois ó *Cancioneiro*, que, por certo, non tivo continuidade malia anunciarse como "Tomo primeiro" na cuberta.

Os apartados segundo e terceiro ofrecen unha breve mostra de poesía non sempre de guerra, pero si patriótica ou hímnica. No terreo bélico temos invectivas contra os fascistas sublevados, exaltación dos patriotas caídos en combate, composicións de acento elexíaco, etc. Parte do *Cancioneiro* está constituído por once poemas do libro *A gaita a falare* (1939) de Ramón Rey Baltar ó que xa fixemos mención. Entre os poetas máis salientables destas páxinas (que, en boa medida, non fan senón confirmar o predominio do romance como canle dun lirismo urxente e belixerante que se constitúe en resposta inmediata ás circunstancias) mencionamos a Ramón Cabanillas, Emilio Pita, Florencio Delgado Gurriarán (baixo o pseudónimo Nadel) e o xa mencionado Ramón Rey Baltar.

3.2. República e guerra civil na plástica galega

Ó longo do noso traballo sobre a traxectoria de *Resol* citamos a numerosos artistas galegos vencellados á esta e a outras revistas da década de 1930. Tentaremos neste apartado ofrecer unha información breve da obra destes artistas que reflicte xa a situación política e social da época da República, xa os feitos acontecidos na guerra civil, sempre dende unha perspectiva crítica e de esquerdas e sempre con referencias ó particular caso galego. De certo, non foi unicamente Luís Seoane o que deixou constancia da problemática galega nos anos da República, da campaña de propaganda do Estatuto galego e dos horrores da guerra civil en Galicia. No tratamento destes temas, o indiscutible primeiro lugar está ocupado por Castelao, mestre dos artistas novos que andaron á procura de anovadores vieiros para a arte galega.

---

[68] Xesús Alonso Montero (ed.), *Cancioneiro da loita galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996. Tamén é consulta obrigada o seu libro *Os poetas galegos e Franco (Estudio e Antoloxía)*, Madrid: ed. Akal, 1997.

Boa parte dos artistas aquí representados contribuíron non só coas súas obras pictóricas ou debuxos, senón tamén con escritos e artigos de todo tipo sobre temas culturais, político-sociais ou bélicos. Así acontece con Castelao, Fernández Mazas ou Seoane. Pero, sobre todo, moitos deles enfocaron os problemas pola vía do humor e constitúen, xa que logo, os representantes do humorismo gráfico de carácter político[69] na prensa galega no período 1931-1936.

Debuxos e viñetas destes artistas exhiben ás xentes que representan dous mundos opostos: o rural ou mariñeiro e o urbano; sempre en confrontación, sempre en situación de aberta desigualdade, sempre en relación de oprimido-opresor. A galería de figuras e tipos que os representan está integrada por humildes labregos e mariñeiros, pobres de toda clase, cegos de romaxes, feirantes, caciques, políticos de boa vida e moita labia, curas larpeiros ou rixosos, emigrantes retornados, señoritos e señoritas cursis da cidade que se avergonzan de todo o que é galego, etc.

A Galicia que aquí se reflicte ten a orixe dos seus males, dunha banda, na política de marxinación que sofre por parte do goberno central; doutra, en lacras propias como o caciquismo, a corrupción dos políticos, a insolidariedade social e a miseria e ignorancia que pesa sobre o pobo, no que o ámbito do rural e mariñeiro é a parte máis representativa. Entre a visión humorística, de raigame galega e popular, e a crítica máis dura de intención social e política oscila a visión de diferentes artistas dos que, sen pretensións de exhaustividade, facemos referencia a continuación.

Eduardo Padín (Tui, 1886-Vigo, 1950)

O máis representativo do seu labor no ámbito da ilustración xornalística está nas páxinas de *Vida Gallega*, na que colaborou dende 1916 ata 1935, sobre todo como ilustrador das súas portadas. Pero os seus debuxos e viñetas, cos textos en galego, andaron tamén polas páxinas de *Faro de Vigo, La Región, El Ideal Gallego, El Pueblo Gallego, La Semana* e *La Integridad* (as dúas últimas, de Tui).

Home de formación autodidacta, interesante miniaturista, Padín foi sobre todo un humorista influído en principio pola obra de Castelao. Tivo, nos "contos" das súas viñetas, unha sensibilidade particular cara ás cuestións lingüísticas. Da mesma forma que outros artistas que tratamos (Torres, Cebreiro, Fernández Mazas, Xaime Prada ou Vidales Tomé), Padín deixou constancia crítico-humorística da Galicia dos anos da República, coa morea de problemas sociais, culturais, económicos, ideolóxicos e políticos daquel tempo, sempre interesado no punto de vista popular.

Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950)

Tívose que multiplicar a actividade política de Castelao a partir dos comezos da guerra civil. Deputado da Fronte Popular, viaxou a Barcelona e Valencia. Animou a formación das Milicias Galegas e tentou a aprobación definitiva do Estatuto polo Parlamento da República. Xa dende 1936, en revistas e xornais (*Umbral, El Miliciano Rojo, El Mono Azul*) reproducíanse significativos debuxos prebélicos de Castelao, que

[69] Lalo Vázquez Gil, *El humor gallego en los medios de comunicación*, Vigo: Edicións Cardeñoso, 1992.

en 1937 publicaba en Valencia, a través do Ministerio de Propaganda do Goberno da República, o primeiro dos seus tres álbumes da guerra, *Galicia Mártir*, no que traballaba dende o mes de xullo. As dez estampas de que constaba o álbum apareceron reproducidas no mesmo ano en *Nueva Cultura, Nova Galiza, 3ª Brigada, Octubre* e *Madrid*. Ó ano seguinte en *Galicia Libre* e, xa en 1939, en *España*.

Autocaricatura

Tamén en Valencia e no mesmo 1937, editado polo comité nacional da C.N.T., apareceu o segundo, *Atila en Galicia*. Os debuxos deste álbum foron reproducidos en *Nueva Galicia, Nova Galiza, Umbral, Galicia Libre, Alicante Rojo, Fragua Social* e *El Pueblo* e tamén na prensa estranxeira, que traducía os textos escritos que acompañaban ós debuxos.

Finalmente, en 1938, nos Estados Unidos, dá a coñecer *Milicianos*[70], en publicación da Fronte Popular antifascista galega. Ademais de significativos textos (*Manifesto Nós*, sucesivas entregas de *Verbas de chumbo, As tres plagas*, o prólogo ó libro de Rivero Gil con debuxos antifascistas), Castelao deixou un importante material de ilustración de tema bélico en *Nova Galiza* e *Nueva Galicia*.

Carlos Maside (San Xulián de Requeixo, 1887-Santiago de Compostela, 1958)

Carlos Maside desenvolveu, xa dende os anos inmediatamente anteriores á República, un importante labor de xornalista político, ó tempo que publicaba gravados e debuxos. Colaborador de *El Sol, La Voz, Libertad, Más* ou *La Raza*, coñecido polas súas ilustracións dende 1929, aínda que as súas primeiras viñetas en *Vida Gallega* aparecen xa en 1918 e en 1923 colaboraba en *Faro de Vigo*, deixou interesantes contribucións gráficas sobre todo na antecitada prensa de Madrid e particularmente en *Política* e *Nueva España*; nesta última, promovida por Ortega y Gasset, temos algúns significativos títulos de viñetas críticas como "La cárcel", "La Elocuencia", "Ha pasado el orden", etc.

Autorretrato

Maside, que en 1928 deixara de colaborar en *El Pueblo Gallego* —canle expresiva da súa xeración—, regresa a aquelas páxinas en 1932. Daquela asiste (con Eiroa, Colmeiro, Souto e outros escritores mozos) ás tertulias compostelanas do Derby e o Español: é un mestre admirado polos máis mozos —como Seoane— do movemento renovador da arte galega. Colabora nas revistas *Resol, Cristal, Yunque* e *Ser*. En *Nós*[71] contribúe con retratos de Francisco Fernández del Riego (nº 117, 1933) e Castelao (nº 122, 1934). As numerosísimas viñetas de Maside en *El Pueblo Gallego*, clasificadas e estudiadas por Mª Esther

[70] Vx. estes tres libros de estampas da guerra *(Galicia Mártir, Atila en Galicia e Milicianos)* de Castelao, no volume editado por A Nosa Terra, Vigo, 1995.

[71] O labor dos importantes ilustradores da revista (Castelao, Risco, Maside, Seoane, Fernández Mazas, Vidarte, Pintos Fonseca, Manuel Méndez, Prieto Nespereira, etc.) está estudiado por Mª Victoria Carballo Calero Ramos, *La ilustración en la revista Nós*, Ourense: Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1983.

R. Losada[72], reflicten temas e problemas da vida galega, da República en xeral e da vida política internacional (ameazas de guerra, ascensión do fascismo, etc.). Tampouco deixou de esculcar nas circunstancias do proceso político e social vivido entre o xurdimento da Fronte Popular e o estoupido da guerra civil.

Dende unha perspectiva crítica de home galeguista e de esquerdas, Maside afirmou nos seus deseños, viñetas e gravados, uns valores éticos e utilizou formas vangardistas no enfoque dos temas de carácter político e social. Non ilustrou a guerra, pero si os conflictivos anos da República, reparando nas desigualdades sociais, na loita de partidos, na falsidade dalgúns políticos, na situación da muller, nos brotes de violencia, na prepotencia da dereita política, na indefensión do pobo, nos excesos do centralismo, na fame e na pobreza, na campaña do Estatuto galego e, en suma, nas claves fundamentais da vida española (e galega en particular) entre 1930 e 1936.

Camilo Díaz Baliño (Ferrol, 1889-A Coruña, 1936)

Pertencente ó grupo de artistas galegos influídos polo Art Nouveau (con Castelao, Máximo Ramos, Bujados, etc.), Díaz Baliño, militante galeguista nos anos trinta, vecellou a súa arte ó seu compromiso político. No seu obradoiro de Santiago de Compostela, dende 1920, fixo carteis de propaganda, decorados teatrais e cinematográficos, capas de libros e ilustracións de todo tipo. As súas colaboracións de ilustrador figuran nos libros das coleccións Lar e Céltiga e en medios de prensa como *A Nosa Terra, Nós, Galicia, El Despertar Gallego, Terra Galega, Vida Gallega,* etc.

Ademais da súa fermosa producción cartelística dedicada a Santiago de Compostela[73] e dos seus decorados para a representación de pezas teatrais de A. Cotarelo Valledor, San Luís Romero, A. Villar Ponte, Linares Rivas ou Cabanillas, foi Díaz Baliño figura destacada na elaboración dos carteis de presentación do Estatuto de Autonomía de Galicia para a súa campaña de difusión e plebiscitación, que tivo o refrendo popular afirmativo o día 28 de xullo e 1936. Nese labor colaboraron, ademais, Castelao, Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, e foi o obradoiro compostelán de Díaz Baliño o centro de operacións.

Na súa intervención no cartelismo de propaganda do Estatuto, no que metaforicamente representa a unha Galicia de progreso, á vez tradicional e moderna, temos a contribución artística de máis marcada dimensión política de Díaz Baliño, que, fusilado na Coruña o 14 de agosto de 1936, foi víctima da barbarie dos primeiros intres da guerra.

Xaime Prada (Vilamartín de Valdeorras, 1891-Madrid, 1966)

Artista de sona nos anos vinte e trinta, a súa obra gráfica está moi directamente vencellada ás páxinas de xornais e revistas. Interesante linoleísta, fixo numerosas viñetas (ou "monos") de carácter humorístico, boa parte delas co texto en galego. Profesor de

[72] María Esther Rodríguez Losada, *A época da IIª República vista por Carlos Maside*, op. cit.

[73] Mª Luisa Sobrino Manzanares, *O cartelismo en Galicia desde as súas orixes ata 1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1993.

debuxo no Instituto de Ferrol, colaborou en publicacións (madrileñas moitas delas) como *Juventud Española, La Esfera, Buen Humor, Iberia, Blanco y Negro* ou *Nuevo Mundo*, pero sobre todo en *Parábola*, de Burgos. Importa salientar aquí a publicación, en 1927, pola Editorial Nós, dos seus *Grabados en Linóleum*, primeiro álbum linoleográfico publicado en Galicia e obra fundamental deste artista ourensán. Polo que se refire á súa obra nas publicacións galegas, en 1919 comezou a colaborar na viguesa *Vida Gallega*, onde traballou ata finais de 1934. En 1925 ilustra as páxinas de *Céltiga*, de Bos Aires, e ó ano seguinte figura en *La Zarpa*, de Ourense. Xa en 1928 publica un debuxo en *Nós* e fai algunhas colaboracións para *Faro de Vigo*. En 1936 estivo no cárcere e a súa casa foi expoliada.

Xaime Prada, por Cebreiro

Entre 1931 e 1935, sobre todo nas páxinas de *Vida Gallega*, Xaime Prada, dende unha óptica humorística, deixou a súa particular visión das xentes do pobo e prestou atención a algunhas claves sociais, económicas e políticas da época (a desconfianza das xentes nas promesas do goberno, o Estatuto autonómico, o enfrontamento entre partidos políticos, etc.). A súa obra artística, en moi boa medida, inscríbese no ámbito do galeguismo.

Ignacio Vidales Tomé (Ponteareas, 1896-1963)

Foi Vidales Tomé[74] artista coñecido e celebrado nos xornais e revistas de Galicia na segunda e terceira décadas do presente século. Daquela as súas viñetas andaban polas efémeras páxinas da prensa xunto coas de Castelao, Maside, Cebreiro, Fernández Mazas, Manuel Torres e outros.

En 1921 comeza Vidales Tomé a súa tarefa de debuxante nas páxinas de *Vida Gallega*, onde se deron cita os mellores humoristas gráficos galegos. Dous anos despois figura en *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. Foron moi populares os seus "contos" (con textos en galego ou bilingües) e as súas caricaturas, nas que aparecen moitos dos políticos dos anos vinte e trinta.

Autosilueta

Nos anos da República, as viñetas da súa autoría, de temas e personaxes de raíz galega, tratan do caciquismo, da situación europea, do voto da muller, da política republicana, dos partidos políticos, da cuestión da lingua, etc. Vidales Tomé foi, xa que logo, un retratista crítico, orixinal e desenfadado, da vida cotiá das xentes da súa terra. Dende 1936 deixou a súa obra artística, á que volveu despois de 1950, pero xa daquela era outro artista e non chegou sequera a igualar o que fixera con anterioridade.

[74] A súa obra artística como a de Castelao, Maside, Torres, Xaime Prada, Padín e Cebreiro, foi estudiada por Clodio González Pérez na súa serie de monografías "Os Nosos Humoristas" publicada por Ediciós do Castro entre 1982 e 1991.

MANUEL COLMEIRO (CHAPA, 1901)

Colmeiro é un dos grandes pintores galegos do século XX. A súa obra plástica ten como eixe Galicia, especialmente a temática do campo galego e o traballo e a vida das súas xentes. A súa primeira exposición tivo lugar nos salón de *Faro de Vigo* en 1928. Con posterioridade expuxo en Barcelona, Madrid, Lisboa, Bilbao, Bos Aires, Londres e París.

Autorretrato

O mesmo que Luís Seoane, embarca Manuel Colmeiro a finais de 1936 cara a Bos Aires, vía Lisboa. Na capital arxentina desenvolverá unha longa, fecunda e variada actividade artística na que está sempre a lembranza de Galicia. Colmeiro sabe o que deixa atrás: a morte de artistas e intelectuais amigos (Xohán Carballeira, Camilo Díaz Baliño, Luís Huici, Víctor Casas, Ánxel Casal...) e o reencontro no exilio con Arturo Souto, Luís Seoane, Castelao, Rafael Dieste, Suárez Picallo, Núñez Búa e tantos outros.

Unha primeira xeira da súa situación no exilio vai de 1937 a 1941. Son anos de memoria dos horrores da guerra, da desolación e soidade, de anguria e illamento. É a forza da memoria a que inspira as varias "maternidades" que pinta, vencelladas todas á traxedia bélica, á destrucción e ó abandono, ós cadáveres mesturados cos corpos dos sobreviventes.

Na pintura de Colmeiro destes anos ofrécense exemplos concretos dunha clara vontade de testemuñar. Así acontece con "La Noche" (1938), de bélico simbolismo, coas figuras que marchan cara á nai, que ten nos seus brazos un pequeno corpo quizais morto. Subliñemos aquí a forte pegada do expresionismo.

A alegoría, o soño surrealista está a operar en "Traxedia" (1937), que quere representar a masacre cometida polos fascistas en Canarias, lanzando ó mar ós republicanos cunha pedra atada ó pescozo.

A nostalxia da terra perdida e da familia, que non chegaría ata 1941, informan outras obras como "La carta" (1938), no que se xustapoñen dous espacios, o real e o soñado. Citemos tamén "El adiós" (1938), no que está presente a morriña da terra perdida, ou "Recuerdo" (1939-1940), na que o pintor crea unha protectora figura de nai cos seus fillos. Cunha temática semellante, "Abandono" (1940) volve ó ámbito da familia (nai-fillos) con cadáveres amoreados ó redor dun neno que aínda vive.

Contra o que acontece nos casos de Arturo Souto ou Luís Seoane, Colmeiro non pinta a guerra de forma directa cos seus protagonistas e acontecementos. Pinta a íntima e galega lembranza da guerra, o seu ecoar nas xentes e o fondo desacougo que provoca na súa máis fonda intimidade. Cuantitativamente, o material pictórico daqueles catro anos non é moi abondoso. Pero polos vieiros do onirismo surrealista, da alegoría e do símbolo, Colmeiro reflicte a pegada da guerra no ser humano, na xente anónima do pobo e en si mesmo.

Xa en 1950 Colmeiro instálase en París. Os seus cadros, que adoitan representar o mundo sinxelo e elemental das feiras e romaxes e do labor das mulleres galegas, figuran en museos e coleccións privadas en cidades de todo o mundo, dende Montevideo

a Milán e dende Nova York a Barcelona. Rafael Dieste e Antonio Bonet Correa son autores de interesantes traballos sobre a súa obra.

MANUEL TORRES (MARÍN, 1901)

Os primeiros traballos de Manuel Torres como ilustrador hai que situalos en 1921 nas páxinas de *Faro de Vigo*, nas que empregaba varios pseudónimos. Admirador e bo coñecedor da obra de Castelao, lector asiduo de revistas e xornais, interesado no nacionalismo a través dos artigos de Vicente Risco e Antón Villar Ponte en *Nós*, *A Nosa Terra* ou *Galicia*, Torres compartiu os presupostos ideolóxicos das Irmandades da Fala e escribiu varios artigos de tema lingüístico nos que defendía o uso da lingua como instrumento para alcanzar a autonomía espiritual, cultural e política de Galicia. En 1934 fíxose socio protector do Seminario de Estudios Galegos e ó ano seguinte colaborou en *A Nosa Terra*.

Autorretrato

Vencellado ó grupo dos Novos pero fóra de calquera militancia de partido, Torres foi un galeguista e quixo sempre traballar —como escritor e artista— para a súa terra. A súa aproximación ós artistas galegos do seu tempo data de 1925, cando substitúe a Carlos Maside en *Faro de Vigo* e asiste ás tertulias no Derby, bar vigués, con Rafael Dieste, Carlos Maside, Valentín Paz Andrade, Cándido Fernández Mazas, Castelao, etc. Así ten a oportunidade de colaborar en *Céltiga*, a carón de Castelao e Maside, con viñetas e debuxos; e tamén de facer amizade con ambos, que influíron no seu labor de debuxante crítico-satírico. Viñetas, debuxos e textos que publica en *Faro de Vigo, El Sol* e *La Libertad* amosan, dende a tenrura, o humor ou a crítica, o interese de Torres polos problemas das xentes labregas, polo carácter e sentimento do home galego, polos temas cidadáns, en moitas ocasións con marcada intencionalidade política. A lingua, a incultura e a pobreza do pobo, o contraste do mundo dos nenos e dos adultos ou da cidade e da aldea fornecen materia para a crítica social das súas ilustracións, impregnadas dun humor moi galego.

Importante caricaturista, Torres, colabora tamén como viñetista en *El Pueblo Gallego* entre 1930 e 1934. Comparte os ideais artísticos de Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Laxeiro, Virxilio Blanco e Carlos Maside.

Un capítulo autónomo da súa arte é o seu traballo no terreo do gravado en linóleo, que espallou xa a comezos dos anos trinta, polas páxinas de revistas como *Cristal, Spes* e, posteriormente —xa na posguerra— *Sonata Gallega, Finisterre* ou *Sal-Lux*. Intégrase, pois, na escola do linoleísmo pontevedrés xunto con Xosé Sesto, Pintos Fonseca, Paisa Gil, José Luis Turas, Fernando Alonso, Portela, De la Sota, etc.

Para Torres[75] a guerra civil foi unha paréntese, un baleiro. Pero nos anos da República adoptou un compromiso persoal e artístico con Galicia e cos artistas do

[75] Guillermina Soler Martínez, *El pintor Manuel Torres*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Servicio Central de Publicacións, 1987.

movemento de renovación da pintura galega. Viñetas e debuxos (e escritos en galego) da súa autoría configuran unha galería de xentes de raíz popular galega. O caciquismo, a situación da muller, o dereito ó voto, a defensa da terra, a denuncia da marxinación e a pobreza e a opresión que padece o mundo rural foron temas que inspiraron debuxos, caricaturas e viñetas de Manuel Torres; particularmente algunhas das súas series como "Cousas galegas" (en *La Libertad*), "Verbas" (en *El Pueblo Gallego*) ou "Conto galego" (en *El Sol*). A obra de Manuel Torres, xa dende os seus comezos, contou coa admiración de Arturo Cuadrado[76].

Cándido Fernández Mazas (Ourense, 1902-Pedrouzos, 1942)

Os primeiros traballos como ilustrador deste artista ourensán figuran en libros de escritores amigos como Euxenio Montes, Francisco Luís Bernárdez, Xavier Bóveda ou Álvaro e Augusto Mª Casas. Pero xa en 1925, e co pseudónimo Dichi, colabora nas páxinas de *La Zarpa* con caricaturas e debuxos humorísticos e case un centenar de gravados en linóleo; modalidade, esta última, á que foi levado por Manuel Méndez, amigo de Castelao e colaborador da pontevedresa revista *Alborada*. Outros gravados da súa autoría apareceron nas capas ou páxinas interiores de *Nós, Ronsel* e *Alfar* ó longo dos anos vinte. Publica tamén algúns poemas na viguesa *Vida Gallega* co pseudónimo Denys Fernández.



Autorretrato

Decidido partidario da República, a súa veta humorística, de intencionalidade crítica no ámbito sociopolítico, reafírmase na sátira contra os elementos politicamente reaccionarios. Esta actitude ponse de manifesto nas súas colaboracións no semanario ourensán *La República*, voceiro da Federación Republicana de Ourense, do que foi director Bibiano Osorio y Tafall. Pero entre 1935 e 1936 as súas viñetas crítico-humorísticas aparecen tamén en *El Pueblo Gallego*. Os debuxos, con textos en galego ó pé, estaban integrados en series como "Romancero político", "Lerias d'abondo", "Lerias d'o agro", etc. O caciquismo, a ameazante ascensión do fascismo, o reaccionarismo da alta burguesía e do estamento eclesiástico, os problemas do agro e o Estatuto autonómico son algúns dos temas tratados polo viñetista.

Ó mesmo tempo, xa dende 1935, Fernández Mazas[77] fai ilustracións para as páxinas de *Política*, Semanario Republicano de Izquierdas, de Madrid, en series como "Angélicas", "La vida innúmera", "Lerrouxianas", "Diálogos de la experiencia y de la hora", etc. de marcado contido satírico-político. Os seus artigos e debuxos figuran tamén en *Nueva España, Heraldo de Madrid* e *P.A.N.* Meirande agresividade aínda manifestan as súas ilustración en *El Combatiente Rojo*, xornal de P.O.U.M., xa en plena guerra civil, publicación dirixida por outro ilustre artista ourensán, Euxenio F. Granell, amigo de Fernández Mazas. A represión exercida na posguerra fixo que parte da obra de Fernández Mazas, sobre todo a de maior belixerancia política, se perdera.

---

[76] Arturo Cuadrado, "Torres. Su pintura alta y marinera", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 1993.

[77] Ademais do breve pero puntual artigo de Alberto Vilanova, "F. Mazas, Cándido", en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela/Gijón: Silverio Cañada editor, 1974, vol. 12, pp. 72-73, é de obrigada consulta o libro *O humorismo gráfico de Fernández Mazas (Dichi)*, con presentación de Armando Fernández Mazas, Ourense: Edicións Andoriña/La Región, 1989, onde se reproducen numerosas ilustracións de temática social e política publicadas por Fernández Mazas en xornais e revistas.

Cándido Fernández Mazas serviu na guerra civil nunha brigada de artillería e levantou planos topográficos. Tratou a Luís Seoane e mais a Arturo Cuadrado. Caeu prisioneiro en 1937 e salvou a vida gracias á mediación de Sebastián Martínez Risco.

ARTURO SOUTO (PONTEVEDRA, 1902-MÉXICO, 1964)

Integrante do movemento de renovación da arte galega, amigo dos escritores e artistas de *Ronsel* (Luís Pimentel, Bal y Gay, Ánxel Johán, Álvaro Gil, Correa Calderón, etc.), Arturo Souto compartía ideas estéticas e inquedanzas políticas con Carlos Maside, Xosé Eiroa, Manuel Colmeiro, Manuel Torres, Luís Huici e Castelao. A súa exposición de Madrid de 1930 iniciou o vieiro público do Novo Realismo español. Membro da Sociedade de Artistas Ibéricos, e posteriormente da Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura, Souto ocupou un lugar de privilexio na arte española dos anos da República e a partir de 1931 significouse politicamente e aceptou o compromiso coa situación dende a súa militancia socialista.

Autorretrato

Entre 1930 e 1936 Souto vive en Madrid, Italia e Galicia. En 1936 posicionouse inequivocamente a favor da República e colaborou co Ministerio de Propaganda do Goberno lexítimo. Os seus debuxos, estampas e litografías de temática bélica, expostos e reproducidos en diversas revistas e xornais, acreditan a postura persoal do artista, que cultiva entón unha arte de loita, revolucionaria e popular. Este material gráfico, de ilustración, apareceu en *El Buque Rojo, Unidad Antifascista, Ataque, Nueva Cultura, Vanguardia, C.N.T.* e *La Hora*, de Valencia; en *Octubre, Nueva España, 3ª Brig*ada e *Nuevo Ejército*, de Madrid; en *Libertad*, de Cuenca, e en *Nova Galiza*, de Barcelona.

En 1937 fixo en Valencia unha mostra individual con óleos e debuxos da guerra. Boa parte destes últimos foron recollidos no cartafol *Dibujos de la guerra*. Parte deste material levouno o propio Souto a Barcelona, pero os seus grandes lenzos quedaron en Valencia ata 1967 e foron expostos na Coruña en 1968. En xullo de 1937 presentou un feixe dos seus debuxos da guerra na Exposición Internacional de París. As súas obras ían en representación da arte galega, seleccionadas pola Asociación de Escritores Galegos. Exhibíronse alí, por exemplo o seu "Guerrilleiro morto" e outras crueis estampas da guerra civil. Na mesma exposición estivo tamén o "Guernica" de Picasso.

Os estudiosos da obra de Arturo Souto sinalan que a súa pintura faise cada vez máis mesta, máis escura a partir de 1936. Boa proba desa alteración son as obras que o artista leva á exposición de Bruxelas de xaneiro-febreiro de 1938, obras que reciben a gabanza do mestre James Ensor e do poeta León Felipe. Entre as fundamentais pezas de Souto figuran algúns dos seus grandes óleos da guerra como "Os catro xinetes da Apocalipse", "O cabalo branco" ou "Cámara de tortura". Nesa liña, pero de formato pequeno, sitúase "Autobús con milicianos".

Tamén no ano 1938 participou na exposición colectiva celebrada en Valencia, á que concorreron Rodríguez Luna, M. Prieto, Mateos e Eduardo de Vicente. Froito daquela

exposición foi o álbum *Los dibujantes en la guerra de España* no que Souto participa con trece ilustracións. Con anterioridade, en 1937, figura no volume colectivo titulado *Madrid, álbum homenaje a la gloriosa capital de España*, publicado polo Ministerio de Instrucción Pública e Sanidade da República española.

Foi Arturo Souto[78] o máis prolífico dos ilustradores españois nos anos da guerra. Fixo centenares de ilustracións de todo xénero referidas directamente ó acontecer bélico, pero tamén ó pobo que estaba a sufrilo; súas son as impactantes escenas bélicas de milicianos en combate, guerrilleiros mortos, fusilamentos, aldeas queimadas, cadros de miseria e barbarie. En palabras de Luís Seoane, que prologou os *Dibujos de la guerra*[79], Souto

> Denuncia os atropellos dos soldados nemigos, dos mouros traídos do seu país para facer a guerra aos españoles; os bombardeos dos avións alemáns e dos propios; as represións na retaguardia; os labregos deixando as súas aldeas queimadas, sacrificados, aforcados, todo o que foi verdad nesa guerra que para escarnio chamáronlle cruzada (...) Os soldados en guerra, de Souto, son, en xeral, homes de pobo, labregos e traballadores trocados en soldados por convicción ideolóxica, voluntarios os máis na defensa de esos ideales e das institucións que tiña creado a República[80].

En 1939 saíu de España exiliado. Despois de breves estancias na Habana e diversas cidades de Estados Unidos, chegou a México, onde se instalou definitivamente.

Álvaro Cebreiro (A Coruña, 1903-1955)

Artista de manifestación temperá, caricaturista, debuxante, pintor e orixinal ilustrador, Álvaro Cebreiro iniciouse nas páxinas de *A Nosa Terra* cunha caricatura do pintor ferrolán Imeldo Corral. De 1922 data o célebre manifesto *¡Máis Alá!*, de contido revolucionario e iconoclasta, que asina xunto con Manuel Antonio. Nos anos vinte colabora en numerosos xornais e revistas de Galicia: *Alfar, Prisma, La Concordia, El Pueblo Gallego, Vida Gallega, Galicia, Rexurdimento, Faro de Vigo, La Voz de Galicia* ou *El Noroeste*. En 1924 é codirector de *Ronsel*. Figura tamén nas páxinas de *Céltiga*, de Bos Aires.

Cebreiro, por R. Torrado

Das súas orixes como caricaturista pasa ó mundo da viñeta. Castelao foi o seu mestre no terreo do humor gráfico. Como caricaturista, moitos son os que o sitúan a carón de Castelao e Maside. Traballou tamén como ilustrador de libros, entre eles, *O Mariscal* (1926), de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte; *Vento Mareiro* (1915), de Ramón Cabanillas, na súa segunda edición de 1921; *Alén* (1921), de Xaime Quintanilla; *Abrente* (1922), de Victoriano Taibo; *Luar* (1923),

[78] As ilustracións da guerra de Arturo Souto e Castelao foron estudiadas por Pablo Porta Martínez, *1937, Castelao e Souto en Valencia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985.

[79] Arturo Souto, *Dibujos de la guerra*, Valencia: Ediciones Españolas-Ministerio de Propaganda de la República, 1937.

[80] Luís Seoane, "Arturo Souto e os dibuxos da guerra", prólogo a Arturo Souto, *Dibuxos da guerra*, A Coruña: Ediciós do Castro, 1977. Este álbum reproduce o de *Dibujos de la guerra* de 1937.

de Evaristo Correa Calderón; *As abellas de ouro* (1930), de Lesta Meis. Doutra banda, temos ó Álvaro Cebreiro escritor. Poemas da súa autoría aparecen nas páxinas de *A Nosa Terra, El Noroeste, O Tío Marcos d'a Portela, Rexurdimento*, etc. Tamén na sevillana e vangardista *Prisma*.

Saudado dende as páxinas de *A Nosa Terra* como escritor e artista, Álvaro Cebreiro deixou constancia da vida galega nos anos da República, sobre todo en *Vida Gallega, El País, Tierra Gallega* ou *Solidaridad Obrera* (esta última, voceira da C.N.T. na Coruña). Home de convicciónss republicanas, sobreviviu á guerra e gardou silencio durante os primeiros anos da posguerra. Pero nas súas viñetas dos anos trinta (con texto en galego), a través do mundo dos vellos, dos nenos ou das mulleres, Álvaro Cebreiro deixa constancia do problema da terra, da emigración, das desigualdades sociais e económicas, do Estatuto, da desconfianza do pobo nos políticos, da súa miseria e incultura, etc. De certo, a perspectiva humorística está sempre presente, como tamén a preocupación do artista por Galicia.

Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920)

Dende neno, viu pasar polo obradoiro do seu pai, Camilo Díaz Baliño, a ilustres artistas galegos como Castelao e os mozos do movemento renovador da arte galega (Maside, Seoane, Souto, Eiroa, etc.) dos que sería amigo. Na campaña do Estatuto galego fixo algúns dos carteis de propaganda. Segundo confesaría anos despois

> En el taller de mi padre se hizo toda la propaganda del plebiscito, con excepción del cartel que en A Coruña hizo Luís Seoane. Castelao nos indicó el sentido que llevarían sus carteles: uno sería tomado de la página 46 del Álbum «Nós» pero su pie cambiaría a condicional «para que a terra sexa nosa...» en lugar de «A Nosa Terra non é nosa». Para el cartel de la vaca con el señorito ordeñándola nos dio un dibujo que fue destruido en los registros que hicieron las derechas en nuestra casa, junto con muchas otras cosas. Mi padre hizo el cartel que firmó él y yo hice todos los demás incluidos los de Castelao, los que firma Xalo y solamente me dejó firmar el cartel de los progresistas[81].



Díaz Pardo, por Siro

Decatouse ben cedo da importancia do deseño como forma de comunicación combativa e resistencia cultural. Afastado do galeguismo puramente culturalista, concebiu a arte vencellada a un compromiso político de transformación da realidade, como unha manifestación radicalmente ética e expresión do ser humano. Inquedo polo problema da identidade galega, loitou pola restauración da memoria histórica do pasado inmediato de Galicia, divulgando as tentativas renovadoras da arte dos novos e o labor dos galegos no exilio, cos que tivo un directo e fondo contacto. Nese labor continúa aínda hoxe en día.

[81] Isaac Díaz Pardo, *Galicia hoy*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1987, p. 37.

Luis Huici (Madrid, ?-A Coruña, 1936)

Singular e polifacético home, de orixe madrileña seguramente, Luis Huici traballou como xastre no seu obradoiro da Coruña. Alí acudían artistas e escritores amigos como Luís Seoane, Arturo Souto, Fernández Mazas, Francisco Luís Bernárdez, Euxenio Montes, etc. Fundador do primeiro cineclube da Coruña, contertulio das reunións do Café Marineda, redactor de *El Noroeste*, directivo do Ateneo libertario "Germinal" e presidente do grupo Amigos de las Artes Nuevas, Luis Huici foi un artista que cultivou a pintura, o debuxo, o gravado e a viñeta.

Amigo e admirador de Castelao e membro de Izquierda Republicana, Huici ilustrou as páxinas de *La Zarpa, Vida Gallega, Nós* e *Alfar*. Pero a súa presencia aquí está xustificada pola visión da vida galega nos anos trinta que deixou nas súas colaboracións como ilustrador de *El Pueblo Gallego*, con textos ó pé en galego. As súas viñetas críticas son sempre reflexivas, de marcada intencionalidade ética e social.

Integrado no galeguismo coruñés, Luis Huici foi barbaramente asasinado en 1936, nada máis comezar a guerra.

Laxeiro e outros nomes

Laxeiro, por Torres

Ademais dos citados, outros artistas galegos colaboraron con debuxos e viñetas en xornais e revistas e ofreceron a súa persoal visión dos tempos da República en Galicia. Cómpre aquí facer mención de Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, que na súa xuventude publicou viñetas en *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. Doutra banda, Laxeiro participou na exposición da Barraca de Resol en Santiago de Compostela, en 1933. Tamén en *El Pueblo Gallego* (e máis en *Vida Gallega* e *Faro de Vigo*) colaborou Xesús Conde, seguidor da obra de Castelao.

O ourensán Xulio Prieto Nespereira, excelente gravador, deixou mostra do seu humor crítico nas páxinas de *La Zarpa, La Billarda* (ambas ourensás) e *Vida Gallega*. Nos vigueses *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo* está tamén a visión humorística da vida galega de Federico Ribas. Mencionamos así mesmo a Enrique Pardo, Benigno Pereira, Mario González e Vidarte entre outros.

3.3. Achegamento a *Resol* (Bos Aires, 1937-1938)

1. Luís Seoane: 1936-1938

Cando en xullo de 1936 comezan os tráxicos episodios da guerra civil, Luís Seoane vive na Coruña e traballa como avogado nun estudio xurídico onde tamén está Suárez Picallo, director do semanario *Ser*. Por estas datas Seoane asiste á tertulia do Café Galicia con Antón Villar Ponte e Plácido R. Castro entre outros.

Polo que ve ó seu redor e por algúns avisos que recibe, Seoane sabe que corre perigo e que pode acabar sendo "paseado" e aparecer morto nun foxo. Pasa un tempo agachado na aldea, en Montrove, pero tampouco alí está seguro. Decide entón marchar e faino co seu irmán Rafael cara a Lisboa. Alí embarca no Cap Norte rumo a Bos Aires, onde chega contra a fin do ano. Na capital arxentina son recibidos polos seus paisanos Maruja Mallo, Colmeiro, Antonio Baltar e Núñez Búa entre outros.

Xa en Bos Aires a vida non resulta fácil. Como advirte Xavier Seoane,

> Os primeiros tempos de Seoane no exilio son de actividades diversas, de sobrevivencia e testemuña. No plano artístico, comeza fundamentalmente como debuxante e ilustrador, realizando traballos para xornais ou para libros e publicacións diversas (...) experimenta (...) no ámbito do debuxo satírico, da ilustración e do gravado, iniciándo-se, posteriormente, como pintor, na batalla do óleo, a través dunha expresión formal e temática maiormente emparentada cos artistas máis veteranos do Movimento Renovador que ele frecuentou en Compostela antes de exiliar-se: Maside, Eiroa, Souto e Colmeiro son exemplos relevantes neste sentido.[82]

Comeza a colaborar nas páxinas do xornal *Crítica*, dirixido por Natalio Botana, e o terror fascista en Galicia é o tema das súas primeiras achegas. Escribe tamén para o matutino bonaerense *El Diario*, propiedade do xudeu Satanovsky. Asiste á tertulia do Café Tortoni con Colmeiro, Otero Espasandín, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, etc. Funda, con Núñez Búa, o semanario *Galicia Libre*[83]. Neste bienio 1937-1938 aínda Arturo Cuadrado está combatendo na guerra civil en España.

En 1937 aparece o álbum[84] *Trece estampas de la traición*, que prologa Norberto Frontini. Para Xosé Díaz[85] estamos diante do "prólogo da súa tarea como exiliado (...) o primeiro libro que se produce na Galicia desterrada en América que denuncia o terror militar". Significados militares sublevados (Franco, Mola, Queipo de Llano, Millán Astray) son algúns dos protagonistas deste álbum. Parte deste material aparecerá reproducido en *Resol*, que Seoane, en solitario, recupera e alonga no exilio. Outras colaboracións gráficas da súa autoría, todas elas sobre o tema da guerra, estaban a se publicar en xornais arxentinos e galegos.

En 1938 publica en Francia, co selo editorial de Jean Flory, *La Galice sous la botte de Franco* ("Episodios de la terreur blanche dans les provinces de Galice"). O libro recolle, cunha diferente redacción, parte dos episodios comentados por Seoane nas páxinas de *Crítica*. En xaneiro do mesmo anos sae o segundo e derradeiro número de *Resol*. Comeza a colaborar coa Editorial Losada (fundada por Gonzalo Losada) e ilustra *Gas*, peza teatral de Georg Kaiser[86], xefe de filas do teatro expresionista ale-

---

[82] Xavier Seoane, *A voz dun tempo. Luís Seoane: o criador total*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1994, pp. 60-61.

[83] "Durante a guerra civil Luis Seoane e Xosé Núñez Búa editaron o periódico bilingüe «Galicia Libre» do que se chegaron a editar arredor dunha ducia de números que testemuñan as actividades de axuda ao sector republicano por parte da colectividade galega." (Ricardo Palmás, *A emigración galega na Arxentina*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1978, p. 28.)

[84] Boa parte desas estampas foran publicadas por Seoane en *Galicia Libre. Semanario popular informativo* xa no mes de xullo de 1937. A caricatura de Mola reprodúcese posteriormente no nº 2 de *Resol* (xaneiro de 1938).

[85] Xosé Díaz, *Luís Seoane. A forxa da modernidade*, A Coruña: Vía Láctea/Concello da Coruña, 1994, p. 56.

[86] Un fragmento da súa peza dramática *Gas*, aparece antologado en *Resol* nº 2 (xuño de 1932).

mán, e libros de Alberti, Neruda, Unamuno, García Lorca, Kafka, etc. En 1939, chamado por Rodolfo Prada, Luís Seoane faise cargo da dirección da revista *Galicia*, voceira do Centro Galego de Bos Aires. Dirixirá a publicación entre os anos 1939-1957.

2. As colaboracións literarias

Xa falamos, nas páxinas introductorias, da serodia noticia destes dous números do *Resol* de Luís Seoane; galego na Arxentina[87], exiliado e bélico cen por cen. Modesto Hermida e Alonso Montero[88] teñen reparado nel. Tendo en conta a efémera duración deste segundo *Resol* (dous números, dous meses), por comparación co da primeira etapa, anotamos semellanzas e diferencias.

Entre as semellanzas: prego dobre a cor, co mesmo formato e cabeceira. Publicación poética con vocación de escolma, bilingüe galego-castelán, elaborada con textos xa publicados. Só unha mostra de prosa, de carácter teatral.

Entre as diferencias:

a) O acusado incremento das ilustracións e, en consecuencia, da contribución particular de Seoane, agora director único e colaborador da publicación.
b) O evidente descenso das colaboracións en galego (unha por número, poemas de Curros e Cabanillas respectivamente), de seguro polo contexto idiomático castelán no que agora se move a publicación. Por primeira e única vez (nº 1), temos un texto en catalán.
c) Supresión da "arqueoloxía" e a variedade textual. Agora os textos son, en moitos casos, case coetáneos á súa publicación na revista. Esta continúa a ter dimensións de antoloxía breve, pero tematicamente advertimos o importante predominio da poesía bélica: a guerra civil faise motivo dominante ou reiterado.
d) Introducción dun suplemento fixo, "El Bululú", de carácter gráfico.
e) Fundamental presencia de escritores españoles exiliados e de hispanoamericanos combatentes na guerra ou activamente solidarios coa España republicana.

Unha sinxela descrición do que atopamos en materia de poesía, levaríanos ás seguintes consideracións. No nº 1 aparecen un total de 11 poemas (algúns deles fragmentarios). O único non inspirado pola guerra é o de Curros Enríquez que, aínda así, trata tamén das guerras ó longo da historia e "d'asolación e esterminio" que sementan no mundo. Dos once poemas, catro son romances octosilábicos (un anónimo; os outros, de José A. Balbontín, Manuel Altolaguirre e Arturo Serrano Plaja). Dentro do lirismo bélico temos polo menos tres composicións de ton elexíaco (Emilio Prados, Pablo de la Torriente e Rafael Alberti). Contamos tamén con dous poemas á resistencia de Madrid (Juan José Domenchina e Antonio Machado), unha composición agresivamente imprecatoria contra Franco (José A. Balbontín), unha satírica diatriba contra os fascistas estranxeiros —italianos e alemáns— e os mouros das tropas de Franco (anónimo), unha glosa do lema que

[87] Descoñecemos os posibles motivos da rápida desaparición da publicación nesta etapa. Quizais foron económicos ou ben outros traballos máis urxentes e rentables impediron a Seoane (dada a súa difícil situación económica nos primeiros tempos do exilio) continuala. Debeuse distribuír gratuitamente e descoñecemos cómo foi recibida —na súa segunda xeira— en Bos Aires.

[88] Xesús Alonso Montero, "As colaboracións de Luís Seoane na etapa porteña de *Resol*", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-VIII-1969.

ía de boca en boca no Madrid cercado polos sublevados, "No pasareu!" (Non pasarán), de Apeles Mestre, un canto solidario coas víctimas da barbarie fascista (Arturo Serrano Plaja) e un dos moitos romances das terras de España (Manuel Altolaguirre).

Como acontece con frecuencia no primeiro *Resol*, un fragmento de teatro pecha este número. Con seguridade, na aparición de textos teatrais, feito non frecuente nunha revista poética, tivo moito que ver o interese pola escena de Luís Seoane, dramaturgo[89] revelado anos despois e tamén ilustrador de libros de teatro, autor de crónicas teatrais en radio e prensa, home moi interesado no teatro irlandés (coñecía a obra de J. O'Leary, J. M. Synge, S. O'Casey, G. Moore ou W. B. Yeats), e tamén escenógrafo e figurinista. O fragmento escolmado —unha retrospectiva visión do tema de España ó longo da súa historia— pertence a *España Virgen* (1927), obra de éxito no seu tempo. O autor, Waldo Frank, hoxe moi esquecido, foi un norteamericano atípico, viaxeiro por España e, sobre todo, por Hispanoamérica; un escritor da esquerda política que se manifestou contra o sistema no seu país. En España foi traducido en numerosas ocasións por León Felipe.

O nº 2 (xaneiro de 1938) consta de dez poemas e un poema en prosa de Vicente Huidobro. O poeta chileno, vangardista e iconoclasta, escritor en francés e castelán, coñecedor do mundo vangardista nas súas viaxes a París e impulsor de numerosas revistas literarias, foi tamén home de radicais compromisos políticos. E, sobre todo, manifestou un belixerante partidismo a prol da República española dentro e fóra do seu país. O seu poema en prosa "Fuera de aquí (Imprecación a los aviadores italianos en paseo comercial por Sud América)" foi publicado nunha folla solta en 1937. Trátase dun escrito panfletario contra os representantes do fascismo: un grupo de asesores de Mussolini que chegara a Chile. Entre eles figuraban varios aviadores. Na folla, en vertical, pódese ler: "Cuatro de los aviadores italianos que están en Chile en gira por Sud América han combatido en España".

Lémbrese que Vicente Huidobro participou activamente na guerra de España. Deu conferencias políticas, estivo na Fronte de Aragón coas tropas de Líster e escribiu poemas e reportaxes ás Brigadas Internacionais, ó xeneral Miaja ou á Pasionaria. Asistiu, en 1937, ó Congreso de Escritores Antifascistas de Valencia e un ano antes publicaba o poema "Está sangrando España" no folleto *Escritores y artistas chilenos en España.* En 1938 aínda ecoaba a súa polémica con P. Neruda, que provocou a escisión entre os poetas españois.

Dos dez poemas que constan neste nº 2, seis deles son, outravolta, romances. O de Ramón Cabanillas, de épico alento, está dedicado ós milicianos galegos na súa loita pola liberdade. Eis o único poema galego deste número de *Resol.* Outro galego, Lorenzo Varela, dedica o seu romance —cun remate elexíaco— á comandante republicana Lina Odena[90], morta en combate. De tema galego, pero de autor arxentino é o "Domingo Ferreiro", de Raúl González Tuñón. Tamén aquí o remate é de signo elexíaco. Galicia, o espacio poético, xorde como ámbito da morte, pero tamén da loita heroica contra as forzas do mal, de acordo coa elemental cosmovisión do romanceiro bélico. E a loita no campo, na fronte de batalla e no asedio a Madrid, concita os romances de Pedro Garfias, José Moreno Villa e Manuel Altolaguirre.

---

[89] Sobre o labor teatral de Luís Seoane, vx. Ricardo Palmás, "Luís Seoane e o teatro", en *Luís Seoane. Día das Letras Galegas, 1994,* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1994, pp. 151-164, coordinación de Xesús Alonso Montero. Tamén, Lino Braxe e Xavier Seoane, *Luís Seoane e o teatro,* A Coruña: Espiral Maior, 1996.

[90] Cantada por F. Galiana Aragonés no seu poemario *Elegía a Lina Odena y otros poemas* (1937).

Antonio Machado, que no nº 1 cantaba á resistencia de Madrid, volve agora cun segundo poema breve que constitúe unha homenaxe a México, pola súa axuda na contenda e pola súa dimensión de terra de asilo para os exiliados da República. E retorna tamén do primeiro número Rafael Alberti, agora cun poema, en cinco serventesios alexandrinos, que é un canto á rexa figura do campesiño camiño do combate.

Falabamos con anterioridade da presencia de escritores hispanoamericanos que estiveron en España ou ben como combatentes na loita, ou ben como intelectuais solidarios coa República e propagandistas da causa. Nesta mesma liña, en *Resol*, xa no nº 1, o cubano Pablo de la Torriente Brau —morto en combate— está representado cun fragmento elexíaco do seu poema dedicado á morte de García Lorca; poema pertencente ó apartado de lírica elexíaca certamente frecuente na revista (lembremos os de Emilio Prados, "Elegía"; Lorenzo Varela, "Romance a Lina Odena" e Rafael Alberti, "Vosotros no caísteis"). No nº 2, ademais de Raúl González Tuñón e Vicente Huidobro, comparecen Nicolás Guillén e Pablo Neruda. O poema do cubano, "Mussolini", intégrase no terreo da invectiva, da poesía imprecatoria, da execración ou diatriba en verso. Nesta modalidade situamos tamén o fragmento "Mola en los infiernos", de Pablo Neruda, caracterizado polo xogo fonético como instrumento de deformación e burla, e (no nº 1) o poema "A Franco General pirata", de José A. Balbontín. O segundo poema de Neruda, "Tierras ofendidas", en verso semilibre, pertence ó lirismo de exaltación das terras e xentes de España, terras mártires e asoladas pola morte. O poeta refírese en concreto a Galicia, "pura como la lluvia / salada para siempre por las lágrimas".

Nestes dous números de *Resol* pode observarse, á dereita da cabeceira, un fragmento de Quevedo que, dende logo, non deixa de ter unha clara intencionalidade. Seoane, a través de Quevedo, manifesta a oposición de dous "plomos": o mortal da artillería e o da cultura, o do intelecto, o dos caracteres de imprenta empregados para que, en libros e xornais, chegue ata nós o pensamento do home, a liberdade da fala, a voz da razón. Ó chumbo da guerra civil en Galicia e en España toda, Seoane, nunha publicación de urxencia, quixo opoñer o chumbo eficaz e vivificador do seu *Resol*.

3. Os ilustradores

Héctor Julio Bernabó, Carybé, ilustra "El Bululú" (nº 1 de *Resol*), na primeira páxina, cun conxunto de seis viñetas seriadas e numeradas, que levan á dereita, en vertical, os seus correspondentes lemas. Son ilustracións de diferentes intres da preguerra (que responden ó título do conxunto gráfico: "El Preludio") e de elementos civís e militares que protagonizaron accións violentas, o xeneral Mola entre eles.

Na páxina segunda temos unha especie de mural mesto e tremendista, composto dunha serie de figuras, obxectos e escenas xustapostas e aínda superpostas. Os sombríos fragmentos configuran unha distorsionada panorámica de destrucción e morte pola que abundan elementos simbólicos do fascismo, dos estamentos militar e eclesiástico, da mortífera maquinaria bélica. E, ó seu carón, o pobo foxe da morte ou cae fusilado. Estamos no ámbito dun expresionismo deformante que nos leva ós limites do caos e da descomposición da orde do mundo; a un delirante pesadelo onde cohabitan víctimas e verdugos.

Hai unha evidente relación cronolóxica e de causa-efecto entre as ilustracións das dúas páxinas, segundo advertimos no lema de conxunto das mesmas: "El preludio"-"La obra".

Máis sinxelo, pero non menos belicoso nin agresivo, é o material de ilustración de "El Bululú" no seu segundo número. Seoane é o autor, agora, da estampa dun fusilamento e da caricatura zoomorfizante do xeneral Mola. Ambas ilustracións están tomadas do xa citado álbum *Trece estampas de la traición* publicado en xullo de 1937.

Ó noso entender, este *Resol* tan efémero nos seus dous únicos números do exilio arxentino[91], hai que consideralo unha das empresas pioneiras de Seoane no seu retorno á súa Arxentina natal. *Resol*, caída coa guerra civil en Lugo, xorde renovada como instrumento de resposta e testemuño fronte ás tráxicas circunstancias que seguían a se desenvolver na outra beira do Atlántico. Esta persoal aventura literaria e artística de Seoane constitúe unha explícita manifestación da súa actitude, da súa ideoloxía, da lembranza do seu país e daquela *Resol* que quedara alá, en Galicia, como quedaran os seus amigos, os seus anos de mocidade e tantos proxectos e ilusións irremediablemente perdidos. Outros novos, en novas circunstancias, viron a luz, froito do labor incansable de Luís Seoane e doutros galegos que ben cedo se xuntaron con el no longo exilio que houberon de padecer.

[91] Baixo a cabeceira, á esquerda, figura "De Galicia en Buenos Aires". Ó pé da última páxina do nº 1, lemos: *"RESOL.* Dirección. Moreno, 1442. Buenos Aires", dato que xa non se rexistra no nº 2.

4. *Resol*, número de homenaxe (1990)

Como *Ronsel* e como *Nós*, tivo *Resol* o seu "revival" nun número de homenaxe. Efectivamente, na simbólica data do 25 de xullo, agora do ano 1990, máis de medio século despois de pechar a breve etapa arxentina da publicación, Arturo Cuadrado atopa a colaboración do seu vello amigo Isaac Díaz Pardo para, a través das Ediciós do Castro, tirar unha nova "hojilla volandera". Folla que fai a decimoterceira e —agora si— derradeira da colección e clausura así a súa andaina viaxeira: de Galicia ó alén mar e outravolta a Galicia. Ben mirado, de Galicia non saíu, porque na Arxentina estivo entre os máis bos e xenerosos galegos, representados en Luís Seoane.

Este número de homenaxe non difire en nada, dende o punto de vista da forma externa (formato, deseño, cores, cabeceira, etc.), do resto dos seus predecesores. Polo que ó contido se refire, advertimos un notable incremento das ilustracións, unha clara vontade de enlace coas dúas etapas precedentes da publicación e unha evidente modernidade da meirande parte dos textos poéticos incluídos.

Polo que se refire ás ilustracións, de novo están presentes Luís Seoane[92], Maside[93] e Castelao[94]. Xunto a eles, tres novas incorporacións: Colmeiro, Laxeiro e X. Vizoso; este último é autor do debuxo de Arturo Cuadrado, única ilustración orixinal deste número de homenaxe. Continúa a predominar o debuxo e a figura humana ocupa o motivo central de todas as ilustracións. A máis crítica é a de Luís Seoane (os mortos amoreados da primeira páxina, víctimas "dos intereses das grandes compañías internacionaes", segundo lemos no pé); a máis patética, a de Castelao; a máis erótica, a de Laxeiro. A muller traballora galega inspira a Maside e Colmeiro. Por fin, os retratos de Arturo Cuadrado e Álvaro Cunqueiro, amigos xa polo 1932, cando Cunqueiro lle falou dos seus poemas de *Mar ó norde* que Seoane ía ilustrar.

Como as ilustracións, os poemas —de acordo co espírito de *Resol*— configuran de novo unha pequena e variada escolma. Se consideramos como presentación (entre nostálxica e poética) o texto de Arturo Cuadrado, que por certo é a súa única achega en *Resol*, resulta que todo o número é exclusivamente poético. Por certo que non anda ben a memoria do que foi o primeiro director da publicación cando afirma, "su último número apareció en el 25 de julio de 1936. Fue destruido", pois o número, dirixido e salvado por Ánxel Fole, foi distribuído e na actualidade conservamos algúns exemplares.

A comparecencia de poemas de Lorenzo Varela, Álvaro Cunqueiro e Rafael Dieste é o dobre nexo co *Resol* dos anos trinta nas súas dúas etapas. Do primeiro temos un poema de guerra tinxido de acento elexíaco; de Cunqueiro, unha mostra da veta neotrobadoresca; de Dieste, un dos seus contados poemas en galego. Polo que se refire ás voces hispanoamericanas, rexistramos a Nicolás Guillén, Pablo Neruda, César Vallejo, Octavio Paz, Roque Dalton e Mario Benedetti. Os dous primeiros xa andaban polas páxinas do *Resol* do exilio con poemas de temática bélica ou política. Nesta última liña maniféstase agora Roque Dalton cun poema no que ironiza sobre as dictaduras militares dos réximes

---

[92] A ilustración forma parte da serie publicada en *Carantoñas e outros dibuxos*, Sada-A Coruña: Ediciós Cuco-Rei, 1977.

[93] É unha viñeta pertencente á serie "Deseños" que foi publicada nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, Vigo, 5-I-1928. O texto que levaba ó pé está suprimido.

[94] A ilustración de Castelao está tomada do álbum *Nós* (1931). Falta o texto a pé de ilustración que di: "¡Non me fan xusticia, Señor!", e que figura no orixinal.

hispanoamericanos. Máis inconcreto pero non menos claro, Mario Benedetti testemuña dende o exilio o amordazamento da liberdade no seu país, Uruguai. Os poemas de César Vallejo e P. Neruda posúen un tráxico recendo de signo existencial agochado baixo diferentes símbolos. O acto de escribir informa a composición de Octavio Paz, dotado de certa cualidade intimista. Por fin o poema bélico e revolucionario de Nicolás Guillén, moi antologado, presenta a novidade da súa traducción ó galego por Neira Vilas.

Poetas galegos contemporáneos representados en castelán son, neste *Resol*, Manuel Lueiro Rey e Carlos Oroza. O poema do primeiro aposta pola afirmación do home e pola esperanza. O do segundo, en longos versículos, constitúe unha visionaria percepción de América.

En galego, ademais de Rafael Dieste e Neira Vilas como traductor, exprésanse Méndez Ferrín, Lino Braxe e Uxío Novoneyra. O primeiro[95], nunha visión de Compostela, onde *Resol* naceu. O segundo, nunha composición na que ecoan surrealismo e expresionismo. En fin, Novoneyra está representado cun poema de referencia irlandesa, temática xa presente nos comezos de *Resol*. Hai nesta composición unha evidente combinatoria gráfico-textual non infrecuente nalgúns libros do poeta do Courel.

Pero este *Resol* continúa a súa vocación plurilingüe e aínda afonda nela. Así, ás contribucións en galego e castelán sumamos aquelas que completan na súa integridade o mapa lingüístico peninsular: o catalán, o vasco e o portugués.

Dos poetas portugueses xa se ocupara *Resol* nun número monográfico (nº 7, 1933). Agora, con Fernando Pessoa, temos a máis universal voz poética portuguesa do século XX. O seu poema "Natal" é unha manifestación do espírito escéptico do poeta, que unicamente afirma o misterio da realidade e a imposibilidade do coñecento das cousas. A presencia de Pessoa constitúe, en boa medida, xustificación da comparecencia do seu máis asiduo e coñecido traductor ó castelán, Ángel Crespo, poeta de ampla obra e colaborador de diversas revistas literarias. Morto recentemente, deixou un extenso labor no eido da traducción.

Tampouco é novidade absoluta a presencia dun escritor catalán, neste caso Joan Brossa, do que a composición "Epileg del «Poema del Poema»" é un caso de poesía visual ou concreta, de carácter experimental. Xa no *Resol* do exilio (nº 1, 1937) as letras catalanas contaban con Apeles Mestre, tamén importante ilustrador de revistas e xornais.

Pola contra, a lingua e a poesía vascas aparecen en *Resol* por vez primeira neste número de homenaxe. A súa representación está ó cargo de Íñigo Aranbarri, unha voz nova, aínda coa súa obra en curso.

Dixo Ánxel Fole nunha ocasión, que *Resol* era "un delicioso rompecabezas". Francisco Fernández del Riego considerouno "unha veleta sin sono". Ambas estimacións, que tentan caracterizar este multicolor prego poético a partir dun certo caos, dun fermoso informalismo, dunha escolla poética radicalmente libre e persoal para configurar un múltiple ronsel de voces líricas, resultan axeitadas. De certo, a única inmobilidade da súa veleta, a única orde do seu rompecabezas foi a súa permanente proposta poética e a vocación de difundila por todas as direccións que marca a rosa dos ventos.

[95] Curiosamente se ben o poema está en galego o título do mesmo figura en castelán.

5. Inventario de notas, referencias, artigos e estudios sobre *Resol*

Cre Modesto Hermida que a tirada que se facía de cada número da revista non debía ser curta e a súa difusión relativamente ampla, pois tiñan os promotores daqueles pregos poéticos un propósito entusiasta de divulgalos entre o pobo, entre o común das xentes. O certo é que *Resol* non pasou desapercibida na prensa da época e que non faltan referencias bibliográficas nin testemuños dos seus directores e colaboradores nin —andando o tempo— achegamentos críticos de estudiosos da nosa literatura. Dese conxunto faremos un inventario necesariamente incompleto, pero suficiente para obter un axeitado feixe de observacións puntuais ou valoracións de conxunto que fornezan unha perspectiva axustada da publicación. A reproducción dos textos e notas que faremos a continuación xustifícase pola rareza dalgunhas, pola súa difícil localización e, dende logo, polo seu interese.

As páxinas da revista *Nós* rexistraron a saída de *Resol* en dúas ocasións. A segunda delas —na sección "Os homes, os feitos, as verbas", como a primeira— non é senón unha breve nota de nove liñas que anuncia a aparición do nº 7 de *Resol*, "Dedicado a Portugal" e ofrece unha nómina dos escritores portugueses representados. A primeira sintetiza a saída dos tres primeiros números e salienta o suplemento dedicado a Castelao no nº 2 (19 de xuño de 1932) e a antoloxía da lírica galega que ocupa as páxinas do nº 3 (3 de xullo de 1932). O texto desta primeira nota, sen sinatura, é o seguinte:

> En Compostela edítase unha folla voandeira que baixo o nome de *Resol* difunde poemas e anacos literarios condecorados xa d'un fulgor propio.
> O dazanove de Xunio, *Resol* pubricóu un suplemento en homaxe á Castelao, reproducindo unha "Cousa" do ilustre artista. O 3 de Xullo, data da Asambreia preparatoria do Estatuto Galego, a popular revista aparecéu como antoloxía galega, reproducindo traballos de Airas Núñez, Amado Carballo, Manuel Antonio, Pero Meogo, Xohán Viqueira, Vicente Risco, Euxenio Montes, Xulio Sigüenza, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Álvaro Cunqueiro, R. Otero Pedrayo, Bouza Brey, Rafael Dieste, Xesús Bal, Carballo Calero, Xohán Vidal Martínez, Xohán Carballeira, Noriega Varela, Victoriano Taibo, Emilio Mosteiro; algunhas cantigas populares e unha elexía de Raynold Radiguet, traducida por Carballo Calero.
> O 25 de Xulio, pubricóu poemas de Pondal, Brañas, Rosalía, Álvaro das Casas, Evaristo Martelo, Curros, Manuel Pintos, Lugrís Freire, Cabanillas, Xosé López da Vega e Leiras Pulpeiro.[96]

Bautizada por *Nós* como "unha veleta sin sono", *Resol* ecoa nas páxinas de *Yunque* que Ánxel Fole dirixía dende Lugo. Asinada por A(nxel) F(ole) , a notiña publicada na revista luguesa daba conta da intencionalidade popularizadora daquelas follas líricas e da súa boa acollida entre o público:

> *Resol*, en vuelo cada vez más gayo, más amplio se extiende por toda Galicia. Unos muchachos quisieron regalar versos al pueblo. El propósito implicaba esta dramática pregunta: ¿Respondería el pueblo a su

[96] "*Resol*", *Nós*, nº 104, sec. "Os homes, os feitos, as verbas", Ourense, 15-VIII-1932, p. 156 (a nota, sen sinatura, é da autoría de Francisco Fernández del Riego).

esfuerzo?. Valía la pena experimentarlo. Y la experimentación no frustró la esperanza. El pueblo, haciendo abortar muchas escépticas sonrisas, acogió alborozadamente el regalo.
Esta es la alegre verdad de *Resol*.[97]

No xornal vigués *El Pueblo Gallego* apareceron varios artigos sobre *Resol*. Nun deles trátase do labor de difusión de *Resol* por Arturo Cuadrado, labor que se pode exemplificar no agasallo da mesma ós asistentes ó Congreso autonomista de Compostela do 21 de decembro de 1932. Santiso Girón remata a nota informativa do acto cunha poética comparación entre *Resol* e o Estatuto autonómico:

> Arturo Cuadrado no pudo prescindir de su fino y filantrópico gesto de costumbre.
> Obsequió a los asamblistas con un número de "Resol", la magistral "hojilla volandera del pueblo", consagrada a la literatura popular gallega que no está bastante popularizada.
> Romances del cielo compostelano, cantares de xeitura, tríadas, adiviñas, cantigas...
> "Resol" fué, en la Asamblea, como un Estatuto literario de Galicia aprobado sin discusión y por unanimidad.[98]

Madrugadora na súa recepción de *Resol* foi a súa veciña compostelá *Universitarios*, que na súa nota de acollida ó número da revista dirixida por Arturo Cuadrado e Luís Seoane, escribe:

> Sobre el mar plomizo de Compostela, ha dibujado sus lineas de coloración y sensibilidad, en sexta salida, esta insuperable hojilla volandera del pueblo. Fue portadora de música y lírica —alma gallega— aflorada en lo verdaderamente popular. Poesía del pueblo, manifestada en los cantares, romances y adiviñas, y en la «caricatura» de Castelao, con el dibujo de Maside y Seoane, los versos.[99]

Tampouco pasou desapercibida na pontevedresa *Cristal*, na que Ramón Pérez Cienfuegos vencella *Resol* á xuventude universitaria de Santiago de Compostela ó tempo que observa o eclecticismo dos textos poéticos, atentos tanto á lírica popular como á culta, á tradición e á modernidade, sen esquecer o propósito de "sembrarse en el pueblo":

> La tradición cultural y literaria de Compostela, como una hoguera espiritual en que se quemara Galicia, parece que prende sus llamas a los muros de la Universidad; y su influjo produce este nuevo calor de letras, este *Resol*; del sol de aquella tradición. Porque jóvenes universitarios dan vida a esta hoja literaria que sale del horno académico para sembrarse en el pueblo. Lleva alma popular, como si fuese la santidad que redime el arte. Estudiantes, y un poco maestros a la vez en *Resol*, son al modo de espejo que recoje la luz de la cultura y la humaniza, para luego dirigirla en otro sentido.

---

[97] A.(nxel) F.(ole), *"Resol*: su alegre verdad", *Yunque*, nº 6, sec. "Signario", Galicia, outono de 1932.

[98] Laureano Santiso Girón, "Proyecciones. Clichés de la Asamblea", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 22-XII-1932.

[99] Anónimo, *"Resol"*, *Universitarios*, nº 2, sec. Archivo Bibliográfico, Santiago de Compostela, xaneiro de 1933, p. 22.

> Sin pretensiones, que no les cobija, se nutre de todas las vibraciones líricas. Y al lado de la resonancia de nuestra antología clásica, están todos los grandes poetas; y las canciones y las letrillas populares de añejo sabor de cancionero.
> Responde esta hojilla a la solera de la tradición compostelana.[100]

Na súa nota de recepción do nº 8 de *Resol*, *A Nosa Terra* dá noticia non só daquelas páxinas do número da revista senón doutras empresas editoriais e artísticas coa mesma cabeceira:

> «Resol», a folliña do pobo que chega a todal-as bandas, que voa, que revoa, que cabe por debaixo das portas, que chega ás bugardas, aberta, sin pedir nada, expón na súa barraca de todol-os côres, todol-os côres que bailan no sol; nun sol que se perdéu e se hachóu nun camiño novo, nun resol que é sol que sale de novo, e para sempre.
> Carteles de Seoane, liñas bailando, anuncian, berran na gran feira de Resol. Hay que berrar. E dentro, Colmeiro, Maside, Souto, Torres, Seoane e Landín, xogando a todol-os côres, enmalladol-os ollos na costa florida de todal-as liñas. Eiroa, rexo, forte, no medio de todo, en perennidades de eternidades, en eternidades perennes.
> E por riba de todo, «Resol». Resol número 8, para os rapaciños, para os rapaciños pobres de todol-os camiños, perdidos en todol-os xogos, «Resol», Verde, Amarelo, Azul, Blanco, «Resol». Para os meniños de todol-os carreiros.
> E fora dista, libros Resol. «Un suceso en los arrabales» e «Cantiga nova que se chama Riveira», ofrecéndose a todos, índose con todos, por amor, por amor sô. Fora de todal-as libereirías, as casas malas dos libros, ao descampado, «Resol» berra contra a prostitución reglamentada do libro.
> Na gran feira de todol-as côres, «Resol» Blanco, Amarelo, Verde, Azul, Branco «Resol», «Resol», «Resol».[101]

Director de *Galiza* e creador de *Papel de Color*, Álvaro Cunqueiro, bo amigo de Arturo Cuadrado e frecuente colaborador de *Resol,* recibía con ledicia a saída dos números da revista que o seu amigo dirixía. Esa ledicia está presente no artigo que publica en *El Pueblo Gallego* e que posúe un perceptible recendo de lirismo:

> Chéganme duas paxariñas de papel que dende Compostela traen rimas de Gustavo Adolfo Bécquer, ave do Sul e finamente amante. Paxariñas de papel, algunhas das mil e unha azas que ten *Resol*, ave eiquí do Norde, onde é camelia o ceo e molla luces no áer (...) *Resol* segue sendo, nistes días de perdizón, a froita que non anoitece. "Medraron froitas nos arbres e fuxirán as noites. Serán froitas miragrosas, de diversos córes"... Blake eisí o decía. Arturo Cuadrado é un rapaz melancólico e morno...[102]

[100] Ramón Pérez Cienfuegos, *"Resol", Cristal*, nº 8, sec. "Índice", Pontevedra, febreiro de 1933, p. 9.
[101] "Barraca de Feira "Resol", *A Nosa Terra*, Santiago de Compostela, 25-VII-1933, p. 2.
[102] Álvaro Cunqueiro, "Páxinas de papel a Bécquer", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 22-III-1936.

Nun artigo publicado en *El Progreso* Fole precisa unha característica de *Resol*. Referímonos o feito de que "pubricaba cousas xa pubricadas". Aínda que non se pode xeneralizar, o máis normal é que unha revista literaria dea acubillo a colaboracións inéditas; textos que comezan a súa xeira nas súas páxinas para, despois, nalgúns casos, integrarse nun libro de publicación posterior. De feito, a auténtica entidade dunha revista literaria, a consecución dunha auténtica personalidade propia abrangue tanto o esmero no deseño e riqueza de ilustracións como —e sobre todo— no interese e orixinalidade das achegas que nela poidamos atopar.

Pero o propósito de *Resol* non foi a novidade. Tentaban os seus directores actualizar, divulgar, popularizar poemas e prosas xa publicadas, pero só coñecidas por unha pequena minoría. Non se trataba de ofrecer o sol da novidade, senón o resol do redescuberto ou desempoado naqueles pregos de cores nos que se daban cita escritores de onte e de hoxe; vivos ou finados; cultos ou populares; consagrados ou noveis; casteláns, galegos, portugueses, rusos, alemáns, hindús, americanos do norte e do sur, franceses, etc. O resultado foi unha rica e variada escolma que ás veces dá a impresión de se configurar un tanto ó chou, pero que noutras ocasións semella facerse cunha previa planificación. Velaquí, na súa integridade, a lembranza de Fole:

> Seica unha Editora de Bos Aires quer reproducir a colección da revista *Resol*, que se sutitoaba "Hojilla volandera del pueblo". Pubricouse en Compostela dende o enceto do ano trinta e dous hastra o trinta e seis. O derradeiro número, que penso que foi o dez, pubricouse o ano trinta e seis en Lugo, "adicado ós escritores da terra luguesa".
>
> A revista deixou unha fonda pegada na mocedade galega daquil tempo, que motiva o relembro da mocedade de hoxe. Ben saberá o leutor, que "pegada" val o mesmo que a verba castelá "huella". Tamén se chama "olga". A "pegada" é a "peditata", a "petada", que dá "pegada". Nada de apegar. I a "olga" é a "úrsica", a "peditata úrsica", a pegada do oso, a pegada ou "huella", o rastro da caza maior. É decir, "(peditata) ur-si-ca", con síncopa.
>
> Dirixía a revista *Resol* o mozo escritor santiagués Arturo Cuadrado, en colaboración con outros escritores rapaces, antre os que se atopaban Luís Manteiga e Luís Seoane. Pubricaba cousas xa pubricadas, e de eí lle viña o tídoo de *Resol*. En papel de coor, nunca branco: azul, marelo, rosado, rubio... Prosas e versos de galegos, portugueses e casteláns. Ben Rosalía, Curros, Castelao, Pondal; ou Cabanillas, García Lorca, Jorge Guillén, Pascoaes ou Guerra Junqueiro...
>
> No homaxe que se lle rindiu en Lugo, cun banquete no Méndez Núñez, a Alfonso Castelao, os rapaces universitarios de Santiago venderon o número "extra" de *Resol* ós concurrentes ó convivio...
>
> Eu pre min penso que se deberan reproducir en facsímil moitas pubricaciós máis ou menos antergas. Moitas diste sigro. Poñamos por caso: algúns números de *Nós*, da revista *España*, pubricada polo dazaseis e dazaoito, dalgún número do diario *El Sol*. Pre satisfacer a intelixente e sensibre curiosidade das novas xeneraciós, que cada vez é meirande polas máis intresantes pubricaciós dos primeiros trinta anos do sigro.

> Poñamos por caso os "Lunes do Imparcial", cas primeiras prosas de Ortega e moitas de Baroja e "Azorín".[103]

Xusto medio século despois da aparición de *Resol*, Luís Seoane fixo para a súa serie "Figuracións" de "Los Domingos de La Voz" nas páxinas de *La Voz de Galicia*, unha breve semblanza de Arturo Cuadrado. Nela, omitindo —coa súa habitual modestia— o seu propio traballo, evoca aquelas dúas empresas que estiveron vencelladas a *Resol*: a Librería Niké e a Barraca de Feira Resol:

> Fai moitos anos, enderredor de coarenta pra sere máis preciso, eisistía na Rúa Caldereiría de Santiago, a libraría e editorial Niké, propiedade de dous homes, mozos entón, os escritores Xohan Xesús González e Arturo Cuadrado. Na parte de adiante onde se atendía ó púbrico vendíanse os libros ó precio que ese púbrico, composto en xeral por estudantes, decidían podían tere de valor. Cando o que mercaba o libro logo de lelo xusgaba que tiña pagado pouco por el, polo intrés que lle despertara, completaba o precio entregando unha nova cantidade. Intentábase facer polos dous propietarios da libraría, unha pequena revolución comercial.
>
> Polos mesmos anos, Arturo Cuadrado, autor da iniciativa, fundou e dirixíu unha revista de poesía, «Resol», que se distribuía gratis polas rúas e na feira compostelán dos xoves, onde se situou tamén a «Barraca Resol», eispoñéndose entre os labregos e pra éstes, obras de Maside, Souto, Colmeiro, miñas, etc. Díaz Pardo, cuasi un neno, axudara á súa decoración. Foi unha grande época compostelán aínda sen estudare e nela tivo unha destacada aituación Arturo Cuadrado. Pasaron moitos anos e dende fai uns trinta editou en Buenos Aires, onde veu a vivir, moitos libros.[104]

Nun artigo escrito co gallo da morte da poeta uruguaia Esther de Cáceres, evoca tamén Luís Seoane o vencellamento da escritora a intelectuais e artistas galegos como Eduardo Dieste e o seu irmán Rafael, Colmeiro ou Arturo Baltar. E, de seguido, xorde a lembranza de *Resol*, na que colaboran varios escritores arxentinos e uruguaios, entre eles Esther de Cáceres, que

> Con Arturo Cuadrado xa tiña unha amizade lonxana, dende a época de "Resol", "La hojilla volandera del pueblo", que se editaba en galego, catalán e portugués, en Santiago de Compostela e por cuias follas de coor coñecéronse por ves primeira na península, algúns dos poetas rioplatenses; entre eles Esther de Cáceres, de quen se tiña recollido a estrofa dun poema, ou o poema enteiro, pra o papel de cartas de "Resol" e que decía, lembramos: "Tú en mis recuerdos... — nada más que Tú. — Todo lo que me llegó está muerto... — Ya regresa mi corazón...[105]

---

[103] Ánxel Fole, "Lembranza de *Resol*", *El Progreso*, sec. "Recanto", Lugo, 10-V-1970. (Reproducido en *Ánxel Fole. Cartafolio Galego*, Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa & Criazón, 1996, p. 93).

[104] Luís Seoane, "Arturo Cuadrado", *La Voz de Galicia*, sec. "Figuracións", A Coruña, 23-IV-1972.

[105] Luís Seoane, *Comunicacións mesturadas*, op. cit., pp. 243-244.

Carlos Martínez Barbeito deixounos a puntual crónica da viaxe que Federico García Lorca fixera a Santiago de Compostela na primavera de 1932, convidado polo Comité de Cooperación Intelectual de Santiago de Compostela. Entre agasallos, paseos pola cidade, recitais privados do poeta granadino e intercambio de ideas e proxectos cos escritores, universitarios e artistas que o acompañaron, Lorca tivo nas súas mans *Resol*, pois ó pouco de chegar,

> Le fueron mostrados algunos ejemplares de "Resol", hojilla volandera del pueblo, según rezaba el subtítulo, y que venía a ser como una revista formada por uno o dos pliegos de papel de diferentes colores: blanco, verde, amarillo, rosa, azul, que se repartía gratis por las calles y que contenía poesías y trozos de prosa poética de autores antiguos y modernos, españoles y extraños, agrupados sin más orden ni concierto que el capricho y el gusto de Arturo Cuadrado, a cuya sensibilidad y entusiasmo se debía principalmente la edición de "Resol". Lorca pudo ver cuánta pasión por la poesía había en todas las manifestaciones del espíritu de aquella enfervorizada juventud que le recibía con el corazón en la mano, y desde el primer momento se sintió cautivado.[106]

A alusión de Seoane á "Barraca de Resol" —unha exposición itinerante— aparece reiterada por Alfonso Magariños, que dá noticia da peculiar Librería Niké onde se fraguou máis dun número de *Resol*, e do seu propietario, Arturo Cuadrado:

> A acción popular de *Resol* completóuse co apoio doutras dúas iniciativas: a librería Nike e a Barraca Resol. Na primeira —que en frase de Arturo Cuadrado era unha das millores librerías de España— podíanse retirar libros, non a cambio do seu precio senón da aportación económica que a cada lector lle dictase a súa conciencia ou as súas posibilidades. Dun xeito semellante funcionaba a barraca, que tiña a finalidade de achegar ós pobos, vilas e aldeas a arte que naqueles intres se estaba a facer en Galicia.
>
> Sen dúbida, un dos protagonistas principáis destas iniciativas foi Arturo Cuadrado, poeta e periodista, nado en Alicante en 1904, fillo de nai galega e pai castelán. A etapa compostelá da súa vida foi a máis fecunda pra Galicia. Amáis da iniciativa de *Resol*, a súa aportación ó país tivo que ver co Estatuto de Autonomía. Comisionado polo Axuntamento de Santiago, recorréu a meirande parte dos municipios de Galicia, xunto con L. Santiso Girón e X. Pasín Romero, en campaña de propaganda do Estatuto antes da súa plebiscitación o 28 de xuño do 36.
>
> Tamén foi parte da comisión encargada de entregar nas Cortes o Estatuto plebiscitado e ó coincidir este feito co levantamento dos militares, a meirande parte dos seus compañeiros de comisión perderon a vida. El salvóuna gracias á circunstancia casual de terse quedado en Madrid uns días máis pra paga-los gastos da comisión. Desterrado en Francia, e finalmente na Arxentina, o seu estilo estivo sempre alumeado coas cores daquela "hojilla popular" que foi *Resol*.[107]

---

[106] Carlos Martínez-Barbeito, "García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía", *Grial*, nº 43, Vigo, 1974, p. 92.

[107] Alfonso Magariños, "Prensa galega (1931-1936). *Resol* e *Ser*", *Teima*, nº 6, Santiago de Compostela, xaneiro 1977, pp. 30-31.

Directores, colaboradores ou lectores non deixaron de ofrecer diferentes testemuños persoais lembrando aquela aventura poética moitos anos despois. Ánxel Fole, responsable do derradeiro número, xa en xullo de 1936 e coa guerra civil á porta, dedicoulle a *Resol* varios artigos e nos seus libros de conversas mencionouna con frecuencia. Así, confesa a Xosé de Cora a súa vontade de sacar á luz aquel número 10 dedicado "aos escritores da terra luguesa" para evitar que naufragara, como lle aconteceu ó que ía ser o seu primeiro libro de relatos, *Auga lizgaira*, que non chegou saír do prelo:

> *Resol* era unha revista ben simpática. Editábana en Santiago Arturo Cuadrado e Luis Seoane. Saíron dez números. O número dous estaba adicado a Castelao e repartiuse en Lugo cando lle deran o banquete a Castelao no hotel Méndez Núñez. Quen facía *Resol* era Arturo Cuadrado, pero colaboraba moita xente nela. Por exemplo o doctor Moralejo publicou unha versión que fixera de Rainer María Rilke, que se chamaba "Bailarina española". Pois sí señor, cando estabamos comendo naquel suntuoso salón do Méndez chegaron os estudiantes de Santiago e repartíronla. *Resol* tiña o papel de color e subtiduábase "Hojilla volandera del pueblo". E a mín metéuseme na cabeza publica-lo último número o vintecinco de xulio de 1936 na imprenta Villamarín. Pois sí, tiven a inconsciencia, non digo valor, de publicalo de forma clandestina, claro. En Villamarín tiña eu as probas xa compostas de *Auga lizgaira*, e alí quedaron. Chegou o Movemento e parouse todo. Pero aínda así, xa digo, fun capaz de editalo número dez de *Resol*, que hoxe anda buscadísimo. O número iba "Adicado ós escritores da terra luguesa", e alí iba Pimentel, e iba Cunqueiro, iba eu, Avelino López Otero, Noriega Varela e moitos máis. Pero o que non saíu foi *Auga lizgaira*, que era un libro de contos, dous deles xa publicados na revista *Nós*. Un chamábase "Idilio na insua" e levaba ilustracións de Cebreiro. O outro foi "Eu i-o meu corazón", que se publicou no número 133, que Pimentel abría cun poema chamado "Verbas". Pero *Auga lizgaira* quedou na imprenta. Foi unha edición naufragada. Non sei se estaría ben ou estaría mal, nunca me preocupei xa do libro.[108]

Do perigoso da súa actuación gardou memoria Fole, que na súa conversa con Carlos Casares evoca o feito acometido por el "en plena guerra", feito do que saíu indemne:

> Si, señor, saquei o último número de *Resol* en Lugo en plena guerra. Pero eu creo que foi máis inconsciencia ca outra cousa. Aínda que xa lle digo que eu era moi sereno. Naqueles momentos a xente fuxía media aloucada, sen saber ben o que facía, e así era peor. O que ten medo non se debe meter en política. Eso é unha loucura. A verdade é que eu fun trampeando como puiden e conseguín salvar a vida.[109]

Bo amigo de Ánxel Fole e de Luís Seoane, Fernández del Riego garda nidia memoria dun *Resol* que coñeceu de primeira man nos seus tempos de estudiante de Dereito en Santiago de Compostela. Coincidiu con Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Ánxel Fole

---

[108] Xosé de Cora, *Homes de Fole*, Vigo: Sept, 1983, p. 46.

[109] Carlos Casares, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Ed. Galaxia, 1984, p. 58.

—entre outros— nos faladoiros dos cafés de Compostela; integrouse con Seoane na F.U.E e tamén, como Seoane, foi colaborador das revistas *Nós, Alento, Ser* e *Universitarios*, da que foi director. Nun dos seus traballos sobre Seoane, evoca *Resol* e salienta a participación na mesma en tarefas de dirección e ilustración do seu amigo, co que compartiu inquedanzas e loita política e cultural a prol do galeguismo:

> *Resol*, folliña voandeira do pobo, editábase en Santiago por iniciativa e baixo a dirección de Arturo Cuadrado, pero a participación de Seoane no labor de escolla dos textos e na composición tipográfica foi notoria. Esencialmente, *Resol* viña ser un prego literario de divulgación poética, que saía do prelo con certa periodicidade e incluía poemas de autores de tódalas idades, vivos e mortos, galegos, casteláns, portugueses. Tamén traduccións de escritores estranxeiros á nosa lingua e ó castelán. Ademais de poemas, reproducía prosas, e mesmo anacos de pezas teatrais.[110]

No seu libro sobre Ánxel Casal e os libros galegos lembra Francisco Fernández del Riego numerosas revistas literario-culturais dos anos trinta. Entre as moitas publicacións que saíron do obradoiro compostelán do benemérito impresor e editor galeguista (*Nós, A Nosa Terra, Ser, Máis!, Universitarios*) non faltou *Resol*, sintetizada por Fernández del Riego nalgúns dos seus números e particularmente no dedicado á poesía portuguesa.

> Uns tres anos antes da aparición de «Ser», comezara a saír, periódicamente —tamén na Imprenta «Nós»— unha publicación singular. Tiduábase «Resol», e os seus editores calificárana de folla voandeira do pobo. Impresa en coor —diferente en cada número— repartíase gratuitamente entres as xentes. O seu temario, dirixido sempre ao gran público, era variado e suxeridor. Unha das edicións adicóuselle, como homenaxe, a Castelao; outra producía unha ilustrativa antoloxía de poesía galega; as máis, en fin, inxerían textos de escritores nosos e foráneos. No ano 1933, co gallo da celebración dunha Semana Galego-portuguesa en Vigo, «Resol» publicou un número especial con composicións dos principais poetas lusos, unha escolma de cantigas populares. «Resol» era unha veleta sin sono e abondaba.[111]

Armesto Faginas, excelente biógrafo de Cunqueiro, recrea puntual e detalladamente o ambiente compostelán dos anos 1931-1933, cando Cunqueiro coñece a Ánxel Casal, comeza a colaborar en *Nós*, asiste ós faladoiros do Café Español, publica *Mar ao norde* (1932) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) e inicia as súas contribucións a *Resol* co poema "Oco" (nº 3, 1932) que dedica a Gómez del Valle. Faginas lembra aquela colaboración e a amizade de Cunqueiro con Arturo Cuadrado.

> Arturo Cuadrado —sete anos maior ca Cunqueiro—, é outro dos personaxes da Compostela dos anos trinta ó que Álvaro se atopará moi vencellado. Aínda que alicantino de berce —nacera en Dena, onde seu pai exerceu a docencia—, Cuadrado, finado o seu proxenitor relativa-

[110] Francisco Fernández del Riego, "Prensa e radio no labor literario de Luís Seoane", en Antonio Castro Ferreiro (ed.), *Luís Seoane*, Pontevedra: Xunta de Galicia, 1994, pp. 63.

[111] Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*, op. cit., pp. 108-109.

> mente novo, trasládase a Galicia. Estreitamente relacionado con Luís Seoane, co que terá de compartir longos anos de exilio, promove diversas empresas culturais. *Resol*, subtitulada "hojilla volandera del pueblo", é unha delas. E Cunqueiro une a súa firma á doutros mozos que reciben por aqueles anos o bautismo literario, así como a un grupo de escritores xa consagrados. Especial relevo acada o número tres daquela "hojilla" —desde logo a máis citada— que se publica o mes de xullo de 1932 e no que figuran poemas de mortos e vivos. Velaquí a relación de participantes no mesmo, que sinalamos pola orde na que figuran: Airas Nunes, Amado Carballo, Manuel Antonio, Pero Meogo, Johán Viqueira, Vicente Risco, Euxenio Montes, Xulio Sigüenza, Ramón Cabanillas, Reynold Radiguet (traducido por Carballo Calero), Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Álvaro Cunqueiro, R. Otero Pedrayo, Bouza Brey, Rafael Dieste, Jesús Bal, Carballo Calero, Johán Vidal Martínez, Johán Carballeira, Noriega Varela, Victoriano Taibo e Emilio Mosteiro. A aportación de Álvaro está dedicada a Gómez del Valle e leva por título "Oco".[112]

Os dous únicos estudios críticos de certa amplitude sobre *Resol* son os de César Antonio Molina e Modesto Hermida. O primeiro deles fai un percorrido polas páxinas e números do que considera "Unha sorte de modernizado prego de cordel". Só coñece a primeira etapa da revista (1932-1936), pero matiza a afirmación de Ánxel Fole no senso de que se ben "non era unha característica de *Resol* o publicar poemas ou colaboracións inéditas (...) si o fixo con poetas galegos das xeracións últimas, os seus patrocinadores" [113]. Mágoa que, feita a aclaración, o estudioso da prensa literaria galega non se deteña a precisar cales son esas achegas inéditas.

Máis significativo é o estudio de Modesto Hermida, que aínda tivo tempo para se ocupar de *Resol* reaparecido no exilio cando tivo constancia da súa existencia. Referencias ó labor fundamental de Arturo Cuadrado, estudio dos números da revista, observacións sobre a lingua, os números extraordinarios e as diferentes xeracións de escritores que concorren nas súas páxinas, ocupan boa parte do traballo de Modesto Hermida, que cualifica *Resol* de revista "de militancia pola divulgación literaria e pola cultura en xeral" e enténdea como publicación de esquerdas, republicana, de "claro talante popular e galeguista, polilingüe e pluritemática"[114].

Nunha breve síntese, Modesto Hermida acerta, cun trazo definitorio, a caracterizar o máis esencial de cada unha das revistas que estudia no seu libro, *Resol* entre elas:

> *Cristal* é a máis regular na periocidade, *Galiza* é a que demostra maior compromiso galeguista por seren as súas páxinas as que acollen maior porcentualidade de escrita en galego, *Resol* posiblemente sexa a máis importante literariamente tanto pola amplitude na recolleita coma na divulgación de textos, *Universitarios* e a máis definida sociopoliticamente e a de máis perfecta composición e tipografía, *Yunque* é a máis

[112] Xosé F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: Unha biografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1987, pp. 78- 79.

[113] César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia, (1920-1960)*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989, p. 439-440.

[114] Modesto Hermida García, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, op. cit., p. 78.

> claramente comprometida coas organizacións que lideraban o movemento obreiro por aquelas datas.[115]

Xa consignamos as referencias do propio Luís Seoane a un *Resol* que codirixira en Santiago de Compostela e reiniciara —agora en solitario— en Bos Aires no bienio 1937-1938 dende o exilio. Pero quizais interesa aquí deixar constancia do seu testemuño sobre o ambiente dos anos 1930-1934 en Compostela; sobre a temperatura de fervenza galeguista da que participaban universitarios, escritores e artistas nas rúas, nos cafés, nas aulas universitarias, nos mitins e folgas, nas páxinas de xornais e revistas. Entre os mencionados por Seoane no texto que reproducimos, figuran mestres e amigos que participaron en empresas comúns dende a militancia galeguista; hai entre eles lectores, colaboradores, propagadores e directores de *Resol*:

> Castelao nos leyó su "Pimpinela" en la tertulia del Café Español, local por veces Estado Mayor para la insurrección y la huelga, como para tertulia literaria donde no se descontaban las peleas a puñetazos como la ocurrida entre Fernández Armesto y Ramos Varela. Maside hacía sus apuntes de retratos de la contertulia en aquellos bloks que terminaría de cubrir con apuntes de feriantes en el campo de Santa Susana. A mi vez los hacía en el reverso de los programas de dos cines compostelanos entonces, el Teatro Principal y el Teatro Social y también en las páginas de los periódicos.
>
> Cuando se imponía el charlestón, la pelirroja Clara Bow acababa de casarse y se estrenó "El Ángel Azul". Nos encantaba la voz de Marlene Dietrich y la de Al Jonson con las primeras películas de jazz.
>
> Muertos Amado Carballo y Manuel Antonio, quedaba como ejemplo para algunos de nosotros Rafael Dieste, Otero Espasandín, Jesús Bal y Gay, Bouza Brey, Luis Tobío, y también algunos colaboradores, los del "seminario de Estudos Galegos" y de "Nós" Sebastián González y Antonio Fraguas en la Facultad de Letras y en el Seminario. Luis Tobío nos enviaba desde Berlín la revista...
>
> Colombo (Andrés García de la Riva) hacía dibujos para "Nosotros" desde Madrid y Maside en "Nueva España". Colmeiro había expuesto en Santiago el cuadro de la cesta de manzanas con el pan de brona. Souto, en La Coruña, escandalizó a los viejos aficionados a la pintura. A Laxeiro le organizamos la primera exposición (creemos que la única celebrada en la Universidad con una de grabados polacos) en la Facultad de Filosofía y Letras.
>
> Lugo: Pimentel, Gayoso, Lamas, Ánxel Xohán, Romero Boenlle, Ánxel Fole.
>
> Mondoñedo: Cunqueiro, Iglesia Alvariño, las publicaciones "Un".
>
> Montero Díaz, Carballo Calero, Usero, Manteiga, Cuadrado. "Resol" y la "Barraca de Resol" con obras e Eiroa, Maside, Colmeiro, Souto y mías, algunas de las cuales si eran incomprensibles para los nutridos intelectualmente de las colaboraciones de "Blanco y Negro", eran vistas al menos sin sorpresa aparente por los campesinos que acudían a la feria.[116]

---

[115] Op. cit., p. 98.

[116] Luís Seoane, *Textos inéditos*, Ed. de Manuel Núñez Rodríguez, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 42-43.

Dixemos anteriormente que o nº 7 de *Resol* é un monográfico dedicado ás letras portuguesas. Nese senso a revista forma parte dun conxunto de publicacións xornalístico-literarias que conforman parte do capítulo de relacións culturais luso-galegas. Escritores portugueses están presentes nas páxinas de publicacións galegas como *Alfar, Nós, Ronsel* ou *A Nosa Terra*; xa na posguerra, rexistrámolos en *Sonata Gallega, Alba, Gelmírez* ou *Aturuxo*, por citar algúns exemplos. Aurora Marco sintetiza a presencia da lírica portuguesa nas páxinas de *Resol*:

> A presença portuguesa nesta revista acha-se reunida num número monográfico, o 7, saído em abril de 1933 e dedicado a Portugal. Para alén de reproduzir umha cantiga de D. Dinis e quadras populares este número mostra um amplo abano de escritores portugueses representativos de distintas épocas. Todo o publicado é poesia. Indicamos, a seguir, as colaboraçons poéticas que figuram neste exemplar de *Resol* dedicado a Portugal: Teixeira de Pascoães acha-se representado aqui com «Amor», soneto, e «Fala do sol» (aos jovens poetas galegos), poema inscrito en posiçom quase liminar no número inaugural de *Nós*, revista que em muitos aspectos retomou as ideias fundamentais que na revista A águia, em 1912, lançara Teixeira de Pascoães. Este escritor será a figura paradigmática da aproximaçom galaico-portuguesa.
> Escritores portugueses de que se reproduzem poemas som: Gil Vicente, «Mofina Mendes». Do grande poeta lírico Camões escolma-se «Endechas a barba escrava». Bocage, um escritor dos séculos XVIII-XIX, aparece representado com um soneto intitulado «Sentimentos de contrição». Do romântico Almeida Garret inclui-se o poema «O pharol e o baixel». Antero de Quental e Guerra Junqueiro figuram na nómina dos escollidos para este número com os poemas «Idílio» e «Canção perdida», respectivamente. Dos contemporáneos de *Resol*, alguns escritores consagrados e outros nos começos da sua carreira literária, encontramos ao simbolista Eugénio de Castro, «A Nereida de Harlem», António Patrício com o poema «Em primkippo... », Emílio Moura, «Imsómnia», e Ribeiro Couto com «Bonecos». E nom podemos esquecer a presença da muller escritora, nom demasiado habitual nas revistas literárias de anteguerra, ainda que em *Resol* nom resulta demasiado estranha, que neste caso está representada por Marta de Mesquita Cámara que colabora com o poema *Ser mulher*.[117]

Por fin, no seu fundamental estudio sobre a literatura galega durante a guerra civil, Claudio Rodríguez Fer fai unha referencia ó caso de *Resol* como posible (aínda que ben efémera) sobrevivente ó 18 de xullo e cuestiona a data de aparición no derradeiro número:

> A grande amizade e colaboración literaria entre Cuadrado e Ánxel Fole, motivou que este se encargase de publicar en Lugo o número 10 da revista, nesta ocasión "adicada aos escritores da terra luguesa". Fole entregou os orixinais á Imprenta Villamarín co fin de que estivesen dispostos para o 25 de xullo de 1936, polo que tal número acabou con-

[117] Aurora Marco, "As relaçons luso-galaicas através de duas revistas literárias de anteguerra: *Ronsel* e *Resol*", *Agália*, nº 23, A Coruña-Ourense, outono 1991, pp. 307-311.

verténdose na curiosidade histórica de ser a primeira publicación totalmente feita en galego con data posterior ao 18 de xullo.

Moitos anos despois, Fole aludiu ao número en cuestión, co pseudónimo de *Neumandro*, no artigo "Recanto. Lembranza de *Resol*, revista da mocedade", en *El Progreso* (10-V-70), e consignou expresamente a súa data oficial de publicación noutra crónica, asinada como F. de N. (Fole de Navia) e titulada "Las simpáticas revistas juveniles. Recuerdo de *Resol*", tamén publicada en *El Progreso* (19-III-74).

Orabén, pese a esta consignación non aclarada e a outras informacións facilitadas por Fole e recollidas por nós en *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole* (1981), a verdade é que tal revista foi imprentada nos primeiros días de xullo, segundo testemuño oral de Ramón Piñeiro, quen asegura ter obtido nestas datas un exemplar da mesma na Imprenta Villamarín, que é o conservado na Biblioteca da Fundación Penzol en Vigo. Por tanto, a primeira publicación en galego con data posterior ó 18 de xullo imprentouse, en realidade, antes do estalido da guerra. A maioría dos seus exemplares desapareceron durante os primeiros momentos da contenda, afortunadamente para Fole, que sempre se congratulaba de que tal edición pasase desapercibida para os alzados. [118]

Tenreiro, Fernández del Riego, Brañas, Ánxel Casal e A. de las Casas vistos por Seoane

[118] Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1994, pp. 92-93.

6. Referencias biobibliográficas de colaboradores representados en *Resol* (*)

Abel de Acebedo

Pseudónimo de Avelino López Otero[119], nacido en Acebedo (Lugo) en 1903. Cursou estudios de Dereito e logo emigrou a Cuba, onde empezou a manifestar interese polo xornalismo e a literatura. Nos anos vinte aparece como colaborador de *El Pueblo Gallego*. Pertenceu ás loxias masónicas da Coruña e de Lugo. Colaborou co seu irmán César en tarefas de tipo político, e andou nas ringleiras da O.R.G.A. e da Federación Republicana Galega. Participou na redacción do anteproxecto do Estatuto plebiscitado con éxito en 1936. Cando estala a guerra civil foi detido e morreu no cárcere de Lugo en 1936, ós trinta e tres anos, a consecuencia dos malos tratos dos que foi obxecto.

En 1930 dirixía en Lugo o semanario *¡Ahora!* (despois *Guión*), no que colaboraron intelectuais republicanos e escritores galeguistas (Luís Pimentel, Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Aníbal Otero, Antón Villar Ponte, etc.). Co curioso pseudónimo Yo de aquí publicaba nos citados semanarios unha sección fixa de "Coplillas" de carácter satírico. Empregou o pseudónimo Abel de Acebedo na súa poesía intimista e na súa breve producción lírica en galego, da que cabe salientar o "Responso a Valle-Inclán" (*A Nosa Terra*, nº 401, 31-I-1936) e o soneto "Muiñada", co que colabora en *Resol* (nº 10, 1936).

Acuña y Sarmiento, Manuel Luís

Nado na bisbarra ourensá de Trives o 3 de outubro de 1900, Manuel Luís Acuña estudiou na Escola de Maxisterio de Ourense e xa en 1928 comezou a exercer como mestre en diversas localidades ourensás e coruñesas ata que, coa proclamación da II República, se traslada a Madrid.

Nas eleccións municipais celebradas en 1931 desenvolveu unha importante campaña de apoio á candidatura nacionalista de Ramón Otero Pedrayo pola provincia de Ourense, incorporándose ó Partido Galeguista como membro afiliado. Unha vez rematada a guerra civil viuse na necesidade de recorrer ó ensino privado, xa que o réxime xurdido da sublevación militar o separou do corpo profesional ó que pertencía por dereito. Sen embargo, algún tempo antes do seu pasamento, producido en Ourense en 1975, foi reingresado á docencia oficial.

(*) A abondosa bibliografía existente ó respecto e a nosa propia contribución noutros facsímiles (*Aturuxo, Alba, Gelmírez, Posío, La Noche*) farían improcedentes calquera tentativa de percorridos bio-bibliográficos completos de autores ben coñecidos e presentes en *Resol* (Rosalía de Castro, Fray Luis de León, Manuel Curros Enríquez, Federico García Lorca, Ramón Otero Pedrayo, Juan Ramón Jiménez, Eduardo Pondal, Rafael Dieste, etc.). Nestes e noutros casos similares, reducimos o noso labor á localización dos textos publicados na revista na súa correspondente obra ou á anotación bio-bibliográfica dos autores nos anos en que *Resol* se publica. Doutra banda, agrupamos nun bloque único a escritores e ilustradores que comparecen en *Resol* (1932-1936), na etapa arxentina (1937-1938) e no número de homenaxe (1990). A amplitude da nosa información está en relación inversa ó grao de importancia e de coñecemento xeral de cada autor. Esta norma faise extensible tanto ós escritores que se manifestan en galego como ós que se expresan noutras linguas.

[119] Sobre a súa vida e obra vx. Claudio Rodríguez Fer, "Avelino López Otero, periodista e escritor lugués", *El Progreso*, Lugo, 12-IV-1989; "Poemas recuperados de Abel de Acebedo", *El Progreso*, Lugo, 15-XI-1989 e *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1994, pp. 111-114.

Membro da Xeración Novecentista, padeceu o silencio literario debido ó seu compromiso político e cultural, que só se vería interrumpido pola súa inclusión, cunha poética e unha serie de composicións, na *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos* (1955), de Francisco Fernández del Riego. Tamén se incorporan algúns dos seus textos en *Poesía de Galicia*, publicada en México por Alejandro Finisterre, e en *Vieiros*.

Na revista viguesa *Vida Gallega*, que dirixía Jaime Solá, principia a colaborar, no ano 1926, con textos en galego de carácter costumista e contido ruralista. Na meirande parte das composicións que publica nestas páxinas pode rastrexarse a influencia de poetas galegos anteriores e mesmo coetáneos seus, ademais doutros de procedencia castelá. Así mesmo, moitos destes textos están directamente relacionados coa súa única obra poética, *Fírgoas*, publicada por Nós en 1933. Anos máis tarde, en 1979, sae do prelo de La Región o volume *Fírgoas. Poemas 1930-1933*, no que se reproducen textos excluídos da primeira edición. Por outra banda, recentemente apareceu unha nova edición deste poemario que inclúe un interesante estudio introductorio no que os responsables, ademais de sinalar a gran depuración lingüística da obra así como a súa aproximación léxica ó portugués, apostan pola inclusión deste autor na Xeración de Vangarda[120].

No que respecta ó abundante labor xornalístico de Acuña, cómpre sinalar as seccións fixas que mantiña no xornal ourensán *La Región* e nos vigueses *Galicia* ou *Faro de Vigo*, á vez que publica diversos artigos en *Heraldo de Galicia* e *Nós*. Así mesmo, foi director do xornal coruñés de carácter galeguista *El Momento*, de curta duración. Dispersas polas páxinas da prensa figuran numerosas composicións poéticas da súa autoría. Participou en publicacións educativas ou pedagóxicas, como *Escuela del Trabajo* (1932-1935) ou *A.T.E.O* (1936), órganos da Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense.

Airas Nunez

A tradición quixo que Airas Nunez fose orixinario de Compostela pero, sen embargo, e a pesar de que certos elementos textuais inciden nesta dirección, o certo é que non se ten constancia documental sobre as súas datas de nacemento e morte, nin de onde estas tiveron lugar. En 1964, Giuseppe Tavani, editor do seu cancioneiro, estableceu os contornos da súa biografía. Sen embargo, as deducións do profesor italiano chocaron, durante certo tempo, co sector tradicionalista da crítica que vía nel un dos piares da fase de implantación do lirismo trobadoresco.

Airas Nunez foi clérigo, que é o mesmo que dicir home de letras, formado, moi probablemente, nalgunha das escolas universitarias existentes na península, ou mesmo en terras francesas. A ligazón entre acontecementos relatados nas súas cantigas e as referencias a un "Arias Nunnez su clerigo", que figuran nas *Cuentas* de 1284 do *Registro de Cancilleria* de Sancho IV, permite situar a súa actividade poética na corte do fillo de Afonso X, entre os anos 1284 e 1289 aproximadamente.

Os cancioneiros atribúenlle 15 textos (8 cantigas de amor, 3 de amigo, 3 de escarnio e 1 moral), pero deberon ser máis se atendemos ó aspecto deteriorado e fragmentario da súa tradición manuscrita. As correspondencias temáticas artellan o universo literario

[120] Vx. Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás, *Fírgoas*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, 1992.

do seu cancioneiro amoroso. Así, cantigas como "Amor faz a min amar tal señor" ou "Que muito m'eu pago d'este verão" convértense nun mundo polifónico e dialóxico, de tal modo que o discurso de Airas Nunez xira ó redor de expresións chave de cantigas de Don Denís e Johan Airas. Airas Nunez, nestes textos, intégrase no bando, moi pouco representado na nosa lírica, dos trobadores (entre eles Johan Airas) que consideran o amor coma fonte de alegría, nunha liña que os aproxima á *joi* dos trobadores occitanos. Do resto do seu cancioneiro amoroso salientaremos a cita de refráns doutros trobadores en "Oí og'eu ûa pastor cantar", que responde á segunda maneira da "cantiga de seguir" codificada na fragmentaria *Arte de Trovar* do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional,* e o recurso ó bilingüismo horizontal en "Vi eu, señor, vosso bom parecer", onde cada refrán, distinto en cada aparición, está escrito en provenzal. As súas cantigas de amigo manifestan ese mesmo efecto re-creador. Así, "Bailemos nós já todas tres, ai amigas" constitúe unha amplificación, a través da terceira maneira da "cantiga de seguir", dun texto de Johan Zorro. Outro dos textos interesantes é a fragmentaria cantiga de romaría, "A Santiagu' en romaría ven", unha das poucas que ten coma centro de peregrinaxe á vila xacobea. Nas súas cantigas de escarnio Airas amósase coma un gran coñecedor dos acontecementos políticos do reino ("Desfiar enviaron ora de Tudela"), dos problemas de sucesión no arcebispado da sé compostelá ("Achou-ss'ûu bispo que eu sei, ûu dia") e mesmo da degradación dos costumes de diversos estamentos relixiosos, onde non existía a verdade ("Porque no mundo mengou a verdade").

Hábil versificador, Airas Nunez salienta, xa que logo, polo súa faceta re-creadora, por adoptar temas, técnicas e mesmo cantigas da *traditio* galego-portuguesa cunha finalidade dialogante. Diálogo coa tradición á procura da *novitas,* da orixinalidade poética. En *Resol* (nº 3, 1932) figura cunha "Pastorela".

Alberti, Rafael

O grupo poético do 27 español figura amplamente representado en *Resol,* tanto na etapa galega como na arxentina. Rafael Alberti figura nas dúas, pero cunha maior presencia na segunda.

Única testemuña hoxe aínda viva da súa xeración, Rafael Alberti (nado en Puerto de Santa María, Cádiz, en 1902) participou moi activamente na vida literaria e política dos anos trinta e, posteriormente, na guerra civil. Ideoloxicamente militou no marxismo revolucionario e estivo tamén preto do anarquismo. Nos anos da República e da guerra civil publica os poemarios *Consignas* (1933), *Un fantasma recorre Europa* (1933), *13 bandas y 48 estrellas* (1936), *Nuestra diaria palabra* (1936) e *De un momento a otro* (1937). Todo este conxunto será recompilado polo propio escritor en *El poeta en la calle* (1938).

Previo a esta etapa é o seu poemario surrealista *Sobre los ángeles* (1929), do que *Resol* (nº 2, 1932) toma o poema "Los ángeles muertos" pertencente á sección "Huesped de las nieblas".

Importante e abondosa foi a colaboración de Alberti nas revistas dos anos trinta, sobre todo durante a guerra nas do bando republicano. Temos así achegas da súa autoría en *Poesía, Héroe, Caballo Verde para la Poesía, Hoja Literaria, Sur, Nuestro*

Cinema, Octubre —da que foi director xunto a Mª Teresa León—, *Nueva Cultura, El Mono Azul, Hora de España*, etc.

En *Resol* (números 1 e 2 da etapa arxentina) aparecen, respectivamente, as súas composicións "Vosotros no caísteis" e "Los campesinos", ambas recollidas no poemario *De un momento a otro* (1937), posteriormente incorporado polo propio escritor a *El poeta en la calle* (1938)[121].

ALMEIDA GARRET, João B. de

Nado en Porto en 1791, foi Almeida Garret figura senlleira do romantismo portugués. Cursou Dereito en Coimbra e alí contactou coas ideas do liberalismo. Deses anos, entre 1818 e 1823, datan os poemas que aparecen en *Lírica de João Mínimo* (1823), onde xa está presente a veta romántica; tamén, o drama *Lucrécia*, representado en 1819; a traxedia *Catão* (1821), representada en Lisboa, e *Mérope*, publicado anos despois, en 1841.

En 1823 exiliouse en Inglaterra, onde descubriu con entusiasmo as obras de Walter Scott e Lord Byron, lecturas que o levaron definitivamente ó romantismo. Con posterioridade trasladouse a Francia, onde escribiu os poemas que inauguran o romantismo portugués e que reúne nos libros *Camões* (1825) e *Dona Branca* (1826). En 1826 retorna a Portugal e dedícase ó xornalismo político, mais a situación do país obrígao a un novo exilio en Inglaterra e Francia. No terreo da narrativa publica *Adozinda* (1828) e dous anos despois aparece o seu tratado *Da Educação*.

Despois de vivir nos Açores e en Bélxica retorna a Portugal en 1837. Le ós alemáns Schiller, Goethe e Herder. Publica artigos políticos en *O Português Constitucional*, funda o Teatro Nacional en Lisboa e publica o ensaio *A evolução e o espírito do teatro em Portugal* (1849). Na década de 1840 está Almeida Garret no cumio da súa carreira literaria. No eido da lírica publica *Flores sem fruto* (1845) e *Folhas caídas* (1853). No teatro aparecen *Un auto de Gil Vicente* (1838), *O Alfageme de Santarem* (1842), *Frei Luís de Sousa* (1843) —a súa máis importante peza dramática— e *A sobrinha do marquês* (1848). No ámbito da narrativa deixou incabada a novela *Helena*, na que traballaba cando morreu en 1854. Outros títulos de interese da súa variada obra son *Viagens na minha Terra* (1846) e *Romanceiro e Cancioneiro Geral* (1843-1851). En *Resol* (nº 7, 1933) temos da súa autoría o poema "O pharol e o baixel".

ALTOLAGUIRRE, Manuel

Malagueño, nacido en 1905, o seu nome vai unido á imprenta, á publicación de revistas poéticas, á edición de libros, ó cine e á poesía. Con Emilio Prados, fundou en 1926 a revista *Litoral*, que aínda perdura despois de pasar por diversas etapas. Home de fondo republicanismo, exiliouse en México en 1938 e alí proseguiu a publicación de *Litoral*.

Con Gerardo Diego, Federico García Lorca, Rafael Alberti e aínda Moreno Villa e Emilio Prados, integra a representación en *Resol* —nas súas dúas etapas— do grupo

[121] Deste libro temos a edición preparada por Aitana Alberti para a editorial Aguilar en 1978.

poético de 1927. A súa lírica, de ben perceptible espiritualidade, visionaria e transcendente, ten a San Juan de la Cruz como un dos seus máis constantes modelos. Entre os seus mellores títulos anotamos *Las islas invitadas* (1926), *Soledades juntas* (1931), *La lenta libertad* (1936), *Nube temporal* (1939), *Fin de un amor* (1949) e *Poemas de América* (1955). Nas súas *Obras completas* (1986) inclúese o libro de memorias *Caballo griego*. Desenvolveu unha ampla tarefa como traductor e como antólogo publicou *Antología de la poesía romántica española* (1933).

Na etapa arxentina de *Resol* está representado con dous poemas: "Nosotros somos Levante" (nº 1) e "Arenga" [122] (nº 2), que forma parte dunha serie de catro romances da autoría do poeta publicados no *Romancero de la guerra civil*, serie I, Madrid, 1936[123].

Álvaro Yunque

Álvaro Yunque é o pseudónimo do escritor arxentino Arístides Gandolfi Herrero, nacido en La Plata en 1899. Como escritor temos que situalo na década de 1920, cando a literatura arxentina vivía, dunha banda, a iconoclastia vangardista e, doutra, a preocupación pola decadencia moral da sociedade e os problemas do proletariado. Neste último bando, na órbita dun realismo proletario, situamos a Álvaro Yunque, integrante do chamado Grupo Boedo que teimou na visión en profundidade da vida urbana e no reconto de situación de pobreza das xentes humildes. Nesta liña, na que ideoloxicamente influe a Revolución Rusa, figuran —ademais de Álvaro Yunque— Elías Castelnovo, Roberto Mariani, Max Dickmann, Lorenzo Stanchina, Leónidas Barletta, César Teimpo e, moi particularmente, Roberto Arlt, todos eles integrantes do Grupo Boedo ou continuadores del.

Aínda que autor de poesía —en *Versos de la calle* (1924) ou *Poemas gringos* (1932)— foi sobre todo narrador que cultivou o conto, con moita frecuencia protagonizado por personaxes infantís. Citemos aquí *Barcos de papel* (1926), *Zancadillas* (1926), *Jauja* (1928) ou *No hay vacaciones* (1935). En 1945 a editorial Fray Mocho de Bos Aires presentaba as *Obras completas* de Álvaro Yunque. Escribiu tamén novela, teatro e ensaio, este último sobre temas arxentinos. Morreu en Bos Aires en 1982.

Amado Carballo, Luís

Nun espacio intermedio entre a tradición e a novidade, sitúase a obra poética de Luís Amado Carballo, pontevedrés nado en 1901. En 1912, despois de facer os primeiros estudios no colexio Balmes da capital do Lérez, cursa o Bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, que remata en 1919, momento no que se matricula na Facultade de Ciencias Sociais e Dereito da Universidade de Santiago. En 1920 trasládase a Madrid e alí vive unha certa bohemia xunto con Evaristo Correa Calderón e Xavier Bóveda, cos que coñece o café Pombo e a Ramón Gómez de la Serna. Daquela colabora con contos, poemas e artigos en castelán en publicacións

[122] "Arenga" apareceu por vez primeira na revista *El Mono Azul*, nº 10, de 29-X-1936. Este poema tamén está recollido na sección "Otros poemas" de *Manuel Altolaguirre. Poesías completas*, Madrid: Ed. Cátedra, 1982, p. 363.

[123] Este libro reimprimiuse na colección Cuatro Vientos, Madrid, 1977.

Amado Carballo, por Maside

como *La Tribuna, Espadaña, Parábola, Vida Gallega* e *Diario de Pontevedra.*

En 1921 volta á súa cidade natal e principia a colaborar, en galego, en *A Nosa Terra* e, un ano máis tarde, funda, co seu amigo Xoán Vidal Martínez, a revista *Alborada*, que só tirará catro números. Pouco despois, en 1924, principian as súas colaboracións en *La Concordia* de Vigo, do que foi redactor. Deste mesmo ano data a súa paticipación no xornal *Galicia* e, ó desaparecer *La Concordia* por problemas económicos, pasa a formar parte da redacción de *El Pueblo Gallego.* En 1925 enferma de tuberculose, abandona o xornalismo e retoma os seus abandonados estudios universitarios. Con só 26 anos morre o 3 de setembro de 1927. En 1982 a R.A.G. dedicoulle o Día das Letras Galegas[124].

A obra en prosa de Amado Carballo apareceu a partir de 1922. Deste ano data o seu relato *Maliaxe*, publicado pola revista *Alborada* de Pontevedra. Do ano seguinte é a novela, que fai o número 5 da colección Lar, *Os pobres de Deus*, onde relata a vida dun asilo de anciáns. Polo que se refire á súa producción poética hai que dicir que non apareceu reunida en libro ata o mesmo ano da súa morte, momento no que deu a imprenta *Proel* (1927), único volume de versos que puido ver editado en vida. Un ano despois, un grupo de amigos reúne e publica na editorial Nós *O Galo* (1928). Detéctase en ambos poemarios a impronta da estética hilozoísta no tratamento innovador na creación de imaxes por medio da atribución de cualidades humanas a formas inanimadas. Amado Carballo consegue, apoiándose nun constante uso de metáforas, aspectos innovadores nunha poesía paisaxista, non refugando elementos da métrica tradicional, como o emprego de octosílabos asonantados, coa que estructura os seus poemas. Este hilozoísmo, xunto con algunha das manifestacións do neotrobadorismo, constituíu unha estética nacional enxebre que non renunciaba á modernidade.

A importancia de Amado Carballo no seu tempo foi tal que estudiosos como Carballo Calero chegaron a falar dunha escola amadocarballista, en consideración da intensa influencia que exerceu sobre a súa xeración e sobre as seguintes. A súa temperá morte tivo como consecuencia, en anos inmediatamente posteriores e a xeito de homeaxe, a publicación dalgúns dos seus poemas xa aparecidos en libro. Este é o caso das dúas composicións que figuran en *Resol*, "Noivos"(nº, 1932) e "O galo" (nº 3, 1932).

[124] Ademais do notable interese e entusiasmo que a producción de Amado Carballo provocou no seu tempo, este último acontecemento propiciou a aparición de varios estudios e reedicións da producción amadocarballista. Destacamos entre eles os volumes publicados por Xosé Mª Álvarez Blázquez, *Luís Amado Carballo, vida e obra, escolma de textos*, A Coruña: R.A.G., 1982; *Escolma de Amado Carballo*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Día das Letras Galegas, nº 10, 1982, e Xosé Ramón Pena, *Luís Amado Carballo. Poesía*, A Coruña: Edicións Nós, 1982. Por outra banda, interesantes datos ofrece o artigo de Aurora Marco, "Contribución á biografía de Amado Carballo; algúns dados inéditos e un poema non recopilado", *Grial*, nº 76, 1982. Finalmente a esta nómina hai que engadir a edición de Luís Alonso Girgado, *Luís Amado Carballo. Poesía galega completa*, Santiago de Compostela: Eds. Sotelo Blanco, 1994.

Anna Ajmátova

Xunto a Dostoievski, Maiakovski e Sonia Dubnova, integra Anna Ajmátova o grupo de escritores rusos representados en *Resol*. Anna Ajmátova[125], nacida en Bolshoy Fontán (Odesa) en 1889, é en realidade o nome literario de Anna Andréyevna Górenko. Coetánea de célebres poetas do seu país como Andrei Bieli, Alexandr Blok ou Osip Mandelshtam, estudiou Dereito no Liceo de Kiev ata 1910. De seguido cursou Literatura e Filosofía en San Petersburgo e en 1907 publicou o seu primeiro poema na revista *Sirius* de París. Nunha das súas viaxes á capital francesa coñeceu ó pintor A. Modigliani, do que foi musa e amiga.

Na década de 1930 a súa familia foi víctima do réxime stalinista. En 1946 foi expulsada da Unión de Escritores polo comité central do Partido Comunista ruso, que atacou as revistas *Zviezdá* e *Leningrad* (nas que a poeta colaboraba) por publicar poemas pesimistas e apolíticos.

Trátase dunha autora caracterizada pola súa sensibilidade e por un misticismo no que ecoa a nostalxia do pasado. A súa obra móvese entre o decadentismo e o simbolismo. Do conxunto da súa producción cómpre salientar os títulos, *La tarde* (1912), *El rosario* (1913), *La bandada blanca* (1913), *Anno Domini* MCMXXI (1922), *El prado* (1940), *Poesías escogidas* (1952), *Poema sin héroe* (1960), *Réquiem* (1963) e *La carrera del tiempo* (1965). Foi tamén a traductora ó ruso de *I canti* de Leopardi. En 1963 concedéuselle en Italia o Premio Internacional de Literatura e dous anos máis tarde foi nomeada Doutora Honoris Causa pola Universidade de Oxford. En *Resol* (nº 5, 1932) temos o seu poema "Podoroginik" en traducción ó castelán.

Anna Ajmátova, por Yuri Ánnenkovx

Aranbarri, Íñigo

Na panorámica da máis recente poesía vasca, Íñigo Aranbarri e Xavier Montoia son expoñentes dun quefacer sinalado polo hermetismo da expresión e o vencellamento á corrente underground. Íñigo Aranbarri (nado en Azkoitia en 1963) iniciouse como poeta con *Jonas Poisson* (1985), poemario que evidencia a débeda do poeta co mito bíblico de Xonás e que se desenvolve nunha rede labiríntica de imaxes e visións surrealistas nas que se lembra o cine expresionista alemán.

Na súa segunda entrega, *Dordokak eta Elurra* (As tartarugas e a neve) (1989) ecoa a pegada de Paul Celan e doutros líricos como C. Pavese, Giacometti ou Hölderlin. En *Resol*, con "Piamonte Koak" figura representado no número de homenaxe de 1990.

[125] Síntomas do recente interese por esta escritora son as edicións das súas obras, en especial do *Réquiem* (Editorial Alfar, Sevilla, 1993 e Ediciones Torremozas, Madrid, 1996). En galego temos a traducción do seu poema "O soneto marítimo", en versión directa do ruso por Alexandra Koss, en *Clave Orión*, nº II, 1996.

Arráiz, Antonio

É o único escritor venezolano representado en *Resol*. Nacido en Barquisimeto-Lara en 1903, foi poeta, novelista, xornalista e ensaísta. Como poeta, sitúase no posmodernismo venezolano xunto con Luís Enrique Mármol, Enrique Planchart, Vicente Gerbasi, Manuel Felipe Rugeles, Andrés Eloy Blanco ou Rodolfo Moleiro. A súa obra lírica constitúe un afervoado canto épico á vida e á terra de Venezuela. O rupturismo coa tradición e a actitude revolucionaria no social son claves deste poeta pertencente á xeración de 1928, perseguido, encarcerado e exiliado por razóns políticas. *Áspero* (1924), *Cinco sinfonías* (1939) e *Parsimonia* (1941) son os seus poemarios, dos que o primeiro foi, sen dúbida, o máis influínte.

Como novelista, tratou repetidamente a temática da vida política durante a dictadura da Juan Vicente Gómez. Así acontece en obras como *Puros hombres* (1938), *El mar es como un potro* (1950) e *Todos iban desorientados* (1951). O rápido enriquecemento das altas esferas da sociedade venezolana está contemplado con ironía nos contos compilados en *Tío Tigre y Tío Conejo* (1945). Novelistas coetáneos venezolanos son Miguel Otero Silva, Enrique Bernardo Núñez, Ramón Díaz Sánchez e, sobre todo, Arturo Uslar-Pietri. Faleceu Antonio Arráiz nos Estados Unidos en 1963. En *Resol* (nº 9, 1935) figura representado cunha única composición, "El voto".

Bacarisse, Mauricio

Mauricio Bacarisse (nado en Madrid en 1895) está fondamente relacionado —na súa vida e obra— con Ramón Gómez de la Serna e o grupo de poetas do 27 español por razóns de amizade persoal e afinidades estéticas. Poeta, ensaísta, narrador, colaborador habitual da prensa literaria do seu tempo (algúns dos seus poemas e artigos apareceron en *España* e *Revista de Occidente*) e catedrático de Filosofía, Bacarisse iniciou a súa xeira poética con *El esfuerzo* (1917) na órbita modernista, pero co tratamento de temas de carácter social enfocados con ironía. Ó terreo da poesía pura pertencen os seus posteriores poemarios *El paraíso desdeñado* (1928) e *Mitos* (1930), dedicado a Valle-Inclán.

Incluído na antoloxía de Gerardo Diego, *Poesía española contemporánea* (1934), Bacarisse foi tamén novelista e nese eido a súa obra *Los terribles amores de Agliberto y Celedonia* (1931) recibiu o Premio Nacional de Literatura 1930. Finalmente, rexistramos o seu labor de traductor de Verlaine, Sófocles e Heine.

A presencia dun poema, "Luna de miel", de Bacarisse en *Resol* (nº 1, 1932) quizais teña a súa explicación no feito de que este poeta, morto un ano antes da aparición da revista, exerceu algúns anos como catedrático no Instituto de Ensino Medio de Lugo.

Bal y Gay, Xesús

Aínda que nado en Lugo en 1905, Xesús Bal cursou estudios de Bacharelato e Piano no Conservatorio de Madrid. Traballou nun primeiro momento no Centro de Estudios Históricos da capital española, ó tempo que participaba na sección de

Etnografía e Folclore do Seminario de Estudos Galegos. Con posterioridade viaxa a Inglaterra, onde exerce como lector de español na Universidade de Cambridge. Emigra máis tarde a México e alí traballa na Casa de España, no Conservatorio e na Universidade. De volta a España establécese definitivamente en Madrid, cidade na que finou en 1993.

En colaboración con Evaristo Correa Calderón, Álvaro Gil e Luís Pimentel fundou, en 1924, *Ronsel,* que supuxo para o autor a cristalización da súa vocación artística e literaria. Nesta revista participou activamente publicando os seus primeiros artigos de tema musical, traduccións ó castelán de poetas franceses como René Albert Fleury e Auguste Pierre Garnier e, incluso, co fin de conseguir colaboracións para a mencionada publicación, visitou e ofertou as súas páxinas a importantes escritores do momento.

Ó longo da súa vida publicou numerosos traballos arredor do mundo da música, entre os que destacan as transcricións de música antiga e *Jesús Bal y Gay y Rosita G. Ascot: nuestros trabajos y nuestros días,* volume editado, en 1990, baixo a responsabilidade de Antonio Buxán e que recolle biografías de distintas personalidades da música española. É autor, así mesmo, de diversas composicións para canto sobre poemas de Rafael Alberti, Luís Amado Carballo, Juan Ramón Jiménez e Emilio Prados.

Entre 1928 e 1936, por encargo da Junta para la Ampliación de Estudios de Madrid, e xunto con Eduardo Martínez Torner, recompilou 1.300 melodías do romanceiro popular galego que viron luz anos despois, en 1973, no *Cancionero Gallego*[126]. En castelán publicou o breve ensaio "La generación gallega de 1925", incluído no volume colectivo *Presencia de Galicia en México* (1954).

Figura Xesús Bal y Gay en *Resol* cunha única composición que presenta a peculiaridade de figurar dúas veces na revista, baixo o mesmo título "Cartón" e practicamente sen variación, nos números 3 (1932) e 10 (1936). Esta mesma composición foi reproducida noutras publicacións da época como *Nós, El Heraldo de Galicia,* etc.

Balbontín, José Antonio

Xornalista e político de esquerdas, naceu en Madrid en 1893. Viviu exiliado en Londres .despois da guerra civil, pero anos máis tarde retorna a España. Finou en Madrid en 1977.

Director da revista *Post-Guerra* (1927), publicou en 1952 as súas memorias políticas en *La España de mi experiencia.* Dramaturgo e ensaísta, foi tamén poeta que tratou nos seus versos temas de contido social e político. Entre os seus poemarios mencionamos *Inquietudes* (1925) e *Romancero del pueblo* (1931). Cultivou tamén a novela social, terreo no que se manifestou con *El suicidio del príncipe Ariel* (1929).

En *Resol* (nº 1 da etapa arxentina) está representado co poema "A Franco, General pirata", publicado por vez primeira en *El Mono Azul* (nº 6, 1-X-1936).

---

[126] Parte deste material xa fora publicado con anterioridade en *Folklore musical de Melide,* 1933.

Barbosa de Bocage, Manuel Maria

Portugués de orixe francesa, Bocage (nado en Setúbal en 1765) levou unha existencia aventureira. Viviu na India e en Macao. En Lisboa, foi membro, co nome de Elmano, da Nova Arcadia.

Liberal subversivo, romántico tráxico, poeta maldito, home contradictorio, deixou unha obra poética composta de sonetos, poemas elexíacos e cancións A súa obra foi reunida en tres volumes co título xenérico de *Rimas (1791-1804)* e publicada en 1805, pouco antes da morte do poeta. Bocage foi un adiantado, un prerromántico sensible e intimista, cantor da soidade, do amor, do inferno e da morte.

En *Resol* (nº 7, 1933) está representado cun soneto titulado "Sentimentos de contrição", incluído nas *Rimas* e representativo das tensións, da forte oposición de contrarios que sempre anguriou ó poeta.

Baudelaire, Charles

Poeta universal e gran figura predecesora da lírica moderna, Charles Baudelaire naceu en París en 1921. Estudiou en Lyon e París. Levou unha existencia bohemia e desacougada e frecuentou os círculos artísticos e literarios do seu tempo. Os seus primeiros escritos publicados pertencen ó ámbito da crítica artística. *Salon,* de 1845, é o seu libro inicial. No terreo da música foi defensor da obra de Wagner. Traduciu así mesmo algunhas obras de Edgar Allan Poe.

Como poeta a súa obra de máis sona foi *Les fleurs du mal* (1857), que lle custou un proceso por ofensas á moral pública. Sen embargo o poeta continuou traballando nela e na edición de 1861 engadiulle trinta e cinco novos poemas. Os seus *Petits poèmes en prose* (1869), apareceron con anterioridade á súa configuración en libro baixo o epígrafe "Le spleen de Paris" nas páxinas do xornal *Le Figaro.* Anotemos tamén un terceiro poemario, *Les paradis artificiels* (1858-1860).

En 1864 viaxou a Bruxelas para pronunciar un ciclo de conferencias. Enfermo de sífile, morreu ó pouco de volver a París, en 1867. Xa con carácter póstumo apareceron *Curiosités esthetiques* (1868) e *Journaux intimes* (1909). Puramente circustancial é a súa pouco coñecida novela *La fanfarlo* (1847). Deixou tamén un interesante epistolario e, en esquema, algunhas pezas teatrais.

Situado na encrucillada do romantismo e o simbolismo, profundo anovador da lírica francesa, Baudelaire figura nas ringleiras do lirismo simbolista a carón de S. Mallarmé, A. Rimbaud e P. Verlaine.

En *Resol* (nº 9, 1935), Otero Pedrayo traduce o poema "A Ivonne Pen-Moor". Excelente coñecedor da literatura francesa, en especial dos escritores do século XIX, Otero Pedrayo deixou constancia do seu interese polo poeta de *Les fleurs du mal* non só nas páxinas de *Resol.*

Benedetti, Mario

Ó importante grupo de poetas uruguaios representados en *Resol*, temos que engadir —no número de homenaxe de 1990— a Mario Benedetti (nado en Paso de los Toros, 1920). Trátase sen dúbida dun dos escritores hispanoamericanos de máis activa presencia —humana e literaria— entre nós nas dúas últimas décadas deste século. Poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta e xornalista, intelectual inequivocamente de esquerdas, Benedetti foi represaliado no seu país e coñeceu anos de exilio en Cuba, Perú e España.

A obra de Benedetti posúe unha evidente dimensión social, ética e política. Criticou as dictaduras e o capitalismo, a burocracia e a violencia do poder. Instalado no realismo, a súa expresión é sinxela e coloquial. Libros de contos como *Montevideanos* (1959) ou *La muerte y otras sorpresas* (1968); novelas como *La tregua* (1960), *Gracias por el fuego* (1965) ou *El cumpleaños de Juan Ángel* (1971), escrita en verso; pezas teatrais como *Pedro y el capitán* (1979); poemarios como *Poemas de la oficina* (1956) e libros ensaísticos e de crítica como *El país de la cola de paja* (1960) ou *Crítica cómplice* (1988), figuran entre o mellor da súa ampla e aínda non pechada obra. En *Resol* (1990) está presente co poema "Los héroes".

Bouza Brey, Fermín

Aínda que nado en Ponteareas en 1901, moi novo trasládase a Vilagarcía de Arousa. Estudia o Bacharelato en Pontevedra, onde comeza a manifestar o seu gusto pola literatura e daquela confeccionan, el mais un compañeiro, Julio Brumbeck Reguera, un xornal escolar manuscrito. En 1917 cursa o derradeiro ano do Bacharelato en Ourense —lugar onde coñece a Blanco Amor e a Losada Diéguez— e comeza a licenciatura de Historia na Universidade de Santiago, estudios que abandona en 1918 para matricularse en Dereito, carreira que rematará en 1924. Neste mesmo ano retoma o estudio universitario de Historia, que finaliza en 1931[127].

Bouza Brey, por Maside

En 1923 participou, xunto con Filgueira Valverde, Manuel Magariños e outros, na fundación do Seminario de Estudos Galegos, institución na que traballará nas máis diversas seccións ata a súa disolución en 1936. Despois da guerra civil, en 1941, ingresa na R.A.G. e, tres anos máis tarde, intégrase no Instituto Padre Sarmiento onde dirixirá a sección de Arqueoloxía e Prehistoria. Daquela obtén a oposición de Maxistratura e exerce como xuíz de primeira instancia en Viella (Lleida) e na Estrada. Xa maxistrado, traballa nas Audiencias Territoriais de Lugo, Pontevedra e Oviedo. Finalmente en 1956 trasládase a Santiago, onde se dedicará ó exercicio privado da avogacía ó tempo que desempeña unha constante actividade cultural, máis no ámbito da investigación literaria e histórica que no da creación.

[127] Nesta segunda licenciatura foi pensionado polo Centro de Estudios Históricos a Armórica, na Bretaña francesa, en 1929, e a Portugal catro anos máis tarde.

Morre Fermín Bouza Brey en Santiago de Compostela o 11 de xuño de 1973. Neste ano e no seguinte apareceron en *Cuadernos de Estudios Gallegos* senllos números de homenaxe. Máis tarde, a R.A.G. acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 1992 e con tal motivo apareceron numerosos estudios sobre a figura deste autor entre os que salientamos *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria,* de Ramiro Fonte, e *Fermín Bouza Brey (A paixón dun humanista),* de Dorinda Castro.

Polo que atangue á súa contribución ó eido da literatura, cómpre mencionar que aínda mozo escribe *Libro dos vinte anos*, volume inédito do que só consta o título e no que se supón estaría integrada a composición "Romance dos vinte anos", publicada en 1921. Temos constancia doutro volume desaparecido, *As estrelas no sombreiro*, composto antes de 1923, e do que só se conserva un poema, "Auscultarei os meus fados". Outra obra malograda é *O romance de D. Galeor* (1925), peza de teatro que nunca chegou a estrearse. Por estas datas participa no Cadro Dramático da Universidade de Santiago de Compostela como actor, representando pezas de Cotarelo Valledor. En novembro de 1925 aparece como nº 15 da Editorial Lar o relato breve *Cabalgadas en Salnés*, que constitúe a única contribución de Bouza Brey á prosa de creación.

No ámbito da poesía publicou *Nao senlleira* (1933), que inclúe vinte poemas escritos entre 1922 e 1932. Esta obra, xunto con *Cantiga nova que se chama riveira*, de Álvaro Cunqueiro, aparecida no mesmo ano, consagran unha liña poética marcada pola influencia da tradición medieval que, baixo o nome de neotrobadorismo, chegará máis alá da guerra civil. En 1955, e con ortografía portuguesa, aparece *Seitura*, poemario que inclúe composicións de distintas épocas: algunhas anteriores á guerra civil —como "Agarimo"— e outras moi posteriores e publicadas inicialmente por separado, como "Louvores ao Señor Sant-Iago" (1945) e "Gozos á Diviña Peleriña" (1948). Consecuencia disto é o feito de que o libro resulte moi desigual temática e formalmente. Despois de *Seitura* dá a coñecer só ocasionalmente as súas composicións. Colabora, sen embargo, en varios volumes colectivos e de homenaxe como é o caso do de Cuevillas, Fritz Krüger ou Cadarso.

Gran parte da súa producción poética e numerosos traballos de prehistoria, historia, arqueoloxía, arte, etnografía, epigrafía, filoloxía e numismática aparecen espallados en diversas revistas[128]. A súa presencia en *Resol* limítase a unha única composición, "Tenzón co malvís amigo" (nº 3, 1932).

A súa producción bibliográfica non poética, iniciada en *Ultreya* en 1919 co artigo "Teatro de antano en Santiago", chega a contabilizar máis dun milleiro de títulos, entre os que cabe salientar "Bibliografía de prehistoria galega" (1927), "Prehistoria e Folklore da Barbanza", "Os oestrimnios, os saefes e a ofiliatría en Galiza"(1929) "La civilización neo-eneolítica gallega" (1931), todos eles en colaboración con Cuevillas;

[128] Colaborou en numerosas publicacións galegas como *Faro de Vigo, El Correo Gallego, La Voz de Galicia, Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense, Boletín da Real Academia Galega, Diario de Galicia, Vida Gallega, A Nosa Terra, Céltiga, El Pueblo Gallego, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Terra, Nós, Boletín de la Universidad de Santiago, Logos, Cristal, Galicia, Universitarios, Galicia Nueva, Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo, El Museo de Pontevedra, Sonata Gallega, Cuadernos de Estudios Gallegos, Posío, La Noche, Alba, Compostellanum, Grial, Acción Gallega ou Lar.* Portuguesas como *4 Ventos, Bracara Augusta, Douro-Litoral, Revista de Etnografía do Porto, Revista de Guimarães ou Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología.* E do territorio español como *Acción Española, Ampurias, Archivo Español de Arqueología, Arxiu de Tradicions Populars, Boletín del Instituto de Estudios Asturianos, El Español, Pueblo, Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* ou *Revista General de la Marina.*

"El tesoro romano de Deiro" (1961); "Cancioneiro das ribeiras do Tea" (1929) e, en colaboración con Álvaro D'Ors, "Inscripciones romanas de Galicia" (1949). En 1992 o Museo do Pobo Galego edita *Os cesteiros galegos de Mondariz e a súa fala gremial* e un ano máis tarde Bouza Brey compila unha serie de artigos xornalísticos baixo o título *Artigos galegos e composteláns*. Froito de todo isto é o seu nomeamento como membro da R.A.G., correspondente da Real Academia da Historia, da Sociedade Española de Antropoloxía e Etnografía, da Sociedade Martins Sarmiento de Guimarães, do Instituto de Coimbra, etc.

Como crítico literario fixo tamén interesantes traballos sobre autores como Eduardo Pondal, Valle-Inclán ou Ramón Cabanillas, entre outros. Lembremos, por exemplo, estudios como "A formazón literaria de E. Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus *Queixumes*" (1925), "Poesía de Pondal a Rosalía de Castro enferma" (1950), "Los escritos de Valle-Inclán en *Café con Gotas* y su primera poesía" (1966) e "O mensaxe de Ramón Cabanillas" (1976). En 1953 publica a edición comentada do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, de G. Feixó. A Rosalía de Castro e á súa obra dedicoulle abundantes estudios, entre os que convén citar "Conto galego de Rosalía de Castro" (1946), "La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)" (1955), "Los *Cantares Gallegos* o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1863" (1963), "De novo Rosalía en Italia" (1967) e "Un poema non coleccionado de Rosalía: 'Dend'as fartas orelas do Mondego" (1983). Así mesmo, en 1963, con motivo do centenario da publicación de *Cantares Gallegos,* realiza a edición crítica desta obra de Rosalía.

Brañas, Alfredo

Nado en Carballo (A Coruña) en 1859, cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Nos seus anos de estudiante iniciouse como xornalista nas páxinas de *El Porvenir* e vencellouse á ideoloxía católica e tradicionalista do xornal. Esta ideoloxía foi impulsada polo mesmo Brañas en *El Libredón*, que dirixiu entre os anos 1885 e 1887. En Santiago foi vicepresidente do Ateneo Gallego de la Juventud e proxectou a creación dunha Academia rexional que promovera o emprego da lingua galega. Foi, así mesmo, secretario do Ateneo León XIII, membro do Círculo Católico de Obreros e secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela, da que tamén foi profesor (en 1887 ocupou a cátedra de Dereito Natural da Universidade de Oviedo e ó ano seguinte desempeñaba xa a de Economía Política de Santiago).

Xunto con Manuel Murguía, sitúase Alfredo Brañas como máxima figura do rexionalismo galego, movemento iniciado con Antolín Faraldo. Nas súas teses políticas rexeitou o capitalismo, o socialismo e o liberalismo. O xornalismo, a actividade académica e a defensa do pensamento rexionalista ocuparon a súa existencia. Os seus escritos, poemas e artigos apareceron en *El Eco de Santiago, La Gaceta de Galicia, El País Gallego, Galicia Humorística, La Patria Gallega, Galicia. Revista Regional, El Áncora, El Correo Español*, ademais do xa citado *El Libredón*, que logo pasou a ser *El Pensamiento Gallego* ou *Pensamiento de Galicia.*

A obra fundamental, como expresión do seu ideario político é, sen dúbida, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario* (1889). En distintos xornais e revistas deu a coñecer as súas composicións poéticas, en galego e castelán. Anotamos entre elas "¡Lembranza!", "Avellón", "A víspora de San Xuán", "Brindis a

Maruxiña", "Aire gallego", "Como en Irlanda"[129], etc. Participou nos Xogos Frorais de Tui e Barcelona e en certames poéticos de Ourense e A Coruña. Boa parte da súa creación lírica está recollida nos seus poemarios *Borradores de versos* e *La Eternidad* (ambos de 1881). En 1896 estreou o drama rexionalista *La voz de la sangre y la voz de la patria.* En *Resol* (nº 4, 1932) aparece representado cunha única composición titulada "Himno".

Braxe, Lino

Naceu en Mugardos en 1962. Traballou en radio e televisión como actor e guionista. Colaborou en *Nordés, A Nosa Terra, Luzes de Galiza, Galicia en Madrid* e *Artesonado.*

Como poeta escribiu *Igor de Albatros en Selene* (1985), en colaboración con Xulio Béjar e Xosé H. Rivadulla Conde, e —xa en solitario— *Banquete* (1990), que leva un limiar de Xosé M. Beiras. O seu poemario máis recente é *Entre ruínas* (1996). Figura tamén nas antoloxías *De amor e desamor, I e II* (1984-1985) con nove poemas.

No eido do teatro, reuniu varios textos breves en *A promesa* (1991). Colaborou con Manuel Lourenzo, Flor Maceiras e Xesús Pisón en *O camiño das estrelas* (1993). No mesmo ano 1993 publicou *A actriz.*

Outros traballos (artigos, guións, ensaios), sempre en colaboración con Xavier Seoane, son: *Galicia emigrante* (1989), escolma de textos radiais de Luís Seoane, *Figuracións* (1990), *A máxia da palavra (Cunqueiro na radio)* (1991), *O cine e a fotografía* (1994) e *Luís Seoane e o teatro* (1996).

Da súa contribución á narrativa rexistramos *A memoria perdida* e *Territorios* (1992). No terreo da literatura infantil, a peza *Alacrán e a máquina do tempo* (1984) —adaptación de *A bela durminte* de Perrault —en colaboración con X. R. Rilo, e *O conde vampiro* (1995). En *Resol* (1990) está representado co poema "Epidemia".

Brossa, Joan

Poeta lírico e dramaturgo de abondosa e pouco representada producción, Joan Brossa naceu en Barcelona en 1919. Foi membro destacado do grupo vangardista catalán vencellado á revista *Dau al Set* (1948). A súa obra poética e teatral acusa a pegada do surrealismo, pero evidencia tamén o interese do escritor polos temas e problemas sociais e políticos.

Como poeta publicou *Em va fer Joan Brossa* (1951), *Poemas civils* (1961) e *Poesia rasa* (1970); este último contén unha escolma dos dezasete poemarios do autor. Como dramaturgo escribiu máis de oitenta pezas. O seu teatro completo (ou "poesía escénica") abrangue títulos como *La jugada* (1960), *Or i sal* (1962), *Gran guinyol* (1962), etc. En *Resol* (1990) figura incluído coa composición "Epileg del «Poema del poema»"

[129] Este poema deu título en 1996 a unha posta en escena do Centro Dramático Galego baseada nas obras de Antón Vilar Ponte, *Nouturnio de medo e morte,* e de J. M. Synge, *Xinetes para o mar.* Neste mesmo ano foi publicado polo IGAEM o texto escenificado dentro da súa colección Centro Dramático Galego.

Cabanillas, Ramón

En xuño de 1876 viu a primeira luz na vila pontevedresa de Fefiñáns, hoxe do municipio de Cambados o que, pasado o tempo, se habería de converter no poeta da raza. Superadas as probas de ingreso no seminario de Santiago de Compostela, realiza estudios eclesiásticos ata o curso 1892-1893. Traballa como axudante de notario e escribán en Cambados e no ano 1899 contrae matrimonio con Eudosia Álvarez.

A esta época remóntase o inicio da súa actividade xornalística, fundando en 1906, na devandita localidade, o periódico *El Umia*, onde o escritor cambadés asinou o seu primeiro texto en galego. Catro anos máis tarde fundou na mesma vila o xornal de carácter redencionista e anticaciquil *El Cometa*. A continuación viaxa a Cuba, onde desempeña traballos de carácter administrativo e contacta cun gran número de galegos alí emigrados, caso de Antón Villar Ponte, Xosé Castro "Chané" ou Xosé Fontenla Leal. Ó mesmo tempo principia a colaborar na prensa galega da illa e así, en setembro de 1910, publica a primeira colaboración en galego desta etapa, titulada "Lonxe", na revista *Suevia*.



Cabanillas, por Maside

Froito dunha viaxe realizada a Galicia no verán de 1912 entraría en contacto, nun mitin da asociación agrarista Acción Galega, con Basilio Álvarez, quen influiría de modo determinante na súa producción posterior. Ó regreso á Habana, a finais dese mesmo ano, presidiu o acto de constitución da delegación de Acción Galega en Cuba. Con Basilio Álvarez desenvólvese na illa caribeña unha campaña de difusión dos principios do movemento agrarista. A petición de Cabanillas realiza o prólogo de *No desterro* (1913), o seu primeiro libro de versos, no que salientaba a poesía combativa e de carácter vindicativo.

Á súa volta a Galicia, en 1915, traballou no Concello de Vilagarcía ata pasar, en 1919, a ocupar a secretaría do concello de Mos. Entre estas datas enmárcanse o seu ingreso nas Irmandades da Fala, a asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo e o inicio das súas colaboracións en *A Nosa Terra*, onde é nomeado como o poeta da raza. En agosto de 1920 ingresou na Real Academia Galega, pronunciando o discurso "A saudade nos poetas galegos". Marcha a Madrid dous anos, entre 1921 e 1923, e ó seu retorno será o administrador do xornal *Galicia*, de orientación galeguista, que dirixía Valentín Paz Andrade. Denantes de se producir o seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos, en 1926, estivo en Mondariz, importante foco do galeguismo, onde gozou da protección de Enrique Peinador.

Con Armando Cotarelo ocupa a outra praza como representante galego na Real Academia Española en 1927, aínda que o seu ingreso non se produciu ata maio de 1929, co discurso "Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal". Non saíu elixida a súa candidatura ás Cortes Constituíntes polo Partido Galeguista en 1931, pero pronto se produciría a mudanza na súa traxectoria política, motivada polo ache-

gamento do partido ás forzas republicanas de esquerda. Así, quen fora un dos asinantes en 1931 da "Afirmación Católica d'un Grupo de Nacionalistas", en 1933 afonda a súa desvinculación do movemento nacionalista, ó aceptar un cargo oficial, trala victoria das forzas de dereita.

Logo da súa estadía en diversos lugares na zona republicana ó desencadearse a guerra civil, en 1937 pasou á zona nacional, para volver a Cambados. Desenvolvería traballos administrativos a partir de 1940 e máis tarde vai a Madrid, onde participa en tertulias con intelectuais galegos. Con posterioridade a súa residencia fluctuou entre Samos, Baracaldo e Madrid. En 1958 tributóuselle unha homenaxe multitudinaria na vila de Padrón e foi coroado como "Poeta da Raza". A volta a Cambados ó ano seguinte coincide co seu pasamento no mes de novembro, tralo que se celebrarían numerosos actos na súa memoria.

A producción poética de Cabanillas abrangue unha gran cantidade de títulos, esparexidos ó longo da súa dilatada vida e que pulsan moi diversas cordas temáticas, que van dende o ton combativo, social e vindicativo ata un intimismo amoroso próximo ó estado místico, pasando pola poesía de carácter narrativo e a paráfrase de poetas clásicos, entre outros. Así, a *No desterro. Visións gallegas* (1913) continúan *Vento mareiro* (1915), *Da Terra asoballada* (1917), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas. Breviario de un amor* (1927), *Camiños no tempo* (1949), *Da miña zanfona* (1954), *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955) e *Samos* (1958). En 1959 e 1979 publicáronse senllas edicións das *Obras Completas*, que incorporan novas versións de textos e engaden composicións que estaban espalladas por diversas publicacións, das que cabe mencionar entre as non citadas o xornal *El Pueblo Gallego* ou a revista antifascista *Nova Galiza*. Tamén contén o libro *Antífona da Cantiga* (1951), o primeiro editado por Galaxia. En *Resol* está representado con dúas composicións "Romance da febre" (nº 3, 1932) e "Galicia" (nº 4, 1932).

No que respecta á producción dramática deste autor, encétase con *A man de Santiña* (1921), á que seguen *O Mariscal* [130](1926) —traxedia histórica en verso feita con Antón Villar Ponte—, *Romance do cristiano e do mouro na Franqueira* (1949) — complementado cun *Diálogo*—, *A ofrenda das fadas no portal de Belén, retablo de nadal* (1958), *Macías o namorado, A virxe de Cristal, Galicia, 1808*. Estas pezas están incluídas na súa *Obra dramática*, publicada en 1996.

Cáceres, Esther de

Nacida en Montevideo en 1903, médico ensaísta e poeta, Esther de Cáceres[131] foi en Uruguai, para os escritores e artistas galegos, unha especie de cónsul durante moitos anos. Alí presentou a obra de Manuel Colmeiro e divulgou a revista *Nova Galiza* de Barcelona. Amiga dos irmáns Dieste, visitou Galicia por vez primeira en 1940; logo, volvería en varias ocasións. Secretaria da Academia de Letras de Uruguai e titular da cátedra de Literatura da Universidade de Montevideo, mantivo estreita amizade con

[130] Obra levada a escena —representada por unha cincuentena de monicreces-actores— a finais de 1994 por Kukas.

[131] Para a relación de Esther de Cáceres con Galicia vx. "Esther de Cáceres" en Luís Seoane, *Comunicacións mesturadas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1973,p p. 243-246.

Gabriela Mistral e Juana de Ibarbourou[132]. O seu derradeiro libro de versos, *Canto desierto* (1969) foi prologado por Rafael Dieste e unha antoloxía da súa lírica, publicada na editorial Correo Literario, leva tamén á fronte un poema diesteano. Faleceu en Rianxo o día 26 de xaneiro de 1971.

Esther de Cáceres é unha das integrantes do ricaz grupo de poetas uruguaias que se manifestan arredor de 1950. Sara de Ibáñez, Clara Silva, Idea Alvariño, Sarah Bollo, Ida Vitale e Dora Isella Russell son figuras salientables dese grupo, que tivo en Juana de Ibarbourou —"Juana de América"— a súa máis universal representante. A poesía pura, o existencialismo e o surrealismo foron —a carón do lirismo telúrico-americanista ou relixioso— as correntes máis influíntes nestas poetas. Coetáneos deste grupo son os poetas uruguaios Nicolás Fusco Sansone, Alfredo Mario Ferreiro, Roberto Ibáñez, Fernando Pereda, Juvenal Ortiz Saralegui, Liber Falco, Juan Cunha e Álvaro Figueredo.

A lírica de Esther de Cáceres móvese entre o intimismo e o latexo relixioso influído por Jacques Maritain. Autora de máis de quince poemarios, cómpre lembrar algúns dos seus mellores títulos como *Las ínsulas extrañas* (1929), *Los cielos* (1935), *El alma y el ángel* (1937), *Espejo sin muerte* (1941), *Concierto de amor y otros poemas* (1951), *Los cantos del destierro* (1963), *Tiempo y abismo* (1965) e *Canto desierto* (1969). En *Resol* (nº 9, 1935) figura representada coa composición "Canción".

Cané, Luis

Arxentino, nado en 1897, obtivo en 1925 o Premio Babel con *Mal alumno.* A continuación publicou *El tiempo de vivir* (1927), pero a súa verdadeira obra mestra foi *Libro en espera* (1943). Cané é un poeta habitado pola anguria, pero a súa obra amosa unha forte preocupación polos temas sociais e raciais. O seu clasicismo expresivo non impide a aparición de imaxes de influxo surrealista. Outros libros poéticos da súa autoría son *El romancero de las niñas* (1932), *El romancero del Río de la Plata* (1936) e *Valses y rimas* (1941).

Cultivou Luis Cané o poema en prosa en *El amor de las niñas* (1934) e aínda tentou o xénero teatral na comedia *Vanidad* (1942). En 1970 apareceu unha selección dos seus versos co título *...Y Mercedes*, a cargo da súa filla Clara Cané. "Epitafio para la tumba de María del Carmen" é o título da composición coa que aparece representado en *Resol* (nº 9, 1935).

Carballo Calero, Ricardo

Filólogo, ensaísta e escritor, naceu Ricardo Carballo Calero na cidade de Ferrol en 1910. Licenciouse en Dereito e en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e exerceu a docencia en diferentes centros educativos ata que obtivo a praza de Catedrático de Lingua e Literatura Galegas na devandita universidade no ano 1972. Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro da R.A.G. e vicedirector do Instituto Padre Sarmiento. O seu amplo labor e gran dedicación ó eido cultural

[132] Ambas están representadas con achegas de carácter poético en *Cristal* (números 3 e 1, setembro e xullo de 1932, respectivamente).

galego fixeron de Carballo Calero unha das personalidades máis salientables da nosa cultura. Os seus artigos están espallados pola case práctica totalidade dos xornais galegos das últimas décadas. Colaborou tamén con asiduidade en revistas como *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Papel de Color*, *Alba*, *Galicia Emigrante*, *Vieiros* e *Grial*. Non tivo Carballo Calero unha gran presencia en *Resol*, xa que esta se limita a unha única composición "Romance de noite e mar", incluída no nº 3 (1932).

Dende moi novo Carballo Calero[133] estivo en contacto cos homes da Xeración Nós, chegando a colaborar na revista que eles realizaban. Publicou dous poemarios en castelán *Trinitarias* (1928) e *La soledad confusa* (1931). Xa en galego aparecen en 1931 *Vieiros* e, en 1934, *O silenzo axionllado*. Os libros *Anxo da terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoy* (1961) foron incluídos na obra *Pretérito imperfeito (1927-1961)* (1980), á que seguiron os poemarios que completan o ciclo *Futuro condicional (1961-1980)* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e *Reticências... (1986-1989)* (1990), que apareceu póstumo[134].

Da obra narrativa salientamos *A xente da Barreira* (1951), primeira novela escrita en galego despois da guerra civil e gañadora do concurso convocado por Bibliófilos Gallegos en 1950. En *Narrativa completa* (1984) está reunida boa parte da súa prosa narrativa, logo continuada coa publicación de *Scórpio* (1987), a súa derradeira novela. Polo que se refire ó teatro, no libro *Teatro completo* (1982), están recollidas un total de oito pezas dramáticas que constitúen a totalidade da súa producción.

A súa obra científica, filolóxica e ensaística é amplísima, destacando particularmente *Sete poetas galegos* (1955), *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955), *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963), *Gramática elemental del gallego común* (1966), *Problemas de língua galega* (1981), *Escritos sobre Castelao* (1989) e *Estudos e ensaios sobre a Literatura Galega* (1989). A recompilación dos seus textos xornalísticos así como dun feixe de pequenos estudios de carácter lingüístico e literario figura no libro *Do galego e da Galiza* (1990). Finalmente, apuntemos que en 1992 Carmen Blanco preparou a edición de *Umha voz na Galiza: artigos de jornal (1933-1989)*. Morre en Santiago en 1990.

CARYBÉ

Coa excepción do debuxo de García Lorca (da autoría de Luís Seoane) que encabeza o poema de Pablo de la Torriente dedicado á morte do poeta, as restantes ilustración do nº 1 da etapa arxentina de *Resol* son de Carybé[135].

Carybé foi o nome artístico de Héctor Julio Bernabó, vencellado ós núcleos de españoles exiliados en Bos Aires e íntimo amigo de Luís Seoane. Home de traballo regular na prensa, ilustrou con debuxos da guerra todos os artigos da serie "El terror fascista en Galicia", publicados por Luís Seoane, xa en outubro de 1936, nas páxinas do xor-

[133] Dous interesantes traballos para o mellor coñecemento da biobibliografía de Ricardo Carballo Calero son as obras de Carmen Blanco, *Conversas con Carballo Calero*, Barcelona: Eds. Sotelo Blanco, 1988, e Francisco Salinas Portugal, *Voz e silêncio (entrevista con R. Carballo Calero)*, Barcelona: Eds. Sotelo Blanco, 1991.

[134] A súa lírica en castelán ata 1947 non publicada en libro, está agora compilada en *Poesía perdida*, ed. de Claudio Rodríguez Fer, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1993.

[135] Así figura, escrito a man, no ángulo inferior dereito de "La obra" e non Caryté como, por erro, figura na primeira páxina do suplemento ilustrado "El Bululú".

nal *Crítica*, que dirixía o uruguaio Natalio Botana. Por temor ás represalias contra a súa familia, Seoane asinaba como Conrado Alem. Seoane tense referido a Héctor Julio Bernabó nalgunhas das audicións radiais de *Galicia Emigrante*, iniciadas en 1954.

Naceu Héctor Julio Bernabó en Lanús, Bos Aires, en 1911. Ilustrador de libros e xornais, foi tamén articulista e cartelista. Traballou nas editoriais Emecé e Nova. Arredor de 1960 estableceuse na cidade brasileira de Bahía, onde traballou para unha empresa de publicidade. Na década seguinte instalouse nos Estados Unidos, onde aínda reside. Ilustrou *Charlas de café,* onde xuntou varias ducias de semblanzas de famosos políticos e intelectuais (Castelao, ó que admiraba moito, é obxecto dunha delas) coas súas correspondentes ilustracións. Son tamén da súa autoría as dezasete viñetas do libro *Amazonia. Leyendas Ñangatu* (1943) da colección Mar Dulce, da editorial Nova, colección dirixida por Lorenzo Varela e da que Seoane era ilustrador habitual.

Casas Blanco, Álvaro de las

Naceu en xullo de 1901 en Ourense, onde realizou estudios de Bacharelato ata que marcha para Valladolid, cidade na que se licenciou en Filosofía e Letras, en 1920. Tras conseguir en Madrid no ano 1922 o título de doutor, ocupou a cátedra de Lingua e Literatura Portuguesas na Escola Superior de Policía. De 1928 a 1930 traballou como docente nun instituto, pasando logo a ocupar a cátedra de Historia do Instituto de Noia. Foi o fundador da agrupación xuvenil Ultreya. Afín ó Partido Galeguista, desenvolveu unha importante campaña de promoción e divulgación cultural na compaña doutros intelectuais galegos. Dirixiu a Biblioteca de Estudios Gallegos e, en 1934, fundou o Boletín de Estudios Políticos *Alento*, que contén varias colaboracións súas. No ano que estala a guerra civil marcha a América, este traslado correspóndese coa súa mudanza ideolóxica e pasa a adoptar unha postura reaccionaria que ben contrasta co galeguismo de acento revolucionario profesado na súa mocidade[136].

A literatura dramática foi o xénero que cultivou con preferencia como vehículo de expresión e propaganda das súas idea galeguistas, mais a súa actividade literaria non se cingue en absoluto a este ámbito. As novelas *O Xardín do Castelo de Vidre* (1926) e *Ladaíña* (1927), ambas aparecidas na Colección Lar, constitúen as súas primeiras achegas literarias. En *Xornadas de Bastián Albor* (1931) constrúe, a xeito de diario, unha trama na que reflicte á intelectualidade do grupo Nós na etapa de instauración da II República. Pola súa banda, *Sulco e Vento* (1931) constitúese como un libro heteroxéneo de poemas; mentres que *Rechouchío* (1936) é un diálogo no que deixa agromar a súa vocación lírica.

Ademais da súa ampla producción en castelán, que comprende tanto creación literaria como temas de investigación, tamén é autor dalgún libro en portugués. Dentro do terreo literario escribiu varias obras de carácter divulgativo, entre as que cabe citar *Antología de la Lírica Gallega* (1928), *Escolma de Cantigas ordeadas por Álvaro de las Casas* (1934), *Cancionero popular gallego* (1939) e *Antología de poetas gallegos* (1939). No seo do Seminario de Estudos Galegos escribiu o traballo *Cuestionario de Xeografía e Historia* (1932), que se inscribe no ámbito do ensino e da pedagoxía. No

[136] A este respecto son de obrigada referencia o seu ensaio *Galiza* e mais a conferencia "Verbas aos mozos galegos do momento universitario", pronunciada no Paraninfo da Universidade de Compostela en 1933.

campo da etnografía realizou unha selección do *Refraneiro Galego*, publicado na editorial Nós, mentres que a obra *A Illa de Ons* inscríbese no terreo da xeografía. Pero é no eido da literatura dramática, como xa queda dito, onde a súa obra ten un papel de relevo. Polo xeral, as súas son pezas de curta extensión, a primeira delas *A morte de Lord Staüler* (1929), á que seguirán o conto dramático *O Outro* e *Pancho de Rábade*, ambas publicadas en 1930. No volume *3 Conversas* (1931) inclúense os textos dramáticos *O tolo de Lastra*, *Dente d'Ouro* e *A gavilla*, mentres que na revista *Nós* aparece a peza *A volta* (1933) e *Sabel* (1934). Posteriormente publicaría *Matria* (1935) e *Mitin* (1936), e neste mesmo ano aparece *Teatro dos nenos*, que consta dos monólogos "Medos" e "Un rapaz desfarrapado". En *Resol* (nº 4, 1932) figura representado coa composición "Alento, meu amigo".

Castro, Eugénio de

Nacido en Coimbra en 1869, Eugénio de Castro foi unha das máis destacadas figuras da lírica simbolista portuguesa. Co simbolismo contactou na súa estadía en París, onde viaxaron tamén poetas portugueses como António Nobre, Mário de Sa-Carneiro, Almada Negreiros e Xavier de Carvalho. Colaborou ademais en revistas anovadoras da lírica como *Boémia Nova* e *Insubmissos*, que adiantaron novas claves métricas e estilísticas do simbolismo[137]. Foi fundador e director, xunto con Carlos Mesquita e Manuel da Silva Gaio, de *A Arte. Revista Internacional.* Finou en 1944.

Nunha nova etapa, o poeta evolucionou cara a un lirismo máis sobrio, preto dun formalismo clasicista, segundo demostran os seus libros poéticos *Constança* (1900), *Depois da ceifa* (1901), *Sombra do quadrante* (1906), *Cravos de papel* (1922) e *Ultimos versos* (1938). No ronsel do simbolismo, ou do decadentismo simbolista, figuran, a carón de Eugénio de Castro, poetas como João Barreira, Carlos Mesquita, Júlio Brandão, João Lúcio, Roberto Mesquita ou Henrique de Vasconcelos. En *Resol* (nº 7, 1933) aparece o seu poema "A Nereida de Harlem".

Castro, Rosalía de

Rosalía é, a carón de Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez, sobranceira figura do Rexurdimento galego e, como tal, a súa vida e obra foron (e son) amplamente tratadas por un gran número de estudiosos e investigadores. Este feito determinou o proceso de mitificación que experimentou a figura da escritora.

Rosalía de Castro nace, filla de nai fidalga solteira e pai crego, o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela. Críase en Ortoño e Padrón ó cargo da súa madriña, Mª Francisca Martínez. En data descoñecida (anterior a 1853) trasládase a Santiago de Compostela, onde reside coa súa nai. Tres anos máis tarde vai a Madrid e será nesta capital onde coñeza a Manuel Murguía, o seu futuro esposo. Froito deste matrimonio nacen sete fillos, dous deles mortos en data moi temperá.

[137] O simbolismo portugués tivo ós seu pioneiros en João de Castro —que publicou na *Revista de Portugal* "Alma póstuma" (1891)— e sobre todo nos poemarios de Eugénio de Castro *Oaristos* (1890), *Horas* (1891), *Silva* (1894) e *Interlúdio* (1894).

Os anos seguintes á voda —que tivo lugar en Madrid o 10 de outubro de 1858— son de constantes cambios de residencia, motivados tanto pola inestabilidade laboral de Murguía como polos problemas de saúde de Rosalía: Madrid, Santiago de Compostela, A Coruña, Lestrove, Vigo, Lugo e Simancas ata que, finalmente, se instala en Padrón en 1875.

Rosalía, por Maside

En Padrón morre Rosalía o 15 de xullo de 1885. Inicialmente foi soterrada no camposanto de Andina, en Iria Flavia, pero seis anos máis tarde, o 25 de maio de 1891, os seus restos mortais foron trasladados ó Panteón de Galegos Ilustres do Mosteiro de San Domingos de Bonaval.

Polo que respecta á súa obra, Rosalía salientou no eido da lírica, tanto en galego como en castelán, pero tamén cultivou a prosa (fundamentalmente en castelán).

Estréase Rosalía no mundo editorial cun poemario en castelán, *La flor* (1857) no que segue o romantismo de Espronceda. Publica a continuación, en intervalos de dous anos, nun primeiro momento dúas novelas sentimentais tamén en castelán, *La hija del mar* (1859), obra cun certo ton feminista, e *Flavio* (1861)[138], ás que segue *Cantares gallegos* (1863), obra pioneira e fundamental do Rexurdimento da literatura galega.

Xa en 1866, e rompendo cos períodos bianuais que ata agora mantiña á hora de dar ó prelo as súas obras, publica por entregas na revista *El Museo Universal* (Madrid), *Ruinas*. Trátase dun cadro de costumes en castelán no que a autora se achega máis ó realismo no que poderiamos considerar unha especie de parábola didáctica respecto da evolución histórica. No seguinte ano sae *El Caballero de las botas azules*, considerada a máis interesante das novelas rosalianas. Nesta obra, especie de alegoría, a autora critica o modelo social europeo e propugna un cambio do sistema existente.

Entre 1866 e 1880 existe un silencio na obra de Rosalía de Castro. As circustancias, fundamentalmente políticas, dese período afectaron tamén ó mundo editorial e imposibilitaron en gran medida a edición de calquera tipo de obra. Por fin, en 1880, dezasete anos despois da publicación de *Cantares gallegos*, Rosalía retoma a lírica e a lingua galega e escribe *Follas novas*, a máis rica e profunda obra da autora. No prólogo a este poemario anuncia o abandono da escrita en lingua galega, anuncio que cumprirá, polo que esta será a súa segunda e derradeira obra na nosa lingua.

Pero este feito non significa que Rosalía deixe de escribir senón que, pola contra, xa no ano seguinte publica *El primer loco*, a súa derradeira novela, moi breve e de carácter romántico, confesión dunha alma atormentada. Na primeira edición desta obra aparece, a modo de apéndice, *El Domingo de Ramos*, un texto en prosa de lembranza costumista. A continuación aparece *En las orillas del Sar* (1884), fundamental precedente da lírica moderna en castelán. E, por último, anos máis tarde faise unha

[138] Publicada como folletín en *La Crónica de Ambos Mundos* (Madrid) onde a autora asinaba como R. de Castro, nome que impedía coñece-la súa identidade e polo tanto a súa condición de muller.

edición limitada do breve poemario *A mi madre* (1896), no que a poeta mostra a súa dor pola morte da súa nai.

Postumamente, en 1923, Manuel de Castro y López publica en *Almanaque Gallego* o único texto en prosa escrito en galego pola autora, a excepción dos prólogos ós seus dous poemarios nesta lingua. Trátase de *Conto galego*, sátira sen intención moralizadora. Inédito[139] permaneceu sen embargo *O cadiceño*, conto en castrapo, de características semellantes ó anterior.

A presencia de Rosalía en xornais e revistas da época documéntase, sempre en castelán, en *El Album del Miño*, onde publica "Lieders" (1858), poemas en prosa de carácter retórico e filiación romántica; en *El Almanaque de Galicia*, co texto epistolar "Las literatas. Carta a Eduarda" (1866); en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, con "Padrón y las inundaciones" (1881), afervoado canto á súa terra; en *Los Lunes de El Imparcial*, onde publica por entregas "Costumbres gallegas" (1881), evocación de escenas e costumes galegos. Por último, tamén cabe citar as súas contribucións a *La Patria Gallega. Boletín, Revista, Órgano de la Asociación Regionalista, El Museo Universal, La Oliva* e *La Iberia*. En *Resol* aparece representada con dúas coñecidas composicións "Negra sombra" (nº 3, 1932) e "Castilla" (nº 4, 1932).

Antes de morrer Rosalía ordenou ás súas fillas queimar os seus manuscritos inéditos. Segundo V. García Martí estas obras destruídas serían o texto dramático *Romana* e *Historia de mi abuelo*. Existen ademais referecias a outros textos, (*Mauro, El Codio* e *A mora gallega*), que tampouco se conservan.

Córdova Iturburu, Cayetano

Nacido en Bos Aires en 1899 integra, con Álvaro Yunque, Luis Cané e Jacobo Fijman o grupo de escritores arxentinos representados en *Resol*. Coetáneo do ultraísmo, da poesía pura e da poesía política, Córdova Iturburu forma parte dun grupo de poetas independentes caracterizados polo seu lirismo sentimental, cordial e emotivo: Silvina Ocampo, Abella Caprile, Pedro Juan Viguale, Ulyses Petit de Murat, María de Villarino, José Sebastián Tallón, Horacio Esteban Ratti, etc.

Córdova Iturburu foi autor de numerosos poemarios, entre eles, *El árbol, el pájaro y la fuente* (1923), *La danza de la luna* (1926), *El viento en la bandera* (1945) e *Donde se habla de las cosas* (1966). A experiencia vangardista da súa xeración foi recollida polo poeta no seu ensaio *La revolución martinfierrista* (1962). Na década de 1940, na editorial Atlántida de Bos Aires, publicou tres libros de moi diferente temática: *Cómo ver un cuadro, La civilización azteca e Diccionario de la actualidad*. A carón de Esther de Cáceres, Juana de Ibarbourou, Vicente Huidobro e J. Pereda Valdés, todos eles representados en *Resol*, figura como colaborador de *Correo Literario* (1943-1945). Morreu en Bos Aires en 1977. En *Resol* comparece cuha soa composición "Pasó como una sombra" (nº 9, 1935).

[139] Parte da producción inédita da poeta (cartas fundamentalmente) foi publicada por Juan Naya en *Inéditos de Rosalía*, Santiago de Compostela: Padroado Rosalía de Castro, 1953, así como na serie dedicada a Rosalía en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tamén nas sucesivas edicións das súas *Obras completas* foi recollido este material.

Crespo, Ángel

Nacido en Ciudad Real en 1926, foi catedrático de Literatura Comparada en varias universidades estranxeiras, entre elas a de Puerto Rico, na que exerceu durante varios cursos. Como poeta teñen influído nel as correntes do existencialismo, o surrealismo e aínda o postismo. Foi tamén Ángel Crespo un dos principais animadores e promotores das revistas literarias en castelán. Nese ámbito anotamos a súa condición de cofundador e codirector de *El Pájaro de Paja* e *Poesía Española* e de director de *Deucalión,* da *Revista de Cultura Brasileña* e mais de *The Art Review.* Foi colaborador, ademais, de moitísimas outras revistas, entre elas *Arquero de Poesía, Verbo, Sazón, Alcaraván, Platero, Rocamador, Orejudín, Caracola, Pleamar, El Laberinto, Doña Endrina* e *Piedralves.* En *Resol* (número de homenaxe, 1990) aparece representado cunha única composición "Ocupación del fuego". En 1989 a revista barcelonesa *Anthropos* publicou "Antología poética y crítica literaria. Estudios y documentación" que constitúe a máis ampla e rigorosa fonte de información sobre todo o escrito por Ángel Crespo.

A súa producción lírica comeza con *Una lengua emerge* (1950), seguida logo de *Quedan señales* (1952), *Todo está vivo* (1956), *Suma y sigue* (1962) e *No sé como decirlo* (1965). En 1971, baixo o título *En medio del camino,* publicábase o conxunto da súa obra lírica, obra que anos despois tería continuidade en libros como *El aire es de los dioses* (1982), *El bosque transparente* (1983), *El ave en su aire* (1985) e *Ocupación del fuego* (1991). Á súa morte, en 1995, deixou tres libros poéticos inacabados: "Délficas", "Nocturnos" e "Iniciación a la sombra". Con este último título publicáronse os tres conxuntamente, en 1996, en edición de Pilar Gómez Bedate, esposa do poeta.

Complementariamente, o labor literario de Ángel Crespo está vertido en traballos de edicións de obras, estudios literarios e traduccións. Especializado en lingua e literatura portuguesas, terreo no que é autor de moitas páxinas de ensaio e crítica, escribiu numerosos artigos sobre autores brasileiros e portugueses, Fernando Pessoa —do que é traductor— entre eles. Traduciu tamén a Dante (*Divina comedia*), Petrarca e Guimarães Rosa. Da súa autoría é tamén unha interesante *Antología de la poesía brasileña* (1973).

Crommelynck, Fernand

Coetáneo de Jean Giraudoux foi o dramaturgo de orixe belga e expresión francesa Fernand Crommelynck (nado en París en 1886). O seu teatro caracterizouse pola hiperbolización grotesca de personaxes arquetípicos como o ambicioso, en *Tripes d'or* (1925); a muller mesquiña, en *Une femme qui a le coeur trop petit* (1934), ou o ciumento, en *Les amants puerils* (1921), e na que foi a súa obra de máis sona, *Le cocu magnifique* (1921) traducida ó castelán como *El magnífico cornudo.* Un pequeno fragmento desta última é o que ofrece *Resol* (nº 1, 1932) na que constitúe a primeira mostra de prosa nas súas páxinas.

Cuadrado, Arturo

A existencia de Arturo Cuadrado, como a de tantos outros artistas e intelectuais galegos ós que estivo vencellado en Santiago de Compostela, entre 1920 e 1936, experi-

mentou un violento cambio coa guerra civil[140]. Defensor a ultranza da causa da República, Cuadrado participou na contenda non xa como funcionario que fora do Ministerio de Gobernación afecto ós servicios de prensa e propaganda, senón como comisario de corpo de exército. Dirixiu a imprenta da Abadía de Montserrat, que sacara a primeira edición de *España en el corazón* (1937), de Pablo Neruda. Foi tamén director das Edicións do Exército, da revista *El combatiente del Este* e, xunto con Manuel Altolaguirre, da publicación humorística *La Cirila*. En 1937, en Ediciones Resol, publica o seu poemario bélico *Aviones*, impreso en Valencia.



Cuadrado, por Seoane

Rematada a guerra, pasou un tempo nun campo de concentración en Francia. Pero a comezos da década de 1940 está en Bos Aires, exiliado, entre moitos dos seus amigos galegos —Luís Seoane especialmente— que chegaran alá con anterioridade. Desenvolve un incansable labor como fundador e director de editoriais e coleccións diversas[141]. Ó mesmo tempo, continúa a súa producción poética.

Colabora con Luís Seoane na Editorial Emecé entre 1940 e 1943. De novo con Seoane e Lorenzo Varela, funda e dirixe a revista quincenal *Correo Literario* (Bos Aires, 1943-1945) na que colabora con numerosos artigos sobre poetas e artistas plásticos. Ás veces, emprega o pseudónimo Alberto Denia. Neses mesmos anos colabora con Luís Seoane na Editorial Nova.

En 1947 funda e dirixe as Ediciones Botella al Mar, que conta con Luís Seoane como director gráfico. Foi esta, sen dúbida, a súa máis importante e dilatada aventura editorial. Cuadrado dirixiu nela a colección "La sirena escondida". En 1952, Botella al Mar publicaba o poemario de Arturo Cuadrado, *Soledad imposible*, ilustrado por Luís Seoane. En 1991, Ediciós do Castro presentaba unha edición facsimilar do libro cunha ampla nota de contracapa sobre o autor asinada por I(saac) D(íaz) P(ardo) e un "Epílogo en 1991" do propio Arturo Cuadrado.

Dirixiu o xornal *Galicia*, voceiro da Federación de Sociedades Galegas e colaborou na revista da mesma cabeceira que publicaba o Centro Galego de Bos Aires. Foron numerosos os seus artigos en *Galicia Emigrante*, fundada e dirixida por Luís Seoane. En 1966 aparece, a carón de Horacio Bermúdez e Gonzalo López Abente, como codirector das Edicións Muxía. Tempo despois, xa en 1979, dirixe Ediciones Hombre al Agua, que Luís Seoane fundara. O único libro publicado foi *Seoane, Varela, Cuadrado* (1979), onde Arturo Cuadrado escribe sobre Luís Seoane.

Outros títulos de Arturo Cuadrado, escritor monolingüe en castelán, están vencellados ás Ediciones Botella al Mar, que na súa primeira etapa chegou ós cento cincuenta volumes e moitos anos despois, segundo estimacións do propio Cuadrado, chegaba ós tres mil, cifra que semella esaxerada a todas luces. En fin, co devandito selo

[140] Sobre a vida e a obra de Arturo Cuadrado nos anos anteriores a 1936 vx. neste mesmo libro o apartado "Tres directores e un editor: Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole e Ánxel Casal".

[141] Vx. ó respecto, X. L. Axeitos e X. Seoane (coord.), *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1994.

publicou o seu poemario *Canción para mi caballo muerto* (1963); *Prólogo de prólogos* (1965), que contén escritos sobre Ariel Canzani, e, de novo, outro poemario, *Ola indecisa* (1970). Publicación singular, mimeografiada, foi o *Ordinario de la Misa Solemne sobre tu corazón, para amigos y enemigos* (1958), con poemas da súa autoría. Xavier Costa Clavell[142] tense referido a un novo libro poético de Cuadrado, *Prohibido mirar*, e nunha carta dirixida a Díaz Pardo, datada en setembro de 1995, Cuadrado di que o seu referido libro estaba xa esgotado.

Fixo o escritor algunhas viaxes a Galicia, terra que endexamais esqueceu. Unha delas tivo lugar en 1976, para participar, en Vigo, no Congreso de Sociedades Galegas na Emigración. Daquela pronunciou, no Museo Carlos Maside, unha conferencia sobre la "Brillante soledad de *Resol*". Unha segunda viaxe, en 1990, tivo como consecuencia a publicación do número-homenaxe de *Resol* (1990) e, ó ano seguinte, a edición facsimilar do seu libro *Soledad imposible*, ó que xa fixemos referencia.

Con 93 anos cumpridos, Arturo Cuadrado reside no Fogar Asturiano de Bos Aires. Sobrevive na lembranza do seu único amor, Santiago de Compostela. Para 1997 está prevista a súa homenaxe en Bos Aires co gallo do medio século da fundación das Ediciones Botella al Mar.

Cunqueiro Mora, Álvaro

En Mondoñedo, no ano 1911, naceu Álvaro Cunqueiro, quen andando o tempo había de se converter nunha das máis representativas figuras da literatura galega. Ós once anos trasládase a Lugo para cursar os estudios de Bacharelato e daquela fai amizade con Ánxel Fole e Luís Pimentel. É alí, no Instituto de Lugo, onde descobre o mapa de Galicia de Domingo Fontán, que supuxo o seu grande encontro co país galego. Amplía as súas lecturas (Dickens, Valle-Inclán) asimilando nesta época a concepción cervantina da novela como síntese de ironía, parodia e ambigüidade. En 1927 trasládase a Compostela, onde vai cursar estudios na Facultade de Filosofía e Letras, na sección de Historia.

Daquela asiste a varias tertulias, como as do Derby ou do Español, onde coincide con Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Casal, etc. É a época na que principia as súas colaboracións nos xornais e revistas do momento como *Galiza, Yunque, Papel de Color, Grial, Galiza Emigrante, Saudade, Finisterre, Atlántida, Escritos, Posío, Alba* e *Xistral*. Daquela tamén colabora en *Resol* con dúas composicións "Oco" e "Illa", incluídos nos números 3 e 6 (ambos de 1932) respectivamente. Asemade empeza a colaborar en *El Pueblo Gallego*, o xornal de máis prestixio en Galicia nos anos trinta. Ingresa moi cedo no Partido Galeguista e abraza a causa republicana, pero rexeita a alianza coas esquerdas cando se intentaba o ingreso na Fronte Popular.

Tralo estoupido da guerra civil traballa como xornalista na revista falanxista *Era Azul*. Como articulista literario son de especial interese os artigos que escribiu durante 1935 e 1936 en *El Pueblo Gallego* de Vigo baixo o título "Vísperas do mundo". Logo será redactor *La Voz de España* de San Sebastián; ademais, colaborará nas páxinas de *Vértice*. En 1939 ingresa no corpo de redacción de *ABC*, do que chegaría a ser subdirector, ó tempo que colabora en *Escorial* e *Misión*. De 1947 a 1957, logo de lle ser

[142] Vx. Xavier Costa Clavell, "O mito de Arturo Cuadrado", *O Correo Galego*, Santiago de Compostela, 1-VIII-1995, p. 4.

Cunqueiro, por Maside

retirado o carné de xornalista, vai vivir á súa vila natal, retoma o oficio de escritor e publica moitas das súas mellores obras. Empeza a escribir no xornal compostelán *La Noche*, onde mantén a sección "Los días" ata comezos da década dos setenta. Por outra banda, "El pasajero en Galicia" foi o título escollido por Cunqueiro, ó redor dos anos cincuenta, para publicar unha serie de artigos no *Faro de Vigo* nos que facía a crónica turística e sentimental da súa terra. Con este mesmo xornal volve colaborar, en especial de 1961 —ano no que é nomeado académico da R.A.G.— a 1970, data na que cesa na dirección do citado rotativo, á que accedera en 1964. Coa chegada da democracia, subscríbese ó proxecto Realidade Galega de Ramón Piñeiro e participa na campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia. O 28 de xaneiro de 1980 é investido Doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Santiago. Morre en Vigo en 1981.

A súa primeira contribución ó eido da poesía foi *Mar ao norde* (1932), no que amosa a súa rebeldía contra a tradición e a contemporaneidade. Seguiranlle *Poemas do sí e non* (1933), o seu poemario máis vangardista, e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), co que inicia a súa liña neotrobadoresca, que logo ha continuar en *Dona do corpo delgado* (1950). En *Obra en galego completa* (1980), aparece o poemario *Herba aquí e acolá*, amplo conxunto de textos poéticos compostos en distintas épocas da vida do autor. En castelán tamén contribuíu como poeta cos libros *Elegías y canciones* (1940) e *Crónica de la derrota de las naciones* (1954), bilingüe español-galego.

Fundamental é a contribución de Cunqueiro como narrador, alternando como no resto da súa producción o galego e o castelán. En galego escribe *Merlín e familia e outras historias* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961). En castelán publica *Las mocedades de Ulises* (1960), *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969), Premio Nadal; *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) e *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974). A faceta de Cunqueiro como narrador complétase con tres libros de relatos *Escola de menciñeiros* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Tamén cultivou o teatro, xénero ó que pertencen *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959) e *Don Hamlet e tres pezas máis* (1974), no que se recollen as súas catro pezas teatrais: *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *A noite vai coma un río*, *Palabras de víspera* e *Función de Romeo y Julieta famosos namorados*. Finalmente, obras de difícil clasificación son *A cociña galega* (1973) e *Tesouros novos e vellos* (1963), que constituíu o seu discurso de ingreso na R.A.G.

En canto ós ensaios, merece especial atención a colección de estudios que fixo sobre poetas da lírica moderna. Cunqueiro contou cunha especial agudeza para atopar e difundir información sobre escritores como Paul Celan, George Tralk ou Bertolt Brecht, demostrando unha amplitude de mira extraordinaria. Polo que respecta á súa contribución no terreo da traducción[143], Alvaro Cunqueiro verteu ó galego unha conside-

[143] Traduccións realizadas sobre todo a partir de 1964 e publicadas fundamentalmente nas páxinas de *Faro de Vigo*, aínda que tamén en *Grial*, *Galicia Emigrante*, *Nós*, etc.

rable presa de poemas[144] de autorías tan diferentes como Anna Ajmátova, Allen Ginsberg, Apollinaire, Paul Valéry, Shakespeare, Sean O'Casey, Lawrence, Francis Jammes, Ezra Pound, Cesare Pavese, Emily Dickinson, Robert Graves, Rimbaud, Paul Éluard, Charles Péguy ou Wallace Stevens. E non só poetas contemporáneos, senón tamén clásicos medievais como Guillén de Berguedá e Arnau Daniel. Tamén traduciu relatos, artigos, etc. Así, no xornal *Faro de Vigo* mantivo unha sección titulada "Os avisos" onde aparecen en galego prosas de escritores como J. Joyce, A. Malraux, Gabriel Marcel, F. Marceau, etc.

Curros Enríquez, Manuel

Escritor que foi obxecto de numerosos traballos de carácter biográfico, Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova o día 15 de setembro de 1851. Abandona moi cedo o domicilio familiar e trasládase a Ourense para pasar posterioremente a Madrid, onde se instala a principios de 1867. Nesta capital asiste ás guerras carlistas, presencia a Revolución de 1868 e participa con entusiasmo na proclamación da Primeira República en 1873. Militante nun primeiro momento no republicanismo federal, evoluciona ó longo dos anos cara a posturas rexionalistas.

Un episodio pouco claro da súa vida céntrase no exilio, probablemente de carácter político, en Londres. Xa en 1894 emigra a Cuba, onde se dedica á loita política e leva a cabo unha ampla actividade cultural e literaria. Salienta neste sentido a súa participación, xunto con Fontela Leal, na creación da Real Academia Galega, proceso iniciado na Habana en 1905 coa constitución da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, da que Curros foi nomeado presidente-fundador. As malas relacións coa colonia galega fórono afastando do Centro Galego e morre no Centro Asturiano da Habana o 7 de marzo de 1908.

Polo que respecta á obra, Curros Enríquez cultivou tanto a poesía en castelán como en galego. A súa primeira composición galega data de 1869, trátase de "Cantiga". En 1869 e en castelán publicou, con Victoriano Rodríguez Morán, unha crítica en verso á Constitución que alcanzou un grande éxito. Neste mesmo ano escribe *El Maestre de Santiago,* que non vería a luz ata o ano 1874. Un ano antes, 1873, e con motivo do nacemento do seu fillo, escribe xa en galego o poema "Ben chegado", ó que seguen "A fouce do abó", "A primaveira" e "A nena na fonte" (os tres de 1874).

En 1876 Modesto Fernández e González convoca un premio literario en Ourense ó que se presentará Curros coas composicións "A Virxe do Cristal", "Unha voda en Einibó" e "O gueiteiro de Penalta", resultando vencedor. A raíz de aquí a popularidade do poeta celanovés foi en aumento. Tamén resultou decisivo este certame para que Curros tomara o camiño da poesía galega cun maior interese. Así, a partir de entón publica *Aires da miña terra* (1880), *O divino Sainete* (1888) e, posteriormente, un conxunto de poemas soltos que nunca chegaron a conformar un libro, composicións de carácter circunstancial ou galantes. Por outra banda, xa na primeira edición de *Aires da miña terra* Curros anunciaba a publicación de *Brétemas*, libro de versos que nunca chegou a aparecer.

Mención especial merece a obra *Aires da miña terra,* tanto pola polémica que suscitou como polas distintas edicións que tivo. Así, un feito que non se debe pasar

[144] Poemas recollidos en libro por Xesús González Gómez baixo o título *Flor de diversos (escolma de poetas traducidos)* (1991), boa mostra do caudal de escritores traducidos por Álvaro Cunqueiro.

por alto é que na primeira edición a obra constaba de tan só dezasete composicións; en posteriores edicións o autor engadirá unha serie de poemas ata chegar á terceira e definitiva edición de 1886 na que, exceptuando "A fouce do abó", "A nena na fonte" e "Muiñeira monorrítmica", inclúe toda a súa producción lírica en lingua galega ata ese momento. En 1892 esta obra publicaríase en castelán acompañada dun prólogo de Vicente Blasco Ibáñez.

Polo que respecta á polémica de que foi obxecto a obra, todo comeza cun oficio que o bispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, remite ó gobernador civil da provincia e no que solicita que se impida a circulación do poemario a causa dos ataques ó dogma e á ridiculización que da relixión católica nel se fai. A raíz de aquí, o xuíz Manuel Mella Montenegro decreta o procesamento do poeta por presunto delicto contra á liberdade de cultos e Curros foi condenado a unha pena de dous anos de cárcere e unha multa de duascenta cincuenta pesetas. Meses máis tarde a Audiencia Territorial da Coruña revocou a sentencia e absolveu ó poeta.

Curros colaborou ademais tanto na prensa madrileña como na galega (peninsular e americana) e así publica artigos e poemas en *El Diario de la Marina*, *Gaceta de Madrid*, *El Heraldo Gallego*, *La Ilustración Republicana Federal*, *El Imparcial* (onde publica, entre 1875 e 1876, a serie de crónicas "Cartas del Norte"), *El País*, *El Porvenir*, *El Trabajo*, *La Tierra Gallega* e *O Tío Marcos da Portela*.

Como último apuntamento cabería sinalar que na época en que forma parte da redacción de *El Porvenir* dedícase ó labor de dar a coñecer a literatura portuguesa. Así, traduce poemas de Teófilo Braga, Guerra Junqueiro, António Feijó e Antero de Quental e fragmentos dramáticos de Pinheiro Chagas. Neste momento é tamén cando establece un estreito contacto con importantes autores do país veciño, como Eugénio de Castro ou Magalhães Lima. En *Resol* figura representado con dúas composicións: "Ai...!" (nº 3, 1932) e "Encomenda" (nº 4, 1932).

Dalton, Roque

A obra poética de Roque Dalton, nacido en San Salvador en 1935, está percorrida e influída pola súa militancia política, que desenvolveu ó seu paso como estudiante de Dereito, Antropoloxía e Ciencias Sociais polas universidades do Salvador, Chile e México. Viaxou á URRS e estivo condenado a morte no seu país. Andou exiliado por México, Checoslovaquia e Cuba, onde foi redactor da revista *Casa de las Américas*. En 1975 morreu asasinado por membros da ultra esquerda do E.R.P. salvadoreño.

A súa traxectoria poética comeza con *La ventana en el rostro* (1961) e prosegue en *El turno del ofendido* (1962), *Los testimonios* (1964), *Taberna y otros lugares* (1969), Premio Casa de las Américas, *Los pequeños infiernos* (1970) e *Las historias prohibidas de Pulgarcito* (1974). Escribiu tamén ensaios sobre César Vallejo e arredor dos movementos revolucionarios en Hispanoamérica. En *Resol* (1990) está representado cun único poema, "O.E.A.".

Díaz Jácome, Xosé

Lugués de orixe, naceu Xosé Díaz Jácome na vila de Mondoñedo o 19 de abril de 1910. Xornalista e poeta, pertence á Xeración do 36, que en bo grao recolleu a tendencia de Nós e dos novecentistas, da que forman parte tamén C. E. Ferreiro, A. Iglesia Alvariño, R. Carballo Calero, Xosé Mª Castroviejo, Eduardo Moreiras, Pura e Dora Vázquez e Álvaro Cunqueiro, entre outros. Foi estoutro mindoniense quen vai orientar as lecturas de Díaz Jácome ademais de incorporalo ó neotrobadorismo, liña poética na que demostrou un notable virtuosismo técnico.

Dende moi novo colabora cos seus primeiros traballos poéticos en *La Voz de Mondoñedo, Vallibria* e noutros xornais galegos e asturianos. O seu quefacer xornalístico iníciao en *El Pensamiento Navarro* de Pamplona, cidade na que creou e dirixiu *Albor* e *Cuadernos de Poesía*, nesta última colaborarán Blas de Otero e López Anglada. Durante a súa estadía en Pamplona fundou e dirixiu a revista *Pregón*. Director da revista madrileña *Pregón Literario* (1936), pasou, en calidade de redactor xefe, á redacción de *Faro de Vigo* e con posterioridade á *La Voz de Asturias* de Oviedo, rotativo que dirixirá durante trinta anos. As súas colaboracións están asinadas, amais de co seu nome, con distintos pseudónimos como Rosendo Masma, Plácido Argomoso e Santiago Lindín.

Interesante poeta en galego e castelán, o seu primeiro libro, *Primeiras cantigas de amor* (1936), leva epílogo de Álvaro Cunqueiro. Logo apareceron *La huella del ángel* (1943), *Frol de cantigas, Rechouchío, Alto instante, Namoros*[145] e *Pombal* (1963), de fondo lirismo e intimidade onde se recollen muiñeiras, cantigas, saudades e elexías dedicadas a escritores galegos como Curros, Rosalía, Pimentel ou Manuel Antonio. En 1983 aparece o libro, ilustrado por Felipe Criado, *Muiño fidel*, que foi presentado na Coruña por Domingo García-Sabell e Miguel González Garcés.

Recibiu numerosas distincións e galardóns, como o primeiro premio nos Juegos Florales de Vigo en 1950 pola súa poesía "A lenda de Cristo". Así mesmo obtivo o primeiro premio nos Juegos Florales en Loor de Santiago, concedido polo círculo Mercantil e Industrial de Santiago en 1944-1945. Outras composicións foron galardoadas coa Flor Natural en certames de Bos Aires —Centro Galego de Bos Aires— e Barcelona. Ademais o compositor Rogelio Groba puxo música ó seu poema "Cantiga do Miño". Díaz Jácome é fillo predilecto e cronista oficial de Mondoñedo. En *Resol* colabora cunha soa composición "Cantiga", incluída no nº 10 (1936) desta publicación.

Diego, Gerardo

Os poetas do grupo do 27 español tiveron en *Resol* boa acollida. Un deles, Gerardo Diego (Santander, 1896), fundador e director da revista *Carmen* (e de *Lola*, o seu suplemento) e colaborador doutras de carácter vangardista como *Grecia, Cervantes* ou *Reflector*, viaxou a Galicia —concretamente a Santiago— en 1929, invitado por Ciriaco Pérez Bustamante, decano da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelá.

[145] Estas catro últimas citadas como inéditas por Francisco Fernández del Riego en *Escolma de Poesía Galega IV. Os Contemporáneos*, Vigo: Editorial Galaxia, 1955, p. 249.

O soneto "Ante las torres de Compostela" apareceu por vez primeira nas páxinas da revista *Azor* (1-XI-1929). Publicouno o poeta no seu poemario *Alondra de verdad* (1941) e constituíu o punto de partida do poemario *Ángeles de Compostela* (1940), no que figura como un dos "lemas", a xeito de pórtico, xa na primeira edición. Tamén na segunda, de 1952, que o poeta tivo por definitiva e completa e que levaba, na tirada polo Banco de Santander (como non venal), un prólogo en galego de don Ramón Otero Pedrayo.

Recentemente fixéronse dúas novas edicións de *Ángeles de Compostela*. A primeira delas, de 1996, patrocinada e publicada polo Consorcio de Santiago, leva a introducción de Francisco Javier Díez de Revenga e reproduce o limiar galego de Otero Pedrayo. A segunda, tamén de 1996, foi patrocinada pola Xunta de Galicia[146]. En *Resol* (nº 6), figura, nunha páxina santiaguesa, o citado soneto de Gerardo Diego a carón do "Madrigal a la ciudad de Santiago" (en galego) de García Lorca.

Dieste, Rafael

Naceu Rafael Dieste o 29 de xaneiro de 1899 en Rianxo. En 1914 cursa por libre as primeiras disciplinas de Maxisterio na Escola Normal de Santiago de Compostela e un ano despois viaxa a México á casa do seu irmán, mais logo volta por mor da mala saúde do seu pai. En 1919 remata os estudios de Maxisterio, sendo por aquelas datas cando se produce a súa aproximación crítica ó nacionalismo. Comenza en 1921 o servicio militar en Santiago pero, como consecuencia da guerra no Rif, é destinado a Marrocos, onde pasará dous anos. Á volta exerce o xornalismo en Vigo e en 1927 ingresa no Seminario de Estudos Galegos. Viaxa, en 1928, a Londres onda o seu irmán Eduardo, á volta reside uns meses en París e escribe en galego unha primeira versión, perdida, do *Don Frontán*. Dous anos máis tarde establécese en Madrid e en 1932 ingresa no equipo das Misiones Pedagógicas, ó tempo que funda e dirixe o Teatro Guiñol das Misiones, para o que escribe diversas farsas. Por estas datas obtén unha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios para investigar sobre os problemas e as novas técnicas do teatro en Francia e Bélxica. En 1936 destácase por ser un dos promotores da Alianza de Escritores Antifascistas, organización que propón a Dieste como director do Teatro Español de Madrid. En novembro de 1936 é trasladado a Valencia e funda *El Buque Rojo*. Volve a Madrid en xullo de 1937 e representa a Galicia no II Congreso Internacional de Escritores Antifascistas.

Dieste, por Colmeiro

En 1939, trala caída de Barcelona, vese forzado a saír do país e irá parar ó campo de concentración Saint-Cyprien. En xullo dese mesmo ano marcha a Arxentina, país no que residirá ata finais de 1948. En Bos Aires colabora coa Universidade de la Plata e dirixe o departamento Editorial de Atlántida, ó tempo que traduce ó castelán *De catro a catro*,

[146] Ilustrada por Felipe Criado, inclúe unha introducción de Francisco Javier Díez de Revenga e mais o limiar de Otero Pedrayo (edición de 1940) e o prólogo do mesmo Otero (edición de 1961). Contén a reproducción facsímile dos orixinais manuscritos do poeta.

de Manuel Antonio. No ano 1948 inicia unha viaxe por Europa e durante os anos 1950-1952 permanece en Inglaterra en calidade de lector de Lingua e Literatura Españolas da Universidade de Cambridge. Logo marcha a México e tamén durante dous anos volve a impartir clases das mesmas disciplinas no Instituto Tecnolóxico de Monterrey. En 1954 morre o seu irmán Eduardo en Santiago de Chile e Rafael volta á Editorial Atlántida de Arxentina. Dous anos despois participa na Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas. Por fin, no ano 1961 regresa do exilio e establécese en Rianxo. En 1967, é elixido por unanimidade membro da R.A.G. A partir de aquí a súa saúde debilítase e o 15 de outubro de 1981 falece en Santiago e é soterrado na súa vila natal.

A súa contribución ó panorama das letras galegas empeza nos anos vinte cos artigos xornalísticos de *El Pueblo Gallego* (1925-1927)[147], no mesmo xornal aparece o poema "Pousada pideu o vento" (1926) e nese mesmo ano sae do prelo *Dos arquivos do trasno.* Pouco despois aparece *A fiestra valdeira* (1927), comedia que veu renovar o teatro galego e está considerada como unha das pezas máis importantes do xénero en Galicia. A isto hai que engadir as narracións "O crime peta nas portas" (1937) e "¡Que ninguén o sepa!"(1937), os aforismos de "Para axudar a renacenza de Galiza" (1937) e case unha ducia de artigos máis aparecidos en *Nova Galiza,* nos que alternan textos con valor de manifesto, a recreación narrativa ou o ensaio. A producción literaria de Dieste en galego crébase practicamente coa derrota republicana. A partir do exilio temos, en galego, dous relatos: "De cómo veu a Rianxo unha balea" e "Un conto de Reis", ambos incorporados á segunda edición de *Dos arquivos do trasno*; dous poemas, "Muiñeira" (1941) e "¡Ai, romaxe aquela!..." (Lembranza de Castelao) (1978); e tres ensaios: "Lembranza de Arturo Souto" (1969), "A vontade de estilo na fala" (1970) —traballo que lle serviu de discurso de ingreso na Real Academia Galega— e "Gozos e crucilladas do artista" (1979).

A producción en castelán de Dieste[148] é máis variada cá galega e admite unha subdivisión xenérica en poesía, teatro, ensaio e crítica literaria. Publicou a traxedia *Viaje y fin de don Frontán* (1930). Dous anos despois aparece en Madrid *Quebranto de doña Luparia y otras farsas* (1934). En 1935 edítase, no sétimo e derradeiro número da revista madrileña *P.A.N.,* "Revelación y rebelión del teatro", estudio no que trata as propostas dramatúrxicas de Gordon Craig. Pouco despois aparece a memoria da súa bolsa de ampliación de estudios, *La vieja piel del mundo* (1936), mais a edición é destruída case na súa totalidade durante a guerra civil. En 1937 publica en *Hora de España* varios traballos como a peza teatral *Nuevo retablo de las maravillas*; no mesmo ano temos na revista *Nova Galiza* outra peza teatral, *Marionetas en batalla.* Xa no exilio aparece en Bos Aires a versión definitiva do poemario *Rojo farol amante*[149] (1940).

En 1941 a editorial Emecé de Bos Aires edita *Colmeiro, breve discurso acerca de pintura con el ejemplo de un pintor,* e dous anos máis tarde sae á luz o libro de narracións de corte autobiográfico *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943). Pouco despois aparecen *Viaje, duelo y perdición. Tragedia, humorada y comedia (1945) e Luchas con el desconfiado* (1948), libro este que recolle dous ensaios. Xa na década

[147] Colaboracións compiladas co título *Antre a terra e o ceo. Prosas de mocedade 1925-1927,* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1981.

[148] Na presente década téñense publicado tres compilacións da obra de Dieste: *Encontros e vieiros. Once charlas sobre plástica teatro e literatura,* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990, con prólogo de Carlos Gurméndez; *Fragua íntima. Aforismos (1926-1975),* Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 1991, edición de Arturo Casas, e *Guerra literaria,* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1991, edición de Claudio Rodríguez Fer.

[149] A primeira edición aparecía en Madrid: Juan Pueyo Editor, 1933.

dos cincuenta, a editorial bonaerense Atlántida ofrece *Nuevo tratado del paralelismo* (1956) e *Pequeña clave ortográfica* (1956). A súa obra en castelán vese incrementada con dúas obras inscritas na década dos sesenta, *Diálogo de Manuel y David y otros ensayos* (1965) e un estudio sobre xeometría *¿Qué es un axioma?* (1967). En 1975 sae do prelo *Testamento geométrico*, e seis anos despois *El alma y el espejo* (1981). Tamén en 1981 aparecen os volumes *Teatro, I* e *Teatro II*, precedidos ambos dun prólogo de Manuel Aznar Soler e, posteriormente, *Testimonios y homenajes* (1983). *La Isla. Tablas de un naufragio* (1985) pecha a súa producción en castelán. Pronunciou numerosas conferencias en galego e en castelán e foi animador constante da nova pintura galega a través de monografías, disertacións, artigos, e presentacións de catálogos[150].

A súa carreira xornalística principia en 1925 nos xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. En 1935 aparece como colaborador da revista madrileña *P.A.N.*, auspiciada por Eduardo Dieste e dirixida por Otero Espasandín. O 27 de agosto de 1936 figura como responsable de *El Mono Azul. Hoja semanal de la Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura*, publicación que rematou no nº 47, de febreiro de 1939. Tamén no ano do estalido da guerra civil funda en Valencia a revista *El Buque Rojo*, que só tirará un número. Un ano despois aparece como cofundador de *Hora de España*, onde publica a maior parte da súa producción bélica en castelán. En outubro dese mesmo ano, e durante toda a guerra, ocupa a dirección da revista barcelonesa *Nova Galiza*, fundada meses atrás por Castelao. A última empresa cultural na que participa durante a contenda foi *El Combatiente del Este* (1939), folla quincenal para os soldados que coma el combatían na segunda liña do Exército do Leste. Ademais colaborou noutras moitas revistas da época como *Galicia* de Bos Aires, *Grial, Galicia Emigrante, Nordés* e no xornal coruñés *La Voz de Galicia*. En *Resol* figura con dúas composicións, a primeira "Na morte de Estreliña" incluída no nº 3 (1932) e a segunda "Teatro inmóvil de rocas" no nº 9 (1935), penúltimo número da publicación.

Domenchina, Juan José

Nacido en Madrid en 1898, manifestouse como crítico literario nas páxinas de *El Sol* e *La Voz* (ambos de Madrid). Partidario de Azaña, marchou a México rematada a guerra e alí continuou o seu labor poético.

Da etapa anterior a 1936, que amosa a pegada de Juan Ramón Jiménez, son os seus poemarios *Del poema eterno* (1917), *Las interrogaciones del silencio* (1918), *La corporeidad de lo abstracto* (1929) e *El tacto fervoroso* (1930). Xa como narrador, *El hábito* (1926) e sobre todo *La túnica de Neso* (1929) son manifestacións da prosa surrealista.

A crítica subliñou sempre que o mellor da poesía de Domenchina está na súa etapa no exilio, no desterro, cando a súa voz adquire fortes ecos de relixiosidade, dramatismo e anguria, revelando a un poeta moral e metafísico, emotivo e de poderosa voz, ás veces preto de Quevedo. Títulos salientables son agora *Destierro* (1942), *Pasión de sombra* (1944), *Exul umbra* (1948) e *La sombra desterrada* (1950). Posteriormente apareceron *Nueve sonetos y tres romances* (1952) e *El extrañado* (1958).

[150] Para un estudio máis pormenorizado da producción de Dieste vx., sobre todo, o libro de Arturo Casas Vales, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, Vigo: Editorial Galaxia, 1994.

"Madrid" (*Resol*, nº 1 da etapa arxentina) é un breve poema de redondillas de notable contido bélico-político, como evidencian as alusións ó "calcañar italiano" e á "cruz gamada enderezada". Estamos diante daquela abondosa poesía suscitada polo asedio a Madrid das tropas alzadas contra a República, tema ben representado —por moitas e lóxicas razóns— no *Resol* do desterro e do exilio que Luís Seoane promoveu.

Publicouse "Madrid"[151] por vez primeira na revista *Noticias Gráficas*, Bos Aires, 22-XI-1937. Non lle debeu gustar moito ó escritor, porque non o recolleu en ningún dos seus libros posteriores.

Don Denís

Nado no 1261, o destino quixo que fose fillo de Afonso III de Portugal e de dona Beatriz Guillén de Castela e, xa que logo, neto de Afonso X, o Rei Sabio. Dispuña, polo tanto, dos instrumentos necesarios, tanto familiares coma culturais, para converterse no trobador máis prolífico do corpus profano galego-portugués, con 137 textos. A súa obra foi copiada no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional,* tamén coñecido co nome de *Colocci-Brancutti,* e no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana,* ós que hai que engadir o testemuño achado no Arquivo da Torre do Tombo en 1990. Trátase dun pergamiño con sete cantigas de Don Denís, con notación musical, aínda que en estado lacunoso. Esta feliz descuberta débese ó norteamericano Harvey Sharrer, que é o que lle dá nome ó testemuño dionisino.

Se a magnitude da súa obra literaria dá a impresión de que gozou dunha enorme tranquilidade e estabilidade para exercer os seus dotes artísticos, nada máis lonxe da realidade. O seu reinado, que se estende dende 1279 ata 1325, estivo atravesado por constantes incidentes. O desexo de practicar unha política centralizadora derivou en graves conflictos coa nobreza, cada vez máis cobizosa de riquezas e poder. Así esta, impulsada polo seu descontento, apoiou ó primoxénito, Don Afonso, ciumento polo favoritismo de que gozaba Afonso Sánchez, fillo bastardo de Don Denís, no que foi unha verdadeira guerra civil que tivo á nobreza —tanto á aristocrática coma á de segundo grao— dividida en dous bandos durante os anos 1319-1324.

Sería tarefa inútil enumerar todas as virtudes do rico cancioneiro dionisino. Si podemos apuntar o curioso dato de que se compón basicamente de textos amorosos (73 cantigas de amor e 51 de amigo) contándose só 10 cantigas de escarnio e 3 pastorelas.

Dominador da *traditio* da escola lírica galego-portuguesa, non dubida en proclamar que canta ó amor-coita, fronte ó *amor-joi* da escola occitana. Sen embargo, a pesar desta aparente oposición, o seu discurso evoca, por medio de ecos formais e conceptuais, a visión poética do trobador occitano Bernart de Ventadorn, e tamén a de Jaufré Rudel. Son, sen dúbida, as súas lecturas (auditivas e visuais) as que o levan a comparar o amor do suxeito lírico ós lendarios e ben coñecidos de Tristán e Iseo e de Flores e Blancaflor en "Senhor fremosa e de mui loução". Salientemos, ademais, a introducción do orixinal motivo da malcasada, de tradición galorromance, coa pretensión de renovar os esquemas convencionais da cantiga de amigo en

[151] Reprodúcese en *Juan José Domenchina. Obra poética*, edición de Amelia de Paz, Madrid: Castalia/Comunidad de Madrid, 1995, vol. II, pp. 336-337.

"Quisera vosco falar de grado". A súa familiaridade con esa tradición é notoria, por diversos motivos, en "Ai flores, ai flores do verde pino", "Proençaes soen mui bem trobar", "Quer'eu em maneira de Proençal" e en "Unha pastor bem talhada". Aínda que reducida, a súa producción satírica é merecedora de maior atención. Como xa o demostrou Elsa Gonçalves, unha lectura máis profunda amosa como as tres cantigas que lle dedica a Joan Bolo xiran ó redor da homosexualidade, e como "U, noutro dia, Don Foan" é, en realidade, unha cantiga de seguir, que recupera o refrán, o esquema métrico-rítmico e outros expedientes da cantiga "Amigas, quando se quitou" de Estevan Travanca.

Como queira que Don Denís demostra un gran dominio da tradición lírica galorrománica, diremos que esta ten varias chaves explicativas: 1. as estadías durante a súa menoridade na corte do seu avó, Afonso X, mecenas tanto de trobadores peninsulares coma occitanos; 2. as vivencias do seu pai, Afonso III, durante case vinte anos (1226?-1245) en terras francesas, onde casou con Mahaud (ou Mathilde) de Boulogne; 3. ter un profesor francés (Pilar Lorenzo Gradín) ou occitano (Elsa Gonçalves) de nome Aimeric d' Erbrard; 4. o seu propio casamento con Isabel de Aragón, filla de Pedro III e de Constanza Stauffen. Por iso, non entendemos como os estudiosos, en traballos de datas moi recentes, seguen amosando a súa sorpresa e se preguntan cómo Don Denís puido ter acceso á lírica do país veciño.

Dónega Rozas, Marino

Aínda que nacido en Huelva en 1916, Marino Dónega Rozas é de ascendencia galega. Cursou Dereito e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e exerceu a avogacía na cidade da Coruña durante moitos anos. Na súa xuventude foi galeguista militante e presidiu a Mocedade Galeguista da Coruña en 1936. Interviu na campaña de difusión do Estatuto autonómico. Tamén nos anos trinta colaborou nas revistas nacionalistas *Ser*, *Guieiro* e *A Nosa Terra*.

Tras da guerra civil, foi cofundador da Editorial Galaxia (da que foi vicepresidente do Consello de Administración). Impartiu leccións de Literatura Galega na Agrupación Cultural o Facho, ingresou na Real Academia Galega cun discurso sobre *Os dous de sempre*, a novela de Castelao, e pertence ós padroados do Instituto da Lingua Galega, da Fundación Ramón Otero Pedrayo e da Fundación Fermín Penzol. En 1978 ocupou o posto de senador na Xunta de Galicia por designación real.

No terreo literario, Marino Dónega antologou textos de F. López Cuevillas (en *Prosas galegas*, 1962), Castelao (*Escolma posible*, 1964) e Ramón Cabanillas (*Poesías. Escolma*, 1976). Deu a coñecer, en *Cartafol*, a obra poética de Teodoro Morgade, e seleccionou os textos dos libros *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego* (1993), *A memoria e os amigos* (1994) e *Luís Seoane: vida e obra literaria* (1994). Escribiu ensaios sobre Fernando Osorio do Campo e sobre Castelao. Prologou a edición de *El idioma gallego*, de Antonio Mª de la Iglesia.

Artigos e ensaios da súa autoría figuran espallados polas páxinas de *Grial*, *Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia*. En *Resol* (nº 10, 1936), Fole recolleu un texto da súa autoría, "Pulsar".

DOSTOIEWSKY, Fedor

A presencia deste universal novelista (nado en Moscú, en 1821) nas páxinas de *Resol*, xunto cun grupo de escritores rusos —Maiakovski, en particular— está xustificada polo feito, que comentamos nas páxinas introductorias, de que nos anos trinta Rusia estaba de moda: interesaba a súa revolución, o pensamento marxista, a xeira do Partido Comunista, a literatura social, realista, revolucionaria e proletaria. Os escritores rusos foron moi lidos e traducidos en España neses anos da República.

A traxectoria narrativa de Dostoievski comeza con *Pobres gentes* (1845) e continúa con *Noches blancas* (1848). En 1849 foi detido e condenado a morte. Conmutáronlle a pena e pasou catro anos na prisión de Omsk, que inspirou a súa crónica *La casa de los muertos*. Xa en San Petersburgo, fundou as revistas *Vremia* (*O tempo*) e *Epoja* (*A época*). Con posterioridade, e a partir de 1860, aparecen as súas grandes novelas: *Humillados y ofendidos* (1861), *Memorias del subsuelo* (1864), *Crimen y castigo* (1866), *El idiota* (1869) e *Los hermanos Karamazov* (1880).

Figura sobranceira da novela de análise psicolóxica, Dostoievski, afastado do ideario socialista, aceptou a chamada "doutrina da resignación" e achegouse a un certo misticismo. Defendeu ós máis pobres e marxinados, tratou o problema do mal no home e atacou ós mozos revolucionarios do seu tempo. Moralizador e ata panfletario ás veces, deu conta da actitude da xuventude diante da realidade do seu país. Fustigou a inmoralidade da clase nobiliaria rusa e revelou as máis fondas tensións que habitan na alma humana: odio, vinganza, crueldade, paixón amorosa, envexa, etc. Pouco antes da súa morte, acontecida en 1881, publicou *Diario de un escritor*.

En *Resol* (nº 8, 1933) temos un amplo fragmento, "El entierro de Ilucha. El Sermón de Despedida", da súa novela *Los hermanos Karamazov*.

FRANK, Waldo

Escritor norteamericano, nacido en 1889, considerado no seu país "revolucionario filosófico e social", estudiou en Nova York e Suíza. Graduado pola Universidade de Yale, foi moi coñecido polos seus libros sobre España e Hispanoamérica. Intelectual vencellado á esquerda política, asistiu en 1933 ó Congreso Internacional de Escritores en defensa da cultura celebrado en París. Home de fondo criticismo, atacou o puritanismo da burguesía e o capitalismo.

Entre os seus libros[152] anotamos *Nuestra América* (1919), *Nuevo descubrimiento de América* (1928), *Alba en Rusia* (1932), *En la jungla americana* (1937) e *Viaje a América del Sur* (1943).

A súa obra narrativa acusa a pegada do marxismo, pero tamén indaga na psicoloxía dos personaxes e nos problemas sexuais e raciais. *Rahab* (1922) foi o título que consagrou a W. Frank como novelista. Logo seguiron outros como *City Block* (1922), *Holiday* (1923) ou *The Bridegroom Cometh* (1938).

[152] Citamos os títulos segundo as traduccións ó castelán de León Felipe.

No terreo do teatro cultivou o drama expresionista en *Saint Sylvestre* (1929). Pero a súa peza de máis éxito foi *Virgin Spain* (*España virgen*, 1926). Cun fragmento da mesma está representado en *Resol* (nº 1 da etapa arxentina).

Fray Luis de León

Un dos grandes poetas do Renacemento español e tamén escolleito prosista, Fray Luis de León (1527-1591), agostiño e catedrático da Universidade de Salamanca, filólogo e eséxeta bíblico, non está representado en *Resol* —como sería de agardar— con algunha das súa odas nas que patentiza o seu maxistral dominio da lira e que configuran a súa breve producción lírica orixinal.

Moito máis abondosa é a súa poesía traducida de orixinais bíblicos. Efectivamente, Fray Luis verteu ó castelán os *Salmos*, os *Proverbios*, o *Libro de Job* e o *Cantar dos Cantares*. Deste último é o poema co que está representado en *Resol* (nº 5, 1932). O coñecido libro de Salomón foi traducido por Fray Luis en 1562. Ó final do texto en prosa aparece un conxunto de oito diálogos poéticos entre a "Esposa" e o "Esposo", escritos en octava rima. O antologado en *Resol* corresponde ó capítulo cuarto do libro. Estamos, con este poema, no apartado de traducción de obras sagradas que é parte fundamental da producción literaria de Fray Luis.

Fijman, Jacobo



Autorretrato

Nacido en Besarabia (Rusia) en 1898, a súa familia (de orixe xudea) instalouse ben cedo en Bos Aires entre a morea de emigrantes que marcharon a Arxentina a principios do século XX. Jacobo Fijman viviu unha existencia anguriada e solitaria, pois durante trinta anos permaneceu internado nunha institución para enfermos mentais. Na súa xuventude estivo vencellado á revista do ultraísmo arxentino *Martín Fierro* e, en consecuencia, pertenceu ó grupo Florida xunto con Jorge L. Borges e Oliverio Girondo. A súa obra, sen embargo, está afastada tanto do citado grupo como da literatura social e proletaria do seu contrario, Boedo. Integrante da chamada Xeración de 1922 das letras arxentinas, ferido na súa intimidade por graves problemas, Fijman contribuíu á liquidación do modernismo e expresou na súa poesía a crise do mundo e a necesidade de transformalo dende a intimidade vital do home.

Nos anos trinta viaxou a Europa con Oliverio Girondo. Ánxel Fole lembra a súa presencia nas tertulias de Santiago nos anos de *Resol*. A súa lírica, dificilmente clasificable, salienta polos seus valores estéticos e sitúase na órbita dun surrealismo que procura a autenticidade do home, que rexeita a presión da sociedade e que canta a liberación do individuo.

Colaborador das revistas *Talismán* e *Último reino*, ambas de Bos Aires, Jacobo Fijman foi autor dos poemarios *Molino rojo* (1926), *Hecho de estampas* (1930) e *Estrella de la*

mañana (1931). A súa obra poética completa apareceu publicada en Bos Aires en 1983 en edición de E. Vázquez e estudios sobre o poeta de C. Riccardo, V. F. A. Redondo e J. J. Barjalía. En 1985 as Edicións Olifante de poesía ofrecen en *Poemas*, prologado por Alberto Luis Ponza, unha mostra antolóxica dos tres libros poéticos de Fijman[153]. Dese mesmo ano (e así mesmo póstumo) é *Transducciones*. Morre na capital arxentina en 1970. En *Resol* (nº 5, 1932) está representado co poema "Paraguaya".

FOLE SÁNCHEZ, Ánxel

As observación feitas anteriormente[154] e o artigo de Armando Requeixo neste mesmo libro, farían redundante un percorrido biobliográfico completo do escritor lugués, moi activo como fundador, director e colaborador de revistas dos anos trinta, *Resol* entre elas.



Fole, por Maside

Só cómpre engadir aquí que Ánxel Fole ocupa un posto de avanzada no proceso de recuperación da narrativa galega de posguerra, particularmente cos seus libros de relatos *Á lús do candil* (1953) e *Terra brava* (1955), sen dúbida as súas obras máis salientables. Con posterioridade, e na mesma liña da contística, publica *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). Menos interese posúe a súa peza dramática *Pauto do demo* (1958). Doutra banda, os relatos galegos do escritor non recollidos en libro veñen de ser recompilados, clasificados e analizados por Armando Requeixo[155].

A bibliografía xa existente sobre Ánxel Fole, (terreo no que destacan as numerosas contribucións feitas por Claudio Rodríguez Fer[156]) está a se incrementar[157] no presente ano 1997, no que lle está dedicado o Día das Letras. Fole colabora en *Resol* (nº 10,

---

[153] Vx. Vicente Zito Lema, *El pensamiento de Jacobo Fijman o el viaje hacia la otra realidad*, Bos Aires: Rodolfo Alonso editor, 1970.

[154] Sobre a vida e a obra de Ánxel Fole nos anos anteriores a 1936 vx. neste mesmo libro o apartado "Tres directores e un editor: Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole e Ánxel Casal".

[155] Vx. Armando Requeixo, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*, Vigo: Eds. do Cumio, 1996.

[156] Ademais de numerosos artigos en revistas e xornais, destacamos o ensaio *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1981; a "Introducción" a Ánxel Fole, *Contos de lobos*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1985; a introducción e compilación de Ánxel Fole, *Cartafolio Galego*, Vigo: A Nosa Terra, 1996; o volume *Ánxel Fole. Vida e obra*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1997; *Ánxel Fole. Unha fotobiografía (1903-1986)*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1997 (Inclúe un CD-ROM de aproximación á vida e obra de Ánxel Fole); *O mundo lucense de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997.

[157] Ademais dos libros xa mencionados, anotamos: Xosé de Cora, *Homes de Fole*, Vigo: Sept, 1983; Carlos Casares, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Editorial Galaxia, 1984; Tareixa Castro, *O trasmundo de Ánxel Fole*, Vigo: Editorial Galaxia, 1987; Carlos Casares, *A vida de Ánxel Fole*, Vigo: Editorial Galaxia, 1996; AA.VV:, *Ánxel Fole. Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997; Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo, *Ánxel Fole e Á lús do candil*, Vigo: Nigra, 1997; Xesús Alonso Montero (coordinador), *Ánxel Fole: Día das Letras Galegas 1997*, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, 1997; Alfonso Álvarez Riveiro, *Fole e o xornalismo*, Lugo: Concello de Lugo, 1997; Carlos Casares, *Ánxel Fole. Escolma de textos*, A Coruña: Real Academia Galega, 1997; Xosé de Cora, *Diccionario de Fole (Guía para navegar pola vida e as obras de Don Ánxel)*, Lugo: Fundación Pedro Barrié de la Maza/El Progreso, col. Galicia Viva, 1997; Xosé de Cora e Mercedes Díaz, *Fala Fole (Cinco horas con Don Ánxel)*, Lugo: El Progreso, Biblioteca El Progreso nº 7, 1997; Manuel Forcadela, *Á lus do candil de Ánxel Fole*, Vigo: Eds. do Cumio, 1997; Alfonso Vázquez-Monxardín Fernández, *Homenaxe a Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997*, Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura Galega), As nosas voces, nº 13, 1997.

1936) co artigo "Regueiro de Hortos", pertencente á serie "Estampas do Lugo vello". O artigo fora xa publicado en *El Pueblo Gallego*, Vigo, 3-III-1936. Recentemente, Rodríguez Fer volveu a escolmalo no *Cartafolio Galego* (1996).

Frobenius, León

Historiador e etnólogo alemán, naceu en Berlín en 1873. A partir de 1905 realizou varias viaxes por África (Congo, Togo, Liberia, Senegal) nas que recolleu un valiosos material lingüístico e etnográfico das tribos negras. Frobenius revelou moitas e descoñecidas claves da prehistoria, civilización e cultura africanas, sobre todo no seu monumental *Arquivo de África*. Doutra banda, no seu *Atlas africano* deseñou a morfoloxía da civilización africana que el mesmo descubrira e localizara. Retornou a Alemaña en 1909.

Viaxou por Europa para dar a coñecer as súas investigacións e descubrimentos e en 1924 pronunciou varias conferencias en Madrid seguidas con grande interese. Entre os seus libros anotamos *Der Ursprung der Kultur* (1898), *Geographische Kulturkunde* (1904), *Auf dem Wege nach Atlantis* (1910) e *Der Schwarze Dekameron* (1910). Esta última, traducida ó castelán como *El Decamerón negro*, aparece escolmada en *Resol* (nº 5, 1932), que reproduce a lenda en prosa de tema africano "Samba Gana".

Garfias, Pedro

Con Emilio Prados, Manuel Altolaguirre ou Moreno Villa —todos eles representados en *Resol* (etapa arxentina)— a existencia de Pedro Garfias, nacido en Salamanca en 1901, estivo marcada pola guerra civil e polo exilio en México. Como poeta, Garfias inicia a súa traxectoria nas ringleiras do ultraísmo e o creacionismo. O resultado foi *El ala del Sur* (1926), o seu único poemario vangardista. Con posterioridade escribiu varias composicións inspiradas nos feitos bélicos, pero o seu poemario máis representativo pertence á etapa do exilio, *Primavera en Eaton Hastings* (1941), motivado pola ausencia da patria. O seu derradeiro libro poético foi *Río de aguas amargas* (1953). Morreu en México en 1967.

O poema "Los escopeteros" (*Resol*, nº 2 da etapa arxentina) apareceu no libro *Poesías de la guerra española* (1941)[158]. Sen dúbida é un dos primeiros poemas da guerra escritos por Garfias, pois xa figuraba no *Romancero de la guerra civil* (1936) e foi tamén publicado no nº 10 da revista *El Mono Azul*.

García Lorca, Federico

En 1932, cando aparece *Resol*, xa era de abondo coñecido o poeta andaluz (nado en Fuente Vaqueros, Granada, en 1898) García Lorca, que en 1928 publicara o *Romancero gitano* e de seguido a "Oda al Santísimo sacramento del altar". Ó longo dos anos trinta —ata a súa morte, fusilado, en 1936— desenvolveu o seu labor teatral de máis sona (*Bodas de sangre, Yerma, La casa de Bernarda Alba*). Naqueles anos viaxara a Arxentina e Uruguai.

[158] Está reproducido así mesmo en *Pedro Garfias: Poesía completa*, Córdoba: Ayuntamiento de Córdoba, 1989, edición de Francisco Moreno Gómez.

Das viaxes de Lorca a Galicia como conferenciante ou co grupo teatral "La Barraca", así como da creación e publicación dos *Seis poemas galegos* (1935), xa deixamos constancia nas páxinas introductorias deste libro. Tamén falamos da súa presencia nas revistas galegas *Cristal* e *Yunque*. Só precisamo lembrar aquí que, ademais das dúas composicións lorquianas que *Resol* publica —unha en castelán (do *Romancero gitano*) e outra en galego (de *Seis poemas galegos*)— nos números 1 e 6 (ambos de 1932) respectivamente, no nº 1 da etapa arxentina da publicación aparece o poema "El poeta asesinado" do cubano Pablo de la Torriente, amigo de Lorca e morto na nosa guerra civil.

González Tuñón, Raúl



Nacido en Bos Aires en 1905, González Tuñón foi un poeta estreitamente vencellado á revista *Martín Fierro*, fundamental voceira do ultraísmo arxentino, (chamado tamén martinfierrismo) na que colaboraron Jorge L. Borges, Oliverio Girondo, Ricardo Güiraldes, Macedonio Fernández, Francisco Luis Bernárdez ou Norah Lange entre outros. Na liña ultraísta González Tuñón deixou un só poemario, *El violín del diablo* (1925). En *Miércoles de ceniza* (1928) cantou a temática local arxentina e reivindicou o tango e a vida porteña. Publicou poemas e artigos nas revistas arxentinas *Caras y caretas, Crítica, Inicial* e *Proa*.

Despois desa etapa de xuventude, a súa obra derivou cara á problemática social e política, a máis perdurable no escritor. Manifestación do seu compromiso ideolóxico e do seu criticismo social e moral son poemarios como *La rosa blindada* (1936), *Las puertas del fuego* (1938), *Humo de pólvora* (1943), *Primer canto argentino* (1945), *Hay alguien que está esperando* (1952), *Demanda contra el olvido* (1964) ou *El banco de la plaza* (1967). Morreu en Bos Aires en 1974.

González Tuñón foi un dos primeiros poetas que incorporou o lunfardo ás súas composicións. En libros como *La muerte en Madrid* (1939) deixou un conmovedor testemuño cívico e humano da guerra civil española, que viviu directamente en Madrid, onde coñeceu a Pablo Neruda, Federico García Lorca, Nicolás Guillén e Miguel Hernández. En 1967 apareceu o seu libro de memorias, *Una ventana que mira a la calle*.

En *Resol* (nº 2 da etapa arxentina) figura o seu poema "Domingo Ferreiro", que está recollido de *La muerte en Madrid*, xa citado.

Guerra Junqueiro, Abilio

Nace en Freixo de Espada á Cinta, Trás-os-Montes, en 1850. Estudiou Teoloxía e Dereito en Porto e Coimbra, onde conectou coa xeración na que xurdiría o grupo dos "Vencidos da Vida", ó que estivo vencellado xunto con Antero de Quental, Oliveira Martins, Eça de Queiroz e Ramalho Ortigão. Propagandista da república, ocupou un cargo diplomático en Suíza e foi escritor de gran popularidade que tivo a Víctor Hugo

como modelo. O Ultimatum inglés de 1890 inspirou o seu poema "Pátria" (1896), de acento apocalíptico e elexíaco, que anunciaba a ruína do país.

A súa experiencia no mundo rural deu lugar a *Os simples* (1892). En *A morte de D. João* (1874) amosábase xa como poeta panfletario, satírico e impulsivo. Lirismo, rusticidade e panteísmo caracterizan *Oração à luz* (1904) e *Oração do pão* (1902). En 1920 apareceu un volume coas súas *Poesias dispersas* e, ó ano seguinte, as *Prosas dispersas*. Os seus discursos políticos están compilados en *Horas de combate* (1924). Morreu en Lisboa en 1923 e co paso do tempo a súa figura de poeta profético, filosófico e revolucionario cobrou míticas dimensións. En *Resol* (nº 7, 1933) témolo representado con "Canção perdida".

GUILLÉN, Jorge

Integrante do grupo de poetas do 27 (do que *Resol* ofrece composicións de García Lorca, Gerardo Diego, Rafael Alberti, Emilio Prados e Manuel Altolaguirre) Jorge Guillén —poeta polo que Ánxel Fole manifestou o seu interese— (nado en Valladolid en 1893) publicaba o seu primeiro e fundamental poemario, *Cántico*, en 1928, ampliado por vez primeira en 1936. Colaborador de revistas como *Índice, España, La Pluma, Revista de Occidente* ou *Verso y prosa* (da que foi fundador), Guillén deu o seu apoio á República e ata 1936 ocupou a cátedra de Literatura na Universidade de Sevilla. En 1938 marcha ó exilio en Estados Unidos e alí ocupa cátedras de diversas universidades.



Jorge Guillén, por F. Granell

Antes de aparecer en *Resol*, Guillén só publicara, en xornais galegos, un breve artigo, "Aire" (en *Galicia*, Vigo, 1924). O poema que recolle *Resol* (nº 2, 1932), titulado "Ardor", pertence ó apartado "Pleno ser" de *Cántico*.

GUILLÉN, Nicolás

Poeta cubano (nado en Camagüey, 1902) e cantor da Revolución cubana. Unha boa parte da súa poesía posúe unha forte compoñente social e política, pero foi tamén o gran cantor do mundo negro, mestre do ritmo e da música no poema, artista de inspiración popular. En plena guerra civil viaxou a España e daquela experiencia naceu o seu libro *España (poema en cuatro angustias y una esperanza)* (1937). Do mesmo ano é *Cantos para soldados y sones para turistas*; xa de inspiración cubana, *Sóngoro cosongo* (1931), *West Indies Limited* (1934), *El son entero* (1947) e *La paloma de vuelo popular* (1958) son algúns dos seus máis significativos poemarios. En *Resol* (nº 2 da etapa arxentina) está representado co poema "Mussolini".

Posteriormente, no *Resol* de 1990 temos, en versión galega de X. Neira Vilas, a composición "Deprende a tirar, soldado", que está tomada, do castelán orixinal, do poemario *Cantos para soldados y sones para turistas* (1937) antes mencionado. Lémbrese que Nicolás Guillén, Pablo Neruda e César Vallejo foron, xa na década de

1930, militantes do Partido Comunista, que daquela tivo en Rafael Alberti a unhas das súas máis activas e influíntes figuras.

HUIDOBRO, VICENTE

Único escritor chileno de *Resol*, Huidobro naceu en Santiago de Chile en 1893. De familia aristocrática, viaxou a Europa para retornar ó seu país en 1900. Precoz como poeta, publicou ós 18 anos *Ecos del alma* (1911), poemario cheo de sentimentalismo xuvenil. En 1912 fundou a revista *Musa joven*, na que colaborou con poemas e textos críticos. Ó ano seguinte dirixía a revista *Azul* e publicaba dous libros poéticos, *La gruta del silencio* e *Canciones en la noche*. Pouco despois ve representada a súa peza teatral *Cuando el amor se vaya*, escrita en colaboración con Gabry Rivas.

En 1914 le "Non serviam", manifesto onde expón o seu credo vangardista. A continuación, ensaia a prosa poética en *Las pagodas ocultas* e recolle artigos e pequenos ensaios en *Pasando y pasando*.

Huidobro, por Picasso

En 1916 o seu poema "Adán" adianta o creacionismo, a máis persoal contribución de Huidobro á vangarda. Viaxa a París por segunda vez e colabora nas revistas *Sic, Nord-Sud, L'Esprit nouveau* e *L'Élan*. Coñece e trata a A. Breton, T. Tzara, P. Reverdy, F. Picabia, P. Éluard, Picasso, G. Apollinaire e Max Jacob. Con *Horizon carré* (1917) chega o seu primeiro libro poético en francés. Ó ano seguinte publica en Madrid os poemarios *Hallali, Tour Eiffel, Ecuatorial* e *Poemas árticos*. Viaxa por diferentes países europeos e publica *Manifestes*, un volume de textos teóricos.

Consagrado como fundador do creacionismo retorna a Chile, onde en 1925 dirixe a revista *Acción*. En 1929 aparece en Madrid a súa novela *Mío Cid Campeador*, manifestación fundamental da prosa vangardista en castelán. E xa en 1931 dá a coñecer tamén en Madrid o seu gran poema, *Altazor o El viaje en paracaídas*. De novo en Chile, publica *La próxima* (1934), na que anticipa unha catástrofe bélica, e *Cagliostro*, premiada en Hollywod como guión cinematográfico. Un ano despois, en colaboración co dadaísta Hans Harp, dá ó prelo *Tres inmensas novelas*, conxunto de relatos breves de ton humorístico. En 1936 apoia á Fronte Popular de Chile e nos seus artigos do xornal *La Opinión* ataca con dureza ó fascismo.

Asiste ó Congreso antifascista de Valencia (1937) e colabora en *Madre Patria*, homenaxe a España dos poetas chilenos. Posteriormente temos dous dos seus máis interesantes libros poéticos: *Ver y palpar* (1941) e *El ciudadano del olvido* (1941).

Participou Huidobro na segunda guerra mundial e presenciou a caída de Berlín como capitán do exército francés de liberación. *Monumento al mar* reúne —en publicación póstuma— os seus últimos poemas. Finou na súa casa-facenda de Llolleo, en Chile, en 1948.

Na pontevedresa *Cristal* (nº 6, decembro de 1932), aparece o seu poema "Le Moulin". En *Resol* (nº 2 da etapa arxentina) temos da súa autoría un poema en prosa de carácter panfletario, "Fuera de aquí", que o propio Huidobro publicara pouco antes nunha folla solta para manifestar a súa airada protesta contra a presencia en Chile de aviadores italianos que estaban a percorrer Hispanoamérica en viaxe comercial.

Ibarbourou, Juana de

Uruguaia, nacida en Melo en 1892, de nome Juana Fernández Morales, proclamada en 1929 "Juana de América", foi Juana de Ibarbourou unha das máis universais voces líricas de Hispanoamérica, universalidade confirmada en 1959, ano no que lle foi concedido o Premio Nobel de Literatura.

A súa traxectoria poética inscríbese, nos primeiros poemarios, na corrente modernista. Esta etapa inicial está representada polos poemarios *Lenguas de diamante* (1919), *El cántaro fresco* (1920) e *Raíz salvaje* (1922). Con posterioridade (e xa a partir de *La rosa de los vientos* (1930) a súa voz deriva por vieiros de sinxeleza expresiva, espontaneidade formal, vitalismo e comuñón coa natureza, lonxe da paixón inicial. Desta etapa xa máis madurecida anotamos libros poéticos como *Perdida* (1950), *Azor* (1953) e *La pasajera* (1967).

Nas revistas poéticas españolas (as galegas tampouco son excepción) dos anos trinta e corenta Juana de Ibarbourou e Gabriela Mistral son as poetas hispanoamericanas máis representadas. Baixo o seu maxisterio xurdiron outras voces de muller no ámbito do Río da Plata. Entre elas citamos a Margarita Abella Caprile, María de Villarino, Silvina Ocampo, Sara de Ibáñez, Clara Silva, Idea Vilariño e moitas máis. Temos poemas de Juana de Ibarbourou en *Alfar, Ronsel* e *Cristal*. En *Resol* (nº 8, 1933) está recollido o seu poema "Ensueño".

Iglesia Alvariño, Aquilino

Naceu en Seivane (Abadín), na provincia de Lugo, o 12 de xuño de 1909. Logo dos primeiros estudios en Graña de Vilarente ingresa no seminario de Santa Catalina de Mondoñedo, onde estudiará Latín, Filosofía e Teoloxía. A súa formación humanística vai ser decisiva, especialmente polo estudio e lectura dos clásicos gregos e latinos que tanta pegada deixarán nas súas primeiras achegas poéticas daqueles anos. A partir de 1925 comeza a escribir versos e colaborar en diferentes xornais e revistas e en 1930 aparece o seu primeiro libro, *Señardá*, que fora escrito dous anos antes. Asiduo á tertulia do barbeiro-músico Manuel Ledo Bermúdez, "O Pallarego", coñece a destacadas personalidades do mundo cultural, como Álvaro Cunqueiro, Antonio Noriega Varela ou Xosé Crecente Vega. Coincidindo coa etapa do servicio militar en Ferrol entra en contacto cos círculos culturais da cidade por medio de Ricardo Carballo Calero. Trasládase a Compostela, onde gracias a Cunqueiro e Luís Manteiga conecta co mundo cultural da cidade, en concreto con Francisco Fernández del Riego, e remata como director de *A Nosa Terra*, durante un breve período de tempo.

No ano 1933 vai a Vilagarcía, onde exercerá a docencia no Colexio León XIII. O segundo poemario, *Corazón ao vento*, aparece neste ano. Nesta etapa colabora en

revistas galegas —*Nós, Papel de Color, Resol*—, comeza a traducir ós clásicos e funda a colección Renacencia. Aquilino foi un poeta seguidor da súa xeración, a do 1936, expoñente de liñas como o neotrobadorismo, o ruralismo ou o clasicismo[159]. Xa na posguerra, en 1941, publica en Bos Aires o seu poemario en castelán, *Contra el ángel y la noche* e algún tempo despois comeza en Compostela estudios de Filosofía e Letras, que rematará no curso 1943-1944. Alí, e a partir do 1 de febreiro de 1946, converterase nun dos principais colaboradores durante un longo período no xornal *La Noche*. No ano 1947 é elixido membro da R.A.G., publica *Cómaros verdes* e gaña o Premio Adonais coa obra *Lejana voz* —aínda inédita—, que sería descualificada por non se axustar ás bases do concurso. No ano seguinte gaña a cátedra de Latín, sendo destinado a Lugo e posteriormente a Pontevedra (1949-1954). De volta en Santiago exerceu de catedrático no Instituto Rosalía de Castro e traballou no Instituto Padre Sarmiento. É en 1960 cando gaña dous premios literarios, un deles por *Lanza de soledá* e outro por *De día a día*. No ano 1961 ven a luz *Lanza de soledá* e *Nenias*, libro, este último, elexíaco e premonitorio da súa morte, acaecida o 29 de xullo dese mesmo ano. Con carácter póstumo aparece *Leva o seu cantare* (1964).

Aquilino, por Maside

Realizou numerosas traduccións ó galego como "Poemas de John Masefield" (1949); "Galliciense Carmen" (1950), de Venancio Fortunato; "Carmina" (1951), de Horacio; "A vixilia de Venus" (1960); "As meigas" (1961), de Teócrito, ou *A comedia da oliña. (Aulularia)* (1962), de Plauto. Ademais, no nº 92 da revista *Grial* publicou "A saudade do enfermo", poema do libro das *Elexías*, de Tibulo; "Carta a Albino Tibulo", do Libro I das *Epístolas*, de Horacio; "Elexía á morte de Tibulo", do Libro III dos *Amores*, de Ovidio; "A Virxilio e Tibulo mortos", epitafio feito por Domicio Marso; "Os traballos e os días", fragmentos da obra de Hesíodo. Ó castelán traduciu "La canción del siglo", de Horacio.

Crítico, ensaísta, traductor e lexicógrafo, compaxinou estas actividades cun importante labor xornalístico en moi diversos medios, como *La Noche*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo* ou *A Nosa Terra*. Así mesmo, desenvolveu un intenso labor de colaboración en múltiples revistas como *Nós, Céltiga, Galicia, Vallibria, Logos, Cristal, Galiza, Yunque, Papel de Color, Alento, Lar, Revista de Portugal, La Estafeta Literaria, Cuadernos de Estudios Gallegos, Sonata Gallega, Posío, Cántico, Alba, Mensajes de Poesía, Gelmírez, Xistral, Aturuxo, Poesía española, Nemancos, Atlántida, 4 Ventos, Vida Gallega, Papeles de Son Armadans, Grial, Dorna* ou *Resol*.

IPUCHE, Pedro Leandro

Naceu en Treinta y Tres, Uruguai, en 1889. Pertence á xeración de poetas nacidos arredor de 1900, entre eles Emilio Oribe, Fernán Silva Valdés, Enrique Casaravilla

[159] Na actualidade, varios son os estudios cos que contamos para profundizar nos distintos aspectos da vida e obra de Aquilino Iglesia Alvariño. Así, en 1994 Luciano Rodríguez publicou un moi completo e interesante traballo titulado *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, en edición da Deputación Provincial de Lugo. Do mesmo estudioso é *Homenaxe desde Galicia* (1995), onde se ofrece a versión plurilingüe do poema "Petöfi".

Lemos, Carlos Sabat Ercasty, Carlos Rodríguez Pintos, Humberto Zarrilli, Julio J. Casal —fundador de *Alfar*— e Vicente Basso Maglio. Como Fernán Silva Valdés, foi un explorador da vida criolla tanto nos seus libros de contos como na súa lírica; xa que logo, é un escritor telúrico ou nativista, aínda que tamén chegou ó ámbito da meditación metafísica e participou do espírito vangardista.

Entre os seus libros poéticos anotamos *Engarces* (1912), *Alas nuevas* (1922), *Tierra honda* (1924), *Júbilo y miedo* (1926), *Rumbo desnudo* (1929), *Tierra celeste* (1938) e *La llave de las sombras* (1949). A mesma problemática nativista xorde nos seus libros de contos como *Cuentos del fantasma* (1946), *La quebrada de los cuervos* (1954) e *Caras con almas* (1957). Faleceu en 1976. En *Resol* (nº 9, 1935) temos da súa autoría a composición "Luna-Sol".

Ivan Goll

No ámbito da literatura expresionista alemá xurdiron figuras como as dos artistas Óscar Kokoschka, Kandinsky ou Ernst Barlach procedentes do mundo da pintura e da escultura. Entre os principais dramaturgos, ademais da gran figura de Georg Kaiser, contamos a Reinhard J. Sorge, Ernst Toller, Walter Hasenclever e Ivan Goll.

Nacido en Saint-Dié, nos Vosgues, en 1891, Ivan Goll é pseudónimo de Isaac Lang, un xudeo-alemán que tivo que abandonar o seu país nos tempos do nazismo. Residente en París dende 1919, presentou ó ano seguinte na capital francesa unha das máis celebradas pezas cómicas do expresionismo, *Der Ungestorbene*, traducida despois ó castelán como *El que no ha muerto*. Malia este título, Goll anunciou a morte do expresionismo, convertido ó seu xuízo nunha arte grotesca e tediosa. Outras pezas teatrais da súa autoría foron: *Mathusalem oder Der ewige Bürger* (1922), *Die Eurokokke* (1927) e *Lucifer viellisant* (1934).

Escritor en francés dende 1933, malia a súa considerable obra dramática a súa producción máis notable foi o ciclo poético das baladas *Jean Sans Terre* (1936-1944), nas que é evidente a pegada do expresionismo.

Jammes, Francis

Figura do simbolismo francés, poeta familiar e provinciano, naceu en Tarbes en 1868. O seu primeiro libro poético, *De l'Angelus de l'Aube a l'Angelus du Soir* (1898) revelou a un poeta xa madurecido que empregaba o verso libre e indagaba no misterio das cousas, do cotián. Posteriormente apareceron *Le Deuil des Primevères* (1901), *Le triomphe de la vie* (1902) e *Clarières dans le ciel* (1906). Xa neste último libro as notas de humor e gracia desaparecen e xorde unha voz máis grave, achegada á espiritualidade franciscana e atenta a captar a pureza do mundo e a sinxeleza das xentes. Posteriormente publicou *Géorgiques chrétiennes* (1912), *Le Rosaire au soleil* (1916), *La vierge et les sonnets* (1919), *Le livre des Quatrains* (1925), *Ma France poétique* (1926), *Alouette* (1935), *Sources* (1936) e *Sources e feux* (1944).

Escribiu así mesmo Francis Jammes[160] (poeta que deixou pegada en Luís Pimentel) novelas, pezas teatrais, libros de memorias e unha ampla correspondencia. En *Resol* (nº 8, 1933) aparece o seu poema "Si quisieras saber", en traducción ó castelán.

Jiménez, Juan Ramón

A presencia de Juan Ramón Jiménez (nado en Moguer, Huelva, 1881) xa no nº 1 (1932) de *Resol* está xustificada por diversas razóns. Primeiro, polo prestixio da súa obra lírica e polo maxisterio que durante varios anos exerceu sobre os poetas novos. Segundo, porque máis que ningún outro poeta Juan Ramón impulsou e animou o mundo das revistas poéticas. Terceiro, porque moitísimos dos seus poemas apareceron en revistas e el mesmo publicou, naquelas en que tiña influencia, poemas doutros poetas.

Juan Ramón Jiménez fundou, entre outras, *Helios, Sí, Índice* e *Ley*. Colaborou en *Renacimiento, Vida nueva, Revista de Occidente, Cuadernos americanos, Sur, Prometeo, Alfar, Parábola, Ronsel, Horizontes* e moitísimas máis. Nos anos de *Resol* Juan Ramón xuntaba os seus versos nunha serie de pequenos cadernos como *Sucesión* (1932), *Presente* (1933) ou *Hojas Sueltas* (1935). Con todos eles e algúns máis publicou o volume *Canción* (1935), que foi o único que deu ó público lector.

En *Resol* (nº 1, 1932) Juan Ramón está representado co poema "Rosas de septiembre", pertencente ó seu libro *Olvidanzas* (1906-1907). No nº 8 (1933) figura "El niño pobre", pertencente ó poemario *Historias* (1909-1912).

Johán Carballeira

Johán Carballeira[161] foi o pseudónimo que empregou na súa obra literaria e xornalística José Francisco Gómez de la Cueva, que nacera en Bueu (Pontevedra) en 1902 e morrera fusilado no mes de abril de 1937, en plena guerra civil. O pseudónimo apareceu por vez primeira nas páxinas de *El Pueblo Gallego* no ano 1927. Este escritor, de ampla e comprometida tarefa xornalística[162] a prol do galeguismo, colaborou tamén en *Faro de Vigo* (dende o ano 1922), *Galicia, Céltiga, Cristal, Gaceta de Galicia, Vida Gallega, A Nosa Terra, Nós, Luz* e *Ahora* (estas dúas últimas, publicacións madrileñas). Concretamente en *El Pueblo Gallego*, ademais de levar diferentes seccións fixas e escribir centos de artigos, publicou algúns poemas que pensaba incorporar ó seu libro "Cartafol", endexamais publicado.



Johán Carballeira, por Fernández Mazas

[160] En galego pódese consultar *Catorce oracións*. Edición bilingüe (Traducción de Xulia Rodríguez Guntiñas) A Coruña: Eds. Espiral Maior, col. A Illa Verde, 1994.

[161] Vx. Xosé Manuel Millán, "Xohán Carballeira. Crónica dunha vida inconclusa", en *Os mártires do 36*, Vigo: A Nosa Terra, col A nosa história, 7, 1996, pp. 4-9.

[162] Vx. Suso Portela, "Johán Carballeira, o xornalista comprometido", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 2, 15-II-1997, p. 8.

Como xornalista está considerado o pioneiro da crítica de arte en Galicia, xa que dende sempre dedicou especial atención ás novas promesas da pintura, promesas que chegaron andando o tempo a figuras consagradas como foi o caso de Laxeiro.

Con motivo do 60 aniversario da súa morte, en 1997, estáselle a render unha homenaxe por parte da diversas personalidades da cultura galega, encabezadas por Manuel Colmeiro e Torrente Ballester, na que unha serie de artistas plásticos ofrecen as súas obras para ser subhastadas e poder deste xeito erguer un monumento a súa memoria no seu Bueu natal.

KAISER, Georg

A máis relevante figura do teatro expresionista alemán, Georg Kaiser, naceu en Magdeburgo en 1878. Dedicado ó comercio, residiu durante varios anos en Arxentina e España. En 1933 foi perseguido polo nazismo e declarado escritor proscrito. Emigrou a Suíza e alí traballou arreo no teatro, para o que escribiu preto de setenta pezas entre farsas, comedias e traxedias. Para Kaiser o mundo carece de sentido e todo se mestura nel de xeito absurdo e confuso. Baixo claves simbólicas, este dramaturgo do pensamento representou a existencia humana nunha época angustiada.

O seu primeiro éxito foi *Die Burger von Calais* (1914), no que se advirte o retrato expresionista dos personaxes. Logo publicou (e representou) *Von Morgens bis Mitternachts* (1916), *Der gerettete Alkibiades* (1920), *Kolportage* (1924), *Zwei Kravatten* (1930), *Das Floss der Medusa* (1936), diatriba contra o totalitarismo, *Der soldat Tanaka* (1940), de carácter violentamente antimilitarista, e *Griechische Dramen* (1948), triloxía de publicación póstuma

En *Resol* (nº 2, 1932) está representado cun fragmento de *Gas* (1920), obra na que ataca ó capitalismo como forza destructora do mundo, destrucción que o dramaturgo capta en violentas e visionarias estampas dramáticas.

KÄSTNER, Erich

Toda unha xeración de escritores alemáns estivo marcada pola I Guerra Mundial. Alfred Döblin, Franz Kafka, Hermann Broch, Oskar Loerke ou Gottfried Benn son algúns dos máis relevantes. Entre os que se manifestaron pola vía do humor figura Erich Kästner, nacido en Dresde en 1899. A crítica valorou o humor de Kästner na súa dimensión de crítica moral que tenta corrixir os males e defectos da sociedade.

Como escritor Kästner cultivou a lírica en *Lärm im Spiegel* (1928). Pero é máis ampla a súa contribución á narrativa, eido no que salientamos *Fabian* (1931), *Die lyrische Hansapotheke* (1936), *Drei Männer in Schnne* (1934) ou *George und die Zwischenfälle* (1938). Pero a súa máis celebrada e popular novela foi *Emil und die Detektive* (1929), traducida ó castelán como *Emilio y los detectives* e divulgada por toda Europa. En *Resol* (nº 1, 1932) figura o seu poema "Berlín en números".

Laxeiro

Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, naceu en Lalín (Pontevedra) en 1908. Figura destacada do movemento renovador da arte galega, marchou ós trece anos a Cuba, onde asistiu ás clases de debuxo do Centro Gallego da Habana e consolidou a súa vocación artística. Retornou a Galicia en 1925. Exerce de barbeiro en Lalín, viaxa a Santiago con frecuencia e o concello da súa vila concédelle unha bolsa de estudios coa que viaxa a Madrid, onde se matricula na Academia de San Fernando ó tempo que visita asiduamente o Museo do Prado do que lle impresionan en particular as pinturas negras de Goya.

En 1933 é un dos artistas mozos representados na Barraca de Feira de Resol, en Santiago de Compostela, onde expón ó ano seguinte na Facultade de Filosofía e Letras. O primeiro comentario sobre esta exposición aparece en *El Pueblo Gallego* asinado por Francisco Fernández del Riego. Situado na órbita do expresionismo, caracterizado polo vitalismo o primitivismo e o onirismo das súas creación, Laxeiro, na procura do éxito trasládase a Vigo en 1942. Alí fai exposicións na Sala do Casino, na Sala Velázquez e na Taberna El Capitán. Tamén expón xunto con Virxilio Blanco en Santiago de Compostela e, en 1946 pinta "Trasmundo", un dos seus cadros máis célebres.

En 1951 trasládase a Bos Aires. Os seus cadros reciben unha excelente acollida na exposición colectiva de arte galega celebrada na capital arxentina no mesmo ano e da que son encargados, a efectos de organización, Valentín Paz Andrade e Francisco Fernández del Riego. En Bos Aires reside Laxeiro ata 1970 e nos anos da súa estadía alí colabora con Seoane, Colmeiro, Rafael Dieste, Lorenzo Varela e outros intelectuais e artistas galegos. Contacta cos representantes da vangarda arxentina e fai exposicións na Sociedade Iberoamericana, no Centro Lucense, na Galería Velázquez e na Sala Lascaux. Os seus cadros aparecen expostos tamén na Sala Prisma e na Galería Biosca de Madrid.

En 1970 retorna a Galicia e, en adiante, vai residir entre Vigo, Lalín e Madrid, onde tratará a numerosos intelectuais galegos nas tertulias do Café La Granja del Henar. Sucédense as súas exposicións en salas e galerías diversas de Pontevedra, Santiago de Compostela, Bos Aires, Vigo, Madrid e Barcelona. Ilustra libros de Cervantes, Cela e Eduardo Blanco Amor entre outros.

O recoñecemento da súa obra vén acompañado de numerosas e importantes distincións: o Pedrón de Ouro (1988), a Medalla Castelao (1989), a Medalla de Ouro do Concello de Vigo (1990), a Medalla Curros Enríquez (1991), etc. Morre en Vigo en 1996.

Leiras Pulpeiro, Manuel

En Mondoñedo, o 25 de outubro de 1854, naceu Manuel Leiras Pulpeiro, médico, etnólogo, folclorista e poeta galego. Cursou Latín e Humanidades no Seminario diocesano mindoniense, posteriormente abandonou os estudios eclesiásticos e en 1870 ingresa na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela para trasladarse, en 1974, a Valladolid; remata os seus estudios na Universidade Central de Madrid. De volta en Mondoñedo exerceu de médico ata a súa morte en novembro de 1912. Amigo de Noriega, foi un gran coñecedor da fala da súa terra e estivo sempre identificado coa vida dos labregos; el cantou á mariña, Noriega á montaña. En 1903 fundou a xunta municipal de Acción Republicana, que el mesmo presidiu, e dous anos

máis tarde foi nomeado académico da R.A.G., cargo que rexeitou. No ano 1983 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Como médico publicou, en colaboración co seu colega profesional Pastor Taladrid Pereira, *Apuntes para la Geografía Médica del distrito municipal de Mondoñedo* (1910). A súa contribución ó eido da literatura galega redúcese a un único volume, publicado pouco antes do seu pasamento, *Cantares gallegos* (Mondoñedo, 1911), conxunto de cantigas de tipo popular cheas de enxebreza, aínda que sen escasear algunha sátira anticlerical e algunha gabanza patriótica. A máis do anterior libro publicou gran número de artigos e composicións poéticas espallados por xornais e revistas. As súas primeiras colaboracións en prensa datan do ano 1884 en *O Tío Marcos da Portela*; posteriormente, colabora na revista coruñesa *Galicia* e noutras publicacións galegas como *Boletín da Real Academia Galega, Galicia, Revista Regional, Galicia Humorística* ou *Los Dominicales del Libre Pensamiento.*

Tempo despois do seu pasamento a Editorial Nós publicou as composicións que deixara esparexidas en xornais e revistas no volume *Obras completas, tomo I* (1930), volume que está encabezado por un prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Posteriormente a obra de Leiras foi obxecto de varios intentos de recompilación sistemática, agás das múltiples escolmas e antoloxías como a publicada pola Real Academia Galega, *Manoel Leiras Pulpeiro: vida e obra. Escolma de textos* (1983), da autoría de Xosé Trapero Pardo. En 1970 Xosé Luís Franco Grande recompilou a inmensa maioría da súa producción poética nun único volume que inclúe tamén os inéditos. Xa na década seguinte, Xesús Alonso Montero realizou outra edición das obras completas, con novas achegas sobre o conxunto da obra. Finalmente, un ano máis tarde, Ramón Reimunde sacou á luz *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa* (1984), outro novo paso a favor da clarificación da vida e obra do autor mindoniense.

López de la Vega, Xosé

Naceu en Ferrol arredor de 1825. Mozo aínda, marchou a Hispanoamérica, onde cursou estudios de Medicina que convalidou en Madrid. Foi tamén doutor en Filosofía e Letras. Home de existencia bohemia, viaxou por Europa e tamén por Perú, Brasil e Arxentina. Morreu moi pobre, en Madrid, no ano 1888. José Novo García, Couceiro Freijomil, Carballo Calero e Álvarez Ínsua escribiron sobre a súa vida e obra.

Publicou López de la Vega, en castelán, numerosos estudios e artigos de tema médico, histórico, filosófico, relixioso e político. Propagou as teses do provincialismo. Colaborou en publicacións do seu tempo como *El Miño, Revista Contemporánea, El Fomento de Galicia, El Genio Médico, El Pabellón Médico*, etc.

Pouco escribiu no terreo poético, pero son da súa autoría os poemas en galego "Coitadiña", "Velando á miña nai" e "A Galicia".

Lorenzo Varela

Xesús Lorenzo Varela Vázquez, coñecido no ámbito das letras como Lorenzo Varela, naceu nun barco camiño da Habana no verán do ano 1917. Cursará os primeiros estu-

dios na capital arxentina debido ó cambio de residencia dos seus pais. Vén a Galicia na época en que se proclama a Segunda República. Estudia o Bacharelato no Instituto de Lugo e daquela inicia a súa andaina política e cultural. En 1933 nacen as Mocedades Galeguistas de Lugo, organización política xuvenil vencellada ó Partido Galeguista, dentro das que el ocupará un cargo directivo, que logo desempeñará o seu amigo Ramón Piñeiro, despois do seu cesamento. Nese mesmo ano vai para Madrid e alí participa nos labores de Misiones Pedagógicas e chega a pertencer ó grupo de Poetas Andantes y Navegantes —P.A.N.—, no cal están tamén outros intelectuais galegos da época. En 1936 estudia na Facultade de Filosofía e Letras e traballa na sección bibliográfica do importante rotativo republicano *El Sol*. Dese ano data tamén o ingreso no Partido Comunista de España.

No tempo da guerra civil incorpórase ás forzas leais ó goberno republicano e durante ese período ha de desenvolver o cargo de comisario político, chegando incluso a pórse ó fronte dunha brigada da XI División, da que era comandante Enrique Líster. Colaborou daquela en revistas como *Nova Galiza* que, dirixida ós combatentes galegos, se editaba en Barcelona entre 1937 e 1938, *El Mono Azul* e *Hora de España*. Desta etapa é a súa presencia en *Poetas en la España leal* (1937) e *Homenaje de despedida a las Brigadas internacionales* (1938), volumes colectivos ambos nos que participan moitas das mellores plumas favorables á causa republicana.



Lorenzo Varela, por Seoane

En 1940 instálase en México, onde funda e codirixe a revista literaria *Romance*, e traballa en *Taller*, revista dirixida por Octavio Paz. Ó ano seguinte fixa a súa residencia en Bos Aires, logo dun percorrido por diversas nacións de fala hispana do continente americano; despois de se achegar ó grupo de exiliados galegos emprende un importante labor cultural. Funda a revista *Correo Literario* (1950) en colaboración con Luís Seoane e Arturo Cuadrado e traballa en moitas das empresas culturais promovidas polo colectivo de exiliados galegos, así como en numerosas publicacións do momento: *De Mar a Mar, Cabalgata, La Nación, Sur, Galicia Emigrante* e *La Razón*. Foi tamén asesor de dirección do xornal *El Mundo* e director de *El Pueblo Español* —voceiro do Partido Comunista. En maio de 1976 retorna a España e instálase, en compaña da súa dona Marika Gerstein, en Madrid, cidade na que se produce o seu pasamento a finais de 1978.

Lorenzo Varela pertence á primeira xeración de posguerra. A musa deste poeta responderá fundamentalmente á actitude ideolóxica do socialrealismo, sobre todo a partir da década dos anos cincuenta. En 1940 publica en México o libro *Elegías españolas*. En 1942, tamén en castelán, *Torres de amor*, con ilustracións de Luís Seoane[163], na Colección Pomba da bonaerense Editorial Nova. Un ano máis tarde sae o libro *Actualidad de la obra crítica de Baudelaire*, antoloxía de ensaios sobre o poeta francés traducida e prologada polo noso escritor.

[163] A asociación dos textos deste poeta coa obra gráfica de moitos artistas, tales coma o propio Seoane, Picasso, Ramón Pontones, Dalí e outros, vai ser unha constante ó longo de toda a súa producción.

En 1945 publica o seu ensaio *El Renacimiento* na Editorial Atlántida, na que coinciden, nun primeiro momento os escritores e artistas do exilio bonaerense. Do inmenso traballo cultural desenvolvido por Lorenzo Varela ó longo da súa vida cómpre lembrar que prologa libros e catálogos sobre temas artísticos, colabora na prensa e na radio e publica artigos, ensaios e poesías. En 1963 sae o seu poema "Homenaje a Picasso". De 1977 é o limiar do libro de Manuel Lueiro Rey, *Escolma ferida,* e un ano despois do seu pasamento, apareceu o seu prólogo a *Cen Chaves de sombra*, de Valentín Paz Andrade.

No que respecta máis especificamente á súa obra en galego, aínda que compuxo algún poema con anterioridade a instalarse en Bos Aires, será alí onde adquira o compromiso da defensa da lingua propia, ó entrar en contacto co grupo de intelectuais galegos que estaban exiliados. Así xorde o seu primeiro libro en galego, *Catro poemas pra catro gravados*, no álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medievales* (1944). En 1954 publícase, na Editorial Botella al Mar, *Lonxe*, con ilustracións de Seoane, segundo libro en galego do autor, do que xa se tiñan publicado algúns poemas na revista *Galicia Emigrante* (1954). Participa cun soneto no libro *Castelao na voz dos poetas* (1970). En 1979 viron a luz o volume *Poesía* e o libro *Homaxes*, edición feita por Luís Seoane.

En *Resol* (nº 2 da etapa arxentina, 1937) figura co poema "Romance a Lina Odena". O poema aparece no *Romancero General de la guerra de España*. Madrid/Valencia: Ediciones Españolas, 1937. Prólogo de Antonio Rodríguez Moñino.

Lourenço

A rúbrica que acompaña ás súas composicións nos cancioneiros defíneo coma "jogral". Non sabemos con certeza se era portugués (Tavani) ou se era galego (Resende de Oliveira), xa que o seu cancioneiro permite establecer calquera das dúas posibilidades. A pesar de que non está documentado historicamente, podemos situalo no tempo e no espacio a partir das relacións literarias que mantivo con outros trobadores. En función das mesmas, diferenciaremos dúas etapas centradas no terceiro cuarto do século XIII: unha portuguesa, en tempos de Afonso III, onde se relacionaría con Johan Garcia de Guilhade (das tensós que mantén con este dedúcese que estivo ó seu servicio para logo independizarse), Johan Perez d'Aboim, Johan Soarez Coelho, Rodrigu'Eanes Redondo e Martin Moxa; outra castelá, que xira ó redor da corte de Afonso X, onde coñecería a Johan Vasquiz de Talaveira, Pero Garcia Burgalês e Pedr'Amigo de Sevilha. A esta periodización engádese un problema: os trobadores portugueses cos que se relacionou tamén estiveron presentes na corte de Castela. En datas recentes, Resende achegou un novo dato, de natureza documental que, de se declarar válido, reorientaría as futuras investigacións e a traxectoria vital do xograr. De feito, no Cartulario de Johan Perez d'Aboim rexístrase, nunha venda efectuada en 1259, unha testemuña "Lourenço bofom". Só novas pesquisas na documentación permitirán saber se estamos ou non diante do autor ou se se trata dun simple homónimo.

Os cancioneiros atribúenlle 18 textos (3 cantigas de amor, 6 de amigo, 1 de escarnio literario, 7 tensós e un texto de problemática atribución). As súas cantigas de amor e de amigo xiran, case todas, ó redor da coita dos namorados e da separación á que se ven sometidos os suxeitos líricos. Non hai que dar conta de variacións temáticas de relevo, a non ser ese matiz auto-laudatorio (próximo ás veces do *gab)* que latexa nas súas cantigas de amigo, onde a amiga, coma por exemplo en "Assaz é meu amigo trobador",

declara as excelencias poéticas do seu namorado. En "Senhor fremosa, oy eu dizer" asistimos tamén á introducción dun matiz novidoso, xa que a causa da separación dos namorados é explicada por medio do casamento (forzado) da *senhor*. Malia estas novidades temáticas, é nos debates (tensós) que mantén cos outros trobadores onde se revela o verdadeiro talento do xograr. Polémico, irónico e desafiante intentará defenderse das críticas que lle verten os seus interlocutores, que o cualifican de mal trobador.

Lueiro Rey, Manuel

Poeta, narrador e xornalista, escritor en galego e castelán, Lueiro Rey naceu en Fornelos de Montes (Pontevedra) en 1916. Militou nas Xuventudes Comunistas Obreiras e nos anos anteriores á guerra civil colaborou no xornal *País* de Pontevedra. Interviu na contenda no Corpo de Sanidade e en 1942 ingresou no Corpo Técnico do Ministerio de Facenda de Pontevedra. En 1968 viaxa a Arxentina e contacta cos exiliados Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Lorenzo Varela. Colaborou na *Hoja del Lunes* de Vigo. Na súa longa traxectoria de escritor tivo numerosos problemas coa censura, pero foi merecente tamén dun gran número de premios.

En castelán publicou *Nacencia. Cuentos y poemas* (1950), o poemario *Juncia de amor y vida* (1959) e *Sonetos a la ciudad de Vigo* (1960). No ámbito da narrativa, a súa novela *Manso* (1968)[164] foi prohibida pola censura, e por esa mesma razón tivo que publicar en Bos Aires o seu libro de contos *Vicente y el otro* (1968). Con posterioridade apareceu o seu poemario de protesta social *La noche espera el alba* (1971) e as súas páxinas sobre a vida política, *Crónica de una transición intransigente, abril, 1977-abril, 1978* (1985). Xa con carácter póstumo publicouse *Memoria de la raíz de las cosas* (1992).

Manifestouse en galego co poemario *Un tempo de sol a sol (Poemas do neno galego)*, en 1971, seguido logo por *Escolma ferida* (1977) e *Nova escolma ferida* (1988). No terreo da narrativa deu ó prelo a novela de protagonista infantil *Non debían medrar* (1974) e a compilación de relatos da guerra *O sol na crista do galo* (1982).

Participou nas publicacións colectivas *Antonio Machado na nosa voz* (1966), *Poemas al Che* (1969), *Homenaje al Che* (1970), *Chile en el corazón. Homenaje a Pablo Neruda* (1975) e *Del corazón de mi pueblo. Homenaje a Rafael Alberti* (1977). En 1988 organizou no Grove unha homenaxe a Luís Seoane na que participaron Rafael Alberti, Rafael Dieste e Arturo Cuadrado.

A comparecencia en *Resol* (1990) co poema "Agonía de la voz" xustifícase seguramente pola súa amizade con Arturo Cuadrado.

Lugrís Freire, Manuel

Naceu na localidade coruñesa de Sada o 12 de febreiro de 1863. Con vinte anos emigrou para Cuba e cóubolle a honra de ter fundado na capital da illa caribeña o xornal

[164] Con esta obra, previa censura, Manuel Lueiro Rey gañou o Premio de Novela Cidade de Oviedo en 1966. En 1968 publícase a versión íntegra en Bos Aires. No pasado ano 1996 foi traducido ó galego por Mª Xesús Vidal Alves e conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero.

A Gaita Gallega, en 1885, primeiro escrito totalmente en galego. En 1896 volveu para Galicia, fixando residencia na Coruña, e un ano máis tarde xa forma parte da comisión que dirixe a recentemente constituída Liga Gallega. Tamén foi un dos que patrocinou, en 1903, a Escola Rexional de Declamación da que tamén ha de ser o presidente nese mesmo ano. No seguinte participou na fundación da Asociación de Prensa da Coruña e, en 1906, da Real Academia Galega. Na compaña de Rodrigo Sanz fundou o sindicato agrario Solidaridad Gallega en 1907 e, no seu seo, durante un mitin, foi quen de iniciar a oratoria política en galego. De especial relevo é tamén o seu protagonismo na constitución da Irmandadade da Fala da Coruña. Socio correspondente do Seminario de Estudos Galegos, a súa inclinación galeguista levarao a formar parte do Consello executivo que redactou os Estatutos do Partido Galeguista e do anteproxecto de Estatuto de Autonomía presentado en 1932, ano en que participou nun mitin galeguista con Castelao. En 1934 foi nomeado presidente da Real Academia Galega, cargo ó que renunciou por motivos de saúde no ano seguinte. Morreu na Coruña en 1940.

A súa producción literaria engloba un variado campo do saber unido baixo o denominador común do compromiso coa política rexionalista, en primeiro termo, e nacionalista. Encadrado na Escola Formalista, onde a súa figura alcanza un protagonismo especial é no terreo da dramaturxia e da representación teatral, xa que ó seu importante papel na primeira compañía teatral de repertorio existente en Galicia, presentada en xaneiro de 1903 —sería o segundo presidente da Escola Rexional de Declamación— engádese o de se constituír en elo de unión co Conservatorio Nazonal de Arte Galega, creado en 1919. Sería a propia Escola onde representase os seus primeiros dramas, *A Ponte*, *Minia* e *Mareiras*, de 1903 e 1904 os dous últimos. O resto da súa producción dramática está representada polo drama *Esclavitú* (1906), o sainete *La ofrenda, o los folletos verdes de don Pepiño* (1908), o texto dialogado "Ir por lan", incluído no seu libro *Contos de Asieumedre* (1909)—pseudónimo por el empregado—, e mais polas comedias *O Pazo* (1917) e *Estadeíña* (1919)[165]. En 1970 a editorial viguesa Castrelos publicou o seu libro de contos *A carón do lar*, dentro da colección O Moucho.

No terreo poético publicou *Soidades* (1894), prologado por Manuel Curros Enríquez, *Noitebras* (1901), *Versos de Loita* (1919), *Ardencias* (1927) e *As Mariñas de Sada* (1928). Sobre a figura de Eduardo Pondal escribiu diversos traballos. Un ensaio a respecto do autor de Ponteceso valeulle como discurso de ingreso na Real Academia Galega[166]. Escribiu tamén o Epílogo do libro *Queixumes dos Pinos... y Poesías Inéditas* (1935). É autor, así mesmo, dunha *Gramática do Idioma Galego* (1922), que ten o mérito de ser a primeira escrita en galego, revisada e aumentada nunha nova edición en 1931.

Machado, Antonio

Aparece o poeta andaluz (nado en Sevilla en 1875) representado nas dúas etapas de *Resol*, pero con poemas ben distintos. O primeiro (*Resol*, nº 9, 1935) "Yo voy soñando caminos..." é un dos poemas máis coñecidos de *Soledades* (1903).

---

[165] Estas pezas están incluídas na edición preparada por Francisco Pillado Mayor, *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Teatro, 1991.

[166] En 1965 a Real Academia Galega editou a publicación *Iconografía Pondaliá*, formada por retratos literarios de Pondal por Manuel Murguía e Manuel Lugrís Freire.

Xa na etapa arxentina de *Resol* temos dúas composicións[167] máis. A primeira, "Madrid" (nº 1) é un pequeno canto á resistencia de Madrid cercado polas tropas sublevadas. Está datada en Madrid, a 7 de novembro de 1936 e foi publicada en *Servicio Español de Información*, nº 280. A segunda (nº 2), "A Méjico", publicouse en *Defensa Nacional* en 1937.

Cómpre lembrar a auténtica devoción que Ánxel Fole sentiu por A. Machado. Doutra banda, o poeta andaluz tivo un exemplar comportamento na súa fidelidade á República. Víctima da guerra, os acontecementos bélicos inspiraron o seu derradeiro libro, *La guerra* (1937), e outros poemas soltos publicados en xornais e revistas do bando republicano entre 1936 e 1939.

Maiakovski, Vladimir V.

Nacido en Kutasi en 1894, membro do partido bolchevique, iniciou a súa traxectoria literaria baixo a influencia do futurismo de Marinetti e, nese senso, foi un dos redactores do primeiro manifesto futurista ruso. Ávido na procura de novas formas de expresión, caeu nun formalismo que non conectaba co pobo ó que o poeta tentaba dirixirse. Poeta mesiánico e egocéntrico, cantor da revolución e proletario da arte, colaborador da revista *Iskusstovo Kommuni*, tivo o don da fantasía e da forza verbal.

A súa traxedia *Vladimir Maiakovski* (1913) constituíu un fracaso. Pola contra, triunfou con *Misterio bufo* (1918), cualificada de primeira obra teatral soviética e representada por Meyerhold. Como poeta, foi autor de numerosos poemas de axitación e propaganda escritos nos anos da guerra civil rusa e recitados en mitins e asembleas. É a parte da súa obra máis intelixible e popularmente aceptada. Todo o contrario sucedeu co seu longo poema *Ciento cincuenta millones* (1920), considerado excéntrico e críptico.

Pouco a pouco foise Maiakovski[168] afastando do formalismo, como se advirte nos seus poemas "V. I. Lenin" (1924) e "Bien" (1927). Cultivou, lonxe xa do futurismo, a comedia satírica e a este xénero pertencen *La chinche* (1928) e *El baño* (1928). Maiakovski declarouse único voceiro da revolución e encabezou a corrente do imaxinismo, na que militou Serguei Esenin.

En *Resol* nº 5 (1932) está representado co poema "Oda a la revolución" e no nº 8 (1933) coa composición "¡Juventud!".

Manrique, Jorge

Cabería pensar que os responsables da selección de autores e textos de *Resol*, postos a presentar unha mostra de Jorge Manrique (1440-1479), escolmaran algunha estrofa das súas célebres *Coplas de Jorge Manrique a la muerte de su padre, el Maestre don Rodrigo*. Non é así, sen embargo, e temos do poeta unha peza menor, pertencente á producción trobadoresca e cortesá do escritor, de temática case sempre amorosa ou

[167] Ambas foron recollidas por Oreste Macrí en *Antonio Machado. Poesía y Prosa*, Madrid: Ed. Espasa-Calpe/Fundación A. Machado, 1988, vol. II, pp. 833-834.

[168] Vx. Emilio Pita, "Maiakovski, o derradeiro romántico", *Nós*, nº 121, Santiago de Compostela, 15-I-1934.

satírica. Neste caso (*Resol*, nº 2, 1935), está representado coas "Coplas diziendo que cosa es amor", que circularon polos cancioneiros dos séculos XV e XVI. Concretamente aparecen no *Cancionero* (1483-1484) de Frei Íñigo de Mendoza, no *Cancionero de Llavia* e no *Cancionero General* (1511).

Manuel Antonio

Manuel Antonio Pérez Sánchez naceu en Rianxo (A Coruña) en 1900 na mesma rúa onde naceran Rafael Dieste e Castelao, con quen mantivo cordiais relacións non exentas de acedas disputas. A morte prematura do seu pai, cando contaba só catro anos, apartouno da vila natal e marcha a Padrón coa súa avoa materna ata que no curso 1913-1914 se traslada a Santiago e ingresa no Instituto Xeral e Técnico. En 1920 acaba o Bacharelato e vai para Vigo, onde logrará o título de piloto de Mariña Mercante. A partir deste momento aumenta a súa relación política co nacionalismo, e participa na II Asemblea Nacionalista de abril de 1922[169]. En 1926 inicia as súas singraduras co fin de obter o título de piloto. Despois de navegar no Constantino Candeira, no pailebote holandés Gelria e no pesqueiro Arosa, Manuel Antonio regresa á súa casa materna de Asados, preto de Rianxo, onde a tuberculose pulmonar pon fin á súa existencia no mes de xaneiro de 1930. En 1979 dedicóuselle o Día das Letras Galegas á súa figura. A súa morte prematura non impedirá que un grupo de poetas mozos se sintan identificados coa súa obra e coa súa heterodoxia, poetas como Otero Espasandín, Xesús Bal y Gay ou Correa Calderón sentiranse "noviestetas", tal como se autonominan, fronte ós que chaman academicistas: Cabanillas, López Abente ou Eladio Rodríguez.

Manuel Antonio, por Maside

Manuel Antonio, o poeta vangardista galego por excelencia, pertencente á xeración de 1925, publicou antes da súa morte a penas un monllo reducido de poemas, esparexidos por diversos medios. En 1922 el e mailo debuxante Álvaro Cebreiro asinan o manifesto "¡Mais alá!", senlleiro exemplo na nosa historia literaria. O seu libro capital *De catro a catro* (1928) é o único que se publica en vida do autor e escribiuno durante as súas singraduras náuticas, como se evidencia no título. Ata 1972 non se recollen nun volume a totalidade da obra poética deste escritor: os 19 poemas de *De catro a catro* e outros títulos que completan todos os poemas nesta edición engadidos. Estes son *Con anacos d'o meu interior* (18 poemas compostos entre 1920 e 1922), *Foulas* (28 poemas escritos entre 1922 e 1925), *Sempre e máis despóis* (8 poemas datados após 1928), *Viladomar* (5 poemas de 1928) e mais un conxunto de *Poemas soltos* (27 datados e 15 sen datar). Máis tarde aparece a súa *Correspondencia* (1979) con limiar e notas de Domingo García-Sabell.

[169] A militancia e paixón galeguista en Manuel Antonio comeza en 1919 con motivo dunha conferencia de Vicente Risco, con quen manterá unha interesante relación epistolar. En 1922 producese o distanciamento con respecto ós postulados culturalistas dos homes do grupo Nós. Para profundizar nestes aspectos e noutros relacionados co desenvolvemento do movemento vangardista en Galicia é de interesante consulta o estudio *Manuel Antonio e a vangarda*, de Xosé Ramón Pena, volume publicado en 1996 pola editorial Sotelo Blanco.

Como xa foi apuntado máis arriba, parte da obra de Manuel Antonio quedou espallada en diversas publicacións da época, periódicos como *El Noroeste, Galicia, El Pueblo Gallego,* e revistas como *A Nosa Terra, Ronsel,* ou a betanceira *Rexurdimento.* As primeirizas mostras da producción deste autor, poemas en castelán, áchanse nas revistas *Suevia* e *La Raza,* e tamén se constata na súa documentación privada os intentos seus por publicar na revista *España.* Moitas foron as que recolleron textos deste autor trala súa morte, como *Cántico, Claraboya, Nós, Grial,* ou a propia *Resol.*

Marqués de Santillana

Íñigo López de Mendoza, Marqués de Santillana (1398-1458) integra, con Juan de Mena e Jorge Manrique o tríptico de poetas líricos máis salientables da poesía española do século XV. Os tres están representados en *Resol.* Home de armas e de letras, a súa *Carta prohemio al Condestable don Pedro de Portugal,* a primeira manifestación en castelán do ámbito da teoría e crítica literarias, amosa unha formación literaria e unhas lecturas insólitas no seu século. Digamos, unha vez máis, que o Marqués subliña neste seu ensaio a influencia da lírica galega medieval na poesía cortesá en castelán. Nos seus sonetos emprega con moita frecuencia o hendecasílabo de gaita galega.

A *serranilla* coa que aparece en *Resol* é, sen dúbida, a máis coñecida das que escribiu. As *Serranillas* do Marqués de Santillana están datadas entre 1429 e 1440 e reproducidas en numerosas antoloxías da poesía española de todos os tempos.

Martelo Paumán, Evaristo

De familia aristocrática, naceu na Coruña en 1853. Estudiou para mariño na Escola Naval de Ferrol e logo sen rematar a carreira, pasou a cursar Dereito na Universidade de Santiago. Integrante da xeración de Curros Enríquez, foi contertulio da Cova Céltica e residiu na Coruña, cidade da que foi concelleiro.

A súa veta poética é fundamentalmente satírica e paródica e a cuestión da lingua é o tema unha e outra vez reiterado. En *Líricas gallegas* (1894) recolle a producción anterior, unha triloxía formada por *Os afillados do demo* (1885), *A noite de San Silvestre* (1880) e *As toupas do Pindo* (inédita). Publicou tamén o folleto *Landras e bayas* (1919), de carácter poético, e o poema "Andeiro" (1922). Como prosista colaborou na *Revista Gallega.*

Martínez Risco, Vicente

En Ourense, no seo dunha familia burguesa, nace Vicente Martínez Risco o 1 de setembro de 1884. Transcorre a súa infancia á carón do seu amigo e veciño Ramón Otero Pedrayo, e ós dez anos comeza os estudios de Bacharelato no Centro Provincial de Instrucción da capital. Nos baixos deste edificio asistiría á tertulia da Comisión de Monumentos, que presidía o catedrático de Retórica e Poética don Marcelo Macías. Co cambio de século trasládase a Santiago para cursar Dereito, estudios que remata en 1906. Ingresa no corpo de funcionarios de Facenda e inicia a súa carreira na Delegación de Ourense. Participa en máis dunha tertulia e asiste a festas e actos

sociais, pero sobre todo é nesta época cando se pon en contacto, a través da lectura, coas vangardas literarias e filosóficas europeas.

A principios de 1910 empeza a colaborar, con traducións de poetas franceses, no xornal ourensán *El Miño*, onde asina co seu nome e mais cos pseudónimos de Rujú Sahib e Polichinela. En 1913 inicia estudios na Escola Superior de Maxisterio de Madrid e asiste a diversas tertulias como a presidida, no Café Pombo, por Ramón Gómez de la Serna. En 1916 volve a Ourense como catedrático de Historia da Escola Normal e un ano máis tarde funda, con Arturo Noguerol, a revista neosófica *La Centuria*, onde colaboran os seus amigos Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Primitivo R. Sanjurjo. Membro fundador de *Nós*, revista que lle había de dar nome á súa xeración, publicou abundantes traballos nas súas páxinas, coas súas iniciais ou baixo o pseudónimo Speradan Namaquizos. No seo do Seminario de Estudos Galegos desenvolveu unha importante actividade como director da Sección de Etnografía e Folclore e en 1930 viaxa cunha bolsa a Alemaña para estudiar Etnografía e Folclore. A estadía naquel país producirá nel unha radicalización cara a posturas máis conservadoras e un máis profundo sentimento relixioso[170].

A actividade propagandística de Antón Losada Diéguez foi determinante para o seu ingreso, a fins de 1917, no movemento galeguista. Xunto cos seus compañeiros, participa na campaña electoral das eleccións parlamentarias de comezos de 1918 e apoia a candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea. Na IV Asemblea das Irmandades da Fala, que se celebrou en Monforte de Lemos en febreiro de 1922, sae elixido Conselleiro Supremo da Irmandade Nazonalista Galega.

Unha vez proclamada a II República, funda con Otero Pedrayo o Partido Nazonalista Repubricán e preséntase ás eleccións a Cortes Constituíntes, pero, a diferencia daquel, non sairá elixido deputado. Forma parte do Consello Executivo do creado Partido Galeguista. Na III Asemblea do Partido Galeguista, celebrada en Ourense a comezos de 1934, albíscanse dúas tendencias contrapostas, a de Suárez Picallo e o grupo pontevedrés, partidarios da alianza do galeguismo coas forzas de esquerda, e a de Risco[171] e as Mocedades Galeguistas, que non aceptaban esta alianza. Cando se acorda a alianza do P. G. coa Fronte Popular para concorrer conxuntamente ás eleccións, constitúese en Ourense, con Risco á cabeza, o grupo de Dereita Galeguista. Participa na campaña a favor do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia, mais o temor ás represalias ó estoupar a guerra civil provoca nel un posicionamento netamente favorable cara ós sublevados.

Moitas son as obras que converten a Risco no principal ideólogo do nacionalismo galego. A "Teoría do nazonalismo galego" (1918) é a súa primeira colaboración en *A Nosa Terra*, publicada un ano despois do "Preludio a toda estética futura" (1917), e de título semellante á fundamental *Teoría do nacionalismo galego* (1920). Outros importantes traballos son "O sentimento da Terra na Raza Galega" (1920), "A interpretación da Historia e o valor do noso tempo" (1926), a serie de artigos "Políteca do noso tempo", "El problema político de Galicia" (1930) e "Nós, os inadaptados" (1933).

---

[170] Un ano antes pronunciara o discurso de ingreso na Real Academia Galega —"Un caso de lycantropía (O Home-Lobo)"—, intervención que foi contestada por Ramón Cabanillas. En 1931, pola súa banda, Risco respondería a Ramón Otero Pedrayo.

[171] Para profundizar na evolución ideolóxica de Vicente Risco pódese consultar: *Vicente Risco no nacionalismo galego* (1981), de Justo G. Beramendi; *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco* (1982) e *Pensamiento de Vicente Risco* (1978), de Antón Risco.

A comezos de 1937 funda a revista *Misión* dende a que vai espallar as súas posturas ultraconservadoras. En 1945 trasládase a Madrid e ocupa a cátedra de Paidoloxía e Organización Escolar co fin de reiniciar a carreira científica e literaria, mais contra finais da década regresa a Ourense, onde cultivará de novo o galego. Xubílase en 1954, pero seguirá investigando, sobre todo no terreo da etnografía. En 1962 o Centro Galego de Madrid concédelle o Premio Galicia e un ano máis tarde morre en Ourense.

Risco, por Maside

Amplísimo é o labor creativo de Vicente Risco, sexa como teorizador do nacionalismo, como estudioso ou ben como creador literario. As contribucións a este campo iníciaas co relato "Do caso que ll'aconteceu ó Dr. Alveiros" (1919), ós que seguirán "O lobo da xente" (1925), "A trabe de ouro e a trabe de alquitrán" (1925) e a novela curta *A Coutada* (1926). *O porco de pé* (1928) é a única novela súa en galego, porque a que ía ser a segunda, "Os europeos en Abrantes" (1927), ficou inacabada, e dela tan só se publicaron uns cantos capítulos na revista *Nós*. *O bufón d'El-Rei. Drama en catro pasos* (1928) representa a súa incursión no eido da dramaturxia. As impresións da viaxe que efectuou á Alemaña recóllense en *Mitteleuropa* (1934), incrementadas na revista *Nós* dende 1930 ata 1935. Unha moi importante parte dos artigos publicados polo autor axúntanse nos volumes *Leria* e *Libro das horas*, os dous de 1961. Distintos traballos seus aparecen en libros colectivos, como é o caso de "O sursumcorda", que pertence ó libro *Homaxe a Florentino L. Cuevillas* (1957) e o de folclore e etnografía incluído en *Terra de Melide* (1933). Ademais, é autor da traducción galega de *A familia de Pascual Duarte,* de Camilo José Cela, feita algúns anos despois da publicación da versión orixinal do libro, pero que non vería a luz ata 1962. Semellante demora sufriu o estudio "Manuel Murguía" que non apareceu ata 1976. É moi salientable tamén o labor de Risco como introductor dos elementos estéticos da poesía vangardista, chegando incluso a participar das correntes de renovación poética dos movementos de vangarda, con trazos detectables nos "Poemas novos", "Versos novos", "Triadas druídicas", "U...Ju juu... (Poema futurista)" e "Lírica nova", compostos entre finais da década dos anos dez e principios dos vinte.

Da extensa producción en castelán deste autor cómpre salientar os libros, tanto de estudio coma de creación, *Elementos de Metodología de la Historia* (1928), *Historia de los judíos desde la destrucción del templo* (1944) —o primeiro que escribe trala guerra—, *Biografía del diablo* (1947), *La puerta de paja* (1953) —novela coa que foi finalista do Premio Nadal dese ano—, *La tiara de Saitaphernes, Doce años después, Gamalandalfa, La verídica historia del niño de dos cabezas de Promonta*[172], *Mitología cristiana* (1963) e *Orden y caos* (1968), estes dous últimos publicados trala morte do autor. Foi o encargado, así mesmo, de facer o volume dedicado a Ourense da *Geografía General del Reino de Galicia* e colaborou no primeiro volume da *Historia de Galiza* (1962), que dirixía Otero Pedrayo. Téñense feito distintas edicións de traballos publicados por este autor, como é o caso da *Escolma de Vicente Risco* e *Vicente Risco: escolma de textos*, ambas de

[172] Estas catro últimas inéditas ata a publicación da *Obra Completa* (1981).

1981, e *Prosas de Risco en La Zarpa (1921-1923)* (1982). Finalmente, entre os anos 1994 e 1995 a Editorial Galaxia editou as súas *Obras Completas*, en sete volumes.

A súa colaboración nos medios de comunicación escrita é enorme e constante ó longo de toda a súa vida, e así, figura en xornais e revistas como *La Región, A Nosa Terra, El Sol, Nós, La Zarpa, Céltiga, El Pueblo Gallego, Rexurdimento, Terra, Heraldo de Galicia, Logos, Alento, El Pensamiento Navarro*[173], *El Español, Pueblo* e *La Estafeta Literaria*. En *Resol* (nº 3, 1932) aparece representado coa composición "Dédalus en Compostela".

MENA, Juan de

Pódense dicir seguramente moitas cousas do poeta cordobés Juan de Mena (1411-1456), que mantivo relación literaria co Marqués de Santillana, pero non que pasara á posteridade como poeta popular. Intelectual puro, home só de letras, autor de longos poemas alegóricos (o *Laberinto de Fortuna* é, sen dúbida, o máis coñecido de todos), Juan de Mena cultivou sen embargo a poesía cancioneiril, escrita en metro curto, na liña da lírica trobadoresca e cortesá, na que trata dende temas amatorios ata outros de carácter grave e doutrinal. As súas composicións (cancións e dicires) están incluídas nos cancioneiros da época como *Cancionero de Palacio* (1450?), *Cancionero de Estúñiga* (1460?), *Cancionero Musical de Palacio* (1500?) e *Cancionero General* (1511). Neles aparecen as "Coplas" coas que Juan de Mena está representado en *Resol* (nº 2, 1932).

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís

Pertencente á Xeración das Festas Minervais, naceu X. L. Méndez Ferrín en Ourense en 1938. En 1949 marcha para Pontevedra onde cursa o Bacharelato e seis anos máis tarde comeza os estudios de Filosofía e Letras na facultade de Compostela. En Santiago entra en contacto co galeguismo cultural, aglutinado arredor da Editorial Galaxia e da figura de Ramón Piñeiro, entón empeza a escribir os primeiros textos, fundamentalmente de carácter poético e relatos breves. En 1957 marcha a Madrid para completar a súa formación universitaria e, na compaña doutros mozos galegos con inquietudes nacionalistas[174], funda o Grupo Brais Pinto, con vontade de renovar a cultura galega acorde cunha ideoloxía nacionalista de esquerdas. No ano 1961 vai á Universidade de Oxford para cursar estudios de cultura inglesa e nos anos posteriores efectúa distintas viaxes polo continente europeo (Francia e Italia particularmente).

Traballa como docente en Lugo, no Colexio Fingoi, e en 1965 consegue a Cátedra de Lingua e Literatura Españolas, traballando dende aquela no Instituto Santa Irene de Vigo. É home de fondas preocupacións políticas comprometido dende posicionamentos dun nacionalismo marxista que se ha de reflectir en moitas das súas publicacións.

A extensísima producción literaria de Méndez Ferrín abrangue unha gran diversidade de xéneros. O devir da súa producción poética pon en evidencia a evolución da poesía galega moderna. Das primeiras poesías que compuxo tan só se decidiu a editar

[173] Nas súas páxinas escribe a sección de glosas "Nótulas", co pseudónimo Gerónimo de Castro.

[174] Son eles, ademais do propio X. L. Méndez Ferrín, Raimundo Patiño, Xosé Fernández Ferreiro, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Ramón Lourenzo, Bautista Álvarez e Herminio Barreiro.

unhas poucas, unha selección de sete poemas que son os que integran o primeiro seu libro, *Voce na néboa* (1957), escolma dun conxunto poético moito máis amplo titulado "A xuntanza do piñeiro derrubado" que nunca se chegou a publicar. O mesmo lle acontecería a "Os cincoenta días", poemario inédito de temática amorosa escrito en 1959. A *Antoloxía popular de Heriberto Bens* (1972), recolle poemas esparexidos por diversas revistas españolas e americanas. Tres anos despois publica o *Sirventés pola destrucción de Occitania* (1975), ambos títulos reunidos na *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980). En 1975 aparecen nos números 4-5 da revista xenebrina *Rego* tres poemas —"Diante da Compostela doutros días", "Sentarame ben chorar nesta noite" e "Bóveda en Otero"— do libro inédito "Amor e tempo liso", que sairía, modificado, co título *Con pólvora e magnolias* (1976), poemario que marca o cambio de rumbo da lírica galega. Deste mesmo ano, asinado co pseudónimo Heriberto Bens, é o poema "Reclamo a libertade pró meu pobo", aparecido no nº 1 de *Follas de Resistencia Poética*. As súas últimas obras poéticas son *O fin dun canto* (1982) e *Estirpe* (1994).

Os primeiros textos en prosa, uns contos asinados co pseudónimo Laín Feixóo, aparecen no periódico pontevedrés *Litoral* en 1954. Por aquelas datas escribe "A aventura da cantiga" e "A fuxida de Loog" que non se chegan a publicar. O seu primeiro libro de relatos é *Percival e outras historias* (1958), ó que lle segue *O crepúsculo e as formigas* (1961), a novela *Arrabaldo do norte* (1964), a novela curta *Retorno a Tagen Ata* (1971) e *Elipsis e outras sombras* (1974), obra que sae mutilada, xa que o relato "Elipsis" non se publica por cuestións da censura. Os libros deste período constitúen a súa contribución ó corpus de obras que integran a chamada Nova Narrativa[175]. Logo aparecerá a novela *Antón e os inocentes* (1976), o libro de relatos *Crónica de nós* (1980), *Amor de Artur* (1984), *Arnoia, Arnoia* (1985) e *Bretaña, Esmeraldina* (1987). A última achega, polo de agora, ó xénero narrativo é o libro *Arraianos* (1991) co que obtén o Premio da Crítica Galega[176], o Premio da Crítica Española e o Premio Losada Diéguez. Composicións súas aparecen esparexidas por distintos libros e publicacións. Este é o caso de *Catro Narracións* (1977), *Homes e illas* (1986), *Sede Central. Relatos* (1988), *Vigo, fronteira do alén* (1989), *Morte de Amadís* (1990) e *Erótica* (1991).

Polo que respecta ó eido do teatro, digamos que en 1983 o Grupo Artello estrea a súa peza *Celtas sen filtro* e asemade o grupo de teatro Antroido adaptou varios textos da producción narrativa deste autor nun espectáculo titulado "Percival". Fixo ademais unha versión de *A raposa e as uvas*, de G. de Figueiredo, para o Teatro Popular Galego de Maximino Keizán. É de salientar tamén a moi importante faceta de Méndez Ferrín como estudioso e investigador, neste campo insértanse traballos como o limiar do libro de Bernardino Graña, *Poema do home que quixo vivir* (1958), *O cancioneiro de Pero Meogo* (1966), a edición de *Amado Carballo. Obras en prosa y verso* (1970) e o estudio sobre a poesía galega do século XX, *De Pondal a Novoneyra* (1984).

Foi promotor de empresas culturais como as revistas *Espiral.* Periódico Independentista de Información e Debate e *A Trabe de Ouro* (1990), da que é director dende o momento da súa fundación. Colaborou en múltiples medios da comunicación

[175] A este respecto, vx. Manuel Forcadela, *Manual e escolma da Nova Narrativa Galega*, Santiago de Compostela: Eds. Sotelo Blanco, 1993.

[176] Escritor moi galardoado, gaña xa en 1956 o Premio Cao Turnes do Centro Galego de Bos Aires con "Nove historias", que logo integran o seu primeiro libro narrativo. Nas Festas Minervais obtivo senllos premios: o primeiro premio de poesía galega en 1956 e o segundo de poesía e narración en 1957. Co libro *Con pólvora e magnolias* logra o Premio da Crítica Nacional en 1976.

escrita, revistas, xornais ou publicacións periódicas (tanto europeas coma españolas e hispanoamericanas ou especificamente galegas) como *Vieiros, Triunfo, Claraboya, La Trinchera, La Ilustración Española e Hispanoamericana, Si la Píldora Bien Supiera, no la Doraran por Defuera, Terra e Tempo, La Noche, Cuadernos para el Diálogo, Grial* —co traballo[177] "Orixes da poesía galega do século XX: O formalismo"—, *Boletín Galego de Literatura, Diario de Galicia, Faro de Vigo* ou *Hoja del Lunes de Vigo.*

Mesquita da Câmara, Marta de

Arredor de 1950 xorde na literatura portuguesa un importante grupo de escritoras (Agustina Bessa Luís entre elas) que, dende o realismo, indagan na posición social da muller e dan saída ás súas máis fondas vivencias. Entre as predecesoras dese grupo figuran Florbela Espanca, Irene Lisboa, Ana de Castro Osório, Fernanda de Castro, Maria Lamas Vitorino, Maria Archer e Marta de Mesquita da Câmara.

Nacida en 1895, Marta de M. da Câmara cultivou a lírica e frecuentou o ámbito do conto infantil. Deixou tamén unha non despreciable contribución como traductora. Entre os seus poemarios anotamos *Pó do teu caminho* (1926), *Triste* (1934), e *Agenda relicário* (1945). Libros de contos infantís da súa autoría son: *Era uma vez...* (1954), *Canteiro dos meus amores* (1958) e *Recreio* (1960). En fin, verteu ó portugués *Os problemas da vida* (1956), *Paz de espírito* (1956), *O eterno Galileu* (1957) e *As sete palavras da Cruz* (1958) de Fulton J. Sheen, así como *Amor, casamento e família* (1946), de G. Schmidt e *Que amor de criança* (1972), de Comtesse de Segur. Marta de M. da Câmara finou en 1980. En *Resol* (nº 7, 1933) está representada co soneto "Ser mulher".

Mestre, Apel-les

A figura do catalán Apel-les Mestre (nacido en Barcelona en 1854) posúe a dobre condición de escritor e artista plástico. A súa producción literaria abrangue os máis diversos xéneros e vai dende poemarios como *Avant* (1875), *Idil-lis* (1889), *Lilliana* (1907) ou *Montserratines* (1930) ata pezas teatrais como *La nit de Reis* (1898), *La Sirena* (1898), *La Rosons* (1899), *Follet* (1903) ou *Petrarca* (1905). Estes dramas tiveron, nalgún caso, a colaboración musical de E. Granados ou E. Morera.

No eido da narrativa observamos o interese do escritor por temas e motivos do folclore popular en compilacións contísticas como *Tradicions catalanes* (1895), *Contes bosquetans* (1908) ou *La perera* (1912). Foi tamén Apel-les Mestre traductor e, nese senso, verteu ó catalán o *Intermezzo* de H. Heine e fixo, así mesmo, unha escolma de poetas da China, *Poesia*

[177] *Grial*, nº 26, 1969. Trátase dunha síntese da súa tese de licenciatura "Aspectos de la poesía de Eduardo Pondal", presentada en 1960.

xinesa (1925). Publicou as súas memorias nos volumes *Rercords i fantasies* (1906), *La casa vella* (1912), *Volves musicals* (1927) e *Història viscuda.*

Como debuxante, publicou en diversos xornais de Madrid e Barcelona unha ampla serie de caricaturas de tema político e introduciu en España a narración gráfica seriada.

Montes, Euxenio

Poeta, narrador e ensaísta, naceu en Vigo o ano 1897. Cursou estudios de Dereito e Filosofía e Letras nas universidades de Madrid, Barcelona e Oviedo. Catedrático de Filosofía, exerceu a docencia en Cádiz, Lisboa e Roma. En Madrid viviu na Residencia de Estudiantes e contactou alí coa intelectualidade española dos anos vinte. Mantivo unha relación de amizade con Ortega e Unamuno, asistiu ás tertulias do Ateneo madrileño e foi correspondente de prensa en capitais europeas como París, Londres, Berlín e Roma. Denantes, en 1930, a intelectualidade galega rompera as relacións con este escritor, nun tempo no que a evolución ideolóxica o tiña conducido a posicións próximas ó fascismo. Despois da guerra civil non volveu escribir en galego. Morreu en 1982 en Madrid.

Manifestouse como escritor en xornais de Vigo (*El Pueblo Gallego*), Santiago de Compostela (*La Noche*) e Ourense (*La Zarpa*), nesta última cidade trabou relación con Vicente Risco, Losada Diéguez e Eduardo Blanco Amor. No eido do xornalismo, colaborou en diarios madrileños como *El Sol, La Época, Debate* e *ABC*. Escribiu tamén nas páxinas de *Revista de Occidente* e *Nós.*

A obra literaria galega[178] do escritor é toda ela anterior a 1936. Na editorial Céltiga publica, en 1922, "O vello mariñeiro toma o sol", "O aniño da Debesa" e "Como na parábola de Peter Breughel" (contos inéditos). Como poeta deuse a coñecer con *Versos a Tres Cás o Neto* (1930), que amosa o influxo do imaxinismo amadocarballista. Rexistramos, finalmente, o breve pero interesante ensaio *Estética da muiñeira* (1922). Temos noticia doutro libro poético, "Poemas dunha moa careada", que sen embargo non chegou a publicar[179].

Moreno Villa, José

Nacido en Málaga en 1887, bibliotecario, químico, historiador e escritor, Moreno Villa, amigo dos poetas do grupo do 27 e vencellado á Residencia de Estudiantes, deixou un testemuño da súa existencia no libro de memorias *Vida en claro* (1944). Exiliado en México ó rematar a guerra civil, pasou alí o resto da súa vida ata que finou en 1955.

Poeta antologado por Gerardo Diego, a súa lírica está influída polo cubismo e o surrealismo. Os seus primeiros libros beben do modernismo, do pensamento da xeración do 98, do neopopularismo e do simbolismo con raíces filosóficas. *Garba* (1913), *El pasajero* (1914), *Evoluciones* (1918) son algúns dos seus títulos. Depuración neo-

[178] *Obra en galego, I*, Manuel Casado Nieto ed., Barcelona: Eds. Sotelo Blanco, 1984. Prólogo de Xoán Rof Carballo. Neste libro aparecen os tres contos publicados en Céltiga baixo o título "Tres contos de cego".

[179] No que respecta á producción deste autor, cómpre referir o artigo de Antón Capelán Rei "Vinte poemas galegos de Euxenio Montes non recompilados", *Boletín galego de literatura*, nº 10, novembro de 1993.

popularista, coidado prosaísmo, ecos da poesía pura, vecindade co cubismo e veta humorística xorden en *Colección* (1924) e *Jacinta la pelirroja* (1929).

Con *Carambas* (1931) iníciase a terceira etapa da súa lírica. Temos agora unha indagación no surrealismo que o poeta continuaría en *Puentes que no acaban* (1933) e *Salón sin muros* (1936). Xa no exilio, a poesía de Moreno Villa retorna ó ámbito humanizador, tinxida de emoción, de tristeza, de fondos sentimentos, de saudade. A esta etapa pertencen os libros *Puerta severa* (1941) e *La noche del Verbo* (1942).

Moreno Villa está representado en *Resol* (nº 2 da etapa arxentina) co poema "Frente"[180], que aparece por primeira vez na revista *Hora de España*, nº 1, xaneiro de 1937.

Mosteiro, Emilio

Moi pouco coñecemos da existencia de Emilio Mosteiro, madrileño de ascendencia galega, integrante da xeración de 1925. Debeu residir en Santiago entre 1924 e 1936. No seu primeiro poemario, *Ancla* (1926), figura xa algún verso en galego no remate do poema "Morriña". Pero hai que agardar ata os seus *Poemas sincopados* (1929) para poder incluílo no ámbito da lírica galega. O libro ten composicións en castelán e galego (sección de "Alalás") e está dedicado ó musicólogo lugués Xesús Bal y Gay, pois o poeta recorre á técnica e á temática da creación musical.

Moura Guimarães, Emílio

Nado en Minas Gerais (Brasil), é un dos representantes do Modernismo brasileiro xunto con Oswald de Andrade, Guilherme de Almeida, Manuel Bandeira, Carlos Drummond de Andrade, Augusto F. Schmidt, Cecília Meireles e, sobre todo, Mário de Andrade, cabeza do movemento.

Como poeta manifestouse en *Canto da hora amarga* (1936) e *Poesia* (1953). En *Resol* (nº 7, 1933) figura coa composición "Insomnia".

Neruda, Pablo

César Vallejo e Pablo Neruda son as máis universais voces de Hispanoamérica representadas na etapa arxentina de *Resol*. Precisamente cando a revista se estaba a publicar en Compostela (ano 1934) chega Neruda a España como cónsul de Chile en Barcelona. De seguido pasa ó consulado de Madrid, onde atopa excelente acollida entre os que serán os seus amigos: Rafael Alberti, Mª Teresa León e, sobre todo, García Lorca. En 1935 colabora en *Cruz y Raya*, a revista de José Bergamín, e relaciónase con Luis Cernuda, Vicente Aleixandre, Manuel Altolaguirre e a pintora galega Maruja Mallo. Publica neste mesmo ano a versión íntegra de *Residencia en la tierra*. Xa en 1936, dirixe a revista *Caballo verde para la poesía* por encargo de Manuel Altolaguirre, o seu fundador, e coñece a Miguel Hernández.

[180] Reproducido en *Poetas en la España leal*, Madrid-Valencia: Ediciones españolas, 1937, p. 114. Aparece tamén na antoloxía *La música que llevaba (1913-1947)*, Bos Aires: Ed. Losada, 1949, p. 294, incluído na sección "Romances de la guerra civil".

Declarada a guerra, Neruda sitúase cos escritores que defenden a República, arriscando o seu posto diplomático. En París prepara *Los poetas del mundo defienden al pueblo español*, que se publica en Madrid en 1937, ano no que participa no Congreso de Escritores de Valencia. Retornado a Chile, colabora na homenaxe a España do Frente Popular de Chile e publica de seguido o seu libro *España en el corazón* (1937), onde cultiva unha lírica de urxencia e combate, belixerantemente antifascista e inspirada no heroísmo do pobo e a loita das Brigadas Internacionais. Altolaguirre fai unha nova edición do libro en plena fronte de guerra. Colabora en *El Mono Azul* e funda e dirixe *La Aurora de Chile*. En 1939 é nomeado cónsul para a emigración española en París e organiza a viaxe dos exiliados dende Francia a bordo do Winipeg.

Anos despois, no seu *Canto General* (1950), Neruda evocará a morte de García Lorca e de Miguel Hernández, así como a súa amizade con Alberti. En *Resol* (nº 2 da etapa arxentina) temos os seus poemas "Mola[181] en los infiernos" e "Tierras ofendidas", ambos pertencentes ó antecitado libro *España en el corazón*.

Nietzsche, Federico

Ademais da súa fundamental contribución ó eido da Filosofía, F. Nietzsche (nado en Röcken, Alemaña, 1844) foi un apaixonado da música e da filoloxía clásica. Profesor da Universidade de Basilea, coñeceu a R. Wagner e froito do trato con este foi o seu libro *Der Fall Wagner* (1888).

Da man da música chegou á poesía, que é a parte da súa obra que aquí nos interesa. Poeta en verso e tamén en prosa poética, Nietzsche deixou nese terreo unha producción considerable. Da súa autoría son os poemarios *Lieder des Prinzen Volgelfrei* e, sobre todo, *Dyonisos-Dithyramben* (1891), no que o escritor parodia o estilo bíblico con abondosas imaxes. Outros dos seus poemas foron publicados despois da morte do escritor ocorrida en 1900.

Como poeta está representado en *Resol* (nº 5) cun poema, "Mis rosas", que é unha invitación a compartir a ledicia da vida, pero tamén unha constatación da dor existencial.

Nobre, António

Nacido en Porto en 1867, cursou Dereito na Universidade de Coimbra. En París estudiou Ciencias Políticas e contactou cos poetas Paul Verlaine, Jean Moréas e Jules Laforgue. A lírica de António Nobre sitúase no ámbito do simbolismo, pero nela ecoa o saudosismo, o dandismo, o decadentismo e o pesimismo romántico. O poeta cantou a nostalxia da infancia, a soidade do desterro, o tedio existencial, a dor e a tristeza. Xunto con Cesário Verde e Gomes Leal, é un dos renovadores do estilo e do léxico da lírica portuguesa do século XIX. Morreu en Foz do Douro en 1900.

En vida do poeta unicamente aparece o volume *Só* (París, 1892). Postumamente publícase *Despedidas* (1902), onde a carón de poemas líricos figura un fragmento de

[181] O xeneral Emilio Mola Vidal, xefe do Exército do Norte durante a guerra civil e ideólogo do fascismo, foi satirizado por José Bergamín no romance "El mulo Mola", publicado en *El Mono Azul*, 27-VIII-1936, p. 35.

"O Desejado", de alento épico e temática sebastianista. Xa en 1921 temos a compilación de *Primeiros versos.* Doutra banda, contamos tamén con varias seleccións da súa correspondencia epistolar.

En *Resol* (nº 1, 1932) figura representado co soneto "Las algas", en versión ó castelán sen mención do traductor.

Noriega Varela, Antonio

Antonio Noriega Varela naceu en Mondoñedo (1869), berce tamén doutros importantes escritores coma Leiras Pulpeiro e Cunqueiro. Fixo estudios no Seminario mindoniense, onde foi coñecido pola súa facilidade versificadora. Interrompidos e retomados os estudios, abandónaos definitivamente despois de cursar segundo de Teoloxía. Ó tempo estudia Maxisterio e dende 1901 exerce de mestre. O seu primeiro destino é Fondós (Foz). No periódico local satírico anticaciquil *¡Guau-guau!* publica a súa escasa poesía cívica, de carácter precisamente agrarista e anticaciquil. Pero esta dirección poética non callou no poeta e cústalle o desterro durante tres anos á aldea arraiana de Calvos de Randín onde contacta coa literatura portuguesa (Teixeira de Pascoais, Antero de Quental, Camões). Consegue o traslado a Trasalba e establece unha fonda amizade con Otero Pedrayo. Despois do seu destino en Chavín, lugar onde se xubila, pasa os seus últimos anos en Viveiro, onde fina en 1947. En 1969 foille dedicado o Día das Letras Galegas.

Boa parte da obra de Noriega está aínda inscrita de cheo na poética decimonónica, no realismo costumista. El é o máis importante dos escritores que marcan a transición do renacemento romántico e realista ó posrenacemento. O mundo poético de Noriega inscríbese nunha tradición á que lle incorpora a propia experiencia, coa influencia dos poetas latinos (Virxilio e Horacio) nas imaxes e concepcións do mundo. Os seus primeiros poemas adoptan o punto de vista elemental dun labrego para enxergar a vida e translocen unha concepción da poesía galega como poesía popular, onde hai unha constante exaltación da humildade e da resignación, malia a existencia dun certo número de pezas que serviron á causa das reivindicacións agrarias de Basilio Losada e Villar Ponte. Nun segundo momento, poida que a raíz do seu contacto co Grupo Nós e coa literatura portuguesa, sen abandonar o ámbito rural e a paisaxe da montaña, a súa poesía adquire un refinamento formal e estilístico, do que son proba os sonetos, e evoluciona, dentro dun ton doce e sinxelo, cara ó denominado franciscanismo ("toda humilde beleza me namora"). É precisamente nesta etapa, en Trasalba, onde os seus froitos poéticos ofrecen maior riqueza e novidade.

En definitiva, a producción poética de Noriega encétase en 1895, ano en que gaña un certame poético celebrado nas festas de San Lucas de Mondoñedo coa composición "De ruada". En 1904 aparece a primeira edición de *Montañesas.* Desentendéndose do clima artístico novo que o modernismo significaba, continúa a facer poesía ó xeito tradicional, recollendo o herdo do romantismo e realismo. En realidade non escribiu máis ca un libro que pasou por sucesivas transformacións, as dúas primeiras edicións chamáronse *Montañesas* (1904 e 1910); as últimas, *Do ermo.* Noriega fixo unha revisión da súa obra segundo un criterio selectivo, a derradeira edición (Lugo, 1946) foi chamada sexta, porque hai dúas ourensás de 1920. O ermo constitúe unha fonte de anovamento interior para o poeta; a lírica súa é diálogo coa natureza, comunicación coa paisaxe da montaña.

Á súa obra poética hai que engadir dúas escolmas de contido folclórico: *A Virxe e a paisanaxe* (1914), libro prologado por Basilio Álvarez onde recolle cen cantigas populares, e *Como falan os brañegos* (1923), que compila máis dun milleiro de palabras e expresións do léxico popular.

En *Resol* figura representado con tres composicións "E unha breve pucharquiña", no nº 3 (1932) e "As froliñas dos toxos" e "Unha breve pucharquiña" no nº 10 (1936).

NOVONEYRA, UXÍO

Nace en 1930 na aldea luguesa de Parada Moreda, no seo dunha familia de campesiños acomodados. En 1945 principia o Bacharelato en Lugo, cidade na que coñece a Manuel María e comenza a escribir poesía en castelán. Con dezanove anos marcha a Madrid e matricúlase como oínte na Facultade de Filosofía e Letras da Complutense. Abandona os seus estudios e volta a Galicia en 1952 para facer o servicio militar nas cidades da Coruña, Lugo e Santiago. Na capital galega entra en contacto con figuras do galeguismo e nacionalismo galego como Ramón Piñeiro, Carlos Maside ou Otero Pedrayo. En 1953 regresa á súa Serra do Courel, onde se entrega totalmente á poesía. Na década seguinte, en 1962, despois de dez anos de inactividade regresa a Madrid e fai programas de radio e televisión, sempre con temas relacionados coa poesía. Ó tempo participa nunha intensa vida bohemia e entra en relación con escritores do grupo Brais Pinto como Méndez Ferrín, Bautista Álvarez ou Bernardino Graña. Catro anos máis tarde volve ó Courel e un ano despois morre a súa compañeira, a escritora María Mariño Carou, muller que deixou unha fonda pegada na obra e na vida de Uxío. En 1982 é elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e dende 1983 reside en Compostela.

Novoneyra, por Siro

A andadura poética de Uxío Novoneyra principia en 1955, ano no que publica o seu primeiro poemario inspirado nas terras altas do Courel, *Os eidos*, que vai precedido dun prólogo de Ramón Piñeiro. Máis tarde, en 1966, aparece en edición bilingüe *Elexías do Caurel e outros poemas*, composto por *Primeira verdade e tempo con nomes* (1953-1957), *Elexías do Caurel* (1958-1961) e *Elexías de Madrid* (1962-1965). Novoneyra refai e perfecciona constantemente os textos, e así, en 1974 tira do prelo *Os eidos-2. Letanía de Galicia e outros poemas*, nova versión da obra primitiva que vai acompañada de ilustracións de Laxeiro. Tempo despois aparece *Poemas caligráficos* (1979), prologado e deseñado por Raimundo Patiño. En 1981 publícase unha edición completa de *Os eidos* co subtítulo "Libro do Courel", onde se reúnen os poemas das edicións de 1955 e 1974 con notables variacións respecto da versión anterior. Despois publica *Muller pra lonxe* (1986), libro que reúne os seus poemas eróticos e amorosos nunha edición artística ilustrada por Carlos Pardo Teijeiro e cun epílogo de Claudio Rodríguez Fer. Máis adiante, en *Do Courel a Compostela 1956-1986* (1988), recompila todas as súas composicións de temática política. No ano 1988 aparece unha nova versión bilingüe galego-eusquera do

ciclo courelán titulada *Bazterrak / Os eidos I e II* realizada e prologada por Koldo Izaguirre. Posteriormente publica o poemario *Tempo de elexía* (1991) mais dous libros de literatura infantil: *O cubil do xabarín* (1991), onde figuran todas as elexías que escribiu ó longo da súa vida, e *Gorgorín e Cabezón* (1992). *Poemas da doada certeza i este brillo premido as pálpebras* (1994) constitúe a súa última contribución ó panorama da poesía galega. Ademais publicou poemas, traduccións —fixo a versión galega de varios poemas do escritor e político chino Mao Zedong, *El Progreso* (1976)— e colaboracións nalgunhas revistas e xornais, dentro e fóra de Galicia, como *Alma, Cántico, Atlántida* e *Grial*. En *Resol* (1990) figura representado con "Lenda de Ith" (fragmentos).

Oroza, Carlos

Escritor de formación autodidacta e afastado dos cículos oficiais da vida literaria, naceu na vila luguesa de Burela en 1931. Viaxou por Francia, Holanda, Suecia, Dinamarca, Bélxica e Italia, tras do que pasaría a se establecer en Madrid e Ibiza. Forma parte do movemento *beat* e participa en múltiples experiencias de carácter poético-jazzístico. Na actualidade reside na cidade de Vigo.

Poeta de gran capacidade de expresión oral, é moi esixente á hora de publicar. Influído pola xeración *beat* norteamericana, colaborou na revista estadounidense *Poetry*. Escolmado en diversas antoloxías, en 1996 incluíronse textos seus na revista *Serta*. Foi tamén un dos fundadores da revista *Tropos*. Varios dos seus poemas teñen sido musicados.

É de salientar o seu papel como crítico de arte, xa que gracias a el se teñen dado a coñecer algúns interesantes artistas contemporáneos. Do mesmo xeito, ten colaborado en diversas exposicións. Neste sentido pódese citar a composición "Puso el ojo al azar", para a exposición de Ánxel Huete, celebrada en Vigo na primavera de 1992; outra para Fernando Casás, tamén en Vigo, no verán de 1992; "El Azul en el fondo es la forma en su espacio roto" —en castelán, galego e inglés—, noutra celebrada no castelo de Soutomaior, en decembro de 1993; para unha mostra de gravados de Antoni Tàpies, na compostelá Casa da Parra, en 1994, escribiu un poema en galego. Con "Una porción de tierra gris del Norte" participou na carpeta *Baiona Horizonte Atlántico*, na que se inclúen gravados do pintor Din Matamoro.

En 1975 obtivo o premio Bite de poesía e pouco tempo despois o Premio Internacional de Poesía Underground, como tamén a mención especial da Joven Crítica. Leva participado en numerosos recitais de poesía.

Os seus poemas teñen aparecido en diversas revistas galegas como *Coordenadas* ou *Bonaval*. Nesta, incluído en versión galega, publicou o poema "Golosá". Pero é o castelán a lingua de creación deste autor: títulos como *Eléncar* (1974), *Alicia* (1985), *Una porción de tierra gris del Norte* (1996), *América, Malú, Crónica* ou *El edificio frío* son algunhas mostras da súa producción. En 1980 apareceu nunha editorial galega o seu poemario *Cabalum*[182]. En 1996 a Fundación Cristóbal Gabarrón iniciou coa súa obra

[182] En 1987 a Fundación Juan March estreaba a obra musical "Preludio y Postludio a *Cabalum*", composta polo músico Xoán Viaño.

En el norte hay un mar que es más alto que el cielo unha colección monográfica, onde é salientado como un dos autores actuais máis importantes da poesía española, e que inclúe unha parte importante da súa obra.

No número Homenaxe de *Resol*, coa data do Día da Patria Galega de 1990, seleccionouse un fragmento do seu poemario *América*, que foi incluído no seu libro *Cabalum* (1980), xa citado, publicado por Ediciós do Castro.

Ortiz Saralegui, Juvenal

Natural de Lavalleja (Uruguai), onde naceu en 1907, foi Ortiz Saralegui poeta e ensaísta e dirixiu a revista literaria *Cuadernos de Julio Herrera y Reissig*. Da mesma xeración de líricos uruguaios que Esther de Cáceres, Fernando Pereda ou Sara de Ibáñez, foi este autor, nos seus primeiros pasos poéticos, un afervoado e radical futurista, tal e como manifesta o seu poemario *Palacio Salvo* (1927).

Co paso do tempo a súa lírica camiña cara a temas e motivos tradicionais da poesía do seu país, como podemos constatar en *Las dos niñas* (1943) ou *Poesía fiel* (1953). En *Resol* (nº 9, 1935) aparece representado co poema "Canción de las teas".

Otero Pedrayo, Ramón

Naceu en 1888 en Ourense, na mesma casa na que, catros anos antes, nacera Vicente Risco. A infancia pasouna no pazo que a familia posuía en Trasalba, lugar onde tamén se refuxiaría nos peores momentos da posguerra. En 1898 inicia os estudios de Bacharelato no Centro Provincial de Instrucción do Posío (Ourense), onde será alumno de Florentino L. Cuevillas. Outros dous mestres do Instituto deixarán nel fonda pegada: Marcelo Macías e Eduardo Moreno López, profesores de Retórica e Poética e Xeografía e Historia, respectivamente. En 1904 matricúlase no Curso de Ampliación ou Preparatorio na Universidade de Santiago de Compostela, e no primeiro ano de Filosofía e Letras, decepcionado polo ambiente, abandona os estudios. Ó ano seguinte trasládase a Madrid para cursar, por libre, as carreiras de Filosofía e Letras, na Sección de Historia, e Dereito, estudios que rematará en 1911. Por estes anos frecuentaba a Biblioteca do Ateneo e as tertulias do Café Universal, lugar onde coñecería a Primitivo Rodríguez Sanjurjo.

De volta en Ourense forma parte do Cenáculo Ourensán, grupo que, en 1917 e baixo a dirección de Vicente Risco, ha de publicar a revista culturalista e modernista *La Centuria*. Ingresa nas Irmandades da Fala gracias á acción mediadora de Losada Diéguez, que será o verdadeiro artífice do seu compromiso co galeguismo. Comeza, deste xeito, o labor de recuperación da cultura galega e participa na campaña das eleccións parlamentarias de 1918. En 1919 gaña a cátedra de Xeografía e Historia de Ensino Medio e é destinado a Burgos e Santander ata que, en 1921, pide o traslado definitivo a Ourense, onde exercerá no mesmo Instituto onde estudiara. A década dos 20 será de grande actividade. Colabora intensamente con distintas publicacións periódicas entre as que destaca a revista *Nós*. Comeza a tirar do prelo as súas obra e participa no Seminario de Estudios Galegos, no que dirixe a sección de Xeografía e do que, en 1936, será elixido presidente. En 1929 ingresa na R.A.G. e ó ano seguinte será nomeado presidente

da Asociación de Escritores Galegos. Iníciase, a partir de aquí, unha traxectoria de homenaxes e recoñecementos que só se verá truncada polo estoupido da guerra civil.

Tamén polos anos trinta Otero participa nas primeiras tentativas de unificación do nacionalismo. Así, en 1931, aparece como principal impulsor do Partido Nacionalista Republicano, do que foi un dos fundadores. Durante o período 1931-1933 será deputado, con Castelao, en Madrid polo Partido Nacionalista Republicano. No seo do Partido Galeguista, participa activamente na campaña do Estatuto de Autonomía de 1936. En plena guerra civil, no verán de 1937, é dado de baixa da cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense, na que non ha de ser reposto ata setembro de 1948. Un ano antes viaxara a Bos Aires para participar nos actos conmemorativos do Día de Galicia e alí entrevístase con Castelao. En 1950 gaña a Cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela, na que se ha manter ata a súa xubilación en 1958. No mesmo ano de ingreso na Universidade participa na fundación da Editorial Galaxia, da que será presidente. Nos derradeiros anos de vida é obxecto de numerosas homenaxes e recibe gran cantidade de premios, entre os que destaca o Premio Galicia da Fundación Juan March en 1962. O 10 de abril de 1976 morre en Ourense.

De formación cultural e humanística moi ampla, desenvolverá un intenso labor creativo ó longo da súa vida. Iníciase nas letras galegas con tres novelas curtas *Pantelas, home libre* (1925), *O purgatorio de don Ramiro* (1926) e *Escrito na néboa* (1927). Na Editorial Nós publica a súa primeira e máis importante novela, *Os camiños da vida* (1928), e na mesma editorial coruñesa aparece *Arredor de sí* (1930), unha especie de biografía da súa xeración, da que fora o xermolo a novela curta *Escrito na néboa* (1927). Outras contribucións súas ó xénero narrativo son *Vidas non paralelas* (1930), *Contos do camiño e da rúa* (1932), *Fra Vernero* (1934), *A Romeiría de Xelmírez* (1934), *Devalar* (1935) e *O mesón dos ermos* (1936). Dentro da súa obra narrativa en galego hai unha paréntese a partir do inicio da guerra civil[183] ata a publicación de *Entre a vendima e a castañeira* (1957), liña que se verá incrementada con *O Señorito da Reboraina* (1960), *O Maroutallo* (1974) e, postumamente, *A historia de un neno* (1979). Tamén con carácter póstumo aparecen unha serie de recompilacións de artigos ou relatos breves seus; entre estas obras pódense citar *O fidalgo e outras narracións* (1982), *Prosa miúda* (1988), *Narrativa breve* (1993) ou *O fidalgo e outros relatos* (1994).

Pero Otero se ben é predominantemente un narrador, tamén cultivou outros xéneros como a lírica e o drama. Da producción dramática oteriana cabe salientar *A Lagarada* (1928), *Teatro de máscaras* (manuscrito de 1934, editado en 1975), *O desengano do prioiro* (1952), *Rosalía* (escrito en 1959 e publicada en 1985), "Traxicomedia da noite de Santos" (1960), *O fidalgo e a noite* (escrito en 1970 e publicado en 1979) e "Noite compostelana" (1973). En 1991 Aurora Marco publica *Teatro Ignorado*, onde recolle unha serie de pequenas pezas dramáticas que Otero publicara illadamente en *El Pueblo Gallego* e en *La Noche*. Dentro do xénero da lírica, escribiu para o Grupo Brais Pinto un feixe de poemas líricos, *Bocarribeira. Poemas para leer e queimar* (1958).

Complétase o fecundo labor de Otero co seu traballo ensaístico e de producción varia. Do seu dilatadísimo repertorio ensaístico cabe citar a *Guía de Galicia* (1926),

[183] Durante este período Ramón Otero Pedrayo segue publicando pero en castelán. Son obras desta época *Las palmas del convento* (1941) e *Adolescencia* (1944), publicadas en Bos Aires, e *La vocación de Adrián Silva* (1957), publicada xa na Coruña.

Síntese xeográfica de Galicia (1926), *Problemas de xeografía galega* (1927), *Problemas y paisajes geográficos de Galicia* (1928), *Treinta y tres lecciones de geografía general* (1929), *Pelerinaxes* (1929), *Unha impresión da Galicia do sul no derradeiro ano do século XVIII* (1929), *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal* (1931), que foi o seu discurso de ingreso na R.A.G., *Lecciones elementales de historia universal* (1931), *Morte e Resurreición* (1932), *Lembranza de Goethe* (1932), *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933), *Terra de Melide* (1933), *Lecciones de geografía e historia* (1936), *Breve historia de Galicia* (1939), *Vida del doctor don Marcelo Macías* (1943), *Guía de Santiago de Compostela* (1943), *Un horizonte gallego* (1946), *Juan Manuel Bedoya* (1950), *Las ciudades gallegas* (1951), *Por os vieiros da saudade* (1952), *El doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX* (1952), *O libro dos amigos* (1953), *Santiago de Compostela* (1953), *Vivencias, dolor y esperanza de la emigración gallega* (1954), *Geografía de España. Presencia y potencia del suelo y del pueblo español* (1955-1956), *Historia da Galicia* (1962), *O espello na serán* (1966), *Orense* (1966), *Síntese histórica do século XVIII en Galicia* (1969), *Orense* (1969), *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias* (1972), *Orense* (1973), *Galicia, una cultura de occidente* (1975), *Ciudades y paisajes de Galicia en la obra de Julio Prieto Nespereira* (1977), *Os ríos galegos* (1977), *Florentino Cuevillas* (1980) ou *A miña amizade con Castelao* (1986), entre outras.

Importantísima é tamén a súa colaboración na prensa diaria e en revistas culturais, tanto de Galicia como españolas ou americanas. Colaborou con revistas galegas como *Alba, Alborada, Anuario Brigantino, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Atlántida, Aturuxo, Boletín Auriense, Boletín de la Real Academia Gallega, Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, La Centuria, Chan, El Correo Gallego, Coruña. Paraíso del Turismo, Cristal, Cuadernos de Estudios Gallegos, Cuadernos da Escola Dramática Galega, Domecq en Galicia, Dorna, Estudios mindonienses, Faro de Vigo, Finisterre, Gaceta de Galicia, Galicia Nueva, Galiza, Gelmírez, Grial, El Heraldo de Galicia, El Ideal Gallego, Lareira, Logos, Mensajes de Poesía, Misión, Museo de Pontevedra, Nemancos, La Noche, Nordés, Nós, A Nosa Terra, El País, El País Gallego, Posío, Posío. Arte y letras, El Pueblo Gallego, La Región, Resol, Sonata Gallega, Tapal, Terra!, Unión Comercial, Vamos*. Españolas como *Alma Gallega, Boletín de la Real Academia Española, Destino, El Español, Ilustración Gallega, Ínsula, Libredón, Mundo Hispánico, Santo e Seña, La semana vitivinícola*. Portuguesas como *O Primeiro de Janeiro, Quatro Ventos, Século*. Americanas como *Airiños, Alborada, Alén Mar, Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda, Casa Galicia, Céltiga, Cultura Gallega, El Despertar Gallego, Día de Galicia, A Fouce, Galicia, Galicia Emigrante, El Heraldo, Irmandade, Lar, Lugo, Mundo Gallego, Opinión Gallega, Revista del Centro Gallego, Revista del Centro Gallego de Avellaneda, Síntesis, Ultreya, El Universal, Vida Gallega* e *Vieiros*. Ademais, no período anterior á guerra civil ou, xa en datas posteriores, cómpre anotar as seccións que mantivo en *La Región*, "Los caminos de Galicia", a partir de 1946, e en *La Noche*, "Parladoiro" (1946-1949). Participa Otero Pedrayo en *Resol* (nº 3, 1932) cun fragmento en prosa, "O fidalgo".

Patrício, António

Nado en Porto en 1878, estudiou Medicina e ocupou cargos diplomáticos en numerosos países. Foi cónsul de Portugal na Coruña. A súa existencia itinerante, desarraigada, deixou fonda pegada na súa lírica, concretamente no volume póstumo

Poesías (1942). O simbolismo, o misticismo panteísta, pero tamén o decadentismo e aínda un certo dandismo son coordenadas da súa obra, que debe tamén moito ó saudosismo. Pertenceu á xeración finisecular de antinaturalistas portugueses. Ademais da lírica, cultivou o teatro na súa traxedia *D. João e a Máscara* (1924). No eido da narrativa salientamos os contos compilados en *Serão Inquieto* (1910), caracterizados polos trazos de ironía e tenrura. Morreu en Macao en 1930. En *Resol* (nº 7, 1933) está representado co poema "Em prinkippo...", desenvolvido en pareados e incluído no citado volume de *Poesías*. Lémbrese que este nº 7 de *Resol* é un monográfico dedicado á poesía portuguesa.

Paz, Octavio

A representación das letras de Hispanoamérica no número de *Resol* de 1990 (Roque Dalton, Mario Benedetti, César Vallejo, Nicolás Guillén e Pablo Neruda) conta coa primeirísima figura que é o mexicano Octavio Paz (nado en México D.F., 1914), poeta e ensaísta.

Nos anos trinta, concretamente en 1931, Octavio Paz publicaba o seu primeiro poema, "Cabellera" e fundaba a súa primeira revista, *Barandal* (1931-1932). Na mesma década colaborou noutras como *Cuadernos del Valle de México* (1933) e *Taller* (1938). En 1933 publicaba o seu primeiro poemario, *Luna silvestre*, seguido logo por *Raíz del hombre* (1937). En 1937 viaxa a España e participa no II Congreso de Escritores Antifascistas en Valencia. Vencellado por amizade e afinidade estética a Luis Cernuda e Jorge Guillén, ese mesmo ano publica *Bajo tu clara sombra y otros poemas sobre España*. Nun dos seus apartados, "Cantos españoles", testemuña a súa solidariedade co pobo español en poemas de forte acento social e político. Octavio Paz, que na actualidade dirixe a revista *Vuelta*, está presente en *Resol* (1990) co poema "Interior", entresacado do seu libro *Salamandra* (1958-1961).

Pereda Valdés, Ildefonso

Uruguaio, nado en Tacuarembó en 1899, Pereda Valdés pertence á xeración de escritores nacidos arredor de 1900 que sae do modernismo para percorrer distintos vieiros líricos (parnasianismo, simbolismo, lirismo filosófico, criollismo, surrealismo, etc.). A lírica deste poeta posúe fonda raigaña nacional e particular acento negrista, malia a súa inicial colaboración en revistas do ultraísmo. A veta negrista da súa voz (a máis constante e definitoria) contempla ó negro non só na súa historia, senón tamén como elemento vivo do campo e a cidade. Entre os seus poemarios —*La casa iluminada* foi o primeiro deles— anotamos *La guitarra de los negros* (1926) e *Raza negra* (1929). En *Resol* (nº 2, 1932) temos da súa autoría o poema "El candombe", de temática negrista.

Pereira de la Riva, Aureliano Xosé

Poeta, crítico literario e xornalista, Aureliano Pereira naceu en Lugo o 22 de xaneiro de 1856. Durante os anos 1886-1891 pertenceu ó Partido Federal de Lugo, agrupación na que chegou a ser un dos personaxes máis destacados e na que introduciu os

presupostos rexionalistas ó propugnar a creación dun Consello Executivo da Rexión Galega que deseñara o Proxecto de Constitución do Futuro do Estado Galego. Cara a 1891 deixa o partido para integrarse no Liberal Fusionista e marcha a Madrid, abandonando o protagonismo político e substituíndoo por unha militancia rexional de tipo cultural. Dende novo exerceu o xornalismo iniciándose en *Diario de Lugo*, publicación de carácter democrático que el mesmo dirixiu dende 1879 e da que foi case o único redactor ata que pechou en 1884. Nese mesmo ano funda *El Regional*, que tamén dirixe. Ademais colaborou en distintos periódicos e revistas como *La Época, El Popular, El Mundo Político, Revista Europea, Revista de España, La Ilustración Española y Americana*, etc. e chegou a dirixir o xornal madrileño *Nuevo Mundo*.

Comeza os seus traballos literarios na década dos setenta do pasado século, mais nestes primeiros momentos emprega fundamentalmente o castelán. Inclinado a compor cadros de costumes aldeás, a súa contribución ó panorama da literatura galega concéntrase fundamentalmente no poemario *Cousas da aldea* (1891), escrito nun estilo próximo ó de Lamas Carvajal, onde se mesturan escenas cómicas da vida do campo con pinceladas picarescas. Así mesmo publicou en galego "Terra a miña" (1891), poema descritivo en gabanza da beleza paisaxística e humana de Galicia, e "A cova da serpe" (1892), lenda que recrea unha historia popular luguesa. Estas dúas últimas composicións foron premiadas no certame que en 1891 organizou a Asociación de Escritores y Artistas de Lugo. En consecuencia, a producción en lingua galega de Aureliano J. Pereira circunscríbese á poesía, aínda que é probable que publicase algún texto en prosa hoxe perdido. No que se refire á súa faceta de crítico literario hai que indicar que os seus textos teñen maioritariamente unha intencionalidade divulgativa e amosou un especial interese pola figura de Manuel Curros Enríquez. En *Resol* (nº 10, 1936) figura representado coa composición "Teus quince anos". Morreu[184] en Madrid en 1906.

Pérez de Ayala, Ramón

Figura do novecentismo español, nacido en Oviedo en 1880, Ramón Pérez de Ayala, ben coñecido como novelista (*La pata de la raposa*, 1912; *Troteras y danzaderas*, 1913; *Belarmino y Apolonio*, 1921; *Tigre Juan*, 1926 e outros títulos), fundou con Ortega y Gasset e Gregorio Marañón a Agrupación ó servicio da República. En 1931 foi embaixador español en Londres, cargo do que foi relevado en 1936 pola Fronte Popular. Viviu exiliado en Francia e Hispanoamérica e retornou a España en 1954.

A súa lírica, de menor entidade que a súa narrativa, móvese entre o modernismo e o conceptismo intelectual. Poemarios da súa autoría foron *La paz del sendero* (1904), *El sendero innumerable* (1916) e *El sendero andante* (1921). Deste último está tomado o poema "Una vez érase que se era...", que constitúe a súa única presencia en *Resol* (nº 8, 1933).

[184] Para ampliar a información sobre aspectos da vida de Aureliano Pereira pódese consultar o estudio de José Díaz Andión "Lucenses ilustres. Aureliano J. Pereira" *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, Lugo, nº 17-18, 1945, pp. 183-185. Así mesmo, para unha análise pormenorizada da faceta política é de interesante consulta Ramón Máiz, "Galeguismo e republicanismo no movimento rexionalista lucense no século XIX: Aureliano J. Pereira", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo 1, 1983, pp. 157-172. Finalmente, María Xosé Rodríguez Valcárcel vén de publicar *Aureliano J. Pereira no rexurdimento galego*, Fundación CaixaGalicia, 1996, pormenorizado estudio sobre a vida e obra de Aureliano Pereira co que obtivo o 10º Premio Literario Ánxel Fole.

Pero Meogo

Desde sempre o cancioneiro de Pero Meogo foi obxecto de admiración, pero a pesar dos loables esforzos de Bell, Méndez Ferrín e de Azevedo Filho, editores da súa producción poética, nada se puido establecer sobre os contornos da súa biografía.

A primeira dificultade encontrámola no propio patronímico do autor. A hipótese que máis acolle a crítica é a de Carolina de Michaëlis. Murguía e despois Filgueira Valverde relacionárono cun monxe orixinario do Ribeiro, Pedro Moogo de Vanga. Sen embargo, a recente edición documental sobre o mosteiro ourensán de San Clodio do Ribeiro demostra que non se pode asegurar nada: ¿será o Petrus Moogo de Louvesende (doc. 109, ano 1263; doc. 167, ano 1275? ¿o Pedro Moogo de Vanga (doc. 125, ano 1269)? ¿será o Petrus Moogo testes (doc. 127, ano 1270)? ¿ou o Pedro Moogo testemoia (doc. 157, ano 1275)? ¿ou aínda o Pedro Moogo dito Gallina (doc. 190, ano 1281)? Como se pode ver a variedade homonímica impide sabermos se estamos diante de dúas ou máis persoas. Por outro banda, no resto da documentación medieval galega editada é habitual acharse cun homónimo do autor.

O feito de estar colocado nos apógrafos italianos do hipotético *Cancioneiro de Xograres Galegos,* na sección das cantigas de amigo da Biblioteca Vaticana, permite establecer a hipótese de que a súa condición socio-poética é a de xograr, e que desenvolveu as súas aptitudes poético-musicais durante a segunda metade do século XIII, sen que poidamos determinar en qué círculos.

Os cancioneiros atribúenlle nove cantigas de amigo, suficientes para que se considere a Meogo coma un dos autores máis frescos da escola galego-portuguesa. No seu conxunto, as nove cantigas constitúen un grupo unitario dende os puntos de vista temático e formal. De feito, a presencia do elemento acuático ("fonte", "fontana") convértese no lugar escénico dominante e estructurante. Ó redor del érguese o mundo simbólico da ficción meoguiana. A fonte serve de encontro dos namorados, encontro que xera as diferentes situacións enunciadas nas cantigas, nunha liña case secuencial.

Así, partimos dos desexos dun encontro concertado e prometido ("O meu amig'a que preito talhei"), pero que, inesperadamente, se demora provocando o enfado da namorada ("Por mui fremosa que sanhuda estou"). De seguido, o enfado vólvese comprensión, xa que o seu amigo vai "come cervo ferido de monteiro de rei" ("Tal vai o meu amigo con amor que lh'eu dei"). Eis o acerto de Meogo: a introducción do símbolo folclórico do cervo, que se ten que identificar co namorado, tal como quere Méndez Ferrín. A comprensión dos motivos da ausencia do namorado-cervo no punto de encontro (fonte) serve de novo impulso da ficción lírico-narrativa, de tal xeito que asistimos, por fin, despois das dúbidas da namorada ("Preguntarvos quer'eu, madre"), á consumación do encontro dos namorados ("Levóus'a lonçana, levóus'a velida" e "Enas verdes ervas"), encontro caracterizado polo enigmático e suxestivo símbolo do baño na fonte "lavar cabelos, lavei mias garcetas", de descoñecidas connotacións eróticas. Os derradeiros movementos desta ficción veñen dados pola nai, personaxe importante dentro do universo meoguiano, que, extrañada, pregunta á súa filla "porque tardastes na fontana fria" (en "Digades, filha, mia filha velida"), a resposta da filla "amores ey", vén subliñada pola fatídica conclusión: a súa filla, desatendendo os seus consellos, deixou algo da súa inocencia no

encontro co namorado-cervo, tal como o deixa supoñer o sintagma "rompestes í o brial" (en "Fostes, filha, eno bailar"). Estamos, polo tanto, diante dun cancioneiro dotado dunha grande orixinalidade non só por inserir unha ambientación simbólica, senón tamén, por ligar o tema do cervo ó da auga, e polas connotacións eróticas, aínda non ben comprendidas, das súas cantigas.

Pessoa, Fernando

Considerado por moitos como o máis grande poeta portugués do século XX, Fernando Pessoa (Fernando António Nogueira Pessoa) naceu en Lisboa en 1888. Estudiou en Durban (África do Sur) e nas Universidades do Cabo e Lisboa. Traballou boa parte da súa vida como correspondente de comercio. Ós trece anos escribe os seus primeiros poemas en inglés. En 1912, na revista *A Águia*, publica varios artigos sobre a nova lírica portuguesa. Coñecedor dos filósofos gregos e alemáns e dos poetas simbolistas franceses, tenta novos vieiros poéticos e, con Mário de Sá Carneiro, Almada Negreiros e Raul Leal, será un dos introductores do Modernismo en Portugal.

A partir de 1914 colabora na revista *Renascença* e nese mesmo ano maniféstase cos heterónimos Alberto Caeiro, Álvaro de Campos e Ricardo Reis. En 1915 é un dos directores doutra revista, *Orpheu*, que só tirou dous números, pero que foi voceira do Modernismo. A súa poesía percorre o paulismo, o simbolismo decadentista, o intersecionismo e o conceptismo. Colaborou tamén nas revistas *Contemporânea, Athena, Presença* e *Descobrimento.*

Entre os seus poemarios anotamos *35 sonnets* e *Epithalamium* (1913), ambos escritos en inglés; *Portugal Futurista* (1917), cun "Manifesto" de Álvaro de Campos, e *Mensagem* (1934). Pero a súa producción figura ordenada por Gaspar Simões e Luis de Montalvor en: *Poesias de Fernando Pessoa* (1942), *Poesias de Álvaro de Campos* (1944), *Poemas de Alberto Caeiro* (1946), *Odes de Ricardo Reis* (1946), *Poemas Dramáticos* (1952), *Poesias Inéditas* (1955-1956) e *Quadras ao gosto popular* (1965).

Entre os seus textos ensaísticos salientamos *Páginas de Doutrina Estética* (1946), *Páginas de Estética e de Teoria e Crítica Literárias* (1967) e *Textos Filosóficos* (1968). Mención a parte merece o *Livro do desassossego*, no que durante moitos anos traballaron diferentes especialistas en Pessoa coa finalidade de ofrecer o texto íntegro. Un capítulo de singular interese é o da pegada de Pessoa na morea de poetas que o tiveron como mestre ou modelo nestas últimas décadas do século. Morreu en 1935. En *Resol* (1990) está presente co poema "Natal".

Pimentel, Luís

Luís Benigno Vázquez Fernández Pimentel naceu en Lugo o 18 de decembro de 1895. En 1914 remata o Bacharelato no mesmo Lugo e inicia os estudios de Medicina en Santiago de Compostela. Na seguinte década, en 1922, marcha a Madrid para facer o doutoramento e alí vive na Residencia de Estudiantes da Institución Libre de Enseñanza. Rematados os seus estudios volta a Lugo, onde exerce a súa profesión de médico ata o 13 de febreiro de 1958, día no que se produce o seu pasamento despois

de compartir a tertulia do Café Méndez Núñez cos seus grandes amigos Ánxel Fole e Celestino Fernández de la Vega.

En 1924 aparecen na revista *Ronsel* os seus dous primeiros poemas, escritos en castelán, e tres anos máis tarde publícase, en *La Gaceta Literaria* de Madrid, o seu primeiro poema en galego. A partir de entón a presencia de Pimentel nas revistas e xornais da Galicia da II República será constante. Así, publica poemas galegos en *Nós*, "Verbas" (1935) e en *Galiza*, "Atardeceres de hospital". Tamén figuran as súas colaboración en *Guión, Yunque, Númen, Alba, Xistral, Aturuxo* e *Mensajes de Poesía*. A carón de Cunqueiro, Fole, Rabanal, Cabanillas, García-Sabell e outros importantes escritores galegos, colabora en *Ínsula* no número dedicado ese ano pola revista madrileña ás letras galegas.

En 1950 aparece, na colección Benito Soto, *Triscos*, único libro que publicou en vida, con introducción de Ánxel Fole e ilustracións de Rafael Alonso. De 1959 data a aparición de *Sombra do aire na herba*, que prologa Celestino Fernández de la Vega, obra fundamental na súa producción, que o sitúa entre o máis relevante da poesía galega da época. A súa esixencia para publicar atrasou a aparición do seu máis importante poemario en lingua castelá, *Barco sin luces* (1960), libro que xa estaba rematado no ano 1936, cun limiar da autoría de Dámaso Alonso. Contribuíu tamén ó eido do ensaio no volume colectivo *7 ensayos sobre Rosalía* (1952).

Pimentel, por Mouriz

Foi Pimentel unha persoa moi afeccionada á música, de aí o proxecto, con Bal y Gay, de conformar un ballet galego que estrearía tres pezas con guión de Pimentel, "A La muerte de Pierrot", "El vals de la niña pobre" e "Eufemia" (1957) con ritmo de muiñeira. Froito da súa inclinación ó teatro foi a peza "Angustia" e tres dramas sen rematar: "La pistola", "Terra" e "No era de este mundo".

Trala súa morte, realizáronse numerosas homenaxes como a de 1960 en Madrid do Grupo Brais Pinto, ou a de 1965, en Lugo, organizada por Arcadio López-Casanova. Interesante foi tamén o número monográfico *Homenaxe a Luis Pimentel* (1990) realizado pola Universidade de Santiago de Compostela ou a homenaxe ó poeta que apareceu na revista *Aturuxo* (nº 10, 1960), no que figura unha moi importante coroa poética e un feixe de estudios e pequenos ensaios da autoría de Ramón Piñeiro, Xosé Leyra Domínguez, Miguel Carlos Vidal, Carballo Calero e López Nogueira. En 1981 apareceu *Obra inédita o no recompilada*, edición organizada e presentada por Araceli Herrero Figueroa. No mesmo ano publícase *Poesía enteira*, que recolle oito poemas galegos nunca editados por Pimentel[185]. En *Resol* (nº 10, 1936) colabora no derradeiro número da primeira etapa da revistacon dúas composicións "A Rosalía" e "Paisaxe sin historia".

[185] Entre os moitos traballos suscitados pola poesía de Luís Pimentel son de especial interese *Luís Pimentel. Obra inédita o no recopilada* (1981), de Mª Araceli Herrero Figueroa; *El silencio y la música (ensayo sobre la poesía de Pimentel)* (1989), de José Sánchez Reboredo; *Luís Pimentel: Biografía da súa poesía* (1990), de Xesús Alonso Montero; *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba* (1990), de Arcadio López-Casanova; *Luís Pimentel* (1990), de Ramón Piñeiro López; *A bordo de Barco sin luces ou o mundo poético de Luís Pimentel* (1990), de Luz Pozo Garza; *Rosas na sombra: (poesía de Luis Pimentel)* (1991), de Pilar Pallarés; *Sobre Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero: apontamentos de filoloxía, crítica e didáctica da literatura* (1994), de Mª Araceli Herrero Figueroa.

PINTOS VILLAR, Xoán Manuel

Naceu en Pontevedra a finais de 1811. Ós poucos anos marchou para Ferrol e con posterioridade para A Coruña. En 1825 principiou os estudios de Filosofía e entre 1829 e 1835 habería de cursar estudios de Dereito. En 1836 é profesor da disciplina de Institucións Canónicas na Universidade de Santiago de Compostela e ó ano seguinte xa traballaba no mundo da avogacía, profesión que desempeña ata 1840 na Coruña. Dende este ano e ata 1844 ocupa o posto de xuíz de Primeira Instancia de Cambados, tralo que voltou á carreira de avogado e fiscal. O seu pasamento produciuse en Vigo en 1876, cidade na que residía dende 1862 e na que comezou a desenvolver o cargo de Rexistrador da Propiedade. Ó igual que Valentín Lamas Carvajal ou Benito Vicetto, foi nomeado socio de mérito da sociedade Galicia Literaria, que fundara Teodosio Vesteiro Torres en Madrid en 1875. Ó se cumprir o centenario da súa morte foille dedicado o Día das Letras Galegas. Con tal motivo fixéronse diversas edicións da súa obra. Así, á relizada pola Universidade de Santiago de Compostela, hai que engadir a feita pola Real Academia Galega, *Retallos de Poesía e Prosa* ou *Versos de foliada*, títulos ambos de 1975[186]. Con anterioridade xa vira a luz *Foliadas do Gaiteiro*

Destacado membro do labor de propaganda durante o movemento provincialista, pertence á primeira xeración do citado movemento, colaborou, entre outras, nas publicacións *Álbum de el Miño*, *El País*, *La Perseverancia*, *El Heraldo Gallego* e *El Desengaño*.

A Pintos cábelle a honra de ser autor do primeiro libro de calidade no rexurdir de Galicia no século XIX e de ser un autor que se destacou polo emprego da lingua galega, case de xeito exclusivo, nas súa creacións. En realación con esta fasquía hai que situar o seu libro *A gaita gallega* (1853), que posúe unha intención didáctico-propagandística de persuasión da importancia cultural do idioma galego, aspecto que xa se amosa no título completo desta obra, *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e ainda mais*. Trátase dun libro heteroxéneo dividido en sete foliadas que están unidas entre si polo fío conductor que constitúe o diálogo entre dous músicos.

Neste libro, ademais do variado dos seus textos poéticos, rexístrase a difusión das ideas de Frei Martín Sarmiento sobre a riqueza léxica e expresiva do galego. Asemade inclúe o *Carmen patrium sive Pontevedra*, do P. Hermenexildo Carballo, do que fai unha traducción libre ó galego en hendecasílabos[187]. Tamén se remite a esta data de 1853 o seu *Breve Diccionario Gallego escrito por el Tamborilero para facilitar la inteligencia de la Gaita Gallega tocada por el Gaitero*.

Pioneiro no uso en galego de diversas formas poéticas, escribiu distintas composicións en publicacións da época. Así, as églogas "Antonio e Margarida", "Xacinto e Catriña" e "Delores e Alexandre" ou os poemas "Os nenos" e "O reiseñor", entre outros. Tamén publicou no *Álbum de El Miño*, e en diversas entregas, o que está considerado como o primeiro poema narrativo longo feito en galego, os "Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea". É autor da composición "A Galicia", incluída no *Álbum de Caridad*, con motivo dos Xogos

[186] A propia Real Academia Galega realizou en 1981 unha edición de *A gaita gallega*.

[187] Vx. ó respecto a edición feita por Xosé Abilleira Sanmartín: Amoedo Carballo, P. Hermenexildo, *Carmen patrium sive Pontevedra. Canto á miña terra ou sea Pontevedra*, Pontevedra: Casal de Edicións, 1993.

Florais da Coruña en 1861. Con este mesmo título escribiu tamén unha longa silva que aparece no primeiro volume de *Galicia, revista universal de este reino*. En *Resol* (nº 4, 1932), colabora co poema "A Galicia".

Polilla

Unha nota xornalística[188] (anónima, pero seguramente da autoría de Arturo Cuadrado) na que se dá noticia da aparición do nº 9 de *Resol* (1935) onde comparecen un feixe de escritores americanos, refírese a un poema de "Polilla Frontini". Temos, xa que logo, coñecemento do pseudónimo —Polilla— baixo o que está o escritor arxentino Norberto A. Frontini[189], que prologara, en 1937, o álbum de Luís Seoane *Trece estampas de la traición*. Anotemos, como curiosidade, que Polilla foi tamén un coñecido pseudónimo do poeta sevillano Manuel Machado nos seus artigos publicados no xornal *La Caricatura*, onde colaboraba o seu irmán Antonio.

Arxentino de orixe, Norberto A. Frontini estivo vencellado ós círculos da emigración e do exilio galegos. Foi un dos contertulios do café Tortoni e mantivo fonda amizade con Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, etc. Entre 1943 e 1945 colaborou con certa asiduidade en *Correo Literario* e *Latitud*, con artigos e ensaios sobre temas de arte.

Frontini[190], crítico e teórico da arte, viaxou por diversos países europeos e coñeceu a famosos pintores da segunda e terceira décadas do século, pero amosou a súa preferencia polos expresionistas alemáns (Grosz en particular). Destes últimos informou a Luís Seoane, Xosé Eiroa e Carlos Maside nas dúas viaxes[191] que fixo a Compostela entre 1932 e 1935. Fixo amizade tamén con Colmeiro, Castelao e numerosos artistas españois. Mantivo relación epistolar con Juan Ramón Jiménez, Alfonso Reyes e Unamuno. Namorado de Galicia, visitouna por terceira vez en 1975. Deixou unha amplísima obra epistolar.

O poema "Duelen los corazones..." co que está representado nas páxinas de *Resol* (nº 9, 1935) non está incorporado a ningún libro do escritor, que só cultivou a poesía moi esporadicamente.

Pondal, Eduardo

Eduardo María González Pondal e Abente naceu, no seo dunha familia fidalga da pequena nobreza rural, en Ponteceso (A Coruña) no ano 1835. En 1848 trasládase a Santiago para iniciar os estudios de Bacharelato e en 1854 obtén o grao de Bacharel en Filosofía. Seis anos máis tarde licénciase en Medicina e por aquelas datas participa en Compostela en actividades do democratismo pregaleguista. Intervén, no ano 1856, na organización do banquete da carballeira de Conxo, o cal case lle custa a deporta-

---

188 "*Resol*", *El Pueblo Gallego*, 24-II-1935.

189 Eduardo Blanco Amor referiuse a el como "gran amigo noso e defensor afiuzados da nosa causa, en cuia iniciación de amor a Galicia, dende moitos anos antes, non foi alleo quen esto escribe". Vx. Eduardo Blanco Amor, "Luís Seoane no exilio", *Grial*, nº 65, 1979, p. 350.

190 Vx. unha breve semblanza do escritor en Luís Seoane, *Figuracións*, A Coruña: Editorial La Voz de Galicia, 1994, p. 374.

191 Na revista *Alento*, nº 9 (marzal 1935), rexístrase a presencia de Norberto A. Frontini en Santiago de Compostela: "Visitan Santiago o prof. Frontini e a maravillosa recitadora Moni Hermelo, de Bons Aires", na sección "Informazóns", p. 191.

ción ás illas Marianas. Daquela reforza e completa a súa formación literaria converténdose, segundo Emilia Pardo Bazán, no máis culto dos poetas galegos do seu tempo. Le ós clásicos grecolatinos, pero estes non son os únicos que o atraen, senón que tamén se interesa por Ossián, Tasso, Camões, Milton, Shakespeare, Heine, Dante, Ariosto, Monti, Leopardi, Chateaubriand ou Byron. Ó tempo iníciase como poeta en galego sendo no Brinde do Banquete de Conxo cando se data con certeza o primeiro poema seu. En 1951 aparece un fragmento de *Os Eoas* e sete anos máis tarde publica en *El País,* de Pontevedra, a primeira versión de *A Campana de Anllóns,* ambos xa mostra das súas constantes de obsesión creativa e revisión incansable.

Establece amizades que han de ser permanentes con xentes como Lois Rodríguez Seoane, Otero Acuña, Rosalía de Castro, con quen desenvolverá unha intensa correspondencia epistolar, e Manuel Murguía, que será co que teña unha relación máis profunda. Tras rematar medicina exerce de médico da Armada en Ferrol, ó tempo que compón poemas e traballa no que ha de ser o seu primeiro poemario independente en castelán, *Fátima. Leyenda* (1862). Ó ano seguinte aproba en Madrid a oposición ó Corpo Médico de Sanidade Militar e incorpórase á Fábrica de Armas de Trubia, onde botará pouco tempo, xa que en 1864 é dado de baixa por problemas de saúde mental e reclúese en Ponteceso. A continuación marcha a Santiago, onde permanece ata 1885 coa intención de realizar o doutoramento.



Pondal, por Seoane

Xunto con Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez foi un dos tres grandes poetas do noso Rexurdimento, mais cando Rosalía abandona o galego como lingua de creación Pondal estase a consolidar como o grande poeta galego, causando admiración entre a intelectualidade galeguista a coherencia dos seus textos poéticos, que inauguran un liña de carácter nacional-reivindicativo. A mediados de 1885 decide trasladarse de Santiago á Coruña e na tertulia coruñesa presidida por Uxío Carré Aldao, denominada "A cova céltica", desenvolve a súa actividade literaria. Na mesma el é o Poeta, o Bardo, o patriarca e guía espiritual da raza galega. Na Coruña publica *Queixumes dos pinos* (1886), obra que suporá a súa consagración definitiva e na que recolle a meirande parte da súa producción galega ata entón.

A finais de 1887, obsesionado co traballo de *Os Eoas,* marcha para Ponteceso. Xorden comentarios da aparición de novas obras líricas e el mesmo manifesta estar escribindo *Dos Servos, Os Idiotas, Ou Honra ou Ferro, Procellaria* e *Vanguardia,* material que debeu de ser proxecto de futuros libros que non alcanzarían tal estadio, tal vez pola obsesión constante de esixencia de perfección e pola continua revisión dos materiais que lle impedía tomar unha decisión definitiva, tal e como acontece con *Os Eoas,* pero estes a diferencia doutros textos manuscritos (legados en testamento á R.A.G.) non desapareceron.

En 1903 é a primeira vez que fai un patente recoñecemento da situación de crise mental que o afecta, quizais orixinadora dos problemas con Murguía, visibles no testamento de 1905 e no que se retracta con respecto ó legado que a este facía no ante-

rior. Na inauguración da Academia Galega, en setembro de 1906, presidida por Murguía, foi nomeado numerario, aínda que nunca chegou a participar nas sesións.

Marcha de forma definitiva para A Coruña en 1908 e, dous anos despois, redacta o derradeiro testamento que manifesta a súa preocupación polo futuro da súa obra. Neste mesmo ano a Academia de Poesía Española noméao académico de honor. Morre o 8 de marzo de 1917.

A obra poética de Eduardo Pondal pode dividirse en dous grandes bloques: o que editou en vida e o conxunto de textos recollidos por distintos estudiosos —X. Mª. Álvarez Blázquez, Carballo Calero, Amado Rincón, etc.— trala morte do autor. Ó primeiro grupo pertencen: *Fátima. Leyenda* (1862), *Juan Pérez. La humanidad tal cual fue, es y será ó Los hombres por dentro* (1866), *A campana de Anllóns. El canto de un brigante* (1866), *A fada dos montes. Poesía* (1872), *Rumores de los pinos. Poesías* (1877), *Grandeiras* (1884), *Queixumes dos pinos* (1886), *A campana de Anllóns* (1895) e *O dolmen de Dombate* (1895).

Polo que respecta a *Os Eoas,* cómpre dicir que tivo unha xestación longa e difícil motivada tanto polo tema tratado como pola ambición artística de Eduardo Pondal, que o levaba á revisión constante. De referencias diversas dedúcese que o poema xa estaba rematado a mediados da década dos oitenta. En 1920 a Academia Galega encarga a Carré Aldao e a Lugrís Freire o labor de estudio e reconstrucción das múltiples papeletas manuscritas e como resultado publícase o Canto XXV —"O Vigía de Tope"— do poema épico pondaliano. Pero non ha ser ata o ano 1954 cando se constitúa unha Comisión de Académicos co fin de analizar o estado e dificultades de publicación do poema. Logo dun dictame desfavorable a Academia acorda en 1956 que sexa o seu membro numerario Fermín Bouza Brey quen estudie o texto para emitir un informe sobre as posibilidades de publicación. En 1970, en carta remitida ó secretario de tal institución, maniféstalle as grandes dificultades coas que se atopa e a imposibilidade de levar adiante tal empresa unha soa persoa. Finalmente, había de ser Amado Rincón quen levaría a cabo tan difícil e retardado labor. A súa edición, tirada do prelo en 1992, está formada por doce cantos que integran mil cento vintecatro oitavas reais das case catro mil que o autor deixou manuscritas. Polo que respecta á súa comparecencia en *Resol,* cómpre salientar que esta consiste en dous poemas incluídos en dúas das entregas da revista de 1932 "Que barba non cuidada" (nº 3) e "Himno galego" (nº 4), este último recentemente estudiado por Manuel Ferreiro no libro *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego* (1996).

Porteiro Garea, Lois

Nacido en Santiago de Compostela en 1889, foi catedrático de Dereito na súa Universidade. Doutorouse en Madrid cunha tese sobre o parlamentarismo español, foi conferenciante do Ateneo da capital e colaborador dos xornais *El Radical* e *Gaceta de Galicia.* Foi levado ó galeguismo —do que ía ser notable persoeiro— por Antón Villar Ponte. Propagou a doutrina nacionalista nas súas colaboracións en *A Nosa Terra* e presidiu a Irmandade da Fala de Santiago.

Nas ringleiras do agrarismo e do rexionalismo participou en diferentes campañas electorais. En 1917 viaxou a Cataluña cunha delegación galega e contactou con

Francisco Cambó. Admirador do rexeneracionismo Joaquín Costa, predicou un nacionalismo non radical nin excluínte, inserto no contexto español e na vocación europeísta de signo orteguiano.

Porteiro Garea combatiu o caciquismo e as prácticas políticas degradadas dentro dun contexto xeral de rexeneración. Foi antiseparatista e entendeu que Galicia debía proxectarse nunha España plural e tamén cara a Hispanoamérica. Defensor do emprego da lingua galega, o seu galeguismo amosa non poucas diverxencias co pensamento de Risco ou Villar Ponte, polo que Porteiro Garea tivo dificultades para exercer de mestre ou guieiro ideolóxico das xeración posteriores. Finou en Santiago en 1918.

Ánxel Fole levouno ás páxinas de prosa do nº 10 de *Resol* (1936), o dedicado ós escritores de Lugo. "A fala galega", a súa breve contribución á revista, defende a lingua como dimensión substancial da cultura galega.

Prados, Emilio

Malagueño como o seu amigo Manuel Altolaguirre, naceu Emilio Prados en 1899. Frecuentou a madrileña Residencia de Estudiantes e foi, con Altolaguirre, fundador da revista *Litoral*. Estudiou Filosofía en Alemaña e traballou moitos anos como impresor. Participou activamente na guerra civil e logo marchou ó exilio, a México, onde morrería en 1962, logo de exercer a docencia e traballar en diferentes empresas literario-editoriais.

Pertenceu, como poeta, ó grupo do 27. A súa traxectoria lírica comeza con *Tiempo. Veinte poemas en verso* (1925), seguido logo de *Canciones del farero* (1926), na órbita do neo popularismo andaluz. Pola contra, a pegada surrealista, impregnada de preocupación social, aparece en *El llanto subterráneo* (1936). A guerra civil motiva *Cancionero menor para los combatientes* (1938) e *Romances* (1937).

É preciso subliñar que boa parte da mellor poesía de Emilio Prados se mantivo inédita durante moitos anos. Así acontece con *El misterio del agua* e *Cuerpo perseguido*, que rematados xa en 1928 non apareceron ata 1954. E serodia foi tamén a publicación de *Seis estampas para un rompecabezas*, primeiro poemario do surrealismo español, escrito xa en 1925. A publicación en México das súas *Poesías Completas* (1967-1968) permite analizar as distintas xeiras do quefacer lírico de Emilio Prados, interesado na visión animizadora da natureza, na corporeización dos elementos e fenómenos cósmicos, no tratamento dos temas sociais e políticos dende un posicionamento de compromiso ético-ideolóxico e áinda no misticismo, na anguria e no amor. *Río natural* (1957), *Circunstancial sueño* (1957) e *Signos del ser* (1962) son algúns dos seus útlimos títulos, aínda que cando morreu —en 1962— deixou arredor de vinte poemarios inéditos e un *Diario íntimo* que apareceu en 1966.

En *Resol* (nº 1 da etapa arxentina) está representado co poema "Elegía"[192], que aparece, co mesmo título e a mesma dedicatoria, na sección "Poemas varios" do libro *Destino fiel (Ejercicios de poesía en guerra, 1936-1939)*.

[192] Incluído en *Emilio Prados. Poesías completas*, edición de Carlos Blanco Aguinaga e Antonio Carreira, México: ed. Aguilar, 1975, vol. I, pp. 658-659.

Quental, Antero de

A breve existencia de Antero Tarquinio de Quental (nado nos Açores, 1842) rematou co seu suicidio en 1891. Escritor de grande influencia nas letras portuguesas, estudiou Dereito en Coimbra e nun clima de rebelión unversitaria publica algúns dos poemas do que ía ser o seu primeiro libro de versos, *Primaveras Românticas* (1872). Antero defendeu a misión social e humanizadora da poesía. Amigo de Ramalho Ortigão, Oliveira Martins e Eça de Queiroz, viaxou por Estados Unidos e, retornado a Portugal, desenvolveu un activo labor cultural e propagandístico entre os sectores obreiros do país, no seu desexo dunha transformación social, moral e política do mesmo.

Xunto a Batalha Reis dirixiu a *Revista Occidental* (1875), foi candidato socialista e, auguriado pola enfermidade, destruíu parte dos seus escritos. A súa lírica amosa o fondo pesimismo, a inquedanza metafísica e o anceio da morte. Relixiosidade, sentimentalismo, panteísmo e humanitarismo converxen nos seus *Sonetos completos* (1865) e, xa con anterioridade, nas *Odes Modernas* (1864). Pouco antes de morrer publicou a *Carta autobiográfica* e o *Hino da manhã*, testemuños da súa desesperación existencial. En Resol (nº 7, 1933) temos un soneto da súa autoría, "Idílio".

Radiguet, Raymond

Raymond Radiguet (nado en Saint-Maurdes-Fossés, Seine, en 1903) foi o "enfant prodige" do París literario do seu tempo. Poeta e novelista, fundou en 1920 a revista de vangarda *Le Coq* xuntamente con Jean Cocteau. Personaxe da bohemia parisina da posguerra, colaborou en numerosas revistas literarias. Como poeta, a inicial influencia do cubismo e do fantástico cedeu paso á admiración por Rimbaud e Mallarmé. O seu único poemario foi *Les joues en feu* (1925), de publicación póstuma, froito da compilación de poemas dispersos por revistas.

Pero máis sona tiveron as súas novelas, particularmente *Le diable au corps* (1925) onde Radiguet amosa a crise dos intelectuais mozos nos anos posteriores á primeira Guerra Mundial. A novela tivo amplísimo eco e foi levada ó cine en 1947 polo director francés Claude Autant-Lara. Raymond Radiguet morreu en París en 1923, ós vinte anos de idade. En *Resol* (nº 2, 1932) Carballo Calero traduce ó galego "Elexía", recollida do único poemario que temos do escritor e que mencionamos nestas mesmas liñas.

Ribeiro Couto, Rui

Integrante do Movemento Modernista de 1922, Ribeiro Couto (nado en São Paulo, 1898) é poeta, narrador e ensaísta. A súa obra está influída polo simbolismo e a crítica cualificouna de "penumbrista". É un dos renovadores da contística brasileira. Diplomático de carreira, Ribeiro Couto continúa o lirismo popular portugués na poesía brasileira. Morreu en París en 1963.

Como poeta son da súa autoría os poemarios *Un home na multidão* (1920), *O jardim das confidências* (1921), *Província* (1933), *Cancioneiro de dom Afonso* (1939), *Cancioneiro do ausente* (1943), *Entre mar e rio* (1952) e *Longe* (1961). Como narrador, salientan os seus libros de contos *O crime do estudante Baptista* (1922),

Baianinha e outras mulheres (1927), *Largo de matriz e outras historias* (40) e *Uma noite de chuva e outros contos* (1944). Ademais, escribiu as novelas *Cabocla* (1936), *Prima Belinha* (1940) e *Isaura* (1944).

Traducido ó húngaro e ó francés, Ribeiro Couto cultivou tamén o ensaio de temática social e política en *Realidade e espírito do Brasil republicano* (1940) e *Ouro Preto, uma cidade antiga de Brasil* (1943). En *Resol* (nº 7, 1933) temos o seu poema "Bonecos", no que o latexo amoroso xorde revestido de inocencia.

Rilke, Rainer Mª

Poeta e prosista alemán, naceu no ano 1875 en Praga, cidade da que marchará en 1890 tralo paso pola escola militar. Realizou estudios de Literatura e Historia da Arte nas cidades de Múnic e Berlín. Na compaña de Lou Andreas Salomé realiza, entre os anos 1989 e 1890, dúas viaxes a Rusia que influirán decisivamente na súa poética, en especial no que se refire á descoberta do misticimo ruso e a grandeza da súa paisaxe.

En 1900, no ámbito dun grupo de artistas, en Wopswede, coñece á escultora Clara Westhoff, coa que contraerá matrimonio. Trasladado a París, en 1905 coñece ó escultor August Rodin e maila obra de Paul Cezanne, determinantes na súa producción posterior, en especial na escrita entre 1907 e 1908. O achegamento á filosofía existencial de Soren Kierkegaard provocoulle unha crise, o que determinou as súas viaxes polo sur europeo e norte de África e Asia. En 1911 estivo convidado no castelo da princesa Von Thurn und Taxis, en Duino, tralo que estaría, en 1923, no de Muzot. Alí transcorren os últimos anos da súa vida, que remata nun hospital de Valmont, cerca da localidade suíza de Montreux, en 1926.

A obra de Rilke está considerada como unhas das principais contribucións ó terreo da poesía lírica do século XX. A espiritualidade e as innovacións formais, con suxestivas imaxes e metáforas, están na base da súa producción e haberán de marcar unha determinante influencia na obra de moitos poetas deste século. Autor prolífico, comeza a súa andaina con *Leben und Lieder* (1894). A seguir publica *Larenopfer* (1895), *Traumgekrönt* (1896), *Advent* (1897), *Florenzer Tagebuch* —de publicación póstuma en 1942—, *Mir zu Feier* (1899), *Die Weise von Liebe und Tod des Cornets Christop Rilke* (1899), *Das Stundenbuch* (1899-1903), *Gesischten vom lieben Gott* (1900-1904), *Das Buch der Bilder* (1902), *Neue Gedichte* (1907-1908), *Die Aufzeichnungen des Malte Laurids Brigge* (1910), *Duineser —Elexías de Duino—*(1923), *Sonette an Orpheus* (1923), *Spate Gedichte,* publicadas postumamente. Escribiu os contos *Am Leben Lin* (1898), *Zwei Prager Geschichten* (1899) e *Die Letzten* (1901). Fixo tamén as monografías *Worpswede e Augusto Rodin* (1908).

O nº 1 da revista compostelá *Gelmírez* (1945) contén a versión do fragmento do poema "Réquiem para una amiga" e "Anunciación a los pastores", ademais dun comentario a respecto da súa traxectoria poética, a cargo de Abelardo Moralejo. Tamén no capítulo VI do apartado "Notas de afirmación e negación" deste mesmo número Manuel Rabanal ofrece un comentario sobre unhas charlas que Gonzalo Torrente Ballester pronunciou a comezos do ano académico 1945-1946, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a vida e obra deste poeta de expresión alemana. En *Resol* (nº 1, 1932), Abelardo Moralejo traduciu ó castelán "Bailarina espa-

ñola", esta mesma composición será reproducida anos máis tarde, en 1946, no nº 2 da revista *Gelmírez*, nesta ocasión co título "La bailarina española".

Como primeiras mostras da acollida de Rilke en Galicia, no número da revista *Nós* correspondente ó 15 de febreiro de 1927, na sección "Os homes, os feitos, as verbas", Ramón Otero Pedrayo, no apartado "Letras d'afora", fai un percorrido pola vida e producción deste autor. Álvaro Cunqueiro, pola súa banda, tamén se ocupou desta figura, por exemplo no ensaio "Miña irmá, miña esposa, Lou Andréas-Salomé"[193], ademais de facer algunhas traduccións ó galego. Se ben en *Gelmírez* aparecen tres textos de Rilke en castelán, haberá que agardar ata o nº 7 da revista *Alba* (1951) para ver algo da obra deste autor traducida á nosa lingua, en concreto "O canto do namoro e da morte do corneta Cristóbal Rilke", o mesmo ano da publicación do libro *A musa alemá* na colección Benito Soto, no cal Celso Emilio Ferreiro (autor da selección e versión galega do devandito poema) e Antonio Blanco Freijeiro escolmaron tres poemas deste autor. No nº 15 de *Alba* (1956) Ramón González encárgase de facer a versión galega do "Requiem für einen Knaben" —"Requiem pra un neno"—. En 1980 Jaime Santoro realiza a traducción do primeiro libro de Rilke en galego, *Os sonetos a Orféu*, e en 1995 Lois Tobío Fernández publica *Elexías de Duino*, que constitúen un claro expoñente da maduración poética da obra deste autor. Por último, novamente Jaime Santoro publica *Cartas a un poeta novo* (1997), que constitúen toda unha poética enraizada na vivencia do labor e do oficio do poeta.

Rodríguez Castelao, Afonso Daniel

En 1886, na vila coruñesa de Rianxo, naceu Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Cando tiña nove anos emigra, ó encontro do pai, co resto da familia á Arxentina, de onde retornará en 1900. Dous anos máis tarde comeza os estudios de Medicina na Universidade de Santiago, e remata en 1909. En 1916, logo dunha grave doenza ocular e instalado en Madrid, aproba as oposicións ó corpo de Funcionarios de Estatística e vai destinado para Pontevedra, onde tamén imparte clases de Debuxo. Tralo ingreso nas Irmandades da Fala, intégrase, en 1920, no grupo Nós e, en 1923, no Seminario de Estudos Galegos. En 1926 sae elixido membro da R.A.G. e tres anos máis tarde viaxa a Bretaña para estudiar os cruceiros. É elixido deputado polo Partido Galeguista en 1931 e por mor da súa actividade política sofre desterro en Badaxoz. Trala aprobación do Estatuto de Autonomía e co inicio da guerra civil, trasládase co goberno republicano de Madrid a Valencia. En 1938 viaxa a U.R.S.S. e EE.UU., onde desenvolve unha intensa campaña de apoio á República. Coa fin da guerra marcha para Bos Aires, tendo que trasladarse logo a París ó ser nomeado ministro sen carteira no goberno de Giral. En 1947 marcha de xeito definitivo para Bos Aires, onde finaría o 7 de xaneiro de 1950.

Considerado como un dos maiores intelectuais galegos de sempre, desenvolveu unha variada e abundantísima actividade en moi diversas frontes, en especial, na da política, arte e literatura. Entre os fitos máis salientables da súa tarefa no terreo das artes plásticas hai que salientar o seu traballo como caricaturista, ilustrador, artista gráfico e conferenciante sobre temas artísticos. Dende cedo colabora no xornal rianxeiro *El Barbero Municipal* e en 1912 participa na I Exposición de Arte Gallego en Madrid.

[193] Recollido no tomo IV da *Obra completa* en galego.

A continuación realiza as estampas do álbum *Nós*, expostas en 1919, ó tempo que publica a conferencia "Arte e galeguismo" e asume, en 1920, a dirección artística da revista *Nós*. A principios da década dos vinte, publica a serie de estampas "Cousas da vida" no xornal *Galicia* de Vigo, traballo inscrito na liña de *Cincuenta homes por dez reás* (1930). Por último, queda destacar os álbumes de estampas *Galicia mártir* (1973), *Atila en Galicia* (1973) e *Milicianos* (1938), compostos durante a guerra, ó igual que *Dibuxos de Negros* (1970).

Castelao, por Maside

A súa producción literaria comeza coa novela curta *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922). En 1926 publícase o primeiro libro de *Cousas*, que se vería incrementado coa publicación do segundo e terceiro libro (póstumo), en 1929 e 1975, respectivamente. De 1934 data a publicación de dúas obras fundamentais, os contos de *Retrincos* e a novela *Os dous de sempre*. Polo que atangue á peza dramática *Os vellos non deben de namorarse* hai que salientar que a súa publicación data do ano 1953, aínda que xa dez anos antes se estreara na Arxentina. Dentro do ámbito ensaístico publicou *Sempre en Galiza* (1944) —segunda edición ampliada de 1961—, síntese do seu pensamento político. É autor tamén dos estudios *As Cruces de Pedra na Bretaña* (1930) e *As Cruces de Pedra na Galiza* (1949).

Polo que se refire á actividade xornalística, a penas indicar a magna importancia da obra do autor de Rianxo. Comeza a colaborar en *A Nosa Terra* en 1917 e tres anos despois na revista *Nós* (no nº 2 xa aparece o texto "A tola do monte"). Entre outros moitos medios da prensa escrita, só indicamos as colaboracións en *Galicia*, o seu activo labor na xestación da revista *Galeuzca* en 1945, amais de participar noutras moitas publicacións, como é o caso da revista *Céltiga*. En *Resol* figura amplamente representado cun total de catro composicións "Unha cousa", "Do meu diario", "Os nenos" e "Era un neniño de manteiga, bonito coma un caravel...", incluídos nos números 2, 3, 6 e 8 da revista, respectivamente.

Rolán, Feliciano

Ben curta foi a existencia de Feliciano Rolán. Naceu en Vigo no ano 1907 e morreu na Guarda en 1935. Foi profesor auxiliar na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, tras do que obtería o título de doutor en Madrid. Na actividade literaria destacou como poeta, sendo o ano 1932 o da aparición do seu primeiro conxunto de versos, *Huellas*. Un ano antes do seu pasamento viu a luz a selección de poemas *De mar a mar* (1934), escolmados por Juan Ramón Jiménez, que contén poesías publicadas no xornal madrileño *El Sol*.

Dado o prematuro da súa morte, deixou inédito o libro poético *Ápices*, presentado ó Premio Nacional de Literatura, e mais *Tierra*, no que se evidencia unha fonda pegada da época compostelá vivida polo autor. Estes dous títulos, ademais dos anteriores, compoñen a edición das súas *Obras Poéticas* (1970), prologada por quen fora un dos

críticos que prestara atención á súa figura, Ricardo Carballo Calero, e situada dentro da homenaxe conmemorativa dos 35 anos do seu pasamento que se celebrou na vila da Guarda. A edición definitiva da súa obra, *Feliciano Rolán: su obra poética*, apareceu en Madrid en 1984, baixo a responsabilidade de Oreste Caimotto. A inclusión no xornal compostelano *La Noche* da súa "Prosa inédita" nas páxinas do "Suplemento del Sábado" constitúe tamén un acto de homenaxe á figura deste poeta, na sección "Poemas de aquí e de alá", baixo o título de "La voz de un poeta muerto". En *Resol* (nº 9, 1935) figura representado cunha única composición, "Ser o no ser".

Seoane, Luís[194]

Completamos aquí os datos de Luís Seoane xa expostos nos correspondentes apartados da nosa introducción. A partir dos primeiros anos do exilio a traxectoria creadora de Luís Seoane diversifícase en tres direccións complementarias: a) obra literaria; b) obra plástica; c) creación e dirección de editoriais e revistas.

A traxectoria literaria, na que alterna o uso do galego e o castelán, comeza en 1948 coa publicación das narracións recollidas en *Tres hojas de ruda y un ajo verde*[195]. Como poeta iníciase en *Fardel de eisiliado* (1952), testemuño do mundo da emigración. Publica despois *Na brétema, Sant-Iago* (1956), evocación da Idade Media en Compostela. Ó ano seguinte aparece *As cicatrices* e, xa en 1972, *A maior abondamento*. No ámbito do teatro, ademais de *La soldadera*[196] (1958), escrita inicialmente en galego, pero publicada na versión en castelán, salientamos *El irlandés astrólogo* (1959), do que en 1980 se fixo unha edición bilingüe.

Outros libros de Seoane son *Comunicacións mesturadas* (1973) que recolle parte das súas colaboracións radiais das emisións de "Galicia Emigrante". Anotamos tamén as monografías *Castelao, artista* (1969), *Diego Rivera* (1971), *Carlos Maside* (1971) e *George Grosz* (1975). Póstumas son *Textos inéditos* (1991) e *Figuracións* (1994), nesta última temos un feixe de retratos (semblanzas literarias acompañadas de debuxos) de xentes moi diversas —escritores, artistas, políticos, etc.— que publicara en *La Voz de Galicia* entre 1971 e 1977. Coidou as edicións de *As cruces de pedra na Galiza* (1950), de Castelao, e *Homaxes* (1979), de Lorenzo Varela. Prologou *Dibuxos de guerra* (1977), de Arturo Souto.

No ámbito da plástica (debuxos, gravados, etc.), ademais do xa mencionado *Trece estampas de la traición* (1937), publicou, entre outros, *Muiñeira* (1941), co selo editorial de Resol, álbum de litografías cun poema de Rafael Dieste; *Homenaje a la Torre de Hércules* (1944), conxunto de 49 debuxos; *María Pita e tres retratos medievales* (1944), tamén en Ediciones Resol; *Testimonio de vista* (1952), no que recolle un feixe de retratos; os debuxos de *Paradojas de la Torre de Marfil* (1952); *Libro de Tapas* (1953), seguido dun *Segundo libro de Tapas* (1957); *Campesinos* (1954), libro de serigrafías; *Figurando recuerdos* (1959), colección de debuxos; *O Meco* (1963), gravados; *Oito tes-*

[194] A noticia sobre outros ilustradores de *Resol* figura na sección que dedicamos ós artistas galegos que reflectiron a vida galega nos anos da República e a guerra civil.

[195] Vx. a edición facsímile en Ediciós do Castro, 1996.

[196] A versión galega, *A soldadeira*, apareceu publicada no *Boletín Galego de Literatura*, nº 11, maio de 1994, pp. 105-165. Dous anos despois publicou a peza Ediciós do Castro en edición de Xosé Luís Axeitos e introducción de Mª Fe González e Armando Requeixo.

tas e dez paisaxes (1973), gravados; *Ramallos, caracolas e outros dibuxos* (1975); *Bestiario* (1976), gravados para poemas de Alberto Girri, e *Imaxens celtas* (1977).

Noutros libros colabora Seoane con escritores ou artistas amigos. Así acontece con *Galicia hoy* (1966), no que participa tamén Isaac Díaz Pardo. Figuran os seus autores cos pseudónimos Maximino Brocos e Santiago Fernández respectivamente. Con Álvaro Cunqueiro e Santiago Montero Díaz colabora Seoane en *Soma de craridades* (1977).

Luís Seoane protagonizou un memorable capítulo da cultura galega de posguerra no exilio: referímono ó seu amplísimo labor no ámbito editorial e da prensa como fundador e creador de editoriais e coleccións, de diferentes revistas e de ilustración de libros[197]. Neste senso, continúa o traballo de Ánxel Casal en Nós, diversificando aínda o seu benemérito quefacer a prol do libro galego antes de 1936.

En efecto, Luís Seoane colabora, xa en 1939, nas coleccións Dorna, Buen Aire e Hórreo da Editorial Emecé ata 1943. Funda a continuacióna Editorial Nova, na que salientan as coleccións Pomba, Camino de Santiago e Mar Dulce, así como El Labrador e a Biblioteca Histórica entre outras.

En 1943 aparece, con Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado, no equipo de dirección da revista *Correo Literario*[198] e en 1945 traballa como ilustrador na Editorial Poseidón. Pouco despois dirixe, con Arturo Cuadrado, as Ediciones Botella al Mar, a súa máis extensa aventura editorial. Nela publica, en castelán, o seu primeiro libro, *Tres hojas de ruda y un ajo verde.* En 1957 crea a Editorial Citania, caracterizada por coleccións como Mestre Mateo, Dolmen de Dombate, Herba de Namorar ou Martín Sarmiento. Contra finais da década de 1960, ilustra os dous derradeiros libros da Editorial Alborada, da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires.

Director dende 1940 da revista *Galicia* do Centro Galego de Bos Aires, Seoane funda e dirixe, en 1954, a revista *Galicia Emigrante*[199], da que tamén é ilustrador. Xa a comezos dos anos sesenta ilustra a meirande parte das cubertas dos libros da Editorial Follas Novas.

A creación e difusión do libro galego alén mar ten o seu eixe, o seu centro de irradiación en Luís Seoane que, co seu fecundo labor, encheu o baleiro sufrido na Galicia peninsular. Bibliófilo afervoado, Seoane viviu no exilio entre libros, en contacto cotián con eles, en permanente esforzo de dignificalos esteticamente e promovelos comercialmente. Foi canle de publicación das obras de moitos exiliados e dese xeito tamén contribuíu a axudalos economicamente nalgúns casos.

Serrano Plaja, Arturo

Naceu en San Lorenzo del Escorial en 1909. Intelectual de esquerdas, republicano convencido, impulsou importantes revistas como *Hoja literaria*, *Octubre* ou *Hora de*

---

[197] Vx. neste senso, *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1994.

[198] *Correo Literario*, edición facsímilie, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro/Xunta de Galicia, 1994. Inclúe un limiar de Xesús Alonso Montero.

[199] *Galicia Emigrante*, edición facsímile, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1994 (3 vols.). Inclúe unha presentación de Francisco Fernández del Riego.

España, nas que colaborou. Como poeta cultivou un lirismo de raíz existencial que amosa a solidariedade co ser humano e o compromiso ético e social. Entre os seus poemario anotamos *Sombra indecisa* (1932), *Destierro infinito* (1936), *El hombre y el trabajo* (1938) e *Versos de guerra y paz* (1945).

Exiliado en Estados Unidos, onde morrería en 1978, derivou cara a un lirismo trascendentalista en *Dios pasa por este perro* (1965). No eido do ensaio cómpre salientar *Realismo mágico en Cervantes* (1967) e *Arte comprometido y compromiso del arte* (1968). En *Resol* (nº 1 da etapa arxentina) está representado coa composición "Los desterrados".

Sigüenza Raimúndez, Xulio

Na Coruña, no ano 1900, naceu Xulio Sigüenza Raimúndez. De novo emigrou a Sudamérica e coñeceu distintos países do continente, dende entón viuse mergullado na realización dun gran labor de espallamento e defensa da lingua e da cultura galegas en países como Cuba, Uruguai e Arxentina. De volta en Galicia exerceu o periodismo e colaborou con diversos xornais e revistas galegos. Foi membro de número da Real Academia Galega. Morreu en Vigo en 1965.

Publicou varios libros de poesía en castelán, a meirande parte en Hispanoamérica. Mencionemos títulos como *De los agros celtas* (1928), *La ruta aventurera* (1928), *Cuaderno del ojo sin sueño* (1930) e *Poemas del Imperio* (1938). O único libro que publicou en galego foi *Cantigas e verbas ao ár* (1928), poemario prologado por Juana de Ibarborou e dedicado "á lembranza perdurábel de Amado Carballo". Por último, dentro do xénero ensaístico, apareceu en Montevideo o seu libro *Galicia, cara y cruz* (1930).

Ademais de pronunciar numerosas conferencias ó longo de toda Hispanoamérica, colaborou profusamente en diversos medios escritos. Na revista *Nós* publicou algúns poemas soltos[200] como "Dos hermos astraes", nº 52, e "Foot-ball" e "Tennis", nº 54. Ademais, dirixiu a revista *Cartel*, de Montevideo. Tamén colaborou con abundantes artigos e coa sección "Cuba, ayer y hoy" no xornal santiagués *La Noche*; en Vigo foi redactor-xefe de *El Pueblo Gallego*, dirixido por Manuel Portela Valladares, e na mesma cidade tamén dirixiu a revista *Nume*. Na última etapa da súa vida, foi redactor de *Faro de Vigo*. En *Resol* aparece representado en dúas das súas entregas. Na primeira temos a reproducción do seu coñecido poema "Tennis" (nº 3, 1932). O seu nome reaparece novamente no nº 8 (1933), nesta ocasión coa composición "Romance del niño infeliz".

Silva Valdés, Fernán

Poeta, narrador e dramaturgo, nacido en Montevideo (Uruguai) en 1887. A carón de Pedro Leandro Ipuche representa a liña da poesía americanista ou nativista do seu país. Situado xeracionalmente xunto con Vicente Basso Maglio, Pedro Leandro Ipuche, Emilio Oribe, Carlos Sabat Ercasty ou Enrique Casaravilla, formulou un novo concepto do nativismo a partir da consideración modernizadora do mesmo no dobre eixe da paisaxe e a tradición nacional, superando a vella restricción ruralista e costumista.

[200] Poemas que logo serían incluídos en *Cantigas e verbas ao ár* conformando as seccións "Dos ermos astraes" e "Sports".

No seu quefacer literario, galardonado en 1970 co Gran Premio Nacional de Literatura, salientamos os poemarios *Humo de incienso* (1917), *Agua del tiempo* (1921), *Poemas nativos* (1925), *Romances chúcaros* (1933) e *Romancero del Sur* (1938). En 1943 apareceu unha *Antología* da súa obra poética e, ó ano seguinte, publicou o ensaio *La moderna poesía lírica rioplatense,* en colaboración con Umberto Zorrilla. Morreu en 1975. Da súa autoría *Resol* (nº 9, 1935) recolle o poema "El nido".

SOUPAULT, Philippe

Figura fundamental do surrealismo francés, Philippe Soupault (nado en Chaville en 1897) iniciouse nas ringleiras do dadaísmo. Amigo de Guillaume Apollinaire, Pierre Reverdy e André Breton, cofundador da revista *Littérature*, ensaiou a escritura automática en *Les champs magnetiques* (1919). Afastado do surrealismo cando A. Breton se achega ó comunismo, Soupault continuou o seu labor poético en *Rose des vents* (1920), *Westwego* (1922), *Georgia* (1926), *Ode à Londres bombardé* (1944), *Odes* (1946) ou *Chansons du Jour e de la Nuit* (1949) entre outros títulos.

A súa narrativa, de inspiración así mesmo surrealista, comeza con *Le Bon Apôtre* (1923) e continúa en *A la dérive* (1924), *Le nègre* (1927) e *Les dernières nuits de Paris* (1928). Entre os seus ensaios literarios anotamos *Alfred de Musset* (1957) ou *Souvenirs de James Joyce* (1943). De grande interese resulta a súa autobiografía, *Le temps des assassins. Histoire du détenu nº 1934* (1945). Temos en *Resol* (nº 5, 1932) o poema "Condamné", único texto en francés que publica a revista.

STEPHENS, James

Poeta irlandés que se caracterizou pola súa filosofía panteísta, exteriorizada nos seus contos de fadas situados nos barrios baixos do Dublín da súa nenez e nos seus poemas compasivos sobre animais. Stephens traballaba como secretario dun avogado cando coñeceu ó poeta irlandés George William Russell, quen o estimulou e o axudou a publicar *Insurrections*, o seu primeiro libro de poesía, en 1909. A súa primeira novela, *The Charwoman's daugnter*, apareceu en 1911 en *The Irish Review*. O seu seguinte libro, *The Crock of Gold* (1912), cun rico tema céltico, estableceu a súa fama. O uso que Stephens fai da ironía suxire afinidades co seu amigo James Joyce. Escribiu *The Demi-Gods* (1914) dun xeito vehemente, pero *Deirdre* (1923) foi construído cunha prosa máis formal e rítmica. O resto da súa obra componse de contos e de poemas líricos. Stephens foi un membro activo do Movemento Nacionalista irlandés, pero cara a 1940 marchou vivir a Londres, onde emitiu frecuentes programas radiofónicos ata a súa morte, en 1950. As súas cartas, editadas por Richard J. Finneran, publicáronse en 1975. Deste autor temos en *Resol* (nº 5, 1932) o poema "Deirdre".

SWENSON, May

May Swenson naceu en Logan, Utah, en 1919 e finou nesta mesma cidade á idade de setenta anos. Desenvolveu un amplo labor no terreo xornalístico e así mesmo no ámbito editorial. Trala súa xubilación en 1966 dedícase exclusivamente á poesía. A súa lírica, de raíz metafísica, ten sido comparada á de Emily Dickinson. Obtivo

numerosos premios entre os que cabe citar o Guggenheim, o Rockefeller e o MacArthur Fellowship.

Entre os seus poemarios mencionamos *Another Animal* (1954), *A Cage of Spines* (1958), *To Mix with Time: New and Selected Poems* (1963), *Poems to Solve* (1966), *Half Sun, Half Sleep* (1967), *Iconographs: Poems* (1970) e *More Poems to Solve* (1971). En *New and Selected Thihgs Taking Place* (1978) reuniu unha selección poética dos seus cinco últimos libros á que engadiu sesenta e tres novos poemas. O seu derradeiro libro foi *In Other Words: New Poems* (1987). En *Resol* (1990) figura co poema "Práctica nocturna".

Tagore, Rabindranath

Escritor hindú nacido en Calcuta en 1861. Estudiou leis en Inglaterra e interesouse pola música e a literatura europeas. De regreso ó seu país publicou *Cartas de un viajero por Europa* (1881) e a continuación o drama musical *Los cantos del crepúsculo* (1882). O ano seguinte, baixo o influxo do misticismo, aparecen os *Cantos de la aurora.*

Despois dunha segunda viaxe a Inglatera escribe os poemarios *Citra* e *El libro de los cumpleaños*, ambos de 1896. O seu ideario nacionalista, independentista, exprésase en *El movimiento nacional* (1904). Xa en 1910 presenta *Ofrenda lírica*, un dos seus máis universais títulos. Convertido nun respectado político, impulsa a vida universitaria do seu país. Nos anos seguintes aparecen algunhas das súas máis salientables obras: *El cartero del rey* (1913), *Ciclo de la primavera* (1916) —dramas— e os poemarios *La luna nueva* (1913) e *El jardinero* (1913). Fantasía, lirismo e tenrura son trazos característicos de toda a súa obra, que en España foi difundida polas traduccións de Zenobia Camprubí, dona de J. R. Jiménez, con grande éxito.

En *Resol* (nº 8, 1933) temos de Tagore un breve fragmento de prosa, "Autor", sobre o tema do neno. En *Cristal*, números 9 e 10 (1933) aparecen reproducidos poemas do seu libro *La luna nueva*, xa mencionado.

Taibo, Victoriano

Poeta e narrador, Victoriano Taibo naceu en Santiago de Compostela en 1885. Estudiou Maxisterio Primario na Escola Normal de Maxisterio e exerceu a docencia, como mestre nacional, en diversas localidades. Adscrito ó movemento galeguista dende novo, colaborou nas Irmandades da Fala, pertenceu ó Instituto de Estudios Históricos do Miño e foi académico de número da R.A.G., institución na que entrou co discurso panexírico "Rosalía de Castro, precursora da fala". Os derradeiros anos da súa vida pasounos en Vigo, onde morreu no ano 1966.

Sitúase no ronsel deixado pola obra de Ramón Cabanillas, aínda que tamén, nalgunha medida, a prol da renovación estética practicada por Manuel Antonio, con quen mantivo relación epistolar. Fronte ós sete libros que conforman o corpus poético de López Abente, Taibo só ten un, *Abrente* (1922), poemario que vai introducido por senllos poemas de Cabanillas e López Abente e no que ecoan diferentes estéticas e resonancias saudosistas e da obra de Pondal, Cabanillas ou Curros. Ademais, publicou unha colección de setenta e cinco cantares, cultos e tradicionais, titulada *Da vella roseira* (1925). Tamén se achegou

ó eido da prosa cun libro de contos populares, *Da agra aberta* (1956), conxunto de relatos costumistas cunha forte inclinación cara ó picaresco. A súa obra destaca pola preocupación lingüística e a procura do purismo e do enxebrismo léxico. Deixou unha abundante obra inédita como a comedia *A estrana,* en colaboración con Xaime Quintanilla, e os poemarios *Cabrinfollas, Abicedo* e *Enxangadas.* Colaborou ademais en diversas revistas como *A Nosa Terra, O Tío Marcos da Portela* ou *Nós.* En *Resol* (nº 3, 1932) figura cunha única composición de carácter popular "Cantar".

Teixeira de Pascoais

Teixeira de Pascoais (nado en Gatão, Amarante, en 1877) é o nome literario de Joaquim Pereira Teixeira de Vasconcelos. Xefe de filas e cabeza visible do movemento do saudosismo, fundou e dirixiu a revista *A Águia* (1910-1920). Arredor da sociedade Renascença Portuguesa, de Porto, congregou a un grupo de artistas e intelectuais como António Carneiro, Jaime Cortesão, Leonardo Coimbra, António Correia de Oliveira, Mário Beirão e Afonso Duarte. Na súa formulación metafísica dos problemas do mal e da dor, Teixeira de Pascoais partiu da frustación nacional provocada polo Ultimatum inglés.

Influenciado polo simbolismo, o saudosismo, que tivo ampla repercusión na lírica galega, resulta ser un desenvolvemento do misticismo panteísta que cultivaron os membros da xeración de 1870 na súa etapa de declive. A idea de progreso e da humanidade foi filtrada polo panteísmo e o espiritualismo, expresados con vaguedade e dende unha actitude idealizadora.

Na obra lírica de Teixeira de Pascoais atopamos claves románticas; como en *Vida Etérea* (1906) ou *Regresso ao Paraíso* (1912). E notas elexíacas a carón de elementos franciscanistas en *Senhora da Noite* (1909), *Marânus* (1911), *O Doido e a Morte* (1913) e *Elegia do Amor* (1924). Nas escolmas *A Poesia de Teixeira de Pascoais* (1945) e *Antologia Poética* (1962) está recollida boa parte da súa obra lírica. Como dramaturgo, é autor de *Jesu Cristo em Lisboa* (1924), en colaboración con Raul Brandão. Escribiu tamén, en prosa, o autobiográfico *Livro de Memórias* (1928). Finado en 1952, os seus *Últimos Versos* (1953) apareceron con carácter póstumo.

Na súa amplísima obra aínda temos que constatar o apartado ensaístico con títulos como *A Era Lusiada* (1914), *Verbo Escuro* (1914) ou *Arte de ser português* (1915). En *Resol* (nº 7, 1933), está representado co poema "Fala do sol".

Torriente Brau, Pablo de la

Na guerra civil interviron —loitando en defensa da República ou como xornalistas— varios escritores cubanos: Lino Novás Calvo, Félix Pita, Carlos Montenegro e Pablo de la Torriente. Este último, cubano nacido en San Juan de Puerto Rico en 1901, foi comisario político no Batallón de El Campesino e morreu loitando na localidade madrileña de Majadahonda en 1936. A súa morte en combate inspirou o poema de Jesús Póveda, "España y Cuba te lloran / fiel camarada Torriente..."[201].

[201] Publicado en *La Voz del Combatiente*, nº 151, 31-III-1937.

A traxectoria literaria de Pablo de la Torriente, que sería un bo amigo de Federico García Lorca, comezou coa publicación do seu conto "El héroe" no *Diario de la Marina* de La Habana no ano 1929. Xa en 1930 publicaba *Batey*, unha colección de contos escritos en colaboración con G. Mazas. Ó ano seguinte, en *105 días presos* recolle a súa experiencia como dirixente político estudiantil oposto á dictadura de Gerardo Machado en Cuba, feito que significou para o escritor a marcha ó exilio en Estados Unidos. Na guerra civil española estivo nas trincheiras, pero ó mesmo tempo traballaba como correspondente de *New Masses* e de *El Machete*, órgano de manifestación do Partido Comunista mexicano.

Varias obras da súa autoría quedaron sen publicar e a súa aparición foi póstuma. Entre elas podemos citar *Peleando con los milicianos* (1938), *Aventuras de un soldado desconocido cubano* (1940) e *La isla de los 500 asesinatos* (1962).

Reproduce *Resol* (nº 1 da etapa arxentina) catro versos do poema "El poeta asesinado", unha das innumerables composicións dedicadas á morte de Federico García Lorca.

VALÉRY, Paul

Nacido en Sète (Francia) en 1871, amigo de P. Louys, A. Gide e S. Mallarmé, colaborador da revista *La Conque*, Valéry foi un poeta antirromántico e tamén afastado do surrealismo. Estudioso das Matemáticas e do Dereito, foi influído por E. A. Poe e máis Baudelaire e interesouse por Leonardo da Vinci, Maxwell, Wells e Stendhal.

Despois de publicar "Soirée avec M. Teste", incluída en *Le Centaure* (1896), le a Nietzsche e G. Cantor. O seu primeiro éxito prodúcese con *La Jeune Parque* (1917). En 1920 publica o seu célebre poema *Le cimietière marin*[202] e tamén o poemario *Album de vers anciens*. Pero foi *Charmes* (1922) o seu máis sólido libro poético. Nel amosa Valéry a súa gran capacidade para expresar en imaxes sensuais o seu pensamento. Sobre os temas do coñecemento e do método publica os seus volumes de ensaios *Analecta* (1921), *Eupalinos ou d'architectre* (1921) e *L'âme et la danse* (1923). Posteriormente aparecen *Regards sur le monde actuel* (1931), *Tel quel* (1943) e *Descartes* (1961).

Nun tempo de crise espiritual quixo manter os valores da razón clásica da civilización occidental. Renovou a crítica psicolóxica e a súa estética estivo sinalada pola pureza. Valéry salientou nos anos de entreguerras como a gran figura das letras francesas e como home de prestixio fóra das fronteiras do seu país. En *Resol* (nº 9, 1935) está representado co poema "Salmo sobre una voz", en traducción ó castelán.

[202] En 1994 apareceu a edición bilingüe (francés-galego), *O cemiterio mariño*, en traducción de Antón Avilés de Taramancos.

VALLE-INCLÁN, Ramón Mª del

Ramón Mª del Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, 1866-Santiago de Compostela, 1936), dramaturgo, novelista, ensaísta e poeta, mantivo xa dende a súa xuventude unha intensa presencia en xornais (*El Sol, El Imparcial, El Mundo, El Globo, El País Gallego, El Universal, Prensa Latina de América*, etc.) e revistas (*España, El Estudiante, Noroeste, La Esfera, Grecia, La Pluma, La Internacional, México Moderno, Blanco y Negro, Por esos Mundos, El Nuevo Tiempo Literario, Labor Gallega*, etc.) nos que publicou artigos, poemas, cartas e adiantou fragmentos dalgunhas das súas obras.



Valle-Inclán, por Maside

Valle-Inclán recibira con entusiasmo a chegada da República, que lle outorgou algúns cargos para axudalo economicamente. Con anterioridade, tiña declarado a súa proximidade ás propostas ideolóxicas do socialismo e do comunismo.

A súa derradeira estadía en Galicia ocupa boa parte do ano 1935. Na primavera chega, moi enfermo, a Santiago de Compostela. O seu internamento no sanatorio do doutor Villar Iglesias non lle impide asistir ás tertulias do Derby e do Español, ás que, como xa dixemos, asisten os escritores e artistas novos (Luís Seoane, Carlos Maside, Ánxel Fole, Domingo García-Sabell, Arturo Cuadrado, Álvaro Cunqueiro, Arturo Souto, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Colmeiro, Luís Manteiga, etc.) Pasea de cando en vez pola Ferradura con Otero Pedrayo, García-Sabell, Maside e outros acompañantes.

En xuño de 1935, no primeiro Congreso de Escritores en Defensa da Cultura celebrado en París, acórdase a creación dunha Asociación Internacional na que Valle-Inclán é o único representante español. No xornal *Ahora* de Madrid publica o seu derradeiro artigo (2-X-1935), no que comenta un libro de Manuel Azaña. Morre o día 5 de xaneiro de 1936 e ó día seguinte é soterrado no cimiterio de Boisaca. Francisco Asorey fixo a masacariña da súa faz e Juan Luis López, Carlos Maside e Castelao fixeron debuxos, retratos e apuntes do seu cadáver.

A folla literaria dos luns de *El Combatiente*, do 9-I-1939, estivo integramente dedicada á súa memoria. Pero xa dende marzo de 1936 aparecen por entregas, nas páxinas de *Ahora*, a súa novela póstuma *El trueno dorado*, integrada na serie "El Ruedo Ibérico".

En *Resol* (nº 5, 1932) está representado cun poema, "Alegoría", un soneto de temática americanista con claros ecos do modernismo e afastado da estética esperpentizante. O poema localízase como Clave XI do poemario *El pasajero* (1920), segundo dos tres que Valle-Inclán publicou. Só cómpre lembrar aquí a profunda admiración que lle profesou Ánxel Fole dende os seus anos mozos ó autor de *Divinas Palabras*.

Vallejo, César



César Vallejo, por Picasso

A tese de doutoramento, "El romanticismo en la poesía castellana", constitúe a primeira toma de contacto con España do poeta e narrador peruano César Vallejo (Santiago de Chuco, 1892). A segunda, xa en París, foi a súa amizade co poeta Juan Larrea, pois con el funda e dirixe a revista *Favorables, París, Poema* (1926), que tirou só dous números. A terceira, xa en 1930, foi a súa presencia na madrileña revista *Bolívar*, na que publicou unha reportaxe da viaxe que en 1928 fixera a Rusia. A comezos da década dos anos trinta vive en Madrid, ingresa no Partido Comunista español e asiste á proclamación da República.

Conmovido pola guerra española, colabora na prensa de esquerdas e publica o poemario *España, aparte de mi este cáliz* (1939), un dos mellores libros escritos sobre o noso acontecer bélico, de aparición póstuma. O poeta morre en París en 1938.

En *Resol* (1990) está representado co poema "Marcha nupcial", pertencente ó libro *Poemas humanos* (1939), de publicación póstuma.

Vaz de Camões, Luís

Quen ía ser a gran figura do Renacemento portugués, indiscutible clásico e poeta nacional do seu país, naceu en Lisboa en 1524. A súa infancia e parte da xuventude pasounas en Coimbra, onde se formou culturalmente e comezou a escribir os seus primeiros poemas. Estudiou tamén na Universidade de Lisboa. Sen medios económicos, emprendeu a carreira militar. Combateu en África e residiu en Ceuta. Retornado a Lisboa en 1549, entrou ó servicio do rei e continuou a escribir poesía. Sobre 1553 embarcou á India, residiu en Goa e Macao. Logo marchou a Mozambique, onde soportou intres de pobreza, pero os seus amigos e admiradores facilitáronlle o regreso a Lisboa e pagaron as súas débedas económicas.

En 1570 preparou a edición da súa magna epopeia, *Os Lusíadas*, que apareceu en 1572. Morreu na capital lusa en 1580.

Camões[203] é tamén autor dunha interesante obra lírica, composta de sonetos, odas, elexías, cancións e pastorelas. En 1580 os amigos do poeta publicaron parte da súa obra no volume *Rimas*. A súa obra dramática, conectada co teatro clásico, co español e co de Gil Vicente, posúe menor interese. En *Resol* (nº 7, 1933) Camões está representado coas "Endechas a Bárbara Escrava".

[203] Entre os investigadores galegos que estudiaron a súa figura, cómpre salientar os traballos de Xosé Filgueira Valverde, *Camões*, Barcelona: Ed. Labor, 1958 e a participación no libro colectivo *Cuatro lecciones sobre Camões*, Madrid: Fundación Juan March, 1981.

VEGA, Carlos

Folclorista e músico arxentino nado en Cañuelas (Bos Aires) en 1898. Director do Instituto de Musicoloxía e técnico de folclore da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires, percorreu o seu país como investigador da lírica popular. Fixo tamén labores de musicoloxía por diversas nacións de Hispanoamérica.

Ademais das súas colaboracións en revistas literarias e musicais, escribiu unha ampla serie de estudios como *Escalas con semitonos en la música de los antiguos peruanos* (1932), *La flauta de pan andina* (1936), *Danzas y canciones argentinas, teorías e investigaciones. Un ensayo sobre el tango* (1936), *Los bailes criollos en el teatro nacional* (1937), *Bailes tradicionales argentinos* (1940), *La música popular argentina: fraseología* (1941), *Panorama de la música popular argentina con un ensayo sobre la ciencia del folklore* (1944), *Instrumentos musicales aborígenes y criollos de la Argentina* (1946) e *La ciencia y el folklore* (1960). A carón de Silvia Eisenstein orquestou numerosas danzas populares, rexistradas nos discos de "Colección de danzas y canciones argentinas".

De moito menor entidade é a súa obra literaria. No terreo da narrativa publicou *Agua* (1932), *Cardales. Las bestias* (1941) e *Cantos mínimos* (1933) xa no terreo da lírica. Finou en 1966. En *Resol* (nº 9, 1935) figura representado, como poeta lírico, coa composición "Hombre".

VERLAINE, Paul

Poeta representativo do movemento simbolista francés, admirado e cantado por Rubén Darío, naceu en Metz en 1844. Revelouse con *Poèmes saturniens* (1866), baixo a pegada de Charles Baudelaire, libro seguido por *Fêtes galantes* (1869) e *La bonne chanson* (1870). Foi tamén amigo de Arthur Rimbaud, que inflúe no seu poemario *Romances sans paroles* (1874).

Home de vida tráxica e atormentada, viaxou por Bélxica, Alemaña e Inglaterra. Víctima de alcoholismo e de transtornos mentais, deixou unha abondosa producción lírica da que salientamos —ademais dos xa citados— títulos como *Jadis e naguère* (1885), *Amour* (1888), *Femmes* (1890), *Bonheur* (1891), *Chansons pour elle* (1891), *Liturgies intimes* (1892), *Elégies* (1893) ou *Invectives* (1896). Hai nestes libros composicións eróticas, relixiosas, amorosas, fúnebres e aínda satíricas.

No terreo da prosa estudiou a Rimbaud, Carbière e Mallarmé no seu ensaio *Les poètes maudits* (1884). Retallos da súa vida están recollidas en *Mes hôpitaux* (1892). Verlaine foi un poeta impresionista e no seu verso salientan os valores plásticos, cromáticos e musicais. En *Resol* (nº 1, 1932) temos o seu poema "Hoy llora en mi corazón".

VICENTE, Gil

Aínda que sen confirmación definitiva, os biógrafos do escritor estiman que naceu en Lisboa en 1465. Recoñecido como un dos grandes clásicos das letras portuguesas, foi o máis importante dramaturgo do Renacemento do seu país. Sen tradición dramática —as súas obras foron as primeiras representadas en Portugal—, chegou ó teatro

seguindo o exemplo de Juan de la Encina. A súa dramaturxia amosa múltiples fontes de inspiración, orixinal asimilación dos modelos da época e fonda veta de lirismo. Foi dramaturgo de palacio e do medio cento de pezas da súa autoría, once están escritas en castelán, de acordo co bilingüismo da corte lusa naqueles anos.

Entres as súas pezas máis celebradas temos *Auto pastoril castellano* (1502), *Auto de San Martín* (1504), *Quem tem farelos* (1515), *Auto da barca do inferno* (1517), *Auto da barca do purgatorio* (1518), *Comédia de Rubena* (1521), *Farsa dos Físicos* (1524), *Comédia do viúvo* (1524), *Nau de amores* (comedia, 1527)[204], etc.

En *Resol* (nº 7, 1932) está representado cun breve fragmento dunha peza de Nadal, a moralidade dos *Mistérios da Virgem*, comunmente coñecida como *Auto de Mofina Mendes*, representada por vez primeira en 1515 e logo en 1534.

Vidal Martínez, Xoán

Poeta máis en castelán que en galego, Xoán Vidal Martínez naceu en Pontevedra en 1902. A súa vida estivo moi vencellada á de Luís Amado Carballo. Con el fundou a Editorial Alborada, que ademais da revista do mesmo nome (*Alborada*[205], 1922), publicou *Proel* (1927), o primeiro libro de Amado Carballo, e —no mesmo ano— *Alcor*, de Xoán Vidal Martínez. Foi, ademais, o responsable de reunir o material poético de *O Galo*, segundo e xa póstumo poemario de Amado Carballo, que foi custeado por un grupo de amigos do poeta.

Integrante da xeración de 1925, cultivador do hilozoísmo, Xoán Vidal, que exerceu moitos anos como mestre, colaborou en *Nós* e, sobre todo, impulsou a fundación de *Cristal* (1932), a revista poética pontevedresa, na que deixou mostras da súa lírica. En galego o seu único poemario foi *Mágoas* (1921), con prólogo de Amado Carballo. A súa derradeira entrega poética foi *Evasión*, que acusa a pegada do ultraísmo e do dadaísmo. Nas páxinas de *Alborada* deixou algunha breve mostra de prosa en galego.

Colabora en *Resol* en dúas ocasións, no nº 3 (1932) e no nº 9 (1935), cos poemas "Nouturnio" (en galego) e "San Fiz" (en castelán), respectivamente.

Villar Ponte, Antón

Naceu na vila luguesa de Viveiro no ano 1881. Estudiou Farmacia en Santiago para despois rexentar unha botica en Foz, na que se celebraban animadas tertulias frecuentadas por escritores como Noriega Varela. En Foz estrearíase no xornalismo anticaciquil colaborando no xornal local *¡Guau, guau!*. Despois marcha a Madrid para dedicarase ó xornalismo, á política e á creación literaria. Xa consagrado ó periodismo ingresa na redacción do republicano *El País* (Madrid) e funda en Viveiro o semanario *Nueva Brisa*. En 1908 marcha para A Habana onde contacta con Cabanillas e Basilio Álvarez e dirixe o *Diario Español*, e as revistas *Alma Gallega* e

[204] Obra estreada polo Centro Dramático Galego o 16 de outubro de 1995. Esta montaxe foi publicada no volume de Cándido Pazó González, *Nau de amores*, Santiago de Compostela: IGAEM, 1995.

[205] De *Alborada*, que só tirou catro números todos eles en 1922, existe unha edición facsímile publicada por Sotelo Blanco Edicións en 1990. Conta esta edición cunha presentación de Xosé Filgueira Valverde.

Follas Novas. De volta en Galicia, como correspondente do *Diario de la Marina* e *Correspondencia,* intensifica o seu labor xornalístico chegando a ser Presidente da Asociación de Prensa da Coruña.

En 1916, as súas colaboracións en *La Voz de Galicia,* despois publicados no volume *El nacionalismo gallego: nuestra afirmación regional* (1916), promoven a fundación da primeira Irmandade da Fala e a aparición do primeiro nacionalismo que vai ter no semanario *A Nosa Terra* (1916-1936), fundado e dirixido por el mesmo, o seu órgano de expresión. En 1919 participa na fundación do Conservatorio Nazonal de Arte Galego e dende 1920 colabora na revista *Nós* e intégrase no Seminario de Estudos Gallegos. Posteriormente, en 1929, participa na fundación de ORGA e representando a esta agrupación será deputado nas Cortes Constituíntes de 1931. En 1934 intégrase no Partido Galeguista sendo elixido deputado en febreiro de 1936, mais non chegou a prometer a representación, xa que morreu en marzo dese mesmo ano.

Villar Ponte, por Maside

Ademais de ensaios políticos publicou estudios sobre o desenvolvemento teatral cunha concepción que se axusta á idea política instrumental deste xénero que sempre defendeu. É aínda hoxe un autor por estudiar e recuperar, ben que consideremos os seus traballos de carácter teórico respecto da práctica teatral —como o incluído no nº 10 de *Resol,* "Teatro Galego"—, ben que nos centremos nos seus textos dramáticos, entre os que sobrancean *A patria d'o labrego* (1905), dedicada a Santiago Rusinyol; *Entre dous abismos* (1920), alegato en contra da superstición popular; *Almas mortas* (1922), patético retrato da emigración; *O mariscal*[206](1926) e *Tríptico*[207] (1928). Posteriormente dá ó prelo *Os evanxeos da risa absoluta* (1934), peza verdadeiramente rupturista que supuxo o seu recoñecemento definitivo neste xénero. Postumamente, en 1997, aparece *A festa da malla*[208], peza dramática inédita á que o Centro Dramático Galego tivo acceso durante a elaboración da montaxe de *Como en Irlanda*[209].

Por outra banda, *Nouturnio de medo e morte* (1935) é unha excelente proposta expresionista por se tratar dun ensaio de obra tremebunda ó estilo dos romances de cego e *Dous folk-dramas de Yeats* (1935). Nos seus ensaios teoriza sobre a necesidade de buscar nas lendas e tradicións populares os temas do noso teatro, cara á creación dun "drama popular" con fonda entraña lírica á maneira dos dramaturgos irlandeses Synge e Yeats. Xa fora do eido teatral, é autor da novela *Villahermosa* e do romance *Rapsodia bohemia.*

---

[206] Peza asinada conxuntamente con Ramón Cabanillas, mais todo apunta a que Antón Villar Ponte só é autor do prólogo e do guión do texto.

[207] Do caciquismo: *A patria d'o labrego* (1905). Da superstición: *Entre dous abismos* (1920). Da emigración: *Almas mortas.* (1922). Como xa quedou apuntado, estas tres primeiras pezas teatrais foron publicadas inicialmente por separado e, en 1928, nun mesmo volume.

[208] Antón Villar Ponte, *A festa da malla,* edición de Noemí Pazó e Dolores Vilavedra, estudio introductorio de Manuel F. Vieites, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, 1997.

[209] Posta en escena en 1996 do Centro Dramático Galego baseada nas obras de Antón Villar Ponte, *Nouturnio de medo e morte* e de J. M. Synge, *Xinetes para o mar.* Neste mesmo ano foi publicado polo IGAEM o texto escenificado dentro da súa colección Centro Dramático Galego.

Moito do seu labor estrictamente xornalístico está recollido en *Escolma de artigos nazonalistas* (1936), onde se reúnen moitas das páxinas de divulgación da ideoloxía galeguista e de loita política espalladas por distintas publicacións periódicas. Finalmente, en 1971, e baixo o título de *Pensamento e sementeira*, publícase unha escolla dos seus ensaios, conferencias e discursos xa aparecidos en xornais e revistas como *A Nosa Terra, Nós, El Noroeste, Nueva Brisa, El Combate, El Pueblo Gallego, Galicia* ou *El Sol*. Morreu na Coruña en 1936.

VIQUEIRA, Johán Vicente



Viqueira, por Cebreiro

Nado en Madrid (1886) e levado a Galicia ó pouco de nacer, fixo en Betanzos os seus estudios medios. Retornou a Madrid en 1898 e foi alumno da Institución Libre de Enseñanza. Estudiou Filosofía e Psicoloxía en Madrid, París e Leipzig, así como en Berlín e Gotinga. H. Bergson, Wundt e Müller foron algúns dos seus mestres. Doutorouse na Universidade de Madrid en 1913 e catro anos despois gañaba a cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Ética do Instituto Xeral e Técnico de Santiago de Compostela, pero de seguida pasa ó da Coruña.

Instalado no Instituto da capital coruñesa, contacta cos homes da Xeración Nós (Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Losada Diéguez) e colabora nas páxinas de *A Nosa Terra*. Participa, con Ánxel Casal e Antón Villar Ponte, nas Irmandades da Fala, que chegará a presidir.

A actividade galeguista de Viqueira sitúase en 1917 como punto de partida. Daquela comeza a empregar o galego nos seus discursos e artigos. Escribe sobre os problemas de Galicia: o ensino, a fala, a Universidade, a cultura, etc. A súa morte temperá, en 1924, interrompeu unha vida que con seguridade podería ter sido de fundamental trascendencia para a cultura de Galicia.

De Johán Vicente Viqueira publicouse en 1930 un volume de *Ensayos y poesías*. Pero en 1974, ano no que lle foi dedicado o Día das Letras, apareceron seleccións e escolmas dos seus artigos e escritos; así, *Escolma de textos políticos, ensaios e poesías* (con prólogo de García Sabell), *Escolma de prosa e verso* (cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela), *Escolma de traballos* (publicación da Real Academia Galega), etc. En *Resol* (nº 10, 1936) está representado con "Cantar de berce".

VIZOSO FERNÁNDEZ, Xosé

Nado en Mondoñedo en 1950, á idade de 18 anos entra a traballar no Grupo Sargadelos ó lado de Isaac Díaz Pardo, o seu mestre, formando parte do equipo de deseño da citada empresa, posto que segue a desempeñar na actualidade.

Escultor e cartelista, Xosé Vizoso destaca principalmente como ilustrador. Así, son preto dunha vintena os libros[210] nos que colaborou, tanto con debuxos de cuberta como con ilustracións interiores. Entre estes salientamos *A saga dun afiador* e *A diáspora*, de Daniel Cortezón; *Chegan forasteiros* e *O Carballiño de Buxo*, de Xosé Neira Vilas; *Catro pezas inéditas do Teatro de Eduardo Blanco Amor*, edición de Luís Pérez; e a versión galega a cargo de Xosé Neira Vilas de *O Camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier. No número homenaxe de *Resol* (1990) figura cunha caricatura de Arturo Cuadrado[211].

WHITMANN, Walt

Escritor norteamericano nado en 1819 e finado en 1892. Traballou no ensino e no xornalismo e neste último ámbito chegou a dirixir o *Daily Eagle* de Brooklin. Trátase dun poeta universal, autor sen embargo dun único libro poético, *Leaves of grass*, que aparecera en 1855, en tipografía feita a man polo propio autor. O libro, mal recibido pola crítica e considerado escandaloso polas metáforas sexuais da súa linguaxe poética, foi obxecto de numerosas edicións que incorporan novos poemas. Whitman encarna a figura do gran bardo que fala nos seus versos de si mesmo e da colectividade humana nun ton elevado e intenso. A vida, a morte e o erotismo son tres grandes eixes do exaltado canto lírico do poeta, que se move entre o paganismo e o misticismo.

A guerra civil ou de secesión —evocada no libro de memorias *Specimen days* (1882)— ecoa tamén nos versos de *Leaves of grass*, que non obstante é un poemario fortemente vitalista e alcanza unha significativa dimensión simbólica. Moitos poetas norteamericanos acusaron a pegada de Whitman, particularmente os integrantes da *beat generation*, encabezados por Allen Ginsberg. En *Resol* (nº 5, 1932) está representado cun único poema, "Imperturbable".

[210] A práctica totalidade das obras nas que participa foron publicadas por Edicións do Castro, editora que forma parte do Grupo Sargadelos.

[211] Trátase —fronte ó resto das ilustracións presentes en *Resol*, que están sempre tomadas de fontes previas— do único debuxo feito a propósito para esta revista.

RESOL

HOJILLA VOLANDERA DEL PUEBLO

FOLLA VOANDEIRA DO POBO

GALICIA (1932-1936)

BOS AIRES (1937-1938)

GALICIA (1990)

EDICIÓN FACSÍMILE

Regol

1

mayo 1932

hojilla volandera del pueblo

LUNA DE MIEL

Colmena del alma mía,
colmena de atardecer;
tu luna que era de cera
por la mañana es de miel.

Opalos. Añil.
Nácar en rebaños.
Alba. Abril.

Se está llenando la alcoba
de incienso de madrugada.
En la pantalla de china
hay doce abejas, pintadas

La luna lunera
se quedó amarilla.
¡Ay, qué pena!...

Bruñe la luz de la lámpara
la caoba del lecho, rubia;
sueñan en el despertar
las dos cabecitas, juntas.

Seis de la mañana.
Peinado de nube,
viaje de alga.

Hay un rumor de colmena
o de aliento de ventura;
la abeja del corazón
saca su miel de la luna.

Desprecia las nubes
otra vez, lunita,
rompe-azules.

Sólo el vuelo de un suspiro,
en el silencio en flor, liba.
No hay amor como el primero
ni sueño como la vida.

¿Va a dar el reloj
o es ruido de besos?
No. ¡Por Dios!

La luna da más dulzura
que el oro de las aliagas,
luna del amanecer
de miel y cera sin llamas.

Mauricio Bacarisse.

SERRANILLA

Moça tan fermosa
Non vi en la frontera,
Como una vaquera
de la Finojosa.
Façiendo la vía
del Calavatreño
Á Sancta María,
Vencido del sueño
Por tierra fragosa
Perdí la carrera,
Do vi la vaquera
De la Finojosa.
En un verde prado
De rosas é flores,
Guardando ganado
Con otros pastores,
La vi tan graciosa
Que apenas creyera
Que fuera vaquera
De la Finojosa.
Non creo las rosas
De la primavera
Sean tan fermosas
Nin de tal manera
Fablando sin glosa,
Si antes sopiera
D' aquella vaquera
De la Finojosa,
Non tanto mirara
Su mucha beldat,
Porque me dexara
En mi libertat.
Mas dixe: «Donosa
(Por saber quién era),
¿Dónde es la vaquera
De la Finojosa?...
Bien como riendo,
Dixo: «Bien vengades
Que ya bien entiendo
Lo que demandades:
Non es deseosa
De amor, nin lo espera,
Aquesa vaquera
De la Finojosa.

Marqués de Santillana.

LA MONJA GITANA

Silencio de cal y mirto.
Malvas en las hierbas finas.
La monja borda alhelíes
sobre una tela pajiza.
Vuelan en la araña gris,
siete pájaros del prisma.
La iglesia gruñe a lo lejos
como un oso panza arriba.
¡Qué bien borda! ¡Con qué gracia!
Sobre la tela pajiza,
ella quisiera bordar
flores de su fantasía.
¡Qué girasol! ¡Qué magnolia
de lentejuelas y cintas!
¡Qué azafranes y qué lunas,
en el mantel de la misa!
Cinco toronjas se endulzan
en la cercana cocina.
Las cinco llagas de Cristo
cortadas en Almería.
Por los ojos de la monja
galopan dos caballistas.
Un rumor último y sordo
le despega la camisa
y al mirar nubes y montes
en las yertas lejanías,
se quiebra su corazón
de azúcar y yerbaluisa.
¡Oh!, qué llanura empinada
con veinte soles arriba.
¡Qué ríos puestos de pie
vislumbra su fantasía!
Pero sigue con sus flores,
mientros que de pie, en la brisa,
la luz juega el ajedrez
alto de la celosía.

Federico García Lorca.

BERLÍN EN NÚMEROS

¡Contemplemos estadísticamente a Berlín!
Berlín es una extensa ciudad
que tiene 190 cajas de socorro para enfermos
y 916 ha de cementerios.
53.000 berlineses mueren al año
y sólo vienen al mundo 43.000.
Pero la diferencia no es un peligro para la ciudad
porque recibe 60.000 berlineses por inmigración.
¡Hurra!
Berlín posee hasta 900 puentes
y consume en carne 303.000.000 de kilos.
Berlín tiene al año unos 40 asesinatos con éxito.
Y su calle más ancha se llama Kurfürstendamm
Berlín tiene anualmente 27.600 accidentes.
Y 57.600 habitantes abandonan la religión y la fe
Berlín tiene 606 quiebras, reales y fingidas,
y 700.000 gallinas, gansos y palomas.
¡Aleluya!
Berlín tiene 20.100 tabernas y restaurantes,
6.300 médicos y 8.400 modistos
y 117.000 familias que de buena gana tendrían casa
Pero no la tienen. Es lástima.
¿Vale la pena leer tales números?
¿O no son instructivos y solamente lo parecen?
Berlín está habitado por 4.500.000 hombres
y sólo, según la estadística, por 32.600 cerdos.
¿Qué opinan ustedes?

Erich Kästuer.

◆ NOXVOS

Primaveira galanada
con collares de luar
e con pendentes de estrelas
está ô seu noivo a agardar.
Domente os ventos de Marzo
tecen seu manto de noiva
pregunta ao paxaro sabio
degarante e ruborosa:

Cuco-rey
rabo d' escoba
cántos días faltan
para a miña boda?

O paxaro decontado
poñíase a cantar
e o corazón latexante
estaba a moza á contar:

Un, dous, tres,
te non trabucache
meu bô cuco-rey?

Domente qu' ela escoitaba
tremecida de vergonza
xa estaba Mayo galán
entrándolle pol-a porta.

Luis Amado Carballo.

Rosas de Septiembre

Solo el olor de unas flores...
Hoy, al sol dorado y tibio,
mi jardin está llorando,
mi casa está de suspiros.
...Las flores huelen a ella;
son de un rosa triste y frívolo,
como aquel rosa con grises,
de su cuerpo florecido.
—¡Rosa triste, triste ahora,
alegre ayer, cuando el frío
no era de aquí, cuando el sol
doró el oro del idilio!—
Ayer..., fué su cuerpo rosa,
y mío, y rosa, vestido
de seda blanca, por toda
la casa... Después...
¡Dios mío,
solo el olor de unas flores!...
este olor que va conmigo,
que huele a ella y no es ella,
que es mudo, que está sombrío...
—¡Y cómo huelen las flores,
cuando una mujer se ha ido,
cuando todo = alma, jardín,
casa = se queda vacío!...—

Juan Ramón Jiménez.

Primavera de Londres

La aurora baja en ascensor
Londres no ha oído jamás un gallo
no tiene fuentes para lavarse el corazón
Los joyeros exponen
collares de lágrimas en sus vidrieras
Los peluqueros
han olvidado sus cuentos de hadas
Todos los días en las calles uniformes
los mismos muertos se abandonan
cansados de la lluvia
cansados del pan muy caro
La verdadera vida corre bajo los puentes
Nosotros los que pasamos
lo comprendemos demasiado tarde
Nosotros llevamos nuestras penas
de una a otra orilla
de la una a la otra
¡Oh! Padre nuestro
danos nuestro pan cotidiano
para no reventar de aburrimiento.

Ivan Goll.

BAILARINA ESPAÑOLA

Como en la mano una cerilla, blanca,
antes de hacerse llama, a todas partes
vibrantes lenguas lanza, así en el círculo
de espectadores, rauda, clara, ardiente,
se abre vibrante su redonda danza.

Y de repente se hace llama toda.

Con su mirada enciende su cabello
y todo su vestido, en arte osado,
de pronto en este incendio se devana,
del cual como serpientes asustadas
salen los brazos castañeteando.

Y como si le fuera escaso el fuego,
lo recoge y lo tira todo junto
magnifica con un gesto orgulloso
y lo mira: él está rabiando en tierra
y sigue flameante y no se rinde—.

Más vencedora, firme y con un dulce
sonreir de saludo, alza la cara
y con sus pies menudos lo patea.

(Traducción de Abelardo Moralejo.) **RAINER MARIA RILKE**

LAS ALGAS

Las algas negro cerrado
que traje de junto al mar,
las guarda un misal cerrado
donde suelo meditar.

Cuando abatido y cansado
voy el misal a hojear,
dentro del libro encantado
las oigo a veces llorar.

Es que se acuerdan de cuando
vivían todas en bando
junto a los peces y arenas.

Y pienso al ver esos trapos:
las algas son los harapos
del traje de las sirenas.

Antonio Nober.

LA MADRE

«¡Hoy solamente los crueles
carecen de ira!
¡En el mundo tenemos
dolor con exceso!
¡Hijo mío! Si es que debes matar,
¡asesina, asesina, asesina!
No hay grito más santo
ni lanza
más digna,
que el grito que grita: «¡Venganza!»
Pero, ¡ay!, hijo mío,
¡en el exterminio
no seas un ciego, ni un palo sin ojos!
Y, al matar, acuérdate
que, de niño soñabas dichoso
que tu pecho vivía
pleno
de candor, de alegria,
sobre el tibio regazo materno!»

Sonnia Dubnova.

Hoy llora en mi corazón

Hoy llora en mi corazón
Como llueve en la ciudad.
¡Oh qué lánguida emoción
Penetra en mi corazón!
¡Oh de la lluvia el sonido,
Sobre el suelo y los tejados!
¡Oh al corazón aburrido
Su monótono gemido!
Hoy llora en mi corazón
Que se abandona y desmaya,
¿Acaso alguna traición?
Se ha enlutado sin razón,
Y es ése el mayor dolor,
Que sin saber el porqué,
Sin sentir odio ni amor
Sienta el pecho tal dolor.

Paul Verlaine.

EL ESTUPENDO CORNUDO

(SEGUNDO ACTO)

BRUNO. (Al joven).

¿Es para una carta de amor?

EL JOVEN. Sí.

BRUNO (secamente). Son veinte perras. (Ríe malévolo).

¡Ah, ah, todos son lo mismo! ¡Imbécil! ¿Qué haces tú en la vida, además del amor? ¿Tú no eres de aquí?

EL JOVEN. De Oostkerque. Soy tonelero.

BRUNO. ¿Llenas de lágrimas tus toneles?

EL JOVEN. Sí... (Baja la cabeza y llora).

BRUNO. ¿Y vienes de Oostkerque aquí para cortar un manojo de bellas frases? ¡Ah, ah! ¡Pierdes medio jornal y dos medias suelas por una mujer! ¿Pero tú has visto alguna mujer que valga un par de botas? Tú las has visto a todas y no has visto a ninguna.

A tu disposición muchacho. Escribiré tu carta.

EL JOVEN. Nos hablamos desde hace un mes. V ella ya me mira con indiferencia.

BRUNO. Naturalmente... No añadas palabra. He comprendido. De esto sé yo mucho. Escribe, Estrugo, escribe:

(Dicta).

«¡Ingrata, pérfida (con dos mayúsculas) y tiernamente amada! (con dos minúsculas). Cuando íbamos cogidos de la mano, tan cerca el uno del otro que ya no éramos más que una sola luz y una sola sombra, las gentes nos veían pasar, envidiosas y coléricas, creyendo que les robábamos nuestra felicidad. ¡Ah, vuelven a ser ricas ahora!»

(Se interrumpe).

(Mira al joven con desprecio. Este reflexiona profundamente).

EL JOVEN (decide). Justo.

(Luego se yergue exaltado).

¡Qué poeta, qué poeta!

(Pero la mirada fría de Bruno le vuelve a hacer sentarse).

¡Oh, perdón...!

BRUNO (dicta). «¡Mi paloma, lámpara frágil, flor de nieve! Mi corazón está bajo tu mirada como un pájaro bajo las plumas de su madre. Tu labio está henchido de juventud y presto a fundirse como un fruto de los trópicos.»

(Dictando se exalta; creyendo, sin duda, que el joven quiere interrumpirle, dice con furor:)

¡Silencio!

EL JOVEN (maquinalmente). ¡Perdón!

BRUNO. Escribe, Estrugo, escribe.

«¡Ay, te alejas ya sin volver la cabeza, como un huésped ingrato!

¡Pero, cuidado! Si desprendes tu alma de la mía, si tu pensamiento deja de ser el molde fiel de mis pensamientos, te mataré!

El joven (asustado). No...»

BRUNO. «... Si oigo en tu lenguaje una palabra que desentone a mi oído, te mataré!

EL JOVEN. No, no.

BRUNO. «... Si te miras tres veces en el espejo sin reir, si cambias los pliegues de tu falda sin motivo...»

(Presa de una agitación singular) ¡La mataré! ¡La mataré esta misma tarde, si tengo la menor prueba de su traición...! Mi fusil está allí, cargado hasta la boca.

(Esta vez el mismo Estrugo se yergue estupefacto).

(Pero Bruno se domina y ríe hasta más no poder).

No es nada... La inspiración me saca a veces de quicio. Nubes de mi espíritu tormentoso. Concluiré por someter mi vida a los caprichos de mi imaginación.

¡Tranquilízate!

Es cierto; a veces no acierto a desenredar los hilos embrollados del ensueño y de la realidad. ¿Dónde estábamos ya? Escribe, Estrugo.

Querido, dame otros detalles para concluír.

¿Tu hermosa es de Oostkerque como tú?

EL JOVEN. ¡Oh no, vive aquí en la aldea!

FERNANDO CROMMELYNCK.

TIP. PAREDES - SANTIAGO

2

Resol

junio 1932

hojilla volandera del pueblo

COPLAS

O rauiosas tentaciones!
dadme un poco de vagar,
en que me pueda quexar
de tantas tribulaciones
quantas sufro padesciendo,
y he sofrido penando,
atantas veces muriendo,
que la mi vida que atiendo
ya la maldigo llorando.

Ven por mí, muerte maldita,
perezosa en tu venida,
porque puedas dar finida
a la mi cuyta infinita:
rasga del todo la hoja
do son escritos mis días,
y del mi cuerpo despoja
la vida que tanto enoja
las tristes querellas mías.

Por te amar desamo a mí,
y eres mi tanto querida;
pues quieres muerte por vida,
muriera quando nascí,
o me quisieran do quiero;
o no nasciera en el mundo;
y pues tanto mal espero,
fuera yo el hijo primero
y nunca fuera el segundo.

FIN

Si el nacer fuera en mi mano,
yo mas quisiera no ser
que auer sido y nascer
para morir tan temprano:
ca ninguna mal andança
no me diera tanta guerra,
ni la bienauenturança,
me pusiera en esperança
si ante fuera so tierra.

Juan de Mena.

ARDOR

ARDOR. Cornetines suenan
tercos, y en las sombras chispas
estallan. Huele a un metal
envolvente. Moles. Vibran
extramuros despoblados
en torno a casas henchidas
de reclusión y de siesta.
En sí la luz se encarniza:
¿Para quién el sol? Se juntan
los sueños de las avispas.
¿Quedará el ardor a solas
con la tarde? Paz vacía:
cielo abandonado al cielo,
sin un testigo, sin línea...
Pero sobre un redondel
cae de repente y se fija,
redonda, compacta, muda,
la expectación: ni respira.
¡Qué despejado lo azul,
qué gravitación tranquila!
Y en el silencio se cierne
la unanimidad del día,
que ante el toro estupefacto
se reconcentra amarilla.
¡Ardor: reconcentración
de espíritus en sus dichas!
Bajo Agosto van los seres
profundizándose en minas.
¡Calientes minas del ser,
calientes de ser! Se ahincan.
Se obstinan profundamente
masas en bloques. ¡Canícula
de bloques iluminados,
plenarios, para más vida!
Todo en el ardor va a ser,
¡Amor!, lo que más sería...
—¡Ser más, ser lo más y ahora,
alzarme a la maravilla
tan mía, que está aquí ya,
que me rige: la luz guía!

Jorge Guillén.

COPLAS DIZIENDO QUE COSA ES AMOR

Es amor fuerça tan fuerte
que fuerça toda razon;
vna fuerça de tal suerte
que todo seso conuierte
en su fuerça y afición:
vna porfía forçosa
que no se puede vencer,
cuya fuerça porfiosa
hacemos mas poderosa
queriendonos defender.

Es plazer en que ay dolores,
dolor en que ay alegría,
vn pesar en que ay dulçores,
vn esfuerço en que ay temores,
temor en que ay osadía:
vn plazer en que ay enojos,
vna gloria en que ay passion,
vna fe en que ay antojos,
fuerça que hazen los ojos
al seso y al coraçon.

Es vna catiuidad
sin parescer las prisiones;
vn robo de libertad,
vn forçar de voluntad
donde no valen razones:
vna sospecha celosa
causada por el querer,
vna rauia deseosa,
que no sabe que es la cosa
que desea tanto ver.

Es vn modo de locura
con las mudanças que haze;
vna vez pone tristura,
otra vez causa holgura,
como lo quiere y le plaze:
vn deseo que al ausente
trabaja pena y fatiga;
vn recelo que al presente
haze callar lo que siente
temiendo pena que diga.

Jorge Manrrique.

O CARTAFOL D'O VENTO

O vento perdeu as follas
d' o seu cartafol
—Esas que os chubascos
mecanógrafos
tecolean n-o manual d' os mastros?

As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
pol-o aramio transparente
de todal-as ortodrómicas d' o ceo

O pailabote sin velas
—Serán esas que o vento
levou n-o seu cartafol?
tamén fai equilibrios no ronsel

C' a boca aberta
—cai-lle a baba—
está mirándo-nos o babión d' o Sol.

Manuel Antonio.

HUESPED DE LAS NIEBLAS

INMÓVILES, clavadas, mudas mujeres de los zaguanes
y hombres sin voz, lentos, de las bodegas,
quieren, quisieran, querrían preguntarme.
¿Cómo tú por aquí y en otra parte?

Querrían hombres, mujeres, mudos, tocarme:
saber si mi sombra, si mi cuerpo, andaba sin alma por
—Si eres tú, párate. [otras calles.

Hombres, mujeres, mudos, querrían ver claro,
asomarse a mi alma,
acercarla una cerilla
por ver si es la misma.

Quieren, quisieran...
—Habla.

Y han de morirse, mudos,
sin saber nada.

Rafael Alberti.

EL CANDOMBE

Gritos salvajes cortan el aire.
Tambores suenan en la noche,
que los negros ponen más negra,
con tristeza africana trasplantada a la América.

Nuestros abuelos vieron el candombe,
entre faroles rojos, junto a la ciudadela.
¡A nosotros nos legaron el recuerdo,
de una alegría frenética de negros!

Entre risas federales
la Reina abre su abanico de colores,
mostrando unos dientes que blanquean
en el piano de la boca.

¡Los negros son alegres en el llanto!
¡Los tamboriles están temblando
como estrellas en la noche!

Brujería de luces
en los vestidos rojos y chillones.
Sombras de galerones y cintajos
en las paredes blancas como dientes de negros!

¡Candombe! ¡Candombe!
Excitante sexual en las noches del trópico!

Ildefonso Pereda Valdés.

CUALQUIERA QUE SEAS...

¡Oh tú cualquiera que seas, viandante!
(Haz penumbra. Huele el nardo...)
Para tí, desde hace mucho tiempo,
preparé esta piel de leopardo. Para tí
preparé licores exquisitos
como el topacio,
extraídos de frutas
de los ricos jardines de Chiraz.
Reflejos rosas tienen los melones;
los duraznos son de terciopelo...
¡Apúrate, viandante! El rostro
de la luna está sereno. Apúrate
oh, cualquiera que seas, has de ser mi Señor.
Más que la espuma tengo el pecho blanco,
mis labios arden
y mis manos huelen a durazno
y a flor;
Esta noche, entre el Caspio y el Nilo
ninguna virgen tendrá más perfume
de amor!

María Scgiahghinian.

Suplemento popular de RESOL

GALICIA — CASTELAO

Unha cousa

Si eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hay unha vaca morta. Ó redor da vaca hay unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, duas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío y-enxoitan os ollos co-as máns. Todos fan o pranto e dín cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte d'unha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do «patio de butacas».

E cando se farten de ríl-os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba d'unha mesa de pés ferrados de bronce, hay unha bandexa de prata, enriba da bandexa hay unha almofada de damasco, enriba da almofada hay unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e duas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto y-enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo unha á unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rír, porque a morte d'unha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rír á cachón; baixará o pano moi amodiño.

(Do "Segundo Libro de Cousas" editado por NÓS).

NÓS.—Pubricacións Galegas e Imprenta. —Hortas, 20.—Santiago.

FOTOMATON

Cada día una nueva bagatela.
¡Fotomatón - ocho fotos un marco!
Un marco.
Sólo un marco?!..

Por un marco ya se ha matado a un hombre,
por un marco cuatro libras de pan,
por esto te lleva una chica,
se hace una carrera en el hipódromo.
Un marco - dos horas de jornal
u ocho fotos en el Fotomatón.

En la ventana se expone un rollo:
Lita Brandt de un piso interior.
Ocho veces como la Garbo o Clara Bow,
tomada de perfil, de frente y así;
Lita en percalina de C & A.,
en el pulmón tubérculos, y allí está sonriente.

Nueve horas al día en casa de Schwarz & Hijo,
17 marcos 50 de jornal por semana;
hedor de ácidos y calor de horno —
(a veces escupe sangre a hurtadillas).
Seis son en casa — 13 marcos entrega para el gasto,
con ellos pasan hambre juntos, un pequeño consuelo.
Los otros hace tiempo están parados.....

El domingo por la tarde sale Lita.
Primero al Rummel, después al baile,
con licores baratos y oropeles.
El lunes vuelta a casa de Schwarz & Hijo...

Ahora está su foto en el Fotomatón,
pálida y delgada, ocho veces una cara extraña...
....

en algún sitio alguien dictando dice:
«Escriba usted: Isabel Brandt, con d-t,
causa de la muerte: t b c.,
Entierro de pobre; firmado, Schmidt .....»

Toda la casa la acompañó al cementerio.
... .
....

Ya hace quince días que murió Lita
y su foto sigue en el Fotomatón.
Ocho veces como la Garbo o Clara Bow,
una vez feliz, libre y alegre.

Walter Schirmeier.

(GEORGE KAISER "GAS")

CUARTO ACTO

Sala de cemento armado, alta, redonda, brumosa. Desde la cúpula se difunde la luz de un arco voltaico En el centro una tribuna de hierro, estrecha, en escarpa.

Reunión de obreros Muchas mujeres. Silencio

VOCES. (En crescendo) ¿Quién?

MUCHACHA. (Sube a la tribuna y levanta los brazos) ¡Yo! (Silencio) Hablo de mi hermano. No sabía que tuviese un hermano. Un hombre se fué por la mañana de casa, vino a la noche y durmió. O se fué de noche y volvió por la mañana y durmió.... La una mano era grande..., la otra pequeña. La mano grande no dormía; ésta se agitaba en todas direcciones, día y noche. Le consumió, creció a costa de todo su vigor. ¡Esta mano era el hombre! ¿Dónde quedó mi hermano? ¿Aquel que jugaba junto a mí, que construía castillos de arena con las dos manos? Se derrumbó en el trabajo. Este sólo le exigía una de las manos..., la que apretaba y alzaba la palanca, minuto tras minuto, hacia arriba y hacia abajo, contados al segundo. Ningun movimiento dejó de producirse .. Puntualmente apuntó con su palanca ante la cual permanecía como un muerto. Ningun error; jamás se equivocó en la numeración. La mano contaba con la cabeza, que sólo obedecía a la mano... ¡Eso quedó de mi hermano!... ¿Eso quedó? Cierto mediodía cayó el rayo. Por todas las grietas y agujeros se filtró la corriente de fuego. Entonces la mano fué también deshecha por la explosión. ¡Mi hermano había dado ya lo último!... ¿Es demasiado poco? ¿Había mi hermano regateado el precio cuando se necesitó su mano para mover la palanca? ¿No se desprendió voluntariamente de sí mismo... y se arrugó en la mano que contaba?... ¿No pagó, además, por fin, la mano? ¿Es el pago demasiado mezquino..., para pedir el ingeniero? ¡Mi hermano es mi voz! ¡No trabajéis mientras el ingeniero no salga de la fábrica! ¡No trabajéis! ¡Es la voz de mi hermano!

MUCHACHAS. (Rebullen abajo, más cerca) ¡Es mi hermano!

La muchacha baja en dirección a ellas. Silencio.

VOCES. (Que crecen de nuevo) ¿Quién?

MADRE. ¡Yo! (Silencio.) La explosión pulverizó al hijo de una madre. ¿Qué es esto? ¿A quién mató el fuego? ¿A mi hijo? Ya no le conocí... Le enterré una mañana muy temprano, la primera vez que marchó a la fábrica. Dos ojos que quedan rígidos de mirar el manómetro, ¿son un hijo? ¿Dónde estaba ya mi niño? ¿Al que yo parí para que la boca riese, para que sus miembros se agitasen? ¿Mi niño... que por detrás se me colgaba al cuello y me besaba alegremente? ¿Mi niño?... Soy madre y sé que lo que nace con dolor se pierde con pena. Soy madre... y no me quejo. Mi clamor está encerrado en el pecho y no estalla. Soy madre... ¡Ni rebeldía ni acusación! No soy yo... es mi niño quien llama. Mi regazo le despidió al nacer; ahora, muerto, vuelve a venir a mí... de madre a madre. Mi hijo está otra vez conmigo. ¿No bulle en mi sangre? ¿No empuja mi lengua y arranca de ella un grito? ¡Madre! ¿Dónde has estado tanto tiempo? ¡Madre, tú no estabas conmigo! ¡Me dejaste muy pronto solo! ¡No hiciste añicos el manómetro..., no más largo que tu dedo y delgado como las alas de una mosca! ¿Por qué no lo destruyó él mismo, aplastándolo suavemente? ¿Por qué sacrificó a su madre? ¿Por qué se paralizó su cuerpo, para concentrar todas sus energías en los rígidos ojos? ¿Por qué se los saltaron las llamas? ¿Por qué? ¿Por qué? ¿Debe trabajar todo y exigir nada? ¿Eso es grande, frente a haberlo perdido? ¡Aquí, una madre... y allí, el ingeniero!

MUJERES. (Rebullen abajo.) ¡Es mi hijo!

MADRE. Madre, y madre, y madre, sois vosotras. Gritan en vosotras los hijos... No los ahoguéis... Quedaos fuera de la fábrica..., fuera de la fábrica... Allí está el ingeniero!

MUJERES. ¡Lejos de la fábrica!

MADRE. (Baja de la tribuna y se une a las mujeres. Silencio.)

VOCES. (Gritando.) ¿Quién?

MUJER. (En la tribuna.) ¡Yo! (Silencio.) Cierto día hubo una boda. Tocó el piano toda la tarde. Bailaban todos, por las habitaciones. Un día entero, mañana, tarde... y noche. Mi gran marido estaba *todo un día* conmigo. Un día, desde la mañana hasta la noche. ¡Un día era su vida!... ¿Es demasiado? ¿Por qué un día tiene mañana, medio día y... tarde? ¿Y, además, la noche? ¿Es demasiado largo para una vida? ¡Deliciosamente largo, es!... ¡Veinticuatro horas... y boda! ¡Boda y veinticuatro horas... y piano... y baile, son, pues, una vida! ¿Qué más quiere un hombre? ¿Vivir dos días? ¡Cuánto tiempo es eso! Llega a ser ya eternidad. El sol se cansaría de iluminarlo con su luz. La boda es sólo una vez, y la rueda motora gira siempre... Hacia adelante..., hacia atrás..., hacia atrás..., hacia adelante...; el hombre rueda con ella. El hombre, rueda con ella porque posee un pie. Sólo un pie es necesario. Este pisa en el bloque de hierro para detener, para mover; pisa y pisa y pisa ya sin el hombre que gira con ella. ¡Si el pie no estuviese tan sólidamente unido al hombre! ¡El hombre podría vivir, pero el pie le mantiene sobre el volante que da vueltas hacia adelante y hacia atrás..., día tras día, con el pie y su hombre! ¿Ocurrió la explosión? ¿Por qué abrasó a mi marido? ¿Por qué todo el hombre? ¿No bastaba con el pie, que era sólo lo que importaba de mi marido? ¿Por qué todo mi marido, con su tronco y extremidades?... Porque el pie y el tronco y las extremidades son todo mi marido..., y su pie no trabajaba sin el hombre. Su pie no trabajaba separado... ¡Necesitaba de mi marido! La fábrica, ¿es cómo mi marido, que vivió un día de boda, y el resto de su vida estaba muerto? ¿No pueden cambiarse unas piezas por otras..., y la fábrica funciona como antes?... ¿No es cada uno algo que puede cambiarse por otro? Y la fábrica, ¿no se mueve lo mismo? No reemplacéis al hombre de la palanca..., no reemplacéis al hombre del manómetro..., no reemplacéis al hombre del volante... ¡El ingeniero os obstruye el puesto; el ingeniero os obstruye el puesto!

MUJERES. (En torno a la tribuna.) ¡A mi marido, no!

MUCHACHAS. ¡A mi hermano, no!

MADRES. ¡A mi hijo, no!

MUJER. (Baja de la tribuna.)

TIP. PAREDES.-SANTIAGO

3

Regoi

julio 1932

hojilla volandera del pueblo

PASTORELA

Oí hoxe eu unha pastor cantar;
eu cabalgaba per unha ribeira,
e a pastor estaba senlleira:
e ascondíme pel-a ascuitar;
e decía mui ben este cantar:

Sob o ramo verde frolido
bodas facen a meu amigo.
Choran ollos de amor!

E a pastor parecía mui ben,
e choraba, e estaba cantando:
e eu, mui paso, fuime achegando
pel-a oir, e sol non faléi ren;
e decía este cantar mui ben:

Ai estorniño do avelanal!
Cuando cantades vos, moiro eu
e peno, e de amores ei mal.

E eu oíaa suspirar entón,
e queixarse, estando con amores;
e facía guirlanda de flores;
des y choraba, mui de corazón;
e decía este cantar entón:

Qué coita ei tan grande de sofrer!
Amar amigo e non o ousar veer;
e pousaréi sob o avelanal.

Pois que a guirlanda fez a pastor;
foise cantando, índose en manseliño;
e iréime eu logo a meu camiño,
ca de a noxar nou houbе sabor;
e decía este cantar ben a pastor:

Pel-a ribeira do río cantando
ía, lá sigue de amor quen amores
ha, como de osmas hai nela frol.

Airas Nunes.

O GALO

Abrell'as portas ao día
co-a chave do teu cantar
que xa na fonte da Lua
está lavada a mañán.

Bótall'o teu aturuxo
a paisaxe dend'o val
qu'o gran balbo das estrelas
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
alcéndelle unha fogueira
co lume da tua voz.

Amado Carballo.

O NOIVO E MAIL-A NOIVA

Camiño do camposanto
cheo de pasos de mortos
Pol-o camiño van sin se falar
o noivo e mail-a noiva
Paxariño probe
do chiar vulgarento
Escóitano sin se falar
o noivo e mail-a noiva
Sol agoniante
coma os crucificados
Mírano sin se falar
o noivo e mail-a noiva
Desexo iñorado
que nos espetóu a vida.
Lévano sin se falar
o noivo e mail-a noiva
Noite de luar.
Alá lonxe un cantar
acéndelle as áas manseliñas
a unha unánime traxedia vulgar.

Manuel Antonio.

CANTIGA DE AMIGO

En as verdes herbas
vi andar as cervas;
meu amigo!
En os verdes prados
vi os cervos bravos;
meu amigo!
E con sabor de elas
lavéi ñas garceras;
meu amigo!
E con sabor de elos
lavéi meus cabelos;
meu amigo!
Desque los lavéi
de ouro los liéi;
meu amigo!
Desque las lavara
de ouro las liara;
meu amigo!
De ouro los liéi
e vos asperéi;
meu amigo!
De ouro los liara
e vos asperara;
meu amigo!

Pero Meogo.

CANTAR DO BERCE

Baixo do branco luar
logo adormecen as flores;
antr'as folliñas repousan
os paxaros voadores.
Durme, amor dos meus amores.

Nas ponlas dos ameneiros,
toleirón, devagariño,
vai dicindo unha cantiga
pra te arrolar, o ventiño.
Durme, durme, meu neniño.

Johán Viqueira.

DEDALVS EN COMPOSTELA

Dixo il:

— Quere, mais é por amor. Satanás ama ôs homes con amor infinito, e quer que todos señan pra il. As penas do inferno son os espasmos do amor sádico de Satanás... De qu'un empeza a servilo, ja encomenza a sofrir, porque Satanás é unha fonte sen fin de amor que da sempre sen esgotarse, e como non ten mais que door, somentes dá door. Eu que me entreguéi a il sen pauto, por libre donazón graciosa do meu ser, non por iso fiquéi sen paga: levo comigo seu don; deum'o desacougo pra sempre. O qu'eu encomencéi a sintir cand'aínda era un santo na Illa dos Santos, e que me leva pol-o mundo fugindo da lembranza que ven decote comigo com'unha fada, pungente no curazón com'aquil cravo que levaba Rosalía... Teño medo qu'esta lembranza me non deixe entrar no inferno, com'o hábito dos empanados; quixer deitar fora tod'o meu sangue, tod'a sustanza das miñas células... Coñezo un crego, perto do Ferrol, que estudóu as cencias ocultas; cecáis il, pol-o poder da mágica preta liberal que todo fai, poida evocar o vampiro que deixe meu corpo resequido com'a momia d'aquil faraón que pagóu na Alfándega inglesa, coma peixe seco, asegún refiren Eça de Queiroz e Dimitri de Merojkowski; mais pouco importa, porque non hai un átimo no meu corpo que non sexa de sustanza gaélica...

Vicente Risco.

Romances da frebe

Nos labrados do Obradoiro
hai soños a madurar.
O ferro frorece. Os santos
de pedra rompen a andar.
Greas de vivos e mortos
chamadas de un mesmo afán,
dos catro rumbos da Terra
saien a pelegrinar.
Levan por diante unha estrela,
Sant-Iago por capitán.
Sobre o pazo de Raxói
voa a pomba do Grial
e ô longo dos corredores
ollos que miran pasar
capas albas de raíña,
púrpuras de cardeal.
Nas cadeiras dos estrados
érguense, a xuramentar,
vellos escanos que portan
núas espadas na man.
Voces das montañas outas,
balbordos da beiramar.
Batelar de Terra ceibe
nos sinos composteláns.

Ramón Cabanillas.

Cantigas populares

O amor que ha de ser meu
ha de tel-a man lixeira:
ha de coller unha rosa
sin abalal-a roseira.

Lembraste, miña meniña
de aquela noite de vran?
Ti contabal-as estrelas;
eu as areias do chan...

Cantan os galos pro día...
Erguete, meu ben, e vaite...!
Cómo me hei de ir, queridiña?
Cómo me hei de ir, e deixarte?

Vélate ben, velador,
vélate, pombiña branca,
que ten non colla o azor.

Adiós, meu diamante,
xoguéi contigo e perdín:
non quero máis do teu naipe.

O cantar bergantiñán,
o cantar de Bergantiños
en Xallas é mahián.

RIO

E nin siquera tí, río,
has de poder ir ô ceo.

Acádate a mar en éxtasis
pra levarte nun veleiro,
con dúas nubes por velas
e co orballo por remo.

Sete cabalos te acadan,
ensillados por o inverno,
sete coores por esporas,
briznas de vento por freno.

Mais nin siquera tí, río,
has de poder ir o ceo,
que eres vento arrepentido,
que eres terra e non luceiro,
ensono que soña o mundo
pra esquencerse que é penedo.

Euxenio Montes.

TENNIS

Os pinos abriron hoxe
raquetas de seda verde.
Xogan ao tennis,
e perde,
estrelas o que máis perde.

Xulio Sigüenza.

ELEXIA

Ceu! chan encol das estacións.

Da nosa póstuma mansión,
pizarras lixadas da neve,
decides se os anxos fixeron
seu niño preto de ise teito.

Non quero alí, non quero alí,
anxo do corazón de neve,
ningunha outra vestal que tí.

Órgaos, figos de Berbería.

Eva sen nodriza criada.

O nome de Xan ou María.

Cumes do vértigo, se rin
dos roxos ardores do vran
vosas longas virxinidades.

Meu belo ciño, o medo â morte
tira ô teu canto a túa beleza.

Finxindo ocultar a súa testa
co seu brazo o anxo a subraia.

No seu da amazona, pezón
de aquel leite de paradiso
que dou a forza n-outro tempo
de decir adéus sen saudade
âs mazás e â serpente verdes,

crendo relomeos de Deus
o finxido lume dos homes,
ía cicaves recear
o anxo do noso magnesio?
Veleiquí fotografiado.

Reynold Radiguet.

(Traducción de R. Carballo Calero).

NEGRA SOMBRA

Cando penso que te fuches,
negra sombra que m'asombras,
ô pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino qu'és ida
n'o mesmo sol te m'amostras,
y eres a estrela que brila
y eres o vento que zóa.

Si cantan es ti que cantas,
si choran és ti que choras,
y-és o murmurio do río,
y-és a noite, y-és aurora.

En todo estás e ti és todo
pra min, y en min mesma moras,
nin m'abandonarás nunca,
sombra que sempre m'asombras.

Rosalía de Castro.

DO MEU DIARIO

Cheguei a Munich e cain n'unha Pensión de artistas. A patrona da Pensión semella unha mazán e ten as orellas fora dos cabelos pra que vexan que se lava (poucas patronas poden amostral-as orellas limpas). Na hora do xantar reparei que todos pasmaban de ver un Español que non tiña ollos mouros, que non era pequeno nin nacho. Axiña de sere presentado tiven que xurar formalmente que non ollara na miña vida matar un touro e tal aseguranza deixounos co-a boca aberta. No remate do xantar falamos de moitas cousas e dixemos que a espiritualidá d-un pobo refléxase nos deseños do seu papel-moeda. Ollamos papeles d'alguns países e todos atopámol-a enxebre serenidade británica reflexada na sinxeleza do papel inglés. Eu tamén amostrei un billetiño de 25 pesetas que foi dar âs mans d'un pintor xudeu, e dispois de darlle tres ou catro voltas devolveumo chantandome na cara ista verdade: —*Non se pode deducir nada do seu complicado billete, pois esta feito en Inglaterra.*

Castelao.

Que barba non cuidada

—Singela rapaceta,
non me teñas temor;
non son un vagamundo,
non son ningún ladrón:
geroglifico ousado
do limo soñador,
vou, e ignoto a min mesmo
escuro enigma eu son;
se quezáis estou tolo,
estou tolo d'amor:
por eso as boas gentes,
pr'onde vagante vou,
ô ver meu abandono
din con admiración:
parece un pino leixado do vento,
parece botado do mar de Niñóns.

Eduardo Pondal.

¡A I . . . !

Cómo foi? Eu topábame fora
cando as negras vixigas lle deron.
Pol-o aramio sua nai avisóume
e vinme correndo.
Coitadiño! Sintindo os meus pasos
revolveu cara min os seus ollos.
Non me víu, e choróu Ai! Xa os tiña
ceguiños de todo!
Non me acordo que tempo me estiven
sobre o berce coa dor debruzado.
Sólo sei que me erguín co meu neno
sin vida nos brazos.
Volvoreta de aliñas lixeiras
que tempousas no berce valeiro,
pois por él me preguntas, xa sabes
qué foi do meu neno.

Curros Enríquez.

O C O

(A Gómez del Valle.)

Desenterrados de mar e de vento
—poma, rio—
na mesmiña orela nasceron Dúceos.
Nin teñen—arco, risa—
aqueles esforzos das mans cortadas
nin—tampouco--aquela sangre cóncava
das azas convalecentes dos paxaros.
Están nos lonxes matemáticos de sí
—navegantes, limpos— [mesmos
con camisa da pel rescén cortada.
Homes. Oco.

Alvaro Cunqueiro.

O FIDALGO

O fidalgo ten lênda en Sant-Iago. Vive cos estudiantes. Pol-o día, moi gomoso, paseia pol-os arcos, da o brazo a bellas misias moi sabidoras de eleganzas que lle gaban o tipo i o maorazgo e lle falan de xenealoxías, rubindo as escaleiras das Praterías. Ten mesa franca, bodega franca, bolsa aberta. Pol-os atallos da serra recua de mulas pórtanlle en pelexos seus viños mellores da Avia. No baixo da casa orgaízanse as farradas i as tunas, as xoguetas i as facaltrúas contra o sosegado comérceo da cibdade. O mesmo lle afunde a chisteira a un vello canonista que volta da novena ou dixere a Van Spen nos soportales que se senta na mesa dos tídoos e desembrulla as ponlas dos albres xenealóxicos. No piso da casa hai habitaciós reservadas: n-elas esterrícase como unha cobra roxa ô quente da chimineia sob'as alfombras e peles de luxo, a criolla das Antillas priguizosa e sensoal, queimada por furiosas agardas que don Xohán amolece cun bico.

R. Otero Pedrayo.

Tenzón co malvís amigo

Ei, malvís do choupal dourado,
ceiba o luceiro do teu cantar
prendido da serán e do sol-nado,
na brétema arrandeado,
de vagariño a brilar!

Prisarás â noite ispida...
Adomea o herbal de estrelas
ca tua fouce infinida!

Ei, malvís do choupal neboento,
enfía as liñas sotils do vento
na agulla da túa canzón;
pon coseita a fontenla fresca do pensa- [mento
ca burga de folía do corazón!

Apáñame ô mar en roda:
n-un desmaio do teu bico
a justeza da mar toda.

Ei, malvís do choupal veciño,
cata na frouma do teu niño
o froito do Tempo a madurecer...
Peteira na roda eterna de ese muiño
que a tí e a mín hanos moer!

Bouza-Brey.

NA MORTE DE ESTRELIÑA

Chamábase Estreliña e era moi gabaxeira e linda.

Dicíalle a nai: —Vai â fonte, Estreliña.

E Estreliña iba â fonte.

Dicíalle a nai: —Vai â horta, Estreliña, e dille a papai que deixe a poda e veña xantar.

E Estreliña iba a correr, moi contenta de comprir o mandado e chamaba pol-o pai.

Dicíalle o pai: —Ponte queda, Estreliña, que che vai trabal-o can.

E Estreliña poñíase queda, toda a cara en lume, a surrir.

E dicíalle a hirmán casadeira: —Vai â escola, Estreliña.

E Estreliña collía o catón e moi dereita e leda íbase camiño da escola.

E así sempre.

E cando a vían os outros picariños berraban xa de lonxe. —¡Estreliña! ¡Estreliña!

E alá iba Estreliña a correr, depenicando un cornecho, e dáballes un anaco e xogaban âs moradas.

E âs veces, moi cedo, pasaba por baixo da sua fiestra un neno e dicía: —¡Estreliña!

E a cara de Estreliña, a surrir tan campante, aparescía na fiestra un intre. Un intre nada mais. E o neno íbase a correr e a rir, como si fixera unha trasnada.

E así sempre.

E un dia Estreliña morreu. Estaba no cadaleito bunita como sempre, e tan campante.

E a nai e a hirmán casadeira, atrás do cadaleito, choraban, choraban. A hirmán casadeira choraba e lembraba as cousas miudas que a miuda Estreliña faguía todol-os días.

E a nai cáseque non dicía nada.

Soio dicía por veces, medindo e apoiando o pranto da filla casadeira:

—Estreliña, vai â fonte. Estreliña, vai â horta. Estreliña, vai a escola... ¡Estreliña onte! ¡Estreliña hoxe! ¡Estreliña mañán!

Rafael Dieste.

NOUTURNIO

Cantan as estrelas no ceo e no río,
cantan as estrelas
a cántiga branca
dos momentos líricos
¡Qué pena tan fonda n-esta hora sinto...!
Ten o meu silenzo
un tremar de bágoas
saudoso e divino...
Cantan as estrelas no ceo e no río,
cantan as estrelas
a cántiga pura
dos momentos líricos.

Johán Vidal Martínez.

MARIÑEIRA DO VENTO

Mariñeira do vento, pra un naufragio
meu curazón está cheo de sede.
(O mar xa fun por laranxas,
cousa que teñen teus ollos,
como a lúa de Aldán o pano a Curra).
Abóndame a tua voz,
sementeira de ronseles,
para levar o compás,
dos pitagóricos anjos.
Ja sei que te pos anelos
na festa verde dos albres
e fas buracos no ceo
pra un asubío de estrelas.
.....

Johán Carballeira.

CARTON

C'os seus xemidos os carros
pintan de verde a paisaxe,
que se dispertou do corpo
d'unha rapaza morena.

O serán, feito ar, ten
un mirar arreboado
baixo o sol que o acadarma
co'as suas cadeas roibas.

Os castivos fan xuntoiros
de labregos faladores
preto d'ise adro doméstico
que veñen a sel'as airas.

E cara o mar, os piñeiros
como as mulleres sereas
que agardan, tristes i-ergueitas,
as lanchas que non virán.

Abanea a eirexa branca
a esquila cega d'ovella
no intre vai remoendo
un resoar de campías.

E os bois aparan, en fin,
o músculo da paisaxe
contra o tópico da gaita
que chove agredoces ais.

Jesús Bal.

Romance de noite e mar

No ceo da soidade
as estrelas do silenzo.
O ceo chan da badía;
o mar cóncavo do ceo.

Escumas de ouro na outura
de escintilo milagreiro;
estrelas de neve embaixo
de maino vagar sereo.

Vila da beira do mare;
n-ela un corazón aceso;
no corazón un salaio
e no salaio un anseio.

A fontela da saudade
deita a i-auga do relembro.
O corazón, de xionllos,
bebe o seu resolio acedo.

Agarima no teu colo
o meu corazón senlleiro!
Na gaiola azul da noite
é un paxaro prisioneiro.

A lúa é nao almirante
da frota do firmamento...
No ceo da soidade
as estrelas do silenzo.

Carballo Calero.

E unha breve pucharquiña

E unha breve pucharquiña
sobr'un enorme penedo.
Sin fatuidade urbana
míranse n-aquel espello
as floriñas d'un carpazo,
as ramiña d'un esvedro,
linda pastora d'Anaigo
y-as estreliñas d'o ceyo.

NORIEGA VARELA

CANTAR

A fror que máis arrecende
témola a carón da porta.
A de fora n'é millor:
non troques unha por outra.

VICTORIANO TAIBO

ALALAS DO MAR

O coro das prayas canta.
Bótase o faro a nadar
co teu relembro a deriva
i-o degaro n-alta mar.
A ría ten nos seus beizos
a escuma do meu cantar.

EMILIO MOSTEIRO

Tip. Paredes.-Santiago

4

Regol

julio 1932

hojilla volandera del pueblo

HIMNO GALEGO

Qué dín os rumorosos
na costa verdecente,
o raio transparente
do prácido luar?

Qué dín as altas copas
d'escuro arume arpado
c'o seu ben compasado
monótono fungar?...

«Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chán,
non dés a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

«Os bos o xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso ronco son;
mais sô os iñorantes,
e féridos e duros
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

«Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois onde quêr xigante
a nosa voz pregóa
a redenzón da bóa
nazón de Breogán.

«Teus fillos vagorosos
en quen honor sô late,
á intrépido combate
dispondo o peito van;
sé, por tí mesma, libre
d'indigna servidume
e d'oprobioso alcume,
rexión de Breogán.

«A nobre Lusitania
os brazos tende amigos,
os eidos ben antigos
con un punxente afán;
e cumpre as vaguedades
dos seus soantes pinos,
d'uns máxicos destinos,
oh grey de Breogán!

«Amor da terra verde,
da verde terra nosa,
encende a raza briosa
d'Ousinde e de Froxán:
que aló nos seus garridos
xustillos, mal constreitos
os doces e albos peitos
das fillas de Breogán,
a nobre prole insinen
fortísimos acentos;
non mélidos concentos,
qu'as virxes sô ben están;
mais os robustos ecos
que oh patria! ben recordo
das sonorosas cordas
das arpas de Breogán.

«Estima non se alcanza
c'un vil xemido brando;
calquer requer rogando
con voz qu'esquecerán;
mais c'un rumor xigante
subrime e parecido
intrépido sonido
das armas de Breogán.

«Galegos, sede fortes;
prontos e grandes feitos;
aparellade os peitos
a glorioso afán:
fillos dos nobres celtas,
fortes e peregrinos
loitade pol-os destinos
dos eidos de Breogán.»

Eduardo Pondal

ENCOMENDA

I

Teño unha corda muda
na miña lira torva,
com'on coitelo fera,
com'on tronido rouca.
Cando nos meus ensaios
soa a compás das outras,
por sobre min parece
que os ceos se desproman.
De cada nota de ela
un anatema chouta,
cal da satúrnea sangue
as furias espantosas.

Ninguén ouíu aínda
as cántigas que entoa:
detráas de min quizayes
o día que m'as oian,
como detrás de Cristo
virán as xentes todas:
¡Hosanna, cantando de xúbilo cheas,
hosanna o poeta que tra a boa nova!

II

Castigos pra os verdugos,
pra os mártires coroas,
consolo pra os escravos
latexa n-esa corda.
Fustiga pra os tiranos,
pra os déspotas argola,
n-ela dormenta o himno
grorioso dos ilotas.

Si pra tocar cal quero
a ter non chego forzas:
si cando â loita vaia
tropezo n-unha foxa
os que cal eu subides
a traballosa costa,
cando chegués â cima
sagrada e victoriosa
¡arpas que saudedes
da nosa Patria a aurora
da i-arpa acordáivos que fúnebre queda
na noito do olvido xemindo sin groria!

Manuel Curros Enríquez.

⁂ ⁂ ⁂

A GALICIA

Ouh Galicia, Galicia, boi de palla,
canta lástima ten de tí o gaiteiro!
o aguillón que che meten é de aceiro
e con él muita forza te asoballa.

No lombo teu zorrega, bate e malla
fasta o máis monicreque ferrancheiro,
e calesquer podenco forasteiro
te bafa, de vergonza sin migalla!

Agarima alleeira eses ingratos
ou víboras que postas o teu peito
co ferrete che rompe en mil buratos!

Se o sangue teu refugas do teu leito
malas novas, madrastra de insensatos,
dos fillos teus ô amor non tés dereito.

Xan Manuel Pintos.

HIMNO

Casta dos celtas esperta axiña,
Ergue do fango d-a escravitú
Patrea da i-alma, teus ceibes cantos,
Enchen o mundo de norte a sur.

⁂ ⁂ ⁂

Dos meus pasados bendita terra,
Nai amorosa da miña nai,
Creva as cadeas que te asoballan
E cingue a croa da libertá.

⁂ ⁂ ⁂

Cantai galegos o himno xigante,
Dos pobos libres, dos pobos grandes,
Cantai galegos a idea santa,
Da independenza da nosa Patrea.

⁂ ⁂ ⁂

Os de Castela son castelaos,
Os de Galiza galegos son,
Pero non somos como hespañoles
Nin eles amos, nin servos nós.

⁂ ⁂ ⁂

Das costas bravas de Finisterre
Hastr'as douradas beiras do Sil,
Ruxen os berros de guerra a morte
Contra os tiranos do meu país.

⁂ ⁂ ⁂

Artabros fortes, feros brigantes
Sombras quiridas d-outrãs edades,
Prestade alentos ôs que batallan
Por esta meiga pequena Patrea.

Alfredo Brañas

⁂ ⁂ ⁂

A UN GAITEIRO

Neto do enxebre e valente gaiteiro
que hachóu nas Mariñas
leda inspiración,
dime que notas salen do punteiro
que tan mal resoan
no meu corazón.
Por qué no fol de esa gaita se encerra
de mouros e chulos
salvaxe cantar?
Por qué esquencichel-os os sons de esta terra
que os prácidos ceos
facían lembrar?
Neto do enxebre e valente Marzoa!
Toca n-esa gaita
da patria as canciós;
toca a cantiga que tan ben resoa
dos fillos da Suevia
nos seus corazós!

Manuel Lugrís Freire.

RUADA

Canta be, bergantiñán,
que os tempos na nosa terra
para ruadas están.

⁂ ⁂ ⁂

O tamboril e a muiñeira
ben nos din a sorte nosa:
non a vexa quen non queira!

⁂ ⁂ ⁂

Rapazas hai como estrelas,
xuventú nos peitos fortes.
Quén pensa en penas entre elas!

⁂ ⁂ ⁂

Pesa o fol?... Guindal-o fora;
A gaita rise?... Pois!.. rise...
anque somella que chora!

⁂ ⁂ ⁂

E si non rí, xa rirá,
que o día ven tras da noite
i o teu día chegará.

⁂ ⁂ ⁂

Din as historias alleas
que son máis fortel-os brazos
dos esclavos, que as cadeas.

⁂ ⁂ ⁂

As armas tendes no chan?
Ben; bailade; hai mans de ferro
para collelas mañán.

Evaristo Martelo Paumán.

⁂ ⁂ ⁂

A GALICIA

Ouh Galicia, Galicia, terra amada,
froito de bendición, filla do ceo,
¿por qué o peitiño de dolor tes cheo
e do mundo te encontras despreciada?

⁂ ⁂ ⁂

Por qué vives tan triste e calumniada,
e un puñal tes clavado no teu seo
e como humilde enmudecido reo
olvidas a túa groria celebrada?

⁂ ⁂ ⁂

Alza, Galicia, a frente dolorida,
esperta xa de ese dormir profundo
que eres terra de amor apetecida.

⁂ ⁂ ⁂

Asombra o mundo grande, ennoblecida,
que eres fermoso reino, sin segundo,
e enche a túa fe a inmensidá do mundo.

Xosé López da Vega.

CASTILLA

Castellanos de Castilla
tratade ben ôs gallegos,
cando van, van como rosas;
cando ven, ven como negros.

Cando foi iba sorrindo,
cando veu viña morrendo,
a luciña dos meus ollos
o amantiño do meu peito.

Aquel máis que neve branco,
aquel de dosuras cheio,
aquel por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron,
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Déronlle en fin canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos!
¡tendes corazón de ferro!

¡Ai! no meu corazonciño,
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido
que está de loito cuberto.

Morréu aquel que eu quería
e, para min, n'hai consuelo,
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

Permita Dios, castellanos,
castellanos que aborrezo,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan
dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios
e volven, ¡ai! sin ventura
con un caudal de desprezos.

Van probres e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entranas o peito!

De palla en tronos sentados,
sin fundamento, soberbios
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fátuas cabezas
ni en máis fátuos seutimentos.

Que Castilla e castellanos,
todos n-un montón, a eito,
non valen o que unha herbiña
de estes nosos campos frescos.

Sólo pezoñosas charcas
metidas no ardente suelo
tes, Castilla, que humedezan
eses teus labios sedentos.

Que o mar deixoute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas augas que tran
de prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo,
¡miserable fanfarrona!
triste herencia foi por certo.

En verdá non hai, Castilla,
nada como tí tan feo,
que inda mellor que Castilla
valera decir inferno.

¿Por qué aló foches, meu ben?
Nunca tal houberas feito,
trocar campiños frolidos
por tristes campos sin rego.

Trocar tan craras fontiñas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo.

Mais ¡ai! de onda min te foches
sin dor do meu sentimento
e aló a vida che quitaron
aló a mortiña che deron.

Morreches, meu queridiño,
e para min n'hai consuelo,
que onde antes te vin, ahora,
xa sólo unha tomba vexo.

Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate
porque xa vivir non quero.

Mais entanto non me mata,
castellanos que aborrezo,
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo...

¡Castellanos de Castilla,
tratade ben os gallegos!
Cando van, van como rosas;
cando ven, ven como negros.

Rosalía Castro.

GALICIA

¡Galicia! Nai e Señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!

¡Galicia! ¡A Galicia santa
de romeiros e xuglares!
¡A de historia que abrillanta
a Tradición nos fogares!

¡A que suspende e namora
c-o inespricabre segredo
da gaita que rindo chora
e do alalá triste e ledo!

A que sabe as canturías
de Rodríguez do Padrón
e inda leva de Macías
a frecha no corazón!

A dos antigos mosteiros,
a dos pazos encantados,
a dos santos milagreiros
contra os entangarañados.

A das froridas valgadas,
a de barrulleiro mar,
a das roibas alboradas
e as noitiñas de luar.

A dos toxos feridores,
a das rosas velaíñas
a dos ventos berradores
e a das choivas miudiñas.

A do Sar maino e tristeiro,
pazo de almas enloitadas,
e o Miño casamenteiro
de trasnos, meigas e fadas.

A dos seráns campesinos,
a dos brilantes orballos,
a dos queixumes dos pinos
e as risadas dos carballos.

O pobo de outras edás,
traballador e guerreiro:
o das hirtas Irmandás,
do Medulio e do Cebreiro...!

¡Sempre Nai, sempre Señora,
con leda ou cativa sorte;
preto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!

A facenda, o creto, a vida,
o fogar... ¡todo por ela!
Con Castela, ben querida;
aldraxada... ¡sin Castela!

¡Irmáns! Rubamos ó cume
desatrancando o camiño
e botemos man do lume
onde non chegue o fouciño!

¡Todo prá nosa Galicia,
fror de todal-as virtudes
prá sedenta de xusticia,
ferida de escravitudes!

Namentras o sangue vibre
en beizos e corazón...
¡a espranza de véla libre
é este berro: ¡Redención!

¡Xuremos!

«Dereito ou torto,
«sin mais alcuño ni-achego,
«doente ou sán, vivo ou morto,
«gallego... soyo gallego!»

R. Cabanillas.

---

* * *

Desque ll'a peta botaron
naide volvéu â Frouseira...
Soio Dios puxo froliñas
por entremedio das pedras.
Froliñas pequerrechiñas
i agrouladas, que semellan
gotas de sangre ciscadas
por entremedio das pedras.
Froliñas que con ser froles
amargamente se queixan
de que tanto, tanto tarden!
en vengarse contas vellas.

Manuel Leiras Pulpeiro.

* * *

Alento, meu amigo,
fai a revolución;
dille a estas xentes todas
cómo é o combate bo,
e xúntanos a todos
en guerreira lexión.
Adiante, que xa é tarde.
Berra sin compasión.
Galiza está que morre
e non ha morrer. Non!
Si por ela percísase
que nos morramos nós,
â morte todos xuntos
temos de ir, e Dios
coroará nosas frontes
de coroas de frol.
E morreremos ledos
cantando unha canzón
cal morrían os gregos
do século millor.
A groria, irmáns galegos,
está en morrer por vos.

Alvaro das Casas.

TIP. PAREDES - SANTIAGO

5

Resol

octubre 1932

hojilla volandera del pueblo

El cantar de los cantares

¡Oh, cómo eres hermosa, dulce amada!,
y tus ojos son bellos y graciosos,
como de una paloma muy preciada,
entre esos tus copetes tan hermosos;
tu cabello parece una manada
de cabras y cabritos, que gozosos
del monte Galaad vienen bajando,
el pelo todo liso y relumbrando.

Los tus hermosos dientes parecían
un rebaño de ovejas muy preciado,
las cuales de bañarse ya venían
del río, el vellón viejo trasquilado,
tan blancas, tan parejas, que se vían
paciendo por el campo y por el prado;
estéril entre todas, no la había,
dos cordericos cada cual traía.

Hilo de carmesí bello y polido
son los tus labios y tu hablar gracioso,
tus mejillas a mi me han parecido
un casco de granada muy hermoso,
y aquese blanco cuello liso y erguido,
castillo de Davíd fuerte y vistoso,
mil escudos en él están colgados,
las armas de los fuertes, y estimados.

Los tus pechos dos blancos cabritillos
parecen, y mellizos, que paciendo,
están entre violetas ternecillos,
en medio de las flores revolviendo,
mientras las sombras de aquellos cerrillos
huyen y el día viene reluciendo,
voy al monte de mirra y al collado
del incienso a cogerlo muy preciado.

Del todo eres hermosa, amiga mía,
no tiene falta alguna tu hermosura;
del Líbano desciende, mi alegría,
vente para mí, y esa espesura
de Hermón y de Amana, que te tenía
déjala de seguir, que es muy oscura,
donde se crían onzas y leones
en las oscuras cuevas y rincones.

Fray Luis de León.

ODA A LA REVOLUCION

Por tí,
silbada,
mofada por los balas de las ametralladoras,
por tí,
que atestiguan las bayonetas,
que aplastan las maldiciones,
grito yo con delirio
la «O» solemne
de la oda.
¡O bestial!
¡O Infantil!
¡O vulgar!
¡O sublime!
¿Qué otro nombre se te dió aún?
¿Qué serás, tú, ser de dos caras?
¿Una construcción armoniosa
o un montón de ruínas?
Tú inciensas
al maquinista
tiznado por el carbón,
al minero que araña las entrañas de la tierra.
Tú inciensas,
tú veneras
el trabajo humano.
Y mañana...
En vano
las iglesias yerguen sus flechas suplicantes,
tus cañones con cerviz de toros irresistibles
hacen saltar los Kremlines milenarios.
Gloria.
Estertores de convulsiones mortales.
Silbidos estridentes de las sirenas.
Tú envías a los marineros
a buscar sobre el crucero que se hunde
un pequeño fato
olvidado.
Y después...
La multitud frenética arroja a patadas
los viejos almirantes
cabeza abajo
desde lo alto del puente de Helsingfors.
El sabor agrio de las heridas de ayer
Y yo veo de nuevo las arterias abiertas.
Los burgueses te maldicen:
¡Oh, tres veces maldita!
Y yo, poeta, te bendigo:
¡O, cuatro veces bendita, gloriosa seas!

W. Maiakovsky.

A Santa Catalina Mártir

O gran amadora
Del Eterno Dios,
Estrella luciente,
Amparadnos vos.

Desde tierna edad
Tomastes Esposo,
Fué tanto el amor,
Que no os dió reposo:
Quien es temeroso,
No se llegue a vos
Si estima la vida
Y el morir por Dios.

Mirad los cobardes
Aquesta doncella,
Que no estima el oro
Ni verse tan bella:
Metida en la guerra
De persecución,
Para padecer
Con gran corazón.

Mas pena le da
Vivir sin su Esposo,
Y así en los tormentos
Hallaba reposo:
Todo le es gozoso
Quiere ya morir,
Pues que con la vida
No puede vivir.

Las que pretendemos
Gozar de su gozo,
Nunca nos cansemos
Por hallar reposo.
¡Oh engaño engañoso.
Y que sin amor,
Es querer sanar,
Viviendo el dolor.

Sta. Teresa de Jesús

CONDAMNÉ

Nuit chande unit tombée
Temps perdú
Plus loin que la nuit
c'est la derniére heure
la seule qui compte
Forces cíluées nuit secréte
alors que le moment est proche
et qu'il faut enfin encore
se pencher vers cette ombre
conquérante
vers cette fin vers ce feu
vers ce qui s'éteint
Souffles silences supplices
Un peu de courage une seconde
seulement
et déjá s'achéve cette lenteur
une lueur perdue
Vents du ciel attendez
un mot un geste
une fois
je léve la main.

Philippe Soupault.

MIS ROSAS

Amigos, quiero mi dicha
con vosotros compartir;
Toda dicha es generosa.

Las rosas de mi jardín
os ofrezco; es mi presente
de esta mañana de Abril.
Al cogerlas de sus tallos
quizás habréis de sentir
que se clava en vuestras carnes
alguna espina sutil.
Alguna vez, por cogerlas,
haréis esfuerzos sin fin;
es que mi dicha es burlona
y oculta perfidias mil.

¿Queréis, pues coger mis rosas
esta mañana de Abril?

Federico Nietzsche.

Canción Popular

Tres morillas me enamoran
en Jaén:

Tres morillas tan garridas
iban a coger olivas,
en Jaen:

Axa y Fátima y Marien.

Y hallándolas cogidas
y tornaban desmaidas
y las colores perdidas,
en Jaen:

Axa, y Fátima y Marien,

Tres moriscas tan lozanas
tres moriscas tan lozanas,
iban a coger manzanas
a Jaén:

Axa, y Fátima, y Marien.

Del Cancionero Musical de los siglos XV y XVI

DEIRDRE

"Que ninguna mujer lea estos versos;
Son para hombres, y para sus hijos,
Después para sus nietos.
Llega un día en que nos oprime el alma
El recuerdo del Deirdre y su leyenda
De sus labios, hoy polvo.
Anduvo por la tierra; le hablaron hombres
A sus ojos mirando, y cogiendo su mano,
Y ella les contestó.
Hace más de mil años que fué bella;
Más de mil que pisó la hierba ondeante;
Que vió las nubes.
¡Mil años! Y la hierba está lo mismo;
Las nubes tan hermosas como entonces
Cuando Deirdre vivía.
Pero nunca nació mujer alguna
Tan hermosa, ninguna tan hermosa
De cuantas han nacido.
Juntaros, hombres, a llorarla solos,
Ninguno puede amarla; ningún hombre
Podrá quererle.
Ni postrarse ante ella; ni decirle—
¿Qué le iba a decir? ¡No hay palabras
Que pudiera decirle!
¡Ahora no es más que un cuento relatado
Al lado del hogar! Ya ningún hombre
Podrá querer aquella pobre reina".

James Stephens.

VILLANCICOS VIEJOS

Que yo, mi madre, yo,
que la flor de la villa
me era yo.
Ibame yo, mi madre,
y todos me decían: ¡garrida!
Me era yo,
que la flor de la villa
me era yo.

¿Ojos morenos,
cuándo nos veremos?
Ojos morenos
de bonica color,
sois tan graciosos,
que matais de amor.
¿Cuándo nos veremos
ojos morenos?

Gritos daba la morenica,
so el olivar,
que las ramas hace temblar.
La niña, cuerpo garrido,
morenica, cuerpo garrido;
lloraba su muerto amigo,
so el olivar
que las ramas hace temblar.

IMPERTURBABLE

Imperturbable, afirmándome comodamente en la Naturaleza,
Amo de todo o señora de todo, perpendicular en medio de las cosas irracionales,
Impregnado como ellas, pasivo, receptivo, silencioso como ellas,
Reconociendo, que mi empleo, la pobreza, la notoriedad, la felicidad,
los crímenes son menos importantes de lo que se creía.
Yo que estoy en los parajes del Golfo de México, o en el Manhatán o
en el Tennessee, al Norte extremo o en el interior,
Minero o pioner de los bosques, haciendo la vida de cualquiera de
los cultivadores de esos Estados, o del litoral, o de los lagos, o del Canadá,
En no importa que lugar donde vivía mi vida, sean cuales fueren las contingencias,
Sabré afrontar la noche, las tempestades, el hambre, el ridículo,
los accidentes, los fracasos, como hacen los árboles y los animales.

Walt Whitman.

PARAGUAYA

Por las arenas rojas
se arrastraba su olor a monte
como una sombra verde.
Se anaranjaba el bronce enloquecido
de tu cuerpo ágil y desnudo
en las manos del sol.
Reíamos de gozo.
Mordí tu piel más lisa que los vientos.
Tus ojos
desparramaron las semillas
negras de tus miradas.
Todos los trópicos
se hicieron jugos en tu boca.
¡Los cantos de tus selvas guardáronse en tus formas!

Jacobo Fijman.

ALEGORIA

Era nocturno el potro. Era el jinete
de cobre—un indio que nació en Tlaxcala—,
Y su torso desnudo, coselete
Dorado y firme al de la avispa iguala.
El sol en el ocaso, como un lauro
a la sien del jinete se ofrecía.
Y ví lucir el mito del centauro
En la Hacienda del Trópico, aquel día.
De la fábula antigua un verde brote
Cortaba el indio sobre el potro rudo
Era el campo sonoro en cada bote,
Era el jinete frente al sol. Desnudo
Y cara al sol partió como un azote.
Iba a robarlo para hacer su escudo.

Ramón del Valle Inclán

PODOROGINIK

Cuando—en la tristeza suicida—
el pueblo esperaba a los tudescos
y a la iglesia rusa le robaban
el espíritu austero de sus ortodoxias,
llegóme una voz que llamaba,
diciéndome: "Ven con nosotros
y deja a tu patria que llora y que peca.
Deja para siempre a esa patria sorda:
Lavaré tus manos sucias por la sangre
y de tu vergüenza yo te lavaré."
¡Indiferente y tranquila, tapé
mis oidos al ruido confuso
para que nadie, ni Dios, profanase
mi espíritu ruso!

Anna Achmatova.

EL DECAMERON NEGRO

SAMBA GANA

Analia Tu-Bari era hija de un príncipe de Wagana. Pasaba por ser muy lista y muy hermosa. Vinieron a su ciudad a pretenderla muchos Horros. Pero Analia les pedía que hiciesen lo que no osaba nadie. El padre de Analia no tenía más que una ciudad, pero muchas aldeas. En una ocasión había estado en lucha con el príncipe de una ciudad vecina por la posesión de una aldea. El padre de Analia fué vencido y tuvo que entregar el lugar. Esto no lo pudo soportar su orgullo, y murió del disgusto, y Analia heredó la ciudad y las aldeas. A los Horros que pedían su mano, les exigía no sólo que reconquistasen la aldea perdida, sino, además, otras ochenta ciudades y lugares. Pasaron años. Nadie se atrevía con esta empresa guerrera. Pasaron años. Analia seguía sin casar, pero cada día más guapa. Perdió toda su alegría. Cada vez estaba más guapa y más triste. Y, siguiendo el ejemplo de la princesa, perdieron la risa todos los Horros (caballeros), Diali (bardos) Numu (herreros) y Ulusu (siervos) del país de Analia.

Vivía en Faraka un príncipe Gana, el cual tenía un hijo llamado Samba Gana. Cuando fué mayor, según la costumbre del país, dejó la ciudad del padre y salió a conquistar su propia tierra con dos diali y dos sufas. Samba Gana era joven. Su maestro era el diali Tararafe, que iba con él. Samba Gana estaba alegre. Samba Gana salió de su país riéndose. Samba Gana declaró la guerra al príncipe de una ciudad. Lo provocó a duelo. Combatieron. Toda la cindad los miraba. Venció Samba Gana. El príncipe vencido le pidió que le perdonase la vida y le ofreció su ciudad. Samba Gana se echó a reir y dijo: "Guárdate tu ciudad. Tu ciudad nada me importa". Samba Gana siguió andando. Venció a un príncipe tras otro. Lo ganado lo devolvía siempre. Decía a todos: "Guárdate tu ciudad. Tu ciudad nada me importa." Al final, Samba Gana habia vencido a todos los príncipes de Faraka, y, sin embargo, no poseía ni ciudad ni tierra, porque lo devolvía todo y seguía adelante riéndose.

Un día estaba con su diali a la orilla del Níger. El diali Tararafe cantó la canción de Analia Tu-Bari; habló de la hermosura, la tristeza y la soledad de Analia Tu-Bari. Tararafe cantó: "Sólo conseguirá a Analia y la hará reir el que conquiste ochenta ciudades" Samba Gana lo oyó todo. Samba Gana dió un brinco y exclamó: "¡Arriba, sufas!" ¡Ensillad los caballos! ¡Nos vamos al país de Analia Tu-Bari" Samba Gana rompió la marcha con sus dialis y sus sufas. Cabalgaron día y noche. Un día tras otro cabalgaron. Llegaron a la ciudad de Analia Tu-Bari. Samba Gana vió a Analia Tu-Bari. Vió que era hermosa y no se reía. Samba Gana dijo: "Analia Tu-Bari, enséñame las ochenta ciudades." Samba Gana se puso en marcha. Le dijo a Tararafe: "Quédate con Analia Tu-Bari; cántale, distráela, hazle reír." Tararafe se quedó en la ciudad de Analia Tu-Bari. Todos los días le cantaba canciones de los héroes de Faraka, de las ciudades de Faraka, de la serpiente del Issa Beer, que hace subir las aguas, de modo que la gente recoge unos años sobra de arroz y otros años pasa hambre. Analia Tu-Bari lo escuchaba. Samba recorría la comarca. Combatió a un príncipe detrás de otro. Sometió a los ochenta príncipes. A todos los príncipes vencidos les decía: "Vete a ver a Analia Tu-Bari y dile que tu ciudad le pertenece." Los ochenta príncipes y muchos Horros vinieron a ver a Analia Tu-Bari y se quedaron en su ciudad. La ciudad de Analia Tu-Bari crecía y crecía. Analia Tu-Bari reinaba sobre todos los príncipes y Horros de toda la comarca.

Samba Gana volvió a donde estaba Analia Tu-Bari. Dijo: "Analia Tu-Bari, ya es tuyo lo que deseabas poseer." Analia Tu-Bari dijo: "Has hecho tu trabajo. Tómame." Samba Gana dijo: "¿Por qué no ríes? No me casaré contigo hasta que vuelvas a reírte." Analia Tu-Bari dijo: "Antes no me dejaba reír la vergüenza de mi padre. Ahora no puedo reír porque estoy hambrienta." Samba Gana dijo: "¿Cómo puedo saciar tu hambre?" Analia Tu-Bari dijo: "Mata a la serpiente del Issa Beer, que un año trae abundancia y otro necesidad " Samba Gana dijo: "Nadie se ha atrevido a hacerlo. Yo llevaré a cabo la empresa." Samba Gana se fué.

unidos, rusos, franceses,
castellanos, catalanes,
hacemos que nuestras voces
pronta justicia reclamen
Para la tiniebla ajena
egoista y miserable
tenemos la generosa
estrella libre en el aire.
Ella nos dicta un camino
¡Camaradas: adelante!

MANUEL ALTOLAGUIRRE

NO PASAREU!

No passareu! i si passeu
será damunt d'un clap de cendres
les nostres vides les prendeu,
nostre esperit no l'heu du prendre.
Mes no será. Per més que feu,
no passareu!

No passareu! i si passeu
quan tots haurem deixat deviure,
sabreu de sobres a quin preu
s'abat un poble digne i lliure.
Mes no será! Per més que feu,
no passareu!

No passareu! i si passeu
dedidirá més tard la história,
entre el saió que clava en creu
i el just que hi mor, de qui és la glória.
Mes no será! Per més que feu,
no passareu!

A sang i a foc avancareu
de fortalesa en fortalesa,
peró, qué hipa!, sí queda en peu
quelcom més fort: nostra fermesa!
Per xo cantem: "Per més que feu,
no passareu!"

APELES MESTRE

EL PUERTO DE COLON

FRAGMENTO DE "ESPAÑA VIRGEN" - 1927

CERVANTES — Fácil es mirar a lo lejos, desde España, cuando se la amado tanto.
COLON — No estáis solo en ese amor.
CERVANTES — ¡España profética!
COLON — ¡España generadora de vida, que nunca vivió
CERPANTES — ¡España, la de los campos yermos y la de los ojos ardientes!
COLON — Dios la fecundó y la abandonó luego.
CERVANTES — No es más que madre.
COLON — ¡Madre de comienzos!... De cosas que empezaron....
CERVANTES — ¡Con la semilla siempre, y nunca con la vida!
COLON — Y así fué..., así fué en verdad, en todos los tiempos. Cuando Roma existió, España no vivió en Roma; engendró a los estoicos y a los santos para la Roma santa. Cuando la Roma santa se hizo fuerte, España no fué santa. Con los árabes y los judíos engendró la muerte, de Cristo. Y cuando Roma la santa murió y floreció la Europa moderna, España no fué ni europea ni moderna: engendró a América.
CERVANTES — ¡De tí se aprovechó Europa, madre! Y tú, marinero sin bienes ni fortuna, te aprovechaste de ella también.
COLON — Dios hizo lo mismo.
CERVANTES — ¿Por qué, entonces, están yermos sus campos?
COLON — Porque a ella han venido todos los mundos: de todos los mundos ella ha engendrado otros mundos... ¡y ha quedado vírgen!
CERVANTES — ¡Trágica madre!
COLON — (Recordando de pronto y exaltándose) Pero las torres blancas se han desmoronado. ¡Despiértate España, anímate de nuevo, trabaja otra vez, dáte una vez más! Europa se ha podrido al fin en la tumba que llaman "América". Tu obra no está terminada aún. Tú, la madre más desgarrada de Europa, conservas todavía una semilla. (**Cervantes** ha dejado de mirar al occidente y, vuelto, hacia España, se arrodilla, **Colón** no para mientes en él).
COLON — Tu espíritu, España, la semilla de tu espíritu que tanto necesitan todos, y más que nadie los hombres del norte, los que hablan inglés, los que levantan las torres que son la tumba de Europa. Está escrito que estos hombres también serán los que dirijan el nacimiento del verdadero Nuevo Mundo..., la América que yo descubrí. ¡Que te vean, España! Que aprendan de Tí, madre, porque **su** espíritu es débil y pueril. Cobardes ante la vida son ellos, y no amos. Más tú, España, te atreviste a ser lo que creíste que debías ser, y aprendiste esa sabiduría que los hombres mezquinos llaman "Locura". Te empeñaste en hacer de la vida misma el cuerpo de tu visión y la palabra de tu plegaria, y, orgullosa, no titubeaste ante el ridículo, el fracaso o el triunfo. Da al Nuevo Mundo tu espíritu otra vez para que adquiera tu grandeza y la sobrepuje. (Hay una pausa, durante la cual, **Colón** sigue mirando al occidente y su camarada, de hinojos aún, está vuelto hacia España).
CERVANTES — (Orando). Lo que este hombre ha dicho es verdad. Fuíste como la Vírgen, España, a quien tanto hemos amado siempre. Sin poseerte nadie engendrastes un Verbo, como Cristo a su Madre, se ha vuelto también para negarte.
COLON — (Levantando a Cervantes). Mirad otra vez. Estáis seguros que las blancas torres...
CERVANTES — (De pié junto a **Colón** mirando de nuevo). La ciudad de las torres ha desaparecido.

(Los dos miran en silencio. **Cervantes** ve, **Colón** comprende... Entre tanto el sol se hunde en el mar. Hacia el oriente, sobre sus hombros, el cielo se enciende de pronto con un resplandor de amanecer.

WALDO FRANK

RESOL — Dirección — MORENO 1442 — Bueos Aires

Regoi

2

DE GALICIA EN BUENOS AIRES

ENERO 1938

Inventóse la artillería contra las vidas seguras y apartadas, faiseando el caí y canto a las murallía y dando más victorias al certero que al valeroso. Empero, luego se inventó la imprenta contra la artillería, plomo contra plomo.

Francisco de Quevedo

hojilla volandera del pueblo

ROMANCE DE LOITA

O sangue de Galicia
floreceu n-unha rosa.
Esa fror é a milicia
que n-esta nova aurora
abreuse o sol e o orballo
tinguida de luz roxa.
Seus fillos son os rexos
lexionarios de outrora,
Son os bos lexionarios
que loitaron con gloria,
no cume do Medulio
da forte terra nosa,
contra as lexions de ferro
da avasallante Roma.
Como no tempo antergo
tamén temos agora
diante de nós os fillos
da sanguiñenta loba.
Mais nos varudos peitos,
arde a invencibre forza
que forxou as bruantes
vegadas trunfadoras.

¡A Libertade nunca
perdeu ningunha boita!
Oxe como denantes,
o cálamo da Historia
rexistrará nas suas
ourilocentes follas
os alteirosos feitos,
as fazañas heroicas
que as vosas mans de ferro,
do traballo callosas,
están labrando a pico
nas terras hespañolas.

¡Milicianos! ¡Vai-n-elo,
debátese na loita,
o camiño grorioso
da Humanidade nova,
a fartura e ledicia
de searas e chouzas,
o prestixio da raza,
e, mais que todo, a honra
da Galicia que un día
nos arrolóu mimosa!

¡Milicianos galegos
xa cubertos de groria!
¡A Libertade nunca
perdeu ningunha loita!

¡Milicianos galegos...!
¡Adiante a Terra nosa!

RAMON CABANILLAS

MUSSOLINI

Sobre el pecho, la barba,
Sobre la mesa, en cruz,
Africa
desangrada.
Africa verdinegra y azul-blan-
/ca,
de Geografía y mapa.
Mussolini, en automóvil,
da su paseo matinal;
en su ejercicio vesperal;
Mussolini, a caballo,
Mussolini, en avión,
de una ciudad a otra ciudad.
Mussolini bañado, fresco, lim-
/pio
vertiginoso.
Mussolini, contento.
Y serio.
Ah, pero los soldados
irán cayendo y tropezando!
Los soldados...
no harán su viaje sobre un
/mapa
sinó sobre el suelo de Africa.
Allá no encontrarán ciudades
/de papel.
Las ciudades
serán algo más que puntos que
/hablan
con verdes vocecitas tipográ-
/ficas,
hormigueros de balas,
toses de ametralladoras,
cañaverales de lanzas!!
¡Que diablo de pirata,
Mussolini,
con la cara tan dura
y la mano tan larga!

NICOLAS GUILLEN

Romance a LIDA ODENA

Por Granada, tropas moras.
Por Málaga son leales
Y de Málaga a Granada
es de fieles el viaje.
Por allá va Lina Odena,
donde nunca fuera antes.
Va camino de la muerte,
va dirigiendo el avance.
Por allá va Lina Odena,
donde nunca fuera antes.
Quiere avisarle el vigía
y no puede darle alcance.
El auto que la llevaba
sigue camino adelante.
¡Lina Odena, Lina Odena,
ya nadie puede salvarte!
¡Ya no veremos tu risa,
tu estrella de comandante!
¡Ya tus palabras guerreras
no encenderán nuestra sangre!
¡Qué falsa noticia tienes!
¡De qué camino fiaste!
Carretera envenenada
de negras flechas fatales.
Lina Odena, Lina Odena,
por qué traición te engañaste.
Ya no sonará tu voz
por los soldados leales.
Sólo sonarán tus balas
de justicia en los trigales.
Sólo sonará tu cuerpo
cayendo en los olivares.
Sólo contra las arenas,
a luz sonará tu sangre.
Lina Odena, Lina Odena,
camarada del linaje
claro, de todos los héroes,
que sangrarán por vengarte.
¡Tú caíste, Lina Odena,
pero no tus libertades!!
Que de Málaga a Granada,
tierra, trigo y olivares,
y las novias y las madres
no temen ya a criminales.
¡Que de Málaga a Granada
los caminos son leales!
¡Que todo alberga alegrías;
sólo tu muerte, pesares!

LORENZO VARELA

Los Campesinos

Se ven marchando, duros. color de la corteza
que la agresión del hacha repele y no se inmuta.
Como los pedernales, sombría la cabeza,
pero lumbre en su sueño de cáscara de fruta.

Huelen los capotones a corderos mojados,
que forra un mal sabor a sacos de patatas,
uncido a los estiércoles y fangales pegados
en las cansinas botas más rígidas que patas.

Sonando a obscura tropa de mulos insistentes,
que rebasan las calles e impiden las aceras,
van los hombres del campo como inmensas simientes
a sembrarse en los hondos surcos de las trincheras.

Muchos no saben nada. Mas con la certidumbre
del que corre al asalto de una estrella ofrecida,
de sol a sol trabajan en la nueva costumbre
de matar a la muerte, para ganar la vida.

RAFAEL ALBERTI

Tierras Ofendidas

Regiones sumergidas
en el interminable martirio, por el inacabable
silencio, pulsos
de abeja y roca exterminada,
tierra que en vez de trigo y trébol
traéis señal de sangre seca y crimen:
Caudalosa Galicia, pura como la lluvia,
salada para siempre por las lágrimas:
Extremadura, en cuya orilla augusta
de cielo y aluminio, negro como agujero
de bala, traicionado y herido y destrozado,
Badajoz sin memoria, entre sus hijos muertos
yace mirando un cielo que recuerda:
Málaga arada por la muerte
y perseguida entre los precipios
hasta que las enloquecidas madres
azotaban la piedra con sus recién nacidos.
Furor, vuelo de luto
y muerte y cólera,
hasta que ya las lágrimas y el duelo reunidos,
hasta que las palabras y el desmayo y la ira
no son sinó un montón de huesos en un camino
y una piedra enterrada por el polvo.
Es tanto, tanta
tumba, tanto martirio, tanto
galope de bestias en la estrella!
Nada ni la victoria
borrará el agujero terrible de la sangre:
nada, ni el mar, ni el paso
de arena y tiempo, ni el geranio ardiendo
sobre la sepultura.

PABLO NERUDA

DOMINGO FERREIRO

Toca la gaita Domingo Ferreiro
toca la gaita. No quiero, no quiero.
Porque están llenas de sangre las
/rías,
porque no quiero, no quiero, no
/quiero.
Ya se secaron los ramos floridos
que ella traía en las faldas del viento
que ella traía a su novio soldado
ó pescador, labrador, marinero.
Sobre Galicia ha caído la peste,
ay, los oscuros sargentos vinieron,
están colgando en los pinos los
/hombres,
toca la gaita, no quiero, no quiero.
Nuestros hermanos que están allá
/abajo
pronto vendrán a vengar a los muer-
/tos,
pronto vendrán en mitad del verano,
pronto vendrán en mitad del invier-
/no
El que no ha muerto andará por el
/monte,
/no.
en las aldeas cayeron los buenos,
ay, que no vayan los lobos al monte,
toca la gaita, no quiero, no quiero.
Ya llegarán las valientes milicias
para acabar con la hez del desierto,
ya llegarán en mitad de la historia,
ya llegarán en mitad de los tiempos.
Toca la gaita ¡Que baile el Obispo!
Toca la gaita, no quiero, no quiero.
Porque no es tiempo de fiesta en
/España,
porque no quiero, no quiero, no
/quiero.
Muerte sangrienta y desnuda en la
calle,
ay, pescador, labrador, marinero,
nuestros hermanos vendrán por el
/valle,
toca la gaita, no quiero, no quiero.
Ya llegarán los soldados leales
para acabar con los pájaros negros
para acabar con los pájaros negros,
ya llegarán en mitad de la Biblia,
Ya llegarán en mitad de los muertos.
Toca la gaita ¡Que baile la víbora!
Toca la gaita, no quiero, no quiero,
porque la gaita no quiero que toque
porque se ha muerto Domingo
/Ferreiro.

RAUL GONZALEZ TUÑÓN

EL BULUBÚ

SUPLEMENTO POPULAR DE "RESOL" EN DIBUJOS

Dibujos de Seoane

MOLA EN LOS INFIERNOS

Es arrastrado el turbio mulo Mola
de precipicio en precipio eterno
y como va el naufragio de ola en ola,
Desbaratado por azufre y cuerno,
cocido en cal y hiel y disimulo
de antemano esperado en el infierno
Va el infernal mulato, el Mola mulo
definitivamente turbio y tierno,
con llamas en la cola y en el culo.

PABLO NERUDA

El mulo Mola

★ A MEJICO ★

Varòn de nuestra raza,
Equite egregio de las altas tierras
Entre dos sierras madres,
Noble por español y por azteca,

Tú has sentido solicíto y piadoso
— Sonrisa paternal, mano fraterna —
El rudo parto de la vieja España
Y a la que va a nacer España nueva

Acudes con amor, Méjico libre,
Libertador que el estandarte llevas
De las Españas todas,
¡Te colme Dios de luz y de riquezas!

ANTONIO MACHADO

Frente

Esto es el frente ¡Aquí no hay
el menor asomo de juego.
Ya no valen literaturas.
Esto es el frente, duro y seco.
Es la bala y el cuerpo humano,
es la tierra y el pájaro avieso,
es la cabeza y es la mano,
y es el corazón contra el hierro.
Es subir y bajar cañones
por lomas atónitas de miedo.
Es aguantar cuchillos y cascos
sin moverse del parapeto;
es acompañar a los tanques
monstruosos en sus sondeos;
es no beber y no comer
y no dormir un día entero;
es salir con la frente alta,
o en la lona del camillero.

JOSE MORENO VILLA

LOS ESCOPETEROS

(FRAGMENTO)

El campesino sintió
disparos en la distancia.
Dormía un sueño profundo
de bien cumplida jornada.
Se alborotaron los niños,
rompió la mujer en lágrimas,
y un juramento rotundo
volvió el silencio a la casa.
A lo lejos, los disparos
herían la madrugada.
El campesino dejó
los aperos de labranza;
a la tierra prometida
le dió una lenta mirada
y descolgó la escopeta
que lleva muerte en su entraña.

PEDRO GARFIAS

Arenga

Madrid, capital de Europa,
eje de la lucha obrera
tantos ojos hoy te miran
que debes estar de fiesta;
vístete con tus hazañas,
adórnate con proezas,
sea tu canto el más valiente,
sean tus luces las más bellas;
cuando una ciudad gloriosa
ante el mundo así se eleva,
debe cuidar su atavío,
debe mostrar que en sus venas
tiene sangre que hasta el rostro
no subirá con vergüenza,
sí con la fiebre que da
el vigor en la contienda.
Madrid, te muerden las faldas
canes de mala ralea,
vuelan cuervos que vomitan
sucia metralla extranjera.
Lucha alegre, lucha, vence,
envuélvete en tu bandera;
te están mirando, te miran;
que no te olviden con pena.

MANUEL ALTOLAGUIRRE

FUERA DE AQUI

Imprecación a los aviadores italianos en paseo comercial por Sud América

¿Qué buscáis en esta tierra aviadores fascistas, fantasmas de la muerte que habéis falsificado vuestra Italia, la cuna de piel tibia que os ofreció la vida?

¿Qué buscáis en esta tierra, os pregunto, criminales sangrientos, asesinos de niños españoles?

¿Vuestro paseo por América es insolencia o es demencia?

Salid de nuestras tierras, salid de estas montañas limpias que saben hablar con las estrellas.

Fuera de Chile, fuera de América, asesinos, corazones podridos.

No vengáis a manchar nuestros paisajes con olor a sangre que despiden vuestras manos.

Sangre de niños, españoles, sangre de España, sangre nuestra que nosotros besamos, que nosotros amamos y bendecimos.

Sangre que se prolonga en nuestras venas, sangre que viene de nuestras madres y va a nuestros hijos.

Sangre sublime que crea continentes, sangre de España, sangre de madre, inagotable sangre que nosotros adoramos de rodillas. ¡Fuera de aquí! ¿Es insolencia o es demencia?

Comerciantes de la muerte, animales geológicos de nocturno aullido, mi tierra no es burdel ni es una caverna ni la deseamos cementerio.

Fuera de aquí pájaros de mal agüero, aves de rapiña, que hasta el cielo ponéis hediondo.

Valientes frente a niños que lloran y mujeres indefensas, héroes frente a pueblos sin armas, sois el vértigo de la fuga apenas un árbol se equivoca y hace ruido de bombarda.

Sois una ofensa a la auténtica Italia, sois la deshonra del hombre, la negación del hombre, sois la vuelta al dolmén, al mono de las tinieblas, a la bestia en acecho.

Fuera de nuestras tierras sagradas hoy por ser hijos de España.

Nuestros pueblos os maldicen porque llegáis chorreando sangre de niños y madres que viven en nuestros pechos. ¿Es insolencia o es demencia?

Levantaos pueblos de América y expulsad a los siniestros buhos de la tribu difunta.

No humillaréis nuestros ríos que canta a España en su misma lengua con un acento un poco más montañoso.

No humillaréis nuestras selvas que son una alabanza trémula a su historia; no ensuciaréis los vientos de América, no injuriaréis nuestros paisajes colocados por el sol.

Al fondo de vuestros ojos hay pequeñas vísceras destrozadas, carne de pétalos llenos de promesas, hay piececitos cortados que apenas ensayaban andar sobre su tierra, hay manitas que aplaudían al sol en las mañanas, hay bocas en la horrible mueca final anticipada por vuestros heroicos aviones, bocas entre dos hilos de sangre cuyo recuerdo se levantará ante vosotros el día de la muerte, hay labios de beso y leche que sólo sabían decir madre y no alcanzaron siquiera a llamarlas, labios que iban a cantar la vida cuando vosotros los tremendos valientes la cortásteis. Aguiluchos de nubes sanguinarias.

Subían por el cielo a enlodar el cielo a poner frenético al aire con su aliento de sepulcros y caballos desenterrados.

Pasaban sobre ciudades indefensas y sembraban la muerte en la inocencia y en las casas hinchadas y dejaban las paredes gimiendo y un mar de miembros aprendices saltando en olas desesperadas.

¿Por qué?, decid. ¿Por qué? ¿Por qué gritaban las madres girando enloquecidas en torno a su dolor? ¿Por qué? ¿Por qué?

¿Quién os manda allí? ¿Con qué derecho metiais vuestra infamia en tierras pletóricas de verdaderos heroismos y de verdaderas epopeyas?

¿Qué envidia impulsaba vuestros motores trágicos vuestras almas oscuras?

¿Quién os metía allí, pelele miserables, teatro de calaveras espantadas de sus sombras, corazones arrugados, piernas eléctricas de fuga? ¿Y ahora quién os manda aquí?

Decid al gran pelele, vuestro jefe, vuestro grotesco Duce, que puede tomar actitudes napoleónicas frente a todos los espejos, imitar a los Césares en tarjetas postales; no impedirán que oigamos crugir el proscenio bajo sus plantas.

Fuera de aquí los montruos, con la sangre chorreando en las manos, con las orejas llenas de alaridos infantiles ascendiendo y el clamor de millones de gargantas maternales, ese clamor que deparará temblando las noches de la tierra y los gemidos mutilados en mar y en un verso sin consuelo. ¿Es insolencia o es demencia?

Fuera de aquí, aviadores fascistas, somos hijos de España; su dolor es molido en nuestro pecho; su victoria será arco-iris en nuestras almas; llevamos como una flor enorme el orgullo de sentirnos españoles; ; despreciamos vuestros ojos de buscadores de muerte, vuestra mirada metralla ansiosa; primero os aseguráis que vuestras víctimas no estén armadas, y luego acometéis, héroes de una epopeya de conejos en delirio; despreciamos vuestras piernas de fuga, vuestras manos con ruidos de chacales lejanos.

Fuera de aquí, en nombre de nuestras madres y sus hermanas muertas; fuera de aquí, en nombre de nuestros hijos y sus hermanos muertos.

Fuera de aquí, en nohbre de la cultura, en nombre de la dignidad de ser humanos.

Fuera de Chile, en nombre de los chilenos; fuera de América en nombre de todos los americanos que sienten honor de los más vastos horizontes y comprenden la voz de su profundo origen.

Fuera de aquí, extranjeros de nuestra tierra, extranjeros del mundo, extranjeros del hombre.

Esto también es España.

Aquí también está España, estará España mientras haya hombres cuyo pecho se agranda al sentir sus raíces; España, este nombre os aplasta, os revuelca en medio de la historia.

Fuera de aquí ¿Es insolencia o es demencia?

Os odio, os aborrezco, seres sin luz; os odio porque España es mía y yo soy de ella; porque sus niños están creciendo en mi garganta y son un gemido que se convierte en maldición; os odio por todos los muertos que habéis echado en mis espaldas; os odio en nombre de mis muertos.

Corazones de estiércol, llorad si sois capaces todavía; llorad por esos piecitos que llenaban de gracia el mundo; llorad por esas pequeñas voces que corrían por el aire como globos azules; llorad por esas bocas de beso y leche, de fruta y flor; llorad por el entierro de la Tierra, por el cielo enlutado; llorad por los árboles llorando; llorad por todas las madres que son una inmensa lágrima.

Id a ocultaros bajo tierra; cavad vuestras tumbas en un barro de escupos; no hay suficiente lápida para vosotros; echaos encima de los Andes y el Himalaya; no hay suficiente lápida para cubrir vuestra ignominia.

Al fondo del planeta, en el último abismo de este astro desgraciado, porque vosotros lo habitáis en el más profundo rincón, bajo siete océanos. Hasta el último siglo oiéis la maldición del hombre.

VICENTE HUIDOBRO

RESOL

25, xullo, 1990

hojilla volandera del pueblo

YO TENÍA UN CAMARADA

Sí, yo tenía un camarada
en aquel yermo, maldito valle seco.
Para morir juntos yo tenía un camarada.
Era mía su manta,
era suya mi agua.

Fuimos un día juntos al avance,
como dos toros al avance, a la victoria juntos
por aquel yermo, maldito valle seco.

Yo le lavé la cara:
era suya mi agua.
Y le puse mortaja:
era mía su manta.
Y me quedó sedienta y fría el alma.

LORENZO VARELA

RESOL de nuevo en Galicia. Nació en Santiago, como hojilla volandera del pueblo, y dominó el mundo. Era la Poesía, corazón y colores, la que anunciaba a Compostela capital de Europa.

Poemas y Dibujos de perfil universal. Sin limitaciones ni fronteras. El universo establecido en la Rosa Mística de Piedra.

Abanderada de la Libertad padeció el exilio. En América, con la apasionada dirección de Luis Seoane, amanecieron dos números, que cubrieron la esperanza de miles de emigrantes y americanos.

Hoy en el horizonte están los brillantes colores de RESOL. Su último número apareció en el 25 de Julio de 1936. Fue destruido.

En conmemoración de esa fecha, ya en 1990, vuelan sus luminosas formas peregrinas como comprometida contribución a la Cultura Gallega.

ARTURO CUADRADO

EPILEG DEL «POEMA DEL POEMA»

1

ÚS

Taula.
(No em refereixo al nom,
sinó a allò que designa.)

Taula.
(No em refereixo a allò
que designa, sinó al nom.)

2

NUS

A	B	C	D	E	F	G
H	I	J	K	L	M	N
O	P	Q	R	S	T	U
V	W	X	Y	Z		

JOAN BROSSA

CON PÓLVORA Y MAGNOLIAS

En Compostela pode un home
escoller óboe e docísimo cor ao coontrapaso
decair nos tremedoiros
(VIBRA, CORAZÓN GASTADO!),
tenra especie de prantas espíráis
e añuca ou seixo de xogar antre os dedos.

Pode pedra luída
alzarte sobre sí coma un guerreiro
é proclamado rei de oucas e carballeiras vellas.

En Compostela pode un vento duro
estremecer o corazón da Europa campesina
que todos temos dentro sen decilo.

MÉNDEZ FERRÍN

PIAMONTE KOAK

Distiratsua urkia atarian: Sutan
Zen zure adatsa lanbrotan.
Azken erle urdinak bildu eta
Torinoko trena zen iragan urruntasunean.
Argia da itzalen arimak gordetzen
Ohantze zaharretako gorrotoak barkatzen
dituena

Irailetara doan trena bailitzan.
Oroimina sasi artean ezkutatu
Eta zozo eri bat ehizatu zuen.
Hegal azul batek gintuen estali arrastirian.

IÑIGO ARANBARRI

NUEVA AGONÍA DE LA VOZ

Hay que llevar la voz
delante de los labios.

La voz no es una sombra
que nazca por la espalda.

Si el tiempo va pasando
con el revés al día,
y damos volteretas
absurdas de payasos,
cegamos la mirada
del niño que ha nacido
y abrimos una zanja
al pie de los lisiados.

Hay que llevar la voz
delante de los labios
para saber que somos
hombres que aún están vivos.

LUEIRO REY

¡AI, ROMAXE AQUELA!...

(Lembranza de Castelao)

I

¡Ai, romaxe aquela!
Cál digo non sei.
Eu alborescía
camiñando ao par
dun mozo lanzal.

¿Qué quer decir lonxe?
Eu volo direi;
daquela sabíao
coido que inda o sei.

¡Cánta fina xente,
cánta xente fina
o cantar i o andar
da romaxe enfía

¿Qué quer decir lonxe?
Lonxe, lonxe, a hermida.
En chegando a ela
máis lonxe se vía.

R. DIESTE

LOS HÉROES

Resido en una región donde los héroes
suelen morir de lumbre y osadía
pero de todos modos esplenden fulgen
siguen reverberando
existen en los ojos de los niños
y desde las grandes vallas comparecen
transforman
aprueban
acompañan

en mi lejano país en cambio
los héroes
que también los hay
no pueden ser nombrados en voz alta
ni abrazados por una bandera
ni siquiera aludidos por el llanto
sencillamente no han sido autorizados
a existir como cadáveres
y menos aún
como cadáveres reverberantes

MARIO BENEDETTI

EPIDEMIA

o meu amor
é enlazar lánguidas e redondas ruínas
como cámaras de crepúsculo
para ébrios ardores

o meu amor
é mergullar-se en xanelas desabitadas
alén dos bramidos e os morcegos
que queren tremer de tanto tumulto

o meu amor
é un negro susurro de aves selvaxes
água ensombrecida en regresos
arrepio esquecido e fresco

o meu amor
é un bicho asasino
un esqueleto bisexual
louco por descompor visgosidades

o meu amor
é quebrar martirios
cimetérios delicados
impíos cuartos da infáncia
apodrecidos polas espadas

o meu amor
é transbordar mentiras na tarde
debagar viaxes mansas
irromper na cerimónia do Ocidente
espido en bágoas como un cavaleiro bretón

LINO BRAXE



OCUPACIÓN DEL FUEGO

El fuego me descubre la belleza
secreta de las cosas,
les desnuda el espíritu
La áspera astilla muestra su cantera
de intocables piedas preciosas
rojas y blancas, amarillas
un instante ¿Mas cúal
es su color, si acaso
alguno las define?

El estiércol
tejido
es, al arder, digno de un dios:
su clámide o su túnica
-y en más alta ocasión
la desnudez
de su cuerpo inmortal.

Todo, al arder, se iguala,
todo es uno
-exaltación y luz-
aunque dure un instante.

Y, si intocable, anhelo
-y le pido a los dioses-
el estado de gracia
que me permita hundir las manos
en esa joyería, en esas aguas
y telas movedizas
para calmar mi sed -o estar desnudo.

ANGEL CRESPO

AMOR DE AGOA....

Amor de àgoa lixeira
muiñeira
Amor de àgoa tardeira
riveira
Amor de àgoa frolida
cantiga
Amor de àgoa perdida
ña amiga

Alvaro Cunqueiro

Sant-Iago, Abril do 1933.

Magariños Negreira, amigo de RESOL.



América estaba crucificada a la orilla. Toda la América hundida-- La América errante
Y los brazos se alzaban -se alzaban y se hundían-.
Se alzaban gateando hasta llegar al blanco fronterizo entre la carretera y el mar.
Era América crucificada -- América hundida que trataba de llegar a la carretera.

Aquella noche en la playa cruzaste. Tocaste aquellas manos
Y las manos se soliviantaron. Empezaron a levantarse y a rechazarte.

«CABALUM» CARLOS OROZA

Natal

Nasce um deus. Outros morrem. A Verdade
Nem veiu nem se foi: o Erro mudou.
Temos agora uma outra Eternidade,
E era sempre melhor o que passou.

Cega, a Sciencia a inutil gleba lavra.
Louca, a Fé vive o sonho do seu culto.
Um novo deus é só uma palavra.
Não procures nem creias: tudo é occulto.

FERNADO PESSOA.

LENDA DE ITH

LENDA DE ITH fragms

DE CANDO VEI E VAI A IRLANDA DA TORRE DE HÉRCULES

Na torre da noite
Ith fillo de Breogán
olla a chamar
do lonxe lonxes

ITH olla e sabe que n-é engaño canto il vei certo fixo ou venta
sabe que anceio é nova anque escura e que o Futuro xa só agarda a hora

En por iso il Ith erá ó encontro da Visión con seguranza

...

Eoi señor do Futuro! Estamos agardando o intre
dunha certeza igual que a tua oh torre que mira en si rubida

E SIN GARDARNOS MOVER A FRONTEIRA

14 Nadal 1988

Uxío Novoneyra

Ith: mítico fundador dà Irlanda
anceio é nova: anhelo é noticia
Eoi: (medieval) Ei!

REUNIÓN BAJO LAS NUEVE BANDERAS

Quién ha mentido? El pie de la azucena
roto, insondable, oscurecido, todo
lleno de herida y resplandor oscuro!
Todo, la norma de ola en ola en ola,
el impreciso túmulo del ámbar
y las ásperas gotas de la espiga!
Fundé mi pecho en esto, escuché toda
la sal funesta: de noche
fui a plantar mis raíces:
averigüé lo amargo de la tierra:
todo fue para mí noche o relámpago:
cera secreta cupo en mi cabeza
y derramó cenizas en mis huellas.

PABLO NERUDA

PRÁCTICA NOCTURNA

Eu
lembrarei
coa miña respiración
facer unha montaña
coa respiración aspirada
un val, coa respiración
exhalada unha montaña. Farei un
val máis folgado co borboriño.
Farei unha montaña máis outa co berro;
coa miña vontade respirarei unha montaña, coa
miña vontade respirarei un val. Exhalarei
unha montaña, aspirarei un val, máis fondo
co berro TES QUE MORRER, máis forte, máis
pesada, mais afiada unha montaña ca verdade
TES QUE MORRER. Lembrarei. Miña respiración fará
unha montaña. Miña vontade lembrará devecelo. Eu aspi-
rando, empurrando, respirarei un val, respirarei unha montaña.

I
will
remember
with my breath
to make a mountain,
with my sucked-in breath
a valley, with my pushed-out
breath a mountain. I will make
a valley wider than the whisper, I
will make a higher mountain than the cry; I
will with my will breathe a mountain, I will
with my will breathe a valley. I will push out
a mountain, suck in a valley, deeper than the shout
YOU MUST DIE, harder, heavier, sharper a mountain than
the truth YOU MUST DIE. I will remember. My breath will
make a mountain. My will will remember to will. I, suc
king, pushing, I will breathe a valley, I will breathe a mountain.

MAY SWENSON

INTERIOR

Pensamientos en guerra
quieren romper mi frente

Por caminos de pájaros
avanza la escritura

La mano piensa en voz alta
una palabra llama a otra

En la hoja en que escribo
van y vienen los seres que veo

El libro y el cuaderno
repliegan las alas y reposan

Ya encendieron las lámparas
la hora se abre y cierra como un lecho

Con medias rojas y cara pálida
entran tú y la noche

OCTAVIO PAZ

DEPRENDE A TIRAR SOLDADO

Deprende a tirar, soldado:
ti non me vaias ferir,
que hai moito que camiñar.
Dende abaixo has de afitar
se me non queres ferir.

Embaixo estou eu contigo,
soldado amigo.
Embaixo, cóbado a cóbado,
sobor do trollo.

Pra baixo, non,
que alí eu estóu.

Deprende a tirar, soldado:
ti non me vaias ferir,
que hai moito que camiñar.

NICOLÁS GUILLÉN.
(traducido por X. Neira Vilas)

O.E.A.

El Presidente de mi país
se llama hoy por hoy Coronel Fidel Sánchez Hernández.
Pero el General Somoza, Presidente de Nicaragua,
también es Presidente de mi país.
y el General Stroessner, Presidente del Paraguay,
es también un poquito Presidente de mi país, aunque menos
que el Presidente de Honduras o sea
el General López Arellano, y más que el Presidente de Haití,
Monsieur Duvalier
Y el Presidente de los Estados Unidos es más Presidente de
mi país
que el Presidente de mi país,
ese que, como dije, hoy por hoy,
se llama Coronel Fidel Sánchez Hernández.

ROQUE DALTON

MARCHA NUPCIAL

A la cabeza de mis propios actos,
corona en mano, batallón de dioses,
el signo negativo al cuello, atroces
el fósforo y la prisa, estupefactos
el alma y el valor, con dos impactos

al pie de la mirada; dando voces;
los límites, dinámicos, feroces;
tragándome los lloros inexactos,

Me encenderé, se encenderá mi hormiga,
se encenderán mi llave, la querella
en que perdí la causa de mi huella.

Luego, haciendo del átomo una espiga,
encenderé mis hoces al pie de ella
y la espiga será por fin espiga.

CESAR VALLEJO

EDICIÓS DO CASTRO, DO GRUPO SARGADELOS, EN HOMAXE A LUIS SEOANE E A ARTURO CUADRADO, TIRA HOXE DO PRELO, NO VERÁN DE 1990, ESTA FOLLIÑA VOLANDEIRA DO POVO.

APÉNDICES

1. Presencia de Ánxel Fole en *Resol* e noutras revistas culturais e literarias

Armando Requeixo

A bibliografía foleana —xa non pequena— tense ocupado de maneira monográfica dos máis variados aspectos da vida e a obra do narrador lugués. Sen embargo, a súa producción xornalística, tanto na prensa diaria coma en revistas, ten suscitado unha menor atención, sobre todo se a comparamos coa polarizada pola súa narrativa galega, cerne indiscutible do labor literario de Ánxel Fole.

Ora ben, cómpre non esquecer que a máis duradeira —e case única— profesión de Fole foi a de xornalista, o que explica que a cifra total dos seus traballos periodísticos se aproxime ós tres milleiros e que os tres cuartos de toda a producción escrita do autor teña aparecido na prensa. Aínda así, o labor xornalístico de Fole segue a se-lo ámbito creativo menos estudiado da súa obra, a pesar da existencia dalgúns notables traballos nesta liña que, non obstante, non abranguen na súa totalidade o conxunto da escrita periodística do lugués.[1]

Neste sentido, o presente artigo pretende ser unha guía-catálogo daquelas revistas culturais e/ou literarias nas que Ánxel Fole tería participado ó longo da súa vida, deixando deliberadamente fóra desta nómina a relación exhaustiva das colaboracións foleanas en xornal, das que nos limitaremos a ofrecer unha visión panorámica ó final destas páxinas. Xa que logo, a seguir iremos repasando unha a unha e de xeito cronolóxico todas aquelas publicacións periódicas por nós coñecidas nas que os textos de Fole tiveron presencia, con independencia da lingua (castelá ou galega) ou do xénero (artigo, poema, relato, entrevista) destes, que irán sendo explicitados en cada caso.

Os tempos de Resol

Os primeiros textos coñecidos de Ánxel Fole foron publicados na prensa diaria, concretamente nos xornais lucenses *La Provincia* e *El Progreso* (cfr. *infra*). Sen embargo, a súa primeira aparición na prensa non diaria produciuse na revista *Ahora*, nacida como "Semanario Republicano" en marzo de 1930 baixo a dirección do periodista e poeta Avelino López Otero.

En *Ahora* publicaría Fole o artigo longo "Criterios. Cortes Constituyentes" (nº 3, 30-III-1930), no que solicitaba a convocatoria de Cortes Xerais que substituíran a obsoleta constitución de 1876, daquela vixente. Pouco despois e baixo o título de "La Vanguardia de Izquierdas Republicanas" (nº 7, 27-IV-1930) reproduciuse un extracto do relatorio presentado por Fole á Asemblea de Afiliados da V.I.R. (Vanguardia de Izquierdas Republicanas), celebrada en Santiago o 10-III-1930.

[1] Entre os diferentes traballos existentes sobre o Fole xornalista cabería salienta-los debidos a Juan Soto, "Ánxel Fole, periodista de honor", *El Progreso*, Lugo, 26-I-1975; Francisco Leal Insua, "Fole, articulista", en AA. VV., *Os escritores lucenses arredor de Ánxel Fole*, Lugo: Concello de Lugo, 1986, pp. 117-121; Isabel González Rivas, "O primeiro artigo de Ánxel Fole", *El Progreso*, Lugo, 5-IX-1990; Vicente González Radío, *Xulio Camba e Ánxel Fole, xornalistas*, Santiago de Compostela: Editorial Coordenadas, 1991; e Claudio Rodríguez Fer, "Historia do *Cartafolio de Lugo*", *El Progreso*, Lugo, 12-X-1996.

Fole, na redacción de El Progreso

Pero aínda máis intenso resultaría se-lo labor de Ánxel Fole nas páxinas de *Guión*, cabeceira coa que se publicaría *Ahora* a partir do seu noveno número, correspondente ó mes de maio de 1930. Nesta nova fase da publicación Fole, xunto a Arturo Cuadrado, daquela estudiantes en Santiago, pasaron a coordina-la sección titulada "Página Compostelana", na que deron cabida a diversas creacións literarias e noticias sobre o movemento estudiantil. Na súa propia sección, pero oculto tralo pseudónimo de "Troitiño", publicou Fole varios artigos sobre política de natureza claramente belixerante, como os titulados "Elogio de la legalidad" (nº 10, 18-V-1930), "El Espíritu Santo y la política" (nº 11, 25-III-1930), "El Poder político o la verdad de la mentira" (nº 12, 1-VI-1930) e "Réplica al señor A. P." (nº 15, V-1930).

Na mesma liña ideolóxica, pero noutro ámbito xenérico, se situaría a derradeira entrega foleana en *Guión*: o poema de portada "Rojo". Esta composición incorporouse ó número extraordinario que con motivo da celebración do Primeiro de Maio publicou a revista en 1931. O número, en papel vermello e co novo subtítulo de "Semanario de Izquierdas", anunciaba a despedida da publicación, aínda que tamén informaba da continuación do seu labor pro-socialista nunha nova empresa xornalística que logo se faría realidade coa aparición de *Yunque*.

Así pois e como adiantabamos, unha vez desaparecido *Guión,* Fole embarcaríase nunha nova aventura revisteiril coa creación, tamén en Lugo, de *Yunque*. "Periódico de vanguardia política". Todo semella indicar que a publicación, que dirixía o propio Fole coa axuda artística de Ánxel Johan, tiraría do prelo seis números entre 1932 e 1934, aínda que recentemente algúns críticos teñen amosado as súas dúbidas sobre o particular, toda vez que na actualidade só se conservan tres deles e se descoñece calquera referencia indirecta ó contido ou estructura dos tres restantes.[2]

Sexa como for, para a luguesa *Yunque* escribiu Fole diversos textos, dos cales hoxe só coñecémo-los contidos nos tres números que da revista se conservan: un poema, un artigo, unha estampa narrativa e un "signario" no que se dá conta de diversos actos culturais do momento.

O poema levaba por título "Diana" e apareceu no número inicial da revista, conmemorativo do Primeiro de Maio de 1932. "Diana" situábase claramente na liña ideolóxica combativa, de carácter obreirista e evidentes pegadas filocomunistas que xa practicara Fole en *Guión* con "Rojo", moi achegado na súa concepción política ó posterior "Diana".[3]

En canto ó artigo, o ben coñecido "Las veinticuatro horas lucenses de Mabille de Poncheville", apareceu no número que a revista tirara o Día de Galicia de 1932. O artigo, que Fole recoñecería anos máis tarde ter reconstruído de memoria para a súa reproducción en *Yunque*, fora publicado xa antes en *El Progreso*, concretamente no

[2] Xesús Alonso Montero, "Fole e a revista «*Yunque*»", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-III-1997.

[3] Para a creación politicamente comprometida do primeiro Fole vx. Claudio Rodríguez Fer, *Ánxel Fole. Vida e obra*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1997, pp. 29-34 e 37-38.

número correspondente ó día de aninovo daquel 1932 (cfr. *infra*), sendo despois novamente reproducido no artigo de *El Pueblo Gallego* "Estampas de la vida luguesa. Lugo, 5 de octubre de 1869" (5-X-1935) e, trala guerra civil, en diversos lugares.

Por ese mesmo tempo, o escritor lucense colaboraría tamén esporádicamente no semanario galego de esquerdas *Ser*, que dirixía en Santiago o seu coñecido e amigo Ramón Suárez Picallo. En *Ser* publicaría Fole o artigo "Recordando a Cossío" (nº 14, 30-VI-1935), onde lembraba o labor deste na famosa Institución Libre de Enseñanza.

Por outra banda, tamén naqueles anos trinta comezou Fole a dá-las súas primeiras mostras como narrador en galego. Neste sentido, adquire especial protagonismo a revista ourensá *Nós*, que en 1935 recollía nas súas páxinas dous contos en galego de Fole: "Eu i-o meu corazón. Elexía, ao xeito romántego" (nº 133, xaneiro) e "Idilio na Insua" (nº 137-138, maio-xuño). Máis aínda, estes dous relatos, xunto a algún outro publicado por aqueles anos no xornal vigués *El Pueblo Gallego*, son os únicos que se conservan do conxunto que ía integrar, en 1936, o primeiro libro de Ánxel Fole, *Auga lizgaira*, malogrado por mor do estourido do conflicto bélico cando xa se atopaba no prelo a piques de imprentarse.

E tamén en *Nós* terá cabida a primeira traducción realizada por Fole, aínda que esta non aparecería firmada; trátase do poema "Verbas" (nº 133, xaneiro) do seu fraternal amigo o tamén lucense Luís Pimentel, que Fole traduciu ó galego dende o castelán orixinario no que o redactara o poeta.

Moitos anos despois, por outro lado, aínda colaboraría Fole na conmemoración do cincuentenario desta revista, momento en que apareceu o volume colectivo *Cincuentenario de «Nós»* (A Coruña, RAG, 1970), no que se incluíu tamén un artigo do narrador lugués: a lembranza "Fai medio século, o movimento «Nós»".

Xa que logo, o labor desenvolvido nas revistas dos anos trinta por Fole foi notable, pois ás súas achegas a *Yunque*, *Ser*, *Nós* e a perdida *Horizontes* —revista de carácter político dende a que Fole alporizou á dereita provinciana e clerical de Lugo cos seus polémicos artigos firmados baixo o pseudónimo de "Bacurín"—, habería que sumar aínda a súa destacada participación na revista *Resol*[4]. "Hojilla volandera del pueblo", que publicaba dende 1932 Arturo Cuadrado en Santiago de Compostela. Reproduciu alí o seu artigo "Estampas do Lugo vello. Regueiro dos Hortos", pouco antes publicado no xornal *El Pueblo Gallego* (3-III-1936).

Con *Resol* péchase a nómina foleana de colaboracións en revistas anterior á Guerra Civil. Habería que esperar varios anos para poder volver ler un texto de Fole nunha revista. O enfrontamento armado empecera momentaneamente a carreira publicista de Fole, que sufriu as consecuencias do novo orde xerado pola guerra, retardando a súa reaparición como escritor trala mesma. A pesar de todo, a súa volta chegaría preto dunha década despois, iniciándose así o longo retorno e continuación do brillante labor levado a cabo polo autor antes do conflicto bélico.

[4] A simpatía que sempre demostrou Fole para con *Resol* quedou patente nos varios artigos para diferentes publicacións nos que incluíu o escritor referencias ás sucesivas saídas dos números da revista durante os anos trinta (cfr. "Signario", *Yunque*, outono, 1932; "A la vera del Eiroa que fue", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 7-III-1935; e "Veinte años de gongorismo", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 23-III-1936).

Na inmediata posguerra: a musa castelá de Fole

Na década de 1940 Ánxel Fole publicou os seus textos en tres revistas: *Numen*, *Cartel* e *Mensajes de Poesía*. Eran tempos duros para a expresión en galego, fose esta literaria ou de calquera outra clase. Non é de estrañar, xa que logo, que as colaboracións foleanas destes anos fosen escritas, exclusivamente, en castelán e, maioritariamente, en verso, un xénero aparentemente máis inocuo para a férrea marcaxe ideolóxica imposta polo Réxime vixente.

Nesta liña se desenvolveron as colaboracións foleanas para *Numen*. "Revista popular de poesía". A publicación, que nacera en Vigo da man de Xulio Sigüenza, tiraría unicamente dous números, ambos no ano 1944. No segundo deles publicou Fole o poema "Nocturno", dedicado a Rosalía de Castro.

E poesía e artigos constituíron tamén a achega foleana a *Cartel*. "Revista de la vida gallega", publicación viguesa dirixida igualmente por Xulio Sigüenza. A revista tirou entre decembro de 1945 e agosto de 1946 un total de doce números. No cuarto deles, datado o 15 de febreiro de 1946, apareceu reproducido o artigo de Fole "*Ronsel* o la aventura ultraísta", publicado con anterioridade no xornal lucense *El Progreso* (23-IV-1944). Do mesmo xeito, no décimo número da revista, correspondente á segunda quincena do mes de maio de 1946, foron publicados "Dos poemas" de Fole, moi representativos da impronta fortemente neopopularista que caracterizaría boa parte de toda a producción lírica foleana.

Finalmente, desta pegada é posible atopar novos exemplos nos versos e prosas poéticas publicados por Fole en *Mensajes de Poesía*. Alí deu o lugués a coñece-los poemas en castelán "Canción" (setembro, 1948) e "Don de claridad de las aguas del miño" (xaneiro, 1949),[5] ademais da prosa poética "Apuntes de un poeta. Visión deleitable" (setembro, 1948), mostras todas tres —como as de *Numen* e *Cartel*— da predominancia lírica que caracterizou a producción foleana desta década, que coa chegada dos anos 50 e 60 deixaría paso a unha maior presencia dos textos en prosa, principalmente artigos, aínda que tamén abunden os relatos, como veremos a continuación.

Os anos 50 e 60 ou a vizosidade creativa de Ánxel Fole

A década de 1950 vai resultar enormemente fructífera na vida literaria de Fole. Neste momento publica os seus grandes libros de relatos, *Á lús do candil* (1953) e *Terra brava* (1955), ademais da súa única incursión no eido teatral, a peza *Pauto do demo* (1958). Mais tamén agora iniciaría Fole as súas máis duradeiras colaboracións en revista, ademais de se-lo momento en que participa asemade en maior número delas.

Precisamente co inicio da década produciríase a colaboración foleana na coñecida revista poética *Alba*. "Hojas de Poesía", na que o lugués publicou en 1950 dous poemas, "Canto al valle de Viduedo" e "Pastorela", cos que se abriu o sexto número da publicación.[6]

---

[5] Este poema, aínda que fora escrito en 1936 ou 1937, non sería publicado ata a súa aparición en *Mensajes de Poesía*. Sen embargo, logo desta data sería novamente reproducido en *Vida Gallega*, Santiago de Compostela, nº 727, outubro, 1957 e *El Progreso*, Lugo, 8-VI-1973 e 31-VII-1980.

[6] Hoxe poden lerse estes textos no facsímile *Alba. Hojas de poesía / Follas de poesía (A Coruña, 1948-Vigo, 1956)*, Luís Alonso Girgado (coord.), Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, 1995.

E no Día de Galicia dese mesmo ano, 1950, aparecía tamén un número especial da etapa bonaerense de *A Nosa Terra* (nº 474, 25-VII-1950) dedicado á memoria de Castelao, que acababa de morrer no exilio. Nel colaborou Fole coa prosa "Relembro", na que choraba a morte do admirado escritor, ilustrador e político, do que recordaba con engado a súa autodefinición como "galego quimicamente puro, infusíbel ó soplete e inatacábel pol-os ácidos".

Xa un pouco máis tarde, en xuño de 1954, nacía en Bos Aires a revista *Galicia Emigrante*, dirixida por Luís Seoane, grande amigo de Fole dende os seus anos universitarios en Compostela. O lugués acabou participando en nada menos que 11 dos 37 números que a revista tirou entre 1954 e 1959, versando as súas colaboracións sobre os máis variados temas: literarios ("Devalare e cantare", nº 1, xuño, 1954; "Recuerdo lucense de García Lorca", nº 8, xaneiro, 1955; "La caracola", nº 34, abril-maio, 1958), amicais ("Alto en Lugo", nº 3, agosto, 1954; "Amigos na paisaxe", nº 6, novembro, 1954), paisaxísticos ("Realidad y leyenda de la montaña lucense", nº 33, febreiro-marzo, 1958), pictóricos ("De cadro a cadro", nº 18, febreiro, 1956; "Maside, o la gran pintura...", nº 35, xuño-xullo, 1958), lingüísticos ("A loita pol-a língoa", nº 20, maio, 1956) e mesmo autocríticos ("Los autores juzgan su obra. Ángel Fole", nº 7, decembro, 1954; e a entrevista de Francisco Fernández del Riego "Conversa sobre Galicia co autor de *Terra brava*", nº 29, xuño-xullo, 1957).

Delongada sería tamén a presencia foleana nas páxinas de *Galicia*. "Revista del Centro Gallego de Buenos Aires", aínda que a maior parte dos textos de Fole alí aparecidos fosen reproduccións doutros publicados anteriormente en diferentes medios. Así ocorre, por exemplo, no caso de "Tres contos" (nº 482, marzo-abril, 1955), reproducción dos relatos "¡Viña do Alén!", "O Lordanas" e "Os lobos" de *Á lús do candil*). Orixinais, pola contra, son as colaboracións "Auge y vigor de las letras gallegas" (nº 505, xaneiro-febreiro, 1959) e "Trasnochadores de altura" (nº 512, marzo-abril, 1960),[7] pero volven ser reproduccións artigos como "Orto lunar" (nº 545, setembro-outubro, 1965), "Escritores olvidados. Juan Vicente Viqueira" (nº 581, setembro-outubro, 1971) e "Villas lucenses" (nº 597, marzo-abril, 1974) —tomados todos de *El Progreso*—, ou "Por los caminos del agreste Lugo. La grave hermosura del Caurel" (nº 597, marzo-abril, 1974) —tirado de *Lucus* (cfr. *infra*).

Ademais, *Galicia* dedicaría ó escritor, tralo seu falecemento, un dossier especial en xuño de 1986 (nº 641). Este estaba composto todo el por artigos xa aparecidos anteriormente no suplemento "Táboa Redonda" de *El Progreso*, ós que se engadiu a reproducción do relato *O conto de nunca acabar*, publicado un ano antes en forma de opúsculo polo Concello de Lugo.

En 1956 publicaba Fole o seu primeiro artigo na revista *Vida Gallega*. Esta nacera en Vigo, onde se editou entre 1909 e 1938, aínda que na súa segunda etapa —entre 1954 e 1962— pasou a confeccionarse xa en Lugo. Precisamente nesta nova andaina da revista foi na que participou Fole, quen escribiu alí preto dunha vintena de textos en castelán. Clasificados xenericamente a relación destes traballos incluiría:

[7] Sen embargo, unha primeira redacción de "Trasnochadores de altura" aparecera xa moitos anos antes inserida no artigo "Estampas de la vida nocherniega luguesa", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 18-I-1936.

Penumbra de los años

MI PRIMERA LECTURA DE VALLE-INCLAN

Por LUCENCIO

a) Artigos: "Evocación de las viejas tascas luguesas" (nº 715, outubro, 1956); "Castaños del Miño" e "Miño, Miño..." (nº 727, outubro, 1957); "Mañana estival" e "Glosa sentimental del otoño" (nº 729, decembro, 1957); "Reflexiones sobre nuestra lírica actual" (nº 734, maio, 1958); "Homenaje a Juan Ramón Jiménez. Eco y rescoldo" (nº 736, xullo, 1958); "Américo Castro en la ruta jacobea" (nº 737, agosto, 1958); "Por tierras de Quiroga" (nº 740, novembro, 1958); "Glosa de octubre. Cazadores" (nº 741, decembro, 1958); "Carril dos Loureiros" (nº 751, outubro, 1959);[8] "Crisol. Poesía del alma" (nº 752-753, novembro-decembro, 1959); e "La conquista de las villas" (nº 757, abril, 1960).

b) Poemas: "Don de claridad de las aguas" (nº 727, outubro, 1957).

c) E relatos: "Leyenda de Rianxo. Viva o muerta te aguardaré..." (nº 732, marzo, 1958); "Historias" (nº 739, outubro, 1958); "Cuento de primavera. Constante" (nº 741, decembro, 1958); "El perro y la niña" (nº 762-763, setembro-outubro, 1960); "La cuartilla y el hilo" (nº 770, xullo, 1961); e "Historias del «mundo otro»" (nº 773, xaneiro, 1962).

A fins da década tamén colaboraría Fole no monográfico dedicado á literatura galega que nos meses de xullo-agosto de 1959 publicou en Madrid a prestixiosa revista *Ínsula*. Para o especial, que contou coa colaboración dos máis importantes escritores galegos do momento, Fole escribiu o artigo "Los afanes y los años. El nuevo ensayismo gallego" (nº 152-153, xullo-agosto, 1959), no que pasaba revista a destacados pensadores da Galicia daquela hora, como Domingo García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Xoán Rof Carballo, Ricardo Carballo Calero, etc.

Tamén en *Ínsula*, aínda que moitos anos despois, terían cabida en forma de entrevista as palabras de Fole. Efectivamente, en 1977 o lugués contestaba ás preguntas de César Antonio Molina e Luis Suñén, que o interrogaron verbo do valor e intención da súa propia obra e sobre o estado da cuestión da literatura galega daqueles anos (cfr. "Ánxel Fole o luchar desde la negra sombra", nº 373, decembro, 1977).[9]

Xa cos inicios dos anos 60 e invitado polo seu bo amigo e director da publicación Xosé Trapero Pardo, empezou Fole a colaborar en *Lucus*. Nesta revista, auspiciada pola Deputación luguesa, publicaría o autor de *Terra brava* os seus artigos por espacio de case tres lustros. Estes traballos, agrupados na súa gran maioría nas series antetituladas "Caminos de Galicia" e "Caminos de la provincia", versaban todos eles sobre temas paisaxísticos e vilegos, á maneira de particulares incursións descritivo-antropolóxicas nas que Fole ía debullando a diversa realidade e problemática dos concellos sobre os que escribía. Neste sentido, os títulos dos seus artigos son abondo ilustrativos: "Agua en las villas" (nº 6, abril, 1960); "El poeta en su celda" —dedicado a Samos— (nº 7, agosto, 1960); "Futuro de las villas" (nº 8, decembro, 1960); "Un paisaje geológico de líneas desnudas.

[8] Traducción ó castelán do artigo homónimo escrito en galego e aparecido xa durante a preguerra no xornal vigués *El Pueblo Gallego* (9-IV-1936).

[9] Esta entrevista foi reproducida pouco despois polo xornal *El Progreso* (29-I-1978).

Fonsagrada: cuatro horas" (nº 10, agosto, 1961); "Elegía a un eucalipto" —sobre a flora de Quiroga— (nº 11, decembro, 1961); "Despedida a Portomarín" (nº 12, abril, 1962); "Las villas. Centros operantes en la vida del campo. Puente Nuevo en el recuerdo" (nº 13, agosto, 1962); "El jarrón de Sargadelos" (nº 14, decembro, 1962); "Vivo recuerdo de Ferreira del Valle de Oro" (nº 15, abril, 1963); "Un crepúsculo color de vino. La historia de D. Fernando y su hijo" —sobre as xentes de Ferreira de Pantón— (nº 16, outubro, 1963); "Taboada y un relato bilingüe" (nº 17-18-19, 1964); "El viento en el Cebreiro" (nº 20, agosto, 1965); "Jove, atractivo paraje para una larga estancia" (nº 21, xuño, 1966); "Vicedo y sus tierras en el recuerdo" (nº 24, xullo, 1970); "A «Terra Chá» hace algunos años" (nº 25, 1971-1972); "La grave hermosura del Caurel" (nº 26, 1973); e "El posible origen etimológico del actual nombre de Meira" (nº 27, 1974).

Por outro lado, ó mesmo tempo que Fole publicaba os seus traballos en *Lucus* tamén comezaba as súas colaboracións noutras revistas de aquén e alén mar, como *Vieiros* ou *Grial*. En *Vieiros*, que dirixían en México Luis Soto Fernández, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán, publicou Fole un único pero importante texto: "Paisaxe e Saudade" (nº 2, outono, 1962). Pola contra, a presencia foleana na sobradamente coñecida revista *Grial* foi moito máis duradeira, pois iniciaríase en 1963 e chegaría ata 1981.

En *Grial* Fole veu publicados traballos de diferente xénero:

1) Recensións: como as que escribiu para *Rio de sonho e tempo*, de Ernesto Guerra da Cal (cfr. "*Leva saudades o rio*", nº 2, outubro-novembro-decembro 1963) ou *Cincoenta homes por dez reás*, de Castelao (*vid.* "*Cincoenta homes por dez reás*", nº 47, xaneiro-febreiro-marzo, 1975).
2) Artigos: como o rememorativo "Perder amigos: Fermín Penzol" (nº 73, xullo-agosto-setembro, 1981).
3) E relatos: como os titulados "A vengación" e "¡Lobos te coman!" (nº 10, outubro-novembro-decembro, 1965) —logo compilados en *Historias que ninguén cre* (1981)—, ou "Historias que ninguén cre. A miña deuda con Luís Seoane" (nº 65, xullo-agosto-setembro, 1979) —tamén recollido baixo o título de "Pepe Troitiño" en *Historias que ninguén cre*.

Xa postumamente aparecerían novos textos de Fole en *Grial*, pois a revista dedicou monograficamente ó narrador lugués e ó seu paisano Celestino Fernández de la Vega o nº 95 da publicación, correspondente ós meses de xaneiro-febreiro-marzo de 1987. Alí reproducíronse algunhas cartas inéditas de Fole, que este enviara entre fins de 1949 e primeiros de 1952 ó seu amigo Francisco Fernández del Riego. Nelas dáballe noticia Fole a Del Riego dos diferentes proxectos literarios que naquela altura tiña e enviáballe diversos textos para a súa publicación.

Así pois e como temos visto, nas décadas de 1950 e 1960 viron a luz numerosas colaboracións foleanas nas máis variadas revistas tanto da Galicia da Terra coma da Galicia do exilio. O seu número e calidade confirman a prolífica etapa que nesas décadas viviu Fole, que en anos posteriores deu paso a un período de moi esporádicas colaboracións en revistas, posto que a súa omnipresencia xornalística en *La Hoja del Lunes* e *El Progreso*, ambos de Lugo, acabou absorbendo a práctica totalidade do labor periodístico de Ánxel Fole, como a seguir comprobaremos.

Cos albores da Democracia

A pesar de terse dedicado Fole de maneira continuada e máis ou menos intensiva ó seu labor xornalístico en *La Hoja del Lunes* e *El Progreso* durante as décadas de 1960, 1970 e principios de 1980, aínda tivo tempo a autor para espalla-lo seu nome por algunhas das revistas que se publicaron naqueles tempos de certa apertura cultural anteriores á morte do xeneral Franco. Así sucedeu, por exemplo, coas colaboracións de Fole na revista madrileña *Chan*. Alí sería entrevistado o lugués por Perfecto Conde en febreiro de 1970 ("Diálogo con Ánxel Fole", nº 22, 1ª quincena de febreiro, 1970), pasando logo o propio autor a ser colaborador asiduo da publicación, para a que escribiu diversos textos sobre lingüística galega ("¿Nos estamos desgalleguizando?", nº 32, agosto, 1970; "Enseñar el gallego", nº 37, xuño, 1971), sobre pensamento e historia política ("Nuestro laudable escepticismo", nº 34, febreiro, 1971; "El Regionalismo en Lugo", nº 36, maio, 1971) e sobre lugares e amigos do seu Lugo natal ("¡La Plaza Mayor!", nº 33, setembro, 1970; "Recuerdo de Luis Pimentel. Las serenas horas de la amistad", nº 35, marzo, 1971).

Tamén en Lugo, pero xa a finais de 1972, colaborou Fole na revista *Fronte e cocote*, publicación oficial da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Agrícola, que dirixía entón Odón Luís Abad Flores con Adolfo Abel Vilela na redacción. En *Fronte e cocote* traduciría Fole un fragmento das *Vidas sombrías* do seu admirado Pío Baroja ("Mari Belcha", nº 4-5, xullo-decembro, 1972), ó que xa fixera falar en galego, ese mesmo ano, no xornal *El Progreso* ("Fogar tristento", 22-X-1971).

Pouco despois, en 1974, inciaba Fole a súa presencia nas páxinas de *Alborada*. "Órgano del Centro Gallego de Barcelona", onde publicaría un artigo ("Pensar en Galicia. Necesidad de un buen semanario", decembro, 1974) e lle serían reproducidos dous contos seus tomados do libro *Historias que ninguén cre* (*vx.* números correspondentes a marzo de 1976 e xaneiro-febreiro de 1986), ademais de dárense a coñecer algunhas cartas súas a Xesús González Gómez, daquela membro do consello de redacción da revista (cfr. X. González Gómez, "Don Ánxel Fole e as revistas do Centro Galego", maio, 1987).[10]

Por outro lado, *Alborada* organizaría tamén un número homenaxe ó escritor (xaneiro-febreiro, 1986) pouco antes do seu pasamento. Nel colaboraran cos seus traballos Basilio Losada, Xesús González Gómez, Manuel Rodríguez López e Claudio Rodríguez Fer (de quen se reproduciu un fragmento do libro *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, 1981), entre outros.

O ano 1975 vai supoñe-la aparición (puntual) dalgúns traballos de Fole en dúas revistas nacidas moito antes do estourido da Guerra Civil. Trátase de *Ronsel*, que en xaneiro de 1975 publicaba un número extraordinario conmemorativo do cincuentenario da revista, e do *Boletín da Real Academia Galega*, no que, casualmente, nunca antes colaborara Fole.[11]

---

[10] Neste número tamén se reproduciu o artigo de Fole titulado "De cadro a cadro" e unha entrevista que ó lugués lle fixera o seu amigo Francisco Fernández del Riego, ambos textos aparecidos en *Galicia Emigrante* (vx. supra).

[11] Certamente Fole non participara antes deste número extraordinario na revista *Ronsel*; sen embargo, a ela e ó seu recordo dedicou gran cantidade de textos xornalísticos ("*Ronsel*", *El Progreso*, 23-IV-1944; "Recuerdo de *Ronsel*", *La Noche*, 20-V-1949; "Recuerdo de *Ronsel*", *El Progreso*, 20-V-1963; "Reaparece *Ronsel*", *El Progreso*, 31-X-1965; "Más sobre *Ronsel*", *El Progreso*, 7-XI-1965; "Primavera del año veinticuatro. Aparece la revista vanguardista *Ronsel*", *El Progreso*, 14-V-1972; "El primer número de la revista *Ronsel*", *Cartafolio de Lugo*, Lugo: Excmo. Concello, 1981; "Ronsel de *Ronsel* (I e II)", *El Progreso*, 12 e 19-IX-1982) e mesmo números monográficos de "Táboa Redonda" (28-IV-1974; 12-V-1974; e 7-IX-1975).

En *Ronsel* publicou o narrador lucense o artigo "¿Está la literatura española en decadencia?" (nº extraordinario, xaneiro, 1975), singular prosa a medio camiño entre o ensaio xornalístico e o artigo de memorias, onde reflexionaba sobre a brillantez alcanzada pola literatura española naqueles anos en que *Ronsel* vía a luz (1924) comparándoa cos discretos tempos literarios que, ó se ver, atravesaba a literatura en castelán a primeiros dos 70.

Finalmente, para *Boletín da Real Academia Galega* escribiu Fole o artigo "Concencia de Galicia" (nº 357, xaneiro, 1975), sobre a figura e a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a quen xa dedicara o lugués, entre outros traballos, o seu discurso de ingreso na R.A.G. en 1963.[12]

Na recta final. Os anos 80

hoja del lunes de lugo — LUNES, 20 de Marzo de 1977

da semana

TERTULIA DEL SABADO

PLAZA MAYOR

VALLADOLID, 1928

Por NEUMANDRO

--El año veintiocho la zarzuela estaba en pleno-auge todavía.
--Pero ya había muchas personas que consideraban este género en decadencia. Siempre estaban hablando de las zarzuelas antiguas, como muy superiores a las en boga entonces.
--"El barberillo del Arapiés...

--Estaba situado frente a la iglesia de Las Agustinas.
--Parece que estoy viendo ahora al catedrático de Lógica Fundamental explicando su lección, pasando por soirado de su cátedra. Don Andrés Torre Ruiz, uno de los más insignes expositores de Filosofía de España.

--Esa fama tenía cuando yo estudiaba en Madrid.
--Salía yo de su clase a las dos y pasaba por la calle de Fray Luis de León, donde estaba la Casa del Pueblo.
--Recuerdo vagamente esa calle...
--En el teatro Lope de Vega

Ánxel Fole foi obxecto nos últimos anos da súa vida dunha longa serie de homenaxes que serviron para recoñecer, unanimemente, a súa valía e importancia como autor *clásico* dentro da historia da literatura galega. Xa que logo, entre 1975 e 1986, ano do seu pasamento, o escritor foi requirido en numerosísimas ocasións para entrevistas, conferencias, mesas redondas, etc., amais de ser distinguido cos máis meritorios galardóns polo seu labor literario e galeguista, o que explica que a Fole non lle quedase moito tempo (e nos últimos momentos tampouco folgos) para seguir participando, alomenos asiduamente, en revistas. Ademais, cómpre lembrar que a súa colaboración xornalística para as páxinas de *El Progreso*, onde dirixía o suplemento literario "Táboa Redonda", e *La Hoja del Lunes*, no que colaboraría ata a súa desaparición en 1984, non facilitaban ó escritor que este se prodigase como articulista ou creador nas revistas culturais e literarias do momento, o que non impediu, non obstante, que aparecesen algúns textos seus en publicacións como *Dorna*, *Tempo Galego*, *Cadernos do Ateneo Ferrolán ou Información Ambiental*.

En *Dorna* sería onde con maior frecuencia apareceron traballos firmados por Fole. Na revista estudiantil santiaguesa, que por aquel entón dirixía o poeta Luís González Tosar, publicou o lugués tres relatos: "Memorias: O can máis simpático do mundo" (nº 3, maio, 1982), "Memorias: Medio século dunha chanza de escolantes" (nº 6, maio, 1983) e "O mellor chiste do ano" (nº 8, marzo-maio, 1985). Os contos, todos eles de contido anecdótico e os dous primeiros claramente autobiográficos, constitúen unha das últimas mostras narrativas de Fole, quen con posterioridade a esta data unicamente publicaría dous relatos máis: "Grato Oria del Collado" (*El Progreso*, 31-VII-1985) e *O conto de nunca acabar* (Lugo, Excmo. Concello de Lugo, outubro, 1985).

Na curta vida de *Tempo Galego*. "Revista semanal de Galicia" tivo Fole unha notable participación, pois colaborou nos dous únicos números que a revista tiraría en

[12] Ambos textos así como outros dedicados ó escritor rianxeiro poden agora consultarse en Ánxel Fole, *Cartafolio galego*, ed. de Claudio Rodríguez Fer, Vigo: Promocións Culturais Galegas-A Nosa Terra, 1996, pp. 51-75.

xullo e setembro de 1982, respectivamente. Alí publicou o autor de *Contos da néboa* dous artigos: "Aquel outro don Ramón..." (nº 0, xullo, 1982), dedicado á lembranza do seu bo amigo o egrexio escritor don Ramón Otero Pedrayo,[13] e o artigo de temática lingüística "Eufonía do galego" (nº 1, setembro, 1982).

Nos *Cadernos do Ateneo Ferrolán*, publicaría o autor "Ontes. Lembranza de Lorenzo Varela" (época III, nº 2, nadal, 1983), artigo rememorativo da vida e personalidade do seu fraternal amigo Lorenzo Varela, co que compartira algúns anos da súa mocidade e que logo lembraría en diferentes traballos.[14]

Por último, a derradeira colaboración foleana coñecida por nós para unha revista tería aparecido na madrileña *Información Ambiental*, na que o escritor lugués publicou "O feitizo da paisaxe" (nº 2, verán de 1984).[15] Este artigo coincidente no título e tamén no tema con aqueloutro publicado no xornal *La Voz de Galicia* en 1982 (cfr. *infra*), foi reproducido no seu galego orixinal —idioma no que Fole o redactara en Paradela do Páramo no agosto dese 1984—, acompañado asemade da correspondente traducción ó castelán sen asinar e baixo o título de "El hechizo del pasisaje".

Fole e a prensa diaria galega: noticia breve dunha longa andaina

Non é obxecto deste traballo, como xa advertiamos no seu inicio, o tratamento pormenorizado do número exacto e o contido dos abundantísimos e variadísimos textos foleanos aparecidos na prensa diaria. Xa que logo, no que segue conformarémonos con fornecer algúns datos básicos sobre esta faceta periodística de Fole, pois unicamente a cita exhaustiva —sen aditamentos hermenéuticos— de tódolos traballos coñecidos do autor publicados nos diferentes xornais do noso país podería constituír, de por si, unha monografía, o que, coidamos, xustifica que aquí só se tracexe un *mapa* hemerográfico aproximado deste *continente* foleano.

Consecuentemente con estes presupostos, cómpre lembrar que, tal e como xa se comentou noutro lugar, as primeiras colaboracións de Fole na prensa foron, precisamente, para dous periódicos diarios: *La Provincia* e *El Progreso*, ambos radicados en Lugo.[16]

En *La Provincia*, publicou Fole o seu primeiro texto coñecido: un artigo titulado "Del panorama literario. Reflexiones en torno al centenario de Góngora" (17-I-1928).[17] Logo deste primeiro artigo, nacido do entusiasmo que naqueles anos provocou a lírica de Góngora, aínda daría a coñecer Fole dous novos textos en *La Provincia* antes da súa desaparición en 1928: "Aspectos. Los molinos de la Mancha" (1-III-1928) — sobre *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*— e "La joven poesía española.

---

[13] Tamén sobre a obra e a vida do polígrafo ourensán versarían os artigos foleanos "*O mesón dos ermos*" (*El Pueblo Gallego*, 9-V-1936) e "Estrela de Galiza. Roseira orballada" (AA. VV., *Ramón Otero Pedrayo. Homaxe da Galicia universal*, Caracas, 1958, p. 46).

[14] Cfr., por exemplo, "Lorenzo Varela", *El Progreso*, 17-X-1976.

[15] Este artigo atópase compilado no volume de Alfonso Álvarez Riveiro, *Fole e o xornalismo*, Lugo: Excmo. Concello, 1997, pp. 203-206.

[16] Para unha visión máis detallada das colaboracións foleanas anteriores á Guerra Civil nestes dous xornais pode consultarse o exhaustivo artigo de Isabel Gómez Rivas, "Os primeiros escritos periodísticos", en *Ánxel Fole. Á luz da fala. (Monotgráfico A Nosa Terra)*, nº 17, abril 1997, pp. 9-12.

[17] Este artigo foi exhumado por Gómez Rivas en *El Progreso*, 5-IX-1990.

Una lectura poética de Rafael Alberti" (8-V-1928) —sobre a poesía neogongorina do autor gaditano, a quen tivera ocasión de escoitar no Ateneo valisoletano.

Pola súa banda, a relación mantida por Fole co xornal lucense *El Progreso* é, sen lugar a dúbidas, a máis fructífera e continuada de tódalas sostidas polo autor coa prensa diaria. En *El Progreso* publicou Fole traballos seus antes e despois da guerra, chegando co tempo mesmo a ser colaborador fixo do periódico, onde deu a coñecer máis de dous mil textos en castelán e galego entre artigos, contos e poemas.

Cartafolio de Lugo

"Spelunca Speculorum" (I)

Por NEUMANDRO

Neste sentido, cómpre recordar aquí, aínda que sexa de pasada, que antes do 18 de xullo do 1936 Fole publicara en *El Progreso* tres únicos artigos: "Aspectos. El amor al libro" (25-X-1928) —conmemorando a Festa do Libro—; "Pensamiento y acción. Regreso de un filósofo" (12-II-1929) —dedicado a Ortega y Gasset, a quen oíra ese mesmo ano en Madrid na célebre conferencia "¿Qué es filosofía?"—; e "El Camino de Santiago. Las veinticuatro horas lucenses de Mabille de Poncheville" (1-I-1932) —evocación da visita do escritor frances á cidade amurallada en 1928.[18]

Sen embargo e moi ó contrario do que ocorre na preguerra, a presencia de escritos foleanos en *El Progreso* con posterioridade ó 1 de abril de 1939 é verdadeiramente asombrosa. Así, ás tímidas e esporádicas colaboracións que dende 1943 (co inicio da serie "Kaleidoscopio de Lugo", sobre temas locais) e 1944 (co comezo da sección "Lecturas", de recensións literarias) foi enviando Fole ó xornal ó longo da segunda metade dos 40 e primeira dos 50, habería que suma-los abondosísimos textos que dende 1957 (momento en que Fole se incorpora á redacción do xornal) publicou o narrador no rotativo lugués. Estes textos incluían centos e centos de artigos reunidos nas máis variadas series ("Cartafolio de Lugo", "Homenajes", "Crisol", "Monitor", "Conciencia de Galicia", "Caminos de Galicia", "Índice", "Meridiano siete", "Estar al siglo", "Lecturas", "Libros olvidados", "Jira [*sic*] por la toponimia galaica", "Recanto", "Letras gallegas", "Exploración del gallego", "Investigación a puerta abierta", "Cultura gallega", "Temas gallegos"...), pero tamén se contaban entre eles relatos e poemas tanto en galego como en castelán, á parte dalgún outro escrito inédito publicado postumamente.[19]

Ademais, dende as páxinas de *El Progreso* Fole promovería importantes iniciativas culturais, como a que entre os meses de marzo e abril de 1961 deu lugar á publicación dun "Parlamento de las Letras Gallegas", no que trinta dos máis prestixiosos intelectuais galegos daquela hora debateran sobre a realidade cultural galega.[20]

[18] Sobre a historia deste artigo e outras cuestións conexas tense ocupado Claudio Rodríguez Fer, "Historia do *Cartafolio de Lugo*", *El Progreso*, 12-X-1996.

[19] Concretamente os fragmentos memorísticos "De las memorias. Contar y cantar" (10-V-1986) e "Como el corazón del pueblo" (6-V-1987).

[20] Os resultados daquela particular iniciativa poden hoxe consultarse na compilación Ánxel Fole, *Parlamento de las Letras Gallegas*, ed. de María Xesús Amado Silvar, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.

Finalmente, é preciso facer mención do sobresaliente labor levado a cabo por Fole en *El Progreso* a través das columnas do coñecido suplemento literario "Táboa Redonda", onde a partir do seu nacemento, en maio de 1970, abordou o lugués unha impresionante empresa de recuperación artística e literaria de veteranos autores galegos e de decidida promoción e aposta polas novas xeracións de creadores e ensaístas na nosa lingua.[21]

O último dos xornais nos que Fole colaborou antes do estourido da Guerra Civil foi o vigués *El Pueblo Gallego*. Nel comezaría a publicar en 1933, ano en que apareceu o artigo "Una visita al pintor Landín" (31-III-1933), aínda que o groso da súa participación no diario da cidade olívica se produciría entre o día primeiro de 1935 e a semana anterior á declaración da Guerra (en que aparece "Alugados", 12-VII-1936),[22] tempo en que publicaría un total de 42 textos, 36 deles en castelán e o resto en galego. Desa cuarentena de escritos a maioría pertencen ó xénero do artigo periodístico, agás dous relatos en galego e un poema en castelán, o que dá boa idea da creatividade polixenérica que dende un principio caracterizou a producción foleana.

Pero a importancia de *El Pueblo Gallego* na vida xornalística e literaria de Fole estribaría, fundamentalmente, no feito de ter sido este periódico diario o primeiro en acoller textos do lugués escritos en galego (o primeiro de todos eles o titulado "Intres", 24-II-1935), de ter aparecido alí por vez primeira o famoso pseudónimo Neumandro (inicialmente como personaxe no artigo "Un diálogo", 27-I-1935, e logo como firma no poema "Romanza del río Miño", 5-X-1935), e de conservarse neste xornal dous dos catro únicos relatos coñecidos do libro *Auga lizgaira* ("Paderlán", 12-V-1935 e "Trebonada na Penedía", 25-VII-1935), irremisiblemente perdido co inicio da guerra civil cando estaba a piques de ser publicado.[23]

Como era de esperar, o período bélico provoca unha lagoa na producción escrita en xeral e xornalística en particular de Ánxel Fole. Pasados estes anos, na segunda metade dos 40 o escritor volve colaborar coa prensa diaria, a través primeiro das páxinas do xornal santiagués *La Noche* e pouco máis tarde das do rotativo olívico *Faro de Vigo*.

En *La Noche* vai publicar Fole —co seu nome de pía ou co pseudónimo de Neumandro— un total de 18 colaboracións entre 1946 e 1950. Desta vintena escasa de textos, case a metade apareceron no coñecido "Suplemento del Sábado" que o xornal compostelán tirou do prelo entre outubro de 1949 e xaneiro de 1950.[24] Con posterioridade a esta data aínda participaría Fole en *La Noche*, se ben as súas colaboracións se farían moito máis esporádicas.

Con respecto ó contido dos textos hai que dicir que era moi variado, pois neles tratábase tanto de arte e literatura coma de paisaxe ou lingua, e incluso chegou a repro-

---

[21] Para unha referencia máis pormenorizada deste labor vx. as páxinas dedicadas a tal cuestión por Claudio Rodríguez Fer, *Ánxel Fole. Vida...*, pp. 44, 49-51, 53-54 e 61.

[22] Este artigo xunto co titulado "Teatro gallego en tierras del Incio" (9-VII-1936) foron reproducidos durante a guerra no xornal bonaerense *Correo de Galicia*, os días 23 e 30 de agosto de 1936, respectivamente (cfr. Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a Guerra Civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1994, p. 177).

[23] Un estudio máis detido destes textos atópase no noso artigo "Xornalista en *El Pueblo Gallego*", en *Ánxel Fole. Á luz da fala. (Monográfico de A Nosa Terra)* nº 17, abril 1997, pp. 13-16.

[24] Boa parte destes traballos de Fole poden agora lerse nos libros de Luís Alonso Girgado (coord.), *Plumas e Letras en «La Noche»*. 1946-1949, Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, 1996; e *«La Noche». Suplemento del Sábado. Santiago de Compostela* (1949-1950), Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, 1996.

ducirse alí un relato en galego de Fole publicado antes da guerra ("Estampas da Terra brava. Trebonada na Penedía", 10-IX-1946).[25]

Por aqueles mesmos anos o autor de *Historias que ninguén cre* envía tamén regularmente os seus textos ó xornal *Faro de Vigo*.[26] Neste apareceron entre 1949 e 1961 medio cento de artigos, todos eles en castelán, de temática maioritariamente paisaxística, aínda que tamén se atopen algúns de referente literario (como os titulados "Vento verde", 2-VII-1955 —sobre o libro colectivo *Paisaxe e Cultura*, 1955—; e "Un nuevo poeta", 17-XII-1961 —sobre o poemario *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro, aparecido aquel ano—). Amais disto, en *Faro de Vigo* tamén foron reproducidas as opinións de Fole sobre a súa vida e obra a través das entrevistas que a este lle realizaron primeiramente Basilio Rogado ("Ángel Fole: «No soy bohemio; soy desordenado»", 16-II-1964) e moito despois o poeta e xornalista Luís Rei Núñez ("Ánxel Fole", 2-VI-1985).

PRAZA MAIOR

Historias que ninguén cre

E decímolo ou non o decimos?

O chamado bairro das Casas Baratas era un dos máis bonitos de Lugo

Precisamente coincidindo co remate das colaboracións foleanas en *Faro de Vigo* van iniciarse as publicadas en *La Hoja del Lunes de Lugo*. Neste xornal mantivo Fole a sección fixa "Plaza Mayor", na que apareceron entre xaneiro de 1961 e decembro de 1984 ducias de artigos en castelán e galego sobre diferentes cuestións históricas, sociais e culturais, amais de diversos relatos na nosa lingua[27]. Neste sentido, é preciso subliña-lo decidido compromiso que nos seus traballos amosou Fole contra realidades como o totalitarismo, o racismo, o terrorismo e calquera outra forma de barbarie humana, ante as que evidenciou sempre unha firme repulsión, partidario como era da convivencia civilizada das nacións e das xentes, froito do seu profundo talante democrático.[28]

Pouco despois da aparición en 1978 do periódico semanal *A Nosa Terra*, comezou Fole a participar nas súas páxinas, onde publicou un artigo ("Cartafolio de Lugo", 3/9-X-1980) e un relato en galego ("Non dan a talla", 16/22-V-1980)[29], sendo tamén entrevistado por Margarita Ledo Andión durante a súa etapa como directora do semanario ("Ánxel Fole. Un narrador a pelo", 11/17-V-1979).[30]

Finalmente, só resta recordar que nos anos 70 e 80 Ánxel Fole colaborou tamén, de xeito esporádico, en *La Voz de Galicia*, onde apareceron textos seus con ocasión dalgunha celebración ou data significada (como a do falecemento de Otero Pedrayo, sobre quen escribiría "Un poeta de oratoria", 11-IV-1976;[31] e a do "Especial de Fin de

[25] Este relato, como se viu, fora xa publicado en *El Pueblo Gallego*, 25-VII-1935.

[26] As referencias que seguen sobre a presencia foleana nas páxinas de *Faro de Vigo* déboas á xenerosidade do crítico e investigador literario Ramón Nicolás quen, por outra parte, xa se tiña debruzado sobre o tema no artigo "Cunqueiro e Fole a propósito dun artigo exhumado", en AA. VV., *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago, Xunta de Galicia, 1993, pp. 413-417.

[27] Como os titulados "Paréntese de Nadal" (28-XII-1961) e "¡Un difunto perguntaba por min!" (2-XI-1981).

[28] Cfr. Claudio Rodríguez Fer, *Ánxel Fole. Vida...*, pp. 51-52.

[29] Este mesmo relato, pero noutra versión, foi dado a coñecer recentemente no propio periódico por Claudio Rodríguez Fer, "Fole e os contos de nunca acabar" (3-X-1996).

[30] Esta entrevista volvería ser reproducida no mesmo periódico o 22-V-1986.

[31] Cfr. Álvarez Riveiro, *Fole e ...*, p. 197.

Año" de 1982, no que escribira sobre "La historia y la prensa gallega"), ou nos "Cadernos de Cultura", especiais "Día das Letras Galegas" (onde foi publicado "A lenda áurea da vila", 19-V-1983).

Este xornal, ademais, foi xunto con *El Progreso* un dos primeiros en dedicar ó autor de *Á lús do candil* un número monográfico, publicado baixo a coordinación de Luís Álvarez Pousa o 6 de maio de 1982. Nel incluíronse artigos de V. Barcia, Carlos Casares, Manuel María, Paco Martín, Ramón Piñeiro, Claudio Rodríguez Fer e o propio coordinador, ós que habería que engadir aínda un texto inédito de Fole, "O feitizo da paisaxe", e unha entrevista a este realizada por Fernando Salgado.

Coda

Ánxel Fole á par que escritor foi tamén, indubidablemente, un home da prensa. Foino como autor literario en centos e centos de artigos, algúns deles verdadeiras xoias da prosa xornalística galega, pero foino tamén como profesional do medio, pois non en van chegou nos anos 30 a ser correspondente de Febus —axencia que logo daría paso a EFE— e colaborador con asignación fixa en *El Pueblo Gallego* antes da guerra e *El Progreso* trala mesma.

Xa que logo, falar da obra de Fole sen termos en conta a súa vertente periodística supón unha reducción de nesgo perigoso para calquera conclusión valorativa. Se ben é certo que entre as novas xeracións Fole é maioritariamente coñecido pola súa mestría na arte do relato mistérico, cómpre reiterar, unha vez máis, que moitas das páxinas dedicadas polo mestre lugués ó ensaio xornalístico igualan e mesmo superan boa parte das consagradas á súa sobresaliente narrativa.

No xénero periodístico Ánxel Fole —admirador de Josep Pla e Raymond Cartier, da revista *Life* e a *Revista de Occidente*, do diario *El Sol* e os "Lunes" de *El Imparcial*— encontrou unha voz singular e inimitable no seu lucensismo xornalístico, que se viu recoñecido en 1975 co seu nomeamento como Membro de Honor da Asociación de Prensa de Lugo.

Así pois, non cabe máis que abandonarse á luz do candil foleano e irromper nesa terra brava de revistas e xornais nos que o lugués foi regalándonos os seus contos cheos de néboa, como historias que ninguén pode crer agás os que saben mirar con outros ollos, abertos ás luminarias da memoria, dispostos para asolagarse nas vivencias e recordos, nos pensamentos e opinións de quen tanto viviu para logo lembrar: Ánxel Fole de Lugo, ¡si, señor!.

2. Panorámica das revistas literario-culturais coetáneas de *Resol*: galegas, españolas, portuguesas e hispanoamericanas

A) Galegas

A consideración dalgunhas das publicacións galegas aparecidas na década de 1930-1940 como revistas só é admisible dende un alto grao de imprecisión. Unicamente empregamos o termo por razóns de comodidade expresiva. Unha simple ollada ó material que tratamos evidencia que nalgúns casos estamos diante de follas soltas de grande formato (*Galiza*, o nº 1 de *Yunque*) e noutros de pregos (*Resol*), tarxetóns (*Papel de Color*) ou xornais de interese literario (*Vallibria*). *Cristal* ou *P.A.N.* son de certo revistas literarias, como os dous últimos números de *Yunque*.

Son moitos os problemas que se presentan á hora de facer unha axeitada clasificación das publicacións que aquí inventariamos non exhaustivamente. A cronoloxía fornece un deslinde inicial entre as que pertencen ós anos da República (1931-1936) —algunha delas arranca xa en 1930— e as que xurdiron no trienio da guerra civil (1936-1939). Pero, de certo, hai máis dunha que sobreviviu ó longo da década e aínda a sobrepasou.

O criterio do puro contido é ben problemático. Dende logo, ás veces os subtítulos son ilustrativos da natureza da temática e de acordo con ela podemos establecer varios grupos:

a) Literarias (ou poético-literarias): *Cristal, Resol, Papel de color, Yunque, P.A.N.*
b) Políticas (de signo galeguista-nacionalista con distinto grao de atención a temas culturais ou especificamente literarios): *Galiza, Máis!, Guieiro, Alento, Ser, Erte...!*, etc.
c) Universitarias (temas do ensino universitario, culturais e literarios): *Universitarios.*
d) Relixiosas (de signo galeguista ou tradicional, na órbita católica, con páxinas culturais e literarias): *Misión, Logos* e *Spes.*
e) Bélicas (políticas, de información da guerra, con páxinas literarias ou culturais): *Nueva Galicia, Nova Galiza, El Miliciano Gallego*, etc.

A dimensión galega destas publicacións é evidente. Están feitas en Galicia e por galegos, con presencia —cuantitativamente distinta en cada caso— da lingua galega.

Non diminúe a condición galega de *P.A.N.* ou *Nova Galiza* —por poñer dous casos— o feito de que de editaran en Madrid e Barcelona respectivamente. Respecto da lingua, o monolingüismo de *Galiza, Logos, Alento* ou *Guieiro* dá paso ó bilingüismo de *Yunque, Resol, Universitarios* ou *Cristal* e, de aí, ó monolingüismo en castelán (aínda que por razóns diferentes) de *P.A.N.*, *Misión* ou *Spes.*

O motivo da inclusión de publicacións que exceden con moito do terreo estrictamente literario é dobre. Primeiro, porque en todas elas colabora, por pequeno que sexa nalgún caso, un grupo de importantes escritores (poetas, narradores, dramaturgos ou ensaístas e aínda xornalistas). Segundo, porque deses escritores ofrecen, ademais de mostras do seu labor literario, interesantes perfís ideolóxicos e espirituais; políticos, éticos e relixiosos. Perfís que moitos mantiveron malia as adversas e ata tráxicas circunstancias (Castelao é un exemplo paradigmático) e outros, pola contra, mudaron.

Digamos, tamén, que agás nos casos de *Cristal, Spes, Misión* ou *Vallibria*, temos aquí un mostrario heteroxéneo de publicacións nas que coinciden e predominan comunistas, anarquistas, republicanos, socialistas, galeguistas e nacionalistas: expoñentes, en suma, de todo o amplo espectro da esquerda política da década de 1930-1940.

Finalmente, non será excusado dicir que a condición efémera destas publicacións non obedece, en ningún caso (que saibamos) á presión da censura. O estoupido da guerra representou a desaparición dalgunha delas (*Resol*, por exemplo, que nembargantes tivo continuidade no exilio). Pero moitas sucumbiron pola precaria economía que as sustentaba ou pola dispersión do grupo de dirección, dispersión motivada fundamentalmente polo remate dos estudios e as inmediatas urxencias do "primum vivere" dos seus fundadores e colaboradores.

Non facemos aquí senón unha breve referencia á etapa de *Nós* que chega á década de 1930. Como é ben sabido, *Nós*, dirixida por Castelao e Vicente Risco, procede xa da década anterior (o seu nº 1 ten data do 30 de setembro de 1920), pero sobresae nos anos da República como a máis importante das publicacións galeguistas cun fondo acento cultural. É de xustiza citar tamén, cando menos, dúas excelentes antecesoras galegas dos anos vinte: a luguesa *Ronsel* e a coruñesa *Alfar*.

Nós



Os anos da República (1931-1935), encheron aproximadamente un tercio da xeira total de *Nós*, que en xaneiro de 1931 ía polo seu nº 85. En abril dese ano a Administración pasa da Coruña a Santiago de Compostela e en 1933 (nº 114) Ánxel Casal instala o obradoiro do que saían aquelas páxinas do "Boletín mensual da cultura galega, órgao da sociedade Nós", na rúa do Vilar nº 15.

Semella ter sido Ánxel Casal o responsable da incorporación de moitos dos novos colaboradores que dende 1931 rexistra *Nós*. Algúns deles foron, no terreo literario, Johán Carballeira, Xosé Mª Castroviejo, Álvaro Cunqueiro, Emilio Pita, Antonio Díaz Herrera, Francisco Fernández del Riego, Xosé Otero Espasandín e Luís Pimentel. Entre os ilustradores, Luís Seoane, Carlos Maside e Vidarte. No número extraordinario de *Nós* de 1970, o do seu cincuentenario, Luís Seoane lembra que "nos derradeiros anos de *Nós* a maioría das viñetas son de Colmeiro"[32].

Interesante como documento de actualidade cultural daqueles anos foi a sección "Os homes, os feitos, as verbas" coa que *Nós* rematata normalmente as súas páxinas. Entre noticias culturais de todo tipo e crítica de libros de moi diversa procedencia e temática, a citada sección anunciaba a saída de novas revistas galegas e ofrecía breves comentarios sobre as mesmas xunto coa reproducción dos sumarios dos seus números. *Logos, Alento, Papel de Color, Universitarios* e *Resol* foron

[32] Luís Seoane, "Algúns aspeitos de Nós", *Nós*, nº 145, 30-X-1970, pp. 51-52.

obxecto de atención. Fíxose tamé publicidade da saída de *Ser*, "Semanario gallego de izquierdas". Asinaban as notas de recepción e crítica, sempre con siglas, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Florentino López Cuevillas, Luís Manteiga, Ricardo Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Xaquín Lorenzo Fernández, Augusto Mª Casas ou Vicente Risco.

Figuras daquela xa prestixiosas como Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo proseguen as súas colaboracións. O primeiro continúa coa serie "Da Alemaña", que iniciara en 1930 e na que incluirá "Mitteleuropa" a partir do nº 123 (marzo de 1934). Otero Pedrayo teima no estudio da paisaxe en artigos de tipo ensaístico, pero amosa tamén o seu interese pola literatura europea nos seus estudios e comentarios sobre Goethe, Charles Péguy, G. Papini, Ernst R. Curtius, Alfred Döblin, J. J. Rousseau, etc.

O tema de Irlanda e das súas relacións con Galicia tivo amplo espacio en *Nós*. Del ocupáronse nalgúns artigos Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. Ademais, *Nós* reproduce, a partir do nº 86 (febreiro de 1931) a obra de Leabhar Gabhala, *A historia d'el Rei Breogán e dos fillos de Mil. Libro das conquistas de Irlanda.* Lémbrese o interese pola literatura irlandesa que amosou dende a súa xuventude Luís Seoane e a presencia do autor irlandés James Stephens en *Resol*. Engadamos que en *Nós* aparecen poemas que despois encontraremos nas páxinas de *Resol*, así acontece coas composicións de Emilio Mosteiro ("Alalás do mar"), Euxenio Montes ("Río"), Fermín Bouza Brey ("Tenzón con malvis amigo"), Teixeira de Pascoais ("Fala do sol"), Luís Pimentel ("Paisaxe sin historia"), Xulio Sigüenza ("Tennis"), Xohán Vidal Martínez ("Nouturnio") e Johán Carballeira ("Mariñeira do vento").

Entre as colaboracións destes anos paga a pena repasar, polo que conteñen de información panorámica actualizada das letras e das artes plásticas galegas, os traballos de Francisco Fernández del Riego, "Índice cultural e artístico do Renacimento Galego" (nº 116, 117, 118, de setembro, outubro e novembro de 1933) e Augusto María Casas, "Esquema da nova poesía galega" (nº 139-144, xullonadal de 1935). Amosa Fernández del Riego, no terreo da lírica, un afervoado entusiasmo pola obra de Cunqueiro, "o poeta mozo que máis está dando que falar na aitualidade" e salienta así mesmo a obra de Aquilino Iglesia Alvariño e Fermín Bouza Brey. Neotrobadorismo, amadocarballismo, creacionismo e poesía da terra son as tendencias líricas detectadas por Del Riego. Polo que se refire á panorámica da pintura galega, e tras da mención de Castelao, destaca a Arturo Souto como "o máis universal dos nosos pintores" e a Manuel Colmeiro[33] como "o primeiro pintor galego de hoxe".

Polo que se refire a Augusto Mª Casas, tracexa un puntual e documentado percorrido pola lírica galega dos anos vinte e comezos da década dos trinta e ofrece no mesmo unha moi completa nómina das voces líricas máis salientables; subliña o papel das revistas e xornais na difusión da poesía e destaca como poetas máis interesantes a Manuel Antonio, Amado Carballo e Álvaro Cunqueiro.

[33] Sobre Colmeiro, vx. o artigo de Carlos Maside, "Eisposición Colmeiro", *Nós*, nº 130, outono de 1934.

A edición facsímile[34] que de *Ronsel* se fixo en 1982, para conmemorar o xa pasado cincuentenario da aparición da revista no Lugo de 1924, que "presentaba un ambiente, un medio intelectual desolador, suficiente para comunicar un desánimo total al más entusiasta escritor" en palabras de Correa Calderón[35], non só achegou ó lector unha das mellores publicacións literario-poéticas feitas en Galicia, senón que propiciou un novo número de homenaxe, un epílogo nostálxico medio século posterior ós seis únicos números que tirou *Ronsel* no ámbito cronolóxico de 1924.

Nese número epilogal, o nº 7, lembra Ramón Piñeiro que se ben "Pola brevedade da sú vida, *Ronsel* non chegóu a exercer un influxo cultural importante como revista, como órgano dun grupo intelectual (...) os membros do grupo fixérono individualmente, cada ún dende o seu campo de actividade persoal"[36]. A consideración daqueles mozos como a xeración luguesa de *Ronsel* ten ocupado a Celestino Fernández de la Vega[37], que cita na nómina xeracional a Xesús Bal y Gay, Luís Pimentel, Álvaro Gil, Ánxel Johán, Evaristo Correa Calderón, Juan Rof Carballo, Jesús Carracedo e Domingo Carvallo.

Na súa reconstrucción da intrahistoria de *Ronsel*, lembra Evaristo Correa Calderón, o seu impulsor e codirector, o Lugo que foi berce da revista: un Lugo onde se publicaban cinco xornais, onde vivían Manuel Amor Meilán, Xesús Corredoira e Manuel Castro Gil e onde nas reunións que no Círculo das Artes mantiñan Álvaro Gil, Ángel González (Ánxel Johán), Salvador Fole, Carlos Araújo e o mesmo Correa Calderón, xurdiu a idea da revista, que saía á rúa no mes de maio de 1924 e que, de acordo coa "Alegoría inicial" ó fronte do seu nº 1, aspiraba "a trazar una estela a través de un mar de pesimismo e indiferencia".

Aínda que a edición facsímile facilita o acceso a aquelas páxinas, cómpre subliñar o relativo equívoco do seu subtítulo, "Revista de Arte", porque, como anota Bonet Correa[38], "Quizá lo menos importante resulte hoy el criterio ecléctico de sus críticos de Arte". Esa falla crítica está compensada, sen embargo, polas novidosas e variadas ilustracións, nas que converxeron artistas posmodernistas e vangardistas de relevante traxectoria: ademais da fundamental contribución de Álvaro Cebreiro (codirector) e de Ánxel Johán (xerente), temos en *Ronsel* linóleos e debuxos de Benjamín Palencia, Norah Borges, Barradas, Sobrino Buhigas, Castelao, Lacasa, Casares Mosquera, Juan José, Alberto, Castro Gil, Frederic Macé, Súarez Couto, Francisco Miguel e o portugués Cunha Barros.

---

[34] *Ronsel*, edición facsímile, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, serie Resgate, 1982.

[35] Evaristo Correa Calderón, "Cincuenta años después. Pequeña historia de una revista", *Ronsel*, edición facsímile, op. cit., p. XV.

[36] Ramón Piñeiro, "*Ronsel* (1924-1974)", *Ronsel*, edición facsímile, op. cit., p. 48.

[37] Celestino Fernández de la Vega, "Los de *Ronsel*", *Ronsel*, edición facsímile, op. cit., pp. 42-44.

[38] Antonio Bonet Correa, "*Ronsel* y el Arte de Vanguardia", *Ronsel*, edición facsímile, op. cit., p. 9.

A literatura —crítica e de creación— tivo notable entidade en *Ronsel*, onde Luís Pimentel deixou, en prosa e verso, as súas primeiras colaboracións literarias e a súa irmá Mercedes publicou traduccións de autores alemáns. Malia non situarse nas ringleiras do galeguismo (onde militaban as súas veciñas *Nós* e *A Nosa Terra*), *Ronsel* deixou interesantes páxinas de lírica galega e algunhas de prosa. No ámbito poético galego temos composicións —orixinais e traduccións— de Xohán V. Viqueira (cunha necrolóxica e tres poemas inéditos no nº 5), Victoriano Taibo, López Abente, Antón Villar Ponte (que colaboraba tamén en prosa), Manuel Antonio, Correa Calderón, Noriega Varela e Curros Enríquez. Tamén se rexistra un fragmento, en verso, da peza teatral *O Mariscal*, de Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas.

Interesante é así mesmo a presencia de líricos portugueses, entre os que figura o que por aqueles anos era case inévitable, Teixeira de Pascoais, e xunto con el, Raul Brandão, Eugénio de Castro, Américo Durão, Mª Leonor Reis e Afonso Duarte. Entre os españois, Cansinos Asséns, Guillermo de Torre, Ramón Gómez de la Serna, Antonio Marichalar, Benjamín Jarnés ou Antonio Robles son algúns dos máis prestixiosos colaboradores de *Ronsel*. Outros galegos como o citado Luís Pimentel, Bal y Gay, Correa Calderón ou Fenández Mato colaboran en castelán. En fin, en catalán escriben os seus poemas Alfons Maseras e J. M. López Picó e, en francés, Émile Malespine.

Non plenamente vangardista, *Ronsel*, aberta á variedade de tendencias da época, participou da vangarda, sen limitación de lingua, país ou corrente estética. A amplitude do seu interese cultural é evidente na súa atención á actualidade en terreos como pintura, música, cine, ballet, ciencia, etc. Estes temas aparecen tratados, especialmente, nas seccións das últimas páxinas dos diferentes números da revista.

ALFAR

En *Ronsel* hai tamén un grupo de poetas hispanoamericanos e, entre eles, o uruguaio Julio J. Casal que, en 1923, un ano antes da aparición da revista luguesa, figuraba como director dunha extraordinaria revista, *Alfar*, chamada así a partir do seu nº 33 (outubro de 1923) e con anterioridade *Boletín de Casa América-Galicia* e *Revista de Casa América-Galicia*. Julio J. Casal dirixiu a revista na súa xeira coruñesa ata o nº 60 (1926). Pero xa en 1929, *Alfar* proseguía a súa traxectoria dende Montevideo.

A fermosa edición facsímile[39] de que hoxe dispomos e os minuciosos estudios que sobre *Alfar* fixo César Antonio Molina[40] (director e prologuista da edición facsímile) evitan consideracións pola nosa conta que resultarían redundantes. Ademais, o noso ámbito de traballo está cinguido á década 1930-1940.

[39] *Alfar*, edición facsímile, A Coruña: Edicións Nós, 1989.

[40] César Antonio Molina, *La revista Alfar y la prensa literaria de su época, (1920-1930)*, A Coruña: Edicións Nós, 1984 e *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1989.

Malia estas circunstancias non deixaremos de facer referencia á presencia nas súas páxinas de escritores galegos; presencia certamente restrinxida porque a vocación de universalidade das mesmas non casaba co galeguismo que amosaban algunhas coetáneas, *Nós* en particular.

Os escritores galegos de máis continuidade en *Alfar* foron Xohán V. Viqueira e Antón Villar Ponte, ambos colaboradores de *Ronsel*. Tamén se manifestaron, nos primeiros números, Vicente Risco e Euxenio Montes (este último con dous poemas en castelán). Tamén Victoriano Taibo e Noriega Varela andaron por *Alfar* e *Ronsel* con poemas en galego. En fin, Amado Carballo, Eladio Rodríguez González, Xesús Bal y Gay, Antonio Rey Soto, Casares Quiroga, Alejandro Pita Romero e o doutor Novoa Santos colaboraron tamén, pero case sempre en castelán. De certo, a expresión literaria en galego foi mínima e practicamente desapareceu na etapa uruguaia de *Alfar*, que chegou ata o ano 1955, no que tirou o seu nº 91, o derradeiro.

Galiza

A presencia de *Galiza* na panorámica das revistas dos anos trinta, foi saudada, entre outras, nas páxinas de *Universitarios*. A breve nota, de autoría anónima, acolle con ledicia a publicación compostelá:

> «Galiza», revista de estirpe netamente nacionalista, esfuerzo vigoroso de rebeldía y juventud, lanza, desde Mondoñedo, en vuelo de horizontes y entre vientos de la Frouseira, voces de galleguidad y modernidad, de cultura y de política.
> Nosotros traemos aquí su nombre en cuanto significa una orientación exacta de espíritus nuevos y la realización de un ensayo en la actuación política.[41]

Un primeiro achegamento a esta publicación, tan fondamente vencellada a Mondoñedo e á xuventude de Álvaro Cunqueiro, témolo nas contribucións feitas por Modesto Hermida[42] e César Antonio Molina[43]. Tentaremos aquí non repetir o xa escrito senón matizalo, corrixilo e amplialo de acordo coa bibliografía que nestes últimos anos suscitou a publicación.

Galiza foi unha folla de gran formato que tirou cinco números entre 1930 e 1933. A súa cronoloxía é a seguinte:

Número	Data	Lugar	Imprenta
1	mes de Santiago de 1930	Lugo	Artes Gráficas Gerardo Castro
2	mes de Santiago de 1931	Lugo	Imprenta y Papelería Palacios
3	25 do Sant'iago do 1932	Mondoñedo	Imprensa Xesús López
4	as San Lucas, 1932	Mondoñedo	Tip. Suc. Mance/Imprenta y Papelería Jesús López Díaz (Suc. de Mancebo)
5	Festa Nazonal do 1933	Mondoñedo	Imprensa Suc. de Mancebo.

[41] Anónimo, "Galiza", *Universitarios*, nº 2, sec. Archivo Bibliográfico, Santiago de Compostela, xaneiro de 1933, p. 23.
[42] Op. cit. pp. 28-33 e 72-77.
[43] Op. cit. pp. 411-416.

Galiza tira dúas páxinas de gran formato —agás no caso do nº 4 (16 páxinas en formato folio)— e altera a tipografía da cabeceira. Leva expresión de lugar e data cada número, pero só están numeradas a terceira e cuarta entregas. Monolingüe en galego, está ilustrada por Bernardo Vidarte. Algúns textos en castelán ("Brazos vacíos", poema de José Ramón Santeiro ou "Despedida a Manuel Antonio", de Julio Sigüenza, ambos publicados no nº 1) son excepcións dunha regra que *Galiza* proclama: "A lingua é a base, é a máis xenial e orixinal obra de arte que unha nazón cría e desenvolve. O idioma é a coluna vertebral dun pobo. Falade e escribide en galego" (nº 5, no pé da segunda páxina).

Alterna esta ampla folla colaboracións en verso e prosa e política e literatura andan nela xuntas e complementarias. Foi sen dúbida Álvaro Cunqueiro[44] —que publica aquí tres poemas e tres artigos — o seu director, segundo explícita puntualización que aparece no nº 4, (As San Lucas, 1932): "*Galiza.* Revista Galega. Dirixe Álvaro Cunqueiro. Administrazón: Galiza, Rúa do Progreso, 36. Mondoñedo". O nº 1 é practicamente un monográfico dedicado á poesía galega, coas excepcións dunha prosa lírica (sen sinatura) e un artigo de exaltación do Día de Galicia (asinado por Alejo Barja Prieto), data emblemática da que non se esquece nunca esta publicación. Os seus textos programáticos, sen sinatura ("Manifesto", nº 2; "Nos", nº 3, etc.) son da autoría de Álvaro Cunqueiro.

Entre as sinaturas máis prestixiosas de *Galiza* temos a Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Díaz Jácome, Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco Amor, Ricardo Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Emilio Mosteiro, Euxenio Montes, Julio Sigüenza, Francisco Fernández del Riego, Vicente Risco, Xesús Bal y Gay, Luís Amado Carballo, Luís Pimentel ou Manuel Antonio.

Convén puntualizar, unha vez máis, que os autores mencionados non eran colaboradores directos ou activos da publicación (Amado Carballo e Manuel Antonio xa morreran había anos), senón que moitos deles aparecen en función da particular escolla de textos feita pola dirección. Entre as fontes ás que acudiron —non sempre citadas— temos referencia de poemarios como *Proel* (Luís Amado Carballo, 1927), *De catro a catro* (Manuel Antonio, 1928), *Vieiros* (Ricardo Carballo Calero, 1931), *Nao senlleira* (Fermín Bouza Brey, 1933), *Poemas do si e non* (Álvaro Cunqueiro, 1933), *Corazón ao vento* (Aquilino Iglesia Alvariño, 1933), etc.

O coñecemento dos dous números que faltaban débese ó labor da bibliotecaria da Biblioteca Municipal "Pena Trapero" de Mondoñedo, dona Alicia Tella Villamarín. A súa descuberta foi atendida e difundida por Armando Requeixo en diferentes artigos e completada por Claudio Rodríguez Fer. A secuencia bibliográfica imprescindible para o coñecemento completo de *Galiza* é a seguinte:

Xosé F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: Unha biografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1987, p. 86.

[44] "Álvaro Cunqueiro na revista *Galiza* e outros escritores mindonienses", en *Álvaro Cunqueiro: Escritos recuperados*, Santiago de Compostela: Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 43-69.

Armando Requeixo: "Aparecen dous números descoñecidos de *Galiza*, revista dirixida por Cunqueiro", *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 17-III-1991, p. 50.

—, "Álvaro Cunqueiro na revista *Galiza* e outros escritos mindonienses", en *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Día das Letras Galegas 1991, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Interecambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 43-69.

—, "Cunqueiro na revista *Galiza*", en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993, pp. 635-640.

Claudio Rodríguez Fer: "Álvaro Cunqueiro e a vangarda do Leste Galego", en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, op. cit., pp. 265-272.

—, "O nacionalismo de Álvaro Cunqueiro", *A Trabe de Ouro*, nº 7, Santiago de Compostela, 1991[45].

Como non se publicaron ata agora na súa integridade, ofrecemos os sumarios —elaborados por nós— destes dous números recentemente descubertos. O do nº 2 (1931) é como segue[46]:

"Manifesto", (sen sinatura)
"¡En pé!" (p.), Ramón Cabanillas
"¡Heroica mocedade!" (p.), A. Noriega Varela
"Arredor", A. Cunqueiro Mora
"Nova Galicia", Alejo Barja Prieto
"A nosa Bandeira" (p.), Amado Carballo
"Medra a lua" (p.), Ricardo Carballo Calero
"O día de Galicia...", Xosé Mª de la Fuente
"Galiza", J. Cigarrán Manteiga
"Nos", Raimundo Aguiar Álvarez
"Sant'iago" (p.), Xulio Sigüenza
"Desque ll'a peta botaron..." (p.), Manuel Leiras Pulpeiro
"O meu corazón roubón-mo" e "Como a unha santiña", (p.) (A. Iglesia Alvariño)
"O verdadeiro día da Galiza", José Díaz Jácome
"¡Galegos!" (p.), E. Pondal
"Adeus" (p.), Manuel Antonio

Polo que se refire ó nº 5 (1933), ofrécenos:
"Na diada da terra", (sen sinatura)
"Non esquezamos o deber", R. Aguiar Vázquez
"Ditos da xente" (viñeta), Bernardo Vidarte
"Os que combaten o Estatuto", César González Seco
"Troque de posizóns", Álvaro Cunqueiro
"Cousas", Castelao
"Intre", José Díaz Jácome

[45] Estes dous traballos de Claudio Rodríguez Fer están recollidos en *Acometida Atlántica*. (Por un comparatismo integral), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996, pp. 243-251 e 175-183, respectivamente.

[46] Levan un "p." entre parénteses os textos poéticos.

"Pra os elegantes anti-estatutistas", F. Fernández del Riego
Citas de Suárez Picallo e C. Gallastegui Unamuno

A breve andaina de *Galiza* ó longo de tres anos pódese interpretar como un tránsito do galeguismo cultural por vía poética a un apaixonado nacionalismo político que, no derradeiro número, exclúe radicalmente a poesía. Así pasou de ser "unha folla de poesía nova", voceira dun "feixe de xuventude por todo galega e por todo xuventude" a se facer canle de concienciación galeguista, de exaltación do Día da Terra e dos símbolos galegos, defensora dun Estatuto que estaba aínda por chegar, de loita en defensa dos intereses galegos no contexto español e dos grandes ideais de liberdade e xustiza para os pobos e os homes. O ton dos artigos alcanza alento épico e evidencia unha actitude belixerante, combativa, de afervoado entusiasmo galeguista.

Percorrida dun pensamento de signo idealista, ateigada dunha elevada e ata virulenta retórica, predica *Galiza* a unión e a loita polos intereses galegos —di Fernández del Riego— "anque da loita saiamos magoados e algún caia pra se non erguer mais, escontra os treidores tudos da nosa santa causa... Hespaña non é unha nación, senon un Estado parásito de todol-os dereitos e liberdades das nacións ibéricas que os patrioteros de chin chin queren seguir agriloando"[47]. Referencias á lingua, a problemas económicos concretos, ós partidos políticos, á urxente necesidade dunha política galega, á marxinación de Galicia pola política estatal, á gravidade do momento político, enchen as páxinas de *Galiza* que, ó dicir de Rodríguez Fer, "ofrece unha documentación inestimábel para detectar e comprender a postura galeguista do xove Cunqueiro", que tivo naquela sinxela folla o seu "primeiro voceiro de carácter político"[48]. A lingua, a data de saída da publicación, os editoriais e contido de moitos artigos conforman un "conxunto de clara orientación nacionalista galega" feito por un pequeno grupo galeguista de Mondoñedo que capitaneaba Cunqueiro.

Non seguiremos máis por esta liña, xa percorrida por Armando Requeixo, Modesto Hermida, Rodríguez Fer e Fernández del Riego entre outros. Si queremos chamar a atención en dúas claves da lírica publicada en *Galiza*: a) No cerne mesmo do seu contido está case sempre Galicia (terra, mar, xente, saudade, símbolos, folclore, literatura). b) O dobre anceio de galeguidade e modernidade cumpriuse axeitadamente na contribución poética que evidencia *Galiza*. Non hai aquí arqueoloxía ou erudición poética. Pola contra, a escolma contida no nº 1 é do mellor que podemos observar en calquera das publicacións literarias da época. A razón pola que a lírica perde terreo e se converte nun complemento, nun elemento subsidiario ou ancilar dos artigos políticos ata chegar a desaparecer, debemos procurala nas intencións da dirección de *Galiza*. Dende logo, a calidade dos poemas perdura, mentres que o interese dos artigos políticos pódese reducir a un testemuño da atmosfera da época nunha minoría moza e rebelde que apostaba por Galicia con verdadeira paixón e espírito revolucionario e idealista.

[47] Francisco Fernández del Riego, "Acusacións", *Galiza*, nº 3, Mondoñedo.

[48] Claudio Rodríguez Fer, *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996, p. 176.

Vallibria

"Semanario Literario Informativo", *Vallibria*[49] xurdía en Mondoñedo en 1930. O seu propietario e director foi José Trapero Pardo, que conseguiu que a súa publicación percorrera toda a década e superara o case insalvable obstáculo da guerra, pois aínda continuaba a se publicar anos despois de 1939. Certamente o semanario, e sinaladamente algúns dos seus colaboradores, posicionáronse a prol dos sublevados e non se abstiveron de amosar unha notable belixerancia contra moitas das figuras da Fronte Popular. Referímonos, neste caso, ás invectivas que, ás veces en verso galego, lanzaba o crego Celestino Cabarcos Suárez, que levaba en *Vallibria* a serie "Cóxegas".

Velaquí o caso dunha publicación que houbo de virar cara á política polo peso das circunstancias. Nela publicou Cunqueiro[50], ós dezaoito anos, os seus primeiros poemas —e tamén artigos— en galego e castelán, xa a partir do nº 2. Pero *Vallibria*[51], que "se distinguiu pola súa apertura á lingua galega" en valoración de Claudio Rodríguez Fer[52], contou con outros colaboradores que, en diferente grao, se manifestaron nesta lingua. Citemos, entre outros posibles, os casos de Eduardo Lence Santar, Antonio Noriega Varela[53], José Díaz Jácome e Aquilino Iglesia Alvariño. Aínda podemos engadir nesta liña de lirismo galego a José Pérez Ballesteros, José Mª de la Fuente Bernárdez e Daniel Pernas Nieto. O libro deste último, *Fala d'as Musas* (1936), coñeceu varias recensións en *Vallibria*, entre elas unha de Ricardo Veiga Gómez. Prestou o semanario atención ós poetas de Mondoñedo e tivo particular interese folclórico, etnográfico e lingüístico a serie "Folklore Gallego".

Logos

"Boletín católico mensual", *Logos* apareceu en Pontevedra o día 1 de xaneiro de 1931, data do seu nº1. Pervive durante cinco anos, nos que o boletín chega a un total de 49 números, o derradeiro datado en marzal/abril de 1936, coa guerra civil xa ás portas. A súa Redacción e Administración estaba na rúa Arzobispo Malvar, nº 20, de Pontevedra. Agás no caso dalgúns números bimensuais (nº 28/29) ou trimestrais (nº 39/40/41) publicados nunha entrega, a revista mantivo case ata o final a súa periodicidade mensual. Nos números —doce en total— do ano 1931 *Logos* consta de 16 páxinas. A partir de 1932 a numeración é correlativa por anos. Algún número de 1933 contén publicidade, pero é un feito illado.

A edición facsímile da que afortunadamente dispomos[54] e o "Limiar" ó primeiro volume da mesma, da autoría de Xosé F. Filgueira Valverde, sitúan a *Logos* nunha vantaxosa posición cara ó lector interesado nas súas páxinas, sempre en galego, exclusi-

---

[49] A andaina do semanario nos anos da guerra civil está estudiada por Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1994, pp. 20-28.

[50] Sobre as colaboracións de Cunqueiro en *Vallibria*, vx. o artigo de Isabel Gómez Rivas, "As primeiras publicacións de Álvaro Cunqueiro" en *Boletín Galego de Literatura*, nº 4, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1990, pp. 101-111.

[51] Vx. Xosé F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: Unha biografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1987, pp. 80-88.258.

[52] Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, op. cit., p. 20.

[53] Sobre a presencia deste poeta en *Vallibria* vx. Xosé Ramón Freixeiro Mato, *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e textos esquecidos)*, Santiago de Compostela: Ed. Laiovento, 1992, e *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1994.

[54] *Logos*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, serie Resgate, 1983 (2 vols.).

vamente en galego, feito en verdade sorprendente nunha publicación eclesiástica, católica confesional, que se declara "Revista de cultura relixiosa".

Por Filgueira Valverde sabemos que nas orixes de *Logos* houbo movementos e agrupacións precedentes, que tiveron a súa xénese nas reunións na casa de Antón Losada Diéguez e que tentaron galeguizar a Igrexa galega. Así aconteceu co grupo laico do Apostolado Social e Litúrxico da Igrexa Galega, interesado en achegar o clero galego á identidade do pobo, ó estudio da súa arte e tradicións e ó emprego da lingua galega na vida relixiosa.

Pero finado Losada Diéguez en 1929, foron Antonio Iglesias Vilarelle e Filgueira Valverde os fundadores e impulsores de *Logos*, contando cunha idea ou proxecto inicial de A. Amor Ruibal, que foi o que escolleu *Logos* como cabeceira da revista, publicación que el desexaba galega e aínda galeguista. Lamentablemente, o boletín comezou a súa xeira cunha necrolóxica —"O Mestre Amor Ruibal. Verbas de loito"— dedicada á súa memoria.

Tamén Castelao estivo vencellado, como ilustrador, a *Logos*. Fixo o debuxo do profeta Daniel e maquetou a portada. Igualmente, deseñou as letras capitulares que comezan o texto de moitos artigos.

Contou *Logos* coa axuda de sectores eclesiásticos galegos moi concretos: antigos seminaristas de Comillas con destinos en Galicia, frades mercedarios de Poio, monxes de Samos, franciscanos de Santiago de Compostela, sacerdotes pertencentes ó Seminario de Estudos Galegos, etc. No sector de colaboradores laicos conta con ilustres científicos, antropólogos, literatos, musicólogos e destacados profesores do ámbito universitario e do ensino medio. A case práctica totalidade son galegos.

Sen facer exhaustiva a nómina e de acordo coa entidade cuantitativa das súas colaboracións, anotamos a presencia de Xosé Filgueira Valverde (que, ademais, baixo o pseudónimo J. Acuña, é o responsable dos comentarios bibliográficos), Ramón Mª Aller Ulloa, Xesús Carro García, Aureliano Pardo Villar, Paulino Pedret Casado, Gumersindo Placer, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Álvaro das Casas, Manuel G.García, Xesús Ferro Couselo, X. Sant-Iago Crespo, Avelino Gómez Ledo, Xurxo Lourenzo Fernández, Fernando Quiroga Palacios (co pseudónimo F. Pazos), Alfonso Vázquez, Antón Iglesias Vilarelle, Xosé Miguélez, Antonio Fraguas, Ramón Cabanillas e Victoriano Taibo entre outros. Dos estranxeiros, a única gran figura é Jacques Maritain, que colabora con dous estudios sobre arte relixiosa.

Como publicación relixiosa, pero ó mesmo tempo cultural nun amplo sentido, nos artigos e ensaios de *Logos* atopamos unha miscelánea temática peneirada polo pensamento católico e centrada no ámbito galego, aínda que non exclusivamente: cuestións xerais de liturxia, evanxeos, haxiografía, persoeiros da igrexa galega e universal, arte e música sacras, documentos bibliográficos medievais, literatura clásica e galega, encíclicas papais, temas xacobeos, lingua e notas de actualidade relixiosa e cultural son parte do

abano de contidos da revista, que prestou atención a grandes figuras galegas como Amor Ruibal, o arcebispo Lago González, Losada Diéguez, López Ferreiro ou o P. Feixoo.

En particular, Avelino Gómez Ledo escribe media ducia de artigos sobre Etheria ou Exeria, a monxa e escritora galega do s. IV; Victoriano González, Xosé Miguélez e J. M. Vallejo ocúpanse do canto e música sacros; Gumersindo Placer teima nas biografías de santos galegos e na espiritualidade dos *Cancioneiros* medievais; Xesús Carro García esculca nos temas xacobeos; Maximino Arias e X. Sant-Iago Crespo ocúpanse das cuestións litúrxicas; Manuel G. García analiza os Concordatos da igrexa; Aureliano Pardo Villar dá conta dos artistas da orde de Santo Domingo de orixe galega; Atanasio López estudia a documentación galega medieval; Alfonso Vázquez Martínez analiza a figura de Mauricio Troncoso e Sotomayor; Vicente Risco afonda no pensamento católico; en fin, máis diversificadas son as colaboracións de Paulino Pedret, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro das Casas e o mesmo Xosé Filgueira Valverde.

A praxe galeguista é evidente non só no emprego exclusivo do galego (lingua tamén dos textos traducidos de Jacques Maritain, Henri du Passage, L. Witerbroodt ou Erich Przywara) senón tamén na moi preferente atención ós libros galegos que estaban a publicar Nós e o Seminario de Estudios Galegos. Así, na sección de "Bibliografía" temos recensións de novidades da autoría de Castelao, Xesús Carro, Ramón Mª Aller, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Luís Tobío Fernández, Xaquín Lourenzo Fernández, Xosé Crecente Vega, Armando Cotarelo Valledor, Alfonso Vázquez Martínez, Fernando Castro Pires de Lima e outros.

Unha manifestación da actitude dos responsables da revista diante dos que representaban un galeguismo afastado dos seus supostos ideolóxicos e relixiosos, da súa forma de entender e practicar o galeguismo, é o remate da nota que dá conta da publicación de *Retrincos* (1934), de Castelao:

> De Castelao afástannos diverxencias ideolóxicas. Fora da nosa concepción da vida, anque sempre achegándose á relixiosidade nosa, percura nos seus traballos unha limpeza, unha sinceridade, que é forza sexan respeitados en todol-os terreos. Algunhas páxinas de «Os dous de sempre» —a sua mellor obra— fírennos; a obra toda, unha traxedia pesimista da picaresca galega, refusa os nosos eidos. En troques estes «Retrincos», tan galegos, tan fondamente nosos son unha obra que sobre ser xenial é enxebre, e por ser enxebre a todos pode aquecer. Se a lus da Fé nosa se fixera no esprito do grande admirador dos cruceiros a sua obra sobre ser xenial e sobre ser enxebre tería a seguranza de eternidade que o autor merece e que «Logos» degoira por toda obra galega.[55]

Non é a literatura parte fundamental nas páxinas de *Logos*. Sen embargo, non deixan de ter interese as recensións, notas de publicacións e comentarios da vida literaria que ofrece. Tampouco podemos esquecer a atención á lírica medieval e ás cantigas de Afonso X. Doutra banda, temos no nº 39-40-41, monográfico dedicado ó arcebispo Lago González, da responsabilidade de Filgueira Valverde, unha escolma de poesía galega do citado arcebispo. No nº 46 (1935), Lois Rivaña Riaño recolle un feixe

[55] *Logos*, nº 1 44, 1935, p. 353.

de panxoliñas, entre as que figuran algunhas de Alberto Camino Sigüer e Vicente Turnes. No terreo da prosa, cómpre facer mención no nº 47 (1935) do fermoso "Volkskunde", de Ramón Cabanillas; a lenda da Aldea das Casas, tinxida de fantasía e relixiosidade e escrita nunha prosa ateigada de lirismo.

En fin, en palabras do citado "Limiar" de Filgueira Valverde

> LOGOS non era unha pubricación escrita somentes por cregos e dirixido ó crero, senón un boletín católico dirixido por leigos que desexóu dar acougo á expresión de cantos traballaban nos eidos do esprito e que a eles ía endereitado. Emporiso honróuse, dende o escomenzo, ca presencia das xentes do grupo Nós que encarnaron un vizoso intre da nosa cultura: Risco, Otero Pedrayo, R. Cabanillas, Taibo, Banet, e os seus inmediatos continuadores da xenia do Seminario de Estudos Galegos, Fernández Oxea, Álvaro das Casas, Iglesia Alvariño, Bouza Brey, e xente máis moza: Míguez, Vidal Reis, Xurxo Lourenzo, Ferro, Sesto, Isla Couto, os Álvarez Blázquez, Pintos Fonseca, Fontenla... Sen esquencer o grupo pontevedrés formado por García Vidal, Caramés, Álvarez Limeses, Novás, Lino, Claudio Losada, Fernández Villamil...[56]

CRISTAL

No bienio 1932-1933 Pontevedra tivo a súa revista literaria, de marcada vocación poética, en *Cristal*, que, como *Resol* na súa primeira etapa, chegou ós dez números cunha periodicidade mensual agás nos dous últimos, que foi bimensual. Os números, dun formato de 28 x 21 cm, ían a cor, que cambiaba dun a outro. Tiña o enderezo da súa Dirección na rúa Pi y Margall, 26, onde, ó mesmo tempo, daba pasantías Juan Vidal.



Saída dos talleres tipográficos de Julio Antúnez, no nº 6 da rúa Oliva, en Pontevedra, *Cristal* admitía publicidade, que, xunto coas subscricións, eran a súa fonte de financiación. Polo que se refire ó prezo, a revista pasou dos 15 cts no nº 3 ós 40 do nº 9. Paralelamente o número de páxinas oscila das oito que levan os cinco primeiros números ás vintedúas do nº 6 (de carácter extraordinario) e ás vinteoito do nº 9. No nº 7 daba conta do grupo dos seus directores literarios (Juan Vidal Martínez, Antonio Díaz Herrera, Renato Ulloa e Xosé Mª Álvarez Blázquez), así como dos encargados da dirección artística (Turas, José Luis e Alejandro de la Sota).

Non reiteraremos aquí datos desta revista[57], (unha das poucas que merecen ese nome entre as publicacións da súa década) que amosa un bilingüismo favorable ó castelán, un claro predominio da lírica nas súas páxinas e unha interesante contribución

[56] Logos, Limiar, p. XII.

[57] Modesto Hermida, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, op. cit., pp. 18-27 e 57-71.

de artistas plásticos[58] (Maside, Torres, Pintos Fonseca e Sesto, ademais dos anteriormente citados) que fan dela unha das máis esmeradamente ilustradas daqueles anos.

De *Cristal* rexistramos numerosas achegas de escritores de orixe pontevedresa ou afincados naquelas terras (Amado Carballo, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Gerardo Álvarez Limeses, Roberto Blanco Torres, Víctor Said Armesto, Rafael Lois Teijeiro, Renato Ulloa e Juan Bautista Andrade[59]). Este localismo está en parte compensado coa presencia de colaboracións de grandes figuras non galegas como Antonio Machado, Gabriela Mistral, Vicente Huidobro, R. Tagore, Juan Ramón Jiménez e, sobre todo, García Lorca, do que tamén temos colaboracións poéticas en *Resol* e *Yunque* como froito das súas viaxes a Galicia. E, ó seu carón, contribucións de escolleitos escritores galegos: Ramón Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño ou Antón Losada Diéguez. En síntese, caracteriza a esta revista a confluencia de colaboradores de moi distintas orixes, xeracións, linguas, estéticas e ideoloxías.

Sobre a presencia de García Lorca en *Cristal* temos abondosas referencias[60]. Unha delas é a nota publicada en *El Pueblo Gallego*, na que se anuncia a saída do nº 5 da revista e a presencia do poeta granadino na cidade do Lérez para dar unha conferencia.

> Hoy se pondrá a la venta el número 5 de la joven y floreciente revista literaria "Cristal". Este número va dedicado a Federico García Lorca, que con objeto de dar una conferencia para el Comité de Cooperación Intelectual, visitará en breve nuestra ciudad.
> Publica originales inéditos de Juan Lacomba, Antonio Díaz Herrera, Víctor Said Armesto, Álvarez Blázquez, Andrade, Lois Teijeiro, Augusto María Casas, Amado Carballo y Álvarez Limeses.
> Reproduce dos escogidos romances de García Lorca. Lo avaloran inéditas y artísticas ilustraciones de Turas, José Luis y Sexto.[61]

UNIVERSITARIOS

En marzo de 1932, dous meses antes da aparición de *Resol*, tira tamén en Santiago de Compostela o seu nº 1 *Universitarios*, "Revista de la F.U.E.", que xa no editorial —"Presentación"— autocualifícase de "revista universitaria, en el amplio y noble sentido de la palabra". Cun formato de 25,5x17,5, paxinada e con sumarios, *Universitarios* non dá conta dos seus responsables, pero o labor de dirección semella ter sido asumido por Francisco Fernández del Riego, que lembra "O segundo número, que eu dirixín" na súa panorámica das revistas da época[62].

Nas páxinas da publicación anunciáronse profesionais do ámbito do dereito e da medicina da época afincados en Santiago de Compostela (algúns deles profesores uni-

[58] Vx. ó respecto, Méndez Rodríguez et alii, *La linoleografía e Galicia*, Pontevedra: Spes, 1946 e Ramón Rodríguez Otero, *La escuela linoleísta de Pontevedra*, Pontevedra: Publicacións do Museo de Pontevedra, 1980.

[59] Sobre a influencia deste poeta no ámbito lírico pontevedrés, representado en boa parte nas páxinas de *Cristal*, vx. o artigo de Faustino Rey Romero "Juan Bautista Andrade, fundador de la escuela lírica pontevedresa", *Faro de Vigo*, nº especial conmemorativo do centenario do xornal (1853-1953), Vigo, 1953.

[60] Vx. supra, no estudio dos números de *Resol*.

[61] "Cristal", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13-XI-1932, p. 10.

[62] Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*, op. cit., p. 110.

versitarios) así como establecementos comerciais, algúns relacionados co mundo do libro. Non consta o prezo da revista, que só tirou dous números, o segundo deles datado xa en xaneiro de 1933.

A súa saída non pasou desapercibida para *Nós,* que despois de reproducir o sumario do seu nº 1 ofrece o seguinte comentario:

> NÓS, sempre atento a todo o que sinifica esforzo cultural na nosa terra, non pode menos de emborar â F.U.E. galega, ô sacar â lús este pirmeiro númaro da súa revista, na que temos de aplaudir, además da arela de superación que sinifica, o haber recollido nas súas páxinas a língua galega, proba patente dos novos vieiros por que camiñan as aitividades dos nosos universitarios. Mais esta cordialidade con que temos de recibila, lévanos á sinalar n-ela unha falla, que é a carencia de información universitaria, materia sempre interesante, e que encaixaría no canto das derradeiras páxinas, en troques do «Catálogo de obras maestras», que atopamos un pouco superfluo, aínda reconocendo a orientadora intención que o move.[63]

Revista "de estudiantes y para estudiantes", *Universitarios* quíxose integrar na vida cultural da Universidade de Santiago de Compostela e contribuír á formación dos estudiantes fóra das aulas en terreos múltiples como ciencia, arte, literatura e ata deporte. A súa actitude quixo ser de rexeitamento do vello e tradicional da universidade "sin detenerse ante el prejuicio ni el vasallaje", de acordo co citado editorial do seu nº 1, no que o castelán é a lingua claramente predominante, mentres que o galego ten o seu acubillo no terreo da lírica.

Estudiantes e profesores integran o núcleo de colaboradores destas páxinas culturais e da vida docente universitaria. Temos, así, noticia da situación dalgunhas Facultades, da representación estudiantil nos Claustros, da concepción de certas asignaturas ou da situación da Escola Única en Europa; todo iso, de acordo coas colaboracións do nº 1, que xa no terreo artístico-literario ofrece traballos sobre a Galicia medieval (única colaboración de prosa galega do número, da autoría de Xurxo Lourezo), a exposición de Maside en Vigo e un poema de Ricardo Carballo Calero: "A Maruxa Abad, pol-os seus bucles mortos".

Ademais dos mencionados Ricardo Carballo Calero e Xurxo Lourenzo, colaboran neste número (que leva como única ilustración un "apunte de feria" de Luís Seoane), Mariano Álvarez Zurimendi, decano da Facultade de Ciencias; Álvaro Calvo Alfageme, catedrático de Dereito Mercantil, e Carlos Martínez Barbeito.

---

[63] F.(ermín) B.(ouza) B.(rey), *Nós,* nº 100, sec. "Os homes, os feitos, as verbas", 15-IV-1932. Esta nota está seguida doutra posterior (nº 112, 15-IV-1933) na que se comenta o segundo e derradeiro número de *Universitarios.*

Presenta *Universitarios* neste número un Suplemento onde figura a Imprenta Nós, o obradoiro do omnipresente Ánxel Casal onde tamén se facía esta revista. O Suplemento, de 12 páxinas, está ocupado por unha mostra (anónima) de obras selectas da literatura universal de todos os tempos: "Aspiramos con esta colección a la educación literaria de un joven español", escribe o antólogo. Dividida por épocas e países (entre os que se cita China, India, Israel ou Exipto), de literatura galega non se menciona máis que as *Cantigas de Santa María* de Afonso X e unha selección de trobadores galego-portugueses a piques de se publicar.

En xaneiro de 1933, nove meses despois da aparición do nº 1, sae o nº 2 de *Universitarios*, que vai ser o derradeiro da súa efémera xeira. Trátase, certamente, dun número de máis interese e máis coidado que o anterior.

Un debuxo de Seoane na cuberta (alusivo ó mundo estudiantil e á F.U.E.) abre paso ó sumario do número e o "Limiar",no que se explicita o propósito ou meta da publicación, que é "aprehender en sus páginas el esfuerzo común de todo cuanto signifique juventud y Universidad". E nesa liña programática lemos: "la verdad no está en la cátedra y hay que sembrar y recoger en la realidad social que nos rodea". Segue a este limiar un texto do Rector da Universidade, Alejandro Rodríguez Cadarso, no que se fai unha chamada ós estudiantes para que presten a súa colaboración na campaña cultural que a República desenvolve no medio rural.

Este nº 2 de *Universitarios* amplía o formato (agora 27,5x19,5 cm) do seu predecesor, consta de 26 páxinas numeradas, incrementa a publicidade e está fermosamente ilustrado por Colmeiro cunha serie de pequenos debuxos que, en boa parte, son os mesmos que aparecen nos últimos números de *Nós*. Anotemos tamén un debuxo de Pedro Bernardo copiado de B. Vidarte e un gravado de Carlos Maside.

O saúdo do "Limiar" ás revistas escolares e de cultura concrétase na atención ás mesmas na sección "Archivo bibliográfico", na que advertimos notas e comentarios de *Resol, Cristal, Galiza, Nós* e *Yunque*. Na mesma sección temos breves recensións de varios libros, entre eles *Mar ao Norde*, de Álvaro Cunqueiro; *Contos do camiño e da rúa*, de Ramón Otero Pedrayo; *Huellas*, de Feliciano Rolán; *La soledad confusa*, de Ricardo Carballo Calero e *Silencio*, de V. Antonio Nóvoa Gil. Son así mesmo novas as seccións "Vida universitaria", dedicada a noticias e comentarios sobre a Universidade, e "Chinitas", de carácter crítico e ton irónico-burleiro.

Novidade é tamén, neste nº 2, o incremento do emprego do galego. Das vintedúas colaboracións —prosa e verso— que contamos, temos oito delas en galego. Nesta lingua maniféstanse Ricardo Carballo Calero (en prosa e verso), Antón Fraguas, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Otero Espasandín, Francisco Fernández del Riego e Solobio.

A temática é certamente variada: vai dende artigos de tema xurídico (Ricardo Carballo Calero) ata achegas sobre o deporte (B. Francisco Carpintero), o folclore (J. Vicente Viqueira), a muller (Mª de los Ángeles Hermida e Arturo Cuadrado), o mundo estudiantil (R. Montequi), figuras históricas de Galicia (Francisco Fernández del Riego), medicina popular (Ángel Jorge Etcheverry) ou filosofía (Gómez Naveira). No terreo literario a lírica está representada con poemas de Ricardo Carballo Calero, Michael Gorlin, Feliciano Rolán, Otero Espasandín e Fermín Bouza Brey. Á prosa narrativa, en

fragmentos ás veces de fondo recendo lírico, contribúen Antón Fraguas e Solobio. Anotamos aquí o artigo de Álvaro Cunqueiro sobre as cidades de Braga e Mondoñedo e tamén as curiosas "Infragreguerías" de Antonio Doval González.

Comparecen neste número de *Universitarios* algúns dos colaboradores de *Resol* (Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, etc.) que formaban parte das ringleiras do galeguismo universitario dos anos trinta. Figura tamén unha colaboradora, Mª de los Ángeles Hermida, cousa certamente excepcional nas publicacións da época. Pero sobre todo, salienta en *Universitarios* o absoluto predominio dun dobre eixe de preocupacións: a universidade e Galicia, sen renunciar, nalgún caso, ó tratamento de temas máis universais.

YUNQUE

Subtitulado "Periódico de vanguardia política". *Yunque*[64] (1932) é unha das publicacións que non se conservan na súa integridade e aínda hoxe carecemos de tres dos seis números que tirou en Lugo, baixo a dirección de Ánxel Fole[65]. Os datos de caracterización externa desta revista, que se inscribe nunha liña marxista revolucionaria, ofrecémolos de seguido de forma sintética. Outras observacións sobre Ánxel Fole e *Yunque* figuran no estudio de Armando Requeixo desta edición facsímile. *Yunque* non pasou desapercibida no seu tempo e dela deu conta, por exemplo, a súa coetánea *Universitarios*:

> Hemos recibido el último número de esta magnífica revista de juventud que se edita en Lugo. Con ella, la mocedad lucense acredita una vez más su fina sensibilidad e inquietud, razón suficiente de su significación de vanguardia de la intelectualidad gallega.
> En la lectura de este número, hemos encontrado la mayor delectación espiritual apetecida y un formidable equipo de jóvenes intelectuales, que se muestran de un modo absoluto, sabedores de cuál es el camino de la juventud y cuál su tiempo.[66]

O nº 1 (Galicia, 1 de mayo de 1932) é unha folla de gran formato —64x44 cm— imprentada na Tipografía J. Montero, rúa Aguirre, nº 16, de Lugo. Cun prezo de 10 cts. abre esta folla un editorial de presentación na que se proclama a *Guión* como inmediata antecesora de *Yunque*[67], instrumento de loita no ámbito da política provincial dende unha actitude de honestidade e rebeldía. O grupo de mozos que están arredor de *Yunque* son Luís Manteiga, Luis Tobío, Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Durá[68], ade-

---

[64] Lucencio (Ánxel Fole), "Las revistas del año treinta y uno en Lugo", *El Progreso*, "Táboa redonda", Lugo, 6-V-1984. Xesús Alonso Montero, "A revista *Yunque*. S.O.S. e algo máis", *Faro de Vigo*, Suplemento de Cultura, Vigo, 8-VIII-1980, e "Fole e a revista *Yunque*", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-III-1997, p. 11. Neste último artigo anúnciase a edición facsimilar "das páxinas máis representativas" da revista polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente o que apareceu foi o facsímile do nº 6 de *Yunque*, como complemento ó volume Ánxel Fole: Día das Letras Galegas 1997, editado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela. No Limiar do citado facsímile insiste Alonso Montero sobre o estado actual do coñecemento que temos da revista luguesa.

[65] O pé do anverso da folla do nº 1, nunha nota recadrada, lemos: "contribuyeron económicamente, a la edición de este número extraordinario, varios amigos de Yunque. dirigió a. fole".

[66] Anónimo, "*Galiza*", *Universitarios*, nº 2, sec. Archivo Bibliográfico, Santiago de Compostela, xaneiro de 1933, p. 23.

[67] Claudio Rodríguez Fer, *Ánxel Fole. Vida e obra*, col. Letras Galegas, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1997, pp. 32-34.

[68] Juan López Durá, compañeiro de Ánxel Fole no Instituto de Lugo.

mais de Fole. Un combativo poema deste último —"Diana"— abre tamén esta folla ó tempo que constitúe o pouco que de literatura temos nela. As colaboracións (da autoría de Arturo Cuadrado, Santiago Montero Díaz, Luís Manteiga, Ramón Martínez López e Francisco Lamas) están todas elas en castelán. A única ilustración —"Galiza ergueita"— é obra de Luís Seoane.

Xa é algo moi diferente o que debe ser o nº 5, pero que non está numerado. Datado en 1932, trátase agora dunha verdadeira revista coas súas cubertas, sumario, portada ilustrada por Ánxel-Johán e formato de 28 x 22 cm. O prezo é xa 0,50 pts. "Las veinticuatro horas lucenses de Malbille de Poncheville", de Ánxel Fole, abre este número no que colaboran Arturo Cuadrado, Luís Manteiga, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Carlos Martínez Barbeito, Emilio Pita, Luís Pimentel e Francisco Lamas. As ilustracións son de Romero Boelle. Estamos agora diante dunha revista literaria que se ocupa da narrativa, a lírica e o teatro. Galego e castelán alternan neste número coa simetría seguinte: poesía en galego, prosa en castelán (agás o texto de Francisco Lamas).

As colaboracións de Arturo Cuadrado, Francisco Lamas e Carlos Martínez Barbeito, levan data de xullo[69] —25 de xullo as dúas primeiras— de 1932, o que é interesante a efectos de datación e ordenación deste número, que saiu da Tip. de Antonio Suárez Gómez. Hijo del Sucr de A. Villamarín, rúa Armañá, nº 2, de Lugo.

Co nº 6 —Galicia, otoño, MCMXXXII —temos a derradeira entrega coñecida de *Yunque*. Co mesmo formato que o anterior, portada de Ánxel Johán e ilustracións de Colmeiro, Norah Borges, Eiroa, Romero Boelle e Seoane (é un número esplendidamente ilustrado), o sumario rexistra como colaboracións literarias as de Luis de Veiga, Luís Manteiga, Laureano Santiso Girón, Luís Pimentel, Ánxel Fole, Carlos Martínez Barbeito e Álvaro Cunqueiro, todas elas en castelán.

Singular é a presencia de Federico García Lorca co seu poema galego "Madrigal a la ciudad de Santiago"[70], que a revista publica como primicia. Entre a literatura e a política móvese agora *Yunque*, aínda que é a primeira a que gaña terreo. En galego só temos o referido poema lorquiano e un tríptico poético de Julio Sigüenza. Unha novidade de signo modernizador é a incorporación de dúas seccións, "Signario" e "Libros" que, ó cargo de A(nxel) F(ole) e L(uis) M(anteiga) respectivamente ofrecen comentarios de revistas —*Resol, Galiza*—, libros e artes plásticas.

ERTE...!

Subtitulado "Boletín galeguista", *Erte...!* aparecía en Ferrol e sacaba o seu primeiro número o 26 de marzo de 1933. Dirixido por Nicolás García Pereira e con F. Valeiro

[69] Na portada pódese ler: "día de Galicia". Como outras publicacións galegas da súa época *Yunque* non esqueceu a simbólica data para se facer presente.

[70] O poema aparecerá despois en *Resol, El Sol* e *El Pueblo Gallego*.

Caramés como administrador, a súa Redacción estaba na rúa Sagasta, nº 118, 2º, de Ferrol, pero imprentábase en Nós, en Santiago de Compostela, no obradoiro que levaba Ánxel Casal. Algúns dos números consultados constan de 6 páxinas e dúas máis de publicidade. O número solto tiña o prezo de 3 cadelas.

Ademais de notas e artigos referidos a temas, problemas e circunstancias diversas de Ferrol, nas páxinas deste boletín (denominado tamén "periódico galeguista") vemos tratados problemas como o do Estatuto, a cuestión lingüística, o republicanismo, o galeguismo, o nacionalismo, as clases sociais, etc.

Erte...!, órgano de expresión do Partido Galeguista de Ferrol, apostou polo artigo breve, o comentario social e político do cotián e actual, a nota sinxela. Sen dúbida o máis interesante é a súa ampla nómina de colaboradores: Ramón Otero Pedrayo, Víctor Casas, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Alexandre Bóveda, Vicente Risco, Xerardo Álvarez Gallego, Eduardo Blanco Amor, Lois Tobío, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Núñez Búa, Valentín Paz Andrade, Ramón Martínez López, Plácido R. Castro, Ramón Villar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Xohán López Durá, Bernardino de Lamas, Xosé A. Rodríguez Tenreiro, Manuel Bonet Fontenla, Sebastián González e Antón Vidal Dovale.

MÁIS!

No seu percorrido polas revistas dos anos trinta en Galicia, Francisco Fernández del Riego dá conta da aparición de *Máis!*

> Publicouse, asimesmo, por ese tempo, no taller da Rúa do Vilar, un periódico inspirado por Álvaro de las Casas, que se anunciou como "Órgano da Vanguarda nazonalista galega" e tiña como cabeceira a palabra Máis! No artigo de presentación informaba que o facía "un grupo de disidentes do Partido Galeguista". O periódico repartíase de valde, pero finou axiña.[71]

Efectivamente, o Día de Galiza de 1933 sae o primeiro e único número de *Máis!*, "Folla que pubrica e espalla gratis a Vanguarda Nazonalista Galega". Trátase dun prego dobre de catro páxinas, de formato grande (44 x 22 cm), imprentado por Pubricacións Galegas e Imprenta Nós, rúa do Vilar, nº 15, de Santiago de Compostela. Non consta ningún outro dato que identifique a publicación.

Máis! é bilingüe e alterna textos literarios con artigos políticos de inspiración nacionalista expresados nunha retórica agresiva, de loita, habitual nas revistas nacionalistas. No seu editorial —un artigo programático, de declaración de intencións— identifícase como voceiro dun grupo de disidentes do Partido Galeguista disconformes coas

[71] Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*, op. cit., p. 110.

★Máis!
Folla que pubrica i-espalla gratis pol-o país a Vanguarda Nazonalista Galega
Ano I | Día de Galiza 1933 | Núm. 1

súas funestas transixencias. *Máis!* quere ser "la expresión de un grupo de patriotas que, desligados de todos los partidos, se juntan para luchar sin tregua por la libertad absoluta y definitiva del país gallego". Como "gallegos y nada más que gallegos", negados ó diálogo con "toda suerte de extranjerías" figuran os responsables da publicación, que xustifica o emprego do castelán —"la bochornosa necesidad de escribir en castellano"— porque "escribimos para los castellanos que luego de llegar a nuestro país andrajosos y famélicos y de enriquecerse a costa de Galicia, se permiten hablar en nombre nuestro contra nosotros (...) para los zánganos y los idiotas de todos los casinos, lepra de la tierra gallega". Outras consideracións nesta liña aparecen en artigos sen sinatura. Así, lemos:

1) "En nuestra Universidad hay dos categorías de profesores: los gallegos y los otros".
2) "Es preciso leer libros gallegos, aunque solo sea por vergüenza".
3) "Los gallegos estamos más cerca de Portugal que de Andalucía".
4) "Galicia depende de seis obispos y, menos uno, todos son de más allá de Quereño".

Carece *Máis!* de ilustracións, só admite publicidade de tipo cultural e galeguista e inserta entre artigos breves consignas ou lemas patrióticos de Aurelio Ribalta, Manuel Murguía, Waldo Álvarez Insua, Pi y Margall ou Salvador Golpe. Os textos literarios están seleccionados en función da liña política da revista. Anotamos entre eles poemas de Rosalía de Castro ("Castellanos de Castilla"), Ramón Cabanillas ("Miserere"), Valentín Lamas Carvajal ("Galicia esperta i-érguete lixeira...") e Eduardo Pondal ("Himno galego").

Os colaboradores directos de *Máis!,* autores de artigos de temática nacionalista, son: Manuel Beiras, Francisco Fernández del Riego, Ramón Martínez López e Álvaro de las Casas. Temos tamén notas sen sinatura e unha breve información sobre a publicación de *Terra de Melide* (1933) polo Seminario de Estudios Galegos.

Papel de Color

Como no caso doutras publicacións galegas, *Papel de Color* tivo eco nas páxinas de *Nós*, que en breves notas daba conta da saída dos seus números. A primeira desas notas precisa:

> A editorial "UN" do Este Galego que dirixe o poeta Álvaro Cunqueiro pubricóu tres papés de poesía. Unha lembranza anti-litúrxica no anal III de Manuel Antonio no número 1. Poemas de Iglesia Alvariño e Carballo Calero nos números 2 e 3.[72]

Máis adiante, volvía *Nós* anunciar a saída da quinta (e, polo que sabemos, derradeira) entrega daquela publicación cunqueiriana:

[72] *Nós*, nº 112, sec. "Os homes, os feitos, as verbas", Ourense, 15-IV-1933, p. 71.

> O poeta Álvaro Cunqueiro repartiu por toda Galiza un númaro extraordinario da súa publicación *Papel de Color*, adicado a Pondal.[73]

O estudio desta peculiar e moi persoal publicación poética de Álvaro Cunqueiro, *Papel de Color* (1933-1935), debe pasar pola consideración do conxunto de proxectos desenvolvidos polo escritor mindoniense na que el mesmo chamara "Oficiña lírica do Este Galego". O propio Cunqueiro describía aquela "oficiña" nunha pasaxe que reproduce Augusto Mª Casas nun breve ensaio sobre a lírica galega daquela máis recente:

> No noso faio, terceiro piso da miña casa patrocial, temos estabrecida a "Oficiña lírica do Este galego": unha brúxula, unha luz verde, un anaco de espello, un pasquín de propaganda comunista escribido en chino — que lle mandou ao Iglesia Alvariño un rapaz da sua aldea camareiro en Shangai— un cuadro de Chirico i-un galgo ruso disecado con unha perna de aramio. I-unha craraboia maravillosa, cáseque abismática. Un dibuxante, formidavel rapaz: B. Vidarte. O Iglesia Alvariño, teólogo, zoqueiro de oficio, que linda ao Norde por todas parte. I-eu".[74]

Arredor de Cunqueiro figuraban Aquilino, e o debuxante B. Vidarte[75], que acudían á casa cunqueiriana na rúa Méndez Núñez, 26, de Mondoñedo. Dalí saíron, entre 1933 e 1936, os seguintes proxectos literarios:

a) Editorial Un: con só unha oficina e coordinada polos seus tres integrantes. Con este selo editorial foron aparecendo: *Poemas de si e non* (1933), de Álvaro Cunqueiro; *Corazón ao vento* (1933), de Aquilino Iglesia Alvariño, e *Primeiras cantigas de amor* (1936), de Xosé Díaz Jácome.
b) A serie de tarxetóns poéticos *Papel de Color.*
c) A serie de pregos e tarxetóns poéticos *Frol de diversos.*
d) O catálogo de publicacións da editorial.


PAPEL DE COLOR.-3

HESTORIA DE AMENDOIÑA SEGUNDO ANDERSEN

ricardo carballo calero

Amendoiña, Amendoiña,
que naciches d'unha tulipa.
Durme u-unha casca de noz,
follas de viola por colchón.
Boga no teu divino lago
que creóu o materno falago.
Sulca as ondas do pobre prato,
cheio d'auga, de frores beirado.
Rema no teu pequeno barco,
rema no pétalo irisado;
divinos remos as agullas
pra os teus pequerrechiños braços.
Amendoiña, pinga d'orballo,
fuxe do amor do fillo du sapo.
Sulca u-unha folla de rosa
as augas braucas da ilusión morna.

Frol de diversos foi irmán de *Papel de Color.* Unha dedicatoria en inglés, unha traducción de "Profecías de Roger Bacon" e tres tarxetóns soltos de diferente cor e ilustracións de B. Vidarte é o conxunto da entrega poética.

Dos poemas que van nos tarxetóns, o de Arthur Rimbaud, "Royauté", en versión galega, está tomado do poemario *Illuminations* (1886); o de Aquilino Iglesia Alvariño, "Meira, canzón noviña" non se recolleu en libro; o de Álvaro Cunqueiro, "Antiga noiva verde", pasaría en 1950 á edición de *Dona de corpo delgado.*

---

[73] *Nós*, nº 134, sec: "Os homes, os feitos, as verbas", Ourense, 15-II-1935, p. 38.

[74] Augusto María Casas, "Esquema da nova poesía galega", *Nós*, nº 139-144, Ourense, xulio-nadal de 1935, p. 121.

[75] Bernardino Vidarte Rivas (Bos Aires, 1910-Mondoñedo, 1981), profesor da Escola de Artes e Oficios de Mondoñedo, colaborou con debuxos e gravados en *Faro de Vigo, Vallibria, El Progreso, Céltiga, Nós* e *Galiza* e ilustrou libros de Álvaro Cunqueiro e Xosé Díaz Jácome.

Unha segunda entrega prometía poemas de León Paul Fargue, S. Mallarmé, Manuel Antonio, James Joyce e Jules Supervielle. Seguramente apareceu despois do mes de maio de 1935.

Iniciativa moi semellante á de *Frol de diversos* foi a levada a cabo en Vilagarcía de Arousa por Aquilino Iglesia Alvariño: os *Impresos sentimentais*. O nº 1 foi patrocinado polo Grupo Galeguista da vila e nel, baixo o epígrafe "Nenia", temos tres composicións elexíacas de Aquilino dedicadas a Antón Villar Ponte, Manuel Antonio e Amado Carballo e máis unha composición epigramática. O mesmo epígrafe encabeza a entrega nº 2, que consta de tres breves "versións tristes" dedicadas a Rosalía, ó poeta portugués António Nobre e a Heinrich Heine e, novamente, un epigrama. Agora é Álvaro Cunqueiro o autor de todo. Esta segunda entrega leva o selo da Editorial Papel de Color e, sen embargo, está imprentada en Vilagarcía.

Papel de Color, que saibamos, está integrada por un total de cinco tarxetóns poéticos a cor. Cunqueiro, moi mozo aínda, levaba directamente esta iniciativa dende Mondoñedo, pero imprentábase en Ribadeo cunha tirada inferior ó medio cento de exemplares que se repartían entre xentes amigas. Os tarxetóns están numerados. O nº 1, contido nun sobre, leva a lenda "III anal de Manuel Antonio" e, debaixo, figura o nome de Álvaro Cunqueiro. O tarxetón leva impresa unha "Elexía" do mencionado Cunqueiro, que logo pasaría —en castelán— ó seu poemario *Elegías y canciones* (1940). Este tarxetón, pola referencia ó aniversario da morte de Manuel Antonio, tivo que aparecer en 1933.

O nº 2 é un tarxetón vermello co lema "Noticias de Porto" e, en baixo, o nome de Aquilino Iglesia Alvariño. Contén o poema "22-Noite" e dous debuxos de B. Vidarte; o poema reaparece no nº 9 de *Cristal* (1933) cunha estrofa máis.

O nº 3 é un tarxetón azul que contén o poema "Hestoria de Amendoíña segundo Andersen" de Ricardo Carballo Calero, logo integrado no seu poemario *O silenzo axionllado* (1934). Leva dúas ilustracións.

O nº 4 é un tarxetón azul ilustrado cunha rosa dos ventos e a lenda "Manuel Antonio fai cinco anos que se finou". Como os tres anteriores, está numerado. O poema que leva no reverso vai sen título, pero é da autoría de Cunqueiro, que o incluía, en 1950 no seu poemario *Dona de corpo delgado*.

O nº 5, derradeiro dos que conservamos, é un tarxetón blanco cun poema —"Cando jazan do cisne"— e a sinatura autógrafa de Eduardo Pondal. O poema pertence ó libro *Queixumes dos pinos*. Este número, excepcionalmente, rexistra lugar e data de publicación: "Mondoñedo, na Galiza, 1935".

Nas follas que catalogaban as publicacións de "Editorial Un, no E. Galego" figuran futuros números (4 e 5) de *Papel de Color* co poema "Que voz tan muda", de Cunqueiro e o lema "Papel homaxe a Resol" respectivamente. Estes números foron substituídos polos que xa anotamos. Tampouco podemos acreditar a publicación prevista dos números 6 ("Papel de color para nenos") e 7 ("Papel para cantar a primavera").

A secuencia bibliográfica que nos leva ó coñecemento que na actualidade temos de *Papel de Color* é a seguinte:

Anónimo, "Papel de Color. Ed. "Un" do Este Galego", Nós, nº 112, sec. "Os homes, os feitos, as verbas", Ourense, abril 1933

Augusto Mª Casas, "*Papel de Color*", sec. Índice, *Cristal*, nº 10, Pontevedra, maio-xuño 1933.

—, "Esquema da nova poesía galega", *Nós*, nº 139-144, Ourense, xulio-nadal, 1935, p. 121 (reproducido en *A Nosa Terra*, nº 416, A Cruña 29 maio de 1936).

Xosé F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: Unha biografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1987, pp. 85-88.

Modesto Hermida García, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1987, pp. 54-56.

César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989, p. 446.

Claudio Rodríguez Fer, "A descuberta de *Papel de Color*, a publicación poética da *Oficiña lírica do Leste* que fundou Álvaro Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-II-1990.

Xosé Manuel García Crego (coord.), *Álvaro Cunqueiro. Unha fotobiografía*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, 1991, p. 73.

Claudio Rodríguez Fer, *Acometida atlántica.* (Por un comparatismo integral). Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996, pp. 245-127.

Un dos lectores dos "papeis" cunqueirianos foi Ánxel Fole, que por aqueles anos participou activamente en empresas semellantes (*Yunque, Resol*, etc.) ás do seu amigo. Fole deixou un testemuño persoal cheo de lirismo de *Papel de Color*. Polo demais, esta nota de recepción, integrada nun pequeno tríptico, do quinto "papel" é, segundo estima Filgueira Valverde[76], "o primeiro artigo de xornal en galego" do seu autor. Velaquí o texto:

> Pro todo non é tristenta i aceda realidade, gracias ao derradeiro quinto voo diste lírico paxaro que se chama *Papel de color*.
> Úneco sobrevivente no naufraxio de todas as revistas galegas de poesía nadas no 1932. *Papel de color*, a máis fina e delicada, sigue a recender requintados conceutos. Con certas sotiles razóns demostraríamos, si se axeitase máis o intre, cómo a súa perdurabilidade e forteza provén da súa finura... Non hai perigo, amigo Aguiar, de que feitos como istes non se rexistren cordialmente e de abondo.
> Que siga iste paxaro, boreota da lírica galaica, esparexendo graza e finura polas nosas letras.
> Ben olladas as cousas, poderíamos aforrarnos o falar da súa graza e finura, decindo, somentes, que Álvaro Cunqueiro quen, en Mondoñedo, lle despecha a gaiola, pra que voe e cante por Galiza.[77]

[76] Xosé Filgueira Valverde, "Ánxel Fole no tempo", en *Os escritores lucenses arredor de Fole*, Lugo: Concello de Lugo, 1986, pp. 77-78.

[77] Ánxel Fole, "Intres", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 24-II-1935. Reproducido en *Ánxel Fole. Cartafolio Galego*, Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa & Criación, 1996, p. 88.

Como "Órgano de la juventud católica de Pontevedra" ou , máis concretamente, da "Juventud Masculina de Acción Católica de Pontevedra" (nº 25, xaneiro de 1937), aparece este revista mensual. O seu nº 1 está datado o día 15 de xuño de 1934 en Pontevedra. A Redacción e Administracón estaba no nº 5 da Praza Teucro e o prezo do exemplar era de 50 cts. Os números dos dous primeiros anos teñen todos eles arredor de 30 páxinas, pero algún, (caso do nº 12, xuño-xullo de 1935) chega excepcionalmente máis alá das 40. A estructura dos sumarios contempla catro seccións: a) Artigos de formación; b) Páxinas poéticas; c) Sección apoloxética; d) Sección litúrxica. Xa no nº 13 (agosto de 1935) comeza unha sección nova, "Cosas de Acción Católica". Sen embargo, a partir do nº 16 (novembro-decembro de 1935) desaparece esta configuración en seccións.

Publicación de pequeno formato, *Spes* admite publicidade nas súas páxinas. Aínda que non se menciona explicitamente, foi Gabriel Méndez Rodríguez o director da etapa que vai dende 1934 ata 1947. A segunda xeira, que remata en 1962, foi da responsabilidade de Jesús Mª Muíños González. Nos seus vinteoito anos de existencia *Spes* tirou un total de 333 números, rematando a súa xeira en 1962, e foi unha das poucas publicacións que sobreviviu á guerra civil.

No breve editorial do nº 1 —"Salutación"— declárase a finalidade daquelas páxinas: "es y será siempre una y única: la divulgación de todo lo santo y grande que entraña el catolicismo". Eis a mensaxe, breve e clara. Algo máis detallado é o editorial do nº 19 (maio-xuño de 1936), no que lemos:

> Publicación católica, busca la quietud de espíritu con una base doctrinal. Esto sirve, también, para garantizar nuestro intento, más de una vez reiterado, de abarcar cuantas facetas nos sea posible, desde el campo literario hasta el rigorismo de la divulgación, con pujos científicos y doctrinales.

E no nº 25 (xaneiro de 1937), en plena guerra civil, un novo editorial advirte do inequívoco posicionamento da revista a prol do bando sublevado e dende unha actitude de colaboración co mesmo; posicionamento que sería maioritario na Igrexa española.

> SPES (...) quiere vivir la intensidad heroica de las bélicas gestas de la España actual, que en este año jacobeo y de santidad, se habrá de perpetuar en sí misma, para ser baluarte de su verdad tradicional. (...) Es el año en que vencerá España definitivamente de los enemigos que se obstinan en aprisionarla, no dejándola lograr su completa liberación.

En materia idiomática adoptou esta publicación a actitude radicalmente contraria a *Logos*, pois *Spes* foi sempre monolingüe en castelán. Polo que se refire ó contido das súas páxinas, as actividades de Acción Católica, o estudio dos evanxeos, as vidas de doutores,

santos e apóstolos da igrexa, os temas xacobeos, a exaltación da fe e das virtudes do cristián, o mundo do ensino, os problemas da xuventude católica, a misa e outras claves litúrxicas, a ciencia e a moral, a universidade, o apostolado social, a cuestión da existencia de Deus, as grandes festividades eclesiásticas, o ateísmo, o destino do home, os temas marianos son parte da substancia esencial das páxinas de *Spes*, onde ten cabida a poesía e tamén o comentario do acontecer histórico, social, económico, científico e relixioso.

Dada a longa xeira da revista, o número de colaboradores é moi amplo. Na nómina ofrecida xa no nº 1 figuran Vicente Risco, Filgueira Valverde, Ramiro de Maeztu, Sofía Casanova, Eduardo Marquina, José Mª Pemán, José A. Ochaíta, Eduardo Ibarra, Víctor Pradera, A. Gómez Jaime, Hernán Cortés Pastor, J. Polo Benito e os directores Gabriel Méndez Rodríguez e Jesús Mª Muíños. Con posterioridade colaboraron tamén Enrique Chao Espina, Celso Emilio Ferreiro, A. Rey Soto, Francisco Ogando Vázquez, A. Pardo Villar, Antonio Rodríguez Fraiz, Andrés Salgueiro Costa, Xavier Vieira Durán, Hipólito Codesido, Pío Escudeiro, J. José Díaz, Josefa Méndez Monroy, Bernardo Lombarda, José Mª Seijas, Eloy Espinosa Sánchez, Luís Miner, César Abellás, María del Socorro Rial, Emilio Enciso Viaño, Carmelo Codinach e Jacobo J. Rey Porto. Entre os colaboradores relixiosos, nos que predominan sacerdotes e frades mercedarios, contamos a Claudio de Jesús, Ricardo Delgado Capeáns, José Santiago Crespo, Andrés Lago y Cisur, Faustino Rey Romero, Paulino Pedret Casado e Xesús Carro.

No terreo da poesía, no que naturalmente salienta o lirismo relixioso, temos composicións (certamente de pouco interese na meirande parte dos casos) de Santiago Méndez Monroy, Gerardo Álvarez Limeses, José Mª Álvarez, Leopoldo Díaz, César López Canabal, Armando de la Fuente, Ricardo Delgado Capeáns, Ismael Enrique Arciniega, Del Río Crespo, Diego Fernández Espiro, Julio S. Hernández, Leocadio López, Joaquín González Tamargo, José Cons Tobío, Francisco Esteve Botey, A. Vázquez Estévez, José J. Quindós Pardo, Juan Novas Guillán, M. Álvarez Rubín, Rafael Areses Vidal, Felipe Calvo Esteban ou Isidro Conde.

Un apartado con entidade propia, e sen dúbida do máis meritorio de *Spes*, é o das ilustracións. Nese senso, a revista foi canle fundamental de boa parte do excelente grupo de gravadores ó linóleo da Escola Linoleísta de Pontevedra. A técnica linoleográfica, da que Castelao foi pioneiro e responsable da súa difusión en Galicia, foi acollida con entusiasmo en diferentes revistas, tal e como aconteceu tamén coa xilografía, sistema tecnicamente moi semellante.

A pontevedresa *Alborada* foi o primeiro berce do gravado ó linóleo, que logo se manifestou nas coruñesas —estamos na década de 1920— *Alfar*, *Vida* e *Luz*; na luguesa *Ronsel*; nas páxinas literarias do xornal *Galicia*, de Vigo; na ferrolá colección *Céltiga* e aínda en *Abrente*, de Santiago de Compostela. Pero é preciso salientar a primacía das revistas de Pontevedra: ademais da xa citada *Alborada*, na que colabora Castelao, anotamos, na década de 1930, as mostras linoleográficas de *Cristal* e, nas décadas seguintes, de *Sonata Gallega*, *Sal-Lux* e *Finisterre*.

Pois ben, *Spes*, en 1934, foi a herdeira do grupo de ilustradores linoleístas de *Cristal* e subliñou o seu propósito de ilustrar as súas páxinas unicamente con gravados ó linóleo. A longa andaina da revista (1934-1962) serviu para a divulgación da técnica lineográfica, divulgación que tivo o seu cumio na exposición celebrada en Madrid en 1944. A temática relixiosa que fundamente as páxinas de *Spes* e a militancia católica

de boa parte dos seus ilustradores, inflúe no asunto reflectido polos gravados: o relixioso e a paisaxe (rural ou urbana) ás veces espiritualizada.

Entre os artistas do linóleo presentes en *Spes* figuran Luis Pintos Fonseca, Ventura de Dios López (Turas), José Luis Alonso Fuentes, Manuel Torres, Vázquez Gil, J. R. Otero, A. Bravo, etc.

Alento

En carta de Álvaro de las Casas (20-VIII-1934) a Francisco Fernández del Riego, publicada por este último, ofrécese noticia da aparición de *Alento*. O fundador e director, Álvaro de las Casas, escribe:

> Din coarenta e nove millerios de voltas, falei longamente con Risco, e ao final penso que estamos no intre de laborar. A revista é un feito. Seguramente chamarase Alento, si ti non atopas outro millor. Agora a traballar sin acougo. Agardo con inquedo o teu artigo. A revista fíxase en ciencias políticas e formación nazonalista. O primeiro número sairá así: Presentación, artigo de Risco, outro meu, outro teu, outro de Aguiar, o Estatuto de Alsacia do 26-6-1934 (esto sí que é unha novedade), o problema de Valencia, a nova revolución de Euzkadi, e unha nota da Generalitat de Cataluña. Penso que deberá sair con data do 25 de xulio para ter tres números na rua ao se abrir a Universidade, de xeito que os estudiantes ollen xa unha cousa feita e non un proxecto máis.

Alento[78], "Boletín de Estudios Políticos" tivo a súa sede en Santiago de Compostela (Casas Baratas, nº 18; logo Algalia de Arriba, nº 35, 1º e Rúa do Vilar, nº 42, 2º) para pasar, no nº 9 a Noia (rúa Escultor Ferreiro, nº 5). Feito na imprenta do Seminario de Santiago de Compostela, o exemplar vendíase a dous reás; admite publicidade e a numeración das súas páxinas é correlativa. Monolingüe en galego, leva sumarios. No seu derradeiro número, rematado cun índice de autores, podemos ler, na nota de despedida ós lectores, o seguinte:

> A revista ALENTO, que agora remata, leva pubricados doce números. Foi fundada e dirixida por D. Álvaro de las Casas, axudado pol-os irmáns D. Xohán Brañas e D. Francisco F. del Riego.
> A redaición, neste intre doroso das despedidas, consiña a sua gratitude afervoada e infinda a todos e cada ún dos ilustres escritores que nestas páxinas colaboraron intelixentemente, sempre con xenerosidade mañífica e fondo fervor patriótico.
> Mágoase de non poder continuar no sagrificio que supón soster esta revista, e desexa, pra empresas semellantes á nosa, maiores e máis continuadas axudas, pr-a patria galega e causa sagra da sua liberación.[79]

Da presencia de *Alento* deu particular noticia nas súas páxinas *Nós*, que, á saída do nº 1-2 da publicación dirixida por Álvaro de las Casas, fai o seguinte comentario:

---

[78] *Alento*, Edición facsímile, Vigo: Nova Galicia Edicións, 1995.

[79] *Alento*, números 10-11-12, abril-maio-xuño 1935, p. 223.

> *Alento* é unha revista escrusivamente políteca, mais tamén escrusivamente doutriñal, que trata os probremas de Galiza, da Hespaña e do mundo dende o punto de vista do nacionalismo galego, mais enteiramente fora de todo partidismo de calquera caste, sen adscripción a ningún grupo nen programa políteco, e ainda sen referencia ningunha a persoas, partidos ou entrequenencias políticas de momento. D'iste geito, esta revista, que facía falla, resulta, â sua maneira, unha revista de cultura superior, que pode jogar un bon rol, sabendose manter no ton doutriñal e alonjada das loitas do noso tempo. Desexámoslle que seipa seguir a sua liña.[80]

No seu editorial "Primeiras verbas" (números 1-2, xullo-agosto 1934) afírmase que *Alento* está feito por "un fato de patriotas" que propoñen "un soio tema de meditazón pra a nosa mocedade: Galiza". Situados na "máis limpa e rexa ortodoxia nazonalista", ofrecen a súa particular fórmula para salvar Galicia, fórmula baseada na defensa e afirmación de "Galiza pobo, nazón, individualidade étneca, persoalidade inconfundibre no decorrer da Histórea, ceibe e garantida na sua liberdade, soberán dos seus destiños, dona de sí, en capacidade prena de autodeterminazón".

A perspectiva política nacionalista impregna as colaboracións da revista (artigos, crónicas, ensaios), de salientable entidade e interese; certamente, de nivel moi superior á meirande parte das revistas da época e dende logo comparable coas mellores. Lingua, literatura, relixión, lexislación, dereitos humanos, problemática europea, relacións con Cataluña, Valencia ou Euskadi, partidos políticos, nacionalismo galego, galeguismo, arte, universidade, agro, información bibliográfica, integran o abano de contidos deste boletín.

No ámbito máis directamente cultural (artístico e literario) situamos as colaboracións de Luís Seoane e Aquilino Iglesia Alvariño. Outros colaboradores son: Xoán Brañas, Francisco Fernández del Riego, Paulino Pedret, Luís Manteiga, Pedro Siquier, Lois Ulloa, Ramón Villar Ponte, Robert Moroder, Álvaro de las Casas, Augusto Mª Casas e Vicente Risco. A recente edición facsímile facilita o acceso a este boletín político nacionalista interesado tamén no cultural.

No seguinte gráfico quedan explícitas as súas principais características externas:

Números	Data	Páxinas	Prezo	Lugar	Imprenta
1-2	Xullo-Agosto 1934	1-32	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago
3	Setembro 1934	33-64	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago
4	Outubro 1934	65-80	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago

[80] *Nós*, nº 131-132, sec. "Os homes, os feitos, as verbas", novembro-decembro de 1934, pp. 188-189.

Números	Data	Páxinas	Prezo	Lugar	Imprenta
5	Santos 1934	81-112	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago
6	Nadal 1934	113-144	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago
7-8	Xaneiro-Feb. 1935	145-176	2 reás	Santiago de Compostela	Seminario Conciliar de Santiago
9	Marzo 1935	177-192	2 reás	Noia	Seminario Conciliar de Santiago
10-11-12	Abril-Maio-Xuño 1935	193-223	1,50 pts	Noia	Seminario Conciliar de Santiago

P.A.N.

Como "Revista epistolar y de ensayos" aparece *P.A.N.* (Poetas Andantes y Navegantes) que tira en Madrid, o día 1 de xaneiro de 1935, o seu primeiro número ó prezo de o,70 cts. Está dirixida por José Otero Espasandín. Ó longo da súa curta xeira, "con periodicidade mensual e rigurosa puntualidade", ó dicir de Xosé Luís Axeitos, *P.A.N.* sacou un total de sete números entre xaneiro e xullo de 1935. A revista, de pequeno formato e paxinación correlativa, é monolingüe en castelán. Empresa levada adiante por escritores galegos en Madrid, en galego só presenta dous poemas de Manuel Antonio: "S.O.S." (nº 5) e "Bailada do pailebote branco" (nº 7).

P·A·N
Revista epistolar y de ensayos
NUMERO 1 DIRECTOR: J. O. ESPASANDIN ENERO 1935

A xénese, características e circunstancias da vida de *P.A.N.*, así como a noticia dos seus fundadores e colaboradores, son materia de presentación —"A revista *P.A.N.*"— que fixo o citado Xosé L. Axeitos para a edición facsímile[81].

P.A.N. foi unha iniciativa xurdida na tertulia madrileña do Café de las Flores e tivo o seu impulsor en Eduardo Dieste (quen asina ás veces como Dr. Sintax), daquela cónsul de Uruguai en Madrid. O seu irmán Rafael (que asina ocasionalmente como Gerineldos Delamar), cunha moi importante presencia na publicación, estaba de viaxe por Europa como bolseiro da Xunta para a Ampliación de Estudios para investigar o teatro europeo.

Ademais do propio director, Otero Espasandín, temos, como colaboradores galegos a Cándido Fernández Mazas, Euxenio Fernández Granell, Roberto Blanco Torres, Xesús Bal y Gay, Lorenzo Varela, Antonio Baltar, Enrique Fernández Sendón (co pseudónimo L. Fersen) e Alberto Fernández. Advírtese, ademais, a importante participación de escritores uruguaios, procedentes da Agrupación Teseo fundada en Montevideo en 1923: Emilio Oribe, Juan Parra del Riego e Enrique Casaravilla Lemos; ademais, están representados os poetas tamén uruguaios Vicente Basso Maglio, Julio Supervielle e Manuel de Castro. Entre os españois non galegos colaboran Antonio Sánchez Barbudo,

[81] *P.A.N.* Revista epistolar y de ensayos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.

F. Ledesma Miranda, Ramón Gaya Nuño, Antonio Espina, Manuel Manrique ou Francisco Vighi. Vencellados a *P.A.N.* estiveron tamén Arturo Souto, Lugrís, Carmen Muñoz e Carlos Gurméndez, aínda que a súa colaboración directa é escasa.

P.A.N. apostou abertamente pola universalidade intelectual e artística, polo compromiso coa liberdade, o posicionamento ético e o apoio á causa republicana. O seu primeiro texto programático —"*P.A.N.*"— declara a apertura da revista "a toda manifestación superior de la cultura", e engade: "si *P.A.N.* logra ser una revista de libre expresión literaria en esta hora de congojas y angosturas de nuestras letras, habrá colmado el impulso primigenio de quienes le consagramos lo más encendido de nuestro ser".

Polo que se refire ó grao de participación nas páxinas da revistas, os colaboradores máis asiduos foron Eduardo e Rafael Dieste, Cándido Fernández Mazas, Euxenio F. Granell, Enrique Fernández Sendón, Manuel Manrique, Otero Espasandín e Lorenzo Varela. A súa configuración interna amosa en *P.A.N.* a presencia de cinco fundamentais seccións: Información de arte, Epistolario, Cuestionario del Dr. Sintax, La nota internacional e Bibliografía.

No ámbito concreto da literatura temos páxinas dedicadas á creación poética con composicións de Fernando Pereda, Emilio Oribe, Julio Supervielle, Juan Parra del Riego, Rafael Dieste, Joan Maragall, Enrique Casaravilla Lemos, Ventura Gassol, Vicente Basso Maglio, José Álvarez-Prida, Francisco Vighi e Manuel de Castro. Reprodúcense textos de Lope de Vega, Diego Hurtado de Mendoza e o poeta hispanoarábigo Safuan ben Idris (s. XII-XIII). En galego temos os dous poemas de Manuel Antonio xa citados. As composicións de Joan Maragall e Ventura Gassol figuran no catalán orixinal. Engadamos ó xa mencionado a traducción, por Eduardo Dieste, da "Oda al viento del oeste" e da "Serenata India" de Percy B. Shelley, "Espada de sorpresa" de G. K. Chesterton e mais un soneto de Shakespeare.

Moita máis entidade teñen, en *P.A.N.*, as recensións, notas, cartas, artigos e breves ensaios de diferentes temática. Rafael Dieste ocúpase preferentemente do teatro español e europeo; Euxenio Fernández Granell contribúe con críticas e artigos de temática musical, tamén con vocación europeísta; Cándido Fernández Mazas é o encargado da información artística (artes plásticas); Enrique Fernández Sendón responsabilízase de problemas de economía, historia e literatura (comenta obras de Benjamín Jarnés, Ignazio Silone, J. Strackey, F. Gans e Manuel Antonio); Manuel Manrique e Otero Espasandín estudian a Valle-Inclán, Juan Valera, Vicente Aleixandre, Xavier Abril, Eduardo Dieste e Rafael Alberti. Por último, Lorenzo Varela amosa o seu interese crítico por obras de Álvaro Cunqueiro e Luis Cernuda.

Hai nas páxinas de *P.A.N.* unha notable atención ós escritores galegos (de expresión galega ou castelá). Temos, así, artigos ou recensións sobre obras de Rafael Dieste (*Rojo farol amante*), Eduardo Dieste (*Teseo; Buscón Poeta y su teatro*), Manuel Antonio ("Manuel Antonio, poeta y navegante", por E. Fernández Sendón), Valle-Inclán ("El secreto de Valle-Inclán", por M. Manrique), Álvaro Cunqueiro (*Cantiga nova que se chama riveira*) e Manuel García Paz (*Cuarta melodía. Defie de campesiñada galega*). Por fin, *P.A.N.* presta atención ó xénero epistolar e, nese senso, publica cartas de Rafael Dieste a Eduardo Dieste e a Otero Espasandín, de Carmen Muñoz a Eduardo Dieste, de Ramón Gaya a Fernández Mazas, de Otero Espasandín a Manuel B. Cossío, etc. Reprodúcese,

en castelán, textos epistolares de León Tolstoi e Rosa Luxemburgo. Outras mostras do xénero pódense ver na sección Epistolario, unha das máis características de *P.A.N.*

SER

Año I — Núm. 14
Santiago 30 de Junio de 1935
Número suelto 15 Céntimos
Suscripción semestral: 3 PESETAS
(Pago adelantado)
★
Redacción y Administración:
RÚA DEL VILLAR 15
Ser
SEMANARIO GALLEGO DE IZQUIERDAS
DIRECTOR:
RAMÓN SUÁREZ PICALLO
COLABORADORES:

Como "Semanario Gallego de Izquierdas" aparece *Ser* en Santiago de Compostela. O seu nº 1 está datado en abril de 1935, ten a súa Redacción e Adiministración no nº 15 da Rúa do Vilar e custa 15 cts. Cun formato de 34,5x25 cm, *Ser* tiraba habitualmente oito páxinas. A súa andaina chega ata o mes de decembro de 1935 e sobrepasa os trinta e cinco números. Consta como director Ramón Suárez Picallo, que xa dirixira o xornal *Libertad* e fora colaborador de *Céltiga, A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*. Fernández del Riego, ó falar do labor artístico e xornalístico de Luís Seoane nos anos trinta, lembra *Ser*, "semanario galego, que dirixía Suárez Picallo. De carácter político, biblingüe e cunha liña galeguizante e esquerdista, o semanario mantivo vida efémera: desde abril a decembro de 1935"[82]. O mesmo Fernández del Riego engade que "o alento combativo do semanario desempeñou un importante papel naquelas horas de loita, en defensa da democracia e do galeguismo político"[83]. Castelao e Luís Seoane figuran entre os ilustradores máis asiduos da publicación.

A nómina de colaboradores que figura xa nos seu primeiro número conta con Gerardo Álvarez Gallego, César Alvajar, Roberto Blanco Torres, Eduardo Blanco Amor, Álvaro das Casas, Manuel Colmeiro, Plácido R. Castro, Juan Carballeira, Camilo Díaz Baliño, Ánxel Fole, Francisco Fernández del Riego, Bibiano F. Osorio Tafall, Luís Manteiga, Carlos Maside, Luis Peña Novo, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Eliseo Pulpeiro, Valentín Paz Andrade, Enrique Purcallas, Luís Seoane e Antonio Villar Ponte.

GUIEIRO

Subtitulado "Outavoz patriótico da Federación de Mocedades Galeguistas", *Guieiro*, tirado na imprenta La Industrial de Ourense, tiña o enderezo da súa Dirección e Redacción na nº 24 da rúa Luis Espada daquela capital. Publicación monolingüe en galego, sen ilustracións, financiada pola publicidade e os subscritores, cun prezo de 15 cts, o seu nº 1 aparecía o día primeiro do mes de santos de 1935.

De periodicidade quincenal (saía os días 1 e 15 de cada mes) e formato grande, *Guieiro* admite publicidade e vai sen paxinar. Chegou a un total de 13 números: os catro primeiros apareceron en 1935 (meses de santos e nadal) e os nove restantes xa en 1936. O derradeiro deles, datado o día 1 de Sant-Yago de 1936.

---

[82] Francisco Fernández del Riego, "Prensa e radio no labor literario de Luís Seoane" en Xesús Alonso Montero (coord.), *Luís Seoane (1910-1979). Día das Letras Galegas*, Xunta de Galicia, 1994, p. 62.

[83] Francisco Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*, op. cit., p. 106.

Guieiro
outavoz patriotico da F.M.G

Ante os conflictos internacionaes prantexados, a F. M. G., unha vez mais, decrara o seu pacifismo e o seu anti-imperialismo.

Ano I | GALIZA, 1.º de Santos de 1935 | Prezo de suscrición: 1,50 ptas. ao semestre (PAGO ADIANTADO) NÚMERO SOLTO, 15 CENTIMOS | DIRECIÓN E REDACIÓN Luis Espada, 24, OURENSE | Núm. 1

Voceira da citada F.M.G., *Guieiro*[84] expresa as súas intencións no editorial "Aparecemos" do seu nº 1. Os seus responsables advirten da súa comparecencia pública "porque queremos defender unha posición drento do galeguismo". Entenden política como sinónimo de revolución e revolución como un proceso de destrucción e reconstrucción do sistema político, económico e cultural "froito dunha domiñazón eistranxeira" no caso de Galicia. O problema espiritual galego non ten solución "si cotidianamente (...) non falamos a nosa lingua" e "se non nos preocupamos do estudo e da total rehabilitazón da nosa cultura pasada". Trátase de "refaguer Galiza, ollando ao pasado, encarándose coa tradizón da Pátrea"; é dicir: crear unha conciencia galega para resolver o problema político pendente.

As actividades da F.M.G. de Ourense e a defensa das teses do nacionalismo ocupan as páxinas críticas e de loita de *Guieiro*, no que a cultura posúe mínima entidade: só rexistramos noticia dunha conferencia de Florentino López Cuevillas, unha homenaxe a Castelao e notas necrolóxicas (xunto cun poema de Ángel Sevillano, "Túa constelazón") dedicadas a Antón Villar Ponte. Préstase atención ó ensino, á muller, ó nacionalismo catalán e vasco e ó Estatuto galego.

Os colaboradores de *Guieiro*, que non especifica o nome do director nin do posible consello de redacción, son: Xermán Vázquez, Fernández del Riego, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonio Moure, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e M. Vázquez Martínez. Moitas das notas e textos de información van sen sinatura.

No seguinte gráfico reflíctense as características externas desta publicación:

Números	Data	Páxinas	Prezo	Lugar	Prelo
1	1 Santos1935	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
2	15 Santos 1935	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
3	1 Nadal 1935	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
4	15 Nadal 1935	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
5	1 Xaneiro 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
6	15 Xaneiro 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
7	1 Febreiro 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
8	1 Marzal 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)

[84] *Guieiro*, Edición facsímile, Vigo: Nova Galicia Edicións, 1995.

Números	Data	Páxinas	Prezo	Lugar	Prelo
9	15 Marzal 1936	6	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
10	15 Avril 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
11	1 Maio 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
12	15 San Xohán 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)
13	1 Sant-Yago 1936	4	15 cts	Ourense (r/Luis Espada, 24)	Imprenta La Industrial (Ourense)

El Miliciano Gallego

El Miliciano Gallego

Organo del Cuarto Batallón de la Primera Brigada Mixta de LISTER

NUESTRO PERIODICO

El problema colonial: la Alemania

EL AÑO DE LA VICTORIA

UNAS PALABRAS DE LISTER

Madrid debe ser evacuado. Idos han de quedar los combatientes

La última etapa del capitalismo es el fascismo

RESISTIR, ATACAR Y VENCER

Galicia foi unha das primeiras áreas dominadas polas tropas que protagonizaron a sublevación militar[85] en xullo de 1936. As publicacións fundamentais que promoveron os galegos no bando republicano durante a guerra civil[86] foron *El Miliciano Gallego* (xullo de 1936-xuño de 1937), *Nova Galiza* (abril de 1937-xuño-xullo de 1938), *Nueva Galicia* (maio de 1937-novembro de 1938) e *Galicia Libre* (setembro de 1937-1939). Carácter esporádico tiñan outras dúas, iniciativa tamén de xentes de Galicia que se encontraban na zona republicana unha vez que se desatou a contenda: *El Socialista Gallego* (1938) e *Galicia Roja.*

No caso das dúas primeiras trátase de publicacións que estaban inspiradas por galegos que ocupaban cargos na dirección das forzas comunistas, como é o caso do ourensán Santiago Álvarez. Este, organizador do Batallón de Milicias Gallegas, e Enrique Líster, un dos creadores do 5º Regimiento de Milicias Populares en xullo de 1936, desenvolveron un activo protagonismo entre as publicacións de inspiración comunista. Daquela, cómpre citar publicacións militares de carácter non galego como *Pasaremos* (1936-1938), *Milicia Popular* (1936-1937), *Acero* (1937) ou *Nuestro Ejército* (1938). Se ben non se dá unha presencia idiomática nelas, si hai referencias ós combatentes e a intelectuais galegos, mesmo habendo contribucións dalgúns deles como é o caso de Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Castelao, con abundantes colaboracións gráficas.

El Miliciano Gallego apareceu en Madrid o 26 de xullo de 1936, subtitulado "Órgano de las Milicias Populares Gallegas. 4º Batallón de la 1ª Brigada Líster". Deixou de se publicar en xuño de 1937, cando xa levaba tirados 20 números, e figu-

[85] De especial interese para ver as consecuencias que lle ocasionaron a Galicia resulta o artigo de Xosé M. Núñez Seixas, "Galeguismo e cultura durante o primeiro fraquismo (1939-1960: Unha interpretación (I)", *A Trabe de Ouro*, T. III/Ano V, 3º trimestre, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1994, pp. 407-425. Tamén se pode consultar o capítulo "A sublevación de xullo de 1936 en Galicia", en Bernardo Máiz Vázquez, *Galicia na IIª República e baixo o franquismo (1930-1976)*, Vigo: Eds. Xerais, col. Universitaria, 1988, pp. 45-66.

[86] Para unha nómina de escritores galegos en territorio republicano vx. Xesús Alonso Montero, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, p. 86.

raba entón como subtítulo "Órgano del Cuarto Batallón de la 1ª Brigada de la 11ª División". Se as razóns da súa orixe foron a de sacar un xornal que servira de aglutinante político do Batallón de Milicias Gallegas no período inicial da guerra, en que o exército republicano estaba desartellado e as organizacións obreiras crearon as milicias populares, as da súa desaparición débense á constitución do Exército Popular, dentro do que pasaron a se incluír tales milicias. Aínda que algún estudioso fala da súa transformación nunha nova publicación denominada *Nueva Galicia*[87], e outros de continuación entre ambas publicacións[88], ambas comparten contidos, redactores e orientación política[89].

Trátase dunha publicación militar, composta por oito páxinas, na que ás cuestións estrictamente militares e políticas se engaden creacións literarias. A lingua que máis se emprega é o castelán, aínda que o galego é tamén cultivado. Na sección "Ecos da nosa terra" apareceron, entre outros, os artigos titulados "A terra enloitada" (12 de frebreiro de 1937), "A morte de Alexandre Bóveda" (9 de abril de 1937), ambos de autoría anónima, "Carraxe e discipriña", de Xosé Rubia Barcia, xunto con outros asinados baixo pseudónimo, e tamén listas de galegos mortos ou novas de evadidos.

Dentro da producción galega en verso aparece, co título "Antes que ser escravos", o himno de Acción Gallega (29-xaneiro-1937), o poema "Terra" (20-marzo-1937) e o "Romance de loita. Os loitadores galegos" (30-abril-1937), da autoría de Ramón Cabanillas. Tamén "A Nosa Terra" (25-maio-1937), composición combativa de Pedro Corral ou o romance "¡Galicia chora!" (12-xuño-1937), de Breogán.

Santiago Álvarez, promotor deste medio, é autor de varios artigos en galego e castelán, e alúdese a el no traballo titulado "Campesino y comisario" (12-febreiro-1937). Enrique Líster é tamén outro dos colaboradores, de quen se chega a transcribir un discurso político dirixido ós galegos e no que alude ó emprego da lingua propia, a través da emisora E.A.4-T.N., que estaba ó servicio de Galicia. Do mesmo xeito, faise referencia a un discurso pronunciado en galego por Bibiano Fernández Osorio Tafall ou polo Comisario de Guerra da II División do Exército Popular, o propio Santiago Álvarez.

No aspecto gráfico son de salientar debuxos de Briones, "Denantes mortos que escravos" (12-febreiro-1937), "O pobo galego alumeado pol-a estrela da liberdade dará boa conta d-os que poñen grilletes á súa terra" (12-xuño-1937). Tamén aparecen viñetas e consignas con ilustración.

Hai, así mesmo, comunicados de adhesión ó Día de Galicia e noticias de homenaxe ós combatentes galegos da España leal. Por outra banda, dentro do que eran as persoas que colaboraban cómpre citar a Illa Couto, amais doutros moitos, que en galego ou en castelán, e en moitos casos baixo pseudónimo ou anonimamente, fixeron a súa contribución a estas páxinas.

---

[87] Vx. ó respecto Santiago Álvarez, *Las Milicias Populares Gallegas*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, 1989, pp. 27 e 111; *Los Comisarios Políticos en el Ejército Popular de la República*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, 1989, p 64; *Memorias II. La guerra civil de 1936/1939*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 19932, p. 60.

[88] Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1994, pp. 124-125.

[89] Víctor Manuel Santidrián Arias, "*Nueva Galicia*, portavoz de los antifascistas gallegos", en *Nueva Galicia* (edición facsímile), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997, p. 16.



MISIÓN

REVISTA QUINCENAL DE LA PARROQUIA Y LA ESCUELA

AÑO I | Orense, 15 de Febrero de 1937 | NÚM. 1

Una Patria. - Un Estado. - Un Caudillo
VIVA CRISTO REY-VIVA ESPAÑA
VIVA FRANCO

Redac. y Administración. { Luis Espada, 15 Apartado 20 ORENSE

Precios de suscripción .... { Un trimestre .. 4,50 Un semestre .. 8,00 Un año ..... 15,00 Núm. suelto. .. 0,85 Pago adelantado.

Co subtítulo "Revista quincenal de la Parroquia y la Escuela" e co enderezo da súa Redacción e Administración no nº 15 da rúa Luis Espada, aparece en Ourense *Misión*. O seu nº 1 está datado o 16 de febreiro de 1937 e na súa xeira ourensá, única que aquí interesa —hai outra posterior, en Madrid, na década de 1940—, chega ata o nº 44, datado o día 1 de decembro de 1938. Abrangue, pois, case dous anos.

Revista de amplo formato (32x22 cm, con mínima variación), o número solto custaba 0,85 cts. Moi pobre en ilustracións, o seu número de páxinas varía entre as catorce e as dezaoito, configuradas a dúas columnas. Admite publicidade e dedica seccións fixas a informacións cara ó Maxisterio, resumos da situación bélica e estudio e divulgación do Evanxeo. Non hai mención nos seus créditos nin ó director nin ó posible consello de redacción, pero Marcos Valcárcel[90], de acordo coa información fornecida por Segundo Alvarado, cita como director desta etapa ourensá ó escritor e xornalista Manuel González Cerezales e como promotor e fundador a Ricardo Outeiriño, home de ampla traxectoria na prensa ourensá. *Misión* era, polo demais, un producto da Editorial Católica S.A. (como tamén *La Región*) e saía con censura eclesiástica.

Misión insertaba ás veces baixo a súa cabeceira consignas de exaltación e afirmación patriótico-relixiosa que fan inequívoco o seu posicionamento franquista e o seu catolicismo ortodoxo e tradicional; asume, en definitiva, o nacional-catolicismo que se ía impoñer tras da guerra civil. A temática do ensino, as cuestións pedagóxicas e o pensamento católico están presentes nesta publicación que está especialmente pensada para influír nos sectores do ensino (escola) e da igrexa (parroquia). Por suposto, trátase de páxinas sempre en castelán, moi de signo propagandístico, que ademais de postulados de liturxia e doutrina trata a dimensión cultural e aínda artística do relixioso con algunhas referencias galegas. Non esquece *Misión* a marcha da guerra e non agocha a súa estimación dos "anos triunfais" da contenda.

Temos en *Misión* unha intensa participación de Ramón Otero Pedrayo, sempre baixo pseudónimos como Juan Gallego, Luis Peñanofre, S.(antiago) Amaral ou Luis de Alba. Tamén colabora asiduamente Vicente Risco, que dedica unha serie de artigos a atacar ó marxismo ó tempo que se interesa por figuras do pensamento contemporáneo como O. Spengler ou N. Berdiaeff. Anotamos tamén achegas ou reproduccións de textos de Florentino López Cuevillas, Justo Pérez de Urbel, Ramiro de Maeztu, o cardenal Gomá, Alfonso Iniesta, Enrique Chao Espina, Gumersindo Placer, Vázquez de Mella, Menéndez y Pelayo, Delgado Capeáns, Silva Castro, Félix Lois, Manuel Casado Nieto, Luis Monteagudo, José Luis Parente, Antonio Monteagudo, Ramón Hierro e algúns outros. Moi de tarde en tarde reprodúcense poemas de Ricardo Montis, Lope de Vega ou Lupercio de Argensola.

[90] Marcos Valcárcel, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1987, pp. 217-220.

Pero xa no nº 8 *Misión* rexistra na súa cuberta a publicación dunha serie de Suplementos que pasan dos douscentos, pois o nº 210 está dedicado á poesía de Rosalía de Castro. Estes Suplementos, de formato menor, coleccionables e por entregas, configuran unha antoloxía da literatura española, con certa atención á literatura universal e algunha presencia —sempre en castelán— de autores galegos.

Da literatura española están escolmados textos de Jorge Manrique, o Romanceiro, Huarte de San Juan, María de Zayas, Luis Coloma, Menéndez Pelayo, E. Florentino Sanz, L. Vélez de Guevara, José Zorrilla, Leandro Fernández de Moratín, Gustavo Adolfo Bécquer, Miguel de Cervantes, Fray Luis de León, Garcilaso de la Vega, Mesonero Romanos, R. de Campoamor, Lope de Vega, Cristóbal de Castillejo, A. Fernández de Andrada, José Mª Palacios, J. Balmes, Meléndez Valdés, etc. Da literatura universal temos representados a Chateaubriand, Bossuet, H. C. Andersen, Perrault, Papini, D. Defoe, Plauto ou Goethe. Escritores galegos figuran Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Castro Arines, Nicomedes Pastor Díaz, Enrique Chao Espina, Ramón Otero Pedrayo, o P. Feijoo, Vicente Risco e Emilia Pardo Bazán.

Hai tamén nas páxinas de *Misión* artigos sobre G. D'Annunzio, Tirso de Molina, Menéndez Pelayo, J. Turguenev, Chateaubriand ou López Ferreiro. Os Suplementos publican, en folletón, as *Aventuras de Arthur Gordon Pym*, de Edgar Allan Poe, e *Guerra sin cuartel,* de Ceferino Suárez Bravo.

Nueva Galicia

Publicación galega de inspiración comunista (pero aberta a gran número de galegos antifascistas) que empezou a se editar en Madrid o 17 de maio de 1937, aínda que en 1938 tería de se trasladar a Barcelona, onde se deixou de editar o 10 de decembro de 1938, cando xa ía no nº 54. O xurdimento coincide coa caída do goberno republicano de Largo Caballero, substituído polo do socialista Juan Negrín. Dende o 30 de xaneiro de 1938, derradeira vez que se edita en Madrid, ata o 25 de abril, cando comeza a saír en Barcelona, as adversas circunstancias da contenda determinaron que non saíse durante este período.

A súa aparición hai que a enmarcar no contexto formativo iniciado coa proclamación da II República, dentro da programación educativa e cultural, á que agora se lle engade un ton de propaganda perante as dificultades da situación bélica. Neste sentido, é elocuente de seu o texto programático que inicia a publicación, no que se alude ó sometimento territorial absoluto da nacionalidade galega ó fascismo e se reclama a solidariedade de todos os galegos antifascistas de fóra de Galicia. Para a axuda deles creáse este órgano de expresión, facéndoo chegar a Galicia polos medios necesarios, a xeito de que recibisen as noticias verdadeiras dos acontecementos e se reforzase a súa moral combativa.

Subtitulouse "Portavoz de los antifascistas gallegos" e o seu primeiro director foi José Gómez Gayoso, que en 1945 se habería de converter no secretario xeral do Partido Comunista de Galicia. A súa publicación viuse afectada, ó igual que outros medios, pola correspondente censura bélica ou, o que vén sendo semellante, un proceso fiscalizador e de orientación xeral que partía da Comisión de Propaganda da Fronte Popular. Trátase dun periódico de guerra pero que non estaba dirixido a un

colectivo militar determinado, senón que a súa concepción é a de instrumento de unidade política arredor, como se pode ler no subtítulo, da causa común de loita contra do fascismo. Neste sentido é tamén de destacar o chamamento dende a redacción para as subscricións e os donativos económicos por parte dos lectores.

Como xa quedou indicado, foi estreita a súa vinculación con *El Miliciano Gallego*, chegando a coincidir durante os meses de maio e xuño de 1937 con *Nueva Galicia*. Nas páxinas desta nova publicación alúdese á formación da Fronte Popular Galega e a unha liña de actuación política e social dentro da Fronte Popular da España leal, ó tempo que se critica, entre outros aspectos, a desorganización das antigas milicias e a falta de perspectivas de futuro. Tamén se alude á constitución da Solidaridade Galega Antifeixista e se expoñen os seus fins altruístas de axuda ós galegos residentes na zona leal e dispersos polo mundo. Pero é na unidade de todos os galegos antifascistas onde se exerce unha constante incidencia ó longo dos sucesivos números, sinalándose como símbolos desta causa común as figuras, dispares ideoloxicamente, de Benigno Álvarez e Alexandre Bóveda. No nº 15 (29-agosto-1937) apareceu un editorial titulado "Bases para la unidad", no que se expoñen os distintos puntos de consenso para lograr a devecida unificación.

Aínda que o castelán sexa a lingua predominante en calquera dos seus números, rexístranse tamén textos en galego, lingua que nalgúns casos alcanza un notorio protagonismo. Neste sentido, merece destacarse a terceira páxina desta publicación, que dende o nº 19 (26-setembro-1937) recibe o nome de "Llama da nosa Terra" e, máis tarde, a partir do nº 37 (30-xaneiro-1938), "Seizón da Terra", baixo a coordinación de Castelao.

Ás novas relativas á contenda, tanto relacionadas con Galicia como coa zona republicana e con outros lugares, engádense outras que abordan temas de interese lingüístico e relacionados co uso das linguas periféricas do estado, en relación coa situación sociopolítica do momento. Tamén se informa de cuestións de carácter político e cultural referidas a Galicia, como é o caso, por exemplo, da celebración do Día de Galicia fóra do territorio ocupado polas forzas sublevadas, a constitución de Galeuzca e as viaxes realizadas ó exterior por Castelao, do mesmo xeito que reciben tratamento as colectividades de galegos en América e a solidariedade destes pobos co goberno da República, á vez que se indica o comezo das emisións para América por medio da Transradio Española E.A.Q.2.

Na emisión inaugural, Manuel Moure, responsable de cultura da 11ª División — mandada polos galegos Enrique Líster e Santiago Álvarez e á que pertencía o Batallón Galego— e mais José Gómez Gayoso, director de *Nueva Galicia*, leron senllos discursos titulados, respectivamente, "Homenaxe a-os nenos orfos da nosa Galiza" e o editorial "Realizaciones ineludibles", aparecidos no nº 12, tal como se pode ler no artigo "*Nueva Galicia* inicia con gran éxito sus emisiones para América", aparecido no nº 13 (15-agosto-1937). Ó longo das páxinas poden atoparse máis referencias ás emisión radiais protagonizadas polos galegos leais ó goberno da república. Así, por exemplo,

no artigo de redacción "O día de Galiza en Barcelona" (nº 47), do 1 de agosto de 1938, alúdese ás palabras pronunciadas ese 25 de xullo por Ramón Suárez Picallo, secretario xeral do Partido Galeguista e deputado a Cortes pola Coruña, reproducido nese mesmo número baixo o título "A todol-os galegos do mundo".

De entre o conxunto de textos que aparecen varios fan alusión a figuras literarias ou personaxes de especial significancia. Así, entre os primeiros aparecen: "¡Mercenarios de la pluma. En recuerdo de nuestro poeta rebelde Curros Enríquez" (nº 9), de José María Acebo; "Lembranza de Valle Inclán" (nº 1), de J. Rubia Barcia; "Rosalía de Castro" (nº 39 e 40), de Ernestina de Champourcín; "Los ocho versos heptasílabos de Pondal" (nº 37), de A. Montoro; "Con la pluma y con las armas, los gallegos están siempre en su puesto" (nº 5), de Pedro Carrero —onde se cita ós tres grandes mestres do Rexurdimento, amais de Lamas Carvajal e Ramón Cabanillas—; "Encol d-unhas verbas de Pavia Couceiro" (nº 1), de B. F. Osorio Tafall; "Los grandes rebeldes. Curros Enríquez, precursor del saludo antifascista" (nº 26), de Norberto Portas Estévez.

Ó grupo dos segundos cabe adscribir "El terror fascista en Galicia. Exterminio de la familia de Benigno Álvarez" (nº 8), da autoría de Jacques Froissart e o xa citado "Dos símbolos de unidad del pueblo gallego. Benigno Álvarez y Alejandro Bóveda" (nº 4), de José Gómez Gayoso. O artigo sobre a figura de Manuel González Fresco "En Galiza tamén están en pé" (nº 2), asinado Moncho, é citada por Claudio Rodríguez Fer[91] como exemplo de noticias atrasadas que se dan na publicación.

Outros colaboradores son Eduardo Blanco Amor, autor de senllos artigos titulados "Sobre el Día de Galicia" (nºs 52 e 54); o proxecto de Alexandre Bóveda titulado "Forxadores caídos" (entre os números 48 e 52), publicado en *A Nosa Terra* durante o seu desterro gaditano. Tamén son de salientar as colaboracións de José Gómez Gayoso, B. F. Osorio Tafall, Luís Soto e Ramón de Valenzuela, quen tamén debeu asinar cos pseudónimos Tras-Deza e Ramón Tresdeze de Abades.

No ámbito da poesía, moitos dos textos que aparecen son froito dunha escolleita dalgúns dos escritores máis importantes dende a época do Rexurdimento. É o caso de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez ou mesmo glosas de Rosalía de Castro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Francisco Añón. De Ramón Cabanillas chega a aparecer unha serie de poemas so o título de "Do poeta da raza"; o escritor cambadés parece ser tamén quen traduciu a versión galega titulada "A Internacional", que apareceu no nº 28[92]. Para este medio escribiu varios poemas Florencio Delgado Gurriarán, que asina só co nome.

Outros poemas que se rexistran son os de Arturo Cuadrado, autor de "Komsomol. A Fernando Barros"; un soneto de Antonio Machado, "Armas y Letras", dedicado a Enrique Líster; "Fusilamiento de Federico. A Etelvino Vega", poema anónimo, como os anteriores en castelán, no que se lembra ó poeta granadino asasinado, e "Poetas y caudillos", a oda a Líster de Arturo Serrano Plaja.

---

[91] Vx. ó respecto o seu libro *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo: Eds. Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1994, p. 126.

[92] Claudio Rodríguez Fer, recollendo as investigacións fornecidas polo profesor Xesús Alonso Montero, testifica esta hipótese, op. cit., p. 130. Pero é o propio Alonso Montero quen máis recentemente afirma ignorar a autoría desta versión da internacional: Xesús Alonso Montero, "A modo de presentación", en *Nueva Galicia. Portavoz de los Antifascistas Gallegos* (edición facsímile), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Facsimilar, 1997, p. 11.

Será Castelao quen acade unha especial notoriedade dentro do terreo da prosa. Daquela, xa nun artigo de redacción do nº 14, "Castelao y *Nueva Galicia*", se anuncia a colaboración constante do intelectual rianxeiro a partir do seguinte número. E, en efecto, será o 29 de agosto de 1937 cando comece a saír a súa sección "Verbas de chumbo", que alcanzará 32 entregas e se ha manter, case ininterrompidamente, ata o 10 de setembro de 1938[93]. Con anterioridade, xa no número correspondente ó 25 de xullo de 1937 se tiña publicado o seu manifesto "Nós". A todo isto hai que lle engadir as constantes alusións á súa actividade e ás súas viaxes ó longo destas páxinas e as estampas dalgún dos seus álbums de guerra como o *Atila en Galicia*[94].

Dentro desta mesma faceta gráfica é merecente dunha mención especial J. Briones, responsable dun bo número de ilustracións en diversos números.

Nova Galiza

De inspiración galeguista, foi publicada en Barcelona entre o 5 de abril de 1937 e os meses de xuño-xullo de 1938[95]. Principiou a se subtitular "Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas", baixo a dirección de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A partir do nº 11 (10 de outono de 1937) cambia a cabeceira pola de "Folla literaria dos antifascistas galegos" e no seguinte —no que pasa a ser coordinada por Rafael Dieste— pola de "Revista Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas". Dende o nº 16, datada no mes de marzo de 1938, en que pasa a ser mensual, subtitularase "Revista mensual ao servizo do esprito e da libertade do povo galego".

O seu lugar de redacción correspondía coa Imprenta President Maciá, localizado no nº 442 da Avenida 14 de abril. Estivo financiada polo Comisariado de Propaganda da Generalitat de Catalunya, conxuntamente co Partido Galeguista, e a súa saída coincide cun dos intres máis delicados na situación das forzas republicanas en Catalunya e coa desfeita da prensa barcelonesa. Se o seu formato é, ata o nº 12, de 44x31 cm, en adiante as medidas serán de 31x21 cm. Variable é tamén o número de páxinas, xa que fluctúan entre as catro do comezo e as dez máis adiante. Da parte técnica responsabilizábase a devandita imprenta.

Ás novas sobre a represión que se está a vivir en Galicia engádenselle outras que fan alusión ás persoas que máis directamente padeceron tal estado de terror. Así, no nº 1 documéntase o texto "A morte de Alexandro Bóveda", carta dirixida a Castelao, que asina unha testemuña, datada na Habana o 10 de xaneiro de 1937. Pero é na sección "¡Loito na nosa terra! As víctimas da barbarie feixista" onde, a partir do nº 2, comeza a aparecer unha extensa lista de fenecidos a mans dos sublevados. Esta sección terá continuidade en sucesivos números da publicación e, entre outros moitos, aparecen os nomes de Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Benigno Álvarez, Manuel Lustres Rivas, Darío Álvarez Limeses, Ánxel Casal, Xoán Xesús González, Camilio Díaz Baliño, Xaime Quintanilla, Roberto

[93] Recollidas e estudiadas por Claudio Rodríguez Fer, *Verbas de chumbo*, Santiago de Compostela: Eds. Sotelo Blanco, col. A Trabe de Ouro. Pensamento, 1992.300. Vx. ó respecto, Pablo Porta Martínez, 1937, Castelao en Valencia, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. O movemento renovador da arte galega, 1985, p. 49.

[94] Vx. ó respecto, Pablo Porta Martínez, 1937, *Castelao en Valencia*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, c ol. O movemento renovador da arte galega, 1985, p. 49.

[95] Hai unha edición facsímile dos dezaoito primeiros números. Vx. ó respecto: *Nova Galiza*. Edición facsimilar, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, 1990. Inclúe un limiar de Xosé Lois García.

Blanco Torres, Arturo Noguerol, Luis Huici e Avelino López Otero. Sen embargo, por erro ou confusión, inclúense os nomes de Ánxel Fole, Ramón Piñeiro e Leuter González Salgado, entre a nómina de persoas falecidas.

NOVA GALIZA

BOLETIN QUINCENAL DOS ESCRITORES GALEGOS ANTIFEIXISTAS

Unha máis

Novas de nosa terra

Galiza baixo o feixismo

Moitos son os artigos de carácter político e ideolóxico que se poden rastrexar ó longo das súas páxinas. Con referencia á propia publicación, nun editorial do nº 5 (15-xullo-1937) titulado "Carteis. Segunda presentación de *Nova Galiza*" faise referencia á amplitude de horizontes e á falta de dogmatismo co que foi concibida. Con anterioridade, no número aparecera o artigo "A renacencia política galega", de Xoán X. Pla. No nº 16 Enrique Fernández Sendón, que asinaba como Fersen, escribe en castelán "Republicanismo histórico", extraído do folleto que se viña de publicar titulado "Antecedentes del triunfo del Frente Popular". Son frecuentes tamén os chamamentos a outras nacionalidades á colaboración coa causa da República. Así, no nº 1 hai un, co título de "Aos patriotas irlandeses. Manifesto dos diputados galeguistas", no que Alfonso R. Castelao e Ramón Suárez Picallo convocan ós "irmáns irlandeses" no apoio do goberno lexítimo e manifestan as aspiracións das nacionalidades asoballdas, Galicia, Catalunya e Euzkadi, para unha estructuración federativa do Estado.

Suárez Picallo é autor de varios artigos nos que analiza a situación sociopolítica de Galicia e critica coa maior vehemencia a sublevación militar e o deplorable estado que trouxo consigo. A "No primeiro aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza" (nº 6) e "As posibilidades do noso Estatuto despois da guerra" (nº 12) hai que lle engadir, dentro das "Páginas de divulgación", o extenso traballo "Galicia. Una semblanza histórica, política y geográfica de nuestra tierra" (nº 18). Estructurado en apartados —Situación, Población, Idioma, Vida social y económica, Historia, Renacimiento regional—, logo deste último inclúese o Programa das Irmandades da Fala de1917; unha Declaración de principios e a primeira parte do programa do Partido Galeguista, de 1931; os resultados do Plebiscito para o Estatuto Galego e o problema de Galicia e a Sociedade de Nacións.

Dentro da forzada situación de exilio da política galega, hai que referir os Informes da Secretaría Galega en Catalunya ou artigos como "A libertade hespañola e a autonomía de Galiza" (nº 13). Neste mesmo número hai un "Manifesto de *Solidaridade Galega*", asinado polo Secretario Xeral, Pedro Longueira[96]. Dignas de atención son as referencias ó continente americano, caso por exemplo da sección "Crónicas de América", onde J. Lorenzo, ex Secretario do Comité de Axuda ó goberno español da Fronte Popular, escribe o artigo "Aspectos ignorados de la ayuda a España en la Argentina" (nº 15). Dentro das alusións que se fan na publicación a outros medios de comunicación destaca a traducción e reproducción dun traballo aparecido no importante xornal barcelonés, *Mirador,* que leva por título "A traxedia de Galiza", como tamén o saúdo do xornal bonaerense *Galicia* a respecto da sáida de *Nova Galiza* (nº 6).

[96] No número 14 vén unha noticia sobre a constitución do novo secretariado desta organización, onde amais do cargo deste como presidente, se indica, entre outros, que Castelao ocupaba a Vicesecretaría Xeral, mentres que Arturo Souto era Vicesecretario de Información e Prensa.

En relación coas alusións a outros estados é especialmente significativa a constante referencia a Portugal ó longo dos números. Dende o nº 2 en que aparece unha "Carta a Oliveira Salazar, dictador de Portugal", que lle dirixen Ramón Suárez Picallo e Castelao, deputados galeguistas no parlamento da República Española, irán aparecendo unha serie de artigos que aluden a este estado, ó tempo que fan unha severa crítica da falta de liberdades en que se atopa. Así, "Un Estado-policía y un país humillado: ¡Portugal!" (nº 4); "A sorte de Portugal. O imperio dos finchados" (nº 10) e "La alevosa complicidad de Portugal con los facciosos" (nº 10).

Dentro do grupo de intelectuais que colaboraban nas páxinas desta publicación, o nome de Castelao abrangue unha dimensión moi especial, xa que ó seu papel como fundador e primeiro director engádeselle, amais das variadas referencias á súa obra, o de ilustrador gráfico e autor dun bo número de prosas[97]. A primeira delas é a que abre o boletín, "Unha máis", asinada coa súa inicial C. Síguenlle "As tres plagas" (nº 2) —clericalismo, militarismo, capitalismo, responsables da barbarie que somete ó pobo español—; "As tres fontes" e "A fe no mañán" (ambas no nº 3); "Os novos símbolos da Nova Galiza" (nº 6); "Lembranza" e "Glosas de Castelao" (nº 12); "O problema galego" (nº 16) —indícase que se trata de dous capítulos dun novo libro de Castelao que axiña será imprentado por Edicións Nova Galiza—; "A vountade galega (Pasaxes dun libro inédito)" (nº 18). Amais, é tamén responsable de editoriais e de artigos soltos sen asinar.

A presencia de Rafael Dieste en *Nova Galiza* é tamén de especial importancia. Responsable da súa dirección, dende o nº 12 e ata o 18, por encargo de Castelao, quen marchaba en viaxe de propaganda a América, tamén a súa dona Carmen Muñoz acadaría responsabilidades nesta publicación, ó ter que marchar estoutro rianxeiro para a fronte de Aragón. A maior parte dos seus escritos son de ensaio político e social e están asinados co seu nome, con iniciais ou baixo o pseudónimo de Félix Muriel.

Dentro dos artigos deste tipo están: "Democracia galega" (nº 2); "O crime peta nas portas" (nº 3), "¡A todos vos, irmáns emigrados! (nº 4); "Espello de dictadores" (nº 4); "No linde da liberdade. Unha morte lanzal" (nº 5); "Temas Galegos. Para axudar a renacenza de Galiza" (nº 5); "En nome de Galiza" (nº 7)[98]; "Sobre os demócratas" (nº 8); "Estampas e monifates" (nº 9); "Ao paso do tempo. Política do trasno" (nº 10); "Os tópicos por dentro. Individualismo galego" (nº 11); "Interviu. Os outros" (nº 11); "Manifesto en tres tempos" (nº 12), dividido nos apartados: I. O crime peta nas portas; II. A todos vos, irmáns emigrados; III Para axudar á renacenza de Galiza. Da súa autoría, con seguridade, deben ser tamén moitos dos traballos da serie "Ao paso do tempo"[99]. No terreo literario escribiu: "¡Que ninguén o sepa!... Conto portugués" (nº 6); a farsa "Marionetas en batalla (Para un guiñol antifascista)", tamén titulada "El moro leal" (nº 10) e o conto "O neno suicida" (nº 16) —extraído do Arquivo literario de *Nova Galiza*—, que xa se incluíra no apéndice de *A fiestra valdeira* (1927). É tamén autor do artigo "Galiza Mártir (Novo Álbum de Castelao)" (nº 2).

---

[97] A pegada do intelectual rianxeiro nesta publicación está esbozada no capítulo "Prólogo de *Nova Galiza* 1977", incluído no libro de Xosé Lois García ,*Castelao dende Catalunya*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 1988, pp. 45-50.

[98] Verbas de R. Dieste incluídas no artigo "Galiza e Cataluña no II Congreso Internacional dos Escritores Antifeixistas", publicado no referido número da revista.

[99] Vx. ó respecto a edición preparada por Claudio Rodríguez Fer, Rafael Dieste, *Guerra Literaria*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, 1991, p. 15.

Outros artigos en prosa en galego de colaboradores coñecidos son: "Voces Leales. ¡Galicia mía!" (nº 8), de Basilio Álvarez; "Desde a torre de Hércules. A nova emigración" (nº 11), de Serafín Ferro; "Exemplos e refráns. I A xesta e outras cousas" (nº 11), de Antón Lobeira; "Galiza en Asturias" (nº 13), de R. Cabanillas Álvarez; "As promesas galegas. A nosa escola" (nº 14) e "Reivindicacións galegas. A Fala i-o home" (nº 15), ambos de J. Otero Espasandín. Neste mesmo número aparece o artigo laudatorio "Enrique Líster", que asina R. C. A.

En castelán tamén aparecen unha serie de artigos de colaboradores de nome coñecido ou que fan referencia a importantes personalidade da cultura. Daquela temos: "El hombre de España (Palabras de Juan Ramón Jiménez)" (nº 10); "Semblanza de Galicia. En la Hermandad Hispana. Conversación con Antonio Sánchez Barbudo" (nº 13); "Vuestro deber (A los compatriotas de América)" (nº 17), do propio Sánchez Barbudo. Mención especial merece a sección "Estampas del Santiago Moro", que asinaba Arturo Cuadrado, na que sairían varias entregas en números sucesivos: "Valle Inclán profanado" (nº 15), "Coyunda del moro con la hija del caballero de Santiago" (nº 16) e "Carnaval sangriento del fascismo" (nº 17).

No capítulo da poesía en galego, un bo número de textos posúen un carácter belixerante, moi en consonancia con aqueles tempos. Entre as composicións incluídas están: "Romance de loita", (nº 4 —dedicado ós loitadores galegos— e 12) e "¡Adiante" (nº 5), de Ramón Cabanillas; "Mariñeiro fusilado" (nº 13) —que contén a lenda "A noite de tres côres de Serafín Ferro"—, de Ernesto Pérez Guerra, que máis adiante asinaría como Ernesto Guerra da Cal; "¡Eu tiña tres soles! (Romance da nai dorida)" (nº 15), "Romance da traxedia galega. ¡Oxe non eres a d'antes! (nº 16), "Alborada de dor" (nº 17), de Ramón Rey Baltar; "Teño unha corda muda" (nº 16), de Manuel Curros Enríquez, e "Nouturnio de Lembranza" (nº 18) — dedicado a Juan Gil Albert—, de Serafín Ferro. No nº 7 reprodúcense versos rosalianos en galego no seo dun artigo de Vicente Sáenz, ó igual que no nº 17, no artigo de Juan González del Valle, "Rosalía de Castro y su paisaje". Deste mesmo é "Galicia y Valle Inclán (Paisaje en dos estampas)" (nº 18), que inclúe versos do escritor arousán.

En castelán aparece un longo texto de Eduardo Blanco Amor —datado en La Plata (Argentina), en xuño de 1938—, "La Gloriosa. Cantos a la aviación española" (nº 18), composto polos poemas "La canción inútil", "España se confía", "Sentimiento del poeta", "Reconquistas el aire", "Combate" e "Loa de las madres". Nesta mesma lingua tamén se rexistran as composicións do fillo do autor de *Da terra asoballada*, Ramón Cabanillas Álvarez, "Río Miño" (nº 13) e "La camarilla (Romance)" (nº 14)[100]. Arturo Serrano Plaja é autor da composición titulada "Líster" (nº 5), mentres que como exemplo de poema en portugués está a composición de Jaime Cortesão "O homem da bôca cerrada" (nº 16).

O apartado gráfico desta publicación resulta de capital importancia no conxunto da mesma e no das outras publicacións nadas en ocasión semellante. En primeiro lugar hai que dar conta das novas aparecidas sobre a obra dos ilustradores galegos. Tal é o caso de Vicente Sáenz, que asistiu en calidade de Delegado de Costa Rica no II Congreso

[100] Subliñado por Xesús Alonso Montero como o primeiro poema deste autor: Os poetas galegos e Franco (Estudio e Antoloxía), op. cit., p. 52.

Internacional de Escritores Antifascistas[101], quen, no nº 7, realiza unha análise do álbum de guerra de Castelao *Galicia mártir*. Tamén no nº 15, co título de "Segundo álbum de Castelao", alúdese á saída de *Atila en Galicia*. E no nº 17 Jaime Espinar escribe un artigo titulado "Galicia y el arte de Castelao". Pola súa banda, na sección "Artistas galegos" (nº 10) dáse conta, baixo o título *15 Dibujos*, dun álbum de Colmeiro chegado de Bos Aires. Tamén titulado *Estampas de la traición*, de Luís Seoane. Finalmente, no nº 15, co título "Artistas galegos coa Hespaña leal"[102], infórmase dunha exposición de cadros e estampas de Arturo Souto aberta en Bruxelas. A obra deste artista é contrastada coa de Colmeiro no artigo de Ramón Gaya "Artistas de Galicia. Colmeiro" (nº 16).

No que son xa propiamente as ilustracións, son de destacar as debidas a Castelao[103], en especial as pertencentes á sección "Da Galiza mártir", presentes na 1ª, 3ª, 4ª, 5ª, 7ª, 8ª e 9ª entregas desta publicación. Tamén é o responsable de "Por onde eles pasan" (nº 6) e "Denantes mortos que escravos" (nº 12), así como doutras contidas no interior dalgún dos seus artigos, caso das que figuran en "As tres plagas" (nº 2). Luís Seoane realizou o "Folletín. ¡O autor!" (nº 10) e mais "Impuxeron o Cristo na escola" (nº 11), correspondente a *Estampas de la traición*. De Colmeiro son "Lembranza da nosa terra" (nº 10), un deseño do nº 14 e mais outro na portada do nº 12 e os tres que aparecen no nº 16 no artigo sobre a súa obra. Tamén neste mesmo número figura un debuxo de Arturo Souto, ó igual que dous no nº 15, un deles titulado "Mensaje a los españoles de América". Máis frecuentes son os debuxos de Ramón Gaya —nºs 13, 15, 17 e 18—, mentres que, por contra, só se detecta un de Víctor Cortezo (nº 14), o mesmo número en que aparece un relevo do escultor catalán Canyes (nº 12) e a ilustración de Xan Lucense, titulada "Vila mariñeira".

Galicia Libre

Subtitulada "Órgano de la Agrupación de Gallegos Libertarios", foi a publicación principal dos anarcosindicalistas galegos no transcurso da guerra. Empezou a saír en Madrid o 20 de setembro de 1937 e desapareceu en Valencia na mesma data de 1939, alcanzando os trinta e nove números[104]. Pertence á C.N.T.-A.I.T. e dende o nº 21, correspondente ó 30 de abril de 1938, constituíuse en "Órgano de la Federación de Agrupaciones de Gallegos Libertarios". Estas agrupacións celebrarían o primeiro congreso nos primeiros meses de 1938, segundo se informa nun editorial do nº 21, á vez que se dá conta da integración da constituída federación na Fronte Popular Antifascista Galega. O seu presidente era Samuel Gómez González.

Dentro do escaso emprego da nosa lingua cabe rexistrar no nº 1 o poema en galego "Evadidos", que asina unha tal Carmiña. Mais son os textos poéticos da tradición literaria decimonónica os que se adoitan reproducir nas páxinas desta publicación,

[101] Para unha información sobre este congreso e unha relación dos participantes no mesmo vx. o libro de Fernando Salgado, *Lorenzo Varela: crónica dunha vida atormentada*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1995, en especial o cap. "Congreso de Valencia", pp. 72-76.

[102] Atribuído por Estelle Irizarry a Rafael Dieste, vx. *La creación literaria de Rafael Dieste*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1980, p. 281.

[103] Unha breve análise dos seus debuxos de guerra realízaa Valeriano Bozal no seu libro *Sátira y tragedia: las imágenes de Castelao*, Sada-A Coruña: Edicios do Castro, col. O movemento renovador da arte galega, 1987, pp. 37-45.

[104] Vx. Bernardo Máiz Vázquez, *Memoria-Catálogo das publicacións galegas antifranquistas*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, 1989, p. 24.

escolleitos xa sexa pola súa intencionalidade social ou polo seu ton combativo. Daquela, é dentro da sección "Nuestros poetas revolucionarios" onde se rexistra algún destes textos: "Coma en Irlanda" (nº 9), de Alfredo Brañas, e "Nouturnio" (nº 14) e "Tangarraños" (nº 16), de Manuel Curros Enríquez. Sen constar a sección tamén aparecen outros textos: "A Galicia" (nº 10), de Francisco Añón; "Os pescadores" (nº 12), de Amador Montenegro Saavedra; "A velliña" (nº 13), de Juan García San Millán; "O sublime vago" (nº 18), de Eduardo Pondal; "Cantiga" (nº 22), de Manuel Curros Enríquez; tamén uns versos de Rosalía de Castro no artigo "Galicia llora" (nº 12), de E. Lices Touriño.

GALICIA CNT AIT LIBRE

ORGANO DE LA AGRUPACION DE GALLEGOS LIBERTARIOS

EDITORIAL

BIENVENIDA

REVOLUCION

Se a prosa en galego é moi infrecuente nestas páxinas, pola contra recibe un especial tratamento a temática galega, ben sexa no que se refire ós galegos do bando leal como á situación da Galicia ocupada polas forzas sublevadas. A este respecto cabe referir o nº 17 desta publicación, que se dedica ó anarquista vigués Ricardo Mella, de quen se inicia a publicación das obras completas.

Pero á marxinalidade dos textos en galego hai que contrapoñer a frecuencia do uso do galego acompañando o apartado gráfico, xa que os pés de estampas de Castelao reprodúcense en moitos dos números. Así, dende o nº 9, correspondente ó 10 de decembro de 1937, comezan a aparecer as de *Atila en Galicia*, mentres que dende o 19, datado na primavera de 1938, as de *Galicia mártir*, que se prolongarán ata o nº 29. Ademais, como pé doutras ilustracións, tamén aparecen pequenos textos en galego.

El Socialista Gallego

Representa exclusivamente a publicación de carácter socialista inspirada por galegos durante a contenda iniciada en 1936. "Órgano de la Agrupación Socialista de Refugiados Gallegos", principiou a se publicar, cunha periodicidade quincenal, o 1 de maio de 1938 en Barcelona. Estaba inspirada polo político socialista galego Manuel Cordero. O galego ocupa unha porción moi marxinal no seo da publicación, principalmente en frases e algunha anécdota inserida dentro dalgún artigo en castelán. Entre os colaboradores galegos cabe citar a Xosé Rubia Barcia ou Pedro Longueira. Fornécese información do periplo do autor de *Sempre en Galiza* por terras americanas en "El viaje de Castelao". As cuestións máis tratadas corresponden a aspectos de carácter ideolóxico e motivación política a respecto da situación bélica do momento. Hai tamén unha sección denominada "Camaradas víctimas del fascismo en Galicia".

Outras publicacións, aínda que sen un carácter directamente galego, conteñen colaboracións de destacados membros da colectividade galega, ben no aspecto gráfico ou no que a textos, de diversa índole, se refire. Entre outras, cumpriría citar a importante *Hora de España*, *El Mono Azul*, *El Buque Rojo*, *El Combatiente del Este* e tamén *Estímulo*, *El Combatiente Rojo*, *Umbral*, *Política* e *Artes y Letras*.

B) Españolas

Nesta panorámica, na que forzosamente teremos que omitir algunhas publicacións para non convertela nun inacabable listado de nomes, podemos observar algunhas claves fundamentais que caracterizaron á lírica española (e, en xeral, á literatura) na conflictiva terceira década do século. Década que rexistra a case práctica desaparición das revistas voceiras das correntes da vangarda, a disgregación do grupo poético do 27 e o crecente aumento da atmosfera, da temperatura política na vida e na creación literarias.

En efecto, de acordo co avance da década xorde cada vez con máis forza o rexeitamento da poesía pura, da lírica intranscendente e lúdica que se resolve na procura de imaxes, da arte minoritaria e deshumanizada. Estas concepcións, que podemos exemplificar en Juan Ramón Jiménez, deixan paso a un proceso rehumanizador que adquire diversas canles de manifestación. O poeta escribe, cada vez con máis frecuencia, dende un compromiso ideolóxico, social e aínda relixioso. A revolución rusa, o marxismo e o comunismo gañan adeptos e a novela social (Sender, Arderíus, Arconada, Díaz Fernández) adquire un significativo desenvolvemento.

Podemos ver nestas revistas os radicais posicionamentos ideolóxicos de poetas como Alberti ou Cernuda, vencellados ó Partido Comunista. Tamén, a aposta por unha "poesía impura" (Neruda) e por unha literatura comprometida, popular e proletaria, antiburguesa e revolucionaria. Observamos así mesmo a supresión de revistas voceiras dunha xeración, grupo ou tendencia, e o xurdimento doutras nas que coinciden xeracións diversas, ou se agrupan escritores de moi diferente signo por razóns circunstanciais. O aire de confrontación e polémica dos anos da República vólvese clima de reunión e fronte común antifascista nas publicacións dos anos da guerra.

Hoxe, afortunadamente, moitas destas revistas consérvanse en edicións facsímiles. Cómpre diferenciar, neste conxunto de publicacións, as pertencentes ós anos da República e as que xorden xa nos da guerra civil. No noso percorrido damos conta, especialmente, da colaboración de escritores galegos e hispanoamericanos, algúns deles representados en *Resol*.

Comecemos por referir a desaparición dalgunhas interesantes revistas dos anos vinte como *Índice* (1921-1922) que levaba en Madrid Juan Ramón Jiménez; as ultraístas *Tableros* (1921-1922), *Vértices* (1923) e *Tobogán* (1924); *Mediodía* (1926-1928), de Sevilla; *Litoral* (1926-1929), de Málaga, que reaparecería no exilio mexicano en 1944; *Verso y Prosa* (1927-1928), de Murcia; *Gallo* (1928), granadina e lorquiana (como o seu suplemento, *Pavo*); *Carmen* (1928-1929), que Gerardo Diego dirixía en Santander, e moitas outras. Pola contra continuaron as fundamentais cabeceiras de *Revista de Occidente* que, entre 1923 e 1936, tirou un total de 157 números, e o importante periódico literario quincenal *La Gaceta Literaria*, que entre 1927 e 1932 alcanzou os 123 números.

As revistas de máis profundo carácter poético tiveron, xa a principios dos anos trinta, a inestimable iniciativa fundacional de Manuel Altolaguirre, fundador e impulsor de *Poesía* (Madrid-París, 1930-1931), *Héroe* (Madrid, 1932), *1616. English and Spanish Poetry* (Londres, 1934-1935). En *Poesía*, que tirou só cinco números, colaboraron moitos dos poetas do 27. Doutra banda, no número dedicado á lírica uruguaia colaboraron Fernán Silva Valdés e Juana de Ibarbourou, ambos repre-

sentados en *Resol*. En materia de revistas poéticas, Altolaguirre seguiu o exemplo de Juan Ramón Jiménez e quixo reagrupar ós seus compañeiros de grupo, os poetas do 27, ós que volvemos a encontrar en *Héroe*, que rematou no número seis, codirixida por Altolaguirre e Concha Méndez, a súa dona. En *Héroe* —como tamén en *La Gaceta Literaria*—colaborou o coruñés Carlos Martínez Barbeito, ó parecer levado por García Lorca.

Outro poeta do 27, Pedro Salinas, auspiciou e promoveu *Los Cuatro Vientos* (Madrid, 1933) de curta andaina. Figuran aquí algúns poetas da xeración do 36 como Luis F. Vivanco e Luis Rosales. Salientemos a presencia da ensaísta María Zambrano, a colaboración do cubano Lino Novás Calvo (de orixe galega) e o mexicano Jaime Torres Bodet.



Poética, polémica e rupturista, foi *Caballo verde para la poesía* (Madrid, 1935). A guerra civil impediu a aparición do seu número 5-6, xa a piques de entrar en imprenta. Altolaguirre e Concha Méndez encargaron da dirección a Pablo Neruda, que lanzou o seu célebre manifesto "Sobre una poesía sin pureza". Moi coidada na súa estética, a revista deu canle a diversas correntes líricas (neogongorismo, surrealismo, lírica existencial). Entre a longa lista de colaboradores rexistramos a presencia dos arxentinos Raúl González Tuñón (representado en *Resol*) e Ricardo E. Molinari, así como do cubano Félix Pita Rodríguez.

Presencia galega temos nunha revista anterior cronoloxicamente, *Ddooss* (Valladolid, 1931), que rematou na terceira entrega e estaba dirixida por Francisco Pino e José Mª Luelmo. Nestas páxinas atopamos restos de surrealismo e algunha outra corrente da vangarda. Da contribución galega encargáronse Maruja Mallo, coas súas ilustracións, e José Ramón Santeiro.

Nesta liña de revistas poéticas figura tamén a barcelonesa *Azor* (1932-1934), dirixida por Luis Santa Marina. A sevillana *Nueva Poesía* (1935), que polemizou con *Caballo verde para la poesía* e con *El Gallo Crisis* e propugnou o retorno á poesía pura, de limpa e precisa expresión. Juan Ramón Jiménez e Jorge Guillén colaboraron nela. No mesmo ámbito da poesía pura estivo *Isla* (Cádiz-Jerez, 1932), dirixida por Pérez Clotet. Nela comezou como crítico Ricardo Gullón. En fin, baixo o influxo de Juan Ramón Jiménez situouse *Ardor* (Córdoba, 1936), que contou entre os seus impulsores a Juan Bernier, fundador, na posguerra, da tamén cordobesa *Cántico*. Outras compañeiras de viaxe foron *Brújula* (Madrid, 1932), dirixida por Julio Angulo e Ricardo Gullón; *Silvo* (Orihuela, 1935); *Ágora* (Albacete, 1934-1935); *Extremos a que ha llegado la Poesía en España* (Madrid, 1931), *Hoja de Poesía* (Sevilla, 1935), etc.

Ó ámbito que con certa imprecisión podemos denominar literario ou literario-cultural pertenceron outras cabeceiras. Así, *Bolívar* (Madrid, 1930), da que foi redactor xefe Pablo Abril e que ofrecía tamén información xeral e política. Manifestáronse aquí varios escritores hispanoamericanos (Alfonsina Storni, Pablo Neruda, Oliverio Girondo, Santos Chocano), ás veces en aberta oposición a actitude norteamericana cara a Hispanoamérica. César Vallejo (representado en *Resol*) escribiu varias reporta-

xes sobre Rusia —froito da súa viaxe por alá— e facía referencia ó caso de Maiakovski (antologado en *Resol* máis dunha vez).

Tres mulleres comparecen en *Noreste* (Zaragoza, 1932-1935), a revista codirixida por Seral Casas, Antonio Carro e Ildefonso-Manuel Gil. A uruguaia Juana de Ibarbourou (da que temos poemas en *Cristal* e *Resol*), a arxentina Norah Borges (que ilustrou *Alfar, Ronsel* e *Yunque*) e a galega Maruja Mallo.

O reducto máis forte do surrealismo estivo en Tenerife, onde se publicaron *Gaceta de Arte* (1932-1936), baixo a dirección de Eduardo Westerdhall, e *Boletín Internacional del Surrealismo* (1936). Nesta última rexistramos algunhas achegas orientadas a prol do marxismo e nela colaboraron, entre outros, Emeterio Gutiérrez Albelo (que comparece en revistas galegas de posguerra como *Aturuxo*) e Domingo Pérez Minik (na posguerra, asiduo colaborador de *Ínsula*).

A aposta por unha literatura revolucionaria e proletaria, con frecuentes referencias a Maiakovski, caracteriza a *Orto* (Valencia, 1932), que dirixía Martín Civera. Colaboraron nela figuras politicamente tan significativas como Ángel Pestaña, Andrés Nin e Ramón J. Sender. *Orto* estivo na onda de *Octubre* ou *Nueva España*, que veremos de seguido.

A liña da poesía humanizada (ou do lirismo rehumanizador) xorde, entre outras, na madrileña *Brújula* (1932), dirixida por Julio Angulo. Colaboran nela varios representantes da xeración do 36: Ildefonso-Manuel Gil, José A. Maravall, Ricardo Gullón e Leopoldo Panero. De novo atopamos ó galego José Ramón Santeiro, colaborador así mesmo do *Boletín Vetimo* (Madrid, 1932), que rematou xa no nº 1 e propugnou tamén a lírica de compoñente humano. Por ese mesmo vieiro andou *Eco* (Madrid, 1933-1935), impulsada por Rafael Vázquez Zamora e interesada na información do estranxeiro. *Eco* aseguraba a morte da vangarda e a condición social da arte.

Serrano Plaja, Enrique Azcoaga e Sánchez Barbudo codirixiron *Hoja Literaria* (Madrid, 1933), de formato xornal. Orixe do que sería logo *Hora de España*, criticou tamén a poesía pura e o elitismo da arte de vangarda. Colaboraban aquí os ensaístas María Zambrano e José A. Maravall; tamén, o gran poeta ecuatoriano Jorge Carrera Andrade. Salientamos a presencia dos galegos Rafael Dieste e Arturo Souto (este último como ilustrador). E outro galego xa citado, José R. Santeiro, figura na nómina de sinaturas de *Literatura* (Madrid, 1934), que conducían Ricardo Gullón e Ildefonso-Manuel Gil.

Do mesmo ano 1934 foi *Frente Literario*, que acollía nas súas páxinas seccións de literatura, arte, ciencia e bibliografía. Dirixida por Burgos Lecea, tivo entre os seus colaboradores a Juan Pérez Creus, andaluz de orixe pero poeta en galego en *As cancións d'ise amor que se diz olvido* (1951). Cómpre aínda facer mención de *Atalaya* (Navarra, 1934-1935), dirixida por Alfonso e Francisco Rodríguez Aldave, e *Brisas* (1934-1936), de Palma de Mallorca, que difundiu a obra de García Lorca e publicou textos do chileno Vicente Huidobro (presente en *Resol*).

Pero de todas as publicacións ata agora citadas foi *Ciudad* (Madrid, 1934) a de máis representación galega. En efecto, dirixida por Víctor de la Serna, tivo a Eduardo Blanco Amor como redactor xefe. Contamos en *Ciudad* textos de Castelao e Valle-Inclán, ilustracións de Carlos Maside e colaboracións de Blanco Amor, Xulio Sigüenza e Fernández Flórez. Era unha revista de divulgación cultural.

Entre as verdadeiramente grandes (e discutidas) dos anos da República cómpre citar *Cruz y Raya* (Madrid, 1933-1935) unida ó nome de José Bergamín. Revista "de afirmación y negación", mantivo un catolicismo militante, do que poden ser expoñentes as achegas de Jacques Maritain. Unha morea de nomes ilustres (Menéndez Pidal, José Mª de Cossío, Unamuno, Manuel de Falla, Zubiri, Ortega y Gasset, Pablo Neruda, Ramón Gómez de la Serna, Luis Cernuda, Max Jacob ou Martin Heidegger) colaboraron nas súas páxinas, nas que Manuel Abril polemizou sobre a poesía pura e a deshumanización da arte.

Na mesma liña de pensamento católico estivo *El Gallo Crisis* (Orihuela, 1934), dirixida por Ramón Sijé. Poetas da xeración do 36 como Miguel Hernández, Luis Felipe Vivanco ou Luis Rosales figuraban entre os seus colaboradores.

E aínda outras revistas literarias: *Sur* (Málaga, 1935), "Revista de orientación intelectual" na que Rafael Alberti colaborou con asiduidade; *Silbo* (Orihuela, 1936), coa galega Maruja Mallo como ilustradora e colaboracións de Pablo Neruda; as publicacións auspiciadas polo Centro de Estudios Históricos de Madrid: *Tierra Firme* (1935-1936), dirixida por Enrique Díez-Canedo, e *Índice Literario* (1932-1936), que levaba Pedro Salinas.

Os nomes dos seus directores —R. Ledesma Ramos e Ramiro de Maeztu— definen ben a orientación de *La Conquista del Estado* (1931) e *Acción Española* (1931-1936), que se manifestaron abertamente inspiradas pola dereita política e criticaron á República. Na segunda delas colaborou o galego Euxenio Montes, xa daquela afastado do emprego do galego como lingua de creación e alineado nas ringleiras da dereita.

Xa dende 1930 houbo publicacións declaradamente de esquerdas que defendían o compromiso entre política e literatura e adoptaban posicionamentos inspirados no marxismo revolucionario. Unha das máis temperás foi *Nueva España* (Madrid, 1930), que codirixiron Antonio Espina, Adolfo Salazar e José Díaz Fernández. Entre os colaboradores, Julián Zugazagoitia, Juan Gil-Albert, Rodolfo Llopis e María Zambrano. Tamén aquí colabora o galego Ramón María Tenreiro.

Novamente Rafael Alberti e María Teresa León aparecen como fundadores dunha revista literaria. É neste caso, *Octubre* (Madrid, 1933-1934), voceira dos escritores antifascistas e revolucionarios, de vocación radicalmente popular, que espallou a literatura popular e proletaria. Conta entre os seus colaboradores a Luis Cernuda, Emilio Prados, Serrano Plaja, César Arconada e Antonio Machado.

Voceira do ideario socialista foi *Leviatán* (Madrid, 1934-1936), revista "de hechos e ideas", mensual, de formato libro, dirixida por Luis Araquistain. Colaboraron nas súas páxinas escritores e políticos significados como Juan Negrín, Álvarez del Vayo, Jean Cassou, Ramón J. Sender, César Arconada, etc.

Os intelectuais republicanos coincidiron en *Diablo Mundo* (Madrid, 1934), dirixida polo xornalista e novelista Corpus Barga. O cubano Lino Novás Calvo e o galego Felipe F. Armesto figuran nas súas páxinas a carón de Rafael Alberti, Antonio Espina, Guillermo de Torre, César Arconada, etc. O ilustrador foi Benjamín Palencia.

A esquerda política, radical ás veces, manifestouse en *Nueva Cultura* (Valencia, 1935-1937), dirixida por José Renán. Polemizou con *Cruz y Raya* e coa *Revista de Occidente.*

Colaboraron nela Juan Gil-Albert, Ramón J. Sender, Luis Cernuda, Rafael Alberti, Max Aub e Octavio Paz entre outros. E tamén unha prestixiosa nómina de colaboradores tivo *El Tiempo Presente* (1935), publicación "literaria, artística científica y polémica", de aberto compromiso coa esquerda política. Polas súas páxinas vemos a Vicente Aleixandre, Guillermo de Torre, Alejandro Casona, Luis Buñuel, García Lorca, Rosa Chacel, Rafael Alberti, Pablo Neruda, etc. E tamén menos dun ano durou *Tensor* (1935), que levaba Ramón J. Sender. Publicación "de información literaria e orientación", contou practicamente cos mesmos colaboradores que *El Tiempo Presente*.

Absolutamente efémera foi *El Buque Rojo*, que se facía en Valencia e non pasou do primeiro número. Era un "Boletín de la Alianza de intelectuales antifascistas para la defensa de la cultura". No seu consello de redacción figuraron os galegos Arturo Souto e Rafael Dieste. Así mesmo, como "Hoja de la Alianza de intelectuales antifascistas", *El Mono Azul* (1936-1939) percorreu os anos da guerra civil. Promovida por Rafael Alberti, coincidiron nela numerosos intelectuais republicanos, entre eles Luis Cernuda, Antonio Machado, Ramón J. Sender, Vicente Aleixandre, Miguel Hernández e os hispanoamericanos César Vallejo, Pablo Neruda e Octavio Paz.

HORA
DE
ESPAÑA
REVISTA MENSUAL
I
SUMARIO:
ENSAYOS DE ANTONIO MACHADO, ROSA CHACEL Y JOSÉ BERGAMÍN. POEMAS DE J. MORENO VILLA Y J. GIL-ALBERT. NOTAS DE A. SÁNCHEZ BARBUDO, J. LÓPEZ-REY, R. GAYA, M. ALTOLAGUIRRE Y B. CLARIANA. TEATRO DE R. DIESTE.
Viñetas de Ramón Gaya. Valencia, Enero, 1937.

Prestixiosa nos anos da guerra foi *Hora de España* (1937-1938) na que, con independencia e liberdade, converxeron tamén escritores en defensa da causa republicana. Foi unha revista mensual de ensaios e crítica "Al servicio de la causa popular". No seu consello de dirección estiveron León Felipe, Antonio Machado, Rafael Alberti e Dámaso Alonso. Colaboraron nas súas páxinas os galegos Lorenzo Varela e Rafael Dieste e, ó seu carón, María Zambrano, Manuel Altolaguirre, Sánchez Barbudo, Rosa Chacel, Miguel Hernández, Juan Gil-Albert, e outros. En fin, o xa citado Arturo Souto ilustrou as páxinas de *Madrid. Cuadernos de la Casa de la Cultura* (1937-1938), que tirou tres números. Dirixida por Enrique Díez-Canedo, mantívose esta publicación na liña de *Hora de España*. Antonio Machado, José Bergamín, Navarro Tomás e Manuel Azaña contáronse entre os seus colaboradores.

Presencia de escritores galegos

Un epílogo a este apartado podería rexistrar a participación de escritores, artistas ou intelectuais galegos nas revistas ás que fixemos referencia. Pois ben, nese ámbito a figura máis activa é sen dúbida Rafael Dieste. Colaborador de revistas e xornais galegos (*Galicia Nueva, Charamuscas, Faro de Vigo, Cuentos Nuevos, Galicia* ou *El Pueblo Gallego*) nos seus anos de xuventude, Dieste comeza a súa participación na prensa cultural da República en 1930, na revista *Nueva España* (Madrid, 1930-1931), na que asinará un manifesto contra Euxenio Montes, que asumira o papel de representante da mocidade galega. Ó seguinte ano, 1931, atopámolo asinando un novo manifesto —a carón do pintor Arturo Souto e Moreno Villa entre outros— en *La Tierra*. A continuación, en *La Hoja Literaria* de Madrid, en 1933, adianta catro poemas do seu libro *Rojo farol amante*, que aparece nese mesmo ano.

Máis relevo tivo a súa contribución a *P.A.N.*[105] (siglas de *Poetas Andantes e Navegantes*), revista "epistolar y de ensayos" que nacera en Madrid en 1935 dirixida por Xosé Otero Espasandín e auspiciada por Eduardo Dieste.

Xa nos anos da guerra, colabora cun poema na revista *El Buque Rojo*. Publica tamén outras achegas en *El Mono Azul* (que dirixía Rafael Alberti) e no boletín militar *El Combatiente del Este*. En 1937 chámao Castelao para que se faga cargo, en Barcelona, da dirección de *Nova Galiza*. Pero sobre todo temos que salientar o seu traballo de fundador de *Hora de España*[106] (Valencia, 1937), sen dúbida a publicación literaria de maior entidade cultural das publicadas durante a guerra. Figurou Dieste no Consello de Administración da mesma, a carón de Sánchez Barbudo, Manuel Altolaguirre, Ramón Gaya e Juan Gil-Albert.

Importante foi tamén nas revistas daqueles anos a contribución da artista de Viveiro, Maruja Mallo, que, "con su impecable pintura de vanguardia, representaba la irrupción de la mujer española en la vida libérrima del quehacer artístico"[107]. A artista galega marcou un fito cando en 1928 —aínda non tiña vinte anos— expuxo dez óleos e trinta estampas no salón da Revista de Occidente, sendo a única artista que chegou a expoñer naquel local. En adiante ilustrou as páxinas das máis importantes revistas e xornais: *Revista de Occidente, Alfar, El Sol, La Vanguardia, Blanco y Negro, La Gaceta Literaria, Gaceta de Arte, El Tiempo, Litoral, Hélix, Silbo, Ddooss, Noreste, Hoja Literaria*, etc.

Maruja Mallo, por J. M. Gómez

Xa ós dezaoito anos Álvaro Cunqueiro publicaba en *Vallibria* (Mondoñedo, 1930) os seus primeiros poemas galegos e diversos artigos. Asiduo colaborador de *El Pueblo Gallego* xa na década 1930-1940 e de *Galiza* (1930-1933), que el mesmo dirixía, Cunqueiro, promotor doutras persoais aventuras editoriais dende a súa Oficina do Leste Galego, estivo presente en publicacións de fóra de Galicia. Así, durante os anos da República escribe un artigo para *El Sol* de Madrid (27-VI-1936) e aparecen dous poemas da súa autoría nos números 3 e 4 da barcelonesa *Quaderns Crema* (1935). Durante a guerra civil e os primeiros intres da posguerra témolo en *La Voz de España* (San Sebastián), *Vértice* (dirixida por Manuel Halcón), *ABC* (onde publica o seu primeiro artigo o 1-IV-1939), *Santo y Seña* (na que tivo responsabilidades de dirección), *Misión* (que dirixía Manuel Cerezales), *Escorial* (que fundaron en 1940 Dionisio Ridruejo e Pedro Laín Entralgo) e, posteriormente, *Fantasía* (1945).

Euxenio F. Granell (Coruña, 1912), poeta, narrador, músico, pintor e ilustrador, gran figura do surrealismo, colaborou con asiduidade en xornais e revistas de Madrid e Valencia durante os anos da guerra civil. Militante do P.O.U.M., revolucionario e admirador de Trotsky, combateu na guerra como comisario dunha brigada

[105] Vx. Arturo Casas, "Os irmáns Dieste e o grupo *P.A.N.*", *Boletín Galego de Literatura*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, nº 6, novembro 1991, pp. 83-94.

[106] Claudio Rodríguez Fer, "As revistas de Rafael Dieste", en *Rafael Dieste. (Día das Letras Galegas, 1995)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 117. Sobre a contribución de Rafael Dieste a *Hora de España*, vx. Francisco Caudet, "Rafael Dieste, mentor de *Hora de España*", *Anthropos*. Documentos A. 1 Rafael Dieste, Barcelona, 1990, pp. 139-144.

[107] Rafael Osuna, *Las revistas del 27*, Madrid: Ed. Pre-Textos, 1993, p. 114.

anarquista. Despois de permanecer en varios campos de concentración franceses, marchou ó exilio, á República Dominicana, en 1940. A partir desta data revelaríase como gran figura da arte pictórica.

Como articulista manifestouse primeiramente en *Nueva España* (Madrid, 1930), a carón dos galegos Carlos Maside, Castelao, Fernández Mazas, Xesús Bal y Gay e Otero Espasandín. En *Leviatán* (Madrid, 1934), publicación socialista, fixo crítica de libros. Contertulio do Café La Granja e amigo de Rafael Dieste, Carlos Muñoz, Fernández Mazas, Fernández Sendón e Carlos Gurméndez, colaborou en *P.A.N.* (Madrid, 1935) con artigos de crítica musical. Pouca foi a súa presencia en *Hora de España* (Valencia, 1936) con notas sobre a marcha da guerra. Por fin, funda e dirixe *El Combatiente Rojo* (Madrid, 1936), onde Fernández Mazas levaba a parte da ilustración. Tamén figura nas páxinas de *La Batalla* ou *La Nueva Era*, órganos de expresión do P.O.U.M.

Todos os restantes casos que puideramos citar son xa de moitísima menor entidade. Así, Eduardo Blanco Amor traballou como redactor xefe en *Ciudad* (Madrid, 1934), "Revista de Madrid para toda España" na que publicou os seus "Contos de la ciudad". Colabora tamén en *La Vanguardia* (Barcelona) e *La Nación* (Bos Aires).

A Xosé Otero Espasandín atopámolo en *P.A.N.* e en *Nueva España*. Euxenio Montes, que publicara nas páxinas de *Nós* ensaios e poemas, durante os anos da República colaborou na prensa española en xornais como *El Sol, La Época, El Debate* e *ABC* (nestes dous, como correspondente dende París, Londres, Berlín e Roma), así como na revista *Acción Española*. Nos anos vinte tratou á meirande parte dos poetas do 27 español (Lorca, Alberti, Gerardo Diego) e vencellouse á Residencia de Estudiantes. Ó ámbito das relacións persoais pertence o coñecemento e trato en Madrid mantidos por Carlos Martínez Barbeito con Cernuda, Aleixandre, Altolaguirre, Dámaso Alonso ou Gerardo Diego. En Galicia coñeceu e tratou a García Lorca e deixou testemuño das súas estancias na nosa terra. Foi precismanente García Lorca quen o levou ás páxinas da revista *Héroe*. Colaborou tamén en *La Gaceta Literaria*. Pero a obra escrita de Martínez Barbeito desenvolverase fundamentalmente con posterioridade á guerra civil.

En *Nueva España*, xa mencionada colaboran Ramón María Tenreiro, Xulio Sigüenza e Xesús Bal y Gay. Pola súa banda Felipe F. Armesto faino nas páxinas de *Diablo Mundo* e *Nueva España*, e José Ramón Santeiro colabora en *Ddooss*, *Hoja Literaria*, *Brújula*, *Boletín Último* e *Literarura*. Amigo de Rafael Dieste, Lorenzo Varela contribúe a *P.A.N.*, *El Mono Azul* e *Hora de España*. En *P.A.N.* temos tamén a Eduardo Dieste e Cándido Fernández Mazas.

Polo que se refire ós ilustradores, ademais da xa citada Maruja Mallo, temos a Carlos Maside en *Ciudad* e a Arturo Souto en *El Buque Rojo*, *Hoja Literaria* e *Madrid. Cuadernos de la Casa de la Cultura*. A importante presencia de Castelao será tratada máis adiante.

C) Portuguesas

A década 1930-1940 está marcada en Portugal, no que ás revistas literarias se refire, polo predomino dunha delas, *Presença*, autodefinida como "Folha de arte e crítica", que apareceu en Coimbra en 1927 baixo a dirección de José Régio, Branquinho

da Fonseca e Gaspar Simões. *Presença*, na que conflúen creación literaria, teoría e crítica, tivo dúas ben distintas etapas: 1927-1938, cun total de cincuenta e tres números, e 1939-1940, con só dous. Divulgou e ata rehabilitou o Modernismo portugués, impulsado pola mítica *Orpheu*, e acolleu a varios dos seus colaboradores. *Presença*, así bautizada por Edmundo Bettencourt, quería ser e amosar plenitude, manifestación, existencia, afirmación da modernidade literaria.

A súa estética foi sempre coidada e novidosa. Defendeu a liberdade creativa do escritor e a autonomía da arte nunha especie de síntese de eclecticismo e esteticismo. O seu afastamento dun contexto histórico no que ecoaba a guerra civil española e no que trala dictadura militar imposta en 1926 xurdía o Estado Novo (1933), que vería chegar á presidencia do país en 1936 a Oliveira Salazar, foi circunstancia que motivou que algúns dos colaboradores máis mozos verteran non poucas críticas sobre a actitude da revista, defensora do cosmopolitismo literario e contraria ó nacionalismo. Os presencistas xurdiron xeracionalmente baixo a pegada da literatura francesa e particularmente da célebre *Nouvelle Revue Française*. Sigmund Freud e Henri Bergson foron admirados e estudiados como representantes do pensamento irracionalista e pola súa procura das forzas do subconsciente e a valoración da intuición. Outros modelos xeracionais que a revista divulgou foron James Joyce, Marcel Proust, Luigi Pirandello, André Gide, Henrik Ibsen e Fedor Dostoievski. Futurismo, cubismo, dadaísmo e ultrarrealismo, a carón do expresionismo, converxen en *Presença*.

Da innumerable serie de colaboradores anotaremos a Adolfo Casais Monteiro, António Botto, Fernando Namora, Mário Dionísio, Francisco Bugalho, António Navarro, Fernando Pessoa, Miguel Torga, Mário de Sá-Carneiro, Almada Negreiros, Vitorino Nemésio, Alberto de Serpa, Edmundo Bettencourt, Saul Dias, Raul Leal e Carlos Queiroz.

Na mesma órbita do Modernismo, pero con significación moito máis restrinxida situamos outras revistas. *Momento* (Lisboa, 1932-1935), "quinzenário literario e artístico" dirixido por Fernando Leiro e Francisco Leão. Modernistas en xeral e presencistas en particular contribúen ás súas páxinas, que reafirman a *Orpheu* (1915) e *Presença*. Unha vez máis temos a Fernando Pessoa, António Botto, Casais Monteiro, Branquinho da Fonseca, José Régio, Edmundo de Bettencourt ou Miguel Torga conformando o principal núcleo de sinaturas. Modernista foi tamén *Sudoeste* (Lisboa, 1935), subtitulada "Cadernos de Almada Negreiros". Eis outravolta unha prolongación de *Orpheu* que, ademais, tenta alcanzar unha perspectiva europeísta e unha apertura cultural sen fronteiras. Almada Negreiros e Pessoa son os seus máximos expoñentes.

Outras publicacións careceron dunha liña tan definida e adoptaron un criterio máis plural; non rexeitaron a tradición nin esqueceron as contribucións do simbolismo ou mesmo da lírica popular. Tal foi o caso de *Descobrimento* (Lisboa, 1931-1932), "Revista de cultura" que dirixiu João de Castro Osório. Nela apareceron escolmas de poesía brasileira, galega e portuguesa modernista. Tentou esta publicación dar pulo a un novo humanismo sustentado na fidelidade ó mundo clásico, pero con frecuencia moveuse entre o Modernismo e o nacionalismo. António Patrício, Camilo Pessanha, Ribeiro Couto ou Manuel Bandeira figuraron entre os seus colaboradores.

De *Portucale* (Porto, 1928), que perviviu máis alá de 1950 na súa terceira e derradeira época, tiveron noticia os galegos gracias ás páxinas de *Nós*, que ían dando conta da saída dos seus números. Tratábase dunha "Revista ilustrada de cultura literária,

científica e artística". Ollou *Portucale* cara ó pasado e Augusto Martíns, Cláudio Basto e Pedro Vitorino compartiron a súa dirección. Entre os colaboradores faremos mención de A. Correia de Oliveira, Aquilino Ribeiro, Raul Brandão, José Régio e António Botto. Anotemos como compañeiras das xa mencionadas neste apartado, *Coimbra* (Coimbra, 1933), "Jornal de estudantes da Universidade", e *Prisma* (Porto, 1936) "Revista trimestral de filosofia, ciência e arte", que non deixaron de atender, sequera parcialmente, á creación literaria.

Na corrente contraria ó cosmopolitismo, europeísmo ou universalismo temos que situar revistas de exaltación do nacionalismo. Foi *Mensagem* (Lisboa, 1938) a de meirande interese. Dirixida por Telmo Felgueiras, estivo inspirada nun dobre eixe: nacionalismo e catolicismo. Publicou inéditos de Fernando Pessoa e reproduciu páxinas do seu *Livro do desassossego*. Ruy Cinatti foi o seu máis notable colaborador. Compañeiras de *Mensagem* foron outras nacionalistas como *Bandarra* (Lisboa, 1935), *Integralismo lusitano* (Lisboa, 1932), *Ocidente* (Lisboa, 1931) e *Pátria* (Gaia, 1931). As dúas últimas subtituláronse, significativamente, "Revista portuguesa".

Pero a concepción purista e atemporalista da arte e a defensa das funcións estética e confesional da mesma atoparon na década 1930-1940 unha radical oposición no Neo-realismo, que tivo unha primeira carta de presentación, unha canle preparatoria en certas revistas da década. O movemento Neo-realista entrará con forza nas letras portuguesas a partir de 1940 e a través dunha dobre vía: a colección poética "Novo Cancioneiro" e a novela *Gaibéus* (1940), de Alves Redol.

Convivindo, pois, con *Presença*, atopamos unha morea de revistas que propagan o Neo-realismo. Entre elas salientamos *Pensamento* (Porto, 1930), da responsabilidade de Branquinho da Fonseca e Adolfo Rocha, que no seu único número atacou ó presencismo. *O Diabo* (Lisboa, 1934), "Semanário de crítica literaria e artística", da dirección de Artur Inez e João Antunes de Carvalho nos seus primeiros momentos, destacou polo seu intento de crear un estado de opinión a prol do Neo-realismo. Ferreira de Castro, Branquinho da Fonseca, Mário Ramos, Alfonso Duarte e José Gomes Ferreira contribuíron a ese labor.

Interesante, malia súa efémera andaina, foi *Manifesto* (Coimbra, 1936), "Revista Mensual" da dirección compartida de Miguel Torga e Albano Nogueira. Tirou *Manifesto* cinco números entre 1936 e 1938 e quixo fundamentar neles un humanismo literario. Miguel Torga anticipou nesta revista unha parte dos seus "Poemas Ibéricos". Unha verdadeira aposta pola xuventude como clave anovadora aparece nas páxinas de *Cadernos da Juventude* (Coimbra, 1937), da dirección de Mário Dionísio e Manuel da Fonseca, pero sen colaboradores verdadeiramente significativos.

Sol Nascente (Porto, 1937), "Quinzenário de ciência, arte e crítica", que dirixiu un grupo encabezado por Carlos F. Barroso, adoptou unha actitude didáctica e propagandística nas súas mostras de crítica e creación literaria. Nelas advertimos habitualmente un ton épico, un frecuente tratamento de temas sociais e un propósito de influír tanxiblemente na conciencia cívica. Con *Sol Nascente*, unha cabeceira que anuncia optimismo e vitalismo, estamos diante dun fundamental "órgão aglutinador da geração neo-realista" que, ademais, asume o materialismo dialéctico. Entre os seus colaboradores damos conta de José Régio, Mário Dionísio, J. J. Cochofel, Alberto de Serpa e Manuel da Fonseca. *Altitude* (Coimbra, 1939), "Boletim de literatura e arte" dirixido

por Fernando Namora, Coriolano Ferreira e Joaquim Namorado entre outros, divulgou un lirismo telúrico de signo antirromántico e antiidealista.

Pero unha revista verdadeiramente representativa como marco de recepción do pulo do Neo-realismo xorde coa publicación da *Revista de Portugal* (Coimbra, 1937), dirixida por Vitorino Nemésio. As súas páxinas foron exclusivamente artístico-literarias e agruparon varias xeracións de escritores e diferentes tendencias (saudosismo, tradicionalismo, modernismo, neo-realismo). Publicou a *Revista de Portugal* poesía, crítica e teatro sobre todo e presentou numerosos textos inéditos. Quixo ser un punto de encontro de escritores en activo e espallou as literaturas francesa, inglesa e brasileira. Contou entre os seus colaboradores con Mário de Sá-Carneiro, Miguel Torga, António Botto, Alfonso Duarte, Carlos Queiroz, Fernando Pessoa e Fernando Namora.

Fóra xa do Neo-realismo están as revistas ligadas ó movemento da "Filosofia portuguesa", que en 1943 ía definir Álvaro Ribeiro no seu ensaio *O problema da Filosofía Portuguesa* no que salientaba a orixinalidade do pensamento luso. Voceira deste movemento foi *Princípio,* que en 1930 se anunciaba como "Publicação de cultura e política" baixo a dirección de Álvaro Ribeiro, Casais Monteiro e Maia Pinto. De carácter europeísta e democrático, *Princípio* exaltou a figura de Teixeira de Pascoais e contou coa colaboración de Delfim Santos, Álvaro Ribeiro, José Régio, Casais Monteiro, Gaspar Simões, José Marinho ou Agostinho de Campos.

Finalmente, a poesía dimensional, cultivada por António Pedro —colaborador de *Presença* e membro do grupo de surrealistas de Lisboa— tivo o seu mellor órgano de expresión en *Fradique* (Lisboa, 1934), "Semanário literário" que dirixía Tomaz Ribeiro Colaço e no que o citado António Pedro era principal colaborador. O seu lirismo é lúdico e experimentalista, cheo de novidades gráficas e rupturas fónicas, como manifestacións dun anceio de xogo verbal que en boa medida anda preto do surrealismo.

A recepción e grao de coñecemento en Galicia destas revistas, sempre asunto de escolleitas minorías, non debeu ser moi intenso. Realmente, a única publicación galega que de forma un tanto sistemática deu conta da súa aparición foi a ourensá *Nós.* Nos números pertencentes ó período 1930-1936 atopamos notas de recepción de *Portucale* (Porto), *Revista de Guimarães* (Guimarães), *Brotéria* (Lisboa), *Biblos* (Coimbra), *Seara Nova* (Lisboa), *Descobrimento* (Lisboa), *A Águia* (Porto), *O Instituto* (Coimbra), *Pensamento* (Lisboa), *Princípio* (Porto), *Boletim de Filologia* (Lisboa), *Revista da Facultade de Letras da Universidade do Porto* (Porto), *O Soneto Neolatino*[108]e algunha máis, sempre na sección "Os homes, os feitos, as verbas".

Escritores portugueses en *Nós* e *A Nosa Terra*

Outra cousa é a presencia de escritores portugueses nas revistas galegas da década 1930-1940 (nas que apareceron naqueles anos ou ben naquelas que, aparecidas con anterioridade, circularon ata 1936). Neste capítulo de interrelacións literarias galego-portuguesas rexistramos o nº 7 de *Resol* (abril de 1933), monográfico dedicado ós poetas

[108] Vx. Xesús Alonso Montero, "O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famalicão, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas", *Anuario de Estudios Literarios Galegos,* Vigo: Editorial Galaxia, 1995, pp. 11-37.

de Portugal (Camões, Antero de Quental, Gil Vicente, Guerra Junqueiro, Ribeiro Couto, Teixeira de Pascoais, etc.). Moito menos xenerosa foi *Cristal* que só inclúe, na totalidade dos seus dez números, un poema de Guerra Junqueiro, "Elegia" (nº 6, decembro de 1932). E, doutra parte, nada atopamos en revistas ou publicacións como *Papel de Color*, *Yunque*, *Galiza* ou *Universitarios*.

Houbo en *Nós* numerosas recensións (asinadas con frecuencia por Vicente Risco) de libros portugueses de moi diversa temática. Pero ademais, *Nós* abriuse a autores daquel país[109] que colaboraron nas súas páxinas: Guilherme de Almeida, Hernani Cidade, Adolfo Faria de Castro, Teixeira de Pascoais, A. Paço D'Arcos, R. de Serpa Pinto ou Mário Cardoso. Entre os escritores que viron recensionados os seus traballos (estudios, crítica, creación literaria) figuran Claudio Basto, Raul Brandão, Branquinho da Fonseca, F. Castro Pires de Lima, Leonardo Coimbra, Antonio Correia D'Oliveira, Luis Chaves, Tomás da Fonseca, Serafim Leite, Armando de Mattos, Luis Oliveira Guimarães, António Pereira Cardoso, Pina de Morais, M. Rodrigues Lapa, António Sardinha, R. de Serpa Pinto, María da Teixeira de Pascoais, Alberto Vieira Braga, Pedro Vitorino ou Abel Viana.

Unha segunda canle de recepción de escritores do país veciño foi *A Nosa Terra*, que xa no seu subtítulo afirma a atención ós galegos "das colonias d'América e Portugal". Neste senso o autor mellor representado é Eça de Queiroz, do que temos entre os números 65 e 136 un total de doce colaboracións, moitas delas narracións breves. Anotamos tamén achegas de Teixeira de Pascoais: "Canção duma sombra" (nº 143, 1-VII-1921), "Portugal e Galicia" (nº 150, 31-X-1921) e "O bailado" (nº 166, 1-VII-1922). De Guerra Junqueiro son as composicións poéticas "A escola cárce" (nº 66, 10-IX-1918), "Quando eu morrer..." (nº 193, 1-X-1923) e "O melro" (nº 301, 16-VII-1933). Julio Dantas publica un estudio, "A lírica galega" (nº 248, 1-V-1928), e contamos outras colaboracións de Novais Teixeira, A. Côrrea d'Oliveira, Jaime Cortesão, Carlos Soto de Oliveira, J. Leite de Vasconcelos, Carlos Sombrio, etc.

D) Hispanoamericanas

1. Galegas

A prensa da emigración e do exilio

A etapa inicial da emigración española a Hispanoamérica, que vai aproximadamente ata os anos oitenta do século XIX, foi extraordinariamente fecunda na creación de revistas e xornais. Trátase dunha prensa que "brota caudalosa"[110], sendo importante a presencia española na de carácter obreiro. Nestes anos nace, ademais, unha prensa específica de cada rexión española emigrante, destacándose a galega, a máis rica de todas, que terá especial incidencia en Arxentina e Cuba. Así, xa en 1872 aparecera en Cuba *La Gaita Gallega*, semanario que dá inicio a unha importante serie de publicacións galegas no alén mar.

[109] Non deixa de ser significativo o feito de que o primeiro poema que publica *Nós* (nº 1, 30-X-1920, p. 3) sexa "Fala do sol", de Teixeira de Pascoais, dedicado polo lírico portugués "Aos jovens poetas galegos".

[110] Vx. "La prensa de las minorías españolas en Iberoamérica" en Jesús Timoteo Álvarez e Ascensión Martínez Riaza, *Historia de la prensa en Iberoamérica*, Madrid: Editorial Mapfre, 1992, pp. 508-516.

De feito, poucos países poden ofrecer un balance parecido ó de Galicia á hora de facer a nómina de publicacións dedicadas ás súas colectividades. Como exemplo desta afirmación pódese lembrar que en 1910 apareceron na Habana nada menos que catro xornais galegos (*Acción Gallega, Alma Gallega, Ard'o Eixo* e *Cultura Gallega*), e xa tiñan aparecido tres en 1908 e outros tantos en 1909. E, na mesma liña, sinalemos que, tamén en Cuba, apareceron incluso xornais para naturais de determinadas bisbarras galegas (*Vivero en Cuba* ou *Ferrol y su Comarca*).

A causa principal desta superioridade editorial galega respecto doutros países ou nacionalidades é a importancia que tivo a súa emigración cara a América, pero tamén o profundo sentimento do ser galego, de pertencer a unha cultura e a unha identidade propias.

Esta prensa galega, aparecida arredor de 1880, terá o seu esplendor nos anos dez e vinte ou xa na década seguinte, que é a que nos interesa nestes momentos. Así, a partir de 1930 hai, segundo Carlos Sixirei[111], dous feitos fundamentais que afectan á emigración a Hispanoamérica. En primeiro termo, os emigrantes xa están asentados definitivamente e, ó mesmo tempo, intégranse e forman grupos de forte poder económico. En segundo lugar, a depresión mundial de 1920-1930 tivo un efecto máis duradeiro e violento nestes países, polo que a política dos seus gobernos xira de posicións poboacionistas cosmopolitas a outras restrictivas e nacionalistas e, así, optan por unha inmigración selectiva.

A raíz da guerra civil —feito que se vive con desigual intensidade en América: mentres na Habana existía un maior distanciamento respecto dos sucesos da península, Bos Aires vive este momento pendente do acontecer político— a prensa faise partidaria dun dos dous bandos en litixio: os dous principais semanarios galegos de Bos Aires —*Galicia* (1930) e *Galicia Libre* (1933)— serán favorables á República, en tanto que *Correo de Galicia* (1898) se inclina polo bando sublevado.

O desenlace da guerra terá tamén importantes repercusións para o xornalismo galego na emigración. Dende Galicia chegarán a case todos os países do novo continente un gran número de escritores, políticos e profesores que, nos anos seguintes, van crear unha serie de interesantes publicacións así como actividades culturais e políticas de trascendencia. Este proceso será especialmente intenso na década dos corenta e primeiros anos da década dos cincuenta. Así, a partir de 1939, e tal como sinala Alonso Montero, "A nómina de revistas, boletíns, coleccións poéticas, editoriales, libros, certames, actos, conmemoracións, etc., constitúe (digámolo sin hipérboles) un capítulo apaixonante" e, neste sentido, continúa: "Un grupo de homes, máis ou menos arroupados polas vellas institucións de emigrantes, máis ou menos aguilloados por elas, protagonizan unha engaiolante xesta cultural: salvan a dimensión culta i escrita dun idioma"[112].

Andando o tempo e xa a partir de 1960, este fenómeno vai esmorecendo e deixa de ter a importancia que tivera na primeira metade deste século, debido, entre outras razóns, á integración dos descendentes dos emigrantes nos respectivos países, ó pro-

[111] Carlos Sixirei Paredes, *Galeguidade e cultura no exterior*, Xunta de Galicia, col. A Nosa Diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, pp. 141-162.

[112] Xesús Alonso Montero, *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1981, p. 306.

pio descenso da emigración e mesmo á revolución cubana ou á liberdade de expresión en España, que deixa sen sentido moitos dos xornais de carácter político.

Unha idea da importancia que estas publicacións chegaron a alcanzar pode concluírse a partir da realización das exposicións da prensa galega que tiveron lugar en Arxentina[113](do 22 de xullo ó 5 de agosto de 1960) e Cuba[114] (do 13 ó 28 agosto de 1973).

Por último, cómpre dedicar certa atención a algunhas cuestións de interese: os modelos da prensa galega da emigración, o papel que desempeñaron este tipo de publicacións, os seus temas fundamentais e o emprego da lingua.

Catro son ós modelos da devandita prensa que distingue Carlos Zubillaga Barrera[115]:

1. Xornalismo finisecular que perdurará ata a I Guerra Mundial e que se caracteriza pola presencia de seccións fixas, a preeminencia do escrito sobre a imaxe, a reproducción de artigos doutras publicacións ou de "colaboradores involuntarios"[116] e a venda case exclusiva por subscrición.
2. Xornais e revistas que son órganos dunha colectividade, como é o caso de *Raza Celta* ou *O Irmandiño*: publicacións maioritariamente bilingües, de periodicidade máis ben irregular, nas que existe unha reiteración dos tópicos folclóricos e unha maior atención á imaxe. Chama tamén a atención nestas publicacións a forte presencia de colaboradores non profesionais, tanto no deseño como na súa elaboración.
3. Publicacións voceiras dunha asociación, que se centran na vida e actividades da mesma e promocionan ós seus directivos. Como as anteriores, son publicacións irregulares e cunha tópica recorrencia á poesía de Rosalía, Curros e Pondal.
4. Xornalismo entendido como empresa rendible —como é o caso de *Galicia*—, que se move dentro dunha indefinición ideolóxica, que está totalmente desvinculado da prensa local e no que os contidos se centran na gabanza do emigrante e en dar ampla cobertura ás noticias de Galicia (a meirande parte de carácter irrelevante).

Por outra banda, cabe sinalar o fundamental papel desempeñado por estas publicacións, papel que se debe pór en relación coas distintas finalidades que procuraban. Así, existen as revistas que pretenden a afirmación da identidade cultural galega mediante a conmemoración dos días da patria (día da victoria sobre os ingleses ou os franceses e datas similares) e a solidariedade coa terra (sufraxio de escolas, axudas ós necesitados de Galicia, etc.) e que teñen, polo tanto, un valor eminentemente testemuñal.

Así mesmo, a práctica totalidade das revistas tiñan un servicio de asistencia ós emigrantes, que funcionaba tanto reunindo familias (busca de inmigrantes asentados no país cos que se perdera contacto dende Galicia) como axudando na pro-

---

[113] Esta primeira exposicións do periodismo galego na Arxentina tivo lugar no Centro Lucense de Bos Aires e foi organizada pola entidade libreiro-editorial Follas Novas.

[114] Exposición organizada pola sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba.

[115] Vx. Carlos Zubillaga Barrera, *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Santiago de Compostela: Consello da Culura Galega, 1996, pp. 29-39.

[116] Os colaboradores no exterior non sempre prestaban o seu consentimento para a publicación dos seus textos ou, o que é o mesmo, as máis das veces descoñecían a inclusión dos mesmos nestas publicacións.

cura de traballo (de feito eran frecuentes as bolsas de traballo e os avisadores comerciais e profesionais).

Neste mesma liña continúan as publicacións que pretenden unha organización dos emigrantes, organización que se consegue a través da internacionalización do xornalismo galego de alén mar (como é o caso dos vínculos de natureza ideolóxica e de estilo periodístico e mesmo de convocatoria existentes entre *O Irmandiño* de Montevideo e *A Fouce* e *Opinión Galeguista* de Bos Aires) e que leva a que a prensa sexa un instrumento eficaz de mobilización dos galegos. Outra vía de organización dos emigrantes era mediante a constitución, respaldo e promoción de asociacións.

Existen tamén publicacións que se erixen en defensoras dos dereitos humanos dos emigrantes á vez que denuncian os ataques recibidos por estes (de feito, non son estraños os sentimentos xenófobos nestes países). É esta unha función protectora ante a convulsa situación existente en Sudamérica, debida, na meirande parte dos casos, ás tensións políticas.

Outro dos papeis fundamentais desta prensa é a promoción das posibilidades económicas de Galicia. Neste sentido exportan gran cantidade de productos galegos ó país destinatario da emigración e, xa alí, celebran numerosas exposicións de productos típicos á vez que crean un rexistro de fabricantes e exportadores galegos.

Cabe tamén sinalar o papel polemizador sobre temas políticos, sociais, económicos ou culturais, cun grande interese nas incidencias políticas de Galicia, as súas relacións con España, os males do caciquismo e mesmo a loita contra o minifundio.

En definitiva, cinco son as funcións principais deste tipo de publicacións: testemuñas e promotoras de Galicia, organizadoras e defensoras dos emigrantes e, por último, polemizadoras sobre a realidade existente.

Polo que respecta á temática da prensa galega da emigración, existen dous intereses principais: a galeguidade (onde ocupa un lugar destacado a polémica sobre a lingua) e a emigración.

Xa para rematar con este achegamento ás revistas do alén mar, pódese sinalar, no que se refire ó emprego do galego, que nun primeiro momento da emigración a lingua do grupo dirixente impúñase á maioría e esta imposición era aceptada en razón do propio sentimento e valoración negativos respecto da lingua nai[117]. E así, en castelán estaban os nomes das asociacións e o castelán era o vehículo de comunicación das mesmas tanto no ámbito privado como nos actos públicos[118]. Na mesma liña oriéntanse os xornais e revistas que van aparecendo, maioritariamente monolingües en castelán ou cunha presencia mínima ou anecdótica do galego. A situación vai mudando co paso do tempo, dando cada vez maior cabida á lingua galega; así, chégase a publicacións —certamente escasas— escritas integramente na nosa lingua como é o caso de *O irmandiño* (Montevideo, 1934) ou *Opinión Galeguista* (Bos Aires, 1934).

---

[117] Ricardo Palmás, *A emigración galega na Arxentina*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1978.

[118] A este respecto cabe lembrar como exemplo significativo que nos "Xogos Frorais" celebrados en Bos Aires en 1881 non existía a categoría de poesía galega.

Outros aspectos relevantes nos que non imos entrar agora son o ámbito xeográfico e a tirada das distintas publicacións (temas sobre os que a penas hai información) e a aparición de publicidade (modo de financiación fundamental destas revistas e boletíns).

Presencia galega nos distintos países

A prensa galega ten tres núcleos fundamentais en Hispanoamérica: Bos Aires, Montevideo e A Habana. Se se fixera unha clasificación por países[119] figuraría en primeiro lugar Arxentina (cun total de 111 publicacións), seguida de preto por Cuba (72) e, xa de lonxe, Uruguai (25). Por outra banda, mínima é a presencia dos galegos en Chile e a súa contribución á nomina de publicacións galegas da emigración.

a) Arxentina

Nalgúns momentos da nosa historia a capital arxentina foi o grande escenario onde a galeguidade se fixo máis patente que na propia terra; de feito, no período comprendido entre 1925 e 1940, os exiliados e emigrantes galegos impulsan unha gran cantidade de actividades políticas e culturais que converten Bos Aires na capital intelectual de Galicia. Resulta significativo neste sentido que Ramón Piñeiro, á volta da súa primeira estancia en Bos Aires, comentara que alá estaba a "memoria histórica do país"[120]. Neste sentido, foi na Arxentina onde se editaron máis publicacións galegas, labor que tivo continuidade ata os nosos días.

Na década de 1930-1940 á vez que continúa a súa andaina ata 1932 *Céltiga* (1924) —revista que, xunto con *Galicia Emigrante* (1954), foi unha das de maior importancia da emigración— xorden unha serie de publicacións de carácter diverso:

Miñor (1930). Publicación do Círculo Social Val Miñor de Bos Aires, asociación que agrupaba ós emigrados de Nigrán, Gondomar e Baiona.

Galicia (1930). Continuador de *El Despertar Gallego*, este xornal, de periodicidade semanal, que se publicaba como voceiro da Federación de Sociedades Galegas, tivo ó longo da súa historia distintas etapas nas que cambiou de director: Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Avelino Díaz e Arturo Cuadrado foron algúns dos seus responsables. A súa orientación era a defensa e a loita pola xustiza e pola emancipación do país galego. *Galicia* é un importante testemuño para o estudio dunha época determinada da emigración galega en Arxentina, pois deu a coñecer á práctica totalidade dos escritores galegos asentados na súa capital.

Arenteiro (1931). Publicación oficial da Sociedade Fillos do Partido de Carballiño de Bos Aires. O seu contido está centrado en Galicia e salienta a información de tipo literario. Entre os seus colaboradores figura Ramón Cabanillas.

---

[119] Vx. Xosé Luís Blanco Campaña, *Radio e prensa na Galicia exterior*, Xunta de Galicia, col. A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, pp. 16-17.

[120] Op. cit., p. 114.

Betanzos (1931). Publicación bimestral do Centro Cultural Betanzos e voceira da Colonia Brigantina que continúa editándose na actualidade baixo a dirección de Moisés Narganes. As actividades do centro cultural, así como notas de sociedade e información e fotografías sobre Betanzos, son os principais contidos da revista. Colaboraron nas súas páxinas José Novo, Julia Teijo, Augusto D'Aimar e Ramón Otero Pedrayo entre outros.

El Terruño (1931). Revista da Sociedade Unión Fillos de Mouriscados e os seus contornos de Bos Aires.

El Vilalbés (1932). Publicación de periodicidade mensual editada polo Centro Vilalbés de Bos Aires.

Lar (1934). Subtitulada "Revista mensual de la Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad. Hospital Galego" e de periodicidade variable, conta con algúns números extraordinarios de certo interese.

Opinión Galeguista (1934). Voceira da Organización Nacionalista Republicana de Bos Aires. Publicada integramente en galego, mostra nas súas páxinas talante liberal e postura progresista. Está presente na revista a tradicional solidariedade con cataláns e vascos e a admiración por Irlanda.

Alalá (1935). Publicación editada integramente en galego pola Coral "Os Rumorosos" de Bos Aires e dirixida por Manuel Prieto Marcos. Conta entre os seus colaboradores con Castelao, Emilio Pita e Antón Villar Ponte.

Galicia Libre (1937). Semanario de curta duración que defendía o réxime republicano.

Dice Negrín - El Control Naval Favorece a los Rebeldes y Bloquea a la España Republicana

GALICIA LIBRE

SEMANARIO POPULAR INFORMATIVO

Perfiles Ilustrados

LLOYD GEORGE

EN EL FRENTE SUD

Compostela (1938). Órgano da sociedade Unión de Residentes de Santiago de Compostela.

Agrupación Galicia (1938). Boletín informativo da Agrupación Galicia pro Centro Galego de Bos Aires, agrupación que tivo como presidentes entre outros a Xosé Afonso Reboreda e Xoán Manuel Pérez. Na actualidade, perviven tanto a agrupación (hoxe ó cargo de Héctor Canto) como a revista.

Unión Gallega (1938). O mesmo acontece con esta nova publicación, boletín da Unión Galega pro Centro Galego de Bos Aires, que contou con Alfredo Baltar e Xoán Barreiro, entre outros, como presidentes e que na actualidade está rexida por Alberto Adrio.

Existen ademais un grupo de revistas de difícil adscrición cronolóxica e das que se sabe con certeza da publicación dun ou varios números ó longo da década comentada. Entre estas figuran *Unión de Teo y Vedra,* voceira das Sociedades Agrarias de Teo e Vedra, da que se descoñece a data de aparición, se ben existe constancia da súa saída en 1930 e 1936; *A Terra,* revista do Centro Galego de

Avellaneda, da que se conservan varios números editados nos anos trinta; e *Quiroga,* que nos anos trinta publicaba a Unión Quiroguesa e os seus distritos e da que descoñecemos calquera dato.

B) CUBA

Foi nesta illa onde apareceu o primeiro xornal en galego, *La Gaita Gallega* (1872).

Á nómina de publicacións galegas existentes en Cuba engádenselle na década de 1930-1940 nove máis: *Fragancias* (1931), *La Voz del Alumno* (1935), *Cultura Gallega* (1936), *Rosalía* (1937), *La Voz Gallega* (1937), *Cénit* (1938), *Vida Gallega* (1938), *Alma Gallega* (1939) e *Loita* (1939).

Divídense estas revistas en diversos grupos de acordo ou ben co tema central das mesmas ou ben coa súa orientación ideolóxica, ou mesmo pola súa relación ou vinculación ós centros galegos ou asociacións similares. Así, temos publicacións de carácter docente como *La Voz del Alumno*; eminentemente femininas, como *Fragancias* ou *Cénit*; de orientación republicana, como *Cultura Gallega* e *Loita,* ou progresista como *La Voz Gallega* ou *Alma Gallega.* Dentro deste grupo débese destacar *Rosalía* e *Cultura Gallega,* de maior contido cultural.

Fragancias (1931). Revista da Asociación de Fillas de Galicia da Habana que só editou un número. O director foi Eduardo P. Marzoa. Integramente en castelán, contén traballos dirixidos á muller sobre moda, beleza, consellos para o fogar, puericultura, etc, xunto con poemas e narracións, unha sección de literatura infantil e noticias sobre a institución.

La Voz del Alumno (1935). Boletín en castelán dirixido por Francisco Taboada que tiña como lema "No atacamos personas; combatimos sistemas". A vida do Plantel Concepción Arenal do Centro Galego da Habana era o seu tema principal. As liñas xerais desta publicación serán continuadas por *El Secante* (1943).

Cultura Gallega (1936). Revista bilingüe de periodicidade mensual dirixida por Adolfo V. Calveiro. De ideoloxía republicana, co paso do tempo vaise volvendo reaccionaria ata tomar posicións franquistas. Desaparece en 1940, sendo substituída por *Cultura Hispánica.* Segundo apunta Xosé Neira Vilas[121] pódese afirmar que é a derradeira publicación galega importante de Cuba. Na nómina de colaboradores figuran entre outros, Eduardo Blanco Amor, Roberto Blanco Torres, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Manuel Leiras Pulpeiro, Ramón Otero Pedrayo, Emilia Pardo Bazán, Saco y Arce, Marcial Valladares, Ramón Mª del Valle Inclán, etc. Destaca o número especial con motivo do centenario de Rosalía, que deu lugar tamén a un concurso literario. Interesante resulta tamén a sección "Contos e paus" e a dedicada á vida e á obra de figuras de Galicia.

[121] Xosé Neira Vilas, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985, p. 43.

Rosalía (1937). Publicación mensual que comezou a editarse en Santiago de Cuba —coincidindo co centenario do nacemento de Rosalía de Castro— pola delegación do Centro Galego da Habana nesta cidade. Indícase na presentación inicial que a revista, ademais da especialización nos asuntos sociais, tratará temas científicos e literarios. Inclúe poemas de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Lisardo Barreiro. Salienta no conxunto da publicación o apartado "De otras latitudes", onde aparecen notas bio-bibliográficas sobre importantes autores tanto europeos como hispanoamericanos. En definitiva, unha revista atractiva polo seu coidado deseño e presentación que foi merecedora do Diploma de Mérito na Gran Exposición Internacional de Publicacións Periódicas celebrada en Matanzas no nadal de 1937.

La Voz Gallega (1937). Xornal quincenal, integramente en castelán, dirixido por Eduardo P. Marzoa, que servía como voceiro do partido Unión Progresista Galega, partido que posteriormente editará a revista *Alma Gallega* (1939). Principalmente atacaba a xestión dos directivos do Centro galego e criticaba á Asemblea de Apoderados.

Cénit (1938). Publicación continuadora de *Fragancias* e órgano da Sociedade Fillas de Galicia dirixida por José Álvarez Núñez. Mensual e ilustrada, esta revista estaba dedicada á muller e ó neno e, así, trataba de diversos temas de interese feminino tales como a cociña, corte e confección, saúde e hixiene, etc. A presencia do galego é meramente anecdótica: pequenos versos incluídos no interior dalgúns artigos. Sae con regularidade ata finais de 1960.

Vida Gallega (1938). Revista mensual bilingüe editada pola Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia na Habana, dirixida por Antonio do Campo y de la Fuente. A súa función principal era dar a coñecer a vida da asociación, pero tamén reproduce poemas de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou García Lorca e narracións de Lugrís Freire e Otero Pedrayo entre outros. Envían os seus traballos autores como Roberto Nóvoa Santos, Victoriano García Martí, R. Fernández Mato, Murguía, Valle Inclán, etc. Desaparece en xaneiro de 1954.

Alma Gallega (1939). Publicación continuadora de *La Voz Gallega*, órgano informativo do partido Unión Progresista Galega, dirixida por Luis Reynante Losada. De carácter mensual, ten como finalidade defender o prestixio e os dereitos dos galegos residentes en Cuba. Inclúe debuxos de Castelao e algúns versos en galego nos que se ridiculiza ós dirixentes do Centro Galego.

Loita (1939). Xornal mensual bilingüe que se constitúe en órgano da Irmandade Galega do Centro Galego da Habana. O seu director foi Xerardo Álvarez Gallego. Destinada a recoller o sentir dos grupos opositores á directiva, ocupábase principalmente da vida do Centro Galego, pero tamén incluía traballos de Basilio Álvarez, Roberto Blanco Torres, poemas de Francisco Añón, García Lorca, Blanco Amor, ou textos en prosa de Castelao, Otero Pedrayo, etc. Conta tamén con debuxos de Castelao, Maside e Bagaría. Destaca o número extraordinario dedicado ó Día de Galicia de 1940.

c) Uruguai[122]

A nómina de publicacións aparecidas en Uruguai —máis concretamente na capital, Montevideo— na década de 1930-1940 está constituída por *Galicia Nueva* (1931), *Raza Celta* (1934), *O Irmandiño* (1934), *Galaxia* (1936) e *Galicia* (1937). Unha breve referencia a cada unha das revistas citadas sería como segue:

Galicia Nueva (1931). Co subtítulo "Semanario popular da colectividade galega no Uruguai" saen ó longo do ano 1931 vintecinco números desta revista fundada por José Silva Barros e A. San Román. Entre os seus colaboradores figuran destacadas personalidades da cultura galega como Ramón Cabanillas, Castelao, Antón Fraguas, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco ou os irmáns Ramón e Antón Villar Ponte.

Raza Celta (1934). Órgano do Comité Autonomista Galego de Montevideo, esta publicación quincenal, aínda que con irregularidade, tirou doce números en menos dun ano de vida (de abril de 1934 a xaneiro-febreiro de 1935). Dirixida por Constantino Sánchez Mosquera, contaba con colaboracións de Ben-Cho-Shey, Alexandre Bóveda, Xulio Camba, Víctor Casas, Castelao, Francisco Fernández del Riego, Manuel Meilán, Noriega Varela, Ramón Otero Pedrayo e os irmáns Villar Ponte.

O Irmandiño (1934). Publicación a modo de xornal, integramente en galego, que conta con dúas épocas separadas no tempo por vintedous anos: a primeira destas etapas comprende dende outubro de 1934 ata xaneiro de 1936 e a segunda correspóndese co período de xuño de 1958 a xullo de 1961. En ambos casos figura como órgano da Irmandade Galeguista do Uruguai.

GALICIA

CULTURA GALLEGA - INFORMACION - NOTICIAS

Julio Sigüenza

SUMARIO:

MONTE VIDEO

Nós (1934). Revista editada en Montevideo por Antón Crestar e relacionada coa Irmandade Galeguista de Uruguai.

Galaxia (1936). Baixo a dirección de Pedro Fernández Veiga e Manuel Meilán aparece o único número desta publicación, que quere celebrar o Día de Galicia.

España Democrática (1936). Publicación bilingüe de tendencia antifascista que durou máis de vinte anos e acolleu nas súas páxinas moitas colaboracións de tema galego. Dedicou gran atención ó Primeiro Congreso da Emigración Galega.

Galicia (1937). "Revista de la colectividad Ibérica del Uruguay" era o subtítulo que figuraba nesta publicación aparecida en xullo de 1937 e que desaparece en novembro do mesmo ano. O seu responsable era Eduardo Rama.

---

[122] Para un mellor coñecemento das publicacións galegas editadas en Uruguai resulta imprescindible a consulta do libro de Carlos Zubillaga Barrera, *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Santiago de Compostela: Consello da Culura Galega, 1996.

Tamén hai constancia da existencia en 1936[123] dunha revista titulada *Alma Gallega*, que foi a publicación oficial da Casa de Galicia de Montevideo. Nela participou Antón Crestar.

Antes de concluír con este breve percorrido pola prensa galega de Uruguai da década de 1930-1940 débese lembrar que na década sinalada continúa, en Montevideo, a súa interesante andaina a revista *Alfar* (1929-1955), baixo a dirección de Julio J. Casal, que xa a dirixira na súa etapa coruñesa (1923-1926).

D) CHILE

A presencia galega en Chile non foi nunca tan importante como nos outros países sudamericanos. A pesar disto apareceron algunhas revistas de interese e concretamente no período estudiado figura *Galicia en Chile* (1930), órgano da Agrupación Galega de Valparaíso.

2. Non galegas

